


As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa

Luz Varela Armas

Tese de doutoramento
UDC 2017

Directora: Gorette Sanmartín Rei

Programa de Doutoramento en Estudos Lingüísticos e Literarios
do Galego e do Portugués



Esta obra licenciose coa Licenza Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.
Para ver unha copia desta licenza, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>.

Vostede é libre de:

Compartir — copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato.

Adaptar — mesturar, transformar e recrear sobre o material para calquera propósito, incluso comercial.

A persoa titular dos dereitos non pode revogar estas liberdades mentres vostede cumpra os termos da licenza.

Nos seguintes termos:

Atribución — Debe dar o recoñecemento de autoría apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios. Pode facelo de calquera maneira razoábel pero non de maneira que poida suxerir que a persoa titular dos dereitos o apoia a vostede ou o seu uso.

Compartir igual — Se vostede mestura, transforma ou recrea sobre o material, debe distribuír as súas colaboracións coa mesma licenza ca a orixinal.

Sen restricións adicionais — Non pode aplicar termos legais ou medidas tecnolóxicas que legalmente impidan a outras persoas facer algo que a licenza permite.

As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa

Luz Varela Armas

Tese de doutoramento
UDC 2017

A directora

A doutoranda

Asdo.: Goretti Sanmartín Rei

Asdo.: María Luz Varela Armas

Programa de Doutoramento en Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Acreditación da directora

Dona Goretti Sanmartín Rei, directora da tese de doutoramento *As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa*, elaborada pola doutoranda María Luz Varela Armas no marco do Programa de Doutoramento en Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués (RD 1393/2007),

CERTIFICO:

Que a presente tese de doutoramento cumpre cos requisitos exixidos para ser depositada e defendida, coa finalidade de que a súa autora opte ao grao de doutora.

Que que esta tese cumpre cos requisitos para obter a mención internacional ao título de doutora.

A Coruña, de 2017

Asdo.: Goretti Sanmartín Rei

Resumo

Resumo

O presente traballo pretende realizar un primeiro achegamento ás implicacións que as TIC (especialmente, Internet) teñen para as linguas dominadas, centrado no eido educativo galego. Así, despois dunha revisión do estado da cuestión (capítulo 1), realízase un achegamento á historia e características de Internet, para entender mellor as súas implicacións lingüísticas e sociais (capítulo 2). A seguir, lévase a cabo unha análise dos usos lingüísticos nas TIC no ámbito educativo a partir dos datos extraídos de 1072 blogs didácticos procedentes de centros galegos (capítulo 3). Complementáanse estes datos cos extraídos dunha enquisa, realizada por 428 persoas procedentes da comunidade educativa, con preguntas sobre a percepción, o uso e as actitudes cara ao galego na rede (capítulo 4). No último capítulo (5) expóñense as principais conclusións e propóñense algunhas liñas de actuación tendo en conta os datos analizados.

Palabras chave: *normalización lingüística, Internet, TIC, ensino, galego, linguas dominadas, blogs*

Abstract

The purpose of this thesis is to examine the impact of Information and Communications Technology (ICT) on dominated and/or endangered languages in the context of the Galician education system, focusing in particular on the use and impact of the internet. The first chapter (1) examines the current state of research in relation to ICT and language change, before moving on in Chapter 2 to analyse the history and characteristics of the internet, and the nature and extent of its influence on language and society. Chapter 3 examines the use of Galician in ICT for educational purposes, based on a sample of 1072 educational blogs created by teachers in Galician secondary schools. Supplementary analysis of this question is provided in Chapter 4, using data obtained from a survey of 428 members of the educational community in Galicia, in relation to the use and perception of Galician in ICT and user attitudes regarding the online presence of Galician. The final chapter (5) presents a summary of the main findings of the thesis, together with a series of corrective actions to address the shortcomings detected.

Keywords: *linguistic normalisation, internet, ICT, education, Galician, dominated and/or endangered languages, blogs*

Resumen

El presente trabajo pretende realizar un primer acercamiento a las implicaciones que las TIC (Tecnologías de la Información y la comunicación) -especialmente, Internet- tienen para las lenguas dominadas, centrado en el ámbito educativo gallego. Así, después de una revisión del estado de la cuestión (capítulo 1), se realiza una aproximación a la historia y características de Internet, para entender mejor sus implicaciones lingüísticas y sociales (capítulo 2). A continuación, se lleva a cabo un análisis de los usos lingüísticos en las TIC en el ámbito educativo a partir de los datos extraídos de 1072 blogs didácticos procedentes de centros gallegos (capítulo 3). Se complementan estos datos con los extraídos de una encuesta, realizada por 428 personas procedentes de la comunidad educativa, con preguntas sobre la percepción, el uso y las actitudes hacia el gallego en la red (capítulo 4). En el último capítulo (5) se exponen las principales conclusiones y se proponen algunas líneas de actuación en base a los datos analizados.

Palabras clave: *normalización lingüística, Internet, TIC, enseñanza, gallego, lenguas dominadas, blogs*

Limiar

Obxectivos e metodoloxía

O obxectivo do presente traballo é analizar a relación entre as TIC e as linguas dominadas, delimitando esta análise ao ámbito galego e, dentro del, ao ensino secundario, xa que o ámbito educativo non só achega datos sobre o estado actual da lingua, senón que tamén é un indicador do seu futuro ao nos permitir achegarnos á situación da lingua entre as persoas máis novas e vermos cales poden ser as tendencias que marquen os seus usos lingüísticos na idade adulta. Así as cousas, o noso obxectivo é responder as seguintes preguntas de investigación:

1. Que implicacións teñen as TIC (e, en concreto, Internet) para as persoas falantes de linguas dominadas?
2. Cal é a situación do galego nas TIC no ensino secundario obrigatorio e no bacharelato?
3. Cales son as percepcións, usos e actitudes da comunidade educativa do ensino secundario obrigatorio e do bacharelato sobre o galego nas TIC?

Antes de intentarmos dar resposta a estas tres preguntas realizaremos unha breve revisión dos datos que coñecemos sobre a situación sociolingüística galega en xeral, no ensino non universitario e nas TIC (capítulo 1). No capítulo 2 intentaremos dar resposta á primeira das preguntas propostas realizando unha (necesaria) análise crítica sobre a historia de Internet e a súa situación actual, tanto no ámbito global coma no ámbito galego, que nos sirva para entendermos mellor non só as súas implicacións para as linguas dominadas, senón tamén para sociedade en xeral. Este tipo de achegamentos non son habituais en traballos semellantes ao noso, mais consideramos que é indispensable coñecer minimamente a historia das tecnoloxías que nos rodean, quen está detrás do seu desenvolvemento e cales son as súas potencialidades, especialmente nun momento en que unha rede tan importante coma Internet parece estar a sufrir unha perigosa conversión de rede distribuída en rede descentralizada (*vid.* ilustración 1). A segunda pregunta de investigación precisa ser acoutada para a podermos abranguer. Así, decidimos analizar os usos lingüísticos nas TIC no ensino secundario botando man dunha fonte de datos facilmente accesíbel e o suficientemente ampla: os blogues didácticos públicos do ensino secundario obrigatorio e do bacharelato elaborados en centros públicos e privados galegos. Esta análise, que realizamos no capítulo 3, permitiranos saber que linguas se usan nos blogues didácticos e que variábeis poden estar a interferir no uso dunhas ou outras linguas

(tipo de centro -público ou privado-, hábitat, temáticas etc.). A resposta a esta segunda pregunta vese complementada co exposto no capítulo 4, en que analizamos os datos obtidos a partir dunha enquisa sobre a percepción e o uso do galego nas TIC realizada por membros da comunidade educativa do ensino secundario obrigatorio e do bacharelato. Neste capítulo analizaremos datos sobre a percepción da presenza do galego na rede, opinións sobre necesidade da súa promoción e o uso que a comunidade educativa fai do galego neste contexto, cruzados con variábeis coma o sexo, o colectivo (alumnado ou profesorado), o perfil lingüístico (lingua inicial, lingua habitual e competencia lingüística), o perfil de persoa usuaria das TIC e o perfil dos centros (públicos ou privados e hábitat en que se atopan). Con todos estes datos pretendemos non só complementar a segunda pregunta de investigación, senón tamén intentar contestar a terceira. No capítulo 5 presentaremos as principais conclusións en relación coas tres preguntas de investigación que vimos de sinalar, así coma propostas de intervención baseadas nas conclusións tiradas do noso traballo e as posibilidades de investigación que fican abertas.

Cómpre indicarmos que, en coherencia co que expoñeremos no capítulo 2 (e coas implicacións dos datos obtidos no capítulo 3), procuramos realizar este traballo empregando software libre en todas as etapas do seu desenvolvemento. Así, empregamos a suite ofimática LibreOffice, tanto para crear e manexar bases de datos (LibreOffice Base) e follas de cálculo (LibreOffice Calc) coma para a propia redacción do traballo (LibreOffice Writer). Para a análise estatística dos datos utilizamos a linguaxe de programación R na contorna de desenvolvemento RStudio.

Finalmente, aínda que pouco frecuente, consideramos que é san realizarmos un pequeno exercicio de honestidade investigadora. A procura da obxectividade e o esforzo por evitarmos calquera tipo de nesgo guiou todo o proceso de elaboración do traballo. Con todo, teñen que ser as persoas lectoras quen xulguen se ese obxectivo se conseguiu ou non. Para lles facilitar este labor consideramos que é importante que sexan coñecedoras de que a doutoranda mantivo ou mantén algún tipo de relación con algunhas das institucións e empresas citadas en diferentes puntos do traballo, coa finalidade de que teñan toda a información necesaria para realizaren unha lectura crítica. Detallamos estas relacións no *Anexo V. Posíbeis conflitos de intereses*, mais ofrecemos agora unha relación das institucións coas que mantivemos algunha relación laboral ou semellante: Instituto da Lingua Galega, Real Academia Galega, Universidade da Coruña, Xunta de Galicia e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Destacamos especialmente a bolsa concedida pola Universidade da Coruña e a

concedida pola Xunta de Galicia para a realización desta tese de doutoramento, así coma a bolsa concedida pola Universidade da Coruña e Inditex, que nos permitiu realizar unha estada de investigación predoutoral de tres meses en Aotearoa / Nova Zelandia, baixo a supervisión da profesora Laura López-Fernández.

Agardamos que estes datos sexan de axuda para unha lectura crítica do traballo e que o traballo sexa quen de botar un pouco de luz sobre as implicacións das TIC e, especialmente, de Internet, para o galego e para as linguas dominadas, tanto no ámbito educativo coma de xeito xeral.

Introduction

Objectives and methodology

The purpose of this study is to examine the relationship between Information and Communications Technology (ICT) and dominated and/or endangered languages. The analysis focuses on the specific case of Galician in secondary education in Galicia as an indicator of the current situation of the language and its prospects for the future, since trends and characteristics observed among younger speakers are often predictive of how their use of the language may develop into adulthood. The thesis will attempt to answer the following research questions:

1. How are speakers of dominated and/or endangered languages affected by the internet and ICT generally?
2. What is the current status of Galician in relation to ICT in secondary education in Galicia?
3. What are the perceptions, habits and attitudes of members of the secondary school community in relation to the use of Galician in ICT?

Chapter 1 lays the groundwork for this analysis with a review of the current literature on the sociolinguistic situation in Galicia generally and in secondary schools and ICT in particular. Dealing with the first of the questions proposed above, Chapter 2 presents a critical analysis of the history and current status of the internet, both in the local context of Galicia and internationally, to explore the implications for dominated languages and society as a whole. Though often omitted from studies of this kind, some understanding of the history of the technologies that have become a part of our lives and the people and organisations responsible, together with the potential and possibilities offered by ICT, is essential, particularly in view of the dangerous shift in internet computing away from distributed network systems towards more decentralised models (see Figure 1). Owing to the restrictions of time and space, Chapter 3 takes a telescoped approach to the second question, focusing on a large data sample collected from public domain educational blogs by teachers in Galician secondary schools, to analyse the language used and possible interference by non-linguistic variables (state or private school, environmental factors, subject matter, etc.) The results obtained in Chapter 3 are complemented and expanded on in Chapter 4 using data collected from a survey of members of the secondary school community regarding their perceptions of

the use of Galician in ICT. The survey analysis examines respondents' perceptions in relation to the online presence of Galician, the use of Galician by teachers and students in ICT contexts and their opinions regarding the need to protect and/or promote the language, and cross-references the results with variables such as sex, occupation (student or teacher), ICT user profile and school profile (state or private, school environment). In addition to supplementing the information and results obtained in Chapter 3, the analysis presented in Chapter 4 also deals directly with the third of the research questions proposed above. Chapter 5 presents a summary of the conclusions reached in relation to these three questions, together with a series of recommendations for action and further research.

In keeping with the ideas and explanations presented in Chapter 2 (and with the analysis and findings of Chapter 3), free software has been used in all aspects of the production of this thesis: LibreOffice software for basic word processing functions (LibreOffice Writer) and the creation and management of databases and spreadsheets (LibreOffice Base, LibreOffice Calc); and R programming language for statistical analysis in the RStudio interface.

This research has been guided by the methodological principles of objectivity and avoidance of bias. While it may not be common practice to do so, therefore, as an exercise in openness and transparency and to help the reader to assess whether the aforementioned principles have been met, the author hereby acknowledges the relationship with the following organisations (*vid. Anexo V. Posíbeis conflitos de intereses.*): Galician Language Institute (Instituto da Lingua Galega), Royal Galician Academy (Real Academia Galega), University of A Coruña, Regional Government of Galicia (Xunta de Galicia) and the Ramón Piñeiro Centre for Research in the Humanities (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). The author also acknowledges the following financial assistance: University of A Coruña scholarship for PhD research, Regional Government of Galicia scholarship for PhD research, and University of A Coruña-Inditex scholarship for a pre-doctoral research placement in Aotearoa (New Zealand) under the supervision of Dr Laura López-Fernández (University of Waikato).

The intended outcome of this research is to offer some insight into the implications of the internet and ICT for Galician and dominated languages generally, both in the area of education and in society as a whole.

Índice de contidos

Acreditación da directora.....	v
Resumo.....	vii
Limiar.....	ix
Obxectivos e metodoloxía.....	ix
<i>Introduction</i>	xiii
<i>Objectives and methodology</i>	xiii
Índice de contidos.....	xvii
Listaxe de abreviacións.....	xxiii
Capítulo 1. Estado da cuestión.....	1
1.1.Introdución.....	5
1.2.Estudos de sobre o coñecemento e uso do galego na sociedade.....	5
1.2.1. <i>Mapa sociolingüístico de Galicia (MSG)</i>	5
1.2.2. Instituto Galego de Estatística (IGE).....	7
1.2.3. Outros estudos.....	8
1.2.4. Recapitulación.....	9
1.3.Estudos sobre o galego no ensino non universitario.....	11
1.4.Estudos sobre o galego nas TIC.....	16
1.5.Recapitulación.....	18
Capítulo 2. Achegamento ao campo de estudo: historia e características de Internet.....	21
2.1.Introdución.....	27
2.2.Un breve percurso pola historia de Internet.....	28
2.2.1. Das orixes á web 2.0.....	29
2.2.1.1. Os primeiros tempos (1960 - 1985).....	29
2.2.1.1.1. As orixes da rede (anos 60 do século XX).....	29
2.2.1.1.2. De ARPANET a Internet (1970 - 1985).....	34
2.2.1.2. A expansión da rede (1985 - 2000).....	37
2.2.1.2.1. As bases da expansión.....	38
2.2.1.2.2. A expansión do uso rede.....	39
2.2.1.3. A web 2.0 ou web social (2000 - actualidade).....	51
2.2.1.3.1. Que é a web 2.0 ou web social?.....	51
2.2.1.3.2. A interacción na web social.....	56
2.2.2. Recapitulación.....	80
2.3.Internet e a sociedade.....	80
2.3.1. Sociedade da información e sociedade do coñecemento.....	81
2.3.1.1. A privacidade.....	83
2.3.1.1.1. PRISM.....	86
2.3.1.2. A fenda dixital.....	89
2.3.1.2.1. Existen as persoas nativas dixitais?.....	92
2.3.2. Internet e o poder político.....	95
2.3.2.1. A participación cidadá no sistema político actual.....	95
2.3.2.2. Imos cara á ciberdemocracia?.....	98
2.3.2.3. A rede e as mobilizacións sociais.....	99
2.3.2.3.1. Ciberactivismo.....	99
2.3.2.3.2. Hacktivismo.....	107
2.3.3. Internet e o modelo económico: cara á produción distribuída.....	111
2.3.3.1. A ética <i>hacker</i> e a neutralidade da rede.....	112
2.3.3.1.1. A ética <i>hacker</i>	112
2.3.3.1.2. A neutralidade da rede.....	115
2.3.3.2. Hardware libre.....	125

2.3.3.3. O software libre, un modelo de produción distribuída.....	128
2.3.3.3.1. O software libre e as linguas subordinadas.....	133
2.3.3.4. Consumo colaborativo.....	134
2.3.4. Conclusións: topoloxías de rede e modelo de sociedade.....	135
2.4. Internet en Galiza.....	138
2.4.1.1. Os primeiros pasos de Internet en Galiza (1988 - 1995).....	138
2.4.1.2. O asentamento da rede (1996-2000).....	140
2.4.1.2.1. 1996.....	140
2.4.1.2.2. 1997.....	142
2.4.1.2.3. 1998.....	142
2.4.1.2.4. 1999.....	143
2.4.1.3. A web social (2000-actualidade).....	144
2.4.1.3.1. Os medios da web social en Galiza.....	145
2.4.2. Internet e a sociedade galega.....	167
2.4.2.1. A fenda dixital en Galiza.....	167
2.4.2.1.1. Primeira fenda dixital (acceso).....	168
2.4.2.1.2. Segunda fenda dixital (uso).....	173
2.4.2.2. O ciberactivismo lingüístico.....	183
2.4.2.2.1. Iniciativas nadas fóra da rede.....	184
2.4.2.2.2. Iniciativas nadas na rede.....	187
2.5. Recapitulación.....	198
Capítulo 3. A lingua galega nos blogues didácticos do ensino secundario galego 201	
3.1. Introducción.....	207
3.2. Apuntamentos metodolóxicos.....	208
3.2.1. Ferramentas e procedementos para a análise dos datos.....	208
3.2.2. Delimitación da mostra.....	213
3.2.3. Delimitación do contido lingüístico.....	216
3.2.3.1.1. Delimitación do título.....	216
3.2.3.1.2. Delimitación das publicacións.....	218
3.2.3.1.3. Delimitación do contido automático.....	223
3.2.3.1.4. Exemplos comentados.....	224
3.3. Descrición da mostra.....	231
3.3.1. Tipos de centro de que proceden os blogues.....	232
3.3.2. Número de habitantes.....	233
3.3.3. Blogues por centro.....	235
3.3.4. Áreas temáticas.....	236
3.3.4.1. Actividades transversais.....	238
3.3.4.2. Artes e Humanidades.....	242
3.3.4.3. Ciencias.....	245
3.3.4.4. Ciencias Sociais.....	247
3.3.4.5. Blogue do centro.....	247
3.3.4.6. Actividades extraescolares.....	248
3.3.4.7. Outras.....	250
3.3.5. Visibilidade dos blogues.....	252
3.3.6. Terminoloxía empregada para a localización dos blogues.....	254
3.3.7. Nomes de dominio, servidores e CMS do blogues.....	258
3.3.8. Cuestións referentes á actividade dos blogues.....	261
3.3.8.1. Cuestións metodolóxicas.....	261
3.3.8.2. Frecuencia de actualización.....	263
3.3.8.3. Comentarios.....	264
3.3.8.4. Autoría individual e colectiva.....	266
3.4. Descrición das tres variábeis lingüísticas.....	267
3.4.1. Título.....	267
3.4.2. Publicacións.....	271
3.4.2.1. Análise xeral.....	271
3.4.2.2. Combinacións de opcións lingüísticas.....	274

3.4.2.2.1. Unha opción lingüística.....	275
3.4.2.2.2. Dúas opcións lingüísticas.....	275
3.4.2.2.3. Tres opcións lingüísticas.....	278
3.4.3. Contido automático.....	280
3.5.Relacións entre as variábeis lingüísticas.....	283
3.5.1. Unha opción lingüística.....	284
3.5.2. Dúas opcións lingüísticas.....	285
3.5.2.1. Coincidencia entre o título e as publicacións.....	286
3.5.2.1.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes.....	286
3.5.2.1.2. Combinacións.....	286
3.5.2.2. Coincidencia entre as publicacións e o contido automático.....	291
3.5.2.2.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes.....	291
3.5.2.2.2. Combinacións.....	291
3.5.2.3. Coincidencia entre o título e o contido automático.....	297
3.5.2.3.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes.....	297
3.5.2.3.2. Combinacións.....	298
3.5.3. Tres opcións lingüísticas.....	304
3.5.3.1. Opcións lingüísticas.....	304
3.5.3.1.1. Título.....	304
3.5.3.1.2. Publicacións.....	306
3.5.3.1.3. Contido automático.....	308
3.5.3.2. Combinacións.....	310
3.5.4. Recapitulación.....	315
3.6.Usos lingüísticos e variábeis non lingüísticas.....	316
3.6.1. Tipo de centro.....	317
3.6.1.1. Título.....	317
3.6.1.2. Publicacións.....	320
3.6.1.3. Contido automático.....	321
3.6.1.4. Recapitulación.....	323
3.6.2. Número de habitantes.....	324
3.6.2.1. Título.....	324
3.6.2.2. Publicacións.....	326
3.6.2.3. Contido automático.....	328
3.6.2.4. Recapitulación.....	331
3.6.3. Blogues por centro.....	333
3.6.3.1. Título.....	333
3.6.3.2. Publicacións.....	334
3.6.3.3. Contido automático.....	336
3.6.3.4. Recapitulación.....	336
3.6.4. Temáticas.....	337
3.6.4.1. Título.....	338
3.6.4.1.1. Áreas temáticas.....	338
3.6.4.1.2. Temáticas.....	342
3.6.4.2. Publicacións.....	354
3.6.4.2.1. Áreas temáticas.....	354
3.6.4.2.2. Temáticas.....	356
3.6.4.3. Contido automático.....	369
3.6.4.3.1. Áreas temáticas.....	369
3.6.4.3.2. Temáticas.....	372
3.6.4.4. Recapitulación.....	381
3.6.5. Visibilidade dos blogues.....	385
3.6.5.1. Títulos.....	386
3.6.5.2. Publicacións.....	387
3.6.5.3. Contido automático.....	388
3.6.5.4. Recapitulación.....	389
3.6.6. Terminoloxía.....	390
3.6.6.1. Títulos.....	391

3.6.6.2. Publicacións.....	393
3.6.6.3. Contido automático.....	394
3.6.6.4. Recapitulación.....	396
3.6.7. CMS.....	397
3.6.7.1. CMS.....	398
3.6.7.1.1. Título.....	398
3.6.7.1.2. Publicacións.....	400
3.6.7.1.3. Contido automático.....	401
3.6.7.1.4. Recapitulación.....	403
3.6.7.2. Tipo de CMS.....	410
3.6.7.2.1. Título.....	410
3.6.7.2.2. Publicacións.....	412
3.6.7.2.3. Contido automático.....	413
3.6.7.2.4. Recapitulación.....	415
3.6.8. Actividade dos blogues.....	415
3.6.8.1. Frecuencia de actualización.....	416
3.6.8.2. Comentarios.....	419
3.6.8.3. Autoría.....	421
3.6.8.3.1. Título.....	422
3.6.8.3.2. Publicacións.....	423
3.6.8.3.3. Contido automático.....	424
3.6.8.4. Recapitulación.....	425
3.7.Recapitulación xeral.....	425
Capítulo 4. Percepción e uso do galego nas TIC por parte da comunidade educativa.....	431
4.1.Introdución.....	437
4.2.Notas metodolóxicas.....	438
4.2.1. Ámbito.....	438
4.2.2. Descrición e elaboración do cuestionario.....	438
4.2.3. Distribución do cuestionario.....	446
4.2.4. Análise dos datos.....	450
4.3.Descrición da mostra.....	451
4.3.1. Perfil das persoas informantes.....	451
4.3.1.1. Perfil xeral da persoa informante.....	451
4.3.1.2. Perfil lingüístico.....	458
4.3.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	458
4.3.1.2.2. Competencia lingüística.....	470
4.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	476
4.3.2. Perfil dos centros.....	482
4.4.Percepción da presenza do galego na rede.....	483
4.4.1. Percepción segundo o perfil das persoas informantes.....	489
4.4.1.1. Perfil xeral.....	489
4.4.1.1.1. Sexo.....	489
4.4.1.1.2. Colectivo.....	491
4.4.1.2. Perfil lingüístico.....	492
4.4.1.2.1. Lingua inicial.....	493
4.4.1.2.2. Lingua habitual.....	496
4.4.1.2.3. Competencia lingüística.....	499
4.4.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	502
4.4.1.4. Percepción e características do centro.....	504
4.4.1.4.1. Localización do centro.....	504
4.4.1.4.2. Tipo de centro.....	506
4.4.2. Recapitulación.....	507
4.5.Promoción do galego en Internet.....	509
4.5.1. Axentes que potencian o uso do galego en Internet.....	509
4.5.1.1. Perfil das persoas informantes.....	510

4.5.1.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	510
4.5.1.1.2. Perfil lingüístico.....	511
4.5.1.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	514
4.5.1.2. Características do centro.....	515
4.5.1.2.1. Localización do centro.....	515
4.5.1.2.2. Tipo de centro.....	516
4.5.1.3. Recapitulación.....	517
4.5.2. Necesidade da promoción do galego en Internet.....	517
4.5.2.1. Perfil das persoas informantes.....	518
4.5.2.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	518
4.5.2.1.2. Perfil lingüístico.....	519
4.5.2.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	520
4.5.2.2. Características do centro.....	521
4.5.2.2.1. Localización do centro.....	521
4.5.2.2.2. Tipo de centro.....	522
4.5.2.3. Recapitulación.....	522
4.5.3. Axentes que deberían potenciar o uso do galego en Internet.....	524
4.5.3.1. Perfil das persoas informantes.....	525
4.5.3.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	525
4.5.3.1.2. Perfil lingüístico.....	526
4.5.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	529
4.5.3.2. Características do centro.....	530
4.5.3.2.1. Localización do centro.....	530
4.5.3.2.2. Tipo de centro.....	530
4.5.3.3. Recapitulación.....	531
4.6. Uso do galego en Internet.....	532
4.6.1. Grao de uso e calidade do galego empregado.....	532
4.6.1.1. Perfil das persoas informantes.....	534
4.6.1.1.1. Perfil xeral.....	534
4.6.1.1.2. Perfil lingüístico.....	536
4.6.1.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	540
4.6.1.2. Características do centro.....	541
4.6.1.2.1. Localización do centro.....	542
4.6.1.2.2. Tipo de centro.....	543
4.6.1.3. Recapitulación.....	544
4.6.2. Linguas empregadas na rede.....	545
4.6.2.1. Perfil das persoas informantes.....	548
4.6.2.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	548
4.6.2.1.2. Perfil lingüístico.....	549
4.6.2.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	552
4.6.2.2. Características do centro.....	552
4.6.2.2.1. Localización do centro.....	552
4.6.2.2.2. Tipo de centro.....	553
4.6.2.3. Recapitulación.....	554
4.6.3. Razóns aducidas para non empregar o galego na rede.....	554
4.6.3.1. Perfil das persoas informantes.....	558
4.6.3.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	558
4.6.3.1.2. Perfil lingüístico.....	559
4.6.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	562
4.6.3.2. Características do centro.....	563
4.6.3.2.1. Localización do centro.....	563
4.6.3.2.2. Tipo de centro.....	564
4.6.3.3. Recapitulación.....	564
4.6.4. Normativas empregadas.....	565
4.6.4.1. Perfil das persoas informantes.....	568
4.6.4.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	568
4.6.4.1.2. Perfil lingüístico.....	570
4.6.4.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	571

4.6.4.2. Características do centro.....	572
4.6.4.2.1. Localización do centro.....	572
4.6.4.2.2. Tipo de centro.....	573
4.6.4.3. Recapitulación.....	573
4.6.5. Impacto do uso do galego na rede na competencia lingüística.....	574
4.6.5.1. Perfil das persoas informantes.....	575
4.6.5.1.1. Perfil xeral:.....	575
4.6.5.1.2. Perfil lingüístico.....	577
4.6.5.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	580
4.6.5.2. Características do centro.....	581
4.6.5.2.1. Localización do centro.....	581
4.6.5.2.2. Tipo de centro.....	581
4.6.5.3. Descrición de experiencias.....	582
4.6.5.4. Recapitulación.....	585
4.7. Comentarios.....	587
4.8. Recapitulación.....	589
Capítulo 5. Conclusións.....	595
5.1. O galego nas TIC no ámbito educativo: conclusións xerais.....	599
5.1.1. Os puntos fracos.....	600
5.1.2. A necesidade dun mellor coñecemento da realidade sociolingüística dos centros.....	606
5.1.3. Traballar só en normalización lingüística?.....	611
5.2. Liñas de traballo abertas.....	615
Chapter 5. Conclusions.....	617
5.1. The use of Galician in ICT for educational purposes: general conclusions.....	621
5.1.1. Shortcomings.....	622
5.1.2. Understanding the sociolinguistic situation in Galician secondary schools.....	628
5.1.3. Thinking beyond linguistic normalisation.....	632
5.2. Further research.....	636
Bibliografía.....	639
Anexos.....	685
Anexo I. Convencións.....	687
I.I. Uso do hipertexto.....	687
I.I.I. Citas bibliográficas no corpo do texto.....	687
I.I.II. Referencias cruzadas.....	688
I.I.III. Outras ligazóns no corpo do texto.....	688
I.II. Citas e referencias bibliográficas.....	689
I.II.I. Citas no corpo do texto.....	689
I.II.II. Listaxe de referencias bibliográficas.....	693
Anexo II. Mensaxe de correo electrónico enviada aos centros.....	698
Anexo III. Enquisa.....	708
Anexo IV. Base de datos de blogues e base de datos de respostas á enquisa.....	719
Anexo V. Posíbeis conflitos de intereses.....	720
Índice de gráficos.....	723
Índice de ilustracións.....	733
Índice de tabelas.....	734

Listaxe de abreviacións

Abreviatura / sigla	Abreviatura / sigla desenvolvida	Significado / referencia
BOE	<i>Boletín Oficial do Estado</i>	-
CERN	<i>Conseil européen pour la recherche nucléaire</i> (na actualidade <i>Organisation européenne pour la recherche nucléaire</i> , aínda que segue sendo coñecido polas siglas da súa antiga denominación)	
cf.	confer	consúltese
CIS	Centro de Investigacións Sociolóxicas	
CMS	Content Management System	sistema de xestión de contidos
DOG	<i>Diario Oficial de Galicia</i>	
<i>et al.</i>	et alii	e outros/as
IGE	Instituto Galego de Estatística	
INE	Instituto Nacional de Estadística	
MSG	<i>Mapa Sociolingüístico de Galicia</i>	Fernández <i>et al.</i> , 1994, 1995 e 1996; e González <i>et al.</i> , 2007, 2008 e 2011 (<i>vid. Bibliografía</i>)
MSG-1992	Mapa Sociolingüístico de Galicia (datos de 1992)	Fernández <i>et al.</i> , 1994, 1995 e 1996 (<i>vid. Bibliografía</i>)
MSG-2004	Mapa Sociolingüístico de Galicia (datos de 2004)	González <i>et al.</i> , 2007, 2008 e 2011 (<i>vid. Bibliografía</i>)
PXNLG	<i>Plan xeral de normalización da lingua galega</i>	<i>Plan xeral de normalización da lingua galega</i> , 2005 (<i>vid. Bibliografía</i>)
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación	
<i>vid.</i>	vide	véxase

Capítulo 1. Estado da cuestión

Índice detallado do capítulo

Capítulo 1. Estado da cuestión.....	1
1.1.Introdución.....	5
1.2.Estudos de sobre o coñecemento e uso do galego na sociedade.....	5
1.2.1. <i>Mapa sociolingüístico de Galicia (MSG)</i>	5
1.2.2. Instituto Galego de Estatística (IGE).....	7
1.2.3. Outros estudos.....	8
1.2.4. Recapitulación.....	9
1.3.Estudos sobre o galego no ensino non universitario.....	11
1.4.Estudos sobre o galego nas TIC.....	16
1.5.Recapitulación.....	18

1.1. Introducción

O presente traballo pretende dar conta, desde unha óptica sociolingüística, dos usos lingüísticos da comunidade educativa do ensino secundario galego nas TIC en xeral e en Internet en particular. Para isto analizaremos, por unha banda, os usos lingüísticos rexistrados nos blogs didácticos do ensino secundario galego (desde unha perspectiva cuantitativa) (*vid.* Capítulo 3.) e, por outra, os datos obtidos a través dunha enquisa realizada ao alumnado e ao profesorado do ensino secundario galego (desde unha perspectiva cuantitativa e cualitativa) (*vid.* Capítulo 4.). Realizamos, por tanto, unha delimitación do ámbito de estudo en función de tres criterios: de todas as análises sociolingüísticas que se poderían realizar, acoutamos a nosa poboación á poboación galega e, dentro dela, á poboación que pertence á comunidade educativa do ensino secundario e, ademais, emprega as TIC (para desenvolver unha actividade blogueira con fins didácticos ou de xeito xeral). Así as cousas, consideramos que para nos facermos unha idea do estado da cuestión que imos tratar cómpre realizarmos unha revisión da bibliografía existente en tres niveis: os estudos sociolingüísticos sobre a poboación galega de xeito xeral, os estudos sociolingüísticos sobre o ensino secundario galego e os estudos sociolingüísticos sobre as TIC en Galiza.

1.2. Estudos de sobre o coñecemento e uso do galego na sociedade

1.2.1. *Mapa sociolingüístico de Galicia (MSG)*

Entre os estudos de carácter xeral cómpre destacar especialmente os seis volumes do *Mapa sociolingüístico de Galicia* elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, os tres primeiros baseados en datos de 1992 (coordinados por Mauro Fernández Rodríguez) e os tres seguintes en datos de 2004 (coordinados por Manuel González González): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994), *Usos lingüísticos en Galicia: Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1995), *Actitudes lingüísticas en Galicia: Compendio do III Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*

(1996), *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004: I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (2007), *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004: II. Usos lingüísticos en Galicia* (2008) e *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004: III. Actitudes lingüísticas en Galicia* (2011). Como podemos observar ao lermos os títulos, trátase de importantes traballos que nos permiten coñecer os datos sobre a lingua inicial, a competencia lingüística, a lingua habitual e as actitudes lingüísticas en Galiza en dous momentos concretos, así como analizarmos a evolución da situación desde 1992 até 2004.

Antes de levar a cabo a recolla de datos que daría lugar aos tres primeiros volumes, levouse a cabo un estudo piloto na comarca ferrolá que serviu para probar o cuestionario e a metodoloxía que se empregaría despois no *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (de aquí en diante, MSG). Este importante traballo requiriu dun ensaio previo, levado a cabo na comarca ferrolá e descrito no traballo *Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá: Fase previa ó Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1993), coordinado por Mauro Fernández Rodríguez. Este traballo piloto realizouse en base a 500 entrevistas en 18 concellos da comarca ferrolá. A obtención dos datos do MSG-1992 supuxo un importante traballo, xa que se realizaron 38 897 entrevistas a informantes de entre 16 e 99 anos en toda Galicia mediante unha enquisa guiada con 148 preguntas (e 170 variábeis). Para seleccionar as persoas participantes dividiuse o territorio galego en 34 sectores tendo en conta a poboación dos concellos e as ocupacións laborais, procurando un equilibrio de idade e sexos dentro de cada sector. O cuestionario empregado consta de seis puntos principais: identificación; competencia lingüística declarada; historia sociolingüística da persoa; usos lingüísticos; crenzas, actitudes e prexuízos; e conciencia sociolingüística sobre a situación do galego. Na presentación do primeiro volume sinalase que unha das principais conclusións do MSG-1992 é que se dá unha correlación inversa entre a presenza do galego como lingua inicial e o número de habitantes dos concellos, mentres que canto menor é a idade das persoas informantes, menor é a presenza do galego como lingua inicial. Indícase tamén que a competencia é menor nas destrezas que presentan maior complexidade (ler e escribir) (Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, 1995),

No caso do MSG-2004 cómpre destacar que o tamaño da mostra é menor ca no MSG-1992 (38 897 enquisas fronte a 9714) ao tempo que o universo obxecto de estudo é

diferente: o MSG-1992 tiña como obxecto de estudo toda a poboación galega maior de 16 anos, mentres que o MSG-2004 só contén datos de informantes de entre 15 e 54 anos, mais non só de Galiza, senón tamén dos lugares de fala galega do occidente de Asturias, de León e de Zamora. Para alén disto, o MSG-2004 presta máis atención ás zonas urbanas e semiurbanas e investiga competencias e comportamentos referidos non só ao galego, senón tamén ao castelán e a outras linguas estranxeiras. Cómpre sinalar tamén que se reduciu o cuestionario e a lingua de realización das enquisas foi a de preferencia da persoa enquisada (no MSG-1992 era sempre o galego) coa finalidade de non influír na persoa informante. Canto aos datos obtidos, detéctanse importantes diferenzas entre o MSG-1992 e o MSG-2004. Así, no tocante á lingua inicial diminuíu considerablemente a porcentaxe da poboación que indica ter o galego como lingua inicial, ao tempo que aumentou a que indica que ten o castelán como lingua inicial e a que sinala ter como linguas iniciais as dúas. Detéctase tamén unha mellora na percepción da competencia lingüística en galego entre 1992 e 2004, especialmente nas capacidades para ler e para escribir. No referente á lingua habitual prodúcese un importante cambio que vai na mesma liña ca o da lingua inicial: en 1992 o 68,6 % das persoas informantes sinalaban que empregaban só ou maioritariamente o galego e só o 31,4% usaba maioritariamente o castelán; mentres que en 2004 o 61,1% das persoas enquisadas afirman expresarse habitualmente en castelán e só o 38,4% sinalan empregar habitualmente o galego (González, 2012). Cómpre indicarmos que tanto os datos de 1992 coma os de 2004 reflicten actitudes que, en xeral, son positivas cara ao galego, mais unha actitude positiva non se corresponde necesariamente co uso do galego como lingua habitual (González, 2008).

No noso traballo realizaremos comparacións dos nosos datos cos do MSG-2004 nalgunhas ocasións, por ser o máis achegado no tempo aos datos que analizaremos no capítulo 3 e no capítulo 4. Aínda así, cumprirá non perdermos de vista que existe unha importante distancia temporal entre os datos do MSG-2004 e os datos estudados neste traballo, recollidos entre os anos 2012 e 2013.

1.2.2. Instituto Galego de Estatística (IGE)

O Instituto Galego de Estatística (IGE) realizou diversas enquisas en que incluíu preguntas sobre o coñecemento e uso do galego. Así, en 1992 publicou os datos do

Censo de poboación e vivendas do ano 1991, en que se incluían dúas preguntas sobre o coñecemento e o uso do galego. Estes datos indicaban que o 55,08% da poboación galega empregaba o galego habitualmente ou ás veces, mentres que o 97,97% era quen de o entender, o 91% de o falar, o 58% de o ler e o 35% de o escribir (IGE, 1992). Até 2003 o IGE non volve publicar datos referentes ao coñecemento e ao uso do galego. Neste momento incluír na súa *Enquisa de condicións de vida das familias* unha sección dedicada ao *Coñecemento e uso do galego*, unha práctica que repetiría no ano 2008 e 2013, de xeito que contamos na actualidade con tres series de datos comparábeis. Os datos pódense comparar na propia páxina web do IGE (IGE 2004, 2010 e 2014). Estas series de datos reflicten un descenso do galego como lingua inicial e lingua habitual, mais tamén un aumento da capacidade para ler e escribir en galego.

Na análise dos datos que presentaremos no capítulo 3 e no capítulo 4 compararemos nunha ocasión os nosos datos cos achegados polo IGE para 2013.

1.2.3. Outros estudos

Para alén do MSG e dos datos achegados polo IGE cómpre indicar que existen outros estudos que achegan datos sobre o coñecemento e o uso do galego. Así, por exemplo, existen estudos anteriores e posteriores ao MSG e aos datos do IGE publicados polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), coma o publicado en 1983 por Eduardo López-Aranguren, que inclúe datos sobre o coñecemento (capacidade de falar, de ler e de escribir), uso (na familia, no traballo, cos amigos) e poboación bilingüe; *La conciencia nacional y regional en la España de las autonomías* (García & López-Aranguren & Beltrán, 1994), que inclúe datos sobre coñecemento e uso referidos a 1990; *Conocimiento y uso de las lenguas en España (Investigación sobre el conocimiento y uso de las lenguas cooficiales en las Comunidades Autónomas Bilingües)* (Siguán, 1994), con datos sobre o coñecemento das linguas, a lingua principal ou habitual, os usos lingüísticos, as preferencias de uso, a lingua dos pais e dos fillos, a adquisición das linguas e opinións sobre política lingüística; ou *Conocimiento y uso de las lenguas: Investigación sobre el conocimiento y uso de las lenguas cooficiales en las comunidades autónomas* (Siguán, 1999) que contén datos sobre o coñecemento e uso das linguas españolas referidos a 1998.

1.2.4. Recapitulación

Aínda que os estudos anteriores son os máis recentes e sistemáticos, cómpre non esquecermos que desde finais do século XIX e durante todo o século XX son moitos os traballos sobre competencias, usos e actitudes cara ao galego. Para nos facermos unha idea, a *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)* (Gondar *et al.*, 1998 - ...) contén un total de 466 rexistros da temática “competencias, usos e actitudes lingüísticas: traballos globais”, datados entre 1879 e 2015 no momento de escribir estas liñas. Velaquí un resumo dos principais datos de coñecemento e uso tirados dos traballos publicados polo CIS, o MSG-1992 e 2004 e os diferentes datos do IGE:




Gráfico 1: Evolución do coñecemento e uso do galego (1977 - 2013)

Aínda que os diferentes datos representados no gráfico anterior¹ non son perfectamente comparábeis, por se basearen en mostras de tamaños moi diferentes e en preguntas formuladas de distintos xeitos, o gráfico si pode servir para nos facer unha idea da evolución da situación do galego nos últimos anos. Canto ao coñecemento, as

1 No caso da lingua habitual para 1977 aparece dividida entre o uso na familia, no traballo e cos amigos. O valor representado no gráfico é a porcentaxe media deses tres grupos. Canto á lingua inicial e á lingua habitual, nalgúns casos os datos recollían a opción “galego” e noutros “galego” ou “máis galego”. Neste último caso sumamos a dúas opcións que implicaban a presenza exclusiva ou maioritaria do galego.

capacidade de entender e falar parecen manterse estábeis, mais no caso das capacidades para ler e escribir en galego prodúcese un importante ascenso, como se pode observar nas liñas de tendencia correspondencia. Pola contra, a presenza do galego como lingua inicial e habitual está a diminuír, como reflicten tamén as correspondentes liñas de tendencia. Insistimos en que cómpre tomar estes datos comparados con moita cautela (probabelmente só son comparábeis de xeito consistente os datos do IGE referidos a 2003, 2008 e 2013), mais tamén consideramos que serven para nos facer unha idea da evolución da situación sociolingüística do galego en Galiza.

Con todo, cómpre indicarmos que a maioría dos traballos en que nos detivemos tiran os seus datos de enquisas que adoitan conter preguntas sobre o coñecemento e uso do galego cuxa veracidade das respostas non pode ser comprobada. Así, pode que unha persoa indique que ten unha boa actitude cara ao galego se se lle pregunta directamente aínda que en realidade non sexa así (porque, por exemplo, considera que é o politicamente correcto ou o que a persoa entrevistadora quere escoitar). Se se empregan outras técnicas, como fixo o estudo *O galego segundo a mocidade: Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas* (González *et al.*, 2003), as actitudes cara ao galego poden non ser tan positivas. O mesmo acontece no referente á competencia lingüística, pois a maioría destes estudos recollen datos en que as persoas informantes autoavalían a súa competencia lingüística. Isto implica que debemos tomar estes datos con moita cautela, pois para estarmos certos de que se está a producir ese ascenso nas capacidades de ler e escribir en galego, así coma o mantemento dunha alta capacidade para entender e falar en galego, cumprirían outro tipo de metodoloxías. Así as cousas consideramos que o único dato positivo para o galego que reflicte o gráfico 1 necesita ser comprobado.

No noso traballo incluiremos preguntas sobre a autoavaliación da competencia lingüística no capítulo 4, mais cómpre non perdermos de vista que se trata dunha simple autoavaliación á hora de interpretarmos os datos. Por outra banda, tendo sempre presentes estas cautelas, compararemos os nosos datos cos destes estudos en numerosas ocasións, pois a (non) coincidencia nos aspectos comúns pode ser interpretada coma un indicio da (in)consistencia dos datos manexados na nosa base de datos de blogues e na nosa enquisa.

1.3. Estudos sobre o galego no ensino non universitario

A situación do galego no ensino non universitario está intimamente relacionada coas diferentes disposicións legais aprobadas en diferentes momentos. Para a época máis recente destacaremos as seguintes:

- *Real Decreto 1981/1979, de 20 de julio, por el que se regula la incorporación de la Lengua Gallega al sistema educativo en Galicia*, coñecido como *decreto de bilingüismo*, que regula a (tímida) incorporación do galego ao ensino.
- *O Estatuto de Autonomía*, aprobado pola *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia*, que no seu artigo 5 recolle que o galego é a lingua propia de Galicia; a cooficialidade de galego e castelán e o dereito de os usar; que os poderes públicos garantirán o uso oficial e normal do galego e do castelán e que potenciarán o uso do galego en todos os ámbitos; e que ninguén poderá ser discriminado por razón de lingua.
- *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística*, que recolle no seu título III as disposicións sobre o galego no ensino, entre as que se atopa a inclusión da materia de lingua e literatura galegas e a promoción do galego no ensino non universitario.
- *Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.*
- *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, aprobada o 5 de novembro de 1992 e ratificada polo Estado español en 2001 (Instrumento de ratificación de la Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias, hecha en Estrasburgo el 5 de noviembre de 1992, 2001), ratificación en que se comprometeu, no tocante ao ensino e ao galego, a garantir o ensino en galego no ensino preescolar, primario, secundario e técnico e profesional, a fomentar o uso do galego no ensino superior, fomentar cursos de ensino para adultos en galego, asegurar o ensino da historia e da cultura galegas, garantir a formación do profesorado para aplicar as disposicións anteriores e crear órganos de control e

seguimento que redacten informes sobre as medidas tomadas e o progreso acadado.

- *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.*
- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

Estes tres últimos decretos recollen diferentes desenvolvementos da *Lei de Normalización Lingüística*. No traballo que nos ocupa son de especial interese ás referidas ao Ensino Secundario Obrigatorio e ao Bacharelato. Na tabela 1 recolleemos unha comparación das disposicións de cada un destes tres decretos para estes dous niveis:

	Decreto 247/1995		Decreto 124/2007		Decreto 79/2010		
	ESO	Bac.	ESO	Bac.	ESO	Bac.	
Ciencias sociais	1	-	1		1		Oferta equilibrada entre galego e español
Ciencias da natureza	1	-	1		1		
Ciencias medioambientais e da saúde	1	1	-		-		
Filosofía	-	1	-		-		
Tecnoloxía industrial	-	1	-		-		
Bioloxía e xeoloxía	-	1	1		1		
Historia do mundo contemporáneo	-	1	-		-		
Debuxo técnico	-	1	-		-		
Historia	-	1	-		-		
Ciencias da terra e medioambientais	-	1	-	50% en galego	-		
Xeografía	-	1	-		-		
Historia da arte	-	1	-		-		
Historia da filosofía	-	1	-		-		
Ética	-	1	-		-		
Filosofía do dereito	-	1	-		-		
Introdución ás ciencias políticas e socioloxía	-	1	-		-		
Historia e xeografía de Galicia	-	1	-		-		
Xeografía e historia	-	-	1		-		
Matemáticas	-	-	1		0		

	Decreto 247/1995		Decreto 124/2007		Decreto 79/2010	
	ESO	Bac.	ESO	Bac.	ESO	Bac.
Educación para a cidadanía	-	-	1		-	
Física e química	-	-	1		0	
Tecnoloxías	-	-	-		0	

Tabela 1: Disposicións para Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato nos decretos 247/1995, 124/2007 e 79/2010

Indicamos cun 1 e en fondo verde aquelas materias para as que se postula a obrigatoriedade de as impartir en galego, cunha raia aquelas para as que non se realiza unha indicación concreta e cun 0 aquelas que se deben impartir obrigatoriamente en español. Así, podemos observar que o *Decreto 247/1995* era moi concreto canto ás materias que se debían impartir en galego, tanto na ESO coma no Bacharelato. Canto ás materias non mencionadas sinalaba que se deberían impartir nas linguas que indique o proxecto educativo de centro procurando un equilibrio entre galego e español. O *Decreto 124/2007* é máis específico ca o *Decreto 247/1995* canto ás materias que se deben impartir en galego na ESO. Para alén disto, sinala que as restantes materias deberán impartirse de xeito que se cumpra o disposto no *Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG)* (2005), que sinala que se deberá impartir en galego na ESO un mínimo do 50% das materias. Canto ao Bacharelato, este decreto só indica que se deberán impartir, cando menos, o 50% das materias en galego, tal e como establece o PXNLG. Finalmente, o *Decreto 79/2010* inclúe importantes novidades. A primeira delas e a que máis chama a atención é a prohibición expresa de impartir en galego tres materias da ESO, todas elas de carácter científico. Indícase que no caso das materias non mencionadas deberá procurarse un equilibrio entre galego e castelán, mais fica aberta a posibilidade e impartir até un terzo das materias nunha lingua estranxeira, polo que o galego pode quedar relegado o 33% das materias, incumprindo así o PXNLG, que só se cita na parte introdutoria do decreto. Canto ao Bacharelato, sinala que deberá haber un equilibrio entre galego e español nas materias, mais non que un mínimo do 50% deban impartirse en galego, como indica o PXNLG.

Son moitos os traballos que analizan a situación do galego no ensino en diferentes períodos. Algúns denuncian que, a pesar das medidas para a promoción do galego no ensino que recollen algúns dos textos legais anteriores, a presenza do castelán seguía a ser maioritaria a finais do século XX e comezos do XXI (Fernández, 1998; Santos & Lorenzo *et al.*, 2006; Silva, 2005) e a competencia lingüística segue a ser inferior en

galego ca en castelán, de xeito que non se cumpre un dos principais obxectivos dos tres últimos decretos que vimos de citar (Silva, 2006). No presente traballo ímonos centrar nos datos máis recentes referidos ao ensino secundario obrigatorio e ao bacharelato, que serven para contextualizarmos os datos que analizaremos no capítulo 3 e no capítulo 4, referentes ao curso 2012/2013 (capítulo 3) e a finais de 2013 e comezos de 2014 (capítulo 4). Neste sentido, é de grande interese compararmos a serie de datos que ofrece o IGE, que podemos observar no gráfico 2, en que representamos os principais datos que ofrece o IGE sobre o uso do galego no ámbito educativo (IGE, 2014). Amosamos os datos da lingua en que reciben as clases, da lingua en que responden aos exames, en que falan coas/cos compañeiras/os e co profesorado e a lingua en que escriben. O gráfico de resumo está elaborado sumando as dúas opcións inclinadas cara ao galego e as dúas inclinadas cara ao español nas cinco variábeis, e obtendo posteriormente a media para o galego e para o español. O dato máis importante que observamos é que entre 2003 e 2008 mellora a situación do galego no ensino na maioría de variábeis, mentres que entre 2008 e 2013 empeora, nalgúns casos con valores inferiores aos de 2003 (falan coas/cos compañeiras/os e co profesorado). Así as cousas, parece que o *Decreto 124/2007* (en vigor desde xullo de 2007) foi unha ferramenta eficaz para o aumento da presenza do galego no ensino e para o cumprimento dos obxectivos incluídos no PXNLG, pois se observamos o gráfico que resume as cinco variábeis estudadas comprobamos que se acadou unha presenza equilibrada entre as dúas linguas e que, por primeira e única vez, o uso do galego como lingua vehicular superou o 50%, o mínimo establecido polo *Plan xeral*. Pola contra, constatamos que *Decreto 79/2010* foi moi efectivo na redución da presenza do galego no ensino xa que, como indicamos, en 2013 a presenza do galego baixou en todas as variábeis e incúmprese o mínimo dun 50% de presenza do galego como lingua vehicular.




Gráfico 2: Evolución da presenza do galego no ámbito educativo (2003, 2008 e 2013)

Consideramos que cumprir co previsto no PXNLG é o obxectivo mínimo se se quere traballar a prol da normalización do galego e que é necesario que a presenza do galego

sexa superior ao 50% para unha normalización efectiva, pois está en inferioridade de condicións con respecto ao castelán. Con todo, o propio *Decreto 79/2010* permite que a presenza do galego se reduza até o 33%, polo que supón un claro paso atrás na normalización da lingua galega no ensino e na sociedade en xeral, como xa advertiron numerosas voces no momento da súa entrada en vigor (cf. Dopazo, 2010), algunhas delas cuestionando mesmo a súa legalidade (Villares, 2010). Isto, unido á súa prohibición no ensino de certas materias de carácter científico, como xa indicamos (cf. Vilalta, 2015 e Jiménez, 2015) fai que sexa unha potente ferramenta desnormalizadora do galego, moi en contra dos obxectivos que di perseguir, como ben amosan os datos que vimos de sinalar. Consideramos que este decreto supón un ataque aos dereitos das persoas galegofalantes, que incumpre textos aprobados por unanimidade coma o PXNLG e que é moi grave que o goberno galego non tomase medidas para a protección do galego no ensino despois dos datos achegados polo IGE para 2013, amosando a súa vontade de que a presenza do galego no ensino e na sociedade siga descendendo, cuns efectos que, probabelmente, serán moi difícil de reverter. Así as cousas, os datos que analizaremos no presente traballo cómpre situalos nun contexto en que se está a producir unha forte regresión da presenza do galego.

Insistimos en que son moitos os traballos que estudan a situación do galego no ensino (no momento de escribir estas liñas BILEGA contén 173 traballos da temática “análises sociolingüísticas do ensino non universitario” datados entre 1962 e 2015). Con todo, consideramos que os datos que vimos de expoñer son suficientes para contextualizarmos a situación en que se atopaba o galego no ensino non universitario no momento de recollermos os datos analizados no capítulo 3 e no capítulo 4.

1.4. Estudos sobre o galego nas TIC

Na epígrafe 2.4 trataremos en profundidade a historia e situación actual de Internet en Galiza, con especial interese á presenza do galego na rede. Neste sentido, unha das principais fontes para coñecermos a situación do galego no ámbito da informática e de Internet antes de 2001 será o traballo *Da periferia á rede: Internet en Galicia. Lingua e contidos* de Daniel Romero e Isabel Vaquero (2001). Trátase dun detallado traballo sobre a situación de Internet en Galicia e do galego en Internet. Nesta primeira década

do século XXI publicáronse tamén outros traballos de menor entidade, especialmente coa finalidade de ofrecer unha guía de recursos sobre Galicia e o galego na rede (cf. Cuíñas, 1998; galego21.org), de destacar a importancia da presenza do galego nas tecnoloxías para a súa normalización (cf. Durán, 2001) ou de medir a presenza do galego na rede e nas TIC en xeral (cf. Gómez, 2003; Díaz & Meso, 2005; Larrañaga, 2006; Vicente, 2007; Romero, 2007; Iglesias, 2007). Cómpre destacar, a finais da primeira década do século XXI, dous estudos publicados polo Observatorio da lingua galega: *Situación da lingua galega na sociedade: Observación no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación: 2008* (EOSA Consultores, 2008) e *Situación da lingua galega na sociedade: Observación no ámbito de Internet: 2009* (EOSA Consultores, 2009). O primeiro deles destaca o predominio do castelán no uso de software, correo electrónico, mensaxaría instantánea e páxinas web. Sinálase tamén que no ámbito empresarial o uso do galego nas TIC é moi reducido, mentres que na administración é minoritario na administración xeral do Estado e predominante na autonómica e na local. O segundo divídese en dous subámbitos: páxinas web e blogues. No referente ás webs indícase que o galego rexistra unha presenza e unha calidade máis altas nas páxinas webs da administración, mentres que nas das empresas tanto a súa presenza coma a súa calidade son máis baixas. No tocante aos blogues, sinálase que a lingua maioritaria dos blogues galegos é o castelán e que os escritos en galego teñen 12 erros de media. Só o 9% dos blogues analizados carece de erros lingüísticos.

Traballos máis recentes son, por exemplo, “O galego na sociedade da información” (Gómez, 2010), *El uso de las lenguas en la red: El caso de España* (Centro de Investigación y Documentación del Instituto Cervantes, 2011), “A fala na rede: as TIC como ferramentas de normalización” (García, 2012), “A cota de mercado do galego en Internet” (Neira, 2012), *Mocidade, lingua e redes sociais* (Domínguez & Ramallo, 2012) ou “O dominio .gal. A visibilidade da lingua galega en Internet” (González, 2014).

Insistimos en que no punto 2.4 trataremos con máis profundidade a situación do galego nas TIC e, en concreto, en Internet, en que afondaremos máis nalgúns dos traballos que vimos de citar e faremos referencia a outros novos. Con todo, a bibliografía sobre análises sociolingüísticas no ámbito das TIC destaca esencialmente a baixa presenza do galego no software e na rede, aínda que tamén fai referencia nalgúns casos ás novas

posibilidades que ofrece a rede para o galego e para as linguas subordinadas de xeito xeral.

1.5. Recapitulación

A revisión bibliográfica que vimos de realizar, aínda que breve, serve para contextualizarmos os datos que analizaremos no capítulo 3 e no capítulo 4, referentes aos blogs didácticos do ensino secundario obrigatorio e do bacharelato (capítulo 3) e á percepción e uso do galego nas TIC por parte da comunidade educativa (capítulo 4). Así as cousas, cómpre non perdermos de vista que o noso traballo analizará datos sociolingüísticos situados nun contexto global en que o galego non deixa de descender como lingua inicial e habitual e, aínda que aumenta a competencia lingüística en galego (especialmente nas capacidades para ler e escribir) este dato debe ser tomado con moita cautela. Dentro deste contexto global, o noso traballo cinguirase ao ámbito do ensino e das TIC. No caso dos niveis de ensino en que se centrará o estudo puidemos comprobar que a normalización lingüística do galego non só non se está a cumprir, senón que está recuando, especialmente por causa dunha lexislación que non só é insuficiente, senón que na práctica supón un ataque á normalización do galego. Finalmente, no ámbito das TIC a bibliografía consultada considera de xeito xeral que a presenza do galego é baixa, aínda que se considera un ámbito de grande importancia para a normalización do galego.

Partimos, por tanto, de que imos realizar unha análise sociolingüística nun contexto negativo para o galego. Intentaremos que a análise dos datos sobre blogs didácticos e sobre percepción e uso do galego nas TIC por parte da comunidade educativa nos revele puntos fortes e fracos da situación do galego neste contextos para, a partir deles, propoñer liñas de actuación a prol da normalización lingüística en dous ámbitos, o ensino e as TIC, de grande importancia para este tipo de intervencións que achegaremos no capítulo 5, dedicado ás conclusións.

Con todo, antes de nos introducir na descrición e análise dos datos do noso estudo, consideramos que é necesario realizar un achegamento crítico á historia e características campo de estudo en que se vai centrar o traballo: Internet. Na actualidade é moi frecuente facer referencia ás TIC e a Internet, mais tamén é moi frecuente que non se

faga unha análise crítica da historia e situación actual das TIC e de Internet, unha análise que consideramos necesaria para entender moitos dos fenómenos que detectaremos no noso traballo, e que tamén nos axudará alumar o camiño para, desde o coñecemento do funcionamento das TIC e da rede, deseñar estratexias normalizadoras efectivas nunha sociedade en que a tecnoloxía é xa algo central. A isto dedicaremos o seguinte capítulo, o capítulo 2.

Capítulo 2. Achegamento ao campo de estudo: historia e características de Internet

Índice detallado do capítulo

Capítulo 2. Achegamento ao campo de estudo: historia e características de Internet.....	21
2.1.Introdución.....	27
2.2.Un breve percurso pola historia de Internet.....	28
2.2.1. Das orixes á web 2.0.....	29
2.2.1.1. Os primeiros tempos (1960 - 1985).....	29
2.2.1.1.1. As orixes da rede (anos 60 do século XX).....	29
2.2.1.1.1.1. ARPANET: un proxecto militar ou un proxecto académico?.....	31
2.2.1.1.2. De ARPANET a Internet (1970 - 1985).....	34
2.2.1.2. A expansión da rede (1985 - 2000).....	37
2.2.1.2.1. As bases da expansión.....	38
2.2.1.2.2. A expansión do uso rede.....	39
2.2.1.2.2.1. Buscadores.....	42
2.2.1.2.2.2. Aplicacións para enviar e recibir mensaxes.....	45
2.2.1.2.2.2.1. Correo electrónico.....	45
2.2.1.2.2.2.1.1. Listaxes de distribución ou roldas.....	46
2.2.1.2.2.2.2. Chat.....	46
2.2.1.2.2.2.3. Mensaxaría instantánea.....	47
2.2.1.2.2.3. Aplicacións para partillar arquivos.....	47
2.2.1.2.2.4. Aplicacións para a publicación de contidos.....	48
2.2.1.2.2.5. Foros.....	48
2.2.1.2.2.6. Sistemas de xestión de contidos.....	49
2.2.1.2.2.7. Outras.....	50
2.2.1.3. A web 2.0 ou web social (2000 - actualidade).....	51
2.2.1.3.1. Que é a web 2.0 ou web social?.....	51
2.2.1.3.1.1. Web semántica, web 3.0 e web 2.0.....	54
2.2.1.3.2. A interacción na web social.....	56
2.2.1.3.2.1. Diversidade de medios.....	56
2.2.1.3.2.1.1. Medios característicos da web social.....	58
2.2.1.3.2.1.1.1. Blogues.....	58
2.2.1.3.2.1.1.2. Wikis.....	61
A Wikipedia, a enciclopedia libre.....	62
Que é a Wikipedia?.....	62
A orixe da Wikipedia.....	62
A Wikipedia fronte ás enciclopedias tradicionais.....	63
Traballo colaborativo, intelixencia colectiva e acceso libre ao coñecemento.....	66
2.2.1.3.2.1.1.3. Redes sociais.....	68
2.2.1.3.2.1.1.4. Sitios de novas con filtros sociais.....	71
2.2.1.3.2.1.1.5. Ferramentas para compartir contidos.....	72
2.2.1.3.2.1.1.6. A nube.....	74
2.2.1.3.2.1.1.7. Ferramentas para o consumo colaborativo.....	75
2.2.1.3.2.1.2. Medios anteriores que se integraron na web social.....	75
2.2.1.3.2.1.2.1. Aplicacións para enviar e recibir mensaxes.....	75
Correo electrónico.....	76
Chat.....	77
Mensaxaría instantánea.....	77
Xogos en liña.....	78
2.2.1.3.2.2. Diversidade de dispositivos.....	79
2.2.2. Recapitulación.....	80
2.3.Internet e a sociedade.....	80
2.3.1. Sociedade da información e sociedade do coñecemento.....	81
2.3.1.1. A privacidade.....	83
2.3.1.1.1. PRISM.....	86
2.3.1.2. A fenda dixital.....	89
2.3.1.2.1. Existen as persoas nativas dixitais?.....	92
2.3.2. Internet e o poder político.....	95

2.3.2.1. A participación cidadá no sistema político actual.....	95
2.3.2.2. Imos cara á ciberdemocracia?.....	98
2.3.2.3. A rede e as mobilizacións sociais.....	99
2.3.2.3.1. Ciberactivismo.....	99
2.3.2.3.1.1. O ciberfeminismo.....	103
2.3.2.3.2. Hacktivism.....	107
2.3.3. Internet e o modelo económico: cara á produción distribuída.....	111
2.3.3.1. A ética <i>hacker</i> e a neutralidade da rede.....	112
2.3.3.1.1. A ética <i>hacker</i>	112
2.3.3.1.2. A neutralidade da rede.....	115
2.3.3.1.2.1. A neutralidade de Internet en perigo.....	116
2.3.3.1.2.1.1. Argumentos contra a neutralidade da rede.....	117
2.3.3.1.2.1.1.1. Internet e a propiedade intelectual.....	117
2.3.3.1.2.1.1.2. Internet e seguraza.....	124
2.3.3.1.2.1.2. Conclusións.....	125
2.3.3.2. Hardware libre.....	125
2.3.3.3. O software libre, un modelo de produción distribuída.....	128
2.3.3.3.1. O software libre e as linguas subordinadas.....	133
2.3.3.4. Consumo colaborativo.....	134
2.3.4. Conclusións: topoloxías de rede e modelo de sociedade.....	135
2.4. Internet en Galiza.....	138
2.4.1.1. Os primeiros pasos de Internet en Galiza (1988 - 1995).....	138
2.4.1.2. O asentamento da rede (1996-2000).....	140
2.4.1.2.1. 1996.....	140
2.4.1.2.2. 1997.....	142
2.4.1.2.3. 1998.....	142
2.4.1.2.4. 1999.....	143
2.4.1.3. A web social (2000-actualidade).....	144
2.4.1.3.1. Os medios da web social en Galiza.....	145
2.4.1.3.1.1. Os blogues en galego: o blogomillo.....	145
2.4.1.3.1.1.1. Que é o blogomillo?.....	145
2.4.1.3.1.1.2. Breve historia do blogomillo.....	146
2.4.1.3.1.1.3. O blogomillo como comunidade.....	147
2.4.1.3.1.1.4. O perfil dos/as blogueiros/as do blogomillo.....	149
2.4.1.3.1.1.5. O blogomillo e a lingua.....	150
2.4.1.3.1.1.6. Os blogues e as licenzas.....	152
2.4.1.3.1.1.7. Conclusións.....	152
2.4.1.3.1.2. Wikis.....	152
2.4.1.3.1.2.1. A Galipedia, a Wikipedia en galego.....	153
2.4.1.3.1.2.2. Outros wikis.....	154
2.4.1.3.1.3. Redes sociais.....	155
2.4.1.3.1.3.1. Redes sociais globais.....	156
2.4.1.3.1.3.1.1. Facebook.....	156
2.4.1.3.1.3.1.2. Tuenti.....	157
2.4.1.3.1.3.1.3. Google+.....	157
2.4.1.3.1.3.1.4. Twitter.....	157
2.4.1.3.1.3.1.5. Outras.....	158
2.4.1.3.1.3.2. Redes sociais galegas.....	159
2.4.1.3.1.3.2.1. Cabozo.....	159
2.4.1.3.1.3.2.2. Latri.ca.....	159
2.4.1.3.1.3.2.3. Vituin / Caxigo.....	160
2.4.1.3.1.3.2.4. Conclusións.....	161
2.4.1.3.1.4. Medios de comunicación dixitais.....	161
2.4.1.3.1.4.1. Os medios dixitais galegos.....	162
2.4.1.3.1.4.1.1. Diarios con edición impresa e versión na rede.....	162
2.4.1.3.1.4.1.2. Diarios exclusivamente dixitais.....	163

Capítulo 2. Achegamento ao campo de estudo: historia e características de Internet

2.4.1.3.1.4.1.3. Sitios de novas con filtros sociais: Chuza!	164
2.4.1.3.1.5. Ferramentas para compartir contidos	165
2.4.1.3.1.6. Recursos lingüísticos	165
2.4.2. Internet e a sociedade galega	167
2.4.2.1. A fenda dixital en Galiza	167
2.4.2.1.1. Primeira fenda dixital (acceso)	168
2.4.2.1.1.1. Uso do computador	168
2.4.2.1.1.1.1. Uso do computador e localización xeográfica	168
2.4.2.1.1.1.2. Uso do computador e idade	170
2.4.2.1.1.1.3. Uso do computador e sexo	170
2.4.2.1.1.2. Acceso a Internet	171
2.4.2.1.1.2.1. Uso de Internet e localización xeográfica	171
2.4.2.1.1.2.2. Uso de Internet e idade	172
2.4.2.1.1.2.3. Uso de Internet e sexo	173
2.4.2.1.2. Segunda fenda dixital (uso)	173
2.4.2.1.2.1. Uso do computador	174
2.4.2.1.2.1.1. Intensidade de uso do computador	174
2.4.2.1.2.1.1.1. Intensidade de uso do computador e localización xeográfica	174
2.4.2.1.2.1.1.2. Intensidade de uso do computador e idade	175
2.4.2.1.2.1.1.3. Intensidade de uso do computador e sexo	176
2.4.2.1.2.1.2. Tipos de actividades realizadas co computador	176
2.4.2.1.2.2. Uso de Internet	178
2.4.2.1.2.2.1. Intensidade de uso de Internet	178
2.4.2.1.2.2.1.1. Intensidade de uso de Internet e localización xeográfica	178
2.4.2.1.2.2.1.2. Intensidade de uso de Internet e idade	180
2.4.2.1.2.2.1.3. Intensidade de uso de Internet e sexo	180
2.4.2.1.2.2.2. Tipos de actividades realizadas en Internet	181
2.4.2.2. O ciberactivismo lingüístico	183
2.4.2.2.1. Iniciativas nadas fóra da rede	184
2.4.2.2.1.1. Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)	184
2.4.2.2.1.2. Associação Galega da Língua (AGAL)	184
2.4.2.2.1.3. A Mesa pola Normalización Lingüística	185
2.4.2.2.1.4. Coordinadora Traballadores-as de Normalización da Língua (CTNL)	186
2.4.2.2.1.5. A Gentalha do Pichel	186
2.4.2.2.1.6. ProLingua	186
2.4.2.2.1.7. Queremos galego!	187
2.4.2.2.2. Iniciativas nadas na rede	187
2.4.2.2.2.1. Iniciativas xenéricas	187
2.4.2.2.2.1.1. Ciberirmandade da Fala	187
2.4.2.2.2.1.2. Fillos de Galicia	188
2.4.2.2.2.1.3. Galego21	188
2.4.2.2.2.1.4. Vitaminas para o galego	189
2.4.2.2.2.1.5. Alianza Lingüística polo Idioma Galego	189
2.4.2.2.2.2. Iniciativas con obxectivos concretos	190
2.4.2.2.2.2.1. A loita polo dominio <i>.gal</i>	190
2.4.2.2.2.2.1.1. Que é un dominio e cal é a súa importancia?	190
2.4.2.2.2.2.1.2. Os dominios e as culturas dominadas: a importancia do dominio <i>.cat</i>	191
2.4.2.2.2.2.1.3. A consecución do dominio <i>.gal</i>	192
2.4.2.2.2.2.2. A localización de software libre	194
2.4.2.2.2.2.2.1. A importancia do software libre para as linguas dominadas	194
2.4.2.2.2.2.2.2. A localización de software libre ao galego: o Proxecto Trasno	196
2.5. Recapitulación	198

2.1. Introducción

Na actualidade seguimos a empregar a expresión novas tecnoloxías para referirmonos a un conxunto de tecnoloxías e dispositivos que levan xa tempo instaladas na nosa sociedade, como é o caso de Internet, dos computadores ou dos móbiles intelixentes. Levan anos formando parte da realidade cotiá dos chamados “países desenvolvidos”, mais a expresión novas tecnoloxías reflicte que aínda parece existir cara a elas a percepción de que é algo que acaba de chegar. Se pescudamos un pouco podemos chegar á conclusión de que é posíbel que este fenómeno se deba a un coñecemento superficial delas. Tomemos como exemplo Internet, o noso campo de estudo, son moitas as persoas que a usan a diario, mais que saben dela? Que é Internet? Cando xurdiu e por que? Como evolucionou? Como funciona? Quen goberna na rede (se é que goberna algún)? Se lles realizamos estas preguntas ás persoas que temos ao noso redor (ou a nós mesmas/os) comprobaremos que se trata de cuestións que unha usuaria ou usuario da rede raramente é quen de contestar. Por esta razón consideramos que é de grande importancia comezar dándolles resposta a estas preguntas, para definirmos claramente o noso campo de estudo.

Cómpre apuntarmos que nas seguintes liñas poderíamos facer de xeito doado un relato simple da historia e das características da rede, mais temos a vontade de non deixar de lado temas polémicos e conflitivos, como o ciberactivismo (*vid.* §2.3.2.3), os ataques á neutralidade da rede (*vid.* §2.3.3.1.2.1) ou a cuestión da privacidade (*vid.* §2.3.1.1). Aínda que isto complica a análise do noso campo de estudo, consideramos que de non facelo estaríamos invisibilizando unha parte importante da historia e do significado de Internet para a sociedade. A nosa finalidade non é facer un simple repaso pola historia da rede desde o punto de vista dos avances técnicos, senón intentar dilucidar tamén até que punto está a influír nos cambios que se están a producir na nosa sociedade a todos os niveis, incluído o lingüístico, pois cómpre termos claro cal é o marco xeral en que nos situamos para podermos abordar a relación entre lingua, sociedade e Internet.

Así as cousas, realizaremos unha descrición da historia da rede a nivel global e da súa influencia en diferentes aspectos sociais, para despois facermos o mesmo a nivel galego. Aínda que poida parecer que as páxinas que seguen conteñen unha descrición demasiado detallada do campo de estudo e que escapa do obxecto do presente traballo,

xulgamos que é de grande importancia afondar no coñecemento de Internet por dúas razóns: por unha banda, trátase dun espazo relativamente novo do que se fala e escribe moito, mais dun xeito moi superficial e difundindo moitos mitos que é desexábel analizar; por outra banda, a rede é un espazo de características moi especiais, pois adiantamos xa que se trata dunha rede distribuída, sen autoridade central que a controle, un feito que ten unhas implicacións sociais moi importantes. Dentro destas implicacións sociais inclúense tamén as sociolingüísticas, xa que a ausencia de autoridade vailles permitir ás linguas dominadas estar en igualdade coas linguas hexemónicas nalgunhas situacións, algo impensábel nos espazos convencionais e que reverte un grande interese para o traballo que nos ocupa.

2.2. Un breve percurso pola historia de Internet

Nesta epígrafe intentaremos responder ás primeiras preguntas que vimos de citar: que é Internet? cando xurdiu e por que? e como evolucionou? Así, antes de comezarmos a afondar nas orixes e na evolución da rede, cómpre sabermos de que estamos a falar. Aínda que esteamos moi familiarizados co seu uso, contestarmos a pregunta que é Internet? non é unha tarefa doada, polo que imos tomar como punto de partida unha definición accesíbel, como a que achega a Wikipedia: “A Internet é unha rede informática de ámbito planetario, formada con ordenadores dispostos en subredes e que posibilita o intercambio de información” (“Internet”). Tomando como base esta primeira definición, imos facer un percurso pola súa historia, o que nos permitirá ao mesmo tempo afondar en que é Internet. Para analizarmos as orixes e a evolución da rede dividimos a súa historia en tres grandes períodos, mais cómpre termos en conta que se trata dunha división que só ten o obxectivo de clarificar a nosa explicación, e que os cambios que deron lugar á transición entre as diferentes fases que describimos foron progresivos. Tendo en conta o exposto por diversos autores/as (Cohen-Almagor, 2011; Dans, 2010; Leiner *et al.*, 2009; Roberts, 2007; Vaquero & Romero, 2001) os períodos que propoñemos son: “Os primeiros tempos (1960 - 1985)” (§2.2.1.1), momento en que se comezan a desenvolver as tecnoloxías que farían posíbel Internet; “A expansión da rede (1985 - 2000)” (§2.2.1.2), etapa en que se estende o uso da rede nos “países desenvolvidos”; e “A web 2.0 ou web social (2000 - actualidade)” (§2.2.1.3), un período en que se desenvolveron ferramentas que permiten que calquera persoa, sen grandes

coñecementos técnicos, poida publicar calquera tipo de contido na rede (Dans, 2010). A continuación analizaremos polo miúdo cada unha destas etapas.

2.2.1. Das orixes á web 2.0

2.2.1.1. Os primeiros tempos (1960 - 1985)

Dividiremos esta primeira etapa, en que se conforman as bases da Internet actual, en dúas subetapas, “As orixes da rede (anos 60 do século XX)” (*vid.* §2.2.1.1.1) e “De ARPANET a Internet (1970 - 1985)” (*vid.* §2.2.1.1.2), que describimos a continuación. Cómpre termos en conta que a creación das primeiras redes de computadores precisaron dun desenvolvemento anterior da computación, que se produciu durante a II Guerra Mundial e nos anos posteriores á súa finalización. Con todo, no presente traballo non nos imos deter nesta etapa, sobre a que se pode ampliar información facilmente en documentos como “Alan Turing at Bletchley Park” (IEEE Computer).

2.2.1.1.1. As orixes da rede (anos 60 do século XX)

Para achegármonos ás orixes de Internet temos que nos remontar a 1957, ano en que a Unión Soviética lanza o primeiro satélite espacial, Sputnik. Como resposta a este acontecemento, ao ano seguinte o Department of Defense (DoD) dos Estados Unidos crea a Advanced Research Projects Agency (ARPA)², axencia que tiña a finalidade de desenvolver ideas innovadoras que lle permitisen ao goberno estadounidense competir tecnoloxicamente con Rusia. No seo da ARPA atopábase a Information Processing Techniques Office (IPTO), que fomentou o estudo dunha rede de comunicación que integrase universidades e laboratorios, coa finalidade de mellorar a a actividade investigadora (Cohen-Almagor, 2011: 46 - 47; Pedreira, 2004/02/02).

Neste contexto comezan a aparecer algúns traballos que anuncian xa as tecnoloxías que se desenvolverían nos anos seguintes. Así, en xullo de 1961, Leonard Kleinrock, investigador do Massachusetts Institute of Technology (MIT), publicou o primeiro traballo sobre a conmutación de paquetes (packet switching), isto é, sobre transmisión de información dividida en grupos (paquetes) a través dunha rede de computadores

2 Esta axencia pasaría a denominarse Defense Advanced Research Projects Agency (DARPA) a partir de 1972.

(Leiner *et al.*, 2009: 23). Só un ano despois, J.C.R. Licklider, tamén investigador do MIT e primeiro director, en 1962, da Information Processing Techniques Office (IPTO) (Cohen-Almagor, 2011: 47), elabora unha serie de memorandos en que reflexiona sobre un hipotético conxunto de computadoras globalmente interconectadas, que lles permitiría a todas as persoas acceder rapidamente a datos e programas desde calquera lugar. Isto, ao que Licklider denominou “Galactic Network”, supón unha descrición bastante aproximada do que hoxe coñecemos como Internet, nun momento en que case ninguén escoitara falar dos computadores. Con todo, non sería até 1965 cando Lawrence G. Roberts (MIT) e Thomas Merrill poderían conectar un computador de Massachusetts con outro de California, realizando así a primeira conexión entre dous computadores a longa distancia (Leiner *et al.*, 2009: 23).

En 1967 Lawrence G. Roberts presenta o seu traballo “Multiple computer networks and intercomputer communication” ou, o que é o mesmo, o proxecto para a construción da futura ARPANET, a rede de comunicacións da ARPA (Roberts, 2007). Na conferencia de presentación deste proxecto atopábanse tamén investigadores da Research And Development (RAnD) dos Estados Unidos e da National Physical Laboratory (NPL) do Reino Unido, o que permitiu descubrir que durante os anos anteriores as tres institucións (MIT, RAnD e NPL) estiveran traballando paralelamente en tecnoloxías semellantes, mais sen coñecer unhas o traballo das outras (Cohen-Almagor, 2011: 48; Leiner *et al.*, 2009: 23; Roberts, 2007).

A finais de 1969 lánzase ARPANET, unha rede de computadores constituída inicialmente por catro nodos (puntos de conexión), instalados na University of California, Los Angeles (UCLA), no Stanford Research Institute (SRI) en Menlo Park (California), na University of California, Santa Barbara (UCSB) e na University of Utah (Cohen-Almagor, 2011: 48). ARPANET non se presentaría publicamente até 1972, na International Computer Communication Conference (ICCC), onde tamén se daría a coñecer publicamente un coñecido medio de comunicación asíncrono: o correo electrónico (Leiner *et al.*, 2009: 24; Roberts, 2007). Cómpre puntualizarmos que, aínda que a primeira aplicación para enviar e recibir mensaxes electrónicas xa comezaran a desenvolvela en 1965 Tom Van Vleck e Noel Morris (Van Vleck, 2012: 1), a primeira mensaxe de correo electrónico a través da rede enviouna Ray Tomlinson en 1971, quen

iniciou tamén o uso da “@” para separar o nome da persoa usuaria do nome do seu host³ (Tomlinson).

2.2.1.1.1.1. ARPANET: un proxecto militar ou un proxecto académico?

Unha das cuestións máis polémicas sobre ARPANET é a finalidade para a que foi deseñada nun principio. Existe unha postura amplamente estendida que defende que se tratou dun proxecto militar (Sterling, 1992), mais as principais persoas involucradas na orixe desta rede sempre defenderon que ARPANET tiña como única finalidade servir de axuda á investigación (Leiner *et al.*, 2009; Cohen-Almagor, 2011; Roberts, 2007). As persoas defensoras da primeira postura argúen que, tras o lanzamento do Sputnik soviético en 1957, os Estados Unidos xulgaron que se Rusia era quen de poñer en órbita un satélite, tamén podería ser capaz de lanzar mísiles nucleares a longa distancia (Cohen-Almagor, 2011: 47). Se isto era así e a Unión Soviética decidía atacar os Estados Unidos, o máis probábel era que os primeiros obxectivos fosen os centros das principais redes de comunicación (por exemplo, de teléfono ou de radio), polo que a comunicación dentro do país quedaría inmediatamente interrompida despois dun ataque nuclear destas características. Sería para atallar as dificultades deste hipotético escenario para o que se deseñaría unha rede como ARPANET, é dicir, unha rede descentralizada, en que non existise unha autoridade principal e todos os computadores (nodos) tivesen a mesma capacidade de enviar e recibir datos. Nela a información viaxaría en paquetes de rutas aleatorias que se ordenan ao chegaren ao seu destino, polo que serían dificilmente interceptábeis durante a transmisión. Ademais, ao non existir ningunha autoridade central e os paquetes viaxaren entre os nodos activos da rede, de destruírse unha parte importante dela, a información non se perdería, senón que permanecería nos nodos que sobrevivisen (Sterling, 1992; Vaquero & Romero, 2001: 15).

Esta teoría sobre a finalidade inicial de ARPANET foi sistematicamente rexeitada polas persoas involucradas no seu desenvolvemento. Así, no artigo “A Brief History of the Internet” (<http://www.cs.ucsb.edu/~almeroth/classes/F10.176A/papers/Internet-history-09.pdf>), escrito por algúns dos protagonistas do desenvolvemento de ARPANET

3 Un *host* é unha computadora que, nunha rede, fornece aos usuarios de diversos servizos e xera os comandos de acceso á rede (“anfitrión”).

(persoas ás que xa fixemos referencia, como Leonard Kleinrock ou Lawrence G. Roberts, e outras que citaremos na seguinte epígrafe, como Robert Kahn ou Vint Cerf), sinálase que a teoría non responde á realidade. Explícase que se trata dun falso rumor que ten a súa orixe nun artigo publicado polo grupo de investigación da Research And Development (RAnD) en 1964, en que se facía referencia a redes de conmutación de paquetes para voz no ámbito militar, tendo en conta unha posíbel guerra nuclear (Leiner *et al.*, 2009: 23). Cohen-Almagor define esta teoría como un mito (2011: 47) e recolle testemuños como o de David D. Clark, investigador do MIT que traballou en ARPANET nos anos 70, quen afirmou en xullo de 2010:

I have asked some of the folks who pushed for the ARPAnet: Larry Roberts and Bob Kahn. They both assert that nobody had nuclear survivability on their mind. I was there from about 73, and I never heard it once. There might have been somebody who had the idea in the back of his mind, but 1) if so, he held it real close, and 2) I cannot figure out who it might have been. We know who more or less all the important actors were. (Sadly, Licklider has died, but I think I did ask him when he was still alive. I wish I had better notes.) So I am very confident that Baran's objective did not survive to drive the ARPA effort. It was resource sharing, human interaction... and command and control. (Cohen-Almagor, 2011: 47)

Neste testemuño o Baran ao que fai referencia David D. Clark é Paul Baran, autor do artigo da Research And Development (RanD) que en 1964 deu orixe ao rumor que Clark desmente. A Paul Baran fóralle encargada, por parte da United States Air Force, a tarefa de estudar como o exército podería controlar os seus mísiles despois dun ataque nuclear. Para resolver este problema, Baran propuxera en 1964 un deseño descentralizado das infraestruturas de comunicación estadounidenses (Cohen-Almagor, 2011: 47). Paul Baran diferenciaba entre tres tipos de redes: centralizada, descentralizada e distribuída. No primeiro tipo todos os nodos son periféricos agás un, a través do que todos os demais se teñen que comunicar, polo que a súa caída implica a caída da rede; o segundo tipo de rede está composto por varias redes centralizadas; mentres que a rede distribuída é unha rede en que desaparece a división entre centro e periferia, pois todos os nodos teñen o mesmo valor e a caída de un deles non desconecta ningún outro (“Topoloxías de red”). Na imaxe da ilustración 1 podemos observar o gráfico realizado por Baran para ilustrar a súa clasificación das topoloxías de rede.




FIG. 1 – Centralized, Decentralized and Distributed Networks

Ilustración 1: Topoloxías de rede (tomada de "Topoloxías de red")

A pesar de que o que vimos de expoñer poderíanos levar a pensar facilmente que ARPANET foi a posta en práctica do deseño de Paul Baran, Lawrence G. Roberts, principal arquitecto de ARPANET, apunta que:

It is from this paper that the rumor was started that the Internet was created by the military to withstand nuclear war. This is totally false. Even though this Rand work was based on this premise, the ARPANET and the Internet stemmed from the MIT work of Licklider, Kleinrock and Roberts, and had no relation to Baran's work. (Roberts, 2007)

Aínda que é certo ARPANET foi a rede da ARPA, un organismo financiado polo Department of Defense (DoD) dos Estados Unidos, todos os protagonistas do seu desenvolvemento coinciden en afirmar que os fins para os que foi deseñada non tiñan nada que ver con proxectos militares, senón que estaba destinada a crear unha rede de comunicación entre os principais centros de investigación estadounidenses (Pedreira, 2004/02/02). Ademais, parece que os seus desenvolvedores eran xa conscientes de estaren creando algo que podería mudar moitas cousas en moitos ámbitos (Dans, 2010).

2.2.1.1.2. De ARPANET a Internet (1970 - 1985)

ARPANET foi medrando e fíxose necesario crear un protocolo, isto é, unhas regras de comunicación entre os computadores da rede para intercambiaren mensaxes (Dans 2010). Este protocolo foi o Network Control Protocol (NCP), desenvolvido en 1970 polo Network Working Group (NWG), liderado por S. Crocker (Leiner *et al.*, 2009: 24; Roberts, 2007). Con todo, ademais de aumentar o número de computadores conectados a ARPANET, tamén xurdiu a posibilidade conectar varias redes de comunicación. Isto deu lugar a un novo problema, pois o NCP era un protocolo eficiente para as comunicacións dentro de ARPANET, mais non o era para a comunicación entre redes diferentes (e con arquitecturas distintas).

Así as cousas, en 1973 Robert Kahn comezou a traballar no desenvolvemento dun novo protocolo que reunise as seguintes características: (i) que cada rede puidese conectarse a Internet mantendo o seu deseño particular; (ii) que a comunicación fose a mellor posíbel, de xeito que se un paquete de información non chegase ao seu destino, fose reenviado automaticamente; (iii) que para a conexión entre redes se empregasen caixas negras, posteriormente denominadas *gateways* (pasarelas) e *routers* que, para simplificar o proceso, non gardarían ningún tipo de dato dos paquetes de información que pasasen a través delas; (iv) que non houbera ningún control global no que se refire ás operacións (Leiner *et al.*, 2009: 25). Baseándose nesta filosofía, ao ano seguinte Robert Kahn e Vint Cerf desenvolverían os protocolos Transmission Control Protocol (TCP), que se ocupa do establecemento e da interrupción das conexións, e Internet Protocol (IP)⁴, que contén as regras para marcar o itinerario de cada paquete de datos individuais. Un enderezo IP é un número único (como un número de teléfono no caso das comunicacións telefónicas) usado por computadores ou outros dispositivos para se comunicaren entre si, enviando información por Internet ou por redes locais (“Enderezo IP”). Así, o conxunto de protocolos coñecido como TCP/IP organiza os datos en paquetes, envíaos, ponos na orde correcta cando chegan o seu destino e comproba se se produciron erros (Cohen-Almagor, 2011: 50).

4 No artigo orixinal en que describen este conxunto de protocolos fan referencia só ao Transmission Control Protocol (TCP), mais contén ambas as dúas compoñentes (Leiner *et al.*, 2009: 25).




Ilustración 2: Funcionamento dos protocolos TCP/IP (tomada de Lessig, 2006: 43)

Os protocolos TCP/IP foron adoptados como estándar polo exército estadounidense en 1980, o que lle permitiu beneficiarse das tecnoloxías da DARPA (ARPA antes de 1972). En 1983 ARPANET mudaría definitivamente seu antigo protocolo NCP polos TCP/IP, e ficaría destinada exclusivamente á investigación, mentres que para os usos militares que o exército estaba levando a cabo desde 1980 xorde a rede MILNET (Leiner *et al.*, 2009: 26). Desde este momento, o conxunto das redes interconectadas accesíbeis publicamente usando os protocolos TPC/IP pasou a denominarse Internet⁵ (Cohen-Almagor, 2011: 50). Outro coñecido protocolo, que comezara a funcionar xa en 1973, foi o File Transfer Protocol (FTP), que marca as regras para partillar arquivos entre computadores, unha tarefa difícil antes da súa existencia debido ás diferenzas entre dispositivos (Cohen-Almagor, 2011: 49).




Gráfico 3: Evolución do número de hosts da rede de 1981 a 1985 (fonte: “Internet host count history”)

No gráfico 3 podemos observar o aumento do número de computadores conectados á rede no primeiro lustro da década de 80 do século XX⁶, o que fixo necesaria unha mellor organización dos seus enderezos (*hosts*), razón pola que Jon Postel, Paul Mockapetris e Craig Partridge desenvolveron o Domain Name System (DNS) en 1983.

5 O termo Internet fora empregado por primeira vez en 1974 por Robert Kahn e Vint Cerf, no seu traballo sobre os protocolos TCP/IP (Cohen-Almagor, 2011: 50).

6 Nalgunhas ocasións o Internet Systems Consortium achega máis de unha cifra por ano, polo que nestes casos tomamos como cifra de referencia a última indicada para ese ano. Faremos o mesmo en todas os gráficos que teñan os datos achegados polo Internet Systems Consortium como fonte.

Este sistema traduce os enderezos IP (por exemplo, <http://192.0.32.10>) en palabras fáciles de localizar e memorizar (como <http://exemplo.com>). Neste momento créanse xa os dominios de nivel superior *.edu* (educación), *.gov* (gobierno), *.com* (comercial), *.mil* (United States Department of Defense), *.org* (organizacións sen fins lucrativos), *.net* (provedores de rede) e *.inf* (fontes de información). No exemplo anterior, <http://exemplo.com>, *exemplo.com* sería o nome de dominio (xeralmente coincidente co servidor), mentres que *.com* sería o nome de dominio de nivel superior (Gerrand, 2008: 183 - 187; Roberts, 2007). O desenvolvemento de sistemas operativos completos, como UNIX en 1971 (Cohen-Almagor, 2011: 49), o aumento do número de computadores e a expansión das Local Area Networks (LANs) ou redes de área local⁷, fixo que en 1985 Internet xa estivese consolidada como unha tecnoloxía empregada por investigadores/as e desenvolvedores/as, e é neste momento cando comeza a acceder a ela un público máis amplo e tamén cando comezan a aparecer novas ferramentas, como as destinadas ao debate na rede ou os primeiros xogos.

En canto ás ferramentas para o debate na rede, en 1978 Ward Christensen e Randy Suess cearon o Chicago Bulletin Board System (CBBS), que se considera o primeiro taboleiro virtual (en inglés Bulletin board system (BBS)) (Suess & Christensen, 1989), isto é, un “sistema informático provisto dun programa que lles permite aos usuarios conectarse e autenticarse no sistema empregando un programa de terminal” (“taboleiro virtual”). Nos seus inicios os BBS empregábanse para publicar avisos de xeito asíncrono, mais posteriormente foron ampliando as súas funcións (chat, correo electrónico etc.) (Gómez, 1998). Para acceder a un BBS concreto cumpría conectarse ao ordenador en que se atopaba, o que, dadas as características das conexións da época, facía que se fose necesario facer cola se eran moitas as persoas que pretendían acceder á vez. Un ano despois xurdiu un sistema semellante que salvaba esta dificultade: Usenet. Trátase dun sistema global de discusión en Internet mediante grupos de noticias organizados de forma xerárquica, creado por Tom Truscott e Jim Ellis. O sistema, aínda activo, funciona do seguinte xeito: subscribímonos a un grupo de noticias do noso interese e a partir dese momento podemos ler e publicar artigos (Hauben & Hauben,

7 Redes de transmisión de datos, cun alcance físico limitado, que permiten conectar computadores con servidores e outros periféricos. Un exemplo de LAN sería o de varios computadores situados nun mesmo edificio que están conectados a unha mesma impresora e/ou a un mesmo escáner (“LAN”).

1998). Usenet baséase nunha rede de servidores descentralizada, polo que é moito máis rápido que os BBS nos seus inicios. Na actualidade podemos acceder ela mediante o noso provedor de servizos de Internet, mais cada vez son menos os provedores que nolo permiten, polo que en moitos casos a opción de acceso será un servidor de pago (Arregocés, 2009). Nesta altura foi cando xurdiu o termo *troll* para facer referencia ás persoas usuarias que intencionadamente empregan mensaxes groseiras, ofensivas ou fóra de lugar coa intención de provocar a reacción das demais persoas participantes (“troll”; “Troll (Internet)”). Segundo Enrique Dans (2010) a aparición deste tipo de persoas nas comunidades de Internet pode explicarse pola posibilidade de anonimato que permite a rede, o que posibilita que algunhas persoas desenvolvan o *online disinhibition effect* e se volvan “en auténticos imbéciles socialmente inaceptábeis en la red”. Na actualidade podemos atopar trolls en calquera comunidade da rede (foros, redes sociais, blogues etc.), mais o máis recomendábel se atopamos unha persoa deste tipo é seguirmos a consigna “do not feed the troll” (non alimentes o/a troll), tal e como nos explica Kelly Bergstrom:

We are warned “do not feed the troll,” as by responding to their frivolous posts we risk adding fuel to the fire — a troll is merely looking for any reaction as validation to continue with their activities. (Bergstrom, 2011)

Por outra banda, no referente aos xogos, é neste momento cando aparecen as primeiras aplicacións cunha finalidade unicamente lúdica, como por exemplo *Spasim* (do inglés *space simulation*), un xogo de varios/as xogadores/as en rede e en 3D, creado en 1974 por Jim Bowery (Shahrani, 2006). En conclusión, neste momento séntanse as bases para que Internet comece a se usar máis alá do ámbito da investigación.

2.2.1.2. A expansión da rede (1985 - 2000)

Para describirmos esta segunda etapa ímonos deter primeiro en explicarmos as tecnoloxías que a finais dos anos 80 e a comezos dos 90 permitiron sentar as bases da expansión de Internet nos “países desenvolvidos” (*vid.* §2.2.1.2.1), para centrármolos despois na análise da expansión da rede (*vid.* §2.2.1.2.2).

2.2.1.2.1. As bases da expansión

A expansión de Internet durante os anos 90 do século XX explícase, por unha banda, pola importante mellora das infraestruturas que soportaban a rede e, por outra, polo desenvolvemento de aplicacións e tecnoloxías que permitiron que cada vez máis persoas tivesen un acceso máis doado a ela (e, por tanto, que á súa vez fixeron necesaria a mellora das infraestruturas).

No que se refire ás infraestruturas, en 1985 a carga de tráfico de ARPANET era xa considerábel, polo que, para reducila, a National Science Foundation (NSF) fusionou a súa rede, a NSFNET, con outras redes, de xeito que esta nova rede soportase a maior parte do tráfico de Internet (nun momento en que aínda estaba destinada principalmente a usos académicos). En 1988 o *backbone*⁸ ou rede central da NSFNET mellorou a súa tecnoloxía, soportando xa a circulación de 75 millóns de paquetes de información ao día, o que permitiu que medrase novamente o tráfico de xeito significativo, como podemos observar no gráfico 4:




Gráfico 4: Evolución do número de *hosts* da rede de 1981 a 1990 (fonte: “Internet host count history”)

É tamén nesta altura cando se instala o primeiro cable transatlántico de fibra óptica, entre os Estados Unidos e Francia. Por outra parte, o crecemento da rede neste momento fixo que, nos Estados Unidos, comezase a participación de empresas privadas no desenvolvemento das infraestruturas necesarias para mantela, pois as limitacións orzamentarias xa non permitían custeala só con cartos públicos (Cohen-Almagor, 2011: 52). En 1991 a NFS abre Internet ao uso comercial (Roberts, 2007) e o seu backbone privatizaríase completamente en 1995 (Leiner *et al.*, 2009: 28; Romero & Vaquero 2001: 16).

8 O termo backbone fai referencia á infraestruturas central dunha rede (“nó troncal”).

Por outra banda, en 1989 Tim Berners-Lee, investigador do Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN⁹), propuxo unha mellora no acceso á información da súa institución por parte do persoal investigador mediante un sistema hipertextual, isto é, non secuencial, que ligase os arquivos e que permitise que se accedese a eles a través de Internet. En 1990 escribiu o primeiro navegador para este sistema, ao que denominou World Wide Web (WWW)¹⁰. Tamén sería Berners-Lee o principal responsábel do desenvolvemento do software de comunicación empregado no World Wide Web: o Uniform Resource Locator (URL), a secuencia de caracteres empregada para nomear recursos en Internet, que permite localizalos e identificalos; o HyperText Markup Language (HTML), a linguaxe para a creación de páxinas web; e o Hypertext Transfer Protocol (HTTP), o protocolo empregado nas transaccións de información na web, é dicir, as pautas que rexen as peticións de acceso a unha páxina web (que ten un enderezo URL) por parte dun cliente, e a resposta co contido por parte do servidor (Cohen-Almagor, 2011: 53; info.cern.ch; Lessig, 2006: 146). O desenvolvemento do World Wide Web ten unha grande importancia na historia de Internet, pois Tim Berners-Lee non só pretendía mellorar a xestión da información dentro do CERN, senón que buscaba unha Internet en que todas as persoas puidesen ser creadoras de contidos e establecer vínculos entre eles, é dicir, sentou as bases para que a rede non fose un medio de comunicación unidireccional, como os medios tradicionais, e que se convertese no medio multidireccional que é hoxe (Dans, 2010).

2.2.1.2.2. A expansión do uso rede

Durante a década de 90 do século XX o crecemento da rede dispárase, de xeito que pasa dos 313 000 hosts de 1990 aos 93 047 785 do ano 2000, o que supón un crecemento do 29,628 %, como podemos apreciar no gráfico 5:

9 As siglas polas que é coñecido actualmente este organismo, CERN, responden ao antigo nome en francés *Conseil européen pour la recherche nucléaire*, aínda que na actualidade a súa denominación oficial nesta lingua é *Organisation européenne pour la recherche nucléaire*.

10 Este foi inicialmente o nome do sistema e do navegador, mais este segundo mudou posteriormente o seu nome polo de Nexus, para evitar confusións co concepto de World Wide Web.




Gráfico 5: Evolución do número de *hosts* da rede do 1981 ao 2000 (fonte: “Internet host count history”)

Como xa indicamos, a explicación deste importante crecemento temos que buscala na mellora das tecnoloxías e das infraestruturas que soportan a rede. Mais, por que tecnoloxías como o World Wide Web e as súas principais compoñentes (URL, HTTP, HTML) deron lugar a este importante aumento de persoas usuarias? Por unha banda, trátase de tecnoloxías que fan a rede máis accesíbel, simplificando o xeito de consultarmos a información e, por outra, abren a posibilidade de que máis xente poida converterse en produtora de información na rede, polo que aumenta considerabelmente a información dispoñíbel en Internet e, en consecuencia, cada vez é máis útil para un maior número de tarefas.

Mais hai un factor que en moitas ocasións pasa desapercibido e que é a chave para explicar o crecemento de Internet e da súa utilidade para as persoas: a World Wide Web é aberta. Isto quere dicir que todas as persoas poden, por exemplo, acceder libremente á linguaxe HTML (empregada para a creación de páxinas web) de xeito que se pode ver e copiar o código fonte¹¹ dunha páxina e adaptalo ou melloralo para crear unha nova, sen necesidade de comezarmos a escribir o código desde cero¹² (Lessig, 2006: 146). Para

11 En inglés *source* ou *source code*, trátase da “secuencia de declaracións e sentenzas escritas nunha linguaxe de programación lexible por un humano (habitualmente nun subconxunto de palabras inglesas) que teñen que ser traducidas a outra linguaxe entendible pola máquina (linguaxe máquina ou código obxecto) para poderen ser executadas” (“código fonte (01)”). Dito doutro xeito, son liñas de texto que ditan as instrucións que o computador necesita para executar un programa, no caso do software, ou as que necesita un navegador web para podermos visualizar unha páxina, no caso das páxinas web.

12 Na maioría de navegadores temos esta posibilidade. Por exemplo, se empregamos o navegador libre

comprendermos como funciona isto, podemos facer unha pequena proba: abrimos un editor de texto sinxelo, como gedit ou o caderno de notas, e escribimos a secuencia `texto`, gardamos o arquivo co nome “texto.html” e comprobaremos que o podemos abrir cun navegador web, en que veremos a palabra “texto” en **letra grosa**, ou ben escribimos `texto` e verémola en *letra itálica*, ou `texto` poderemos vela en **letra itálica e grosa** etc. O proceso de funcionamento é o seguinte: nós escribimos o código fonte (por exemplo, `texto`) e o navegador encárgase de traducilo e mostrarnos o resultado final. Se a linguaxe HTML non fose de dominio público e non puidésemos copiar unha web xa feita, ou buscar na rede como escribir as instrucións para obtermos o resultado que desexamos, a tarefa de crear unha páxina sería moi difícil ou mesmo imposible. Isto estaría só ao alcance das poucas persoas que tivesen a licenza para accederen á linguaxe HTML, polo que o número de creadores/as de páxinas web e de contidos na rede sería moi limitado ou, o que é o mesmo, Internet sería practicamente un medio unidireccional nas mans dunhas poucas persoas con poder, do mesmo xeito que os medios de comunicación tradicionais (radio, televisión, prensa escrita etc.).

Con todo, a filosofía aberta que potenciou Tim Berners-Lee non era algo novo na historia da rede, senón que se atopa xa nas propias orixes de ARPANET, que, segundo os seus creadores, tiña como finalidade principal facilitarles o traballo ás persoas dedicadas á investigación, é dicir, buscaba unha maior axilidade á hora de partillar ideas e resultados libremente dentro da comunidade investigadora, así a ciencia podería avanzar máis rápido e dun xeito máis sólido (Leiner *et al.*, 2009: 28). Esta era tamén a filosofía habitual das persoas desenvolvedoras de software. Por exemplo, así describe o programador Richard Stallman a súa experiencia no MIT nos anos 70:

[...] in the lab where I worked, the entire operating system was software developed by the people in our community, and we'd share any of it with anybody. Anybody was welcome to come and take a look, and take away a copy, and do whatever he wanted to do. There were no copyright notices on these programs. Cooperation was our way of life. And we were secure in that

Mozilla Firefox, abonda con premer o botón dereito do rato da páxina en que nos atopemos e seleccionar a opción “ver código fonte da páxina” para accedermos a el.

way of life. We didn't fight for it. We didn't have to fight for it. We just lived that way. (Stallman, 2002: 159)

Esta filosofía habíase ver ameazada axiña por sectores buscaban tirar proveito económico ou político de Internet (afondaremos nesta cuestión na epígrafe dedicada á neutralidade da rede, (*vid.* §2.3.3.1.2), mais o feito de a Word Wide Web ser aberta permitiu durante a década de 90 que un número importante de persoas se convertese en produtora de contidos en Internet. Con todo, neste momento a unidireccionalidade da rede aínda era moi forte, pois aínda que a linguaxe HTML é relativamente sinxela, cumpría ter certos coñecementos técnicos para empregala e, por tanto, para crear páxinas web e verter contidos na rede. Ademais, aplicacións como DreamWeaver ou FrontPage, que permitían usala dun xeito menos complexo, tampouco eran de uso común (Dans, 2010). É dicir, nesta altura aínda predominan os “usuarios extremadamente activos, creativos e críticos, que aproveitan ó máximo as posibilidades de interacción de Internet” (Romero & Vaquero, 2011: 17). Porén, este contexto xa permite que se comecen a crear ferramentas que lles faciliten a achega de contidos a aquelas persoas que non posúen os coñecementos técnicos necesarios para facelo, de xeito que se sentan as bases da web 2.0 ou web social (*vid.* §2.2.1.3). Nas seguintes subepígrafes analizamos algunhas desas ferramentas.

2.2.1.2.2.1. Buscadores

Un motor de busca ou buscador é unha “páxina web que lle permite ao visitante acceder a unha listaxe de páxinas relacionadas cos termos introducidos” (“buscador”), é dicir, trátase dunha ferramenta fundamental para atoparmos o que buscamos entre a enorme cantidade de información dispoñíbel na rede. A primeira ferramenta destas características foi *Yahoo!*, que data de 1994, mais cómpre apuntar que non se trataba dun buscador tal e como o entendemos hoxe, senón que era máis ben un índice que ofrecía buscas xerarquizadas (Dans, 2010). Por exemplo, se quixésemos buscar información sobre a lingua galega, probabelmente tivésemos que premer nunha categoría xenérica do tipo “cultura”, dentro dela na subcategoría “linguas” e dentro desta última, na subcategoría “galego”. Así as cousas, se non existisen categorías e/ou subcategorías axustadas á nosa procura, seríanos moi difícil atopar a información que procurásemos. Con todo, só un ano despois aparecería *Altavista*, un motor de busca tal e

como entendemos hoxe, é dicir, que nos permite realizar as nosas procuras tecleando palabras chave nunha caixa de procura. Debemos ter en conta que, dado o enorme tamaño da web, é imposible a realización de buscas en tempo real, polo que este tipo de ferramentas fan unha análise previa das páxinas existentes (*parsing*) empregando uns programas denominados arañas (*bots*, *spiders* ou *crawlers* en inglés), de xeito que elaboran unha base de datos propia, en que realizan a procura. Mais, cal é o criterio para expoñer os resultados nunha determinada orde unha vez realizada a procura? Nun primeiro momento os motores de busca situaban nos primeiros postos as páxinas web que pagaran para teren unha maior visibilidade, mais isto supoñía unha alta probabilidade de que os resultados non se axustasen ao que se procuraba. Para resolver isto, comezaron a empregar a estatística: ordenábanse as webs por relevancia, en función das veces que aparecece nelas a palabra buscada. Con todo, isto tampouco resolvía o problema, pois os resultados podían ser modificados polas persoas creadoras de páxinas web. Por exemplo, imaxinemos que temos un negocio dedicado á venda de verduras, e que temos unha web en que só indicamos o enderezo físico da nosa tenda, mais escribimos a palabra “verduras” centos de veces (por exemplo, con letra branca sobre fondo branco, para que o buscador a identifique mais non se vexa a simple vista). Neste caso o motor de busca entenderá que a nosa páxina é moi relevante para a procura “verduras”, polo que aparecerá nos primeiros postos sempre que alguén faga esta busca, mais é moi probable que unha persoa que procura esta palabra estea a procurar información sobre tipos de verduras, as súas propiedades, o seu prezo etc., e non só o enderezo dunha tenda de verduras. É dicir, este método permite “enganar” o buscador e que os resultados non sexan os esperados (Dans, 2010).

Quen resolveron isto foron Larry Page e Sergey Brin, creadores *Google*, un proxecto que ten as súas orixes en 1995, e que xurdiría como empresa en 1998 (“Our history in depth”). A intención dos fundadores de Google era a de buscar un criterio de relevancia que fose alleo ás persoas creadoras das webs e, por tanto, que escapase da manipulación. Este criterio foi o seguinte: cando ao mencionar unha palabra moitas páxinas vinculan a unha páxina concreta, xúlgase que esa páxina é relevante para esa procura, polo que aparecerá nos primeiros postos (Dans, 2010). Volvendo ao exemplo da nosa tenda de verduras: se moitas páxinas en que se nomea o termo “verduras” teñen unha ligazón á páxina da nosa tenda de verduras ao citaren esa palabra, Google entende que a nosa páxina é relevante para esa busca, polo que aparecerá nos primeiros postos.

É dicir, o criterio de relevancia xa non depende de nós, creadoras da páxina, senón de que outras persoas enlacen cara a nosa páxina. Isto, que é a base do algoritmo de procura de Google, foi o que fixo que este buscador fose moito máis eficiente que o resto dos existentes, de aí que se convertese no máis usado en moi pouco tempo. Así as cousas, a evolución desde o índice de buscas xerarquizadas de Yahoo! até o desenvolvemento do sistema de Google fixo que a procura de información na web se volveuse moito máis rápida e eficiente en poucos anos, o que á súa vez contribuíu a aumentar o número de persoas usuarias. Con todo, na actualidade Google personaliza os resultados das buscas atendendo á información que ten das persoas usuarias, un feito que pode incidir negativamente nos resultados das buscas, mais afondaremos máis esta cuestión no apartado 2.3.1.1.

A pesar da importancia dos buscadores na actualidade, cómpre termos en conta que só indexan unha parte mínima das páxinas web existentes na rede, a coñecida como web superficial, que supón entre o 4 e o 5% do total. O 95-96% restante é a chamada web profunda (*deep web*) invisíbel ou oculta que, por diferentes razóns, non está indexada polos buscadores convencionais (contido privado, restrinxido, dinámico, que precisa dun software específico para acceder a el etc.). É bastante habitual que só oiamos falar da web profunda en relación con actividades ilegais (venta de drogas, de armas, de produtos roubados etc.) aínda que tamén é un espazo de grande importancia para outras actividades coma o activismo político (Casás, 2014/11/21; “Deep web”, González, 2015/06/14, Zavia, 2015/02/11). En relación con isto está o proxecto Tor, un proxecto que ten o obxectivo de que poidamos navegar de xeito completamente anónimo e que tamén nos permite acceder a páxinas web co pseudodominio de nivel superior *.onion*, empregado para designar servizos anónimos e ás que non podemos acceder cun navegador convencional. Tor dispón dun navegador baseado en Firefox que, en teoría, permite que naveguemos de xeito anónimo pola rede. Para isto Tor cifra os datos enviados por capas, coma se dunha cebola se tratase (de feito, o procedemento denomínase *onion routing*) e non os envía directamente do emisor ao receptor, senón que pasa por toda unha serie de nodos intermedios. A posibilidade de accedermos á web de xeito anónimo non só é unha garantía para preservarmos a nosa privacidade (*vid.* §2.3.1.1), senón que tamén permite esquivar a censura e acceder a webs para para as que algúns países restrinxen o acceso. O proxecto recibiu o premio da Free Software

Foundation (*vid.* §2.3.3.3) para proxectos de interese social correspondente ao ano 2010 pola súa importancia na organización de movementos disidentes en Irán e Exipto naquel momento. Con todo, cómpre remarcarmos que a eficacia de Tor á hora de nos garantir o anonimato pode non ser tal alta como esperaríamos. De feito, as filtracións de Edward Snowden (*vid.* §2.3.1.1.1) en 2013 revelaban que a National Security Agency (NSA) dos Estados Unidos estaba atacando a rede Tor coa finalidade de obter datos das persoas usuarias, obxectivo que conseguira no caso dalgunhas persoas usuarias (Julián, 2012/12/13; “Tor (anonymity network)”).

2.2.1.2.2.2. Aplicacións para enviar e recibir mensaxes

2.2.1.2.2.2.1. Correo electrónico

AS orixes do correo electrónico remóntanse a 1965, aínda que a primeira mensaxe non se enviou até 1971, como xa indicamos (*vid.* §2.2.1.1.1). Nesta etapa de expansión da rede comezan a se desenvolver aplicacións que permiten que o uso do correo electrónico chegue cada vez a máis persoas. Así, en 1988 Microsoft lanza o primeiro servizo de correo comercial, Microsoft Mail, que nese momento funcionaba só en Mac. Desde entón xorden diversas aplicacións, como Lotus Notes 1.0 de IBM en 1989, Microsoft Outlook para MS-DOS en 1992 etc. Con todo, a grande expansión do correo electrónico viría da man de aplicacións web gratuítas, como é o caso de HoTMaiL (1996) e Yahoo! Mail (1997) (“Microsoft Outlook: Evolution of Email”).

O correo electrónico, aínda que baseado en texto, permitía cada vez enviar documentos anexos de maior tamaño (imaxes, audio, vídeos) e converteuse nunha ferramenta de grande utilidade. Porén, a expansión do seu uso tamén trouxo canda ela algunhas consecuencias negativas, como por exemplo o correo lixo (*spam*). O correo lixo é “correo non desexado, enviado de xeito masivo e normalmente con carácter publicitario” (“correo lixo”). Aínda que nalgúns casos se sitúa o inicio do correo lixo en 1990 (“Microsoft Outlook: Evolution of Email”), Brad Templeton (2003) sostén que a primeira mensaxe lixo coñecida foi unha mensaxe publicitaria enviada o 3 de maio de 1978 pola empresa Digital Equipment Corporation (DEC), e destinada a todas as persoas conectadas a ARPANET na costa oeste dos Estados Unidos. Con todo, o termo inglés *spam* non se usaría para facer referencia a este tipo de correo até os anos 90 do século XX. Para combater o correo lixo existen diferentes técnicas, como os filtros

baseados no contido das mensaxes, listaxes de enderezos emisores de correo lixo, filtros colaborativos etc. (Templeton, 2003); mais o problema chegou a ser tal que nos Estados Unidos comezaron a aprobarse leis en 2004 para regular este tipo de mensaxes (“Microsoft Outlook: Evolution of Email”).

En conclusión, desde mediados dos 80 até o século XXI o uso do correo electrónico non deixou de aumentar, até o punto de que no ano 2000, só nos Estados Unidos, xa se contaban 107 millóns de persoas usuarias (Grauer, 2004).

2.2.1.2.2.1.1. Listaxes de distribución ou roldas

As listas de distribución ou roldas son un uso especial do correo electrónico consistente en empregar un conxunto de enderezos electrónicos aos que se lles envían mensaxes de xeito regular. Estas mensaxes poden ser de dous tipos: mensaxes informativas ou publicitarias (boletín electrónico), que non requiren dunha resposta por parte do receptor, e mensaxes que teñen a intención de iniciar un debate entre os integrantes da listaxe (“lista de distribución”; “soc.culture.galiza”).

2.2.1.2.2.2. Chat

O chat é unha tecnoloxía que nos permite manter conversas en tempo real. Está baseado principalmente en texto, aínda que tamén pode admitir o intercambio doutro tipo de contidos (imaxes, son, vídeo). Caracterízase por estar aberto a todo o mundo, de xeito que só cómpre entrarmos nunha canle de chat cun pseudónimo (nick) para podermos comezar a interactuar con todas as persoas da canle ou con unha soa, mediante unha conversa privada, sen necesidade coñecermos previamente esa(s) persoa(s) (Yus, 2010: 211 - 212).

A historia do chat tal e como o entendemos hoxe comeza en 1988, cando Jarkko Oikarinen crea o Internet Relay Chat (IRC), un protocolo de comunicación baseado en texto que permite conversas entre dúas ou máis persoas en tempo real (Vela, 2005: 113). A partir deste momento créanse numerosas redes baseadas no protocolo IRC, que gozaron dunha gran popularidade durante os anos 90 do século XX (Paolillo, 1999).

2.2.1.2.2.3. Mensaxaría instantánea

A mensaxaría instantánea permítenos, igual que o chat, manter conversas baseadas en texto en tempo real. Con todo, a diferenza do chat, a mensaxaría instantánea require que teñamos previamente nunha listaxe de contactos as persoas con que queremos falar. Ademais, aínda que pode permitir conversas múltiples, é máis frecuente empregármola para conversas só entre dúas persoas¹³ (Yus, 2010: 211 - 212). Aínda que a mensaxaría instantánea ten as súas orixes nos primeiros tempos da rede (Van Vleck), é nesta etapa cando cobra maior importancia, especialmente co xurdimento de servizos gratuítos de mensaxaría instantánea nos últimos anos da década dos 90. Estamos a falar de aplicacións como Yahoo! Pager (1998) (“Stay In Touch With Yahoo! Pager”), MSN Messenger (1999) (“Microsoft Launches MSN Messenger Service”) ou a aplicación libre Gaim (1999), despois coñecida como Pidgin (Herper, 2002/07/16), que nos permiten manter conversas en tempo real coas persoas que agregamos á nosa listaxe de contactos.

2.2.1.2.2.3. Aplicacións para partillar arquivos

Ademais de poder buscar e compartir información na web máis facilmente, nos finais dos 90 comezan a desenvolverse aplicacións que nos permiten compartir arquivos (texto, audio, vídeo, videoxogos etc.) dun xeito máis doado. A primeira aplicación deste tipo foi Napster, creada por Shawn Fanning en 1999, e destinada a compartir arquivos de audio. Trátase da primeira aplicación peer-to-peer (P2P), de usuario/a a usuario/a ou par a par, é dicir, unha “rede de pares ou entre iguais, sen servidores, nin clientes onde todos os ordenadores son clientes e servidores á vez, para o intercambio de información (“Peer to Peer”). Napster só tiña un servidor central que se encargaba de indexar os arquivos e poñer en contacto os pares, mais a información estaba sempre nos computadores das persoas usuarias, de xeito que cada persoa elixía que contidos propios compartía coa comunidade (Cobo & Pardo, 2007: 27 - 28). Isto supón un grande avance á hora de compartir contidos, pois antes cumpría ter un servidor e un importante ancho de banda para ofrecer arquivos na rede, mais agora era algo que podía facer calquera persoa. En 2001 Napster tiña xa máis de 26 millóns de persoas usuarias e nese mesmo ano remataría a súa historia como aplicación ao dispor da comunidade pois, debido ás

13 Con todo, é habitual o uso do termo chat para se referir á mensaxaría instantánea.

presións da industria cultural, acabaría por asinar un acordo coa discográfica Bertelsmann para o cobro de tarifas (Campos, 2004: 27; Dans, 2010). Con todo, en pouco tempo a comunidade de internautas desenvolvería outras ferramentas P2P máis eficientes que Napster, que gozarían de gran popularidade e permitirían compartir un importante número de arquivos entre as persoas usuarias da rede.

2.2.1.2.2.4. Aplicacións para a publicación de contidos

Un dos elementos clave para que a rede se convertese no medio multidireccional que é hoxe foi a simplificación do proceso de publicación de contidos. A continuación imos explicar brevemente o funcionamento de novas ferramentas que facilitaron o acceso aos debates e á publicación de contidos na rede: os foros de debate e os sistemas de xestión de contidos (Content Management System)¹⁴.

2.2.1.2.2.5. Foros

Na etapa anterior xa xurdiran algunhas ferramentas destinadas fundamentalmente aos debates na rede, como é o caso dos taboleiros virtuais (en inglés *bulletin board systems* (BBS)) ou do sistema de discusión Usenet (*vid.* §2.2.1.1.2). Ambos os dous sistemas (que aínda existen na actualidade) son considerados os precedentes dun novo medio de debate xurdido en 1994¹⁵: os foros de debate en Internet. Se atendemos á definición de foro que nos achega o *Dicionario Galego das TIC* (DiGaTIC), “sitio web que se emprega para xestionar discusións, opinións ou mensaxes en Internet” (“foro”), decatáronos de que a súa función é practicamente a mesma que a dos taboleiros virtuais ou a de Usenet, pois todos son espazos dedicados fundamentalmente ao debate, que se desenvolve de forma asíncrona. Así as cousas, os foros non son máis que unha evolución tecnolóxica con respecto aos taboleiros virtuais e a Usenet, que permiten que ese espazo de debate se poida usar con maior rapidez (a lentitude era unha das eivas dos taboleiros virtuais) e dun xeito máis accesíbel para todo o mundo (para accedermos a Usenet pode ser necesario conectámonos a un servidor de pago, mentres que os foros

14 Outro sistema que facilita o debate e a publicación de contidos na rede son as listas de distribución, ás que xa fixemos referencia na epígrafe correspondente ao correo electrónico (*vid.* §2.2.1.2.2.2.1.1).

15 Considérase que o primeiro foro da historia foi o WWW Interactive Talk (WIT), creado por Ari Luotonen en 1994 (Forum Software Timeline 1994 - 2012, 2011).

son accesíbeis vía web). Canto á súa estrutura, nos foros podemos distinguir diferentes tipos de persoas usuarias, mais as máis habituais son as administradoras (xestionan a parte técnica), as moderadoras (permítenlle o acceso a outros/as usuarios/as e controlan o contido) e o resto de usuarios/as (rexistrados/as ou anónimos/as). En canto á estrutura dos debates, xeralmente organízanse en diferentes fíos de conversa (*threads*) dedicados cada un a un tema concreto, e as persoas usuarias publican as súas mensaxes (*posts*) dentro deses fíos. Xeralmente está mal visto pola comunidade que se publiquen mensaxes en fíos en que non lles corresponde, pois isto dificulta a súa consulta (Martín de la Hoz, 2007; vBulletin Community Forum FAQ).

2.2.1.2.2.6. Sistemas de xestión de contidos

Sinalamos anteriormente que neste momento a creación de páxinas web, baseadas na linguaxe HTML, requiría certos coñecementos técnicos, polo que non estaba ao alcance de calquera persoa (*vid.* §2.2.1.2.2). Isto cambia co xurdimento dos sistemas de xestión de contido, coñecidos polas siglas CMS (do inglés *Content Management System*), un tipo de programa “que permite crear un marco de traballo para a creación e administración de contidos por parte do usuario, principalmente en páxinas web, sen necesidade de ter coñecementos de programación” (“sistema de xestión de contido”). Os CMS comezan a se desenvolver a mediados da década dos 90. Así, no 1995 xorde un sistema de documentación de software que permitía levar un control das versións do software de xeito automático e eficiente, superando as posibilidades dun procesador de textos convencional, de modo que se podía obter un trazado fiábel da historia dos documentos (Fumero & Roca, 2007: 37). Este é o inicio do que actualmente coñecemos como wiki, isto é, software colaborativo que “permite a edición colectiva dos documentos usando un sistema sinxelo e permite que o contido non teña que ser revisado antes da súa publicación” (“Wiki”). Trátase dunha ferramenta que non precisa de coñecementos técnicos para producir e modificar contidos dun xeito moi sinxelo e intuitivo na web. Na actualidade o exemplo máis coñecido de wiki é a Wikipedia (afondaremos no caso da wikipedia ao tratarmos a web 2.0 ou web social, *vid.* §).

Por outra banda, nos 90 eran relativamente frecuentes webs persoais actualizadas con certa periodicidade, trátase dos antecedentes dos blogues actuais. Mais a creación deste tipo de espazos non se puido estender ao público en xeral até que apareceron

ferramentas que facilitaban a súa publicación. Unha das primeiras ferramentas deste tipo foi Blogger, un CMS creado en 1999, e que sería comprado por Google en 2003. Blogger marca un antes e un despois na evolución do que hoxe coñecemos como blogues, pois é a primeira ferramenta que fai accesíbel ao público en xeral a publicación de contidos nunha páxina web propia, dun xeito intuitivo e sen posuír coñecementos técnicos (Ruiz Blanco, 2009: 177 - 178).

Así as cousas, na segunda metade da década dos 90 foros e os primeiros CMS permiten que cada vez máis persoas usuarias non só sexan receptoras da información da rede, senón tamén emisoras.

2.2.1.2.2.7. Outras

Outras tecnoloxías importantes que se orixinan nos anos 90 e que se popularizarían na década seguinte son, por exemplo, o comercio electrónico ou a telefonía IP. A historia do comercio electrónico tal e como o coñecemos hoxe comeza en 1994, coa creación de Amazon por parte de Jeff Bezos. Na actualidade son moitos os lugares en que podemos mercar diferentes produtos na rede, mais Amazon, que comezou sendo unha librería on line e que hoxe está totalmente diversificada, segue a manter o liderado do comercio electrónico. Só un ano despois xorde un modelo un pouco diferente da man de Pierre Omidyar: eBay. A diferenza de Amazon, onde só podemos mercar produtos, eBay, o primeiro sitio de poxas da rede, ofrécenos a posibilidade de comprar e vender. Na actualidade milleiros de persoas mercan ou venden todo tipo de produtos todos os días a través desta plataforma. É dicir, Amazon e eBay non só foron pioneiras no comercio electrónico, senón que seguen a ser sitios de referencia neste ámbito, a primeira desde unha perspectiva unidireccional (só podemos mercar) e a segunda desde cun funcionamento bidireccional (podemos mercar e vender). Cómpre apuntar que, para alén das transaccións comerciais, tamén comezan a implantarse neste momento os servizos en liña ofrecidos pola Administración (Dans, 2010; Vaquero & Romero, 2001: 148).

A telefonía a través de IP ou Voice over IP (VoIP), “tecnoloxía que permite a comunicación de voz sobre unha rede baseada no protocolo IP” (“telefonía a través de IP”), xa comezara a desenvolverse antes dos 90, mais a primeira aplicación comercial non xurdiría até 1995, de man da compañía VocalTec (Dans, 2010). Trátase dunha

tecnoloxía que permite unha gran calidade na comunicación, xeralmente de balde ou a un custo moi inferior ao da telefonía tradicional. Con todo, non se popularizaría até a chegada de Skype en 2003 (Cobo & Pardo, 2007: 123).

Por outra banda, tamén aumentan considerabelmente os xogos en rede, tanto os de un só xogador como os de varios/as xogadores/as, como é o caso de Doom (1993), Quake (1996) o Duke Nukem (1996) ou Starcraft (1998) (Garin & Pérez, 2009).

En definitiva, na década dos 90 non só aumentaron os contidos dispoñíbeis na rede, senón que as persoas usuarias máis avanzadas desenvolveron aplicacións que lle facían máis doado o uso da rede ao público en xeral. Romero & Vaquero (2001: 26 - 27) distinguen tres tipos de contidos na rede: a información (todo tipo de datos, entendidos nun sentido amplo), a comunicación (os contidos producidos pola interacción entre persoas) e a transacción (contidos xerados pola adquisición de produtos ou pola prestación de servizos). Pois ben, ao rematar o século XX xa se desenvolveran tecnoloxías e aplicacións que lle permitían o acceso aos tres tipos de contidos ao público en xeral. Así, os motores de busca, os CMS e as redes P2S permitían acceder á información, mais tamén producila; o chat e a telefonía a través de IP permitían unha comunicación sinxela; e o comercio e a administración electrónicas simplificaban as transaccións. Esta situación fixo que se creasen importantes expectativas sobre o futuro da rede en todos os ámbitos, tamén no económico, polo que todas as empresas que naceron vinculadas a Internet adquiriron un gran valor. Isto provocou que entre 1997 e 2001 se crease unha burbulla económica arredor da rede, denominada burbulla punto com (en inglés *Dot-com bubble*), que estouparía nos inicios do novo século (“Dot-com bubble”). Este acontecemento provocou un clima xeral de desencanto con Internet desde o mundo empresarial, mais non detivo o desenvolvemento da rede como medio social, pois xa estaban botados os alicerces da seguinte etapa: a web 2.0 ou web social.

2.2.1.3. A web 2.0 ou web social (2000 - actualidade)

2.2.1.3.1. Que é a web 2.0 ou web social?

O termo web 2.0, tan popular na actualidade, xorde dunha tormenta de ideas entre os equipos de dúas empresas, O'Reilly Media e MediaLive International, en 2004 (Cobo &

Pardo, 2007: 27). Mais, que significa web 2.0? O 2.0 recorda a unha numeración de versión, tal e como acontece coas versións de software, polo que poderíamos pensar que simplemente estamos perante unha versión nova e mellorada da web deseñada por Tim Berners-Lee (de feito, por contraposición, é habitual denominarmos 1.0 a web anterior) (Dans, 2010). Pois ben, o elemento esencial que define a web 2.0 non é unha mellora da tecnoloxía, senón o uso que se se fai dela, pois a web 2.0 é unha web bi ou multidireccional, realmente participativa, en que son as persoas usuarias as que teñen o control da rede, de aí que tamén se denomine web social (Fumero & Roca, 2007: 10 - 16).

Obviamente, para que a web 2.0 ou web social sexa posíbel cómpre un desenvolvemento tecnolóxico previo que faga a web máis accesíbel, como o que describimos na epígrafe anterior (motores de busca, CMS, P2P etc.), mais a web 2.0 non sería tal sen a participación das persoas usuarias. De feito, na actualidade os termos 2.0 e 1.0 empréganse por extensión para referirse a calquera cousa que destaque pola súa unidireccionalidade ou bi / multidireccionalidade, respectivamente. Así, podemos cualificar como 1.0 todo aquilo que non permite interacción (por exemplo, no ámbito da educación, poderíamos dicir que unha clase maxistral tradicional é moi 1.0), e como 2.0 o que si a permite (por exemplo, unha clase en que os alumnos e as alumnas poden interaccionar constantemente entre eles/elas ou co profesorado por diferentes medios, non necesariamente presenciais). Este concepto de web, que hoxe é o habitual, supuxo un cambio drástico na historia da rede. Así o describe Enrique Dans:

Para muchos, la irrupción de esa Web 2.0 resultó completamente traumática. Es bastante habitual en muchos campos de la actividad humana que los expertos de un tema reaccionen de manera desagradable cuando su conocimiento y saber hacer resulta vulgarizado y puesto al alcance de cualquiera. Y así fue: de la noche a la mañana, cualquier persona podía poner cualquier contenido en Internet, y hacerlo con relativa solvencia si no en su contenido, sí en su aspecto, sin necesidad de saber como escribir ni un mísero comando HTML. Para muchos, esto era terrible, algo destinado a “colapsar” Internet, a hacer imposible que pudiésemos localizar información, que quedaría “enterrada” entre tantos contenidos creados por “cualquiera”... La Web 2.0 representó una caída tan brusca de las barreras de entrada, que cambió completamente la naturaleza de la web, la convirtió en el primer medio verdaderamente

democrático de la historia de la comunicación humana. Y con ello, cambió la manera en la que nos comunicábamos, dando lugar a toda una inmensa gama de posibilidades que aún estamos empezando a explorar. (Dans, 2010)

Cómpre apuntarmos que Tim Berners-Lee non viu con bos ollos esta contraposición entre a web tal e como el a concibiu, denominándoa 1.0, e a web 2.0, pois dela parece deducirse que el deseñou a web como un espazo unidireccional e que foi unha innovación posterior a que a converteu no espazo participativo que é o hoxe. Porén, Berners-Lee deseñou a World Wide Web precisamente para que fose un medio multidireccional, é dicir, o concepto de web social xa formaba parte da web que el creou, aínda que tardase algún tempo en conformarse unha comunidade que fixese esa web social unha realidade. Así o explica o propio creador da web nunha entrevista publicada no portal IBM DeveloperWorks:

developerWorks: You know, with Web 2.0, a common explanation out there is Web 1.0 was about connecting computers and making information available; and Web 2 is about connecting people and facilitating new kinds of collaboration. Is that how you see Web 2.0?

Berners-Lee: Totally not. Web 1.0 was all about connecting people. It was an interactive space, and I think Web 2.0 is, of course, a piece of jargon, nobody even knows what it means. If Web 2.0 for you is blogs and wikis, then that is people to people. But that was what the Web was supposed to be all along. And in fact, you know, this Web 2.0, quote, it means using the standards which have been produced by all these people working on Web 1.0. It means using the document object model, it means for HTML and SVG, and so on. It's using HTTP, so it's building stuff using the Web standards, plus JavaScript, of course. So Web 2.0, for some people, it means moving some of the thinking client side so making it more immediate, but the idea of the Web as interaction between people is really what the Web is. That was what it was designed to be as a collaborative space where people can interact. (“developerWorks Interviews: Tim Berners-Lee”, 2006/08/22).

Así as cousas, non parece adecuado contrapor os termos web 1.0 e web 2.0 tal e como se fai habitualmente, considerando a primeira como un medio unidireccional e a segunda como un medio bi ou multidireccional. En ambos os dous casos a web é un espazo participativo, que conecta persoas. A denominada web 2.0, que chegou co século XXI, non é máis que a realización dos obxectivos para os que foi deseñada a web, ao

eliminar boa parte das barreiras de acceso e crearse unha comunidade o suficientemente ampla como para que sexa un medio en que case todas as persoas poidamos participar. Con todo, como podemos observar no gráfico 11, no ano 2012 o número de hosts da rede representaba case un sétimo da poboación mundial, polo que aínda está lonxe de ser a web social en que todas as persoas poidamos participar (afondaremos nesta cuestión no punto dedicado á fenda dixital, *vid.* §2.3.1.2).




Gráfico 6: Evolución do número de hosts da rede do 1981 ao 2012 (fonte: “Internet host count history”)

2.2.1.3.1.1. Web semántica, web 3.0 e web 2.0

No 1998 Tim Berners-Lee escribiu o “Semantic Web Road map”, un documento en que describe o proxecto de web semántica promovido polo World Wide Web Consortium, unha comunidade dirixida por el que traballa para o desenvolvemento de estándares da web (“About W3C”). Berners-Lee explica que a web foi deseñada para a comunicación entre persoas, mais que as máquinas tamén poden participar e axudarnos nese proceso, polo que o seu obxectivo é acadar “a set of connected applications for data on the Web in such a way as to form a consistent logical web of data (semantic web)”. Non se trataría de construír unha rede diferente, senón de aproveitar o potencial da web existente conseguindo que as máquinas non só sexan quen amosar información, senón tamén de “entendela” (Berners-Lee & Hendler & Lassila, 2011/05/17). Este proxecto, aínda en desenvolvemento, centrouse en crear diversas tecnoloxías que lles permitisen ás máquinas “comprender” a información que manexan. Velaquí un exemplo de como funcionaría a web semántica, exposto por Berners-Lee, Hendler e Lassila:

Suppose you wish to find the Ms. Cook you met at a trade conference last year.
You don't remember her first name, but you remember that she worked for one

of your clients and that her son was a student at your alma mater. An intelligent search program can sift through all the pages of people whose name is “Cook” (sidestepping all the pages relating to cooks, cooking, the Cook Islands and so forth), find the ones that mention working for a company that's on your list of clients and follow links to Web pages of their children to track down if any are in school at the right place. (Berners-Lee & Hendler & Lassila, 2011/05/17)

A construción dunha web semántica non se opón á web 2.0 ou web social, senón que se complementa con ela, pois se a web 2.0 supón o derrubamento de boa parte das barreiras de acceso á información, a web semántica implica unha maior racionalización desa información. Así, o oposto da web semántica sería a web léxica, isto é, aquela que só permite procuras por coincidencia de palabras (Sánchez, 2008). Na actualidade o proxecto do World Wide Web Consortium aínda non conseguiu todos os seus obxectivos, mais si que desenvolveu tecnoloxías que permiten que nos afastemos cada vez máis da web léxica e nos acheguemos a pretendida web semántica. Un exemplo é a linguaxe XML, que explicaremos brevemente na epígrafe dedicada á diversidade de medios da web social (*vid.* §2.2.1.3.2.1).

Cómpre termos en conta que é bastante frecuente que os termos web semántica e web 3.0 se usen como equivalentes (Sánchez, 2008), mais algúns autores apuntan que o termo 3.0 xurdiu cun significado diferente ao de web semántica. Segundo Lluís Codina (2009: 5), unha das primeiras persoas en usar o termo web 3.0 foi Phil Wainwright, nun artigo en ZDNet publicado en novembro do 2005. Aínda que non se indica o título do artigo, tendo en conta as datas e o contido a que se fai referencia, parece que se trata de “What to expect from Web 3.0”¹⁶, un texto en que Wainwright describe a web 3.0 como unha evolución técnica da web 2.0, centrándose no eido da empresa (Phil Wainwright, 2005/11/29). Codina (2009: 6 - 7) tamén a considera como unha evolución da web 2.0, mais desde unha perspectiva máis xenérica, de xeito que os trazos característicos da web 3.0 son a computación na nube (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.6), a vinculación entre datos e aplicacións, os axentes de usuario/a (calquera software que actúe no nome dunha persoa usuaria), a largura de banda e a ubicuidade da web. A web 2.0, pola súa banda, caracterizaríase polas redes sociais, as ferramentas cooperativas, os

16 Google Trends sinala que a primeira procura do termo “web 3.0” data de outubro do 2005, mentres que xa se rexistran buscas de “3.0 web” en agosto dese mesmo ano (“Web Search Interest: 'web 3.0', 'web 2.0', '3.0 web', '2.0 web’”).

contidos creados polas persoas usuarias e as aplicacións en liña. Con todo, parece que non resulta doado establecer unha liña que separe a web 2.0 da web 3.0 tal e como as define Lluís Codina, pois trátase de características que parecen ir parellas (por exemplo, a largura de banda ou a ubicuidade da web son necesarias para un uso eficiente das redes sociais ou das ferramentas cooperativas). Por outra banda, os datos indican que o termo “web 3.0” non tivo moito éxito, o que implicaría que esta división entre web 2.0 e web 3.0 tampouco o tivo. Se atendemos aos datos que nos achega Google Trends, o termo “web 2.0” comeza a aparecer en 2004 e acada o seu pico máximo en 2007, momento desde o que comeza a descender o seu uso; mentres que o termo “web 3.0” comeza a aparecer máis timidamente en 2005 e até o 2012, momento de redacción destas liñas, mantense sempre por debaixo do termo “web 2.0” (“Web Search Interest: 'web 3.0', 'web 2.0', '3.0 web', '2.0 web'”). Así as cousas, non empregaremos o termo web 3.0 para referírnos a unha evolución da web 2.0, pois é unha clasificación para a que non atopamos fundamentos suficientes e que, ademais, parece que non é moi exitosa, polo que usaremos os termos web 2.0 e web social para referírnos tanto ao que Lluís Codina denomina web 2.0 como ao que denomina web 3.0.

2.2.1.3.2. A interacción na web social

Despois de definirmos a web 2.0 ou web social como un espazo participativo, en que todas as persoas poden ser á vez receptoras e emisoras da información, cómpre describirmos un pouco máis polo miúdo esa interacción. Así as cousas, imos analizar, os principais medios empregados polas usuarias e usuarios da web social, mais tamén nos deteremos brevemente nos dispositivos empregados para accedermos a ela.

2.2.1.3.2.1. Diversidade de medios

A web social adoita estar asociada aos blogues, ás wikis, ás redes sociais etc. Mais que teñen de especial estes medios con respecto á web dos anos 90 do século XX? Aínda que insistimos en que a web 2.0 non se define por ser unha tecnoloxía máis avanzada, senón polo feito de ser un espazo participativo, tamén é certo que algo tivo que cambiar na tecnoloxía empregada para que, practicamente dun día para outro, a web se convertese nun lugar en que case calquera persoa pode ser receptora ou emisora de contidos sen ningunha dificultade. Pois ben, na web dos 90, elaborada coa linguaxe

HTML, non era posíbel separar a forma do contido (Dans, 2010), o que facía moito máis difícil manter unha web actualizada. Imaxinemos que queremos crear un blogue usando só a linguaxe HTML: cada vez que escribísemos unha entrada deberíamos definir manualmente o tipo de letra empregado para o título, o tipo de letra do corpo do texto, a data de publicación etc. Porén, na actualidade, cando escribimos unha entrada para un caderno dixital, existe xa un esquema formal predeterminado (que, na maioría dos casos, podemos modificar), de xeito que nós só temos que nos preocupar de introducir o contido, sen termos necesidade de coidar que, por exemplo, a tipografía se corresponda coa das entradas anteriores. O mesmo acontece nos wikis ou nas redes sociais.

Neste sentido ten especial importancia o desenvolvemento da linguaxe eXtensible Markup Language (XML)¹⁷, unha linguaxe en que só se define o contido, mentres que o formato queda determinado xa ao comezo do documento (como se verán os títulos, o corpo do texto, as ligazóns etc.). Así é como funciona, por exemplo, calquera das ferramentas que nos permiten crear blogues. Isto ten implicacións alén de facilitar o proceso de publicación de contidos, pois tamén permite extraer o contido libre de formatos, de modo que pode ser empregado noutras páxinas adecuándose ao seu formato. Deste xeito, podémonos subscribir a unha fonte de novas ou feed, isto é, á secuencia de contidos producidos por unha páxina (xeralmente a través do formato XML Really Simple Syndication (RSS)) e lelos desde outro lugar (Dans, 2010). Por exemplo, para lermos a diario varios xornais dixitais e varios blogues diferentes podemos entrar en cada xornal e en cada blogue, mais tamén podemos subscribirmos desde un lector de feeds (un dos máis coñecidos foi Google Reader¹⁸), que nos amosará todas as novas que aínda non lemos en conxunto, evitando así termos que visitar as páxinas unha por unha. Tamén é esta separación entre contido e forma a que nos permite compartir novas, entradas de blogues etc. nas redes sociais.

17 Trátase dunha linguaxe desenvolta polo World Wide Web Consortium dentro do proxecto da web semántica (Codina, 2009).

18 Google Reader foi lector de feeds de Google xurdido en 2005. En marzo de 2013 Google anunciou que o servizo pecharía a comezos de xullo dese mesmo ano, nunha das súas limpeza de primavera, o que provocou o enfado de moitas persoas usuarias do servizo. Despois de se anunciar o seu peche servizos semellantes como Feedly viron aumentar moi rapidamente o número de persoas usuarias (“A second spring of cleaning”, Dans, 2013/03/14; Protalinski, 2013/06/19).

En conclusión, unha das características da web 2.0 é a separación entre o formato e os contidos, o que permite que estes últimos sexan moito máis manexábeis, tanto para publicalos como para difundilos. A continuación imos describir máis polo miúdo os principais medios de participación na web 2.0, todos eles coa característica común de separaren o contido da forma.

2.2.1.3.2.1.1. Medios característicos da web social

2.2.1.3.2.1.1.1. Blogues

Na actualidade estamos moi familiarizados/as cos blogues, mais que é un blogue? Para facermos un primeiro achegamento, velaquí a definición da Wikipedia:

Un Weblog (do inglés *web + log*), blog, bitácora ou blogue é unha páxina web onde hai mensaxes ou publicacións ordenadas cronoloxicamente escritas por unha ou varias persoas, chamados webloggers, sobre un tema en particular a modo de diario on-line. (“Weblog”)

Unha definición un pouco máis completa achéganola José Luis Orihuela:

Este medio, el primero nativo de la Web, puede definirse por la cronología inversa de las historias (lo más reciente es siempre lo más visible), por los enlaces permanentes (cada historia o post tiene un URL propio fijo) y eventualmente por la existencia de comentarios (cada historia puede comentarse individualmente). En un blog se encuentra, normalmente, acceso a un archivo cronológico y, eventualmente, temático de las historias publicadas, una lista de enlaces que suelen corresponder a los weblogs que el autor lee con frecuencia, un buscador interno, algún sistema de estadísticas, breve información acerca del autor y una dirección de correo electrónico de contacto.

Mediante los enlaces a sitios externos que realiza y los enlaces y comentarios que recibe, cada blogger se inserta dentro de una comunidad o “vecindario”, conformado por esos vínculos comunes y por la familiaridad que adquiere con su grupo de referencia. (Orihuela, 2005)

Trátase, por tanto, de páxinas web en que unha ou varias persoas publican contidos ordenados de xeito cronolóxico, e que permite a interacción mediante o uso de comentarios. Ademais, adoitan pertencer a unha comunidade de blogues.

Como xa indicamos, a orixe dos blogues temos que buscala nas páxinas web persoais dos anos 90. Con todo, non existe acordo á hora de datar o inicio das bitácoras, pois algúns autores consideran que Justin Hall foi un dos primeiros blogueiros, coa súa web persoal creada en 1994, cando era estudante do Swarthmore College (Pennsylvania, EUA) (Cheal & Coughlin & Moore, 2012: 414); mentres que outros sitúan o seu inicio en 1997, coa bitácora Scripting News, de Dave Winer (Delgado, 2008). Tampouco existe acordo no referente á orixe do termo inglés blog. Segundo Cheal *et al.* (2012: 414) a forma extensa weblog aparece por primeira vez en 1995, mentres que Delgado (2008) atribúella a Jorn Barger, en 1997. En canto á forma acurtada, blog, parece que ten a súa orixe nun xogo de palabras feito por Peter Merholz, quen, en 1999, escribiu na súa bitácora “we blog” ou “wee-blog”, dando lugar ao nacemento da forma blog como substantivo e como verbo (“It's the links, stupid”, 2006/04/20; Blood, 2007/09/07).

Sexa como for, o certo é que nos primeiros tempos só as persoas con certos coñecementos técnicos podían crear a súa bitácora. Non sería até xullo de 1999 cando xurdiría a primeira ferramenta libre para a creación de blogues: Pitas. Só un mes despois, Pyra Labs lanzou a ferramenta Blogger, que marcou un antes e un despois na historia das bitácoras, pois foi o primeiro CMS que permitía crear un blogue dun xeito realmente rápido e sinxelo (Blood, 2007). En 2003 Google adquiriría Blogger (Dans, 2010) e, nese mesmo ano, xurdiría outra das ferramentas máis importantes para a creación de blogues: WordPress (“About WordPress”). A diferenza de Blogger, WordPress é unha ferramenta libre, é dicir, podemos acceder ao seu código e modificalo ou melloralo segundo as nosas necesidades. Isto é o que permite que dispuxésemos de WordPress en galego moito antes que de Blogger. Segundo o informe emitido anualmente por Technorati, un dos principais motores de busca de bitácoras, en 2011 WordPress era xa a ferramenta máis usada para a creación de blogues, empregada polo 51% dos blogues (State of the Blogosphere 2011).

No seguinte gráfico amosamos a evolución do número de blogues nos últimos anos, segundo datos de NM Incite :




Gráfico 7: Evolución do número de blogues do 2007 ao 2011 (fonte: “Buzz in the Blogosphere: Millions more bloggers and blog readers”, 2012/03/08)

Aínda que, como podemos observar, o número de blogues non deixou de medrar, cómpre apuntar que nos primeiros tempos apareceron moitos blogues que serían abandonados axiña, pois ao desaparecer a dificultade técnica para publicar unha bitácora, para moitas persoas que crearan a súa apareceu unha nova: a de ter contidos interesantes que publicar. Con todo, isto non supuxo unha diminución dos blogues, senón unha evolución cara a bitácoras máis elaboradas, que se converten case en medios de comunicación profesionais, e blogues máis persoais, empregados polas persoas que os escriben como unha forma de desenvolver a súa presenza na rede (Dans, 2010).

Por outra banda, é importante termos en conta a influencia que os blogues tiveron sobre os medios tradicionais na rede. Moitas bitácoras desenvolvéronse até o punto de superaren os medios tradicionais, xa que de súpeto había unha morea de persoas escribindo sobre diferentes temas e, ademais, recibían feedback, é dicir, non se trataba dunha comunicación unidireccional, senón que o público lector interaccionaba e achegaba novos contidos mediante os comentarios. Existía, por tanto, unha comunidade, denominada *blogosfera*, que contribuía multidireccionalmente á creación dos contidos. Tratábase tamén de publicacións cheas de hiperligazóns e desenvolvérase o concepto de enlace permanente ou *permanlink*, isto é, cada publicación estaba vinculada a un enderezo URL permanente, o que permitía que fose vinculado desde outros lugares sen medo a que o enderezo desaparecese e o contido ficase inaccesíbel (ou, o que é o mesmo, que aparece o erro 404, que indica que o contido non foi atopado)¹⁹ (Dans,

19 Ao existir unha URL permanente para un contido, este contido recibirá tamén máis visitas procedentes dos motores de busca. Lembremos que un buscador como Google basea o seu criterio de relevancia no número de ligazóns a un sitio web ao nomear a palabra ou palabras procuradas. Volvendo ao exemplo da web da tenda de verduras, se moitas persoas enlazan a un contido da web da

2010). Porén, os medios de comunicación tradicionais con presenza na rede facían, tal e como describen Daniel Romero e Isabel Vaquero, “o transvasamento mimético dos formatos dos medios de comunicación tradicionais a Internet”, o que para estes autores era considerado xa en 2001 “un fracaso” (2001: 25). Pois ben, o éxito das bitácoras obrigou os medios tradicionais a que pouco a pouco fosen introducindo a posibilidade de deixar comentarios, as hiperligazóns no corpo do texto das novas ou as ligazóns permanentes aos seus contidos, é dicir, a influencia dos blogues axudou a que os medios de comunicación tradicionais presentes na rede se convertesen en auténticos medios dixitais (Dans, 2010).

2.2.1.3.2.1.1.2. Wikis

Como xa indicamos (*vid.* §2.2.1.2.2.6), un wiki é software colaborativo que “permite a edición colectiva dos documentos usando un sistema sinxelo e permite que o contido non teña que ser revisado antes da súa publicación” (“Wiki”). Os wikis teñen as súas orixes en 1995, co desenvolvemento do WikiWikiWeb por parte de Ward Cunningham, un sistema de documentación de software que permitía levar un control das versións automaticamente, indo alén das posibilidades dun procesador de textos convencional, de modo que se podía obter un trazado fiable da historia dos documentos (Fumero & Roca, 2007: 37; Mittell, 2012: 35). O termo wiki provén da forma hawaiana WikiWiki, que significa 'rápido' nesta lingua, precisamente pola rapidez de publicación e modificación de contidos que permite un medio colaborativo en que as persoas non precisan de ningunha autorización para publicaren (Mittell, 2012: 35; “Wiki”).

Na actualidade existen numerosas ferramentas que nos permiten crear os nosos wikis (como a propia WikiWikiWeb, MediaWiki etc.), e case todas elas son abertas. Mais, cal é a función dun wiki? Pois ben, un wiki pódese empregar para calquera cousa que se nos ocorra facer de xeito colaborativo: desde organizarmos unha excursión coas nosas

nosa tenda ao nomear a secuencia “verduras frescas” mediante o enderezo URL www.verduras.gl/verduras-frescas, ese contido aparecerá nunha boa posición cando se procuren esas palabras nun motor de busca. Agora ben, se ao pouco tempo mudamos o enderezo URL dese contido por www.verduras.com/verduras-frescas, que xa non é referenciado por tantas persoas ao nomear “verduras frescas”, e a ligazón www.verduras.gl/verduras-frescas xa non leva a ningún contido (ligazón rota), o motor de busca seguirá destacando a ligazón rota, que é máis relevante segundo o seu criterio, mais, ao non levar a ningún contido, a visibilidade da nosa tenda de verduras na rede reducirase notabelmente.

amizades até mellorar a coordinación no noso traballo ou crearmos a enciclopedia máis grande do mundo. Precisamente este último uso é polo que son máis coñecidos os wikis, pois o wiki máis famoso non é outro que a Wikipedia. Dada a importancia deste proxecto, ímoslle dedicar unha atención especial na seguinte subepígrafe.

A Wikipedia, a enciclopedia libre

- **Que é a Wikipedia?**

A Wikipedia é unha enciclopedia libre, colaborativa e multilingüe na rede. Isto significa que calquera persoa pode acceder de balde ao seu contido e empregalo para calquera finalidade, mais tamén o pode mellorar ou ampliar. A Wikipedia lanzárona o 15 de xaneiro de 2001 Jimmy Wales e Larry Sanger, e está sostida desde o 2003 pola Wikimedia Foundation, unha fundación sen fins lucrativos que tamén mantén outros proxectos libres, como Wiktionary (“Wikipedia”). Este proxecto converteuse axiña na enciclopedia máis grande do mundo (en abril de 2016 contaba con case 40 millóns de artigos en 292 linguas) (“List of Wikipedias”).

- **A orixe da Wikipedia**

As primeiras iniciativas de enciclopedias en formato dixital xorden xa nos anos 80 do século XX: a primeira enciclopedia comercial en CD-ROM foi a *Electronic Encyclopedia*, publicada en 1986 pola Editorial Grolier, que contiña os máis de 30 000 artigos da *Academic American Encyclopedia* (Ramajo Hernández, 2000); e unha das enciclopedias máis coñecidas seguindo este modelo foi a *Encarta*, lanzada en 1993 por Microsoft (Serrano Soria, 2003: 323). Con todo, estas son iniciativas comerciais que pretendían ampliar o negocio editorial tradicional aos novos formatos, mais os seus principios pouco teñen que ver cun proxecto como o da Wikipedia. A idea dunha enciclopedia libre (de contido accesíbel de xeito gratuíto e editábel por calquera persoa) remóntase ás mesmas orixes de Internet, pois non debemos esquecer que ARPANET nacera vinculada á investigación para mellorar a divulgación de ideas e resultados. Porén, non é até os anos 90 do século XX que comeza a producirse un intenso debate sobre a posibilidade de crear o que na época se denominou unha “interpedia” (Reagle, 2009: 44). Unha das primeiras iniciativas neste sentido xurdiría en 1999, sería a

GNUPedia²⁰ impulsada polo programador Richard Stallman a través da Free Software Foundation (FSF), un proxecto que se lanzou de forma oficial en 2001 e que ficou inactivo anos despois, pois Stallman acabaría por apoiar a Wikipedia como proxecto central de enciclopedia libre (Hongbao, 2006: 83).

Por outra banda, en marzo do 2000 Jimmy Wales e Larry Sanger iniciaran outro proxecto semellante: Nupedia (Hongbao, 2006: 82). Tratábase dunha enciclopedia de contido libre en que os artigos estaban escritos e revisados por expertas/os en cada tema, a quen se lles propoñía colaborar de xeito non remunerado. O proxecto espertou o interese de moitas persoas, que buscaron colaborar na redacción de Nupedia, mais, dado o alto nivel que se lles esixía ás persoas redactoras, a maior parte delas non podían ser aceptadas para esa tarefa (Sanger, 2005). Este sistema provocou que o avance do proxecto fose moito máis lento do esperado, razón pola que en 2001 se creou un wiki vinculado a Nupedia, coa finalidade de coordinar e axilizar o proceso de redacción de artigos. Os contidos publicados neste wiki acabaron por superar os da propia Nupedia, que finalmente pechou en 2003 perante o éxito do seu wiki aberto, en que calquera persoa podía ler ou editar os contidos, a Wikipedia (Reagle, 2009; 45; Sanger, 2005; “Wikipedia”).

Así as cousas, o nacemento da Wikipedia tal e como a coñecemos hoxe foi case unha casualidade, pois só era un wiki pensado para axudar ao desenvolvemento de Nupedia, mais ese “happy accident”, como o denomina Joseph Reagle (2009) acabou por se converter na maior enciclopedia libre (non só canto ao seu contido, senón tamén canto ao código) e multilingüe que o ser humano creou nunca.

- **A Wikipedia fronte ás enciclopedias tradicionais**

Aínda que desde o punto de vista cuantitativo non hai enciclopedia que lle faga sombra, desde unha perspectiva cualitativa a Wikipedia tivo abundantes detractores e detractoras desde os seus inicios. O traballo colaborativo, a chave do seu éxito, foi sinalado desde os primeiros tempos como a súa principal eiva, de xeito que a Wikipedia foi e é desprestixiada constantemente argüíndo que, se calquera pode editala, calquera pode escribir calquera cousa, polo que a calidade dos seus artigos sempre estará en dúbida. A primeira gran polémica a este respecto comeza en decembro do 2005, cando un dos seus

20 Posteriormente pasaría a chamarse GNE.

fundadores, Jimmy Wales, publica na revista *Nature* o artigo “Internet encyclopaedias go head to head”, un estudo comparativo entre a Wikipedia e a Encyclopædia Britannica en que se concluía que ambas as dúas estaban ao mesmo nivel en canto á calidade dos seus artigos. En marzo do 2006 Encyclopædia Britannica escribe unha carta aberta, “Fatally Flawed. Refuting the recent study on encyclopedic accuracy by the journal *Nature*”, en que se descualifica o estudo de Jimmy Wales, alegando erros metodolóxicos, e esíxeselle a *Nature* que retire o artigo. Nese mesmo mes, a revista científica contéstalle a Encyclopædia Britannica mediante outra carta aberta, “Encyclopaedia Britannica and *Nature*: a response”, rexeitando as acusacións sobre o artigo de Jimmy Wales. Diferentes estudos posteriores avalan a calidade da Wikipedia en distintas linguas: nun artigo publicado na revista *Stern*, en 2007, a versión alemá da Wikipedia acadou maior puntuación de calidade que a Brockhaus Enzyklopädie, a maior enciclopedia alemá do século XXI; mentres que un traballo publicado en *Annals of Pharmacotherapy* en 2008 recoñecía que os artigos sobre farmacoloxía da Wikipedia son completos e precisos. Existen tamén traballos na dirección contraria, que colocan a Wikipedia lixeiramente por debaixo doutras fontes tradicionais, como acontece no caso dos contidos de humanidades en que, segundo outro estudo, acada un 80% de precisión, fronte ao 95 - 96% doutras enciclopedias (Casebourne & Davies, & Fernandes & Norman, 2012: 10 - 12).

A pesar deste tipo de estudos, a maior enciclopedia libre do mundo segue a ser cuestionada constantemente, quizais por supoñer un importante cambio no modelo de divulgación do coñecemento, un cambio que algúns sectores aínda non foron quen de dixerir. Para entendermos isto cómpre volver a vista aos anos 80 do século XX, cando Microsoft lle solicitou a Encyclopædia Britannica unha licenza para publicar os seus contidos en CD-ROM. A Encyclopædia Britannica, que liderara o mercado mundial das enciclopedias nos últimos 200 anos, negouse a tal proposta, por ver nela unha ameaza ao seu modelo de negocio: calquera podería copiar un CD-ROM e a súa enciclopedia estábase vendendo a un prezo mínimo de 1500 \$. Microsoft seguiu co seu empeño de publicar unha enciclopedia en CD-ROM, un proxecto que daría os seus froitos no 1993 co lanzamento de Encarta, unha enciclopedia que, aínda que en calidade era inferior a Britannica, ofrecía todo tipo de contidos (texto, ilustracións, audio, vídeo) aos que se podía acceder dun xeito moi doado, e a un prezo de só 60 \$. En poucos anos a

Encyclopædia Britannica deixou de ser a enciclopedia líder a nivel mundial en favor da nova enciclopedia multimedia de Microsoft²¹. Porén, o xurdimento da Wikipedia en 2001 fixo caer as vendas de Encarta dunha maneira significativa, o que provocou que Microsoft empregase todo tipo de estratexias para intentar manter a súa enciclopedia. Mesmo se buscou emular o modelo da Wikipedia solicitando, en 2005, a colaboración das persoas usuarias. Cómpre lembrarmos que o contido de Encarta non era libre, era propiedade de Microsoft, polo que esta petición de colaboración non tivo éxito, pois non supoñía poñer coñecementos ao dispor do resto das persoas, senón traballar de balde para Microsoft. Finalmente, en 2009 Microsoft pechou definitivamente a súa enciclopedia, e ás poucas horas do anuncio o dato xa estaba na entrada “Encarta” da Wikipedia (Dans, 2010).

A Wikipedia supón o paso dun modelo baseado no traballo dunhas poucas persoas, no concepto de autoridade e no acceso restrinxido á información (barreiras físicas, económicas etc.) a un novo modelo baseado no traballo colaborativo, na intelixencia colectiva e no acceso libre ao coñecemento²². A pesar de a Wikipedia non ser perfecta, como non é ningunha obra enciclopédica, e sen entrarmos en se é mellor ou peor que outras enciclopedias, o certo é que dificilmente unha enciclopedia tradicional como *Encyclopædia Britannica* ou Encarta poderían superar as potencialidades da Wikipedia. Segundo datos de xaneiro do 2013, máis de 38 millóns de editoras/es rexistradas/os (unha boa parte expertas/os), están editando e revisando constantemente as súas entradas, con debates públicos sobre o proceso de edición e sen outra finalidade que a de poñer o coñecemento ao dispor da humanidade (Dans, 2010; “List of Wikipedias”). Non podemos obviar que a Wikipedia sofre actos de vandalismo, é dicir, “unha forma de edición que levan a cabo persoas que teñen como diversión estragar o traballo doutros colaboradores ou crear artigos lixo, sen ningún tipo de contido enciclopédico nin de interese”. Con todo, dispón de medidas para atallalos, como obrigar a usar a vista previa antes de gardar unha edición ou non permitirlles crear novos artigos ás persoas

21 Ao ano seguinte, en 1994, a *Encyclopædia Britannica* comeza a publicar unha versión web, mais non consegue facerlle fronte a Encarta. En 2012 anunciou o peche definitivo da súa versión impresa para centrarse na versión na rede, mais o contido segue sendo propiedade de *Encyclopædia Britannica* e cómpre pagar para accedermos a el (Pepitone, 2012).

22 As barreiras non fican totalmente derrubadas grazas ao formato dixital, como veremos na epígrafe dedicada á fenda dixital (*vid.* §2.3.1.2), mais si que se ven reducidas dun xeito importante.

usuarias anónimas. Aínda que é certo que estas medidas poden disuadir o vandalismo mais non o evitan, tamén é certo que cando se produce adoita ser reparado axiña e, en casos extremos, tense chegado a bloquear enderezos IP ou persoas usuarias (“Wikipedia:Vandalismo”). Para alén disto, nestes casos tamén entra en funcionamento a chamada *lei de Cunningham* (denominada así en honra a Ward Cunningham, creador do concepto wiki, como xa vimos en §2.2.1.3.2.1.1.2), unha lei enunciada por Steven McGeady e que establece que “a mellor maneira de obter a resposta correcta en Internet non é facer unha pregunta, senón publicar a resposta incorrecta” xa que, deste xeito, o desexo das persoas por amosar o seu coñecemento fará que aparezan axiña correccións.

- **Traballo colaborativo, intelixencia colectiva e acceso libre ao coñecemento**

A pesar do vandalismo, os estudos sobre a calidade dos contidos da Wikipedia sitúana por riba, ao mesmo nivel ou lixeiramente por debaixo doutras fontes e, cando se dá esta última situación, as diferenzas non son especialmente significativas (como acontece na precisión con respecto aos artigos de humanidades). Así as cousas, non parece arriscado afirmar que a Wikipedia é unha fonte fiábel, aínda que cumpra lela desde unha perspectiva crítica, como se debe facer con calquera texto. Porén, segue a ser constantemente desprestixiada nos medios de comunicación, mais, por que parece esixirse que a información da Wikipedia sexa tratada sempre cunha precaución extrema, mentres que a das fontes tradicionais parece ser incuestionábel? Por que non se esixe a mesma lectura crítica en ambos os dous casos? Pois ben, por unha banda, todo cambio de modelo é difícil, e asumir que a intelixencia colectiva ou distribuída pode estar á altura ou mesmo superar o criterio de autoridade, que dominou a divulgación do coñecemento durante séculos, non é doado (Dans, 2010). Por outra banda, un modelo baseado no traballo colaborativo²³ e no acceso libre ao coñecemento ataca directamente os alicerces do negocio editorial, que durante anos estivo lucrándose do monopolio do coñecemento, mais que, ante a posibilidade de o coñecemento ser verdadeiramente de dominio público, perde o seu sentido e, o que é máis importante, o seu poder. Isto está

23 Relacionado con esta forma de traballar está o concepto de ciencia cidadá, en que a cidadanía participa no desenvolvemento de proxectos científicos de diferentes xeitos (achegando datos, revisando datos ou poñendo os seus computadores a disposición dos proxectos para axilizar a análise de datos) (“Citizen science”).

provocando que a industria editorial (e a industria cultural en xeral) actúe como un obstáculo no acceso ao coñecemento, no canto de o poñer ao dispor das persoas, que é o seu obxectivo na teoría (Dans, 2010). Ademais, a Wikipedia (e Internet na súa totalidade) supoñen un perigo para o poder político e económico, que sempre se encargou de controlar a información a que ten acceso a cidadanía, para asegurarse de que a poboación non contraviñese os seus intereses. Porén, poñer ao dispor da humanidade todo tipo de coñecementos, sen outro filtro que o do traballo colectivo, supón o xermolo dunha cidadanía informada, con opinión crítica, activa, participativa, realmente libre e non disposta a ser manipulada facilmente. Todo isto pode facer tremar ao poder que exerce o seu control sobre o resto da poboación, de aí os ataques a modelos como o da Wikipedia ou os intentos de censurar Internet que se veñen producindo nos últimos anos (Bravo, 2005: 9). Trataremos todas estas cuestións con maior profundidade na epígrafe dedicada a á neutralidade da rede (*vid.* §2.3.3.1.2).

O motivo de detérmonos tanto na descrición da Wikipedia é que é un traballo colaborativo a nivel mundial, que acadou resultados moi significativos, tanto na cantidade como na calidade, e que quizais poidamos considerar o máximo expoñente (só superado pola propia Internet) dos logros que a que pode chegar a intelixencia colectiva. Trátase dun modelo que, de momento, conseguiu non viciarse, no sentido de que a única motivación é a de poñer ao dispor das persoas todo o coñecemento da humanidade, e ese traballo non está influenciado por cuestións alleas á súa finalidade, como pode ser tirar rendemento económico del²⁴. Independentemente de que no futuro siga a conservar ou non estes principios, a Wikipedia xa conseguiu demostrarnos algo moi importante: o traballo colaborativo funciona, a motivación de lle poder achegar algo á sociedade é suficiente para que millóns de persoas dediquen o seu tempo a unha actividade, e o traballo da intelixencia distribuída é dificilmente superábel (Dans, 2010). Trátase dun exemplo palpábel de que hai outro xeito de vivirmos en sociedade, que podemos traballar unhas persoas para as outras e non case todas/os para uns poucos, un modelo que pode ser extrapolábel a moitas outras cuestións, e que é unha característica inherente ao que vai ser o noso campo de estudo: Internet.

24 A Wikimedia Foundation obtén financiamento das doazóns que fan persoas anónimas de todo o mundo.

A pesar de todo isto, consideramos que a Wikipedia tamén ten un punto fraco neste sentido. Aínda que se trata dun medio libre e colaborativo, non deixa de ser un medio descentralizado, pois os seus contidos están localizados nuns determinados servidores, isto é, é un medio non distribuído. Como indicamos ao nos referirmos a buscadores coma YaCy (*vid.* §2.3.1.1), as redes distribuídas son moito máis eficientes á hora de evitar a manipulación e a censura, polo que a Wikipedia sería aínda máis libre se fose distribuída. Neste sentido, son de interese achegamentos coma os que realiza Manuel Ortega:

La Wikipedia borró las estructuras distribuidas de los grandes relatos de Internet y se proclamó el gran recentralizador del conocimiento libre en el Ciberespacio en nombre de lo “colaborativo”. Un discurso que hoy mantienen todavía autores como Paul Mason olvidando que las redes descentralizadas otorgan poder de filtro a los centralizadores de cada subred y que lo único que cambia “lo colaborativo” es que generarán oligarquías... participativas, rankismos y demás síntomas tempranos de la generación artificial de escasez. Como resultado la participación sustituyó en el relato a la interacción y el Ciberespacio como espacio de soberanía experimentó su primera gran derrota. Wikipedia preparó el camino a Twitter y Facebook, la segunda oleada de la gran recentralización de la Web (Ortega, 2016/04/07).

2.2.1.3.2.1.1.3. Redes sociais

Unha rede social é un servizo web que nos permite crear un perfil público ou semipúblico e manter conexións con outras persoas usuarias, coas que podemos intercambiar ideas ou compartir contidos. A idea de crear unha comunidade de persoas usuarias interconectadas estaba xa nas orixes de ARPANET, e foron moitas as comunidades que se desenvolveron desde os inicios de ARPANET até a actualidade. Con todo, teríamos que esperar até 1997 para que vise a luz a primeira rede social en Internet baseada nunha plataforma web: sixdegrees.com. Desde este momento comezarían a crearse diferentes servizos web de redes sociais, como Fotolog (2002), Friendster (2002), MySpace (2003), LinkedIn (2003), Hi5 (2003), Orkut (2004) etc. (Boyd & Ellison, 2007: 211 - 212). Mais a grande expansión deste servizo web ten a súa orixe en 2004, cando Mark Zuckerberg lanzou, coa axuda doutros universitarios, unha rede social para ser empregada polo estudantado da universidade estadounidense de

Harvard: Facebook. Ao ano seguinte Facebook amplía a súa cobertura a máis universidades, e desde 2006 é unha rede social en que calquera persoa se pode rexistrar (Boyd & Ellison, 2007: 212). Desde 2003 a rede social máis empregada en Internet era MySpace, e Facebook non ameazaba con facerlle sombra nos seus primeiros anos de vida. Con todo, en 2007 Facebook incorpora unha importante innovación con respecto ás restantes redes sociais do momento: lanza a súa plataforma de aplicacións, que permite que calquera persoa con coñecementos de programación poida crear calquera tipo de aplicación para a rede social. A partir deste momento xorden aplicacións con todo tipo de finalidades, a maioría delas sen moita utilidade práctica (desde a posibilidade de facerlles cóxegas ás túas amizades até poder compartir unha cervexa virtual), mais esta innovación fai que a popularidade de Facebook suba dun xeito moi importante: dos 15 millóns de perfís de maio do 2007 até os 60 millóns de decembro dese mesmo ano (Dans, 2010). O 4 de outubro de 2012 Mark Zuckerberg anunciaba que Facebook acadara a cifra de 1000 millóns de persoas usuarias activas, unha sétima parte da poboación mundial nese momento (Zuckerberg, 2012). Outras redes sociais que cómpre nomear son Google+, lanzada por Google en xullo do 2011 (Kaste, 2011), ou Tuenti, rede de ámbito español que foi a máis empregada no Estado español entre o 2006, data da súa creación, e o 2008, data en que foi superada por Facebook (Sixto, 2010: 153). Por outra banda, cómpre chamar a atención sobre a rede social creada por Evan Williams en 2006: Twitter. Trátase dunha rede de mensaxes de só 140 caracteres (microblogging) concibida para que as persoas poidan publicar dun xeito rápido e doado o que están facendo en cada momento (Dans, 2010). Na actualidade está a acadar unha gran relevancia, non só polo crecemento do seu número de usuarios/as, senón (e sobre todo) porque se converteu nunha ferramenta de grande importancia para a difusión de todo tipo de información dun xeito rápido, e está a ser especialmente relevante na coordinación de movementos cidadáns en todo o mundo, desde as revolucións nos países árabes que comezaron no ano 2010 até movementos como o 15M (Ferrerías, 2011).

As redes sociais poden ser xenéricas, como Facebook, Twitter ou Google+, ou ben estar enfocadas a unha finalidade específica, como é o caso de LinkedIn, pensada para crearmos o noso perfil profesional na rede. Todos estes servizos web poden ser moi útiles para mantermos o contacto coas nosas amizades, crearmos amizades novas, entretérmonos ou xestionar a presenza na rede de calquera tipo de organización. Con

todo, as redes sociais tamén poden implicar certos inconvenientes, que se poden deber ao uso que facemos delas e/ou ao uso que as empresas que as xestionan fan dos nosos contidos. Por unha banda, a maioría das persoas non teñen ningunha limitación de privacidade nos perfís das súas redes sociais, polo que os contidos que comparten son visíbeis para todo o mundo. En moitas ocasións non reflexionamos sobre as consecuencias de publicarmos contidos nas redes sociais, sobre se van estar ou non visíbeis para calquera persoa e as consecuencias que iso pode ter. É bastante habitual que se coloque nos perfís unha gran cantidade de información, sen reparar en se nos pode prexudicar ou non (por exemplo, á hora de aspirarmos a un posto de traballo) ou no uso malicioso que outras persoas poderían facer desa información. É dicir, unha das desvantaxes máis importantes que as redes sociais poden ter para as persoas usuarias é a súa propia inxenuidade e falta de criterio á hora de compartiren información dun xeito público. Por outra banda, un importante inconveniente é o uso que as empresas propietarias das redes sociais poden facer da información que vertemos nelas. Por exemplo, non existe un criterio legal que distinga se unha foto publicada no muro do Facebook é propiedade da persoa que a subiu ou é de Facebook. De feito, Facebook chegou a anunciar que pretendía atribuírse a propiedade de todos os contidos publicados empregando a súa plataforma web, aínda que tivo que se botar para atrás debido á presión das persoas usuarias (mais eses contidos están igualmente en poder de Facebook, xa que están aloxados nos seus servidores) (Caldevilla, 2010: 51 - 59).

Solucionar o primeiro inconveniente das redes sociais depende só de nós, de aprendermos a xestionar a nosa presenza nelas e na rede en xeral, mais o uso que as empresas ás que lles entregamos os nosos datos poden facer deles é unha cuestión máis preocupante. De feito, empresas como Google ou Facebook están a recibir constantemente presións dos gobernos para lles cederen os datos das persoas que usan os seus servizos, algo frecuente nos Estados Unidos, mais que tamén está comezando a pasar en países como España, especialmente en relación coa identificación de persoas que participan en mobilizacións cidadás (Sánchez, 2012). Así as cousas, as redes sociais parecen ser un elemento básico para a creación dunha Internet fortemente controlada, pois son as plataformas en que vertemos máis datos sobre nós mesmas, frecuentemente sen termos en conta o uso que outras persoas ou grupos de persoas poden facer deses datos.

Fronte a esta situación, na actualidade contamos xa con algunhas redes sociais creadas con código libre (*vid.* §2.3.1.1) e distribuídas, isto é, que non están aloxadas nos servidores dunha empresa, senón que as podemos instalar nos nosos propios servidores e podemos interaccionar con persoas que empreguen o software da rede social desde outro servidor diferente, polo que non hai unha empresa que poida controlar toda a información xerada. Neste sentido podemos destacar redes sociais coma friendica ou *GNU Social*. Esta última é unha rede social de *microblogging*, moi semellante a Twitter, que mesmo é empregada polo fundador do movemento polo software libre, Richard Stallman, a quen xa nos referimos (*vid.* §2.2.1.2.2).

En resumo, as redes sociais son un dos servizos de Internet máis usados na actualidade e poden ser de grande utilidade, mais cómpre sermos conscientes dos riscos que implica compartirmos publicamente unha morea de información sobre nós, e aloxarmos esa información en servidores pertencentes a empresas privadas.

2.2.1.3.2.1.1.4. Sitios de novas con filtros sociais

Podemos definir as webs de noticias con filtros sociais como redes sociais con características especiais, pois trátase de páxinas en que as persoas envían historias procedentes de diferentes fontes (medios de comunicación convencionais, blogs etc.) que son votadas polo resto de usuarios/as, de modo que as máis votadas chegan á páxina principal (Dans, 2010). Deste xeito é a comunidade a que decide a importancia e, por tanto, a maior ou menor difusión dunha nova, fronte ao que acontece nos medios de comunicación tradicionais, en que a relevancia vén dada polas axencias de noticias e os intereses de cada medio concreto. O primeiro sitio destas características foi Digg, creado en por Kevin Rose en 2004 nos Estados Unidos (Dans, 2010; Lerman, 2007). A idea xurdiu grazas ao blogue favorito do fundador, Slashdot, unha bitácora en que as persoas enviaban ligazóns a novas e os/as editores/as seleccionaban cales publicaban. Tratouse dun modelo de moito éxito, até o punto de que ao aparecer unha nova enlazada en *Slashdot* o número de visitas no sitio de que procedía adoitaba ser tal que a páxina ficaba indispoñíbel, un efecto que se chegou a coñecer como *Slashdot effect* ou *slashdotteado*. *Digg* orixinouse tomando este modelo, mais facendo que as editoras que filtrasen as noticias fosen as propias persoas usuarias cos seus votos. Un ano despois do nacemento de *Digg* lanzábase Reddit, un sitio de noticias moi semellante (Bergstrom, 2011). *Reddit* abriría o seu código en 2008, permitindo que calquera persoa puidese

baixalo e melloralo (Huffman, 2008), e en 2010 produciríase unha migración masiva de usuarios/as de *Digg* a *Reddit*, debido ao descontento coa mudanza de deseño de *Digg*. En 2012 *Reddit* contaba con case 35 millóns de usuarios/as únicos/as (erik [hueypriest], 2012) e autodefínese co lema the front page of Internet, isto é, a portada de Internet (*Reddit*, 2012).

O éxito de *Digg*, e posteriormente de *Reddit*, deu lugar ao nacemento comunidades semellantes noutros lugares moi axiña, como a española Menéame, baseada fundamentalmente no deseño de *Digg* (Dans, 2010). Menéame xurdiu en 2005 como un proxecto persoal de Ricardo Galli, profesor da Universitat de les Illes Balears, e na actualidade non só é unha web de grande éxito no Estado español, senón que tamén deu lugar a diferentes clons, como o galego *Chuza!* (afondaremos máis na descrición de *Chuza!* na epígrafe dedicada a Internet en Galiza, *vid.* §2.4.1.3.1.4.1.3), pois trátase dun proxecto en código aberto que permite que outros proxectos empreguen o seu modelo libremente (Cuesta & Sánchez, 2012: 21).

2.2.1.3.2.1.1.5. Ferramentas para compartir contidos

Na etapa anterior, a expansión da rede (1985 - 2000), describimos brevemente as aplicacións para compartir arquivos existentes naquel momento, centrándonos especialmente na tecnoloxía P2P (*vid.* §2.2.1.2.2.3). Pois ben, na web social o xeito de compartir arquivos mudou lixeiramente: por unha banda, melloráronse as tecnoloxías P2P e, por outra, xurdiu unha nova alternativa: a descarga directa.

En 2001 Bram Cohen creou BitTorrent (Cohen, 2001), un “protocolo de intercambio de arquivos entre pares empregado para a distribución de arquivos de gran tamaño” (“BitTorrent”). Este protocolo funciona ben para arquivos grandes, xa que se dividen en fragmentos, e cada fragmento localízase nun número ilimitado de hosts, polo que para un mesmo fragmento dun determinado arquivo temos moitas fontes diferentes. Por exemplo, para descargarmos unha película temos que descargar primeiro un arquivo .torrent asociado a ela, que contén información referente á localización de todas as pezas do arquivo dese filme nos diferentes hosts. Unha vez que baixamos o .torrent temos que abrilo cun cliente de BitTorrent (existen múltiples aplicacións deste tipo, como qBittorrent, Transmission, uTorrent, Vuze etc.) que accederá a un gran número de fontes para cada un dos fragmentos do arquivo, polo que a descarga é moito máis rápida

que con outros sistemas (ao rematarmos a descarga as partes ensámblanse) (“Arquivo de Torrent”). Só un ano despois xurdiría un novo avance neste sentido: as ligazóns *magnet*, un sistema que permite que non sexa necesario baixar previamente un arquivo *.torrent*, pois a información importante sobre a localización dos fragmentos dos arquivos obtense a partir dunha ligazón: prememos nela e o noso cliente BitTorrent comeza a descarga (“Magnet-Link”).

A pesar do importante desenvolvemento do P2P, o certo é que durante a primeira década do século XXI medrou considerabelmente o uso da descarga directa, un método que, aínda que permite descargas rápidas e máis cómodas (non cómpre instalar ningún tipo de programa adicional), presenta importantes debilidades. A descarga directa implica que os arquivos están aloxados nun servidor e as persoas usuarias pódenos subir e baixar directamente. Trátase dun sistema moi feble, pois o arquivo ten unha soa localización, e se ese servidor falla o arquivo pérdese; mentres que nas redes P2P se non se pode acceder a un fragmento dun arquivo nun host concreto, pódese acudir a outro host. Pois ben, existen diferentes servizos de descarga directa, mais o máis usado foi o fundado en 2005 por Kim Schmitz, máis coñecido como Kim Dotcom: Megaupload . O 19 de xaneiro do 2012 Kim Dotcom foi detido polo FBI, que pechou o servizo de Megaupload por unha suposta violación das leis do copyright (a pesar de que nin a empresa nin o seu fundador tiñan relación ningunha cos Estados Unidos). Isto provocou a perda de todos os contidos aloxados nos seus servidores, independentemente de se violaban ou non os dereitos de autoría (Levin & Doran & Maria, 2012: 24). Este acontecemento deu lugar a unha reflexión dentro da comunidade de internautas sobre o uso que se estaba a facer da rede: estábese a primar a rapidez e a comodidade á hora de descargar contidos, mais deixárase de lado a filosofía das redes P2P, isto é, a filosofía de compartir (Varona, 2012). O peche de Megaupload fixo medrar de novo as redes P2P (“El cierre de Megaupload resucita el P2P”, 2012/01/26; J.B.S., 2013/04/01), e tamén é un bo exemplo da pouca eficiencia que ten unha rede centralizada fronte ás redes distribuídas e non xerárquicas.

O que vimos de explicar é só unha breve descrición sobre a evolución do modo de partillar arquivos na web 2.0, mais deixamos a cuestión dos dereitos de autoría e o feito de compartir arquivos por Internet para a epígrafe dedicada á neutralidade da rede (*vid.* §2.3.3.1.2.1.1.1).

2.2.1.3.2.1.1.6. A nube

Unha das características máis importantes da web 2.0 é a chamada computación na nube (cloud computing). Segundo Armbrust et al. (2010) “cloud computing refers to both the applications delivered as services over the Internet and the hardware and systems software in the data centers that provide those services”, isto é, a computación na nube é un sistema que nos permite traballar de xeito deslocalizado, o que implica que as aplicacións e os arquivos con que traballamos non teñen por que estar no noso computador, senón que poden estar directamente en Internet, en servidores aos que podemos acceder desde diferentes dispositivos. Por exemplo, se utilizamos un sistema de almacenamento na nube que crea unha carpeta no noso computador (Dropbox, Google Drive etc.), sempre que editemos un arquivo que estea dentro desa carpeta estamos editando un arquivo que está localizado no noso computador, mais tamén nun servidor externo, o que nos permite acceder a el e editalo desde calquera outro dispositivo.

Os servizos de almacenamento na nube tal e como os coñecemos hoxe comezaron a desenvolverse a partir do 2006, ano en que Google lanza o *Google Labs Spreadsheets* (posteriormente *Google Docs* e na actualidade *Google Drive*) (Taylor & Hunsinger, 2011). Un ano despois Microsoft pon en funcionamento o seu Windows Live Folders (actualmente Microsoft SkyDrive) (“SkyDrive”). O servizo de Microsoft só permitía subir arquivos aos seus servidores para poder acceder a eles desde calquera dispositivo, mais o de Google achegaba a opción de editalos directamente na web (aínda que con formatos limitados). En 2007 Drew Houston fundou Dropbox, e lanzaría a aplicación de almacenamento na nube do mesmo nome un ano despois. Trátase dunha aplicación que vai un pouco máis alá, pois crea unha carpeta no noso computador e unha copia desa carpeta na nube e en todos os dispositivos en que queiramos sincronizala, de xeito que poderemos acceder sempre á última versión de cada arquivo desde calquera lugar (“Acerca de Dropbox”; “Dropbox (service)”). En 2012 Google Docs emularía o funcionamento de Dropbox, xurdía así Google Drive (“Google Drive”).

Como podemos observar, a computación na nube ten importantes vantaxes, pois permítenos acceder sempre á versión máis actualizada dun arquivo desde calquera dispositivo, evitando os problemas de conflitos entre versións, ou imposibilidade de

accederemos nun momento concreto a unha determinada información que temos só nun dispositivo. Con todo, non son poucas as voces que advirten dos riscos deste sistema. Por unha banda, alértase de que podemos perder a propiedade da nosa información cando a poñemos na nube. Por exemplo, cando o FBI pechou Megaupload (un servizo que nos permitía subir e baixar arquivos), negoulles ás persoas usuarias o acceso ao seus arquivos, aínda que non infrinxisen o copyright, que foi a razón do peche do servizo (Flores, 2012). Por outra banda, persoeiros como o programador Richard Stallman consideran a nube como unha trampa, pois a maioría dos sistemas para traballar deste xeito están deseñados en código pechado, polo que ninguén pode saber como funcionan nin como tratan os arquivos e os datos que lles cedemos, de xeito que as persoas usuarias fican indefensas (Flores, 2009). A solución a isto estaría no uso de alternativas en código aberto, como é o caso do servizo de almacenamento na nube coma Duplicati, iFolder, Seafile, SparkleShare ou ownCloud (localizado ao galego) (Lazalde, 2013/03/01). Nestes casos podemos instalar as aplicacións no nos propio servidor, o que nos garante termos o control sobre os nosos datos en maior medida ca se están localizados en servidores de Google ou Dropbox.

En conclusión, traballar na nube achéganos importantes vantaxes, mais cómpre informármonos de como funcionan as aplicacións que empregamos e dos riscos que corremos á hora de empregar este sistema.

2.2.1.3.2.1.1.7. Ferramentas para o consumo colaborativo

É tamén un fenómeno propio da web social o xurdimento de ferramentas para o consumo colaborativo (*sharing economy*), mais afondaremos nesta cuestión na epígrafe 2.3.3.4.

2.2.1.3.2.1.2. Medios anteriores que se integraron na web social

Nesta epígrafe imos repasar brevemente os cambios que sufriron algúns dos medios existentes na rede coa chegada da web social.

2.2.1.3.2.1.2.1. Aplicacións para enviar e recibir mensaxes

Na web 2.0 seguen a se usar o correo electrónico, o chat ou a mensaxaría instantánea. Imos analizar as características destes medios neste novo contexto.

Correo electrónico

Na web social o correo electrónico segue a ser un dos servizos máis usados: estimábase que a finais do 2012 habería xa uns 3375 millóns de contas de correo electrónico e uns 2172 millóns de persoas usuarias (Radicati, 2012). Con todo, na web 2.0 o correo electrónico presenta algunhas diferenzas con respecto á etapa anterior, pois xa non só nos permite enviar e recibir mensaxes electrónicas, senón que tamén podemos ordenar as nosas mensaxes en carpetas ou categorías (de forma xerárquica) ou con etiquetas²⁵ (de forma non xerárquica), así como facer procuras dentro das mensaxes e mesmo dentro dos documentos anexos das mensaxes. Neste sentido cómpre nomear o servizo web gratuíto *Gmail*²⁶, lanzado por Google en 2004 (“Google Gets the Message, Launches Gmail”), pois moitas das novidades que vimos de sinalar foron introducidas por este servizo (Palou, 2012/10/02), o que repercutiu de xeito importante no aumento do seu número de usuarios/as, e fixo que se convertese en novembro do 2012 no servizo de correo electrónico máis usado do mundo, con 287,9 millóns de visitantes (Sarasqueta, 2012/11/06), aínda que non estaría dispoñíbel en galego até xullo de 2014 (Fernández, 2014/07/07) Ademais destas melloras, os servizos de correo electrónico están cada vez máis integrados nas redes sociais: podemos importar os contactos dunha conta de correo a case calquera rede social (Jackson, 2011); algunhas redes sociais comezan a ofrecer tamén servizos de correo electrónico, como é o caso de Facebook (Seligstein, 2011); e algúns servizos de correo electrónico están moi vinculados a algunha rede social concreta, como o servizo de correo electrónico Gmail e a rede social Google+ , que funcionan de xeito interrelacionado (Striebeck, 2011). Así as cousas, a pesar de o correo electrónico ser un dos servizos máis antigos de Internet, conseguiu adaptarse perfectamente ao novo contexto que supón a web social.

Con todo, servizos coma Gmail e a súa interacción con outros servizos de Google (e mesmo a obrigatoriedade de o usar para empregarmos todas as funcións de dispositivos coma teléfonos intelixentes co sistema operativo Android) fixeron que algunhas persoas usuarias comezasen a se preocupar pola privacidade e pola gran cantidade de

25 Unha etiqueta é unha “palabra clave organizada de xeito non xerárquico asignada a unha información que axuda a describila e permite atopala mediante busca ou navegación” (“etiqueta (02)”).

26 Trátase dun servizo gratuíto, mais en código pechado, isto é, ninguén pode acceder ao código fonte para saber como funciona, para modificalo para ou para melloralo (“Gmail”).

información que empresas coma Google conseguían das persoas usuarias do correo electrónico. Así, xurdiron alternativas coma Lavabit, un servizo de correo electrónico fundado en 2004 que lles permitía ás persoas usuarias enviar mensaxes encriptadas para preservar a súa privacidade (“Lavabit”). O servizo foi suspendido en 2013 sen que ficasen moi claras as causas, aínda que se sospeitaba que a suspensión do servizo fora obra das autoridades estadounidenses e que estaba relacionada co caso Snowden (*vid.* §2.3.1.1.1), unha información que se confirmou en 2016 (Zetter, 2016/03/17). No mesmo ano 2013 xurdiu unha alternativa semellante, *OpenMailBox*, un proxecto baseado en software libre con interface para o correo electrónico en diversas linguas, entre as que se inclúe o galego (*OpenMailBox*). Tamén en 2013, xurdiu no CERN o servizo *ProtonMail*, un servizo baseado en software libre que ten a finalidade de preservar a privacidade das persoas usuarias (“ProtonMail”).

Chat

Na web 2.0 o chat é un servizo que segue a existir, mais foi desprazado polas aplicacións de mensaxaría instantánea, de xeito que na actualidade podemos acceder a numerosas redes de chat que teñen máis ou menos as mesmas características que na década dos 90, mais a súa actividade xa non é tan intensa (Mejías & Gordo, 2009).

Mensaxaría instantánea

Como vimos de indicar, a mensaxaría instantánea foi gañando espazo na web 2.0, mais xeralmente como unha tecnoloxía integrada noutras. Como xa explicamos, unha das características que define a mensaxaría instantánea fronte ao chat é a necesidade de termos previamente as persoas con que falamos nunha listaxe de contactos (*vid.* §2.2.1.2.2.3). As aplicacións deste tipo que xurdiron a finais dos anos 90 buscaban que as persoas usuarias do correo electrónico se puidesen comunicar en tempo real cos seus contactos, de aí que a maioría delas nacesen vinculadas a un servizo de correo electrónico (Yahoo! Mail, HoTMail etc.). Isto seguiuse dando tamén nos inicios do século XXI, como aconteceu co servizo de mensaxaría instantánea Gtalk, lanzado por Google en 2005 e vinculado ao seu servizo de correo Gmail (Shah, 2011: 12). Mais na web 2.0, a mensaxaría instantánea xa non está só integrada nos servizos de correo electrónico, senón que tamén o está redes sociais, pois case todas elas permiten que falemos en tempo real cos nosos contactos (Velasco, 2008: 121). Ademais, nos últimos

tempos fixéronse moi populares as aplicacións de mensaxaría instantánea en que a listaxe de contactos xa non procede do correo electrónico ou das redes sociais, senón dos números de teléfono gardados na agenda no nos móbil. Dentro destas aplicacións destacan WhatsApp ou Line, ambas as dúas aplicacións de código pechado (“Line”; Mu, 2012/12/22). Desde 2013 dispoñemos tamén dunha aplicación de mensaxaría baseada en software libre (aínda que nos seus servidores emprega software privativo) denominada Telegram (“Telegram Messenger”), cunha adaptación galega (e en galego): Galegram (“Galegram”).

Xogos en liña

Para rematarmos esta panorámica sobre os medios que empregamos para participar na web 2.0 ímonos centrar en aplicacións cunha finalidade lúdica. Na actualidade son moitos xogos os existentes: individuais e multixogador/a, xogos que requiren instalar unha aplicación ou xogos de navegador etc. Con todo, na web 2.0 cobraron especial importancia os xogos de rol masivos multixogador/a en rede (en inglés *Massively multiplayer online role-playing game* (MMOPRG)), isto é, ambientes virtuais en que cada xogador/a crea un/unha personaxe que interacciona de forma constante coas restantes personaxes dese mundo (Kuo & Wang & Yang, 2012). Este tipo de xogos xa existían na década anterior, mais acadan unha gran popularidade nos inicios do século XXI, especialmente grazas a metaversos²⁷ como *Second Life*, un ambiente tridimensional que simula o mundo en que vivimos²⁸. Xa non estamos antes un xogo tradicional cuns obxectivos definidos, senón que se trata, como indica Micheline Batista (2010), de “viver uma segunda vida na Internet e é a partir dessa ótica que podemos compreendê-lo como um exercício de simulação”. Por outra banda, do mesmo xeito que outras aplicacións existentes anteriormente, os xogos integráronse tamén nas redes sociais, de modo que redes como Facebook, Google+ ou Tuenti permítenos compartir un amplo abano de xogos cos nosos contactos (Delgado, 2010).

27 Un metaverso é un universo virtual recreado a partir do noso propio universo. O termo procede da novela *Snow Crash*, publicada por Neal Stephenson en 1992 (Peregrina, 2012).

28 Na actualidade existe un simulador baseado en software libre (*vid.* §2.3.3.3) semellante a *Second Life: OpenSimulator* (“OpenSimulator”).

2.2.1.3.2.2. Diversidade de dispositivos

Como vimos, son moitos os medios que nos permiten participar na chamada web social ou web 2.0 e facer dela un espazo de comunicación multidireccional. Ademais desta diversidade de ferramentas de participación, a web 2.0 presenta tamén unha nova característica: a diversidade de dispositivos que nos permiten acceder a eses medios. Así, na década anterior o acceso a Internet producíase fundamentalmente a través dos computadores e, especialmente, dos computadores de sobremesa, mais na actualidade cada vez é maior a tipoloxía de dispositivos que nos permiten acceder á rede desde calquera lugar.

En 2012 o uso de dispositivos móbiles para acceder a Internet xa supoñía o 10% do tráfico mundial da rede, fronte ao 3,81% do 2010 (Noya, 2012). En 2014 o uso dos teléfonos intelixentes xa superaba o computador como medio de acceso á rede, mentres que en 2015 a diferenza era xa de 10 puntos porcentuais (78,2% o computador e 88,2% os móbiles intelixentes) (VV. AA., 2016/02/29: 64).

Así as cousas, o uso de dispositivos móbiles para empregar a rede está a medrar considerabelmente, e cada vez son máis as persoas que empregan os seus teléfonos móbiles intelixentes ou as súas tablets para conectárense a Internet, polo que a mobilidade é cada vez maior no acceso á rede. Para alén disto, tamén é máis frecuente que outros dispositivos, que inicialmente funcionaban de xeito illado, incorporen a opción de conectárense a Internet. Estámonos a referir a aparellos como as videoconsolas, os televisores ou os lectores de libros electrónicos, que ofrecen agora novas posibilidades (xogos en rede, descarga de libros etc.). Ademais, tamén incorporan esta opción os electrodomésticos tradicionais: frigoríficos que levan o control dos alimentos que conteñen e realizan automaticamente pedidos ao supermercado, fornos e cafeteiras que se poden controlar desde fóra da casa etc.

Outra tendencia son os dispositivos orientados a termos un “eu cuantificado”, isto é, dispositivos que nos permiten levar un rexistro de todo o que facemos durante o día (comidas, actividades, horas de sono etc.), un rexistro do noso estado físico (tensión, ritmo cardíaco, osíxeno en sangue, azucre etc.) ou das condicións ambientais (temperatura, humidade etc.). Estes dispositivos conéctanse ao noso computador e permítenos obter todo tipo de datos obxectivos que podemos analizar en función

daquilo que máis nos interese, e que poden ser de grande utilidade, por exemplo, en cuestións de saúde (Ibáñez, 2012/06/19; Ibáñez 2012/10/15).

2.2.2. Recapitulación

Desde os anos 60 do século XX até a actualidade foron moitos os cambios que sufriu a rede, que pasou de ser unha ferramenta usada só por persoas usuarias avanzadas a chegar a unha boa parte da poboación, aínda que seguimos a rexistrar unha importante fenda dixital (*vid.* §2.3.1.2). Así as cousas, na actualidade non só empregamos cada vez máis medios diferentes para participar na rede (blogues, wikis, redes sociais etc.), senón que tamén accedemos a ela desde distintos dispositivos (computadores, teléfonos móbiles intelixentes, tablets etc.). Todo isto propicia a creación de diversas comunidades de persoas usuarias que divulgan coñecemento, poñen a andar proxectos de todo tipo ou comparten espazos de debate. Isto dá lugar a un contexto cheo de potencialidades positivas que contribúen para a formación dunha cidadanía informada e crítica, mais tampouco podemos obviar os elementos negativos que podemos atopar nestes espazos, como o vandalismo en casos como o da Wikipedia (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.2) ou os *trolls* en diversas comunidades virtuais (*vid.* §2.2.1.1.2). Con todo, estes comportamentos negativos non parecen ser a norma e, ademais, a propia comunidade adoita ser quen de os neutralizar. Por outra banda, a interacción entre a rede e o mundo real é cada vez maior, pois Internet non só está presente nos dispositivos deseñados especificamente para acceder a ela, senón que tamén contribúe a mellorar o funcionamento de aparellos tradicionais, así como a axudarnos a coñecer e analizar datos cuantificábeis sobre nós mesmos e o medio en que nos movemos, unha información que nos pode ser moi útil á hora de tomarmos decisións cotiás.

2.3. Internet e a sociedade

Despois de analizarmos a historia da rede desde os seus inicios até a actualidade, cómpre reflexionarmos sobre o impacto que a expansión de Internet está a ter na sociedade. É necesario termos en conta que Internet e todas as súas potencialidades implican un cambio social sen precedentes, mais trátase dun proceso en que aínda nos atopamos inmersos/as e é moi difícil sabermos canto vai durar ou cales van ser os seus

resultados. Con todo, imos intentar facer un achegamento ao que está supoñendo (e ao que podería chegar a supoñer) este cambio, partindo da revisión crítica da información de que dispoñemos na actualidade. Para isto centrarémonos, en primeiro lugar, na análise de conceptos como “sociedade da información” e “sociedade do coñecemento”, termos acuñados para reflectir a influencia das TIC na sociedade, mais que xulgamos que cómpre estudar con detemento. A isto dedicaremos a epígrafe §2.3.1 e, dentro dela, incluiremos dúas subepígrafes dedicadas ao estudo de dúas cuestións que coidamos relevantes neste novo contexto social: a privacidade e a fenda dixital. En segundo lugar, deterémonos na influencia que está a exercer Internet no poder político (*vid.* §2.3.2), analizando o modelo político actual e as alternativas e potencialidades que nos ofrece a rede, así como as demandas que cambio que xorden dela ou que a empregan como ferramenta de difusión. Finalmente achegarémonos ás potencialidades da rede no eido económico, para o que analizaremos as reaccións ao cambio por parte dos axentes dominantes do modelo económico actual e a alternativa xurdida do funcionamento da rede, a produción distribuída, un modelo de produción que ten o seu máximo expoñente no software libre (*vid.* §2.3.3).

Centramos esta análise en tres campos (coñecemento, política e economía) por consideramos que teñen unha grande importancia para a sociedade actual, e coa finalidade de ofrecermos un achegamento o máis claro e ordenado posíbel. Con todo, debemos ser conscientes de que estes eidos non son compartimentos estancos, senón que están interconectados (o acceso ao coñecemento inflúe na política, a política na economía etc.) e, ademais, as TIC (en especial Internet) teñen unha importante influencia en calquera campo que poidamos imaxinar.

2.3.1. Sociedade da información e sociedade do coñecemento

Nos últimos anos é moi frecuente escoitarmos falar da sociedade da información e da sociedade do coñecemento, mais, antes de intentarmos definir a que se refire cada un deses termos, cómpre sabermos que é a información e que é o coñecemento. Desde un punto de vista epistemolóxico existe unha relación xerárquica entre datos, información e coñecemento: os datos non son máis que feitos desorganizados e fóra de contexto, mentres que a organización e contextualización deses datos dá lugar á información e,

finalmente, a análise e a reflexión sobre esa información, relacionándoa coa nosa experiencia, dá lugar ao coñecemento. Se ademais somos quen de aplicar ese coñecemento ás decisións cotiás para mellorar a nosa calidade de vida, entón estaremos nun estadio superior: a sabedoría (Montuschi, 2001: 25 - 29; Pol, 2009: 77).

datos → contextualización → **información** → análise → **coñecemento** → avaliación → **sabedoría**

Tabela 2: Datos, información, coñecemento e sabedoría (elaboración propia a partir de Montuschi, 2001: 25-29)

Un exemplo simplificado desta distinción é o seguinte: 30 °C é un dato que, fóra de contexto, non ten ningún significado; mais *hoxe, 13 de novembro, a temperatura na Coruña é de 30 °C*, é unha información, pois o dato 30 °C está situado nun contexto espacial e temporal; ao analizarmos e esta información e ao poñérmola en relación coa nosa experiencia, decatámonos de que se trata dun feito anómalo, e chegamos ao coñecemento de que é unha temperatura excesiva para ese lugar nesa época do ano; se ademais estamos na Coruña e decidimos que ese día imos poñer roupa de verán, estaremos avaliando o noso coñecemento e aplicándoo para mellorar a nosa vida, isto é, estaremos actuando con sabedoría.

Pois ben, a partir dos anos 90, coa expansión da aplicación das TIC, comezou a producirse un uso e unha transmisión xeneralizada da información, é dicir, de datos organizados e contextualizados. Isto é o que se deu en chamar *sociedade da información*. Outro dos termos que comezou a usarse nos últimos anos é o de *sociedade do coñecemento*. En ocasións emprégase o termo sociedade da información como sinónimo de sociedade do coñecemento mais, tendo en conta a distinción que vimos de facer entre información e coñecemento, tal equivalencia é incorrecta. Así, a sociedade do coñecemento sería unha sociedade que ten ao seu dispor unha gran cantidade de datos e de información, e que se caracteriza pola capacidade para analizar esa información, reflexionar sobre ela e relacionala coa súa experiencia. Con todo, o feito de termos unha gran cantidade de datos e información ao noso alcance non implica necesariamente que a analicemos e reflexionemos sobre ela, isto é, non implica necesariamente coñecemento. De aí que moitos/as estudosos/as defendan a inexistencia de tal sociedade do coñecemento, pois é certo que temos moita información ao noso dispor, mais é difícil demostrar que a convertemos en coñecemento. Mesmo existen posturas que critican a existencia dunha sociedade da información desde a introdución

das TIC, pois as sociedades humanas sempre se basearon na información, e expansión das TIC non fixo máis que darlle continuidade a algo que non é novo para humanidade (Montuschi, 2001: 25 - 29).

Así as cousas, debemos ter presente que cando se fala de sociedade da información non se está facendo referencia a algo novo, pois o acceso a datos e a información sempre foi fundamental para o desenvolvemento da humanidade, senón que se está facendo fincapé no aumento considerábel da cantidade de datos e información á que se pode acceder grazas á expansión das TIC. Cómpre termos en conta tamén que non se trata dun feito universal, pois existen numerosas barreiras de entrada ás TIC que non permiten que todas as persoas teñamos as mesmas oportunidades de accedermos a esa información (afondaremos nesta cuestión na epígrafe dedicada á fenda dixital, *vid.* §2.3.1.2). Do mesmo xeito que o coñecemento necesita da información para existir, a sociedade do coñecemento tamén necesita dunha sociedade da información, mais non podemos afirmar a existencia dunha sociedade da información en senso estrito (unha sociedade en que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades de acceso á información) mentres existan a fenda dixital e os intentos de censura na rede (trataremos esta cuestión máis polo miúdo no punto dedicado á neutralidade da rede, *vid.* §2.3.3.1.2). Ademais, o acceso a unha gran cantidade de datos e información non implica que sexan de calidade, feito que non é un problema de as persoas seren quen de reflexionar criticamente sobre a información que reciben, mais é moi difícil demostrar que isto sexa así. Así as cousas, concordamos coa postura que cuestiona a existencia da sociedade do coñecemento, e consideramos que podemos usar o termo *sociedade da información* só no sentido de que as TIC permiten o acceso a unha maior cantidade de información, mais non porque se trate dunha novidade introducida polas TIC na sociedade, e sen perdermos de vista a fenda dixital e a censura.

2.3.1.1. A privacidade

A privacidade é un dos campos en que a chegada da sociedade da información (nos termos en que vimos de a definir) tivo un grande impacto, xa que na actualidade a maioría das persoas temos unha gran cantidade de datos sobre nós accesíbeis publicamente na rede. Imos intentar ver como chegamos a esta situación e, o máis importante, as implicacións que pode ter esta perda de privacidade.

Como xa indicamos, na web social conviven medios do século XX, como o correo electrónico, a mensaxaría instantánea ou os xogos, con novos medios como os blogues, os wikis ou as redes sociais. Ao explicarmos o funcionamento de cada un destes medios (*vid.* §2.2.1.3.2.1) fomos percibindo unha tendencia que parece irse acentuando máis e máis co paso do tempo: a interacción entre eles. Un bo exemplo disto son os servizos que ofrece Google, que nos permite con unha soa conta accedermos ao correo electrónico Gmail, ao servizo de mensaxaría instantánea Gtalk, á rede social Google+, ao servizo de xestión de blogues Blogger etc. Ademais, non se trata só dun acceso centralizado para varios servizos, senón que estes servizos interactúan cada vez máis entre eles (a versión web de Gmail e Google+ integran o Gtalk, ao abriremos o Gmail na súa versión web recibimos tamén as notificacións de Google+ etc.). Non debemos esquecer o que mencionamos ao inicio da epígrafe dedicada á web social ou web 2.0: a web social non se define polo xurdimento de novas tecnoloxías, senón polo feito de que Internet se volva un medio multidireccional dun xeito efectivo (*vid.* §2.2.1.3.1). Tendo en conta isto, o relevante non é se os medios da web social xa existían antes ou son novos, senón que o importante é que faciliten esa multidireccionalidade, algo ao que contribúe a interacción entre eles. Por exemplo, imaxinemos que temos unha listaxe de contactos na nosa conta de correo electrónico e que queremos ampliar a interacción con esas persoas empregando a mensaxaría instantánea ou unha rede social. Neste caso engadir ou buscar a cada unha desas persoas pode levarnos moito tempo e, ademais, sería repetir un traballo xa feito, pois xa tiñamos elaborada esa listaxe de contactos. Mais na web social o habitual é que teñamos a posibilidade de usarmos esta listaxe para un servizo de mensaxaría instantánea ou de exportármola a unha rede social, polo que a interacción entre os diferentes medios permítenos axilizar o proceso e reutilizar a información.

Con todo, aínda que isto pode favorecer esa multidireccionalidade da comunicación na web social, tamén pode ir en contra dela e ter algún inconveniente. Por unha banda, a interacción entre todos os medios que empregamos pode provocar o chamado efecto burbulla, un efecto pouco desexado se o que buscamos é que a información flúa de xeito multidireccional e neutral pola rede. Por exemplo, se procuramos en Google a palabra “casa” os resultados que nos devolve varían en función do historial de procuras de cada persoa ou da súa localización física, xa que o buscador aplica filtros baseados nesas

variábeis. Tendo en conta isto, canto máis saiba Google sobre nós, máis afinará os resultados das procuras para que se axusten aos nosos gustos, e máis difícil nos será accedermos a información nova que nos permita ampliar a nosa visión do mundo (Pariser, 2011). Cómpre apuntarmos que o buscador pode facer isto sen as persoas usuarias sermos conscientes, polo que neste caso a interacción entre o buscador e o historial de navegación que Google garda das persoas usuarias está condicionando a información a que poden acceder. Con todo, existen buscadores que poñen o foco na protección da privacidade das persoas usuarias, entre os que é especialmente coñecido *DuckDuckGo*, creado en 2008 e que se define coma “o buscador que non te rastrea” (“Acerca de DuckDuckGo”). O proxecto defínese a si mesmo coma un proxecto de código aberto, aínda que segundo algunhas fontes parte do seu código é privativo (“DuckDuckGo”). Existen alternativas que van aínda máis alá, coma *YaCy*, un buscador de código libre (vid. §2.3.3.3) que funciona de xeito distribuído, isto é, non ten un servidor central, senón que todas as persoas que o usan teñen a mesma importancia. Para empregalo cómpre descargarmos o software, que despois se executará no navegador cunha aparencia moi semellante á de calquera outro buscador. Para alén da protección da privacidade, este o feito de ser un buscador distribuído faino máis eficiente á hora de evitar a censura, xa que a construción do índice de busca compartido realízana de xeito conxunto todos os computadores conectados e non pode ser manipulado do mesmo xeito que cando o índice pertence a unha empresa (*YaCy - The Peer to Peer Search Engine*). Para alén destes buscadores, son de grande utilidade para preservarmos a nosa privacidade proxectos coma Tor, ao que xa fixemos referencia (vid. §2.2.1.2.2.1).

Outro dos inconvenientes desta situación é que habitualmente son grandes empresas privadas as que ofrecen os servizos que vimos de explicar, e a interacción entre eses servizos permítelles adquirir unha gran cantidade de información sobre nós. Por exemplo, se tivéssemos que ter unha conta para empregar Gmail, outra para Google+ e outra para Blogger, Google non podería relacionar as nosas mensaxes de correo electrónico coa nosa actividade na súa rede social ou coas publicacións no noso caderno dixital. Porén, ao tratarse dunha única conta que fornece todos eses servizos, Google pode facerse cunha gran cantidade de información de cada persoa. Estamos a falar dunha empresa privada, que ofrece unha parte dos seus servizos en código pechado (polo que ninguén pode saber como funcionan e que fai coa información que obtén) e

que podería estar empregando eses datos para fins non desexamos polas persoas usuarias, como xa explicamos ao referirmonos ás redes sociais (vid. §2.2.1.3.2.1.1.3). Mais este non é un risco que corramos só no caso de empresas privadas, senón tamén no caso da administración pois, como indicaremos a nos referirmos á ciberdemocracia (vid. § 2.3.2.2), cada vez os gobernos teñen no seu poder máis datos sobre a cidadanía, datos que poden usar para mellorar a eficiencia das administracións públicas, mais tamén para exercer un control cada vez maior sobre o pobo (Subirats, 2012: 80). Na seguinte subepígrafe trataremos o que até agora foi o maior escándalo de vixilancia da rede por parte dun organismo goberamental: o caso PRISM, destapado por Edward Snowden.

2.3.1.1.1. PRISM

The slide is titled "PRISM Collection Details" and features a header with logos for various providers: Gmail, Facebook, Hotmail, Yahoo!, Google, Skype, paltalk.com, YouTube, AOL, and mail. On the left is the "SPECIAL SOURCE OPERATIONS" logo. The main content is divided into two columns:

- Current Providers**
 - Microsoft (Hotmail, etc.)
 - Google
 - Yahoo!
 - Facebook
 - PalTalk
 - YouTube
 - Skype
 - AOL
 - Apple
- What Will You Receive in Collection (Surveillance and Stored Comms)?**
It varies by provider. In general:
 - E-mail
 - Chat – video, voice
 - Videos
 - Photos
 - Stored data
 - VoIP
 - File transfers
 - Video Conferencing
 - Notifications of target activity – logins, etc.
 - Online Social Networking details
 - **Special Requests**

At the bottom, it says "Complete list and details on PRISM web page: Go PRISMFAA" and includes the classification "TOP SECRET//SI//ORCON//NOFORN".

Ilustración 3: PRISM Collection Details, diapositiva número 4 da presentación filtrada (fonte: “NSA slides explain the PRISM data-collection program”, 2013/07/10)

PRISM é o nome que recibe un programa de vixilancia de Internet desenvolvido pola National Security Agency (NSA) dos Estados Unidos, en que tamén participaría a intelixencia británica. Este programa fíxose público o 6 de xuño de 2013, cando os xornais *The Guardian* e *The Washington Post* publicaban a noticia despois de recibiren unha presentación secreta de 41 diapositivas en que se describía o funcionamento de

PRISM e as empresas que colaboraban co programa, como podemos observar na ilustración 3 (Gellman & Poitras, 2013/06/06; Greenwald & MacAskill, 2013/06/06).

Así as cousas, as grandes empresas de Internet estarían a lle ofrecer á NSA acceso directo en tempo real aos seus servidores, de xeito que podería controlar non só os metadatos de calquera intercambio comunicativo (por exemplo, quen enviou unha mensaxe de correo electrónico a quen e a que hora), senón tamén o contido dese intercambio. Segundo parece, PRISM tería a súa orixe nun programa secreto desenvolvido durante o mandato de George W. Bush en 2007, que sería ratificado por Barack Obama en decembro do 2012. O programa PRISM estaría dirixido a vixiar o tráfico da rede que pasa polos Estados Unidos (unha boa parte do tráfico mundial) por motivos de seguridade, e os/as lexisladores/as que o coñecían fixeran xuramento de non revelar a súa existencia. Na diapositiva número 5 da presentación filtrada (ilustración 4) podemos observar a data de entrada no programa de todas as compañías implicadas, que axiña emitiron diversos comunicados para negaren a súa participación no proxecto (Gellman & Poitras, 2013/06/06; Greenwald & MacAskill, 2013/06/06).




Ilustración 4: Dates When PRISM Collection Began For Each Provider, diapositiva número 5 da presentación filtrada (fonte: “NSA slides explain the PRISM data-collection program”, 2013/07/10)

Pouco despois de se filtrar a presentación, o 9 de xuño, The Guardian revelou a identidade da súa fonte (a petición da fonte): Edward Joseph Snowden, un antigo informático da Central Intelligence Agency (CIA) e da NSA. A revelación da fonte faise mediante a publicación dunha entrevista a Snowden realizada en Hong Kong, lugar a onde chegara o 20 de maio de 2013 e desde onde realizara a filtración. Nesta entrevista Snowden explica que considera que o programa desenvolto pola NSA supón un abuso non xustificable contra a cidadanía e que realizou a filtración porque “I don't want to live in a society that does these sort of things”. O 20 de xuño, ante a petición de extradición das autoridades estadounidenses, abandona Hong Kong e diríxese a Rusia, axudado por Wikileaks (*vid.* 2.3.1.1.1), desde onde realizou unha petición de asilo a Ecuador e outros países (Gellman & Poitras, 2013/06/09; Reinoso & Fernández, 2013/06/23). Concedéuselle un asilo temporal en Rusia e crese que segue a vivir nese país no momento de escribir estas liñas (abril de 2016), mais nunha conferencia impartida a finais de 2015 Snowden declarou que “people say I live in Russia, but that's actually a little bit of a misunderstanding. I live on the Internet” (“Secret Sources: Whistleblowers, National Security, & Free Expression: Edward Snowden”, 2015/11/16). Desde 2013 Snowden non para de advertir dos perigos da vixilancia masiva, sinalando que se adoita poñer como xustificación a seguridade da cidadanía (en concreto, no referente ao terrorismo), mais que o que realmente buscan os gobernos é manipular a cidadanía ao sen antollo empregando a gran cantidade de información que teñen sobre as persoas (Adl-Tabatabai, 2016/04/10). A pesar de todo isto, parece que á sociedade aínda non lle preocupa en exceso a privacidade, mais cómpre remarcar que os datos que poden ser irrelevantes nun lugar e nun momento determinados poden ser perigosos noutras circunstancias. Xa en 2011 un home alemán foi quen de demostrar que a súa compañía telefónica gardaba rexistros dos lugares en que se atopaba a través do seu teléfono móbil (Pastor, 2015/09). Con todo, poderíamos pensar que o feito de as operadoras teren esa información non nos supón ningún risco, mais nada máis lonxe da realidade, pois son moitos os usos que que empresas e gobernos poden facer contra nós con esa información. Pensemos, por exemplo, no acontecido durante as manifestacións rexistradas en Ucraína a comezos de 2014: a través dos teléfonos móbiles das persoas que acudían as protestas realizouse unha “lista negra” das persoas que asistían ás manifestacións (González, 2014/01/29). Mesmo se teoriza coa posibilidade de crear

unha policía pre-crime, que empregue eses datos para predicir as accións delitivas e deter as persoas antes de que as realicen, algo que até agora só vimos na ficción, e que implicaría un alto grao de intromisión na privacidade das persoas (Rodríguez, 2014/11/02).

Na mesma liña que Snowden, Richard Stallman (*vid.* §2.2.1.2.2) realizou en repetidas ocasións chamamentos á preservación da privacidade. Por exemplo, durante a súa visita a Galiza en decembro de 2013 declarou, nunha entrevista concedida a *Praza Pública*, que “Que un Estado use Windows supón abri-lle as portas de todos os seus despachos” (Pardo, 2013/12/15) e tres anos despois chamou a “acabar con Facebook para proteger la privacidad y la democracia” (Yúbal FM, 2016/03/14).

En resumo, o descubrimento do programa PRISM non fai máis que confirmar as sospeitas existentes sobre as actividades de vixilancia na rede²⁹, polo que cómpre analizarmos ben que información lle proporcionamos a quen, pois estámolles outorgando un gran poder aos gobernos e a moitas empresas privadas, un poder que, nalgúns casos, xa están usando na nosa contra.

2.3.1.2. A fenda dixital

Ao analizarmos a historia de Internet puidemos comprobar que na primeira etapa a súa expansión foi lenta, pois só a empregan unhas poucas persoas, mais na segunda etapa prodúcese unha importante penetración, de xeito que a rede e as TIC chegan a unha boa parte da sociedade. Finalmente, situámonos nunha terceira etapa de expansión novamente máis lenta en que, a pesar de chegar a unha parte importante da poboación, non chega por igual a todas as persoas. A fenda dixital (en inglés *digital divide*) refírese á existencia de persoas incluídas e excluídas no acceso e no uso das TIC. Aínda que o habitual é falar de fenda dixital no que se refire só ao acceso ás tecnoloxías, xulgamos que é pertinente ter en conta a existencia de dúas fendas dixitais: unha primeira fenda referida ao acceso e unha segunda fenda referida ao uso (Castaño, 2008: 9 - 17).

No que se refire á primeira fenda dixital, o habitual até agora era diferenciar entre persoas incluídas e excluídas tendo en conta só o acceso a un computador e a unha conexión a Internet, mais cómpre tamén poñer en relación as posibilidades de acceso

29 Neste sentido cómpre apuntar que o goberno español é un dos sospeitosos de estar a usar o software espía *FinFisher* (Yúbal FM, 2015/10/15).

con características sociodemográficas como a idade, o sexo, o nivel de estudos, o poder adquisitivo, a localización xeográfica etc. (Castaño, 2008: 24). Por exemplo, unha persoa non ten as mesmas posibilidades de acceso a Internet en Galiza nun ámbito rural, en que o largo de banda é limitado e o acceso é caro, que nun ámbito urbano, onde podemos acceder á rede a unha maior velocidade e a un menor prezo (deterémonos no caso galego na epígrafe §2.4.2.1). En calquera caso, esta primeira fenda dixital é relativamente fácil de superar, pois abonda con facilitar os medios técnicos para posibilitar un acceso de calidade á rede e o problema fica solucionado.

Pola contra, non resulta tan doado atallar a segunda fenda dixital, que afecta á intensidade e á variedade de usos que se fan das TIC e de Internet, e que está directamente relacionada coa capacidade e as habilidades das persoas para utilizárenos. Para medirmos esta segunda fenda dixital cómpre ter en conta a experiencia das persoas no uso da rede (o tempo que a levan usando), así como a intensidade de uso (frecuencia e duración das conexións) e o tipo de actividades que se realizan (básicas, avanzadas ou especializadas). Cruzando estes parámetros con características sociodemográficas decatáronos de que, por exemplo, desde unha perspectiva de xénero a primeira fenda dixital está practicamente superada nos chamados países desenvolvidos, mais a segunda fenda dixital é aínda bastante forte: o número de usuarias básicas nos países da OCDE está entre o 60 e o 95%, mentres que o de avanzadas é só o 20% en Europa e o 25% nos Estados Unidos, e no caso das especialistas nos Estados Unidos atopamos un 7% de enxeñeiras e un 50% en categorías menos relevantes como a administración de bases de datos. Aínda que non dispoñemos de datos, non parece desatinado imaxinar que fóra dos chamados “países desenvolvidos” esta diferenza pode ser aínda maior. Existen tamén numerosos prexuízos sobre a existencia dunha suposta tecnofobia feminina que provocan, por exemplo, que as mulleres tendan a recoñecer un menor número de habilidades e infravalorar as que recoñecen, mentres que os homes tenden a recoñecer máis habilidades e a sobrevaloralas (Castaño, 2008: 24 - 32).

Outras variábeis sociodemográficas que cómpre termos en conta, para alén do sexo, son a idade, o nivel de estudos, o poder adquisitivo, as condicións físicas (existencia ou non de discapacidades físicas), a localización xeográfica (países “desenvolvidos” / áreas urbanas vs. países “non desenvolvidos” / áreas rurais) ou a lingua (linguas hexemónicas vs. linguas non hexemónicas). Por exemplo, un maior ou menor nivel de estudos non

ten por que influír no acceso á rede, mais si que pode influír no seu uso; mentres o poder adquisitivo si que inflúe no acceso, mais non ten por que influír no uso. Do mesmo xeito, padecemos unha discapacidade física pode dificultarnos o acceso ao computador e a Internet mais, se somos quen de resolver esta barreira, non é unha variábel que teña que influír no uso que facemos dela. Canto á localización xeográfica, o vivirmos nunha zona rural ou urbana inflúe directamente na calidade do acceso á rede, como xa comentamos, mais tamén cómpre termos en conta se nos atopamos nun país “desenvolvido”, onde os puntos de acceso son máis e de maior calidade, ou nun país “non desenvolvido”, onde atoparmos un punto de acceso pode ser máis difícil e a calidade da conexión peor. Finalmente, tamén inflúe na fenda dixital as linguas que manexan as persoas, pois se falamos inglés e/ou outras linguas hexemónicas imos poder acceder a moitos máis contidos que se só manexamos linguas non hexemónicas. Aínda que analizaremos esta cuestión con máis vagar no terceiro capítulo, adiantamos que é moi difícil darmos cifras exactas, mais a maioría dos estudos sobre esta cuestión conclúen que o inglés segue a ser a lingua máis empregada na rede. A listaxe de variábeis que vimos de describir non é pechada, pois poderíanse incluír moitas máis, mais achegamos as que consideramos máis importantes atendendo ao que referían diferentes traballos sobre a materia (Castaño, 2008; Shah & Fieke, 2011). Dedicáremoslle á variábel da idade a seguinte subepígrafe (*vid.* §2.3.1.2.1), pois consideramos que cómpre tratar con algo de vagar a cuestión das persoas nativas e inmigrantes dixitais.

Mais, que habilidades son necesarias para rompermos esta segunda fenda dixital? Pois para tirar coa barreira da segunda fenda dixital cómpre termos unha boa alfabetización dixital (*digital literacy*), un termo acuñado por Paul Gilster en 1997 e que se vén usando para “definir todo el conjunto de habilidades técnicas, cognitivas y sociales necesarias para desempeñar tareas en entornos digitales” (Castaño, 2008: 34). A alfabetización dixital implica, por tanto, un aspecto técnico, un cognitivo e outro social. Desde o punto de vista técnico cumpriría, por exemplo, ser quen de prender un computador e instalar e usar aplicacións, podermos usar periféricos como o teclado, o rato ou unha impresora etc., mais tamén termos os coñecementos para empregarmos o computador e a rede dun xeito seguro (usando contrasinais seguros etc.) (García, 2012). No que se refire ao aspecto cognitivo, trátase de termos unha boa competencia no tratamento da información que manexamos, isto é, tal e como comentamos ao falarmos sociedade da

información e da sociedade do coñecemento, trátase de podermos converter os datos en información, a información en coñecemento e o coñecemento en sabedoría (*vid.* §2.3.1). En canto ás habilidades sociais, cómpre non perdermos de vista que Internet é un medio bi / multidireccional, non se trata dun medio unidireccional como a televisión, a radio ou a prensa convencional, polo que temos que ser conscientes de que cando vertemos un contido na rede non somos unha autoridade incuestionábel, senón que podemos recibir *feedback*, do mesmo xeito que lles podemos dar *feedback* a outras persoas, e trátase dunha relación de igual a igual. Ademais, tamén debemos ser conscientes de que contidos queremos que sexan visíbeis publicamente e que contidos queremos que só vexa un círculo reducido de persoas, isto é, debemos saber xestionar a nosa reputación dixital (García, 2012). Como xa indicamos ao falarmos da privacidade, na actualidade é frecuente que as persoas vertan unha gran cantidade de datos e información sobre elas en medios como as redes sociais, e en moitas ocasións semellan non ser conscientes das consecuencias de que eses datos e esa información estean visíbeis publicamente (*vid.* §2.3.1.1).

En conclusión, o termo fenda dixital é moi frecuente na actualidade mais cómpre non caeremos no erro de empregalo dun xeito simplista, pois non só se refire ao acceso ás TIC e a Internet, unha barreira relativamente doada de derrubar, senón tamén ás habilidades para facer uso delas, un problema que é xa un pouco máis difícil de solucionar, xa que non só require poñer os medios ao dispor da cidadanía, senón tamén formalala no seu uso para que estea capacitada para xerar contido na rede.

2.3.1.2.1. Existen as persoas nativas dixitais?

Como indicamos, ímoslles dedicar un espazo diferenciado á cuestión da fenda dixital e a idade, coa intención de aclararnos se existen ou non as chamadas persoas nativas dixitais. En 2001 Marc Prensky publicou o artigo “Digital Natives, Digital Immigrants”, en que deu a coñecer unha terminoloxía que se volveu moi popular, mais tamén moi polémica. Como reza o seu título, neste traballo Prensky distingue entre persoas nativas dixitais e persoas inmigrantes dixitais, de xeito que as primeiras son as que naceron despois da expansión das TIC (a primeira xeración que medrou rodeada das novas tecnoloxías), mentres que as segundas son persoas que naceron con anterioridade á difusión das TIC. As características que describe para cada grupo son as seguintes:

Persoas nativas dixitais	Persoas inmigrantes dixitais
Naceron despois da difusión das TIC	Naceron antes da difusión das TIC
Prefiren os procesos paralelos e multitarefa	Prefiren os procesos secuenciais e monotarefa
Reciben grandes cantidades de información en pouco tempo	Reciben e procesan a información lentamente
Prefiren os gráficos antes que o texto	Prefiren o texto antes que os gráficos
Prefiren o acceso aleatorio á información (hipertexto)	Prefiren o acceso lineal á información
Traballan mellor conectados á rede e de xeito cooperativo	Traballan mellor individualmente
Aprenden mellor co xogo que co traballo “serio”	Aprenden mellor co traballo “serio” e pesado
Aprenden de maneira autónoma (na rede)	Actualízanse mediante a consulta física de materiais

Tabela 3: Persoas nativas dixitais e persoas inmigrantes dixitais (elaboración propia a partir de Prensky (2001a))

Como podemos observar, e como o propio Prensky reconece, esta clasificación implica unha importante discontinuidade entre dúas xeracións, e mesmo chega a afirmar que as persoas nativas e inmigrantes dixitais non só pensan e procesan a información de xeito diferente, senón que mesmo poida que teñan configuracións cerebrais fisicamente diferentes:

It is now clear that as a result of this ubiquitous environment and the sheer volume of their interaction with it, today's students think and process information fundamentally differently from their predecessors. These differences go far further and deeper than most educators suspect or realize. “Different kinds of experiences lead to different brain structures, “ says Dr. Bruce D. Perry of Baylor College of Medicine. As we shall see in the next installment, it is very likely that our students’ brains have physically changed - and are different from ours - as a result of how they grew up. But whether or not this is literally true, we can say with certainty that their thinking patterns have changed. (Prensky, 2001: 1)

Como é obvio, afirmacións coma estas necesitan basearse en datos contrastados, mais coincidimos con McKenzie (2007) en xulgar que o artigo de Prensky non achega datos nin evidencias suficientes para podermos aceptar a súa tese. McKenzie realiza unha análise pormenorizada do artigo de Prensky, en que atopa numerosos erros metodolóxicos, que van desde a carencia de datos empíricos até a manipulación da cita do doutor Bruce D. Perry, que o autor emprega para xustificar a súa postura. Prensky publicou en decembro do 2001 unha segunda parte deste artigo, “Digital Natives,

Digital Immigrants, Part II: Do They Really Think Differently?” (2001b) en que xustifica as súas afirmacións alegando a existencia da neuroplasticidade, isto é, a reorganización constante das neuronas ao longo da vida, así como que a cultura e o ambiente afectan aos procesos de pensamento. O autor describe estas dúas cuestións de xeito xeral, acudindo a numerosas citas, mais non achega datos empíricos para demostrar que as TIC e Internet influíron realmente na configuración cerebral e mais nos procesos de pensamento das persoas máis novas.

A análise de McKenzie invítanos a desconfiar da distinción entre persoas nativas dixitais e persoas inmigrantes dixitais, mais tamén todo o que vimos de expoñer sobre a fenda dixital. Prensky realiza esta clasificación atendendo a unha soa variábel, a idade, dando por suposto que todas as persoas que naceron tras a expansión das TIC teñen unha alta familiarización con elas e unha competencia tal no seu uso que mesmo chegou a modificar a súa configuración cerebral. Porén, vimos de constatar a existencia dunha fenda dixital, isto é, que as TIC e Internet non chegaron e aínda non chegan por igual a todas as persoas, un feito que depende de numerosas variábeis para alén da idade: sexo, estudos, poder adquisitivo, localización xeográfica, condicións físicas, lingua etc. Así as cousas, coincidimos tamén con McKenzie en xulgarmos que se trata dunha clasificación simplista, pois seguramente non teña o mesmo contacto coas TIC un neno que medrou nunha gran cidade dun país occidental, falante de inglés, dunha familia cun alto nivel de estudos e cun alto poder adquisitivo, que unha nena criada nunha zona rural dun país en vías de desenvolvemento, falante dunha lingua non hexemónica, cunha familia cun nivel medio - baixo de estudos e un poder adquisitivo baixo. Por outra banda, e como xa comentamos, o acceso ás TIC e a Internet só garante que se rompeu a primeira fenda dixital, mais non garante unhas boas capacidades e habilidades para facer un uso que nos permita aproveitar todas as súas potencialidades, isto é, non garante a alfabetización dixital (*vid.* §2.3.1.2). Como indica Juan García (2012), por moito que xa existisen os coches cando nacemos, iso non implica que saibamos conducir, e coas TIC e Internet ocorre o mesmo. Este autor achega algúns datos significativos neste sentido, extraídos da súa experiencia como formador no uso das novas tecnoloxías en Asturias. Por exemplo, o 60% do estudiantado usuario da rede social Tuenti non era consciente de que as súas mensaxes privadas pasan polos servidores desta empresa; mentres que a maioría non son quen de distinguir unha páxina web real dunha falsa, pois ao poñerlles un clon

de Facebook cun enderezo URL totalmente diferente só unha porcentaxe moi baixa é quen de decatarse de que non se trata de Facebook. Por outra banda, tal e como aludiamos ao falarmos da privacidade (*vid.* §2.3.1.1), a maioría dos e das adolescentes parecen non ser conscientes de que boa parte do que publican nas redes sociais está visíbel publicamente e pode ser recuperado por calquera persoa, pois non é raro que publiquen no Twitter, por exemplo, que están preparando notas para copiar nos exames. Todos estes comportamentos evidencian que non estamos perante mozas e mozos cunha boa alfabetización dixital, polo que xulgamos pouco atinada a distinción entre persoas nativas dixitais e inmigrantes dixitais no sentido en que o expón Prensky. Quizais sexa máis acaído distinguirmos entre persoas que adquiriron unha alfabetización dixital e persoas que non a adquiriron, un concepto que abrangue o aspecto técnico, o cognitivo e o social, ao tempo que non depende dunha soa variábel, senón de moitas (idade, sexo, estudos, poder adquisitivo, localización xeográfica etc.).

2.3.2. Internet e o poder político

Nesta epígrafe imos analizar a influencia das TIC e de Internet no ámbito político, para o que faremos primeiro un breve repaso sobre a participación cidadá no sistema actual (centrándonos no noso contexto máis próximo) (§2.3.2.1), para contrastármolo despois coas potencialidades que nos ofrece a rede (§2.3.2.2) e a relación de Internet coas mobilizacións sociais actuais (§2.3.2.3).

2.3.2.1. A participación cidadá no sistema político actual

Definimos a web social como un espazo bi ou multidireccional, fronte á unidireccionalidade dos medios de comunicación convencionais, que raramente permitían respostas á información que emitían (*feedback*), un feito que cambiou un pouco coa expansión da web 2.0, pois na actualidade é relativamente habitual que estes medios inclúan ligazóns no corpo do texto (de tratarse de medios escritos) e que permitan enviar comentarios, como xa indicamos ao explicarmos a influencia dos blogues nos medios tradicionais (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1). Igual que os medios de comunicación, a actual democracia representativa é tamén fortemente unidireccional,

cando menos no Estado español, pois a participación cidadá está limitada a acudir ás urnas cada catro anos, mentres que os mecanismos de participación directa están fortemente limitados. Con todo, isto non parece ser o que prevía a Constitución española de 1978, que no seu artigo 23.1 expón que “os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal” (Constitución española, 1978). Este artigo non parece amosar preferencia pola participación directa ou pola participación mediante representantes, mais na actualidade podemos observar como o sistema funciona fundamentalmente mediante representantes, mentres que os principais mecanismos de participación directa, como poden ser a iniciativa lexislativa popular (ILP) ou o referendo, están fortemente limitados (Marco, 2009: 1). Velaquí o contido da Constitución sobre a ILP:

Unha lei orgánica regulará as formas de exercicio e requisitos da iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei. En todo caso esixiranse non menos de 500.000 sinaturas acreditadas. Non procederá esa iniciativa en materias propias de lei orgánica, tributarias ou de carácter internacional, nin no relativo á prerrogativa de gracia. (Constitución española, 1978)

Cómpre, por tanto, facer un importante esforzo para que unha ILP poida ser tramitada e, ademais, limítanse bastante as cuestións sobre as que se pode presentar unha iniciativa deste tipo. Algo semellante ocorre cos referendos, aos que a constitución dedica o artigo 92:

1. As decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns.
2. O referendo será convocado polo Rei, mediante proposta do presidente do Goberno, previamente autorizada polo Congreso dos Deputados.
3. Unha lei orgánica regulará as condicións e mailo procedemento das distintas modalidades de referendo previstas nesta Constitución. (Constitución española, 1978)

Igual que no caso da ILP, tamén é complexo convocar un referendo, pois non é algo que calquera cidadá/n poida facer, senón que ten que ser autorizado polo Congreso dos Deputados, proposto polo presidente do goberno e convocado polo rei, un proceso que

complica moito a súa posta en práctica³⁰. Ademais, aínda que se consiga convocar un referendo, trátase dun referendo consultivo, isto é, o seu resultado non é vinculante e non ten que implicar necesariamente ningún cambio. Por tanto, sen entrarmos a analizar as leis orgánicas que desenvolven a ILP e o referendo, podemos observar que a propia Constitución restrinxe moito os mecanismos de participación directa que cita. Cómpre entón facerse a mesma pregunta que o profesor de Dereito Constitucional Joaquín J. Marco, no seu caso centrada nas ILP, mais extrapolábel a calquera mecanismo de participación democrática directa:

Si los ciudadanos estamos capacitados para elegir a nuestros representantes, ¿por que no hemos de gozar de un sistema viable que nos permita presentar iniciativas legislativas cuando, además, al fin y a la postre, han de ser supervisadas por esos mismos representantes? ¿A que se tiene miedo? (Marco, 2009: 3)

Ao explicarmos que é a web 2.0 falamos tamén da web 1.0, e fixemos referencia ao uso popular que se fai destes dous termos: aplícase o termo 2.0 para o que se caracteriza pola súa bi ou multidireccionalidade e o termo 1.0 para aquilo que destaca pola súa unidireccionalidade (*vid.* §2.2.1.3.1). Pois ben, tendo en conta as reducidas posibilidades de bi ou multidireccionalidade na participación política e o funcionamento do sistema actual, podemos afirmar que o sistema democrático do Estado español é moi 1.0, pois practicamente non permite feedback da cidadanía máis alá da emisión do voto cada 4 anos, un dereito que ademais está regulado por unha lei electoral posta en cuestión en máis de unha ocasión, tanto por movementos sociais (“Obxectivo: Reformar a Lei electoral”, 2011/05/11; Sampedro & Sánchez, 2011: 1) como por partidos políticos (“IU pon en marcha unha campaña para reformar a Lei Electoral”, 2008/03/18; “Jorquera quere “devolver o poder ao povo” fronte á ditadura dos mercados”, 2012/09/17).

30 Desde a aprobación da Constitución española de 1978 só se convocaron dous referendos de ámbito estatal (o da permanencia de España na OTAN, en 1986, e o referendo sobre a Constitución Europea, en 2005), e sete referendos sobre a aprobación ou reforma dos estatutos de autonomía de catro comunidades autónomas (Andalucía, Catalunya, Euskadi e Galiza) (“Referendos”).

2.3.2.2. Imos cara á ciberdemocracia?

Aínda que é certo que este sistema político tamén está comenzando a empregar as TIC, o uso que fai delas serve só para facer con máis eficacia as mesmas tarefas que viña facendo até agora, mais non está dando lugar a unha mudanza en profundidade do sistema. Por exemplo, podemos realizar algúns trámites administrativos exclusivamente por Internet, axilizando moito o proceso, mais non temos á nosa disposición medios bidireccionais que nos poderían ser moi útiles, como a posibilidade de conectármonos a un chat para que desde a administración nos resolvan as nosas dúbidas en tempo real. Tal e como indica o catedrático de Ciencia Política Joan Subirats (2012), as TIC e Internet non son unha simple ferramenta nova coa que facer máis rápido o mesmo que se facía antes, senón que implican un novo xeito de facer as cousas, pois a multidireccionalidade da web social choca frontalmente coa unidireccionalidade do sistema político:

Desde nuestro punto de vista [...] Internet no es un “martillo” nuevo que sirve para clavar más deprisa o con mayor comodidad los “clavos” de siempre. Esa visión reduce la revolución tecnológica y social que implica Internet a un mero cambio de instrumental operativo. Desde esa perspectiva, las relaciones de poder, las estructuras organizativas, los procedimientos administrativos o las jerarquías e intermediaciones establecidas, no variarían. En cambio, si entendemos que Internet modifica la forma de relacionarnos e interactuar, altera profundamente los procesos y posiciones de intermediación, y genera vínculos y lazos mucho más directos y horizontales, a menores costes, coincidiremos en que estamos ante un cambio en profundidad de nuestras sociedades. No forzosamente mejor, pero sí distinto. Desde este punto de vista, Internet expresa otro orden social, otro “país”. (Subirats, 2012: 77)

Subirats (2012: 80) vai máis alá, e advírtenos de que o poder político non só non está aproveitando as potencialidades das TIC para reforzar a lexitimidade das institucións de goberno fomentando relacións máis directas e horizontais, de xeito que se evite a sensación de desapego entre representantes e representadas/os, senón que mesmo poderían facer un uso perverso delas. Grazas as TIC as administracións dispoñen de grandes cantidades de datos sobre as persoas, e tamén aumenta a eficacia dos sistemas de vixilancia, polo que as elites políticas poderían facer facilmente un uso das TIC que

“más que reforzar la capacidad de presencia y de intervención de la ciudadanía en los asuntos colectivos, más bien podría acabar reforzando la capacidad de control y de autoridad de las élites institucionales” (Subirats, 2012: 80).

Tendo en conta isto, o sistema político actual no Estado español permítenos falar dunha e-administración que comeza a dar os seus primeiros pasos, mais non dunha e-democracia ou ciberdemocracia, definida por Steven Clift xa en 2003 como “the use of information and communications technologies and strategies by 'democratic sectors' within the political processes of local communities, states/regions, nations and on the global stage”, entendendo por “democratic sectors” desde o goberno até cada cidadá/n, pasando por partidos políticos, medios de comunicación ou organizacións cidadás. É dicir, un sistema en que empregando as TIC participen todos os sectores da sociedade, contribuíndo a combater a unidireccionalidade dos sistemas políticos convencionais. Con todo, parece que aínda está lonxe a realización de iniciativas deste tipo, como pode ser a redacción da lexislación de xeito distribuído por parte da cidadanía, isto é, cooperativamente mais sen un centro coordinador (Shirky, 2012), e parece tamén que este tipo de democracia se está afastando cada vez máis desde o inicio da crise económica e social en 2007 (Subirats, 2012: 71), mais é posíbel, como indica Clay Shirky (2012), que algún día chegue a realizarse.

2.3.2.3. A rede e as mobilizacións sociais

A continuación imos facer un breve percurso sobre a influencia da rede e, en concreto, da web 2.0, na forma en que se organizan as mobilizacións sociais. Para isto intentaremos definir dous conceptos próximos, mais que se confunden en moitas ocasións: ciberactivismo e hacktivismo.

2.3.2.3.1. Ciberactivismo

No Estado español, e en moitos outros lugares do mundo, partimos dun contexto en que o marco legal limita a participación cidadá na vida política, e as institucións públicas non só desaproveitan as potencialidades das TIC para mudar esta situación, senón que poderían usalas para perpetuala. Tendo en conta isto, non debe resultarnos sorprendente a canalización do descontento cara a este sistema a través da rede e o xurdimento de movementos cidadáns que procuran unha maior participación das persoas na toma de

decisións, ou o que é o mesmo, o xurdimento do ciberactivismo, definido polo economista e tecnólogo David de Ugarte como:

[...] toda estrategia que persigue el cambio de la agenda pública, la inclusión de un nuevo tema en el orden del día de la gran discusión social, mediante la difusión de un determinado mensaje y su propagación a través del “boca a boca” multiplicado por los medios de comunicación y publicación electrónica personal. (Ugarte, 2008)

Ugarte (2008) distingue entre dous tipos de ciberactivismo: o primeiro, e máis frecuente, é o da lóxica de campaña, baseado en “construir un centro, proponer accións y difundir la idea”, isto é, en buscar persoas que se adhiran a unha determinada causa; o segundo consiste en iniciar un *swarming* ou debate social cuxas consecuencias non son previsíbeis, de xeito que pode dar lugar a un novo consenso social ou a unha *ciberturba*, definida polo mesmo autor como “la culminación en la movilización en la calle de un proceso de discusión social llevado a cabo por medios electrónicos de comunicación y publicación personales en el que se rompe la división entre ciberactivistas y movilizados” (2008).

Xa a comezos do anos 90 do século XX comencan a xurdir na rede movementos coma o ciberfeminismo, do que nos ocuparemos con vagar na seguinte subepígrafe (*vid.* § 2.3.2.3.1.1), e en 1998 xurdiu a primeira plataforma dedicada exclusivamente a buscar o apoio para diferentes causas a través da rede, MoveOn.org (“About the MoveOn Family of Organizations”), á que se engadiron outras semellantes máis recentes, como Change.org³¹ (2007) (Veneziani, 2007) ou Avaaz (2007) (“About us”), plataformas que se complementan na actualidade con outros medios da web social (redes sociais, blogs etc.). No noso contexto máis próximo podemos falar de ciberactivismo desde 1997, cando se buscou apoio na rede contra a construción do encoro do Umia e da empacadora de Vilaboa (Vaquero & Romero, 2001: 153 -154). Nos primeiros anos do século XXI, a rede tivo un importante papel nas mobilizacións en contra da guerra de Iraq en febreiro do 2003, baixo o lema “non á guerra”, ou as reaccións contra a catástrofe do Prestige en novembro dese mesmo ano, coordinadas pola Plataforma Nunca Máis (Sampedro & Sánchez, 2011: 1). Destacan tamén mobilizacións como a do

31 Esta páxina recibiu críticas por empregar o activismo como forma de exercer un “lucrativo negocio de extracción de datos” (Saavedra, 2015/07/10).

13 de marzo do 2004, convocada fronte á sede do Partido Popular para protestar contra a política de información do goberno español en relación cos atentados do 11 de marzo, aínda que neste caso a convocatoria foi difundida fundamentalmente mediante SMS (Luengo, 2010).

Con todo, o uso das actuais redes sociais para a mobilización cidadá, ao que xa fixemos referencia brevemente (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.3), non comezou a ser decisivo até datas máis recentes, como aconteceu nas revolucións e protestas levadas a cabo en diferentes países árabes desde o ano 2010 até o 2012, a chamada “primavera árabe”; ou no denominado movemento 15M, convocado empregando esas plataformas en maio do 2011 para protestar contra a xestión que o goberno español estaba a facer da crise económica (Ferrerías, 2011). Este movemento marca un antes e un despois, pois posúe características que o fan diferente doutras mobilizacións anteriores: a horizontalidade, o cambio e o dinamismo e a ausencia de líderes (Sampedro & Sánchez, 2011: 3). Ademais, estenderíase a outros países de Europa e do mundo, dando lugar a movementos semellantes como Occupy Wall Street, que desde setembro do 2011 fixo famosa a consigna *we are 99%* (somos o 99%) (Pepitone, 17/09/2011). Na actualidade Internet, e en concreto as redes sociais, son unha ferramenta fundamental da mobilización cidadá, especialmente nun contexto de crise económica en que serven de medio de contrainformación fronte aos medios convencionais. Así, redes como Twitter desempeñan un importante papel na difusión de convocatorias do que David de Ugarte denominou *ciberturbas*, mais tamén é o medio fundamental para obtermos información do que acontece nestas mobilizacións en tempo real.

Cómpre termos en conta que o simple feito de unírmonos a eventos ou grupos defensores de diferentes causas nas redes sociais non implica necesariamente que esteamos a ser ciberactivistas. Neste sentido, Gemma Luengo (2010) chama a atención sobre o que ela denomina *causas-medalla*, isto é, unha participación pasiva en diferentes causas que só ten como obxectivo definir os ideais e a personalidade de quen se adscribe a elas, mais sen dar lugar a unha implicación activa. Este tipo de actividades tamén son denominadas por outras autoras como *clicactivismo*, que segundo Margarita Padilla é “un término un poco despectivo que se refiere a la práctica de hacer click desde el sofá de casa para apoyar alguna causa justa sin un compromiso vital auténtico” (Padilla, 2012: 33). En relación con isto está, por exemplo, a opción implantada por

Facebook tralos atentados de París de novembro de 2014, que permitía engadirle un filtro coa bandeira francesa á foto de perfil. Esta acción de Facebook, que deu lugar a numerosas accións de *clicactivismo* por parte das persoas usuarias da rede social, foi moi criticada porque nese momento tamén estaban a ocorrer traxedias noutros lugares do mundo, mais non do “primeiro mundo”, razón pola que se acusou a Facebook de difundir unha visión do mundo en que o que acontece no “primeiro mundo” é o único importante (Lluent, 2014/11/14). Por outra banda, a liña que separa as actividades lúdicas do ciberactivismo non sempre está clara. Por exemplo, os *flash mobs*, isto é, “cibernautas sincronizados y coordinados a través de Internet se reúnen en un lugar, bien prefijado, bien descubierto en un estadio anterior de la comunicación virtual, realizan algo insólito y absurdo y se dispersan inmediatamente” (Urrutia, 2003: 40-41), son considerados xeralmente como un xeito de expresión artística ou como unha simple actividade lúdica. Con todo, hai quen entende que a simple apelación á reocupación do espazo público ou a chamada á reflexión dalgúns destes eventos fan que teñan unha certa compoñente de mobilización social. Ademais, xa en 2003, ano do seu xurdimento, podemos citar algún flash mob cunha finalidade claramente social, como foi o caso do celebrado en Birmingham, no que as persoas reunidas se espiron ao tempo que cantaban “Give it Away” dos Red Hot Chili Peppers para doar a súa roupa a unha obra de caridade (Luengo, 2010). Algo semellante pode acontecer coa busca de apoios para conseguir un determinado resultado en votacións a través da rede, moitas veces coa finalidade de obter resultados non esperados ou desexados polas persoas ou entidades organizadoras da votación. Este tipo de accións poden interpretarse como simples bromas, mesmo como *troleos* (vid. §2.2.1.1.2), tamén poden servir para deixar en evidencia as institucións que convocan a votación ao realizar a pouco democrática práctica de non admitiren os resultados cando non son do seu agrado. Neste sentido destacan algunhas iniciativas xurdidas no foro *ForoCoches.com*, entre as que podemos citar, por exemplo, que ante a convocatoria dunha votación para lle dar nome a un buque por parte do goberno británico, intentasen que levase o nome de Blas de Lezo, mariñeiro español responsábel da derrota da armada británica na batalla de Cartaxena (1741). Con todo, cando o nome de Blas de Lezo ía de segundo nas votacións foi eliminado de entre as opcións polas que se podía votar (Mohorte, 2016/03/28; rgutierrezc, 2016/03/29). Insistimos en que este tipo de accións parecen ter unha

intencionalidade fundamentalmente lúdica, mais en casos coma este tamén serven para deixar en evidencia as institucións contra as que se dirixe o *troleo*.

En resumo, tomando como punto de partida a definición que David de Ugarte fai do ciberactivismo, non podemos xulgar que na actualidade sexa unha forma máis de activismo, senón que é un dos elementos chave de calquera tipo de activismo, pois xa non se concibe practicamente a mobilización a favor de calquera causa sen o uso da rede³²³³.

2.3.2.3.1.1. O ciberfeminismo

Antes de nos centrarmos no hacktivismo e nas súas diferenzas co ciberactivismo ímonos achegar ao ciberfeminismo, un concepto que xorde moi axiña na rede e que poderíamos clasificar coma un movemento ou conxunto de movementos ciberactivistas.

O termo ciberfeminismo aparece de xeito simultáneo 1991³⁴ en diferentes lugares do mundo. Así, xorde en Australia o colectivo VNS Matrix (VeNuS Matrix), composto por Josephine Starrs, Julianne Pierce, Francesca da Rimini e Virginia Barratt, quen publican o *Cyberfeminist Manifesto for the 21st Century* (ilustración 5); e nese mesmo ano tamén comeza a empregar o termo a autora británica Sadie Plant (Salvador, 2009; Sollfrank). Cinco anos despois, en 1996, o colectivo australiano publicaría o seu Bitch mutant manifesto, e ao ano seguinte xurdiría un novo colectivo, desta volta en Alemaña: Old Boys Network (OBN). As integrantes de OBN serían as responsábeis da organización da First Cyberfeminist International, celebrada en Kassel (Alemaña) en 1997 no marco

32 Segundo o estudo “La movilización social en Internet. Eventos organizados a través de la red: ¿fenómeno lúdico o ciberactivismo?” realizado en 2009 por Gemma Luengo, máis do 50% das persoas enquisadas declararon participar en eventos fóra da rede que foran convocados por Internet. Ademais, esta mesma autora sinala que medios como o correo electrónico perderon efectividade á hora de mobilizar as persoas, en favor doutros como os foros, os blogues e as redes sociais.

33 Para máis información sobre o ciberactivismo pode ser de interese o *Manual del cibertactivista* (2015), de Javier de la Cueva.

34 Cornelia Sollfrank indica que a data en que se comeza a empregar o termo é 1992, igual que o artigo “Cyberfeminism” da Wikipedia. Con todo, decidimos dar por máis exacta a data de 1991, sinalada por autoras como Saleta de Salvador Agra (2009), pois todas as fontes coinciden en sinalar que o termo apareceu de xeito simultáneo en diferentes lugares do mundo e o *Cyberfeminist Manifesto for the 21st Century* de VNS Matrix aparece datado sempre en 1991.

da Documenta X, unha mostra internacional de arte contemporánea. Un dos documentos que se elaborou neste encontro foi *100 anti-theses*, un texto en que se indican 100 cousas que o ciberfeminismo non é (“FAQ___Frequently Asked Questions”; Galloway). Segundo Alex Galloway, podemos distinguir no ciberfeminismo dos anos 90 do século XX dúas liñas diferenciadas: por unha banda, a do activismo político radical e, por outra, a do activismo moderado. Na primeira liña situaríase o colectivo VNS Matrix, caracterizado por un uso cru, carnal e expresivo do corpo nas súas reivindicacións, como se pode comprobar *Cyberfeminist manifesto for the 21st century*, na ilustración 5.




Ilustración 5: VNS Matrix. (1991). *Cyberfeminist manifesto for the 21st century*

Tamén se insire nesta liña Sadie Plant, quen reivindica a tecnoloxía como un eido fundamentalmente feminino, sen pretender positivar un espazo negativo xerado polo patriarcado, senón reivindicando que sempre lle pertenceu á muller, para o que lembra a íntima relación da muller con tecnoloxías coma o tear eléctrico, a máquina de escribir ou as centrais telefónicas. En 1997 publicaría a obra *Zeroes + Ones: Digital Women and the New Technoculture*, en que reflicte esta idea e reivindica a figura de Ada

Lovelace³⁵, a primeira programadora da historia, coa intención de combater a excesiva tecnofobia que ela consideraba que existía no feminismo tradicional. Por outra banda, dentro do activismo moderado, Galloway inclúe o colectivo OBN e FACES, unha comunidade de correo electrónico exclusiva para mulleres.

Vimos de nos achegarmos brevemente á historia do ciberfeminismo, que ten o seu momento de auge nos anos 90 do século XX, mais cómpre aínda respondermos unha pregunta básica: que se entende por ciberfeminismo? Trátase dunha pregunta de difícil resposta, pois non só non existe unha definición consensual do termo, senón na First Cyberfeminist International de 1997 acordouse non definilo, de aí que se elaborase o documento *100 anti-theses*, en que se citan cen cousas que o ciberfeminismo non é, mais non o que é (Sollfrank). Velaquí un pequeno extracto dese documento:

- 52. cyberfeminism is not prosthetic
- 53. cyberfeminismo no tiene cojones
- 54. cyberfeminisme n'est pas triste
- 55. cyberfeminisme n'est pas une pipe
- 56. cyberfeminism is not a motherboard
- 57. cyberfeminism is not a fake
- 58. cyberfeminism nije ogranicen (*100 anti-theses*)

Para intentarmos extraer os trazos comúns que teñen os proxectos, ideas, movementos etc. que se denominan ciberfeministas cómpre termos en conta o contexto en que xurdiu o termo. Nos inicios dos 90 Internet supoñía un medio de comunicación con características totalmente innovadoras: tratábase dun medio horizontal e non xerárquico. Isto abría moitas portas para facer oír a voz das persoas oprimidas, fose cal fose a causa da súa opresión, incluída o feito de ser muller. Así as cousas, o termo ciberfeminismo xorde nun momento en que a rede, grazas á súa horizontalidade e bidireccionalidade, pode converterse nun espazo público en que a muller pode ter voz en igualdade de condicións. Indo aínda máis alá, o anonimato que permitía Internet comezou a se ver

35 Ada Lovelace ou Ada Byron (filla do poeta Lord Byron) foi unha matemática londinense do século XIX. Pasou á historia pola súa colaboración con Charles Babbage no desenvolvemento da máquina analítica, un antecedente dos computadores actuais. Ada desenvolveu as instrucións para que a máquina realizase cálculos, converténdose así na primeira programadora da historia. (Zafra, 2013)

como a realización do ciborg, no sentido en que o describira Donna Haraway (1991³⁶) nos anos oitenta: un híbrido entre organismo e máquina que faría posíbel non só a superación do dualismo organismo / máquina, senón tamén do dualismo home / muller, abrindo a posibilidade dun hipotético futuro sen xéneros (Salvador, 2009). Con todo, a pesar de a rede ser unha oportunidade para a causa feminista, tamén tiña os seus riscos: tratábase dunha estrutura horizontal non xerárquica, mais iso non impedía que se puidesen repetir nela os patróns machistas do mundo físico xa que, por exemplo, practicamente todos os nomes importantes na historia da rede eran homes (Wilding & Critical Art Ensemble, 1998: 55; Zafra, 2005). O ciberfeminismo non xorde, por tanto, asociado unicamente ao aproveitamento da rede para difundir a causa feminista, senón tamén á denuncia da asociación homes - tecnoloxía e á loita contra tecnofobia feminina (Paterson; Salvador, 2009; Zafra, 2005: 130). Así as cousas, aínda que non poidamos achegar unha definición definitiva do ciberfeminismo, podemos dicir que os trazos comúns aos proxectos que se enmarcan baixo esta etiqueta son o uso dos ordenadores e de Internet para propagar a causa feminista e a loita contra as estruturas patriarcais que hai detrás dos computadores e da rede. Ademais, o ciberfeminismo tamén está asociado á creación de comunidades en liña e é partidario do software libre (*vid.* §2.3.3.3) (Salvador, 2009).

No ámbito galego podemos destacar a iniciativa *Parabéns, fixeches unha xuntanza de todo pirols*, unha páxina de Facebook inspirada noutras accións ciberfeministas e que declara estar “Á procura dos eventos fully machotes, todo pirols, esas mostras de masculinidade 100% que podes atopar no día a día”.

Podemos concluír que, como indica Yvone Volkart, o ciberfeminismo é un mito, non porque non sexa real, senón porque non ten unha orixe identificábel nin existe nel a primacía dunha historia e dunha verdade únicas, senón que existe unicamente desde a pluralidade de ideas, proxectos, movementos etc. que se insiren baixo esa etiqueta (Sollfrank).

36 Donna Haraway describía o ciborg en *A Cyborg Manifesto: Science, Technology, and Socialist-Feminism in the Late Twentieth Century*, un texto publicado orixinalmente en *Socialist Review* en 1985, e que posteriormente se integraría como un capítulo da súa obra *Simians, Cyborgs, and Women: The Reinvention of Nature* (1991).

2.3.2.3.2. Hacktivismo

Ciberactivismo e hacktivismo son termos que, a pesar de estaren próximos, non remiten exactamente ao mesmo. O termo hacktivismo foi acuñado polo crítico cultural Jason Sack en 1995. Trátase dunha palabra maleta composta de *hack* e *activism* que se refire á utilización non violenta de ferramentas dixitais ilegais ou legalmente ambiguas para acadar determinados fins políticos (“Hacktivism”; Padilla, 2012: 33). O hacktivismo leva a cabo accións concretas en favor de determinadas causas, igual que o ciberactivismo, mais neste caso son accións que só afectan a computadores ou a redes de computadores. Con todo, isto non impide que as accións hacktivistas respondan a unha estratexia ciberactivista máis ampla, de feito esta é a situación habitual. Por exemplo, o grupo hacktivista *Anonymous* filtrou en novembro do 2012 o nome e o número de placa de 18 Mossos de Esquadra, en resposta á brutalidade policial rexistrada durante a folga do 14 de novembro e coa finalidade de dar a coñecer “los nombres de los encargados de reprimir las voces del pueblo que luchan contra la dictadura financiera de políticos y banqueros”³⁷ (“Anonymous filtra el nombre de 18 Mossos”, 2012/11/17). As accións dos/as hactivistas poden estar coordinadas ou non coas accións doutros/as (ciber)activistas, mais adoitan apoiar causas defendidas activamente por sectores da sociedade e en consonancia coa ética *hacker*. A ética *hacker*, xurdida da filosofía de traballo no Massachusetts Institute of Technology (MIT) desde os anos 50, defende posturas como o libre acceso aos computadores e a calquera medio que nos permita coñecer como funciona o mundo, que a información sexa libre, ou a desconfianza cara á autoridade e a promoción da descentralización (Levy, 1984: 26 - 27) (afondaremos máis neste tema no punto dedicado á ética *hacker* e a neutralidade da rede, *vid.* §2.3.3.1).

Na actualidade, un dos colectivos de hactivistas máis importantes é *Anonymous*. Segundo Chris Landers (04/02/2008) o grupo orixinouse no taboleiro de imaxes 4chan.org en 2003, onde as persoas usuarias adoitan empregar o alcume *Anonymous*. Mais, quen son e que é *Anonymous*? Así o define Milhaud, o autor do bloque *Recuerdos de Pandora*:

37 Nesta altura era frecuente que durante as mobilizacións cidadás se producisen cargas policiais en que os/as axentes non levasen o número de identificación (“Le pegan, pide el número de placa al agente y le vuelven a pegar”, 2012/09/27).

Algunos lo califican como una organización terrorista. Otros como una jerarquía compleja cuya cúpula es identificable. La realidad es que Anonymous no es más que lo que su propio nombre significa: gente anónima. Gente que aprovecha el anonimato de Internet para luchar por sus objetivos, aunque no tienen por que siempre las mismas personas, ni perseguir los mismos fines. (Milhaud, 20/06/2011)

Trátase, por tanto, dun grupo de hacktivistas distribuído, sen líderes, sen xerarquía, que non está vinculado a un epicentro xeográfico concreto, en definitiva, é un colectivo cunha estrutura que nada ten que ver coa de ningunha organización convencional (Coleman, 06/04/2011). O grupo ten como lema “O coñecemento é libre. Somos anónimos. Somos lexión. Non perdoamos. Non esquecemos. Esperádenos!” (en inglés “Knowledge is free. We are Anonymous. We are Legion. We do not forgive. We do not forget. Expect us!”) (Milhaud, 20/06/2011; Schwartz, 02/07/2012). Grupos que se identificaron como *Anonymous* levaron a cabo accións que van desde achegarlle á policía información para a detención de persoas acusadas de abusos sexuais (Jenkins, 2007/12/07), até atacar as web gobernamentais de Israel en novembro do 2012 tras o ataque a Gaza (Khazan, 2012/11/17), pasando por ataques en contra de accións e leis que, como a Stop Online Piracy Act (SOPA), intentan restrinxir o libre acceso á información na rede (“Internet strikes back”, 2012/01/20; Schwartz, 2012/07/02). No noso contexto máis próximo, persoas identificadas como *Anonymous* difundiron, por exemplo, vídeos en contra da privatización do sistema sanitario galego (“Anonymous Barcelona en apoio a Galicia”, 2011/11/20), así como ataques a webs locais de partidos políticos aos que acusan de seren responsábeis da “maior prevaricación da historia” (“Anonymous 'hackea' la web del Partido Popular de Foz”, 2012/02/13).

A pesar de que *Anonymous* é un grupo de hactivistas, isto non impide que realicen aparicións públicas no mundo *off line*. Así, desde o 2011 é frecuente vermos en diferentes mobilizacións nas rúas persoas que se identifican como parte de *Anonymous*, para o que empregan a máscara que usa V, protagonista do cómic *V for Vendetta* (e posteriormente do filme do mesmo nome), inspirada en Guy Fawkes, quen participou na *Gunpowder Plot* (Conspiración da pólvora). Guy Fawkes foi o encargado de voar a House of Lords de Londres en 1605, acción que quedou nun intento, como resposta á

represión que a relixión católica, minoritaria, estaba a sufrir tras a reforma anglicana. (Milhaud, 2011/06/20; Robinson, 2011/03/09; Schwartz, 2012/02/07).

Outra organización relacionada coa cultura hacktivista que cómpre nomear, é WikiLeaks. Neste caso estamos perante un colectivo organizado, con figuras visíbeis coma a da soldado estadounidense Chelsea Elizabeth Manning³⁸ ou a do seu fundador Julian Assange. Trátase dunha organización sen fins lucrativos xurdida oficialmente en 2007 e que se declara fundada por disidentes chineses e xornalistas, matemáticos/as e tecnólogos/as de diferentes lugares do mundo (Padilla, 2012: 13). A organización ten como obxectivo facer pública información importante para as persoas que os gobernos manteñen en segredo, asegurándolles o anonimato ás súas fontes (“About”; “WikiLeaks”; Padilla, 2012: 36). Entre as accións de WikiLeaks podemos nomear as filtracións de documentos do exército dos Estados Unidos sobre as guerras de Iraq e de Afganistán, en que se dan a coñecer historias de torturas, asasinatos e outros abusos que ese exército levou a cabo neses países (“Baghdad War Diary”; “Kabul War Diary”; Oppenheimer, 24/10/2012); documentos sobre o tratamento dos/as prisioneiros/as no cárcere de Guantánamo (“The Guantanamo Files”); filtracións sobre o goberno sirio en xullo do 2012 (“Syria Files”); ou documentos en que se constata que o goberno estadounidense exerceu presión sobre o goberno español para que aprobase unha lei restritiva sobre as descargas de contidos na rede (Elola, 2010/12/03).

WikiLeaks foi galardoada con múltiples premios pola súa loita contra a censura, como o *The Economist New Media Award* en 2008 (“Winners of Index”) ou o *New Media* do certame *Amnesty International's UK Media Awards* en 2009 (“Amnesty announces Media Awards 2009 winners”, 2009/06/02). A organización recibiu o apoio de persoeiros como Daniel Ellsberg, quen filtrou documentos do Pentágono sobre a guerra do Vietnam en 1971 (“Wikileaks: View of man behind Pentagon Papers leak”, 2010/11/30), ou o lingüista Noam Chomsky (“Noam Chomsky backs Wikileaks protests in Australia”, 2010/12/10); mais tamén de gobernos como Brasil (“Toda solidariedade ao Wikileaks”, 2010/12/09), Ecuador, país que lle concedeu asilo diplomático a Julian Assange³⁹ (“Ecuador concede asilo”, 2012/08/16) ou mesmo a ONU (“UN rights boss concerned at targeting of WikiLeaks”, 2010/12/09). Con todo, WikiLeaks tamén conta

38 Chelsea Elizabeth Manning, que antes de agosto do 2013 empregaba o nome de Bradley Edward Manning, foi condenada nese mesmo mes a 35 anos de prisión por filtrar documentos militares e diplomáticos a Wikileaks (“A condena a Manning”, 2013/08/21),

con importantes países detractores, especialmente os afectados polas súas filtracións, como Estados Unidos (“Clinton calls WikiLeaks documents 'an attack on the international community’”). Ademais, algunhas voces acusan a organización de cooperar coa CIA (Symington, 2009/09/01) ou de ser unha montaxe para xustificar a censura na rede, acusación que tamén se estendeu a Anonymous (Estulin, 2011; Estulin, 2012/02/01). Para alén da veracidade ou non destas acusacións, unha das críticas máis importantes a WikiLeaks é a relacionada coa transparencia das súas contas, pois non se coñecen publicamente estes datos (Blasco, 2010/12/04).

Para alén destas organizacións, existen numerosas persoas que actúan na mesma liña de xeito individual. Neste sentido podemos destacar o caso do estadounidense Aaron Swartz, un programador que destacou polo seu labor neste eido desde moi novo e participou en proxectos coma a creación do RSS (*vid.* §2.2.1.3.2.1) ou a creación de Reddit (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.4), e que chegou a traballar no World Wide Web Consortium (W3C) (*vid.* §2.2.1.3.1.1). Aaron Swartz destacou polo seu compromiso co acceso libre ao coñecemento e é especialmente coñecido por poñer ao dispor da cidadanía multitude de artigos científicos, razón pola que foi acusado de roubo de datos, detido en 2011 e sometido a unha gran presión que a súa familia cualificou como “the product of a criminal-justice system rife with intimidation and prosecutorial overreach”. Por esta acción solicitaban 1 millón de dólares de multa e 35 anos de prisión. Aaron Swartz suicidouse o 11 de xaneiro de 2013, con 26 anos (“Aaron Swartz”). Na actualidade seguen a liña de Aaron Swartz proxectos coma Sci-Hub ou LibGen, que permiten acceder a multitude de artigos científicos (Peláez, 2016/02/22). Aos nome de Aaron Swartz, Julian Assange e Chelsea Manning debemos engadir outros aos que xa fixemos referencia, coma Richard Stallman (*vid.* §2.2.1.2.2) e Edward Snowden (*vid.* §2.3.1.1.1) e algún outro que aínda non nomeamos, coma Hervè Falciani, responsábel da filtración

39 Julian Assange foi detido no Reino Unido por orde de Suecia en 2010, acusado de violación e (Griffiths & Holden, 2010/12/07), aínda que a orde de detención foi retirada (“Retiran orden de detención”), Suecia reabriu a investigación meses despois (“Suecia reabre la investigación”). O 16 de agosto do 2012 o goberno de Ecuador concedeuulle asilo diplomático, por xulgar que existen moitas contradicións nesta acusación, así como riscos para a vida de Assange de ser detido, e que a operación pode responder a unha represalia polas filtracións de WikiLeaks (“Declaración del Gobierno de la República del Ecuador sobre la solicitud de asilo de Julian Assange”; “Ecuador le concede asilo diplomático a Julian Assange”).

dunha lista con máis de 130 000 nomes de clientes do banco suízo HSBC que serviu para descubrir multitude de casos de evasión fiscal (“Hervé Falciani”). Todas estas persoas, e moitas outras, empregaron os seus coñecementos para levar a cabo accións a prol da xustiza social usando a rede, o que lles supuxo en moitos casos seren perseguidos pola xustiza.

En resumo, podemos considerar o hacktivismismo unha forma de activismo cunhas características concretas que, ademais, adoita precisar de coñecementos técnicos por parte de quen o practica. Puidemos observar tamén que non se trata dun movemento illado, senón que está en consonancia con moitas causas defendidas desde diferentes sectores, causas que se defenden en moitos casos mediante estratexias ciberactivistas. Ademais, non podemos considerar o ciberactivismo un simple complemento do activismo, senón que é parte fundamental del porque na actualidade xa non se concibe unha mobilización sen o uso de ferramentas como as redes sociais, pois como indican Sampedro Blanco e Sánchez Duarte (2011):

[...] en los últimos años Internet ya era la plaza. O lo que es lo mismo, la diferencia entre on-line y off-line ha perdido (parte de) sentido. Surgen y se consolidan prácticas híbridas que rompen la división tradicional (ahora caduca) de lo “real” y lo “virtual”.

Sampedro & Sánchez, 2011: 2

2.3.3. Internet e o modelo económico: cara á producción distribuída

Nesta epígrafe imos tratar os cambios que supón unha rede distribuída como Internet (*vid.* §2.2.1.1.1.1) no modelo económico, para o que trataremos de explicar que é a ética *hacker*, isto é, os principios subxacentes á configuración de Internet como rede neutral, así como achegarnos a un modelo de produción distribuída como o do software libre. A ética *hacker* e a neutralidade da rede son dous temas transversais, que teñen implicacións non só no eido económico, senón tamén no social e no político, polo que poderían incluírse en calquera das dúas epígrafes anteriores. Con todo, decidimos detérmonos neles nesta epígrafe pola oposición que os poderes económicos amosan, buscando a alianza dos poderes políticos, contra a neutralidade da rede e, sobre todo,

porque coidamos que entendermos a ética *hacker* que inspirou unha rede neutral é fundamental para comprendermos o xurdimento e o desenvolvemento dun sistema de produción distribuída como o do software libre.

2.3.3.1. A ética *hacker* e a neutralidade da rede

2.3.3.1.1. A ética *hacker*

Xa fixemos unha pequena introdución á ética *hacker* ao falarmos do hacktivismo (*vid.* §2.3.2.3.2), mais imos afondar agora un pouco máis neste concepto tan importante para a configuración de Internet. Con todo, antes cómpre sabermos de onde vén o termo *hacker* e que é exactamente. Velaquí unha pequena historia do termo presentada por Steven Levy:

This latter term [hack] may have been suggested by ancient MIT lingo-- the word "hack" had long been used to describe the elaborate college pranks that MIT students would regularly devise, such as covering the dome that overlooked the campus with reflecting foil. But as the TMRC⁴⁰ people used the word, there was serious respect implied. While someone might call a clever connection between relays a "mere hack", it would be understood that, to qualify as a hack, the feat must be imbued with innovation, style, and technical virtuosity. Even though one might self-deprecatingly say he was "hacking away at The System" (much as an axe-wielder hacks at logs), the artistry with which one hacked was recognized to be considerable. (Levy, 1984: 13)

Como podemos observar, a forma *hack* significa en inglés 'cortar en anacos', polo que un *hacker* é 'unha persoa que corta algo en anacos'. Porén, no MIT adquiriu un novo significado, primeiro asociado ás bromas estudiantís, mais non a calquera brincadeira, senón ás máis elaboradas; e despois referido á habilidade para "cortar en anacos" un sistema informático, mais tamén dun xeito elaborado, isto é, con "innovación, estilo e virtuosidade técnica". Así as cousas, no MIT o termo *hacker* pasou a ter un significado positivo, asociado á capacidade de "cortar" un sistema para resolver problemas e achegar novas solucións. Mais un/unha *hacker* non é só iso, senón que ademais tamén segue implicitamente unha filosofía de traballo coñecida como ética *hacker*. Como xa indicamos (*vid.* §2.3.2.3.2), a ética *hacker* xurdiu da filosofía de traballo do MIT desde

40 Siglas do Tech Model Railroad Club, asociación de estudantes do MIT coñecida por ser un dos clubs de modelos ferroviarios máis importantes do mundo.

os anos 50, mais non se trataba dun regulamento explícito, senón de regras non escritas que estas persoas seguían á hora de realizaren o seu traballo (Levy, 1984: 26). Unha das primeiras persoas en explicitar as regras desta ética *hacker* foi precisamente Steven Levy, en *Hackers, Heroes of the Computer Revolution* (1984), obra en que resume este código de conduta en sete puntos, que inspirarían reflexións posteriores sobre a ética *hacker*, como a de Pekka Himanen (2001). Estes sete puntos son:

- Access to computers -and anything which might teach you something about the way the world works- should be unlimited and total. Always yield to the hands-on imperative!
- All information should be free.
- Mistrust authority - promote decentralization.
- Hackers should be judged by their hacking, not bogus criteria such as degrees, age, race, or position.
- You can create art and beauty on a computer.
- Computers can change your life for the better.
- Like Aladdin's lamp, you could get it to do your bidding. (Levy, 1984: 26-31)

A ética *hacker* baséase, por tanto, en permitir o acceso aos computadores, e a calquera outra cousa que nos permita ampliar o noso coñecemento do mundo, para ver como funcionan e podermos aplicar ese coñecemento para crear cousas novas, o que implica que o acceso á información debe ser totalmente libre. Isto é o que se denomina ética da rede ou *nética* (*nethic*)⁴¹ (Pekka, 2001: 85; Torvalds, 2001: x). Por esta razón están en contra de todo o que busque poñerlle barreiras a este acceso libre ao coñecemento (persoas, barreiras físicas, barreiras legais etc.) e consideran que debemos desconfiar da autoridade e promover a descentralización. Cómpre apuntarmos que o termo descentralización non está usado no mesmo sentido que o usamos ao explicarmos as topoloxías de rede (*vid.* §2.2.1.1.1.1), senón no sentido de rede distribuída, pois Levy describe o que el denomina descentralización do seguinte xeito: “those people could never understand the obvious superiority of a decentralized system, with no one giving orders”. Por outra banda, promóvese un trato meritocrático, en que se premia a

41 Trátase dun termo máis amplo que o de netiqueta (*netiquette*), pois mentres que a netiqueta implica só principios de conduta concretos (como evitar expresións inadecuadas, ler os arquivos de preguntas frecuentes (FAQ) antes de facer preguntas etc.), a *nética* é o código ético de que derivan eses principios (Pekka, 2001: 85; cf. Castro, 2016).

creatividade e o pensamento diverxente (a aproximación aos problemas desde perspectivas pouco convencionais). Os e as *hackers* son conscientes da resistencia cara ao uso de computadores e cara á súa filosofía de traballo, mais responden a esta tecnofobia intentando facernos ver que o mundo que nos abren os computadores é ilimitado, que son moitas as súas potencialidades e que poden mellorar a nosa calidade de vida en gran medida, como xa puidemos comprobar nos últimos anos.

Aínda que o termo xurdiu no mundo da informática, é aplicábel a persoas que traballen en calquera eido, sempre o que o fagan de xeito entusiasta e creativo, así como coa vontade de compartir os resultados do seu traballo publicamente para que a sociedade no seu conxunto se beneficie deles. Neste sentido cómpre facermos unha paréntese para detérmonos nalgúns termos que están relacionados con *hacker*, como son *friqui* (*freak*), *geek* ou *nerd*. Trátase de termos próximos entre eles, que en moitas ocasións se confunden e cuxas definicións non están totalmente asentadas en todos os casos. *Freak* significa orixinariamente en inglés “a person, animal, or plant that is abnormal or deformed; monstrosity” (“freak”), e na actualidade designa a persoas obsesionadas cunha afección concreta considerada extravagante (“Friqui”). *Geek*, pola súa banda é unha “persoa que sente unha grande atracción por temas tecnolóxicos, como a electrónica, a informática, os videoxogos, etc.” (“geek (a)”), mais tamén é un termo asociado á unha certa inadaptación social (“geek (b)”). Finalmente, o significado de *nerd* é moi próximo ao de *geek*, mais cunha inadaptación social máis marcada (“Geek (c)”; “nerd”). Como indicabamos, trátase de termos próximos cuxas diferenzas non sempre é doado discernir, mais chama a atención que o grande interese que *friquis*, *geeks* e *nerds* teñen polo coñecemento en xeral, ou por algunhas áreas do coñecemento en concreto, vaia asociado á exclusión social, pois isto reflicte que a sociedade valora negativamente o interese polo coñecemento.

Volvendo á ética *hacker*, podemos comprobar que desafía a ética do traballo imperante na actualidade, identificábel coa exposta por Max Weber en *Die protestantische Ethik und der 'Geist' des Kapitalismus* (1905), pois mentres que para a primeira o valor dunha actividade está en crear cousas que a comunidade de iguais considere valiosas, para a segunda o valor son só as ganancias económicas. Ademais, mentres a ética *hacker* busca o beneficio social poñendo a disposición de todas as persoas toda a información posíbel, desde a ética do traballo o habitual é obstaculizar o acceso á información, pois a

posesión da información xera importantes beneficios económicos (Torvalds, 2001: viii - ix).

Con todo, se a ética *hacker* está asociada aos valores positivos que vimos de describir, a que se debe que na actualidade sexa tan frecuente o uso deste termo dun xeito pexorativo? Por que podemos atopar nos dicionarios definicións como “saboteador informático que accede a ordenadores alleos a través de redes ás que estes están conectados para apropiarse da información que almacenan, alterala ou destruíla” (“hacker”)? Pois ben, débese a unha manipulación do termo que ten a súa orixe arredor dos anos 80, como nos explica o programador Richard Stallman nun dos artigos incluídos en *Free Software, Free Society: Selected Essays of Richard M. Stallman*:

A hacker is someone who enjoys playful cleverness—not necessarily with computers. The programmers in the old MIT free software community of the 60s and 70s referred to themselves as hackers. Around 1980, journalists who discovered the hacker community mistakenly took the term to mean “security breaker.” Please don’t spread this mistake. People who break security are “crackers”. (Stallman, 2010: 97)

O termo *hacker* foi, por tanto, terxiversado e confundido con *cracker*, mais debemos ter claro, como nos indica Stallman, que alguén que se dedica á programación e non respecta a ética que vimos de describir, senón que “rompe” sistemas con finalidades maliciosas, non é un/unha *hacker*, senón un/unha *cracker* (Stallman, 2010: 97; Torvalds, 2001: viii). Así as cousas, parece que a ética *hacker* non só é bastante descoñecida polo conxunto da sociedade, senón que se difunde (intencionadamente ou non) unha imaxe negativa dela. Cómpre non caermos en terxiversacións como as que vimos de describir, e non esquecermos que é na ética *hacker* en que se asenta o desenvolvemento dos principais avances tecnolóxicos de que dispoñemos hoxe en día, unha ética que supón unha alternativa máis xusta (e quizais máis eficiente) á actual ética capitalista do traballo.

2.3.3.1.2. A neutralidade da rede

A neutralidade da rede é un principio consistente en que non debe existir ningún tipo de intervención na transmisión de mensaxes por ningunha causa (contido, orixe, destino, aplicación empregada, protocolo etc.) (Dans, 2010; “Network neutrality”). Trátase dunha característica fundacional e definatoria de Internet, como puidemos comprobar ao achegármonos á súa historia, pois os protocolos empregados e a World Wide Web son

abertos e están pensados para que a rede sexa distribuída e neutral. Estamos ante unha característica de grande importancia para a historia da rede, pois sería practicamente imposible que fose o que hoxe é de non ser neutral, como nos recorda Enrique Dans:

El tráfico de datos recibido o generado en Internet no debe ser manipulado, tergiversado impedido, desviado, priorizado o retrasado en función del tipo de contenido, del protocolo o aplicación utilizado, del origen o destino de la comunicación ni de cualquiera otra consideración ajena a la de su propia voluntad. Ese tráfico se trata como una comunicación privada, y únicamente podrá ser espiado, trazado, archivado o analizado en su contenido bajo mandato judicial, como correspondencia privada que es en realidad. Este principio, la neutralidad de la red, ha estado embebido en el diseño de la misma desde sus orígenes, y ha jugado un enorme y relevante papel en su popularización. La red es lo que es hoy gracias sobre todo al hecho de ser neutral. (Dans, 2010)

Así as cousas, parece que a neutralidade é unha característica que cómpre manter, pois a desaparición deste trazo supón a desaparición da propia Internet, cando menos da Internet tal e como foi concibida e tal e como a coñecemos. Con todo, a pesar de todas as vantaxes que para a sociedade ten a neutralidade da rede, non son poucos os inimigos dela, de aí que na actualidade a neutralidade, e Internet, estean en serio perigo, como veremos na seguinte epígrafe.

2.3.3.1.2.1. A neutralidade de Internet en perigo

Na actualidade existen poderosos axentes que se opoñen á neutralidade da rede e que propoñen intervir as comunicacións que se realizan a través de Internet. Estes axentes son, por unha banda, as industrias con modelos de negocio que chocan directamente coa rede, como é o caso da industria cultural, e, por outra, axentes que historicamente controlaron as comunicacións, como os estados. Os argumentos que achegan con máis frecuencia para se opoñeren a este modelo de rede global distribuída son a propiedade intelectual e a asociación de Internet con condutas negativas (terrorismo, pederastia etc.). Estes axentes promoveron lexislacións como Stop Online Piracy Act (SOPA) nos Estados Unidos (“Stop Online Piracy Act”), o tratado comercial Anti-Counterfeiting Trade Agreement (ACTA) (“Anti-Counterfeiting Trade Agreement”) asinado por diversos países do mundo, a *Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable* (BOE, Nº 55, 2011/03/05) no Estado español, máis coñecida como Lei Sinde ou Lei Sinde-

Wert, ou a coñecida como Lei Lasalle (Bravo, 2013/03/18). Trátase de lexislacións e acordos que, amparándose na defensa da propiedade intelectual pretenden, en maior ou menor medida, intervir nas comunicacións a través da rede. Por outra banda, do 3 ao 14 de decembro do 2012 celebrouse en Dubai a *World Conference on International Telecommunications* (WCIT-12), unha reunión a porta pechada de gobernos de todo o mundo cuxa finalidade era a revisión do International Telecommunication Regulations (ITRs) (“World Conference on International Telecommunications (WCIT-12)”), mais moitos dos estados que acudiron á xuntanza tiñan a intención de introducir nesa modificación cuestións que levaban a unha clara censura de Internet. Isto espertou moitas preocupacións entre as persoas usuarias da rede, mais tamén entre empresas como Google, que levou a cabo unha campaña contra as propostas de censura, así como entre algunhas das figuras máis importantes para o desenvolvemento de Internet (Tim Berners-Lee amosou a súa preocupación perante esta reunión (Kelion, 2012/12/04), e até o mesmo Vinton Cerf -un dos pais de Internet, *vid.* §2.2.1.1.2- escribiu unha carta aberta pedindo que Internet se mantivese libre e aberta (Cerf, 2012/12/03)). Aínda que non se chegou a un acordo para levar a cabo esta censura (Valero, 2012/12/16), parece que mesmo os gobernos que se opoñían a el (por exemplo, Estados Unidos) intentan exercer a diario un maior control sobre a rede (Salvatierra, 2011/11/08). Así as cousas, imos analizar as argumentacións coas que se defenden este tipo de accións para vermos se xustifican ou non a desaparición da neutralidade da rede.

2.3.3.1.2.1.1. Argumentos contra a neutralidade da rede

2.3.3.1.2.1.1.1. Internet e a propiedade intelectual

No referente á propiedade intelectual, o argumento é o seguinte: os formatos electrónicos permiten realizar copias rápidas, a custo practicamente cero, de calquera tipo de contido, e tecnoloxías como o P2P permiten compartir os contidos dun xeito doado. A industria cultural considera que isto contravén os dereitos de autoría, polo que se opón a tecnoloxías como o P2P e busca aliarse para esta causa coa industria das telecomunicacións (Dans, 2010; “La SGAE insiste en que los proveedores de red paguen derechos de autor”, 2007/02/16; “Rajoy insiste en eliminar el canon”, 2008/01/20). Mais, antes de aceptarmos este argumento cómpre preguntármonos que é a propiedade intelectual e cal é a súa finalidade.

O concepto de propiedade intelectual é o concepto global do que derivan os dereitos de autoría (Bravo, 2005: 53), mais podemos falar de propiedade intelectual nos mesmos termos que de propiedade de obxectos físicos? A industria cultural non adoita facer distinción entre estes dous conceptos, de aí que considere a descarga non autorizada de obras como un roubo, ou que mesmo chegue a equiparala co ataque violento a un barco denominándoa *pirataría*⁴² (Bravo, 2005: 92; Dans, 2010; Sanz, 2008/11/24; Stallman, 2010: 114). Con todo, o concepto de propiedade non implica o mesmo no caso dun obxecto físico, como un teléfono móbil, que no dunha obra intelectual, como unha canción: no primeiro caso o uso dun teléfono móbil por parte dunha determinada persoa estalle impedindo ao resto de persoas realizar ese mesmo uso; mais no caso dunha canción, o feito de unha persoa realizar unha copia non priva a outras persoas de a escoitaren. Así o explica a *hacker* Margarita Padilla:

[...] esos nuevos bienes inmateriales no se rigen por las leyes de la vieja sociedad industrial. Adoptan diversas formas (un programa de ordenador, un MP3, un PDF...), pero todas se rigen por las mismas nuevas leyes: son bienes que no se desgastan con el uso, pueden ser míos y tuyos al mismo tiempo, los podemos producir tú y yo en cooperación sin mando, se multiplican a coste cero y cuanto más se usan más valor adquieren. Ni más ni menos, la revolución digital ha puesto en el mundo la posibilidad de una nueva abundancia ¡y sin necesidad de repartirla! (Padilla, 2012: 58)

Por esta razón, avogados especialistas en propiedade intelectual como David Bravo consideran que neste segundo caso non podemos falar de propiedade no mesmo sentido que no primeiro, pois trátase dun obxecto intanxíbel que non implica un uso exclusivo como os obxectos físicos e, por tanto, tampouco podemos referirnos á copia como un roubo (Bravo, 2005: 17 -19).

Mais, desde cando existe a chamada propiedade intelectual e cal é a súa finalidade? As primeiras regulacións neste eido naceron canda a imprenta e estaban destinadas a regular a actividade das persoas editoras, pois eran quen podían multiplicar as obras e, por tanto, abondaba con controlar a súa produción para controlar as ideas que se poñían

42 Este termo comezaron a usar os e as autoras para referírense ás editoras que publicaban obras sen autorización, mais agora é esa figura intermediaria (editoras, discográficas, produtoras etc.) a que se aplica á cidadanía que accede ás obras sen autorización (Stallman, 2010: 114).

en circulación. Tratábase dunha regulación industrial que non afectaba ao que o público facía coas obras (Bravo, 2005: 17; Stallman, 2005/04/19; Stallman, 2010: 34 - 37). Mais o copyright moderno ten a súa orixe no Reino Unido en 1710, co Statute of Anne (Estatuto da Raíña Anne), unha regulación que creaba os dereitos de autoría tal e como os concibimos hoxe, isto é, que incluía un incentivo para as persoas creadoras cuxo obxectivo era animalas a produciren obras que puidesen beneficiar ao conxunto da sociedade, é dicir, os dereitos de autoría foron concibidos como un medio para acadar un fin social (Bravo, 2005: 20; Sousa, 2010: 4; Stallman, 2005/04/19). A filosofía que rexe as diferentes lexislacións de propiedade intelectual na actualidade segue a ser a mesma pois, como indica a Organización Mundial do Comercio, “governments and parliaments have given creators these rights as an incentive to produce ideas that will benefit society as a whole”⁴³ (“Intellectual property”). Esta é a razón pola que os dereitos de autoría non son permanentes, senón que se lles outorgan ás persoas creadoras e as súas herdeiras uns anos de monopolio de explotación das súas obras (o número de anos varía segundo as lexislacións) como incentivo, mais pasado ese tempo a obra ten que ser de dominio público. Vinculado con este fin social está tamén o dereito á copia privada, existente en estados como o español, un dereito que nos permite gravar unha película da televisión, unha canción da radio ou facer unha copia dun CD que nos prestaron (Bravo, 2005: 105). Con todo, este dereito ficou moi limitado despois da entrada en vigor da *Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía sustentábel*, pois agora só se entende por copia privada aquela que unha persoa fai dun orixinal comprado para o seu propio uso. Indo aínda máis alá, David Bravo sinala que tal e como está redactado o texto legal podería mesmo interpretarse que nin tan sequera se pode realizar unha copia dun orixinal comprado. Desta lei tamén derivou a creación da chamada *Comisión Sinde-Wert*, unha comisión composta por persoas con algún coñecemento sobre dereito e propiedade intelectual (non necesariamente cunha titulación), unha comisión que substitúe aos xuíces nos litixios relacionados coa propiedade intelectual. Como resultado, mentres que as sentenzas emitidas por xuíces protexían o dereito ao acceso á cultura fronte ao lucro da industria, pois a lexislación establecía que só había delito cando facilitar o acceso a contidos protexidos por copyright implicaba un lucro por parte da persoa que os facilitaba (por exemplo, mediante a publicidade presente nestas

43 Os gobernos e mais os parlamentos déronlles ás persoas creadoras eses dereitos como un incentivo para que produzan ideas para o beneficio da sociedade no seu conxunto.

páxinas web), as resolucións desta comisión van na liña contraria. Aínda que esta vía non impide acudir posteriormente á vía xudicial, agora é a persoa / entidade demandada inicialmente pola industria a que ten que afrontar custes económicos derivados dos trámites xudiciais, mentres que a industria cultural pode demandar por vía administrativa perante a comisión sen ter que pagar nada. Isto fai que na maioría na maioría de conflitos por páxinas web para compartir contidos en que a Comisión Sinde-Wert resolve a favor da industria as persoas administradoras das páxinas opten por pechalas perante as dificultades que supón acudir á xustiza⁴⁴ (lapancartadebitacora, 2015/03/05). Esta situación mesmo deu lugar a que a Comisión Sinde-Wert condenase unha web o mesmo día que un xuíz a absolvía (Otto, 2013/09/03). Posteriormente reformaríase a *Lei da Propiedade Intelectual (Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia)* introducindo, entre outras modificacións, o coñecido como *canon AEDE* (en referencia á Asociación de Editores de Diarios Españoles, promotora da medida) ou *taxa Google*, que afecta á inclusión de “fragmentos significativos” (sen concretar máis o que iso significa, o que xerou unha importante confusión) de novas de medios de comunicación, obrigando a pedir autorización e, de ser o caso, remunerar os medios de que proceden as novas. Isto fixo que Google News, que xeraba o 70% das visitas que recibían os medios de comunicación españois na rede, pechase en España, e que baixase o número de visitas recibidas polos medios que promoveron a medida (lapancartadebitacora, 2015/03/05). En resumo, desde os comezos da segunda década do século XXI estanse a aprobar no Estado español disposicións legais que limitan cada vez máis o dereito de acceso á cultura e á información e que benefician o lucro da industria cultural ou, o que é o mesmo, disposicións legais que poñen os intereses da industria cultural por riba dos intereses colectivos.

44 David Bravo sinala que o éxito da Comisión Sinde-Wert inspirou a *Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguranza cidadá*, máis coñecida como *lei mordaza*, que tamén lle quita atribucións aos xuíces e xuízas en materia de seguranza cidadá, unha disposición que, na práctica, está a prexudicar os dereitos da cidadanía e, en concreto, o dereito de manifestación (lapancartadebitacora, 2015/03/05).

Agora ben, se a finalidade do copyright é ser un incentivo para que se creen obras culturais das que se poida beneficiar a sociedade, por que na actualidade parece que se persegue no seu nome á cidadanía que busca acceder a esas obras, ou, o que é o mesmo, por que parece que se lle deu a volta á teoría legal? Pois ben, os dereitos de autoría divídense en dereitos morais e en patrimoniais: os primeiros correspóndenlle sempre á persoa creadora, mais os segundos normalmente son cedidos a outros axentes, como empresas ou entidades de xestión (Bravo, 2005: 53). Por exemplo, se publicamos un libro nunha editorial cunha licenza de copyright tradicional (todos os dereitos reservados) estámolle cedendo á editorial os dereitos de difusión da obra, de xeito que nós perdemos o dereito de distribuírmos copias ou de colgala total ou parcialmente na rede. Moralmente a obra sempre será da nosa autoría, mais perdemos totalmente o control sobre a súa circulación. Por outra banda, nalgúns casos parte dos dereitos de autoría só se poden exercer a través dunha entidade de xestión, como acontece cos dereitos de remuneración. Así, por exemplo, a lei non permite que gravemos un disco e que o distribuamos xestionando nós mesmas a recadación, senón que nos obriga a asociármonos a unha entidade de xestión (no caso do Estado español a máis coñecida é a SGAE), o que implica perdermos o control sobre a nosa creación. Isto pode dar lugar a situacións como que, se colgamos unha canción do noso CD na nosa páxina web sen a autorización da entidade de xestión, esta pode esixirnos que a retiremos e reclamarnos pagarlle unha multa para compensarnos a nós mesmas por publicar a nosa propia canción (Bravo, 2005: 65). En relación con isto, non debemos esquecer que toda creación é nalgunha medida un proceso colectivo, pois ao crearmos unha obra (literaria, musical, audiovisual etc.) estamos en débeda coa bagaxe cultural que nos inspirou, e para garantir a continuidade dese proceso colectivo de creación deberíamos facilitar tamén o acceso á nosa obra⁴⁵ (Bravo, 2005: 21).

Na actualidade alégase que tecnoloxías como o P2P ou a descarga directa de arquivos prexudican os dereitos de autoría porque fan caer as vendas das copias autorizadas, mais tendo en conta que eses dereitos de remuneración non son exercidos polas persoas creadoras na maior parte dos casos, para sermos precisos temos que dicir que o que prexudican son os dereitos de recadación exercidos por empresas e entidades de xestión.

45 Neste sentido cómpre puntualizarmos que a defensa do acceso libre á cultura non implica que as persoas creadoras perdan o dereito de remuneración pola súa obra (Vicente & Gozzer, 2012/06/28), mais afondaremos nesta cuestión na epígrafe dedicada ao software libre (vid. §2.3.3.3).

Poderíamos pensar que, se estes axentes realizan ben o seu traballo e as persoas creadoras reciben a súa remuneración, non existe ningún problema, máis cómpre termos en conta datos como que só o 4% dos 70 000 socios da SGAE cobran máis do salario mínimo, polo que o resto non só obteñen poucos beneficios das súas obras, senón que están obrigados a perder o control sobre elas se queren obter algúns, de xeito que non poden, por exemplo, difundir as súas obras a través da rede sen a autorización da entidade para publicitárenas (Bravo, 2005: 62). De feito, no que se refire á música, a maioría das persoas creadoras afirma gañar máis cartos ca nunca desde que existe Internet e a tecnoloxía P2P, xa que se trata dunha plataforma que lle dá publicidade ás persoas que non poden chegar aos medios de comunicación convencionais, que son a gran maioría das persoas que se dedican á música, pois só unhas poucas teñen acceso a estas canles de difusión masivas (Madden, 2004/12/05: ii). Así as cousas, parece difícil podermos aceptar afirmacións como que as descargas matan a cultura, cando en realidade o que feren é un modelo de negocio baseado en seleccionar unhas poucas obras que chegan a ser *supervendas* grazas á publicidade, a conta de invisibilizar e restrinxir o acceso á gran maioría da produción cultural, un modelo que adoece dunha importante crise de contidos. O intercambio de arquivos na rede está permitindo precisamente que a sociedade acceda de xeito doado a unha maior diversidade de contidos, e non só aos poucos que a industria cultural selecciona, polo que máis que matar a cultura está facendo que estea máis viva ca nunca. Por exemplo, segundo datos da SGAE, en 2004 os grandes concertos (con máis de 2500 espectadores/as) descendieron un 22%, mentres que os pequenos e medianos aumentaron un 29%) (Bravo, 2005: 61 - 62). Así as cousas, parece que esta criminalización da cidadanía⁴⁶ por

46 Neste sentido son de grande importancia as chamadas campañas “antipirataría” promovidas por entidades coma a SGAE (e agora tamén desde as disposicións legais) que en moitos casos son auténticas campañas de adoutrinamento en favor da industria cultural (que non da cultura). Cómpre destacar que estas campañas tamén se teñen volto contra os seus promotores, ao amosaren estes a súa ignorancia sobre o funcionamento dos computadores e da rede, tal e como aconteceu coa campaña *Si eres legal, eres legal* promovida pola SGAE, en que se celebrou un concurso de testemuños sobre os perigos da chamada “pirataría” que gañou unha mensaxe en que se describían feitos imposíbeis (despois de pasar o filtro dunha persoa moderadora): “Me lo contaron en el colegio, entre y me baje películas, me entraron virus y me tube que cambiar el cpu porque los virus se metieron en el procesador, no os bajeis cosas, son gente que pone cosas malas dentro de los archivos y te roban tus datos, tus fotos, tus roto2 y todo!!!! Se legal FACILMENTE!!!” (Bravo, 2009/01/18; “CPES15 -

acceder á cultura a través da rede, querendo protexer o medio (os incentivos económicos) a costa do fin (o beneficio social), responde a que se trata dunha práctica que prexudica o modelo de negocio dunha industria que defende unha cultura homoxeneizadora e carente de contidos, como nos explica David Bravo:

Una de las características más relevantes de los superventas es que son ideológicamente estériles. Esta virtud es la que les hace imprescindibles en un sistema que basa su supervivencia en la desinformación, la pasividad y la distracción. [...] El hecho de que la cultura que es comercialmente rentable sea la que resulta aséptica, tiene un efecto importante en la sociedad. La cultura es fundamental en el desarrollo personal y puede ser la línea que marca la diferencia entre que tu hijo se preocupe porque no tiene Nikes con muelles o por el precio de la vivienda. Son los grandes poderes económicos los que fabrican la ideología y te la transmiten en forma de publicidad, de noticia o de canción del verano. La aparición de las redes P2P pone en jaque el pensamiento cero que promocionan estos ídolos de cartón piedra desde todos los medios de comunicación. Esta realidad, que multiplica neuronas y melómanos, es el enemigo público número uno de las discográficas y de los gobiernos, que se han lanzado a una campaña propagandística para advertirte de que tu interés por acceder a la cultura es inmoral, ilegal y peligroso. (Bravo, 2005: 60)

Cómpre, por tanto, non confundirmos a industria cultural, cuxo modelo de negocio pode estar sendo prexudicado por Internet, coa cultura, que está saíndo beneficiada por unha rede distribuída en que non hai unha autoridade central que decida de antemán que contidos son interesantes e cales non. Grazas a Internet impulsáronse movementos como da cultura libre, que aposta pola igualdade das persoas no acceso ao coñecemento (“Movemento pola cultura libre”). Este movemento concrétase en iniciativas como as licenzas Creative Commons impulsadas por Lawrence Lessig e Hal Abelson en 2002. Trátase de licenzas alternativas ao copyright tradicional, adaptadas á lexislación de diferentes países, que lles permiten ás persoas creadoras elixir que liberdades lle permiten ao público das súas obras: todas obrigan ao recoñecemento dos dereitos morais de autoría, mais despois pódese elixir se se permite ou non a creación de obras derivadas, o uso comercial etc. (“About The Licenses”; “History”; Mas, 2006: 60 - 62). Cómpre puntualizarmos que non se trata de licenzas que empreguen só persoas a título

David Bravo”, 2011/07/13).

individual que verten contidos na rede, senón que existen editoras que as usan (algúns exemplos no noso ámbito máis próximo son Urco Editora (“Sobre Urco Editora”) ou Estaleiro Editora (“A editora”)). No eido científico foi un importante fito que a revista *Nature* permitise a publicación de artigos baixo esta licenza (Park, 2012/04/05), mais tamén contamos con exemplos no ámbito galego, como é o caso de Estudos de Lingüística Galega (*Estudos de Lingüística Galega*).

Como podemos observar, fronte á industria cultural convencional, cuxo modelo de negocio está ameazado pola rede e que ataca a neutralidade no nome dos dereitos de autoría, está xurdindo un novo modelo de cultura que pon o acento en protexer o acceso ao coñecemento, buscando unha oferta diversificada e a prezos accesíbeis (ou mesmo de balde), polo que é difícil aceptarmos a afirmación de que Internet está matando a cultura.

2.3.3.1.2.1.1.2. Internet e seguranza

Nos medios de comunicación convencionais é frecuente que se difunda unha imaxe da rede asociada a conceptos negativos, pois non é difícil escoitarmos ou lermos novas en que se fala de Internet en relación co terrorismo, a a pederastia, o acoso etc (Bravo, 2008). Algúns exemplos disto son titulares como “Alfredo Pérez Rubalcaba: 'No habría terrorismo internacional si no existiera Internet'” (2011/01/25) onde se deixa nun segundo plano a responsabilidade das persoas que realizan estas actividades para atribuírla directamente á rede; ou “Secuestró a una chica vía Facebook” (2010/12/04), en que se responsabiliza a unha rede social (virtual) dun secuestro, que precisa necesariamente dunha presenza física. Aínda que é certo que na rede podemos atopar persoas que a empreguen para levar a cabo actividades daniñas para as persoas, isto tamén acontece no mundo físico, e non por iso se responsabiliza a obxectos físicos delas, pois a responsabilidade é das persoas que as realizan, non dos medios que empregan. Por outra banda, é pouca a difusión que se lle dá nos medios de comunicación tradicionais ás posibilidades que ofrece a rede como medio de acceso á cultura ou como espazo de debate. Todo isto contribúe a crear unha sensación de desconfianza cara a Internet que busca xustificar, no nome da seguridade cidadá, un maior control sobre a rede por parte do dos estados. Con todo, ese maior control que pretenden os gobernos pode levar a violar a neutralidade da rede e controlar as opinións

expresadas pola cidadanía a través dun medio en que non existe ningunha autoridade que as filtre, isto é, pode volveuse un mecanismo de censura (Dans, 2010).

2.3.3.1.2.1.2. Conclusións

Despois de analizarmos a cuestión da propiedade intelectual e da seguridade, os dous principais argumentos para atacar a neutralidade da rede, coincidimos coa visión de persoas como David Bravo ou Enrique Dans en considerarmos que non xustifican a censura en Internet. No primeiro caso, xulgamos que pode ser necesario incentivar as persoas para que creen obras das que a sociedade no seu conxunto se poida beneficiar, mais o modelo da industria é contraproducente para termos unha produción cultural diversa e accesíbel. Internet, pola contra, posibilitou a expansión de modelos como o da cultura libre, polo que, no canto de perseguir ás persoas usuarias da rede, parece máis acertado que a industria cultural procure un novo modelo de negocio que sexa xusto coas persoas creadoras (non só con incentivos económicos, senón tamén diversificando a súa oferta e incluíndo a todas as persoas creadoras) e co público, ofrecendo prezos que non supoñan unha barreira de acceso para boa parte da cidadanía. No segundo caso, xulgamos que se deben perseguir as condutas perigosas para a sociedade, tanto no mundo virtual como no físico, sen que iso non sirva como escusa para limitar as liberdades das persoas. En resumo, consideramos que é crucial mantermos unha rede neutral, que garanta a privacidade e o acceso á información sen filtros, pois trátase dun grande avance que, a pesar de estar aínda nos seus inicios e existir unha importante fenda dixital (*vid.* §2.3.1.2), podería chegar a supoñer que todas as persoas estivesen en pé de igualdade á hora de accederen á información e ao coñecemento, un primeiro paso para rompermos cun modelo social en que unhas poucas persoas manexan a información (empregándoa para manteren os seus privilexios, no canto de buscaren o ben común) e construímos un novo modelo máis xusto.

2.3.3.2. Hardware libre

Parello ao concepto de software libre está o de hardware libre que, aínda que non é algo novo, está a coller especial impulso nos últimos anos da man das impresoras 3D. Denominamos hardware libre aqueles dispositivos físicos distribuídos cunha licenza igual ou semellante ás do software libre. Isto quere dicir que se se distribúe, por

exemplo, un computador ou un compoñente dun computador como hardware libre debemos poder coñecer como está deseñado ese hardware ao detalle, poder modificalo ou mesmo, se temos os coñecementos necesarios, construílo a partir da documentación distribuída cunha licenza libre (Andrades, 2016/06/06; Delgado, 2007/11/20; “Open-source hardware”). Como indicabamos ao inicio, aínda que o concepto non é novo, adquiriu especial importancia nos últimos anos grazas ás impresoras 3D, especialmente, ás impresoras 3D autorreplicantes. Neste sentido, podemos destacar o proxecto RepRap, nacido en 2005 da man do enxeñeiro Adrian Bowyer. Trátase dunha impresora distribuída baixo a licenza GNU General Public License, creada por Richard Stallman (*vid.* §2.2.1.2.2) e que garante as mesmas liberdades que para o software libre (*vid.* §2.3.3.3). Para alén disto, o feito de ser autorreplicante implica que unha impresora 3D deste tipo pode ser empregada para xerar outra impresora 3D idéntica (“RepRap project”).

Na actualidade podemos atopar multitude de proxectos de hardware libre en diversos eidos: comunicacións (radio, audio, telefonía, vídeo, conectividade -redes sen fíos etc.-), electrónica (cámaras, computadores, robótica), medio ambiente (enerxía renovábel, iluminación), máquinas e ferramentas de produción (automoción, as impresoras 3D xa nomeadas, escáneres etc.) ou ciencia (dispositivos médicos, hardware científico) (“List of open-source hardware projects”). Con todo, no caso do hardware libre o camiño está a ser máis difícil ca no caso do software debido á existencia de numerosas patentes que impiden o seu desenvolvemento.

Aínda que cuestións coma as licenzas do software ou do hardware poidan parecer secundarias a primeira vista, consideramos que van ser cruciais no desenvolvemento da sociedade nos próximos anos. Na actualidade xa nos estamos a decatar de que o software e hardware distribuído con licenzas privativas fai que paguemos por produtos sobre os que non temos o control, senón que, aínda que pagamos por eles, a empresa que nolo vendeu reserva para si unha importante cantidade de privilexios. Aínda que isto acontece, en maior ou menor medida, na maioría de dispositivos que empregamos hoxe en día, podemos poñer un par de exemplos para ilustrar que isto afecta a practicamente todos os ámbitos da vida. En 2015 xurdiu a polémica porque a coñecida marca de tractores John Deere e General Motors pretendían que, aínda que se pagase polos seus produtos, non se puidese modificar o software que os xestiona. Isto implica

que, aínda que as persoas que compren estes vehículos pagaran por eles altas cantidades, non son realmente propietarios deles, só adquiren unha licenza de uso e non só non poden modificar o software que controla o seu funcionamento, senón que non poden saber como funciona ese software, o que xera importantes dúbidas sobre como as empresas fabricantes usan este privilexio (potencialmente, poderían mudar o seu funcionamento, limitar funcionalidades, empregalo para obter datos sobre a persoa que adquiriu o vehículo etc.) (Pastor, 2015/04/22). Un caso semellante é o da compañía Revolv, unha empresa que ofrecía un servizo que permitía conectar a un centro de comunicacións diferente dispositivos do fogar e controlalos cunha aplicación. As persoas mercaban un aparello e unha aplicación que facía funcionar o sistema. Con todo, a empresa cambiou de mans e a nova empresa propietaria enviou unha actualización ás persoas que mercaran o dispositivo de Revolv indicándolles que o seu aparello deixaría de funcionar (Dans, 2016/04/16). Así, os privilexios de que dispón a empresa que subministrou o produto permiten que nos poidan privar do seu uso en calquera momento, aínda que pagásemos por el. Tamén é o control que as empresas teñen sobre o software e o hardware o que permite que existan prácticas coma a obsolescencia programada, isto é, a determinación da vida útil dun produto para provocar que se compre un novo aínda que o produto inicial estea en perfectas condicións para seguir funcionando. Pensemos, por exemplo, en que unha impresora pode estar configurada para imprimir só un determinado número de copias e, unha vez acadado ese número, deixa de funcionar porque así foi configurada, aínda que estea en perfectas condicións para seguir imprimindo (Dannoritzer, 2011; “Obsolescencia programada”).

O tipo de licenzas do software e do hardware vai ter implicacións moi importantes no modelo de sociedade que construíamos nos próximos anos. Estamos a ver como moitas ocupacións laborais están a ser substituídas por máquinas, lemos constantemente titulares coma “¿Puede un robot robarle el puesto?” (Campbell, 2011/11/22) ou “47% of US jobs under threat from computerization according to Oxford study” (Sandhana, 2013/09/24) etc. Parece inevitábel que moitos dos traballos que actualmente son desempeñados por persoas pasen a desempeñalos máquinas, como xa está acontecendo. Neste contexto, hai dous futuros posíbeis. Pode que a propiedade das máquinas e do software que as fai funcionar fique nunhas poucas mans, de xeito que se manterán as desigualdades sociais: o groso da sociedade terá unha alta dependencia das tarefas

realizadas por esas máquinas, e os seus propietarios, altos beneficios aos que o resto da cidadanía será allea. Mais tamén é posíbel que as máquinas e o software que as fai funcionar se distribúan baixo licenzas libres, de modo que calquera persoa poida coñecer como funcionan, modificalas para empregalas para novas finalidades e distribuír con licenzas libres estas modificacións. Este segundo futuro posíbel implica poñer o hardware e o software ao servizo da cidadanía, do ben común, non dos intereses dunhas poucas persoas, implica, en definitiva, que a cidadanía se apropie dos medios de produción. As consecuencias dunha ou doutra opción son ben diferentes e, a pesar do movemento polo software e o hardware libre, así como do movemento pola cultura libre de xeito xeral, non parece que a segunda opción leve as de gañar, pois empresas e gobernos dedican moitos esforzos a apagaren este tipo de iniciativas. En calquera caso, despois de todo o que vimos de expoñer, consideramos que a loita polo software e o hardware libre é unha loita crucial para conseguirmos unha sociedade máis xusta e que, a pesar das dificultades, este tipo de iniciativas conseguiron xa importantes froitos e cómpre seguir traballando para acadar máis no futuro.

2.3.3.3. O software libre, un modelo de produción distribuída

A continuación imos analizar o que consideramos o modelo máis importante de produción distribuída: o software libre. O software libre é un tipo de software que se caracteriza, fronte ao software privativo ou propietario, por lles garantir ás persoas usuarias catro liberdades esenciais:

- The freedom to run the program, for any purpose (freedom 0).
- The freedom to study how the program works, and change it to make it do what you wish (freedom 1). Access to the source code is a precondition for this.
- The freedom to redistribute copies so you can help your neighbor (freedom 2).
- The freedom to distribute copies of your modified versions to others (freedom 3). By doing this you can give the whole community a chance to benefit from your changes. Access to the source code is a precondition for this. (Stallman, 2010: 3)

Estas catro liberdades derivan da filosofía de traballo no MIT desde os anos 50 ou, o que é o mesmo, da ética *hacker* implícita nela (*vid.* §2.3.3.1.1). Neses momentos non existía ningún movemento de software libre porque non era necesario, pois ese era o único xeito de traballar, mais isto comezaría a cambiar pouco despois. Indica Richard Stallman (2010: 49) que en 1977 o Artificial Intelligence Lab (AI Lab) do MIT recibiu unha impresora da empresa Xerox como regalo, unha impresora que funcionaba con software libre, o que lles permitiu ás persoas que alí traballaban realizar melloras para adaptala ás súas necesidades. Máis tarde, o AI Lab recibiu unha nova impresora de Xerox, desta volta con software propietario, polo que non tiñan acceso ao código. Esta impresora, aínda que era máis rápida que a anterior, tiña importantes fallos que se poderían solucionar de o persoal do AI Lab poder acceder ao código fonte, mais estes nunca se chegaron a arranxar porque Xerox nunca lles deu acceso a el e tampouco arranxou os fallos. Con esta anécdota Stallman amósanos como o software privativo ou propietario, que como moito permite a liberdade de executarmos o programa, obstaculiza o desenvolvemento do software, pois o feito de non permitirlles ás persoas usuarias que realicen mudanzas fai que a súa mellora sexa moito máis lenta e moito menos eficiente. Lémbranos Stallman que os avances, no desenvolvemento do software e noutros eidos, son necesariamente cooperativos e precisan apoiarse no xa feito por outras persoas, pois comezar sempre de cero sería un traballo inxente e inabordable (2002: 170 -179). Preocupado pola expansión do software privativo, Stallman anuncia en 1983 un proxecto que tiña o obxectivo de desenvolver un sistema operativo totalmente libre, o proxecto GNU⁴⁷. Ao ano seguinte comeza o seu desenvolvemento, en 1985 funda a Free Software Foundation (Stallman, 2002: 19 -23; Mas, 2006: 17), e en 1989 publica a primeira versión da General Public License (GPL), unha licenza de uso que garante as catro liberdades que describimos ao comezo. Estas son as orixes do movemento polo software libre, mais o primeiro fito importante non se produciría até 1992, ano en que os desenvolvementos do proxecto GNU se unen cos levados a cabo por Linus Torvalds, quen publicara en 1991 o seu propio núcleo de sistema operativo, Linux. Esta unión deu lugar a GNU/Linux, o primeiro sistema operativo libre completo

47 GNU é un acrónimo recorrente de GNU is Not Unix (GNU non é Unix), pois GNU é compatíbel co sistema operativo UNIX, desenvolvido orixinariamente en 1969 (“Unix”), mais non é o mesmo sistema. Ademais, GNU significa ‘ñu’ en inglés. En canto á pronuncia, Stallman recomenda que se pronuncie como new (/nju:/) precedido dun g (“g-new”) (Stallman, 2002: 163 - 164).

(Mas, 2006: 19; Stallman, 2002: 28). Outros fitos importantes son, por exemplo, a publicación do código do navegador privativo Netscape Communicator 4 baixo o unha licenza libre en 1998, o que daría lugar ao navegador Mozilla Firefox; a liberación por parte de Sun Microsystems do código da súa suite ofimática Star Office, en 1999, creando o proxecto OpenOffice.org⁴⁸ (Mas, 2006: 21); ou o lanzamento, en 2004, de Ubuntu, unha das distribucións máis coñecidas de GNU/Linux (“Ubuntu”).

Cómpre puntualizarmos que libre non significa necesariamente de balde, pois o software libre pódese vender sempre que se respecten as catro liberdades (a confusión entre libre e gratis é aínda maior no caso do inglés, xa que *free* ten esas dúas acepcións) (Stallman, 2002: 33). Atendendo ás liberdades e ao custo podemos distinguir catro tipos de software: libre non comercial, privativo non comercial, libre comercial e privativo comercial. O software libre non comercial permite as catro liberdades e é de balde (por exemplo, Mozilla Firefox); o privativo non comercial é gratis, mais non permite as catro liberdades (por exemplo, Internet Explorer); o libre comercial permite as catro liberdades, mais non é de balde (por exemplo, a distribución Linux Mandriva); mentres que o privativo comercial non permite as catro liberdades nin é gratis (por exemplo, Microsoft Office) (Mas, 2006: 18 - 19). Con todo, se queremos tirar rendemento económico desenvolvendo software libre o modelo proposto por Stallman é o de cobrar polo soporte (Stallman, 2002: 178). De feito, este é o modelo imperante no negocio do software: para as empresas que desenvolven software comercial (privativo ou libre) un 30% dos ingresos provén das licenzas, mentres que un 70% do soporte (Mas, 2006: 89). Mais, cal é o proceso de desenvolvemento do software libre? Pois, como non podía ser doutro xeito, trátase dun proceso de produción distribuída, de feito, trátase de “la primera gran estructura de propiedad libre en desarrollo distribuido de la historia” (Ugarte, 2011). Isto implica que non existe unha autoridade que decida como se desenvolve o software, senón que é a comunidade de software libre (que inclúe a persoas desenvolvedoras, usuarias) a que traballa no seu desenvolvemento baixo os preceptos da ética *hacker* e garantindo as catro liberdades (“Free software community”). Dentro desta gran comunidade existen subcomunidades dedicadas ao desenvolvemento

48 En 2010 xurdiría unha bifurcación deste proxecto, LibreOffice, desenvolvida por The Document Foundation coa finalidade de que ningunha empresa tivese a autoría do código da suite (no caso de OpenOffice.org a autoría do código é de Oracle) (“LibreOffice”).

de proxectos concretos e, dentro de cada comunidade, as persoas teñen diferentes roles que poden ir rotando, e o desempeño dun rol de maior ou menor responsabilidade adoita depender dos méritos que a persoa gañe dentro da comunidade. Xeralmente trátase dun sistema meritocrático, como indicamos ao falarmos da ética *hacker* (Senabre, 2005). Un exemplo prototípico de comunidade foi a do desenvolvemento do *kernel* ou núcleo de sistema operativo Linux, unha comunidade coordinada por Linus Torvalds que conseguiu en catro anos máis de 15 000 persoas voluntarias de 90 países. Como coordinador, Linus empregaba unha linguaxe informal buscando a complicidade das persoas voluntarias, invitaba a realizar modificacións no código que el publicara e facía recoñecementos persoais (non só as persoas que escribían o código, senón tamén ás encargadas da documentación ou da tradución). Todo este proceso coordinouse a través de BBS (*vid.* §2.2.1.1.2) e listas de correo (*vid.* §2.2.1.2.2.1.1) e acabou dando lugar a un núcleo de sistema operativo con relativamente poucos erros (Senabre, 2005). Este xeito de traballar, aberto a todas as persoas e sen unha autoridade central que marque as liñas de actuación ou os límites temporais, foi denominado por Eric S. Raymond como *modelo bazar*, fronte ao sistema do software privativo, en que a comunidade de persoas desenvolvedoras é pechada e existe unha figura de autoridade que marca uns determinados obxectivos, ao que dominou *modelo catedral*. O modelo bazar presenta importantes vantaxes fronte ao modelo catedral, pois non só permite que o desenvolvemento do software reverte nun beneficio social, senón que tamén posibilita o desenvolvemento de programas máis eficientes e máis seguros debido á que Raymond denominou como *lei de Linux*: “Given enough eyeballs, all bugs are shallow”, isto é, cantas máis persoas revisen o código dun determinado programa, menos probábel é que conteña erros (Raymond, 2000). Isto tamén reverte vantaxes con respecto ao software privativo noutros planos, como o da privacidade e a seguranza: se o código é público e pode ser revisado por calquera persoa, é menos probábel que as persoas desenvolvedoras inclúan código que comprometa a privacidade e a seguranza e, se o fan, este feito adoita ser denunciado publicamente axiña (Stallman, 2002: 169) (por exemplo, en decembro do 2012 Stallman denunciou que Ubuntu enviaba datos privados das persoas usuarias á empresa Canonical (Stallman, 2012/12/07)).

As vantaxes que presenta o software libre fixeron que experimentase unha importante expansión desde os inicios do movemento, tanto no número de persoas usuarias como de persoas desenvolvedoras, mais isto non implicou a popularización da filosofía que

inspira o movemento (Stallman, 2010: 22). Neste sentido cómpre destacar que no 1998 un grupo de *hackers*, entre os que se atopaba Eric S. Raymond, lanzou a Open Source Initiative, e pasaron a denominar o software que desenvolvían en código aberto como *open source* coa finalidade de se desvincular do termo *free* (que pode levar á confusión de que se trata só de software gratis), para así facer este tipo de programas máis atractivos á hora de obter apoio empresarial. Esta diferenciación terminolóxica deu lugar co tempo a distintas concepcións éticas e morais do software: o *open source* ou código aberto implica máis ou menos as mesmas liberdades que o software libre, mais está enfocado a buscar o apoio das empresas para o seu desenvolvemento, deixando nun segundo plano os principios do software libre, isto é, mentres que a finalidade do software libre é que o software desenvolto pola comunidade reverta nun beneficio para toda a sociedade, a do *open source* é empregar o código aberto, como un medio que permite desenvolver software de gran calidade, para acadar un maior beneficio económico. Cómpre, por tanto, termos presente que software libre e código aberto non son exactamente o mesmo, aínda que en moitas ocasións se empreguen os dous termos como sinónimos (Mas, 2006: 21 - 23; Stallman, 2010: 31-32).




Ilustración 6: Mapa conceptual do software libre (fonte: Mérou 2010, traducido ao galego por Miguel Anxo Bouzada)

En conclusión, o software libre supón o primeiro grande exemplo do éxito da produción distribuída e, ademais, trátase dun procedemento que pode dar lugar a produtos máis eficientes e máis seguros que os do modelo da catedral tradicional. Co tempo veremos se este modelo é extensíbel a outros eidos produtivos, mais parece importante termos presentes os principios que fundamentan o movemento para evitarmos que o código aberto sexa só un medio para que uns poucos acaden máis beneficios económicos, no canto de que a sociedade no seu conxunto saia beneficiada dos desenvolvementos feitos pola comunidade.

2.3.3.3.1. O software libre e as linguas subordinadas

Aínda que ampliaremos a información sobre o software libre e as linguas dominadas na epígrafe dedicada á localización de software (*vid.* §2.4.2.2.2.2.2), imos facer agora unha pequena introdución para completarmos a visión global das implicacións do software libre. Seguindo a terminoloxía de Neil Baxter (Baxter, 2012: 12) ímonos referir a aquelas linguas que se atopan en situación de perigo, por causa do dominio doutra(s) lingua(s) sobre elas, como subordinadas ou dominadas, como é o caso do galego. Mais, que relación pode haber entre o software libre e as linguas subordinadas? Como xa indicamos, o software libre pódese cualificar como o primeiro proceso de produción distribuída da historia, isto é, un proceso colaborativo en que é a comunidade no seu conxunto a que toma as decisións, non as figuras de autoridade procedentes do poder político ou económico (Ugarte, 2011). Pois ben, este tipo de estruturas distribuídas permiten unha maior representatividade da realidade social, xa que calquera persoa pode participar nelas sen necesidade de pasar os filtros dunha autoridade (xeralmente pertencente aos grupos hexemónicos). Isto permite que os colectivos non hexemónicos, entre os que se atopan as persoas falantes de linguas dominadas, poidan adquirir un protagonismo que nas estruturas tradicionais lles é negado.

No caso concreto do software e as linguas dominadas, se queremos empregar un sistema operativo privativo (producido dun xeito non distribuído) nunha lingua dominada, o proceso é moi complexo: cómpre pedirmos autorización á empresa que o desenvolve para realizar a tradución, unha autorización que se nos pode conceder ou non. Porén, se queremos empregar un sistema operativo libre na nosa lingua non temos máis que poñernos a traducilo, sen pedírmolles autorización a ninguén e sen térmoslle que pagar

ningunha cantidade a ningunha empresa ou institución (mais buscando primeiro se xa existe un grupo de tradución dese aplicativo para a nosa lingua e poñéndonos en contacto co grupo desenvolver do software para nos asegurarmos de que a tradución vai ser incluída nel) (Fernández, 2008: 6 -10). No caso do galego, grazas á importante actividade dos grupos de localización de software (aos que faremos referencia con máis vagar ao falarmos de Internet en Galiza, *vid.* §2.4) podemos contar coas principais distribucións de sistemas operativos libres co galego como unha das linguas con tradución máis completa (Méixome, 2012/04/26; Sarasqueta, 2012/10/22). Así as cousas, as demandas das persoas que as administracións públicas e as empresas privadas non son quen de responder, ou responden dun xeito deficiente e caro, son as propias persoas as que as cobren dun xeito eficiente e con reducidos custos económicos, aínda que, iso si, cun importante esforzo en moitos casos. Trátase, ademais, dun esforzo que lles achega unha importante visibilidade ás linguas dominadas, un feito que contribúe á normalización. Por exemplo, unha persoa que está a instalar o navegador Mozilla Firefox e ve que entre as linguas que pode seleccionar está o galego, pode optar ou non por instalar o programa nesa lingua, mais ficará coa idea de que, cando menos nese contexto, as linguas dominadas e as hexemónicas están ao mesmo nivel.

2.3.3.4. Consumo colaborativo

Moi relacionado coa produción distribuída está o concepto de consumo colaborativo (*sharing economy*). O consumo colaborativo engloba “a un conxunto de prácticas que substitúen o desenvolven servizos para una comunidade, territorio o colectivo mediante sistemas que les permiten compartir diferentes recursos” (Ugarte, 2015/01/08). Neste mesmo traballo, David de Ugarte describe diferentes tipos de consumo colaborativo:

- **Co-consumo** ou consumo compartido, consistente en compartir obxectos duradeiros entre persoas que viven preto (Peer by).
- **Car-sharing** ou compartir un coche entre varias persoas.
- **Ride sharing** ou compartir viaxes. No noso contexto son coñecidas páxinas coma Blablacar ou Uber, que poñen en contacto a viaxeiros para que compartan vehículo.

- **Couch surfing** ou servizos de hospitalidade. En orixe tratábase de redes de particulares que ofrecían hospedaxe gratuíta nas súas casas, mais na actualidade prosperan modelos coma o de Airbnb que media no alugueiro de habitacións ou apartamentos entre particulares.
- **Co-dinning**. Plataformas coma Eat with que permiten a organización de xantares ou ceas en casas particulares por un prezo establecido.
- **Co-living**, consistente en compartir vivenda. Para alén da fórmula tradicional de compartir vivenda (Rainbow Mansion), existen plataformas que permiten gozar de dereitos de uso de cuartos en diferentes casas dunha rede de *coliving* (Embassy Network).

2.3.4. Conclusións: topoloxías de rede e modelo de sociedade

De todo o que expuxemos até agora parece deducirse que a sociedade se atopa nun momento de transición entre etapas diferentes, un momento en que aínda existen desaxustes entre o novo e o vello paradigma (Subirats, 2012: 71), e parece tamén que Internet e as TIC teñen unha importante responsabilidade neste cambio. Ao explicarmos os primeiros tempos da rede fixemos referencia a Paul Baran, quen estableceu a distinción entre redes centralizadas, descentralizadas e distribuídas (*vid.* §2.2.1.1.1.1). Pois ben, entendendo o concepto de rede mais alá dunha rede de computadores e adoptando unha óptica histórica, é posíbel relacionarmos eses diferentes tipos de redes con diferentes etapas históricas, tal e como nos explica David de Ugarte na súa obra *El poder de las redes* (2011). Así, indícanos este autor que a estrutura da información nas redes centralizadas correspóndese coa que tiñan as redes de postas ou os primeiros xornais. As primeiras eran un sistema que obrigaba a que calquera carta enviada desde un punto a outro pasase sempre pola capital, que era o nó central da rede (por exemplo, na época do Imperio Portugués para enviar unha carta dun punto a outro de Brasil, a carta tiña que pasar obrigatoriamente por Lisboa); mentres que os primeiros xornais tiñan carácter local e estaban elaborados por e para as elites, era información que proviña dunha fonte única que aplicaba os filtros que desexaba. No plano político

correspóndese con sistemas como a monarquía absoluta ou os estados centralistas do tipo do estado xacobino francés.

No 1844 Samuel Morse envía a primeira mensaxe a través dun telégrafo e, pouco despois, Paul Julius Reuter envía a primeira mensaxe entre París e Londres. O telégrafo xa non estrutura a información arredor dunha única capital, como as postas, senón que o fai a través de varias, isto é, trátase dunha rede descentralizada. É nesta época cando xorde a primeira axencia de noticias, Reuter's, e a figura do/a xornalista profesional, o que fai que a prensa non inclúa só asuntos locais, senón tamén asuntos internacionais. Se a isto lle unimos a maior alfabetización da cidadanía, temos unha información descentralizada, máis plural e que chega xa a máis sectores que as elites. Isto provocou, no plano político, que as antigas elites oligárquicas desen paso a unha estrutura de partidos e sindicatos e, co tempo, ás democracias representativas universais.

Indícanos Daniel de Ugarte que coa expansión do computador persoal⁴⁹ e co xurdimento dunha rede global e distribuída como Internet establécese un novo contexto. Se as axencias de noticias fixeron caer o filtro informativo único que supoñía un poder central antes da existencia do telégrafo, os novos medios electrónicos poñen en cuestión a rede descentralizada en que funcionan os medios de comunicación convencionais, pois os blogs, as redes sociais ou os wikis permiten unha estrutura da información distribuída, en que a unidireccionalidade centros - periferia se volve unha multidireccionalidade entre nós iguais. No plano político dá lugar á plurarquía, un sistema de toma de decisións que funciona do seguinte xeito:

En un sistema pluriárquico la toma de decisiones no es binaria. No es sí o no. Es en mayor o menor medida. Alguien propone y se suma quien quiere. La dimensión de la acción dependerá de las simpatías y grado de acuerdo que suscite la propuesta. Aunque la mayoría no sólo no simpatizara sino que se manifestara en contra, no podría evitar su realización. (“Plurarquía”)

Este xeito de toma de decisións dá lugar a unha organización política que tende ao confederalismo, explicado así pola Indianopedia:

49 O primeiro computador foi creado en 1944 en Bletchley Park, o centro criptográfico británico, mentres que a idea dun computador persoal xurdiu da man de Steve Jobs e Steve Wozniak nos anos 70 do século XX (IEEE Computer; Ugarte, 2011).

El principio confederal parte del individuo agrupado en comunidades reales como sujeto de cualquier agrupación administrativa superior. Se basa en tres sencillas ideas:

- Agrupación voluntaria y revocable de las partes sobre la idea de pacto o contrato confederal.
- La soberanía se mantiene en todo momento en el individuo y las comunidades cuya autonomía se preserva organizando las cadenas de pactos “de abajo a arriba” (aunque no necesariamente por una misma “vertical”).
- Sólo se cede al escalón superior la administración de las competencias estrictamente necesarias para su funcionamiento, minimizando la captura de rentas de posición. (“Confederalismo”)

Trataríase dun contexto en que a estrutura económica predominante na actualidade perdería sentido en favor de medios de produción distribuídos, como o que supón na actualidade o desenvolvemento do software libre, baseado na ética *hacker*, ao que vimos de facer referencia (*vid.* §2.3.3.3).

Na seguinte tabela podemos ver de xeito esquemático a relación entre topoloxías de rede, información e poder político que vimos de explicar:

Tipo de rede	Estrutura da información	Poder político
Centralizada	<ul style="list-style-type: none"> • postas • prensa (elites) 	<ul style="list-style-type: none"> • monarquía absoluta, estado centralista (clubs políticos)
Descentralizada	<ul style="list-style-type: none"> • telégrafo • axencias de noticias (ciudadanía media) • xornalistas profesionais 	<ul style="list-style-type: none"> • partidos políticos e sindicatos • democracia representativa universal
Distribuída	<ul style="list-style-type: none"> • PCs e rede global • esfera pública deliberativa 	<ul style="list-style-type: none"> • plurarquía • confederalismo

Tabela 4: Topoloxías de rede, estrutura da información e poder político (elaboración propia a partir de de Ugarte (2011) e “Topologías de red”)

Como indicabamos ao comezo desta epígrafe, parece que o momento actual é un momento de transición en que as estruturas sociais descentralizadas, dominantes até agora, están en conflito coas estruturas distribuídas emerxentes. Aínda que o ideal dunha sociedade plurárquica organizada dun xeito confederal parece estar moi lonxe, o conflito xa está aí, e del derívanse a maioría dos temas polémicos relacionados con Internet e os múltiples intentos de que deixe de ser a rede distribuída que é na actualidade, cuestións en que xa afondamos na epígrafe dedicada á neutralidade da rede

(*vid.* §2.3.3.1.2). Con todo, como indicou Clay Shirky (2012), pode que algún día Internet chegue a mudar as formas de goberno actuais, e que as decisións cheguen a tomarse dun xeito distribuído e aproveitando o coñecemento de toda a cidadanía.

2.4. Internet en Galiza

A continuación imos facer un achegamento á historia e características de Internet a nivel galego, para o que seguiremos un esquema semellante ao que aplicamos a nivel global: faremos un pequeno repaso sobre a historia da rede en Galiza e despois analizaremos a súa influencia na sociedade galega. Imos centrar este último punto en só dous aspectos que consideramos relevantes para explicar as especificidades da influencia das TIC na sociedade a nivel galego, pois aplicar o mesmo esquema que aplicamos a nivel global levaríanos a repetir moita da información que xa foi explicada. Así, en primeiro lugar, analizaremos a fenda dixital, por considerarmos importante darnos unha visión de en que medida a poboación galega é usuaria das TIC e da rede e, por tanto, do peso que ten este espazo para o estudo sociolingüístico do galego, o principal obxectivo do presente traballo. En segundo lugar, analizaremos as iniciativas de ciberactivismo relacionadas directamente coa defensa e promoción do galego na rede, para facérmonos unha idea da importancia que ten a reivindicación da lingua no ciberactivismo realizado desde Galiza. Historia de Internet en Galiza

2.4.1.1. Os primeiros pasos de Internet en Galiza (1988 - 1995)

Os primeiros pasos de Internet en Galiza sitúanse nos anos 80 do século XX e están fortemente vinculados á comunidade universitaria. En 1984 créase a rede FAENET, que conectou persoas dedicadas á investigación en física de varias universidades do Estado español, mais ningunha galega. En 1988 comezaba o desenvolvemento do Programa IRIS (Programa de Interconexión dos Recursos Informáticos), que daría lugar á RedIRIS desde 1991, unha rede académica que nos inicios dos anos 90 conectaba xa 200 universidades e centros de investigación de todo o estado (“Historia”; Vaquero & Romero, 2001: 136). Algúns dos fitos significativos destes primeiros anos da rede en Galiza son, por exemplo, o envío en 1988 do primeiro correo electrónico galego desde a

Facultade de Física da USC, ou a creación das dúas primeiras páxinas web galegas en 1993: a do Departamento de Electrónica e Sistemas da UDC e a da Facultade de Física da USC (Romero & Vaquero, 2001: 138; Viñas, 2011/11/11). Segundo algunhas fontes, a primeira web en galego foi creada por Xabier Canosa en 1993 desde a Universidade de Aberystwyth (Gales) (Rial, 2006/08/19; Romero & Vaquero, 2001: 138; “Un coristanqués elaborou desde Gales hai quince anos a primeira páxina en galego da historia”, 2009/06/09), mais ao consultarmos ao autor desta páxina para contrastarmos estes datos, informounos de que non se trataba da primeira web en galego, pois xa existía previamente a da Universidade de Santiago de Compostela, así como algunha outra web oficial con versión en galego. Segundo Canosa, a súa páxina dataría de fins de 1994, e non do 1993, aínda que indica non lembrar con exactitude as datas. Tamén explica que non se trataba dunha páxina web propiamente dita, senón dunha recompilación de recursos a páxinas galegas ou de temática galega. En calquera caso, os primeiros pasos do galego na rede coinciden cos primeiros pasos da rede en Galiza, sen o retardo habitual que se producira nos medios de comunicación convencionais, algo que se explica precisamente polo feito de ser Internet unha rede distribuída, polo que non existiu autoridade ningunha que impedise esa incorporación desde o primeiro momento (*vid.* §2.2.1.1.1.1).

Outro dos fitos importantes destes primeiros anos foi a creación, desde o lectorado da University of Birmingham, da primeira listaxe de distribución (*vid.* §2.2.1.2.2.2.1.1) en que o galego foi a lingua habitual, e que xiraba arredor do enderezo galego@birmingham.ac.uk. Nesta listaxe, creada en 1995, confluían diferentes persoas de todo o mundo, con Galiza como fío central, e nel achegábase ás persoas de fóra de Galiza boa parte das novas do semanario A Nosa Terra. Foi aquí onde xurdiu o termo rolda para facer referencia ás listas de distribución. Pouco despois, Luís Pérez Carrasco impulsou desde Escocia a rolda galicia-I e, posteriormente, xurdiría o grupo de novas de Usenet (*vid.* §2.2.1.1.2) Society and Culture of Galiza ou soc.culture.galiza (Pérez; Romero & Vaquero, 2001: 138 - 139; “soc.culture.galiza”).

En todas estas actividades o número de persoas participantes era relativamente reducido, mais as webs, as roldas e os grupos de novas supoñen os alicerces do asentamento de Internet en Galiza nos anos seguintes.

2.4.1.2. O asentamento da rede (1996-2000)




Gráfico 8: Porcentaxe de penetración de Internet en Galiza e no Estado español (1997-2000) (fonte: “Audiencia de Internet en el EGM. Febrero - Marzo 2001”)

Nesta epígrafe analizaremos a etapa comprendida entre os anos 1996 e 2000, unha etapa en que consideramos que se produce o asentamento da rede en Galiza e do galego na rede, pois a presenza galega na rede aumenta considerabelmente en todos os ámbitos (administración, medios de comunicación, industria cultural etc.) (Garrido, 2006: 10). Con todo, como podemos observar no seguinte gráfico, a porcentaxe de penetración de Internet en Galiza aínda é moi baixa nesta etapa (só chega ao 8,20% da poboación no ano 2000), e é inferior á media estatal (11,71% nese mesmo ano), aínda que experimenta un ritmo de crecemento semellante. A continuación repasaremos os principais fitos de Internet en Galiza de xeito cronolóxico, ano a ano, intentando que o noso achegamento sexa o máis pormenorizado posíbel.

2.4.1.2.1. 1996

O 1996 foi un ano importante para a historia de Internet no país, pois confluíron diferentes acontecementos que supuxeron un gran paso adiante no asentamento da rede en Galiza, así como do galego na rede. Deste ano datan as primeiras páxinas web da administración autonómica, así como a da Compañía de Radio Televisión de Galicia (Compañía de Radio - Televisión de Galicia; Romero & Vaquero, 2001: 139 - 141). Mais ten especial relevancia a data do 24 de febreiro, día en que, coincidindo co aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, viu a luz o portal Vieiros, que tomaba o nome da antiga revista do Padroado da Cultura Galega en México. Tratábase dunha

iniciativa da empresa item:-)aga que tiña como obxectivo recompilar os recursos galegos existentes na rede, baseándose no modelo do índice de Yahoo! ou do índice catalán Infopista. A súa lingua era o galego, mais tamén contaba con versións en castelán e inglés. Ao ano seguinte da súa creación, Vieiros deixa de ser un índice de contidos para se converter nun buscador propiamente dito (*vid.* §2.2.1.2.2.1) e comeza a se actualizar a diario, converténdose así no primeiro medio dixital de Galiza. Ademais, desde 1998 comezarían a agromar as edicións locais. Até o seu peche por motivos económicos, o 24 de xullo do 2010, Vieiros non foi só un medio de comunicación dixital, senón tamén un dos máis importantes lugares de encontro na rede para as persoas galegas ou interesadas nos temas galegos (López & Calvo, 2010: 42; “Que é Vieiros?”; Rodríguez, 2010/07/24; Romero & Vaquero, 2001: 139 - 141; “Vieiros”).

Outro dos fitos importantes do 1996 foi o I Encontro sobre Internet en Galicia celebrado en Silleda, en que participaron unhas 200 persoas de Galiza e doutros países para analizar a situación da rede no país naquela altura. Foi un encontro do que saíron propostas que ían desde a promoción do galego na rede até a necesidade de loitar contra a imaxe manipulada que os medios de comunicación convencionais ofrecen de Internet, así como a intención de crear unha asociación galega de persoas usuarias de Internet e o Capítulo Galego da Internet Society, que se constituiría formalmente a finais de 1999⁵⁰ (“7 estrelas en Vieiros”; “Annual reports 2000-2001 Galicia Chapter”; “I Encontro sobre a Internet en Galicia”; “ISOC-GAL”; Vizcaíno, 2006; Romero & Vaquero, 2001: 145).

No que se refire especificamente á lingua, data de 1996 o sitio galego.org, unha web con información sobre o galego promovida polo Centro de Estudos Lingua e Empresa co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística. Tratábase dunha web que constaba dunha zona pública, que fornecía información sobre a historia da lingua e un vocabulario galego - inglés - castelán; e do BBS (*vid.* §2.2.1.1.2) galego.org, destinado a profesionais e persoas interesadas na normalización da lingua, un espazo en que

50 A Internet Society (ISOC) é unha organización global sen fins lucrativos, promovida por moitas das persoas que tiveron un papel importante na creación da rede. A ISOC traballa no desenvolvemento da rede coa finalidade de que beneficie a todas as persoas do mundo, de que sexa unha rede de todas as persoas e para todas as persoas. Trátase dunha organización de gran prestixio en Internet, polo que é especialmente relevante para a presenza de Galiza e do galego na rede a existencia dun capítulo galego na ISOC (ISOC - GAL).

cumpría rexistrarse para acceder a información máis específica (lexislación, liñas de axudas, bibliografía etc.). Na actualidade o sitio continúa na rede, aínda que xa non se actualiza (galego.org; Romero & Vaquero, 2001: 374). Tamén é neste ano cando se crea a Ciberirmandade da Fala, unha das asociacións galegas máis antigas da rede e que naceu co obxectivo de normalizar a lingua empregando Internet como ferramenta (*vid.* §2.4.2.2.2.1.1).

2.4.1.2.2. 1997

En 1997 a administración autonómica comeza a dar novos pasos: fornécese a través da rede o formulario para solicitar praza nos campamentos de verán, o que supón o primeiro servizo en liña posto en funcionamento pola Xunta; ademais de que se celebran as primeiras eleccións galegas que se poden seguir en tempo real a través da rede (Romero & Vaquero, 2001: 148). Tamén é neste momento cando os partidos políticos comezan a ter presenza en Internet (Romero & Vaquero, 2001: 154). Neste ano a TVG convértese na primeira televisión de Europa en emitir a súa programación en directo a través da rede (Romero & Vaquero, 2001: 317), e aparecen as primeiras páxinas web da industria cultural galega, como a de Edicións Xerais (Romero & Vaquero, 2001: 369) ou Andel Virtual, a primeira librería virtual galega (“Que é Andel Virtual?”; Romero & Vaquero, 2001: 152). Datan desde mesmo ano os primeiros buscadores galegos, como *Enxebre*, *finisterrae.com*, *GaliciaCity!com*; e tamén a reivindicación dun dominio propio, unha reivindicación inspirada nas iniciativas de Quebec e de Catalunya, e que aínda hoxe segue activa (afondaremos nesta cuestión na epígrafe §2.4.2.2.2.1). Para alén disto, Internet comézase a empregar neste momento como un medio para canalizar outro tipo de mobilizacións sociais non relacionadas directamente con ela, como son a oposición ao encoro do Umia e á empacadora de Vilaboa (Romero & Vaquero, 2001: 151 - 155).

2.4.1.2.3. 1998

1998 é o ano en que a administración local comeza a ter presenza en Internet, de xeito que empezan a aparecer os portais web de concellos coma o de Ferrol, o de Lugo, o de Vigo ou o de Pontevedra. Tamén é neste momento cando empezan a se ofrecer servizos de banca electrónica, unha iniciativa en que o Banco Pastor sería pioneiro, mais que

seguiron outras entidades como Caixa Galicia ou Caixa Ourense (Romero & Vaquero, 2001: 149 - 150). Por outra banda, amplíase o abano de medios dixitais galegos e en galego na rede, pois é cando xorden os primeiros xornais dixitais escolares, e tamén cando o semanario A Nosa Terra comeza a se publicar na rede (Romero & Vaquero, 2001: 320).

Mais estamos nun ano especialmente importante no que se refire ao galego en Internet, pois xorden diferentes iniciativas, algunhas delas con continuidade na actualidade. Así, xorde o Proxecto Xis da man de Camilo Regueiro e Ramón Flores, coa finalidade de crear unha comunidade de persoas para traducir software ao galego. A este proxecto débémolle as traducións de navegadores como Opera, Netscape e, posteriormente, Mozilla (“¿Que é o XIS?”; Romero & Vaquero, 2001: 155; “Software dispoñíbel”). Tamén data de 1998 o Proxecto Rianxo impulsado por Roberto Abalde, un tradutor automático galego - castelán - galego e un conxugador verbal (Hermida, 2003: 30 - 31; “Quen somos e de onde vivimos”, 2006/04/06; Romero & Vaquero, 2001: 155). Neste mesmo ano o Instituto da Lingua Galega (ILG) publica a versión galega do navegador Commander e o corrector Corrixe (“O ILG traduce un novo programa”, 1998/05/13; Romero & Vaquero, 2001: 155). Ademais, nesta altura comezan a aparecer en liña recursos lingüísticos máis especializados, como son a *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (BILEGA) (García *et al.*, 1998 - ...) ou a *MedDB: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa* (“Histórico de actualizacións”), desenvoltas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Romero & Vaquero, 2001: 153).

2.4.1.2.4. 1999

En 1999 a administración autonómica pon en liña o Diario Oficial de Galicia (DOG), mais isto non supuxo un acceso público e gratuío a un servizo tan importante para a sociedade, pois só se podían consultar de balde os sumarios, mentres que para acceder ao contido íntegro cumpría pagar unha subscrición (Romero & Vaquero, 2001: 177). É tamén en 1999 cando a conexión a Internet chega finalmente a todos os centros de ensino secundario de Galiza (Romero & Vaquero, 2001: 212). No que se refire á lingua, neste ano a empresa Imaxin presenta o corrector ortográfico ImaxinGalgo para os procesadores de texto Microsoft Word 2000, Word 97, Word 95, Word 6.xxx e Corel

WordPerfect 8.0 (“ImaxinGalgo”). Neste momento constitúese a iniciativa Galego21, en que converxen proxectos como o Proxecto Xis ou o Proxecto Rianxo e na que nos deteremos con máis vagar na epígrafe dedicada ao ciberactivismo lingüístico (*vid.* §2.4.2.2.1.3). É tamén nesta altura cando nacen as comunidades de tradución de software libre que están na orixe do Proxecto Trasnó, a principal comunidade de localización de software ao galego existente na actualidade, mais afondaremos máis nesta cuestión na epígrafe dedicada ao á localización de software (*vid.* §2.4.2.2.2.2).

2.4.1.3. A web social (2000-actualidade)

Desde o ano 2000 até a actualidade a porcentaxe de penetración de Internet en Galiza medrou de xeito considerábel, pasando do 8,2% do 2000 ao 51% do 2012, unha porcentaxe que probabelmente sexa maior, xa que os estudos da AIMC en que nos baseamos só inclúen a poboación maior de 14 anos. Coma na etapa anterior, Galiza mantense por debaixo da media estatal (que presenta un crecemento do 11,71% ao 58,5%), mais mantén tamén un ritmo de crecemento semellante, tal e como podemos observar no gráfico 9.




Gráfico 9: Porcentaxe de penetración de Internet en Galiza e no Estado español (2000-2012) (fontes: “Audiencia de Internet en el EGM. Febrero - Marzo 2001”; “Audiencia de Internet en el EGM. Febrero - Marzo 2007”; “Audiencia de Internet en el EGM. Febrero - Marzo 2008”; “Audiencia de Internet en el EGM. Octubre - Noviembre 2012”)

A continuación imos analizar os principais fitos de Internet en Galiza durante esta etapa, mais dun xeito diferente que en etapas anteriores: aínda que na primeira etapa proposta só cumpría citar os fitos máis importantes dos primeiros pasos de Internet en Galiza, mentres que na segunda abundou cunha relación cronolóxica ano a ano para describir a

introdución na rede dos diversos ámbitos da sociedade, xulgamos que nesta última etapa, coincidente coa que describimos como web social a nivel global, xa existe unha penetración suficiente da rede na sociedade como para realizarmos unha análise por campos, sen termos que facer unha relación cronolóxica de eventos. Por outra banda, igual que a nivel global, é imposible facer un estudo pormenorizado da introdución de Internet na sociedade, pois trátase dunha rede transversal que penetrou en todos os ámbitos en maior ou menor medida, polo que este tipo de análise sería excesiva para os nosos obxectivos, ademais de que precisaría de coñecementos específicos sobre todos os campos en que se introduciu. Dada a imposibilidade deste tipo de estudo, imos seguir un esquema semellante ao que empregamos para analizar a web social a nivel global, centrándonos nos medios propios da chamada web 2.0 (blogues, wikis, redes sociais, os medios de comunicación dixitais, as ferramentas para compartir arquivos).

2.4.1.3.1. Os medios da web social en Galiza

2.4.1.3.1.1. Os blogues en galego: o blogomillo

2.4.1.3.1.1.1. Que é o blogomillo?

Os blogues ou bitácoras son un dos medios característicos da chamada web social ou web 2.0 e, como xa indicamos, a data de nacemento deste formato é discutíbel, aínda que podemos afirmar que se pode situar a mediados dos anos 90 do século XX, mais a súa expansión non se produciu até os finais desta década e, especialmente, coa chegada do novo século (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1). Para analizarmos o que aconteceu nas orixes e no desenvolvemento da blogosfera galega, primeiro cómpre aclararmos que entendemos por blogosfera galega. Seguindo a Fernando Garrido, consideraremos que é o uso da lingua galega (total ou parcialmente) o trazo que define esta comunidade de blogueiros/as, pois é unha comunidade que presenta importantes diferenzas a respecto do resto de blogues do estado. Con todo, a lingua non sería un trazo suficiente para falarmos dunha comunidade de non existir relacións entre os blogues escritos en galego. Desde os primeiros anos existe a vontade entre os blogues en galego de definir e delimitar esa blogosfera, pois xa en 2002 algunhas persoas autoras de blogues en galego cifraran o censo de bitácoras en 16 (Dopazo & Lombao, 2006: 222). Mais a existencia dunha comunidade tamén se manifesta no tipo de ligazóns incluídas nos blogues:

segundo datos do 2006, o 86% dos blogues introducían ligazóns e, dentro destes, era bastante habitual atoparmos ligazóns a outros blogues (Canabal et al., 2006: 21 - 22). Ademais, creáronse ferramentas para artellar esta comunidade, sobre as que nos deteremos na epígrafe dedicada ao blogomillo como comunidade (*vid.* §2.4.1.3.1.1.3), e as propias persoas que integran o blogomillo defínenlo como o conxunto de blogues escritos en galego (Dopazo & Lombao, 2006: 221; Martins, 2006: 2).

2.4.1.3.1.1.2. Breve historia do blogomillo

Segundo un estudo publicado en varias entradas en 2006 por Carlos Neira Cortizas, no seu blogue Calidonia Hibernia, as primeiras mensaxes ou entradas (en inglés *posts*) datarían de 1996, mais só podemos falar dunha actividade blogueira esporádica até o 2002, ano en que o número de blogues en galego comeza a ter un ascenso notábel (Neira, 2006/02/21). O ano seguinte, o 2003, supoñería un punto de inflexión para os blogues en Galiza, pois neste momento xorden dúas bitácoras de referencia: Todo Nada, de María Yáñez (Yáñez, 2003/09/23), e Capítulo 0, de Manuel Gago Mariño (Gago, 2003/12/14). A chegada deste blogue, considerado o caderno dixital en activo máis antigo da blogosfera galega (“Blogomillo”), deu pé a unha publicación en Todo Nada en que se facía referencia a Manuel Gago como “outra vaca no blogomillo” (Yáñez, 2003/12/15), co que a blogosfera galega quedou bautizada como blogomillo (aínda que posteriormente sería máis usada a variante blogomillo⁵¹). Desde este momento o blogomillo comeza a medrar, un crecemento relacionado por algúns dos seus protagonistas, como Berto Yáñez, co afundimento do Prestige en 2002, pois os blogues presentábanse como unha ferramenta idónea para a expresión do descontento coa xestión deste acontecemento⁵². Nesta liña destaca o ciberactivismo a través da Plataforma Nunca Máis, ou a aparición de blogues como o proxecto de humor gráfico Aduaneiros sem Fronteiras da man de Berto Yáñez e Pancho Lapeña (aduaneros sem fronteiras; Losada, 2007/09/09). Este crecemento acada o seu pico máis alto en 2005, ano en que se rexistraron entre 1000 e 2000 blogues en galego, segundo as fontes que

51 Ao procurarmos en Google blogomillo e blogomillo obtemos un total de 48 940 resultados, dos que o 85% se corresponden a blogomillo e o 15% a blogmillo (procura realizada o 4 de xaneiro do 2012).

52 Segundo a *I Enquisa a blogueiros/as Galegos/as* o 57% das persoas autoras dun blogue teñen como motivación principal poderense expresar libremente (Garrido, 2006: 17).

consultemos (Losada, 2007/09/09; Neira, 2006/02/21). A partir deste ano prodúcese unha caída e unha posterior recuperación, cun crecemento xa é máis lento e estábel (en 2009 a comunidade blogaliza contaba con 8200 blogues e en 2010 con 9000) (Balado, 2009/07/06; Losada, 2007/09/09; Neira, 2006/02/21). O freo no crecemento dos blogues en galego non debe interpretarse como un síntoma da decadencia do galego nas bitácoras, senón que se trata dun feito global motivado porque perante a facilidade de crearmos un blogue xurdía unha nova dificultade: a de termos algo interesante que contar (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1). Ademais, algunhas das funcións asumidas polos blogues até ese momento comezan a se trasladar a outros medios, como as redes sociais ou as páxinas de noticias con filtros sociais (Chuza!, no caso galego). Desde este momento as novas ou as curiosidades xa as podemos atopar nestoutros medios, polo que para manter un blogue cómpren entradas máis elaboradas que esixen tamén que se lle dedique máis tempo (Losada, 2007/09/09).

2.4.1.3.1.1.3. O blogomillo como comunidade

Desde os inicios do blogomillo desenvolvéronse diversas iniciativas encamiñadas a artellar a comunidade. Unha das primeiras foi Blogaliza, un proxecto que viu a luz o 21 de xaneiro do 2003 da man de Pedro Silva, baixo o pseudónimo de goretoto (Balado, 2009/07/06; goretoto, 2003/01/21). Tratábase aínda dun espazo por definir, mais uns anos despois daría lugar a un CMS (*vid.* §2.2.1.2.2.4) baseado en WordPress que nos permite crear o noso propio blogue en galego, dun xeito rápido e doado (marexada, 2008/04/30; “Tutorial WordPress 2.7 MU”). Uns anos despois, en 2006, xorde a Blogoteca, unha ferramenta para a creación de blogues que se pon ao dispor das persoas usuarias non só en galego, senón tamén en castelán. Cómpre puntualizar que a Blogoteca é anterior á creación do CMS de Blogaliza, polo que é a primeira ferramenta de creación e edición de blogues creada na nosa lingua (“Descrición do sistema”; Gómez & Martí, 2006; López & Calvo, 2010: 84; “Presentamos blogoteca.com”, 2006/04/19). Unha comunidade un pouco diferente foi Blogalego, un índice de blogues en galego que os clasificaba por categorías e etiquetas (*vid.* §). Actualmente este índice xa non existe e non resulta doado determinarmos o momento en que foi creado. Con todo, ao realizarmos unha consulta whois⁵³ para sabermos os datos do dominio

53 Whois é un protocolo TCP que permite obter información sobre un dominio (persoa ou entidade propietaria, data de rexistro, data de caducidade etc.) facendo unha consulta a unha base de datos

blogalego.com, comprobamos que foi creado o 18 de febreiro do 2006 por sinxelo.com, a empresa que o xestionaba, na Coruña (“blogalego.com Whois Search Results”; “WHOIS Results for blogalego.com”); ademais, tamén se fai referencia a febreiro como data de creación no estudo *A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos* (Canabal *et al.*, 2006: 12) . A primeira captura de que dispoñemos de Blogalego en Internet Archive⁵⁴ é do 28 de agosto do 2010, momento en que reunía 707 blogues, denominados canles (*Blogalego (a)*), mentres que a última data do 8 de febreiro do 2011, data en que os blogues do índice se reducirán a 653 (*Blogalego (b)*). Cómpre termos en conta que nos primeiros anos o blogomillo era bastante activo: segundo os datos de Canabal *et al.* (2006: 33 - 34) o 70% dos blogues presentaba en 2006 máis de unha actualización por semana, mentres que Carlos Neira cifra os blogues activos nese mesmo ano nunha porcentaxe moi próxima, o 68,86% (Neira, 2006/03/01).

Por outra banda, o blogomillo tamén deu lugar a xuntanzas fóra da rede, como o encontro *EnBlogs’06: Encontro de blogs de Galicia e Portugal*, organizado pola Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e celebrado en Santiago de Compostela o 19 de abril do 2006, coa finalidade de reflexionar sobre o novo panorama que supoñían os blogues en Galiza e Portugal (“Programa do EnBlogs 2006”). Outra xuntanza (ou xantanza) que cómpre nomear é a levada a cabo nos Pendellos de Agolada o 31 de marzo do 2008, onde se reuniron máis dunha vintena de blogueiras/os para compartiren diferentes actividades durante a xornada (“Agolada converteuse no centro do blogomillo”, 2008/06/03; Martins, 2006: 4).

A creación de comunidades virtuais como Blogaliza, a Blogoteca ou Blogalego é un fenómeno que lle achega cohesión ao blogomillo e que non se dá noutras blogosferas. Isto, unido á celebración dalgunhas xuntanzas presenciais, parecen reflectir estamos ante unha comunidade de blogueiros/as moi integrada. Con todo, voces como a de Fernando Garrido poñen en cuestión esta cohesión á luz dos datos tirados da *I Enquisa a blogueiros/as Galegos/as* realizada por el en 2006. Naquel momento só o 11,4% das

pública (“Whois”).

54 Internet Archive é unha organización sen fins lucrativos que ten como finalidade crear a biblioteca de Internet, para o que rastrea a rede gardando capturas datadas das páxinas web. Deste xeito, se as webs son retiradas da rede, pódense volver consultar as capturas de Internet Archive (“About the Internet Archive”).

persoas que xestionaban un blogue do blogomillo acudiran a unha reunión presencial, mentres que o 82% das persoas enquisadas afirmaban que coñeceran a menos de 5 persoas do blogomillo presencialmente. Aínda que cómpre termos en conta que aínda non se realizara o encontro nos Pendellos de Agolada e que é probábel que os datos analizados sexan anteriores ao EnBlogs'06, as porcentaxes de aumento das relacións sociais a través do blogomillo son baixas (Garrido, 2006: 19; Martins, 2007: 4). Coidamos que isto non impide afirmarmos que o blogomillo, como comunidade virtual, amosaba nesta altura unha especial cohesión, que xiraba especialmente arredor da lingua, e que superaba a doutras blogosferas, como pode ser o caso da hispana. Con todo, é posíbel que a masificación da rede nos anos posteriores dese lugar a unha menor integración da comunidade, aínda que non contamos con estudos tan exhaustivos para podermos comprobar esta hipótese.

2.4.1.3.1.1.4. O perfil dos/as blogueiros/as do blogomillo

Facermos un achegamento ao perfil das persoas da comunidade blogueira galega na actualidade non resulta doado, pois son moitos os blogues existentes e non dispoñemos de estudos sistemáticos sobre esta cuestión. Con todo, si que podemos facernos unha idea de como era o blogomillo nos seus primeiros anos de vida. En primeiro lugar, observábase unha fenda de xénero, pois entre o 60 e o 64% das persoas que xestionaban un blogue eran homes, aínda que parece que esta fenda podería estar en retroceso, xa que na franxa de menores de 24 anos as autoras de blogues supoñían xa un 55%. Con todo, este estudo tamén rexistra diferenzas nos gustos de lectura de blogues das persoas enquisadas: as mulleres len máis blogues persoais e fotologs, mentres que os homes len máis blogues de opinión e de temática tecnolóxica (Garrido, 2006: 9 - 10; Neira 2006/03/06). Canto á idade, arredor do 75% eran menores de 30 anos e, destes/as, a maioría tiñan entre 20 e 24 anos. Por outra banda, no que se refire ao nivel de estudos, os grupos máis numerosos son os das persoas que acabaron o bacharelato (23%) e o das persoas que acabaron unha licenciatura (24%); mentres que no que se refire á ocupación os grupos máis numerosos, o estudantado e as persoas traballadoras, están bastante igualados (43% e 47%, respectivamente). O estudo tamén inclúe cuestións sobre os hábitos tecnolóxicos das persoas enquisadas, cuestións das que se conclúe que os e as blogueiros do blogomillo nesta altura tiñan unha ampla experiencia na rede, isto é, aínda non se trataba dun blogomillo en que participase a sociedade en xeral, senón que era

unha comunidade dominada polas persoas con máis coñecementos tecnolóxicos (Garrido, 2006: 9 - 13).

2.4.1.3.1.1.5. O blogomillo e a lingua




Gráfico 10: Normas empregadas na redacción dos blogues en galego (2006) (elaboración propia a partir dos datos de Garrido, 2006: 22)

Como xa indicamos, o blogomillo é unha comunidade que se define a si mesma como un grupo de bitácoras en galego (Martins, 2006: 2), polo que a lingua é unha cuestión central para a blogosfera galega. Máis unha vez, os datos de que dispoñemos para analizarmos a lingua no blogomillo son antigos e pódennos servir para nos facer unha idea de cal era a situación do galego na blogosfera nos primeiros anos do século XXI, mais pode que a situación mudase nos últimos anos. En 2006 o 75% dos blogues do blogomillo estaban escritos só en galego, e só o 14% das persoas blogueiras afirmaban ter un 25% do seu caderno dixital noutra lingua, segundo datos de Carlos Neira (Neira, 2006/04/10); mentres que os datos do estudo *A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos* indican que a porcentaxe de blogues só en galego estaría no 80% (Canabal *et al.*, 2006: 26). Canto á normativa empregada, segundo os datos de Garrido (2006: 22) que podemos observar no gráfico 10⁵⁵, a maioría dos blogues empregaban a norma oficial, e destaca que arredor do 30% declarasen non empregar ningunha norma, mentres que o 9,30 % empregaba a normativa de mínimos, o 8,70% a AGAL, o 3,30 % a norma portuguesa e o 8,70 % restante declaraba non saber que normativa empregaban.

55 A suma de todas as porcentaxes dá como resultado unha cifra superior ao 100%, 101,70%, que entendemos que se pode deber a non incluír todos os decimais, polo que coidamos que esta pequena desviación non lle resta credibilidade aos datos.

No gráfico anterior podemos observar estes datos. Por outra banda, Carlos Neira fai unha procura para comprobar o grao de presenza da norma oficial e da de mínimos fronte á norma reintegracionista, comparando as formas *non* e *unha* fronte a *nom* e *umha*, da que obtén como resultado que o 91% está situado no primeiro grupo e o 9% no segundo (Neira, 2006/04/10). Estas cifras son coherentes coas de Garrido, pois o 9% que indica Neira e o 8,70% que sinala Garrido son porcentaxes moi achegadas no caso da norma AGAL, mentres que se sumamos as porcentaxes das normas restantes incluíndo as persoas que declaran non saber cal usan ou non usar ningunha (que probabelmente se baseen na norma oficial por ser a máis estendida) a porcentaxe que obtemos é do 89,90%, similar ao 91% indicado por Neira para o galego oficial mais o de mínimos. Ademais, cómpre termos en conta que Neira non ten en conta a opción do padrón portugués.

Por outra banda, os blogues supoñen un importante elemento normalizador da lingua na rede, mais non só polo número de blogues que podemos atopar na nosa lingua, senón tamén pola diversidade temática (Dopazo & Lombao, 2006: 228). No estudo A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos faise unha análise das temáticas dos blogues daquel momento (ano 2006), atendendo a unha clasificación de 28 temas que ían desde a lingua até a ciencia, pasando polo cine, os deportes, Internet ou o medio ambiente (Canabal *et al.*, 2006: 31). Isto é unha boa mostra de que o galego na rede, e en concreto nos blogues, non se emprega só para aqueles temas aos que tradicionalmente vai asociado (lingua, cultura etc.), senón que se converteu nunha lingua usada para case calquera temática que poidamos imaxinar, un feito que supón un indicador positivo da normalización da lingua. Aínda que, como xa indicamos, non dispoñemos de estudos actuais, podemos facernos unha idea desta diversidade temática se consultamos, por exemplo, a rede de blogues temáticos *Vencello*, onde podemos atopar blogues de lingua, mais tamén de música, de tecnoloxía, de cinema, de viaxes etc. (*Vencello*). A isto hai que engadirlle que os blogues contribuíron a darlle voz aos territorios máis desfavorecidos, como pode ser o caso da Galiza oriental, mais tamén a colectivos galegofalantes especialmente silenciados, como demostra a emerxencia de blogues en galego na cidade da Coruña a mediados da primeira década do século XXI (Neira, 2006/04/10).

2.4.1.3.1.1.6. Os blogues e as licenzas

Pola importancia que supoñen os tipos de licenzas á hora de compartirmos contidos, cómpre detérmolos na cuestión dos dereitos de autoría dos blogues. Como en casos anteriores, non dispoñemos de datos actualizados sobre esta cuestión, mais podemos contrastar os datos achegados por dous dos estudos que citamos até agora, ambos os dous referidos ao 2006: *A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos* (Canabal *et al.*) e a *I Enquisa a blogueiros/as Galegos/as* (Garrido, 2006). Segundo o primeiro, o 15,6% dos blogues galegos empregaban naquel momento diferentes licenzas Creative Commons, uns datos coherentes cos achegados por Garrido, que os sitúa no 14%. Esta porcentaxe é moi baixa e podería facer pensar que boa parte do blogomillo estaba protexido baixo un copyright convencional de forma deliberada por parte das persoas que están detrás dos seus blogues. Con todo, iso non era así, pois a gran maioría dos blogues restantes non incluían ningún tipo de indicación sobre os dereitos de autoría, quizais por descoñecemento ou falta de reflexión sobre esta cuestión (Canabal *et al.*, 2006: 19; Garrido, 2006: 20). Cabe esperar que na actualidade os blogues en galego empreguen máis as licenzas libres, dado o maior coñecemento que se ten desta alternativa.

2.4.1.3.1.1.7. Conclusións

Tendo en conta todo o que vimos de describir, podemos concluír que o fenómeno dos blogues en Galiza, e en galego, xorde e desenvólvese practicamente ao mesmo tempo que a nivel global. Aínda que cumprirían estudos tan completos como os realizados en 2006 para coñecermos o estado actual da blogosfera galega, parece claro que no momento de maior expansión dos blogues, nos primeiros anos do século XXI, Galiza e o galego estiveron aí, e o blogomillo contribuíu dun xeito importante á normalización da lingua neste novo contexto, non só por usala, senón tamén, e sobre todo, por tratar calquera tipo de tema en galego.

2.4.1.3.1.2. Wikis

No que se refire ás wikis, igual que a nivel global (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.2), cómpre detérmolos no exemplo concreto da nosa Wikipedia, a *Galipedia*, mais tamén

analizaremos algúns wikis máis de interese na historia da rede en Galiza e do galego na rede.

2.4.1.3.1.2.1. A Galipedia, a Wikipedia en galego

A versión galega da Wikipedia botou a andar o 8 de marzo do 2003, dous anos despois do nacemento do proxecto global (“Wikipedia:Actualidade”). Desde aquel momento o número de artigos da Galipedia non deixou de medrar:




Gráfico 11: Evolución do número de artigos da Galipedia (2003-2016) (elaboración propia a partir dos datos da Galipedia (“Wikipedia:Actualidade”))

Na primeira metade de 2016 a cifra de entradas da Galipedia superaba os da *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, pois xa superara o 4 de marzo do 2013 a cifra dos 100 000 artigos (“El Progreso ofrece a Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada”, 2010/11/26), mais aínda ficava afastada da *Enciclopedia Galega Universal*, con 200 000 artigos na súa versión en liña (de pago) (*Enciclopedia Galega Universal On Line (Ir Indo)*). Nese momento atopábase, por número de artigos, no posto 46 das 296 Wikipedias do mundo, na segunda categoría de Wikipedias, as de máis de 100 000 artigos. Ademais, contaba nesta altura con máis de 43 000 persoas editoras, das que 419 eran usuarias activas. En abril de 2016 atopábase no posto 46 de 292, con máis de 130 000 artigos máis de 68 000 persoas usuarias, das que 305 eran usuarias activas (“List of Wikipedias”).

Cumpriría facer estudos cualitativos sobre a nosa Wikipedia mais, en calquera caso, é un gran logro por parte da comunidade de persoas editoras acadar un número de entradas tan significativo en menos de 10 anos, situando a Galipedia entre as máis completas e activas do mundo⁵⁶. Ademais, non podemos esquecer o impacto que isto ten

⁵⁶ A maior Wikipedia, a Wikipedia en inglés, contaba en abril de 2016 con máis de 5 millóns de artigos

desde o punto de vista sociolingüístico pois, igual que no caso dos blogues, a Galipedia estivo aí case desde os inicios do fenómeno, dándolle visibilidade ao galego na Wikipedia e na rede, mais tamén foi desde o primeiro momento un medio en que o galego foi empregado para todo tipo de temáticas, para alén daquelas que tradicionalmente van asociadas a el (os primeiros artigos da Galipedia foron “Ou”, “Cal”, “Ciencias experimentais”, “Ciencias Humanas”, “Ciencias Ocultas”, “Ciencias Aplicadas” e “Botánico”) (“Wikipedia:Actualidade”). No traballo “Análise e evolución da Galipedia, a Wikipedia en lingua galega” (Estévez & Riobó, 2012) pódese consultar unha descrición máis detallada das principais características da Galipedia. Un dos puntos fracos que destacan estes autores é a pouca profundidade nos artigos, mais nos últimos tempos tamén se chamou a atención sobre o feito de que son moi poucas as mulleres editoras da Galipedia (Pérez, 2015/12/21).

Cómpre apuntarmos tamén que a Galipedia conta coa súa propia Dbpedia, un proxecto deseñado para extraer datos da Wikipedia coa finalidade de crear unha web semántica (vid. §2.2.1.3.1.1). A *DBpedia do galego* foi desenvolvida por Xavier Gómez Guinovart e Miguel Solla desde o Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo.

Finalmente, debemos facer referencia á existencia doutros proxectos para construír coñecemento de xeito colaborativo de ámbito galego, aínda que non sexan wikis. Tal é o caso de *Patrimonio Galego*, un catálogo colaborativo do patrimonio cultural galego, promovido pola cidadanía, que se define “como unha Wikipedia do Patrimonio”. Existen tamén algúns proxectos promovidos desde a administración autonómica que buscaron a colaboración cidadá para a súa elaboración, como é o caso do *Proxecto Toponimia de Galicia* e do *Catálogo das Paisaxes de Galicia*.

2.4.1.3.1.2.2. Outros wikis

Para alén da Wikipedia, o wiki en galego máis importante é o Galizionario, a versión galega do Wiktionary, un proxecto colaborativo de dicionario multilingüe. Neste caso, o Galizionario atopábase o 8 de xaneiro do 2013 no posto 38, con 35 933 entradas, unha cifra moi importante se temos en conta que só traballan nel 2446 persoas, das que só 14

e máis de 28 millóns de persoas editoras, de xeito que a media de artigos editados por persoa é de 0,18; mentres que no caso da Galipedia, con 101 286 entradas e 44 345 persoas editoras, a media de artigos por persoa é de 1,9 (“List of Wikipedias”).

son usuarias activas. Con todo, só se achega ás 44 000 do Gran Dicionario Cumio da Lingua Galega (Gran Dicionario Cumio da Lingua Galega), mais fica máis lonxe das 50 000 entradas do *Dicionario da Real Academia Galega* (“A Academia presenta o seu Dicionario electrónico”, 2012/03/06), das 65 000 da versión en papel do *Dicionario de Galego Ir Indo*⁵⁷ (Dicionario de Galego Ir Indo), das 100 000 entradas do *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (“Gran Dicionario Xerais da Lingua”, 2009/11/03) ou das 127 316 do *Dicionário Electrónico Estraviz* (“Acerca do e-Estraviz”).

Outros wikis con menor número de persoas usuarias e menor actividade son, por exemplo, Galilibros, a versión galega de Wikibooks, un proxecto multilingüe que ten como finalidade crear “unha colección de libros electrónicos de contido aberto e libre, destinados especificamente para o público estudantil” (“Wikibooks/Que é wikibooks?”). Tamén cómpre nomear Galifontes, a versión galega de Wikisource, que pretende crear un repositorio de textos orixinais de dominio público ou publicados baixo a licenza de documentación libre GNU. Neste caso a versión galega contaba, o 8 de xaneiro do 2013, con 384 entradas (“Benvido(a) ó Galifontes”). Galicitas, pola súa banda, é a versión galega de Wikiquote, unha wiki que ten busca facer unha recompilación de frases célebres (“Benvidos a Galicitas”).

Todos os wikis que vimos de mencionar están sostidos pola Wikimedia Foundation, e representan só algunhas das posibilidades que ofrecen para normalización galego na rede (e fóra dela). Podemos observar que a presenza do galego nos wikis foi parella á popularización do medio e, ademais, o galego sitúase entre as linguas máis empregadas nas principais wikis multilingües.

2.4.1.3.1.3. Redes sociais

No que se refire ás redes sociais en Galiza e ao galego nas redes sociais cómpre distinguirmos entre dous grupos: por unha banda, as redes sociais globais, e o seu proceso de tradución ao galego, e, por outra, as redes sociais creadas en Galiza.

57 Na antiga versión en liña non se indicaba o número de entradas do dicionario (Dicionario de Galego Ir Indo (b)). En 2016 foi adquirido pola Xunta de Galicia e desde entón está dispoñíbel no enderezo <http://digalego.xunta.gal/> en que se indica que contén máis de 65 000 entradas.

2.4.1.3.1.3.1. Redes sociais globais

Nesta epígrafe faremos unha análise da presenza do galego nas principais redes sociais globais, deténdomonos especialmente naquelas traducidas ao galego ou en proceso de tradución.

2.4.1.3.1.3.1.1. Facebook

Facebook lanzouse en 2004, como xa indicamos ao falarmos das redes sociais a nivel global (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.3), mais teriamos que esperar algúns anos para contar cunha versión galega desta rede social. A principios do 2008 lanzouse o Facebook en español, unha tradución realizada grazas ao traballo voluntario de persoas usuarias. Nos meses seguintes estívoise traballando na tradución da rede social a 16 linguas máis e en xuño dese mesmo ano anunciábase a apertura da Translations application a 55 linguas máis por petición das persoas usuarias (“Facebook ya habla español”, 2008/02/11; Little, 2008/06/23; Vera, 2008/02/11). Non se fai referencia no blogue oficial do Facebook á data en que se incluíu o galego entre as linguas ás que se podía traducir a rede social, e só atopamos unha fonte illada que cita o galego entre as linguas permitidas para tradución xa en abril do 2008 (Smith, 2008/04/02). En calquera caso, podemos datar o inicio do proceso de tradución do Facebook ao galego na primeira metade do 2008, pouco despois de que este proceso se iniciase noutras linguas hexemónicas. Uns anos máis tarde, en 2011, crearíase o Facebook Translations Team coa finalidade de crear un espazo de discusión para as persoas tradutoras (“Facebook Translations Team - Información”). O 13 de outubro dese mesmo ano o Facebook Translations Team crea o grupo Translator Community For Galego, o espazo de debate da comunidade de tradutores/as do Facebook ao galego (“Translator Community For Galego”). Na actualidade, unha porcentaxe próxima ao 100% da plataforma está traducida ao galego mais, dado que a rede social é dinámica e inclúe novos textos constantemente, a actividade de tradución é permanente. Cómpre sinalarmos, por outra banda, que ao traducirmos o Facebook estamos contribuindo á visibilización do galego na rede, mais non debemos perder de vista que estamos traballando na tradución dunha páxina web dunha empresa privada que non ofrece o seu código en aberto.

2.4.1.3.1.3.1.2. Tuenti

No ámbito estatal atopámonos con Tuenti, unha rede social creada en 2006 e a máis usada até o 2008, ano en que foi superada foi Facebook (Sixto, 2010: 153). Neste caso a tradución da rede social ao galego chegou o 3 de decembro do 2009 (“Tuenti en galego”), na mesma data en que se publicou a tradución ao catalán (“Tuenti en català”) e ao inglés (“Tuenti in English”). O modelo de tradución de Tuenti é diferente do de Facebook, pois neste caso foi a propia empresa a que contratou persoal para se encargar da tradución da plataforma, e tamén se ofrece soporte en galego. Ademais, na actualidade está cualificada co nivel 2 do certificado Abertos ao Galego concedido pola Mesa pola Normalización Lingüística, o que implica que se trata dunha empresa que ofrece toda a súa información exterior en galego e que o galego é a lingua de opción positiva que aparece salientada en primeiro lugar para as persoas usuarias (“Abertos ao galego”).

2.4.1.3.1.3.1.3. Google+

A rede social Google+ foi lanzada por Google o 28 de outubro do 2011 e, aínda que se trata dunha rede relativamente nova, o feito de ter detrás un xigante como Google valeulle un importante crecemento, pois en menos dun ano contaba xa con 400 millóns de persoas usuarias (Velasco, 2012/09/18). Con todo, no momento do seu lanzamento non contaba con versión en galego, e teriamos que agardar case medio ano para podermos usar esta rede social na nosa lingua (“A Mesa parabeniza a Google”, 2012/03/11). Aínda que é un tempo significativo, é xa moito menor que no caso de Facebook ou Tuenti, un dato que parece reverter unha aceptación cada vez maior do galego na rede e un paso positivo cara á súa normalización.

2.4.1.3.1.3.1.4. Twitter

Twitter é unha rede social de microblogging (só se permiten mensaxes curtas, dun máximo de 140 caracteres) lanzada en 2006 (Dans, 2010), e que chegou en 2012 aos 500 millóns de persoas usuarias activas (Dugan, 2012/02/21). Trátase dunha rede social que, como xa indicamos, está a ter un importante impacto na rede e fóra dela, pois a as mensaxes curtas permiten unha difusión moi rápida da información sen pasar filtro ningún, de aí que sexa usada por moitos movementos sociais (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.3).

Este proxecto sempre amosou certa resistencia ás traducións, mais pouco a pouco foi incorporando versión en linguas hexemónicas diferentes do inglés e, posteriormente, outras linguas non hexemónicas. O 7 de maio do 2011 Carlos García Vieito lanza a iniciativa *Twitter en galego* a través da conta de Twitter @tweet_en_galego, e a incorporación do éuscaro e o catalán en xullo do 2012 fixo xurdir unha petición na plataforma Change.org para que Twitter permitise a tradución ao galego. Con todo, @tweet_en_galego defende que a campaña en Change.org é un intento da Xunta de crear unha iniciativa paralela e apropiarse dunha reivindicación que xurdira da cidadanía. Ademais, apunta que a petición en Change.org non tivo efecto por non seguir as canles establecidas por Twitter. En calquera caso, en setembro do 2012 Twitter autorizou o inicio do proceso de tradución por parte das persoas usuarias, mais a rede social non activaría a súa versión galega até febreiro do 2013 (M. Fernández, 2013/02/20; “Historia da iniciativa”; “Twitter autoriza o inicio do proceso de tradución ao galego”, 2012/09/20; Twitter en Galego XA!; “Que haxa twitter en galego depende dos teus votos”, 2013/01/04).

A tradución de Twitter é un exemplo claro de que as persoas usuarias demandan a presenza do galego na rede, e de que son quen de exercer a presión suficiente como para que empresas tan reticentes ás traducións como Twitter permitan a creación da versión galega da plataforma, aínda que as tarefas de tradución se encomenden, como no caso de Facebook, á comunidade.

2.4.1.3.1.3.1.5. Outras

Ao describirmos as redes sociais no contexto global, ademais das que vimos de describir, citamos outras como *Fotloog* (2002), *Friendster* (2002), *MySpace* (2003), *LinkedIn* (2003), *Hi5* (2003), ás que poderíamos engadir algunhas máis como *Pinterest* (2010) ou *Baddo* (2006). Ningunha delas ofrece a comezos do 2013 a posibilidade de usármola en galego polo que, aínda que o galego está relativamente presente nas grandes redes sociais, aínda quedan moitas (xenéricas e específicas) que non é posíbel empregarmos na nosa lingua. Finalmente, a rede social de *microblogging GNU Social*, unha rede de código aberto á que xa fixemos referencia (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.3) si ofrece a posibilidade de a empregar en galego.

2.4.1.3.1.3.2. Redes sociais galegas

2.4.1.3.1.3.2.1. Cabozo

Cabozo é unha rede social xenérica creada por Antonio Mariño, un galego residente en Alemaña. A primeira versión data do 2007, cando xorde como rede privada baixo o nome de *Pantry*, unha denominación que mudaría en febreiro do 2008, pasando a chamarse *Cabozo*. As primeiras versións da plataforma estaban exclusivamente en inglés e non sería até xuño do 2008 cando se estrea a versión en galego. Con todo, cumpriría esperar até o 2009 para a súa apertura ao público en xeral, o que daría lugar ao xurdimento dunha comunidade *caboceira* que nos inicios do 2012 sumaba xa unhas 7000 persoas. Cómpre destacar que o código de *Cabozo* foi elaborado desde cero por Antonio Mariño coa colaboración de Ángel Folgueira (“Benvidos a *Cabozo*”, 2008/05/30; *Cabozo*; Quián, 2012/02/19).



Ilustración 7: Aparencia de *Cabozo* en abril do 2009 (captura de Internet Archive do 30/04/2009)

2.4.1.3.1.3.2.2. Latri.ca

Latri.ca é unha rede social de microblogging nacida a comezos do 2010. Defínese como un proxecto persoal impulsado polas mesmas persoas que *sinxelo.com* (un servizo de anuncios clasificados gratuíto) e o desaparecido buscador de blogues *Blogalego*, ao que xa fixemos referencia ao falarmos do *blogomillo* (vid. §2.4.1.3.1.1.3). É un proxecto lanzado desde os seus inicios en galego, e coa vontade de servir como medio de comunicación para persoas que estean vinculadas con Galiza e co galego. Nun mes

As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa

contaba xa con 160 persoas usuarias, e en xaneiro do 2013 podíamos contar máis de 1000. A diferenza do caso anterior, latri.ca foi elaborada a partir de código libre xa existente (“Acerca de latri.ca”; “Membros da rede”; Suárez, 2010/02/08)



Ilustración 8: Captura de latri.ca (01/03/2013)

2.4.1.3.1.3.2.3. Vituín / Caxigo



Ilustración 9: Detalle das opcións de idioma de Vituín

Vituín é unha rede social xenérica que botou a andar en xaneiro do 2013 e que destaca por se ofrecer na norma oficial (versión por defecto), na norma AGAL, en portugués, en inglés e en español. Con todo, non se indica quen son as persoas e/ou entidades

desenvolvedoras do proxecto, algo que pode crear desconfianza entre as potenciais persoas usuarias (M. Fernández, 2013/01/18). En maio de 2015 mudou o seu nome e desde entón chámase *Caxigo*.

2.4.1.3.1.3.2.4. Conclusións

Ao contrastarmos as cronoloxías das traducións das grandes redes sociais globais ao galego e do xurdimento de redes sociais galegas e en galego decatámonos dun feito interesante: as redes sociais galegas e en galego son anteriores ás versións traducidas das redes sociais globais máis importantes. Así, Cabozo como rede privada aparece en galego na mesma altura en que Facebook autoriza a tradución á nosa lingua (no ano 2008), e é anterior á tradución de Tuenti ao galego (2009); do mesmo xeito, latri.ca xorde como rede de microblogging en galego en 2010, antes de que Twitter (a rede deste tipo con máis persoas usuarias a nivel global) permitise o inicio do proceso de tradución (setembro do 2012). Podemos interpretar isto como unha demanda clara por parte da comunidade de internautas galegofalantes de usaren a súa lingua en todos os contextos, tamén na rede. Así, se servizos como as redes sociais non se ofrecen en galego, a comunidade non só esixe a súa tradución, senón que mesmo é quen de desenvolver servizos paralelos que se ofrezan na súa lingua, algo que supón unha importante carga de traballo. Faremos referencia a máis actividades de compromiso coa lingua na rede ao tratarmos o que denominados ciberactivismo lingüístico (*vid.* § 2.4.2.2).

2.4.1.3.1.4. Medios de comunicación dixitais

Os medios de comunicación dixitais ou cibermedios galegos experimentaron un importante auxe coa chegada da web social, mais que é exactamente un cibermedio? No traballo *Cibermedios, blogs e redes sociais en Galicia 2009* elaborado polo grupo *Novos Medios da USC* (López & Calvo, 2010) sinálanse algunhas das características que os definen: a hipertextualidade, a multimedialidade, a interactividade e a actualización. Así as cousas, un cibermedio debe empregar hiperligazóns, botar man do texto, mais tamén da imaxe, do son, do vídeo etc., crear espazos que lle permitan recibir feedback das persoas receptoras, e, finalmente, actualizarse frecuentemente. Tendo en conta isto, os primeiros xornais que só ofrecían unha versión en Internet da súa versión impresa non poden ser considerados cibermedios en senso estrito, pois só reproducían na súa páxina

web os contidos da súa edición en papel, mais sen empregaren os recursos propios da rede, uns recursos que irían incorporando pouco a pouco. Por outra banda, cómpre termos presente que cando falamos de cibermedios estamos falando de medios que presentan diferenzas significativas cos medios tradicionais (xornais impresos, radio, televisión etc.) debido, especialmente, a que xa non se trata de medios unidireccionais, senón que son bi ou multidireccionais por definición. Isto fai que resulte dubidosa a súa inclusión baixo a etiqueta de “medios de comunicación de masas”, pois estes últimos caracterízanse polo envío dun número de mensaxes limitadas a unha masa homoxénea, mentres que os cibermedios emiten unha gran cantidade de mensaxes para un público receptor moi amplo e heteroxéneo e que ten que ser necesariamente activo (López & Calvo, 2010: 32 - 34).

A continuación imos facer un breve repaso pola historia dos medios dixitais galegos, tanto dos que contan paralelamente con edición impresa como dos que son nativos da rede.

2.4.1.3.1.4.1. Os medios dixitais galegos

2.4.1.3.1.4.1.1. Diarios con edición impresa e versión na rede

Antes do ano 2000 só se incorporaran á rede cinco diarios galegos con edición impresa: *El Correo Gallego* (1995), *Diario de Pontevedra* (1997), *A Nosa Terra* (1998), *La Región* (1998) e *Faro de Vigo* (1999). No ano 2000 aparecerían cinco máis (*La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol* e *La Opinión de A Coruña*) e en 2004 xa tiñan presenza na rede os principais xornais impresos do país, coa incorporación do *Diario de Arousa* (2001), *Galicia Hoxe* (2003) e de *Atlántico Diario* (2004). O salto á rede das principais cabeceiras impresas galegas é bastante tardío, pois en todos os casos, agás no de *El Correo Gallego*, é posterior á aparición de *Vieiros* (1996), o primeiro xornal galego exclusivamente dixital. Ademais, nos seus comezos tratábase só de réplicas da súa versión en papel, non de cibermedios propiamente ditos, mais pouco a pouco foron incorporando a linguaxe propia da rede (hipertexto, multimedialidade, interactividade, actualización, presenza noutras plataformas como as redes sociais etc.). Canto á lingua, destacan polo uso maioritario do castelán, igual que

nas súas edicións impresas (agás excepcións como *A Nosa Terra*, monolingüe en galego) (López & Calvo, 2010: 37 - 39).

2.4.1.3.1.4.1.2. Diarios exclusivamente dixitais

A historia dos medios galegos nativos da rede comeza en 1996 co xurdimento de *Vieiros*, como xa indicamos (*vid.* §2.4.1.2.1). Este medio, desaparecido en 2010, foi o único cibermedio galego propiamente dito até os primeiros anos do século XXI, un momento en que empezan a xurdir na rede diversos medios que presentan diferentes tendencias desde o punto de vista lingüístico: medios só en castelán, medios que combinan o galego e o castelán e medios monolingües en galego. No primeiro grupo cómpre nomear a *Galicia Diario* (2002), a *Xornal Galicia* (2005) (que conta con versión impresa desde o 2008) e a *Aquí Galicia* (2008), un xornal xurdido para establecer lazos entre Galiza e o exterior. Entre os medios que combinan o galego e o castelán cómpre destacar a *xornal.com*, un medio xurdido en 1999 e que daría lugar ao diario impreso *Xornal de Galicia* en 2008, mais ambas as dúas edicións desaparecerían en 2011. Tamén se atopa neste grupo *Galiciaé*, un medio do Grupo El Progreso que integrou en 2007 o proxecto *Xeración Web*, un xornal dixital integramente en galego. *Galiciaé* é un xornal en que se intercalan contidos en castelán con contidos en galego, coa posibilidade de empregarmos un tradutor automático para visualizarmos en galego os primeiros. (López & Calvo, 2010: 40 - 42; “Xornal.com pecha tamén na rede”, 2011/09/19). Canto aos medios monolingües en galego, *Vieiros* experimentou un importante auxe grazas á ao tratamento da información durante a catástrofe do Prestige en 2002, e tivo un papel central até a súa desaparición o 25 de xullo do 2010 (López & Calvo, 2010: 42). Por outra banda, en 2003 viu a luz o o proxecto *Galicia Confidencial*, un medio alternativo cunha aposta clara polo uso do galego como lingua de comunicación, que experimentaría un importante pulo a partir do 2009 (“O Proxecto GC”). En 2007 *A Nosa Terra* comeza a publicar unha edición dixital diaria, mantendo o semanario impreso, e en 2010 pecharía a súa edición impresa para centrar toda a súa actividade na dixital, que pecharía definitivamente o 9 de setembro do 2011 (Eiré, 2011/09/23). O peche de *Vieiros* en 2010 e o d'*A Nosa Terra* ao ano seguinte deixaron un importante baleiro no ámbito dos cibermedios en galego, un oco que foron cubrindo novos medios xurdidos ao longo do 2012. Así, o 1 de febreiro dese ano lanzábase *Praza Pública*, un medio integramente en galego composto nos seus inicios por só tres

xornalistas e que, ademais, liberou completamente o seu código fonte aos poucos días da súa apertura (Sarasqueta, 2012/02/01; “O código fonte de Praza, liberado”, 2012/02/02). Pouco despois, o 29 de febreiro, viu a luz *Dioivo*, un proxecto cooperativo e aberto que contou cun exemplar especial en papel para celebrar o seu lanzamento (“Nace Dioivo”, 2012/02/27; “Proxecto”), mais ficaría inactivo en outubro de 2013 (Fernández, 2013/10/09); mentres que o 26 de abril dese mesmo ano nace *Sermos Galiza*. Este último proxecto xorde inicialmente como xornal dixital, mais coa vontade de se converter tamén nun semanario impreso, unha etapa que comezaría coa publicación dun número especial en papel o 17 de maio do 2012 (“Nace Sermos Galiza”, 2012/04/26; “Número especial de 'Sermos Galiza' o 17 de maio”, 2012/05/16; “Sermos Galiza”). O 2012 foi, por tanto, un importante ano no rexurdir dos cibermedios en galego, pois en menos de 2 meses apareceron unha serie de proxectos claramente comprometidos coa lingua e que, ademais, conseguiron converterse en medios de referencia na rede, especialmente no caso de Praza Pública e de Sermos Galiza (Diez, 2012/09/18; Diez, 2012/11/7).

2.4.1.3.1.4.1.3. Sitios de novas con filtros sociais: Chuza!

Como xa indicamos, podemos definir os sitios de novas con filtros sociais como unha sorte de redes sociais cunhas características específicas: pensadas para que as persoas usuarias envíen e filtren novas (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.4). A principal páxina deste tipo no contexto galego é Chuza!, que se define a si mesma do seguinte xeito:

Chuza! é un sitio de novas galegas que emprega un control editorial non xerárquico. Calquera pode enviar historias e a comunidade de internautas é quen as valora, as comenta e decide se publicalas na páxina principal, de forma que non intervén nunca a figura do editor. (“Que é Chuza?”)

Non estamos, por tanto, ante un medio de comunicación en si mesmo, senón que se trata dunha ferramenta que lle permite á comunidade de internautas filtrar as novas de xeito distribuído, sen que sexa ningunha empresa ou entidade con diferentes intereses a que decide que noticias chegan á portada e cales non.

Canto á súa historia, Chuza! é un clon de Menéame lanzado por Berto Yáñez o 20 de febreiro do 2006. O 25 de xullo do 2010, coincidindo co peche de Vieiros, o autor pechou temporalmente a web. Con todo, Chuza! abriría ás poucas semanas grazas a que

retomaron o proxecto un grupo de persoas usuarias, que acabaría por se constituír en asociación cultural en outubro dese mesmo ano. A comezos do 2013 Chuza! contaba cunhas 7260 persoas usuarias, das que unhas 570 poden ser consideradas usuarias activas⁵⁸. En canto á súa actividade, Chuza! non ten publicadas estatísticas do número de novas que chegan á portada por hora ou do número de comentarios por nova, mais para facérmonos unha idea analizamos a súa portada nun momento concreto: o 31 de xaneiro do 2013 ás 11 da mañá presentaba unha media de 0,86 historias por hora e de 1 comentario por historia (Chuza, 2013/01/31).

2.4.1.3.1.5. Ferramentas para compartir contidos

No ámbito galego, igual que a nivel global (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.5), a comunidade emprega ferramentas como o P2P ou a descarga directa para compartir todo tipo de contidos. Con todo, existen algúns sitios específicos en que procurar contidos galegos e ou / en galego, como é o caso d'*Os Arquivos da Meiga*, un foro en que, despois de nos rexistrarmos, podemos achar e compartir ligazóns para descargar diversos contidos (libros, filmes, música etc.) mediante redes P2P ou descarga directa. Nesta liña cómpre nomear tamén subtitulosengalego.com, unha páxina desaparecida en que podíamos atopar subtítulos en galego de diversas series, películas e documentais, así como outros sitios de ámbito máis amplo que nos permiten subir e descargar subtítulos en galego, como é o caso de opensubtitles.org ou subtitulos.es.

2.4.1.3.1.6. Recursos lingüísticos

Moitos dos recursos lingüísticos que a que fixemos referencia no apartado §2.4.1.2 xa desapareceron, mais na actualidade podemos atopar na rede multitude de recursos lingüísticos de todo tipo, tanto destinados ao público en xeral coma a persoas investigadoras. Imos intentar realizar un breve resumo dos máis importantes clasificándoos segundo a institución que os administra. Unha das fontes de recursos máis importantes é a que nos achega o Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo, presente na rede cando menos desde 2003, data da captura máis antiga da súa web en Internet Archive (*Seminario de Lingüística Informática-*

58 Este é o número de persoas que contaban con máis de 6 puntos de karma. O karma serve para medir a reputación das persoas usuarias en función dos votos que reciben as historias que envían e os seus comentarios, e todas as persoas comencan con 6 puntos (“Que é iso do karma?”).

Universidade de Vigo, 2003). Entre os recursos que nos ofrece o SLI destácanse, na súa páxina de benvida, os seguintes:

[...] o tradutor automático español <-> galego OpenTrad-apertium, a plataforma RILG (de Recursos Integrados da Lingua Galega), o corrector ortográfico en liña de galego OrtoGal, Galnet, a rede léxico-semántica WordNet do galego, a DBpedia do Galego, o Dicionario CLUVI inglés-galego, o Dicionario de sinónimos do galego, o Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo (CLUVI) orientado cara á tradución do galego, o Corpus Técnico do Galego (CTG) de orientación terminolóxica especializada, a Termoteca - Banco de Datos Terminolóxico da Universidade de Vigo, a Neoteca - Banco de Datos de Neoloxismos da Universidade de Vigo, o dicionario de toponimia galega Aquén, e o etiquetador FreeLing para a análise lingüística automática do galego (“Benvida”).

Con todo, os recursos anteriores non son os únicos que nos ofrece e, entre os ausentes desa listaxe, podemos destacar *Galnet - WordNet 3.0 do Galego*, unha base de léxico estruturado coma unha rede semántica, orixinalmente concibida para o inglés e actualmente dispoñíbel en diferentes linguas. Nesta rede semántica as entradas léxicas de cada lingua están relacionadas coas do resto de linguas. Trátase do recurso de semántica léxica computacional máis importante, empregado en tarefas de desambiguación semántica automática, recuperación de información, clasificación automática de textos, resumo automático etc. (Gómez & Gómez & González & Taboada, 2011; cf. Solla-Portela & Guinovart, 2015).

Tamén podemos atopar un amplo abano de recursos na páxina web do Instituto da Lingua Galega, algúns deles presentes tamén na web do SLI: *Arquivo do Galego Oral* (AGO), *Cartografía dos Apelidos de Galicia* (CAG), *Dicionario de pronuncia da lingua galega*, *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) etc. (*Instituto da Lingua Galega-ILG*). O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades mantén os recursos que xa nomeamos e engadiu outros novos, coma *CORGA 1.7* (Corpus de Referencia do Galego Actual), *CORGAetq 2.6* (Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado), *Cotovía* (Sistema de conversión texto-voz bilingüe para Galego), *BiRMED 2* (bibliografía de Referencia do Arquivo

Galicia Medieval.) etc. (*Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*). O Grupo de Investigación Lingüística e Literaria da Universidade da Coruña mantén recursos coma o *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa* (Ferreiro, 2014 -), o primeiro repertorio lexical dicionarizado do corpus da lírica profana galego-portuguesa. Tamén conta cunha alta participación de investigadores deste grupo a *Biblioteca Virtual Galega* (García & Rodríguez, 2006). A Real Academia Galega mantén desde 2012 o *Dicionario da Real Academia Galega* (Real Academia Galega, 2012 - ...) participa en proxectos coma o *Portal das Palabras*. A Xunta de Galicia, pola súa banda, adquiriu en 2016 o dicionario *Digalego*, de acceso público e gratuío desde entón, e mantén páxinas coma o *Portal da Lingua Galega* ou o *Nomenclátor de Galicia*. Outro recurso que podemos nomear, para alén da *Galipedia*, o *Galizionario* e o *Dicionário Eletrónico Estraviz*, xa nomeados, é o *bUSCatermos*, publicado polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

Este breve repaso polos recursos lingüísticos existentes para o galego non pretendeu ser exhaustivo, senón achegar os principais puntos de partida para o acceso a diferentes recursos, así como debuxar unha panorámica xeral do tipo de recursos existentes, mais son moitos outros os recursos que podemos atopar na rede.

2.4.2. Internet e a sociedade galega

Na epígrafe §2.3 realizamos un repaso pola influencia de Internet nos diferentes ámbitos da sociedade a nivel global, mais seguir o mesmo esquema para analizar a influencia de Internet na sociedade galega suporía repetir moitos dos temas que xa foron expostos, polo que decidimos reducir análise a dous puntos que consideramos especialmente importantes: a fenda dixital, que no caso galego se ve agravada polas características do territorio; e o que denominamos ciberactivismo lingüístico, isto é, o activismo que usa a rede como ferramenta para a reivindicación da lingua e da cultura propias.

2.4.2.1. A fenda dixital en Galiza

Anteriormente definimos a fenda dixital como a existencia de persoas incluídas e excluídas no acceso e no uso das TIC, e distinguimos dous tipos de fendas dixitais: unha primeira fenda referida ao acceso e unha segunda fenda referida ao uso. A continuación

imos analizar un pouco máis polo miúdo cal é o alcance da fenda dixital en Galiza, tendo en conta todo o que xa expuxemos sobre este tema a nivel global (vid. §2.3.1.2).

2.4.2.1.1. Primeira fenda dixital (acceso)

A primeira fenda dixital comprende todos aqueles aspectos relacionados co acceso ás tecnoloxías. Imos facer unha breve análise desta primeira fenda dixital en Galiza atendendo ás porcentaxes de uso do computador e ás porcentaxes de uso de Internet. Aínda somos conscientes de que para analizarmos a incidencia da primeira fenda dixital en profundidade cumpriría ter en conta moitos máis datos (acceso a outro tipo de dispositivos -*smartphones, tablets* etc.- e usos que se lles dan a estes dispositivos), coidamos que para o presente traballo son suficientes os datos referidos ao uso do computador e de Internet para facérmonos unha idea de como é a fenda de acceso ás novas tecnoloxías en Galiza. Para isto empregaremos datos tirados da *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares* con datos do ano 2012⁵⁹ do Instituto Nacional de Estadística (INE, 2002 - 2016), e da *Enquisa de condicións de vida das familias. Novas tecnoloxías*, con datos do ano 2013, do Instituto Galego de Estatística. Neste último caso os datos que empregaremos son antigos, pois só se refiren ao 2008, mais coidamos que poden servir para debuxarmos un panorama global da incidencia da primeira fenda dixital en Galiza.

2.4.2.1.1.1. Uso do computador

2.4.2.1.1.1.1. Uso do computador e localización xeográfica

Para analizar o uso do computador en relación coa variábel xeográfica ímonos centrar no seu uso desde o fogar. Velaquí a comparación dos datos galegos e estatais:

59 O INE realiza esta enquisa desde o ano 2002 e no momento da redacción destas liñas (abril de 2016) están publicados xa os datos referidos a 2015 (INE, 2016). Nesta descrición empregaremos os datos de 2012 coa finalidade de que nos sirvan para contextualizar os datos referidos aos usos lingüísticos dos blogs didácticos (vid. Capítulo 3.) e mais da enquisa realizada a alumnado e profesorado de secundaria (vid. Capítulo 4.), datos que foron recollidos entre 2012 e 2013.




Gráfico 12: Presenza de computador no fogar (Galiza e Estado español) (fonte: INE, 2002 -2016)

Como podemos observar no gráfico 16, en Galiza a presenza dalgún tipo de computador no fogar é inferior á media estatal e, aínda que o ritmo de crecemento é semellante, en ningún momento os datos galegos igualan ou superan a media estatal.

Por outra banda, se acudimos aos datos que nos achega a *Enquisa de condicións de vida das familias. Novas tecnoloxías* do Instituto Galego de Estatística, podemos comprobar que tamén existen diferenzas dentro do territorio galego, pois é nas provincias occidentais onde o uso do computador é máis frecuente (gráfico 13).




Gráfico 13: Persoas que utilizaron o computador por momento de última utilización (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

2.4.2.1.1.2. Uso do computador e idade




Gráfico 14: Persoas que usan computador segundo a idade (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

Se analizamos o uso do computador por grupos de idade podemos comprobar que son as persoas de 15 a 19 anos as que máis o empregan, seguidas das de 20 a 29 anos, as de 5 a 14 anos, as de 30 a 39 anos, as de 40 a 54 anos e, finalmente, son as persoas de 55 ou máis anos as que menos empregan o computador:

2.4.2.1.1.3. Uso do computador e sexo




Gráfico 15: Persoas que utilizaron o ordenador por momento de última utilización segundo o sexo (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

No referente ao sexo, verificamos que a porcentaxe de mulleres que usa o computador é inferior á de homes.

2.4.2.1.1.2. Acceso a Internet

2.4.2.1.1.2.1. Uso de Internet e localización xeográfica




Gráfico 16: Acceso a Internet no fogar (Galiza, Estado español e UE) (fonte: INE, 2002 -2016)

Outro dato importante para estudarmos a primeira fenda dixital é vermos o nivel de acceso á rede desde o fogar. Neste caso dispoñemos tamén de datos a nivel europeo (referidos aos 27 países membros da Unión Europea), aínda que só entre os anos 2004 e 2010. No gráfico anterior podemos observar como a porcentaxe de persoas que acceden a Internet desde o fogar é sempre maior a nivel europeo, menor a nivel estatal, e menor aínda a nivel galego.




Gráfico 17: Acceso a Internet de banda larga (Galiza, Estado español e UE) (fonte: INE, 2002 -2016)

Tamén afecta á primeira fenda dixital a calidade do acceso á rede, pois as persoas que non poden optar a un acceso de banda larga sitúanse claramente en desvantaxe fronte ás que si o poden facer. No gráfico anterior podemos observar que Galiza está novamente por debaixo da media estatal e europea nun acceso de calidade á rede. Ademais, a isto

hai que lle sumar o excesivo prezo do acceso á rede no Estado español, un dos máis caros de Europa (Palacio, 2013/03/05; Valero, 2013/03/06).

Por outra banda, se comparamos novamente a porcentaxe de persoas que se conectan a Internet nas diferentes provincias galegas podemos observar como nas provincias orientais a porcentaxe de persoas que usan a rede é máis baixa que nas occidentais, como podemos comprobar no seguinte gráfico.




Gráfico 18: Persoas que se conectaron a Internet por momento de última utilización (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

2.4.2.1.1.2.2. Uso de Internet e idade

No referente á idade, os datos son moi semellantes aos que expuxemos para o uso de Internet, só mudan de posición os grupos de 5 a 14 anos e de 30 a 39 anos: o primeiro atopábase no terceiro posto no caso do uso do computador e agora pasa ao cuarto posto, mentres que o segundo estaba no cuarto posto e pasa ao terceiro neste caso. En calquera caso, son novamente os mozos e mozas as persoas que máis usan Internet:




Gráfico 19: Persoas que usan Internet segundo a idade (2008) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

2.4.2.1.1.2.3. Uso de Internet e sexo

Canto ao xénero, podemos comprobar novamente unha diferenza entre homes e mulleres, pois os primeiros usan Internet en maior medida que as segundas. Aínda que as diferenzas non son amplas, si parece que podemos falar novamente dunha fenda de xénero, aínda que non excesivamente marcada. Velaquí os datos:




Gráfico 20: Persoas que se conectaron a Internet por momento de última utilización segundo o sexo (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

Así as cousas, os datos consultados en diferentes fontes verifican que en Galiza hai un menor acceso ao computador e á rede que no Estado español e na Unión Europea mais, á súa vez, tamén hai diferenzas dentro de Galiza: as provincias occidentais presentan unha primeira fenda dixital menor que as provincias orientais. Cumpriría cruzar todos estes datos con variábeis socioeconómicas e orográficas, pois é probábel que estas dúas variábeis expliquen a maior incidencia da primeira fenda dixital en Galiza, así como nas provincias orientais galegas.

2.4.2.1.2. Segunda fenda dixital (uso)

A segunda fenda dixital, como xa indicamos, refírese ao tipo de uso que se fai das TIC e para medila cómpre ter en conta varios aspectos: a experiencia das persoas no uso das TIC (o tempo que as levan usando), a intensidade do uso (a frecuencia con que as usan) e o tipo de actividades que realizan con elas (básicas, avanzadas ou especializadas). No que se refire á experiencia das persoas no uso das TIC, non dispoñemos de datos estatísticos para a analizarmos, mais si que dispoñemos de datos sobre a intensidade do

uso e o tipo de actividades que realizan. Como no caso anterior, analizaremos por separado os datos referentes ao uso do computador e os referentes ao uso de Internet.

2.4.2.1.2.1. Uso do computador

2.4.2.1.2.1.1. Intensidade de uso do computador




Gráfico 21: Frecuencia de uso do computador nos últimos tres meses (2012) (fonte: INE, 2002-2016)

No gráfico anterior podemos observar que o 74% das persoas que usan o computador fan polo menos 5 días á semana, mentres que un 14% úsano todas as semanas, mais non diariamente. Isto quere dicir que un 88% das poboación galega que usa computador faino polo menos unha vez á semana.

2.4.2.1.2.1.1.1. Intensidade de uso do computador e localización xeográfica

Os datos do INE para o 2012 indícanos que non hai diferenzas significativas entre a intensidade de uso en Galiza e no Estado español: o uso diario é máis alto en Galiza que no resto do Estado español, mais tamén son máis os usos esporádicos (unha vez ao mes, mais non todas as semanas e non todos os meses), aínda que o uso semanal mais non diario é maior no conxunto do estado. Así as cousas, un 88% da poboación galega emprega o computador cando menos unha vez ao mes, mentres no conxunto do estado é un 93% da poboación a que presenta esta intensidade de uso.




Gráfico 22: Frecuencia de uso do computador nos últimos tres meses (Galiza e Estado español, 2012) (fonte: INE, 2002 -2016)




Gráfico 23: Frecuencia de uso do ordenador nos últimos tres meses (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

Para analizarmos as diferenzas xeográficas dentro de Galiza cómpre recorreremos a datos do IGE do 2008, uns datos que non revelan diferenzas significativas entre dentro de Galiza, como podemos comprobar no gráfico 23

2.4.2.1.2.1.1.2. Intensidade de uso do computador e idade

No que se refire á relación entre intensidade de uso e idade temos que recorrer de novo a datos do IGE para o 2008. No gráfico anterior podemos observar que non se dan diferenzas significativas entre grupos de idade, pois en todos os grupos, agás o de 5 a 14 anos, a frecuencia diaria é a maioritaria, igual que no total.




Gráfico 24: Frecuencia de uso do ordenador nos últimos tres meses segundo a idade (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

2.4.2.1.2.1.1.3. Intensidade de uso do computador e sexo




Gráfico 25: Frecuencia de uso do ordenador nos últimos tres meses segundo o sexo (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

Coma no caso da idade, no referente ao sexo non apreciamos diferenzas significativas na intensidade de uso entre as persoas que usan o computador, tal e como se pode apreciar no gráfico anterior.

2.4.2.1.2.1.2. Tipos de actividades realizadas co computador

No seguinte gráfico simplificamos os datos achegados polo INE canto aos tipos de tarefas que realizan as persoas que usan o computador. Estas son as tarefas que comprende cada grupo:

- Doadas: copiar ou mover ficheiros ou carpetas e usar copiar ou cortar e pegar nun documento.
- Intermedias: usar fórmulas aritméticas simples nunha folla de cálculo; comprimir ficheiros; conectar ou instalar dispositivos como un módem ou unha impresora; transferir ficheiros entre o computador e outros dispositivos; creación de presentacións electrónicas co software apropiado (incluíndo imaxes, son, vídeo ou gráficos).
- Avanzadas: escribir un programa usando unha linguaxe de programación; modificar ou verificar os parámetros de configuración de aplicacións de software (agás no caso dos navegadores de Internet); e instalar un novo sistema operativo ou substituír un antigo.




Gráfico 26: Tipos de tarefas realizadas polas persoas usuarias de computador (Galiza e Estado español, 2012) (fonte: INE, 2002 -2016)

Como podemos observar, a maioría das persoas usuarias son quen de realizar tarefas doadas e unha boa parte tamén saben facer tarefas intermedias, mais son poucas as persoas que teñen coñecementos para realizaren tarefas avanzadas. Aínda que esta é unha situación en que Galiza non presenta diferenzas no conxunto do estado, parece que as porcentaxes aínda son baixas dabondo e permítennos falar da existencia dunha segunda fenda dixital importante canto ao uso do computador.

En resumo, entre as persoas que usan o computador (o 49,6% da poboación galega⁶⁰) case o 90% fano cando menos unha vez á semana, e non se aprecian neste caso fendas

60 Segundo datos do 2012 do INE, Galiza conta con 2 720 243 habitantes (INE, 2013), dos que 1 351 530 usan o computador, o que supón un 49,6% da poboación galega.

significativas en canto á localización xeográfica, a idade e o xénero. Con todo, podemos observar que a maioría destas persoas só pode realizar tarefas doadas, polo que parece que é necesaria unha maior formación das persoas usuarias para podermos derrubar esta barreira, que mantén a boa parte da poboación afastada das vantaxes que ofrece o uso do computador.

2.4.2.1.2.2. Uso de Internet

2.4.2.1.2.2.1. Intensidade de uso de Internet




Gráfico 27: Uso de Internet nos 3 últimos meses (2012) (fonte: INE, 2002 -2016)

Como podemos observar no gráfico anterior, case as tres cuartas partes das persoas que usan Internet en Galiza fano diariamente, e case o 90% emprégano, cando menos, unha vez por semana.

2.4.2.1.2.2.1.1. Intensidade de uso de Internet e localización xeográfica

Tampouco se perciben neste caso importantes diferenzas segundo a localización xeográfica en comparación co conxunto do estado como dentro do territorio galego. Dentro do territorio galego detéctanse algunhas diferenzas, mais non é posíbel identificar un patrón que opoña as provincias occidentais ás orientais coma en casos anteriores.




Gráfico 28: Uso de Internet nos 3 últimos meses (Galiza e Estado español, 2012) (fonte: INE, 2002 -2016)




Gráfico 29: Frecuencia de uso de Internet na última semana (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

2.4.2.1.2.2.1.2. Intensidade de uso de Internet e idade




Gráfico 30: Frecuencia de uso de Internet na última semana segundo a idade (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

Como no caso do computador, a desagregación dos datos por grupos de idade non reflicte diferenzas significativas, xa que todos os grupos realizan un uso semellante de Internet.

2.4.2.1.2.2.1.3. Intensidade de uso de Internet e sexo




Gráfico 31: Frecuencia de uso de Internet na última semana segundo o sexo (2013) (fonte: IGE, 2002 - 2012)

Canto ao sexo, os datos revelan que as mulleres usan máis a rede en períodos curtos (unha hora ou menos), mentres que os homes están sempre por diante no caso de períodos longos (máis de 5 horas, máis de 10 horas e máis de 20 horas), polo que podería existir unha certa fenda de sexo na intensidade de uso da rede, mais as diferenzas non son moi significativas (agás no caso das persoas que o usan unha hora ou menos).

2.4.2.1.2.2.2. Tipos de actividades realizadas en Internet




Gráfico 32: Servizos de Internet usados por motivos particulares nos últimos 3 meses (Galiza e Estado español, 2012) (fonte: INE, 2002 -2016)

Para analizarmos os tipos de actividades realizadas en Internet simplificamos os datos da enquisa do INE en tres grupos:

- **Comunicación e acceso á información:** recibir e enviar correos electrónicos; telefonar a través de Internet ou videochamadas (vía webcam) a través de Internet; envío de mensaxes a chats, redes sociais, blogues, grupos de novas ou foros de discusión en liña, uso de mensaxaría instantánea; ler ou descargar novas, xornais ou revistas de actualidade en liña; buscar información sobre bens e servizos.
- **Entretenemento e creatividade:** escoitar a radio ou ver TV emitidas por Internet; xogar ou descargar xogos, imaxes, filmes ou música; colgar contidos propios (texto, fotos, música, vídeos, software etc.) nunha páxina web para os compartir; crear páxinas web o blogues.
- **Outras:** concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web (por exemplo, dun hospital ou dun centro de saúde); usar servizos relacionados con viaxes e aloxamento; vender bens ou servizos (venta directa, mediante poxas etc.); banca electrónica.

Podemos observar que non existen diferenzas entre os datos galegos e os estatais e que son os servizos relacionados coa comunicación e o acceso á información os máis empregados polas persoas usuarias da rede, seguidos dos relacionados co entretenemento e a creatividade e, finalmente, outro tipo de servizos. Xulgamos que estes datos revelan

que as persoas usuarias aínda non están tirando da rede todas as súas potencialidades, pois a maioría dos servizos usados son aqueles en que se procura información ou en que se establecen comunicacións privadas, mais é moi baixa a porcentaxe do grupo de servizos relacionados co entretemento e a creatividade, en que se inclúe a creación e publicación de contidos propios. Isto pode responder a unha concepción da rede como un medio convencional, en que aínda se participa maioritariamente de xeito pasivo, de modo que a maioría das persoas usuarias é sobre todo receptora de contidos e é unha minoría a porcentaxe de persoas creadoras de contidos na rede.

		Computador	Internet
Acceso	Xeográfica	✗	✗
	Idade	✗	✗
	Sexo	✗	✗
Uso	<i>Intensidade</i>	Xeográfica	✓
		Idade	✓
		Sexo	✓
	<i>Tipos de tarefas</i>	✗	✗

Tabela 5: Resumo da fenda dixital en Galiza

A tabela anterior resume todos os datos que vimos de expoñer: en Galiza temos unha primeira fenda dixital (de acceso) máis acentuada que noutros territorios (mais tamén con diferenzas dentro do territorio galego) e, ademais, o acceso é máis reducido nos grupos de maior idade e nas mulleres. Non existen este tipo de diferenzas na segunda fenda dixital (a do uso) pois, aínda que non temos datos sobre a experiencia das persoas usuarias, si sabemos que a intensidade do uso é semellante á do conxunto do Estado español e non se perciben diferenzas significativas dentro do territorio galego, como tampouco se detectan diferenzas significativas por idade ou por sexo. Con todo, si podemos falar da existencia dunha segunda fenda dixital se atendemos aos tipos de tarefas que realizan as persoas usuarias xa que, aínda que os datos non difiren dos do conxunto do Estado, percibimos que a súa formación no uso das TIC é baixa, pois a maioría das persoas só é quen de realizar tarefas doadas, tanto no computador como en Internet.

Os datos máis actuais revelan algunhas novidades, especialmente no referente ao sexo, pois a fenda dixital neste sentido é menor en Galiza que no resto do Estado. Mesmo nalgúns grupos os datos son máis positivos para as mulleres que para os homes: na franxa dos 16 aos 44 anos as mulleres empregan usan máis Internet que os homes, e tamén empregan, de xeito xeral, máis frecuentemente as redes sociais. Outro dato interesante é que a fenda dixital de xénero é practicamente inexistente no ámbito rural e máis acentuada no urbano (AMTEGA, 2014/12/08).

Como indicamos ao inicio, somos conscientes de que a análise que vimos de facer da fenda dixital en Galiza non inclúe todas as variábeis que cumpriría ter en conta para un estudo rigoroso, mais coidamos que os datos que empregamos son suficientes para o traballo que nos ocupa, pois permítenos realizar un primeiro achegamento ao estudo da fenda dixital en Galiza e observarmos que podemos detectar facilmente a existencia tanto da primeira como da segunda fenda dixital. Así as cousas, podemos afirmar que, aínda que o noso campo de estudo é un espazo cada vez máis usado pola sociedade galega, existen barreiras de diferente tipo que impiden que todas as persoas accedan e usen por igual este novo espazo, unha cuestión que non podemos perder de vista á hora de analizarmos o uso do galego na rede.

2.4.2.2. O ciberactivismo lingüístico

Para rematar coa análise da influencia das TIC e de Internet na sociedade galega imos analizar un fenómeno de ciberactivismo específico de Galiza: o ciberactivismo lingüístico a favor do galego. Entendemos como ciberactivismo lingüístico a prol do galego todas aquelas actividades que teñen como finalidade a normalización da lingua (na rede e fóra dela) e que empregan Internet como ferramenta. Tendo en conta a situación do galego, unha lingua dominada, temos que considerar o uso do galego na rede como a primeira actividade de ciberactivismo lingüístico, unha actividade que é practicamente tan antiga como a chegada da rede a Galiza. A continuación analizaremos as principais asociacións cidadás implicadas na defensa da lingua e a súa presenza na rede, distinguindo entre aquelas que son nativas da rede e aquelas que naceron fóra dela.

2.4.2.2.1. Iniciativas nadas fóra da rede

A práctica totalidade das asociacións cidadás comprometidas coa lingua que naceron fóra da rede empregan hoxe Internet como unha importante ferramenta no desenvolvemento das súas actividades. A continuación imos facer un breve repaso por algunhas delas.

2.4.2.2.1.1. Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) é unha entidade pedagóxica e cultural creada en 1976, que conta na actualidade con máis dun milleiro de socios/as. No que se refire á lingua, publicou en 1980 as *Orientacións para a escrita do noso idioma* e foi a principal promotora da normativa de mínimos até o acordo normativo do 2003 (“Presentación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)”, 2012).

A captura máis antiga que Internet Archive garda da súa páxina web data de agosto do 2000, mais nela indícase a data de 1998, ano en que probabelmente botou a andar a súa páxina. Da súa traxectoria na rede destacan campañas como Ciberlingua, un proxecto para difundir o galego na comunidade educativa a través das TIC, celebrada por primeira vez no curso 2000 - 2001 coa colaboración de Galego21 (“Benvid@s a Ciberlingua”); o Correlingua, unha actividade organizada con CIG-Ensino e A Mesa Pola Normalización Lingüística, e consistente na realización de diferentes carreiras para dinamizar o uso do galego entre a mocidade (“Quen somos (b)”); ou o concurso de relato oral Tíralle da lingua. Esta asociación destaca tamén pola elaboración de xogos en liña como trivial.gz, CataPalabras, Letrad@s ou O xogo da curuxa (“Presentación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)”, 2012).

2.4.2.2.1.2. Associação Galega da Língua (AGAL)

A Associação Galega da Língua (AGAL) é un colectivo creado en 1981 co obxectivo de normalizar a lingua. Esta asociación defende a unidade lingüística galego - portuguesa e só considera como galego - portugués os textos redactados na norma que promove, a norma AGAL, ou en calquera norma vixente nos países de fala portuguesa, polo que é contraria ás normas oficiais (“Vinte anos de historia”).

A captura máis antiga que atopamos da súa páxina en Internet Archive é do 1 de xullo do 2001, mais o contador de visitas iniciouse o 31 de xaneiro do 2000, data en que probabelmente comezaría a estar activo o sitio web (Associação Galega da Língua). Unha das principais actividades da AGAL na rede é a posta en funcionamento do Portal Galego da Língua (PGL) no ano 2002, un sitio destinado a informar sobre a actualidade da lingua en Galiza (“O que é o PGL?”) mais, para alén de conter novas sobre a lingua, no PGL podemos atopar diversos materiais, como cursos en liña, artigos de opinión etc. Outro dos proxectos promovidos pola AGAL é o Dicionário Electrónico Estraviz, unha completa obra lexicográfica en liña, con máis de 127 000 entradas, elaborada na norma AGAL (mais permite procuras na norma oficial) (“Acerca do e-Estraviz”).

2.4.2.2.1.3. A Mesa pola Normalización Lingüística

A Mesa pola Normalización Lingüística constituíuse en 1986, coa finalidade de poñer en práctica as conclusións do encontro *Estado actual da normalización lingüística*, celebrado en Santiago de Compostela o 18, 19 e 20 de abril dese mesmo ano. O encontro foi organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG) e a Federación de Asociacións Culturais Galegas, co apoio da Associação Galega da Língua (AGAL) (“Encontro Estado actual da normalización lingüística”).

A captura máis antiga da súa páxina da que dispón Internet Archive é do 16 de agosto do 2000, mais nesta captura indícase que a data en que se comezaron a contar as visitas é o 1 de xaneiro do 1998, probabelmente a data en que A Mesa iniciou a súa presenza na rede (“A nosa benvida”, 2001/01/24). Nesta altura xa podemos atopar na web campañas para a normalización do galego en diferentes ámbitos (ensino, administración, comercio, banca etc.). Desde o 2007 destaca o servizo A liña do galego, que atende consultas e tramita queixas sobre dereitos lingüísticos de xeito telefónico ou por correo electrónico (“A liña do galego”). Na actualidade, cómpre nomear a campaña Abertos ao galego, que lles concede un certificado ás empresas comprometidas coa lingua (“Abertos ao galego”). O uso e a efectividade de Internet como ferramenta para a difusión das campañas desta asociación foi aumentando conforme aumentou o número de persoas usuarias da rede.

2.4.2.2.1.4. Coordinadora Traballadores-as de Normalización da Lingua (CTNL)

A Coordinadora Traballadores-as de Normalización da Lingua (CTNL) é unha asociación sen fins lucrativos creada en 1996 coa finalidade de mellorar a coordinación entre os/as técnicos/as de normalización lingüística (“Breve historia da CTNL”). A captura máis antiga da súa web data de marzo do 2001, mais nela podemos ler un aviso que nos indica que estará plenamente operativa desde o 8 de xaneiro do 2001, polo que a podemos datar nos inicios dese ano (*Coordinadora Traballadores-as de Normalización da Lingua (CTNL)*). A CTNL promove numerosas actividades de formación para técnicos/as de normalización lingüística, mais tamén está detrás de actividades normalizadoras dirixidas ao conxunto da sociedade. No que se refire á rede, cómpre destacar a campaña *Gústame... o galego!*, lanzada en novembro do 2012 a través de Facebook e Twitter (*Gústame... o galego!*).

2.4.2.2.1.5. A Gentalha do Pichel

A Gentalha o Pichel é unha asociación cultural xurdida en 2004 en Compostela que ten por principal obxectivo a recuperación e a difusión da cultura galega. No que se refire en concreto á lingua, defende a normativa lingüística da Associação Galega da Língua (AGAL) (“A Gentalha do Pichel”; “Umha notinha de imprensa e ponto”, 2009/02/14). A súa presentación na rede data de febreiro do 2005 (“Quem somos?”) e entre as actividades que levou a cabo a través de Internet merece unha especial mención a campaña pola recuperación da figura do Apalpador realizada no nadal do 2012 (Gago, 2012/12/21).

2.4.2.2.1.6. ProLingua

ProLingua é unha asociación cultural xurdida en 2009 co obxectivo de promover o galego en Galiza e nas comunidades estremeiras, así como de garantir a súa oficialidade real (Noguerol, 2009/09/03; “Quen somos (c)”). Na súa páxina web ofrece algúns modelos de documentos redactados en galego (currículo, declaración de apostasía etc.), así como unha sección de novas e outra de artigos de opinión relacionados coa lingua, escritos por diferentes persoas (*ProLingua*).

2.4.2.2.1.7. Queremos galego!

Queremos galego! é unha plataforma cidadá nacida en 2009 como resposta contra o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. Trátase dunha plataforma que une a diferentes entidades e persoas a título individual que ven neste decreto un retroceso no proceso de normalización da do galego. Desde o momento da súa formación esta plataforma cidadá empregou Internet como un medio para difundir as súas actividades (manifestos, manifestacións, unha iniciativa legislativa popular) (*Queremos Galego; Queremos Galego!*).

2.4.2.2.2. Iniciativas nadas na rede

A continuación imos revisar algunhas das iniciativas a prol da lingua nativas de Internet, aínda que moitas delas xa as fomos nomeando ao repasarmos a historia da rede en Galiza. Distinguiremos entre iniciativas xenéricas, isto é, que teñen como obxectivo a normalización da lingua en calquera ámbito, e iniciativas con obxectivos concretos, que se centran na consecución dunha determinada meta. Neste último grupo están a loita por un dominio propio e a localización de software libre.

2.4.2.2.2.1. Iniciativas xenéricas

2.4.2.2.2.1.1. Ciberirmandade da Fala

A Ciberirmandade da Fala é unha organización impulsada por Camilo Regueiro coa finalidade de normalizar a lingua na rede. A súa creación data do 1996, o que a converte nunha das asociacións galegas máis antigas da rede, mais non se constituiría como asociación rexistrada até dez anos despois. A diferenza de moitas das asociacións cidadás a prol da lingua que vimos de describir, a Ciberirmandade da Fala non se decanta pola defensa ou a preferencia dunha norma lingüística determinada, senón que afirma que entre as persoas que a forman se chegou ao acordo de que “quen fai algo aplica a súa [normativa]”. Entre as súas actividades destaca o envío de correos electrónicos ás persoas administradoras de diferentes webs galegas solicitándolles que empreguen a nosa lingua (trátase de correos individuais e personalizados que pretenden fuxir da cualificación de correo lixo⁶¹). A Ciberirmandade tamén mantén un foro en que

61 O correo lixo (en inglés *spam*) é “correo non desexado, enviado de xeito masivo e normalmente con

pretende recuperar os debates das roldas de correo dos primeiros tempos da Internet galega, así como unha plataforma de formación que ofrece cursos en liña e mais unha sección dedicada á localización de software (“A Ciberirmandade da Fala”; “Coñécenos”; Vaquero & Romero, 2001: 145).

2.4.2.2.1.2. Fillos de Galicia

En 1997 bota a andar na rede Fillos de Galicia, coa finalidade de ser un punto de encontro en que as persoas emigrantes e os/as seus descendentes manteñan o contacto coa cultura galega (*Fillos de Galicia* (a)). Nos primeiros tempos a lingua maioritaria nesta comunidade era o castelán, mais o galego estivo presente desde o principio. Xustificábase este uso do castelán por existiren moitas persoas descendentes de emigrantes que xa non coñecían o galego, mais tamén se indicaba o compromiso da comunidade coa lingua e o obxectivo de llela dar a coñecer a estas persoas (*Fillos de Galicia* (b)). Co tempo o uso do galego foi en aumento, até se converter practicamente na única lingua usada pola asociación, actualmente hospedada en Blogaliza. A asociación ofrece diferentes servizos, como O Atopadoiro, un servizo para facilitar o reencontro entre persoas residentes en Galiza e a súa familia emigrada, ou algúns recursos para aprender galego (*Fillos de Galicia* (c)). Con todo, unha das iniciativas máis coñecidas desta asociación foi a Parcelaria Virtual, unha orixinal forma de conseguir financiamento consistente na venda de pequenas parcelas virtuais do territorio galego, achegándolles ás persoas compradoras un espazo web (“Dossier do Proxecto Parcelaria Virtual pola Cultura Galega”).

2.4.2.2.1.3. Galego21

Galego21 é unha iniciativa que xorde entre o ano 1999 e o 2000⁶² coa vontade de reunir todas as iniciativas a prol do galego nas TIC. A asociación rexístrase co nome de IDESGA-galego21 no ano 2000. Nela converxen o Proxecto Xis e o Proxecto Rianxo (*vid.* §2.4.1.2.4) así como o Proxecto Rábade (un curso de galego en liña). Galego21 traballou na tradución de software ao galego e desenvolveu proxectos como O Lapis de

carácter publicitario“ (“correo lixo”).

62 A primeira data é a que achegan Daniel Romero e Isabel Vaquero (2001: 155) e a segunda a que podemos atopar na web actual de Galego21 (“Quen somos e de onde vivimos”, 2006/04/06).

Cores, coordinado por Manuel Paz e destinado a obter ferramentas educativas en galego; ou o Proxecto Tomiño, coordinado por Roberto Abalde e que tiña a finalidade de crear unha biblioteca virtual de obras galegas de acceso gratuíto, baseándose o no Proxecto Gutenberg (“O Lapis de Cores”; “Proxecto Rábade”; “Proxecto Rianxo”; “Proxecto Tomiño”; “Proxecto Xis”). Pouco despois Roberto Abalde abandona Galego21, por discrepar do modelo de xestión dos proxectos, e crea Mil primaveras máis, onde pasaron a se aloxar os proxectos Rábade, Rianxo e Tomiño, de xeito que Galego21 ficou só co Proxecto Xis, O Lapis de Cores e o Proxecto Ravachol, dedicado á música galega. Con todo, un dos proxectos de Galego21 que máis impacto tiveron foi o Ciberlingua (organizado xunto coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), como xa indicamos), un proxecto destinado a difundir a lingua na comunidade educativa a través das TIC, e que conseguiu que 5 das 7 grandes cidades galegas asinasen un acordo de colaboración para traballaren nesta dirección. O dominio orixinal de Galego21, galego21.org, foi rexistrado por Roberto Abalde en 2005, o que obrigou a IDESGA-galego21 a se trasladar ao seu enderezo actual: galego21.net (Romero & Vaquero, 2001: 155; “Quen somos e de onde vivimos”, 2006/04/06).

2.4.2.2.2.1.4. Vitaminas para o galego

Vitaminas para o galego non é unha asociación propiamente dita, senón unha campaña de sensibilización presentada o 17 de decembro do 2011 e iniciada por *Galicia Confidencial*, *Novas da Galiza*, *Praza pública*, *Radiofusión*, *Tempos Novos*, *certo.gl*, *quepasanacosta*, *O Sil*, *valmiñor.info* e *crónica3*, á que se foron sumando outros medios de comunicación (“Quen somos (d)”). Trátase dunha campaña que foca a súa atención na sensibilización sobre a importancia dos medios de comunicación monolingües en galego, para o que desenvolve diversas actividades: presenza nas redes sociais, iniciativas como propoñerlles ás persoas comprometidas coa lingua que graven un vídeo coa lectura do manifesto redactado por Vitaminas para o galego e que o suban á rede etc. (*Vitaminas para o galego*).

2.4.2.2.2.1.5. Alianza Lingüística polo Idioma Galego

O 10 de febreiro do 2013 botaba a andar o blogue da Alianza Lingüística polo Idioma Galego (ALIG) e o oito días despois publicábase en Scribd a *Guía elemental para a*

escrita e lectura do galego. Normativa da ALIG. Trátase dunha norma asinada por Andrea Garrido e Estevam Fortunato, que se define do seguinte xeito:

A nosa norma, a normativa da ALIG, nace co obxectivo dña melhor representaci3m e unificaci3m do galego em toda-las suas variantes sem despreciar ningña das evolucion3s pr3prias ocorridas no idioma. Est3 inspirada e baseada na grafia hist3rica do galego e enfoca-se nas falas galegas tomando-as como refer3ncia para o estavlecemento da norma, ademais, tam3m est3 realizada o maiormente posivle livre de castelanismos e de lusismos. (Garrido & Fortunato, 2013: 2)

Tr3tase da primeira proposta normativa que se d3 a coñecer a trav3s da rede, a3nda que c3mpre deixar pasar alg3n tempo para analizar a s3a repercusi3n.

2.4.2.2.2.2. Iniciativas con obxectivos concretos

2.4.2.2.2.2.1. A loita polo dominio .gal

2.4.2.2.2.2.1.1. Que 3 un dominio e cal 3 a s3a importancia?

Antes de analizarmos a loita por un dominio de nivel superior propio, c3mpre sabermos que 3 un dominio e por que 3 importante contarmos con un. Como xa indicamos ao falarmos dos inicios de Internet (*vid.* §2.2.1.1.2), o aumento do n3mero de computadores conectados 3 rede fixo necesaria a organizaci3n dos seus enderezos, raz3n pola que se desenvolveu o Domain Name System (DNS) en 1983, que permit3a transformar os enderezos IP (<http://192.0.32.10>) en palabras m3is doadas de memorizar e de atopar (<http://exemplo.com>). Neste novo esquema existen dominios de nivel superior ou Top Level Domain (TLD) (*.com*, *.org*, *.net*, *.es*, *.pt* etc.) que nos permiten clasificar os nomes de dominio en funci3n de diferentes criterios (tipo de organizaci3n, localizaci3n xeogr3fica etc.). Por exemplo, ao atop3rmonos perante un nome de dominio como *exemplo.org* 3 prob3bel que esteamos perante unha organizaci3n non governamental, mentres que o dominio *exemplo.pt* est3 definido pola s3a localizaci3n xeogr3fica: Portugal (“Domain name”; Gerrand 2008: 183 - 187). As3 as cousas, os dominios de nivel superior son importantes porque lles dan visibilidade a tipos de organizaci3ns, territorios ou outras entidades na rede, mentres que a s3a inexistencia invisibiliza esa realidade neste espazo.

Mais, por que existen uns dominios e outros non? Quen regula a concesións de dominios? Pois ben, o 18 de setembro de 1998 o goberno dos Estados Unidos creou a Internet Corporation for Assigned Names and Numbers (ICANN), unha organización sen fins lucrativos encargada de supervisar as tarefas de administración e xestión de Internet. Entre as competencias da ICANN está a de conceder ou denegar as propostas de dominio de nivel superior, para o que se basea en criterios como que se poida asegurar a estabilidade técnica e económica do rexistro, que o dominio de nivel superior teña un propósito útil e un alcance global, ou que a proposta veña dunha organización sen fins lucrativos cun amplo apoio social. No que se refire aos dominios de nivel superior asociados a un territorio, a ICANN concedeu os recoñecidos no estándar ISO 3166, que inclúe todos os países recoñecidos pola Organización das Nacións Unidas (ONU), mais tamén territorios moi afastados dos centros de poder político e económico do país a que pertencen, pois trátase dun estándar anterior a Internet e xurdido coa finalidade de lles asignar códigos curtos aos territorios, para facilitar o envío de correo postal e de telegramas. Así, por exemplo, Xibraltar conta co seu propio dominio (.gi), a pesar de pertencer ao Reino Unido. O feito de a ICANN se basear na norma ISO 3166 é o argumento que achega para non conceder máis dominios de nivel superior asociados a un territorio, isto é, é a razón pola que Galiza, Euskadi, Catalunya, Breizh ou Scotland non contan co seu propio dominio de nivel superior (Gerrand, 2008; “ICANN”; “Internet Corporation for Assigned Names and Numbers”).

2.4.2.2.2.1.2. Os dominios e as culturas dominadas: a importancia do dominio .cat

En 1996 créase a Associació en Defensa del Domini .ct, unha organización sen fins lucrativos que perseguía o recoñecemento do dominio territorial .ct para Catalunya. Nesta altura apróbase tamén no Parlament de Catalunya unha proposición non de lei que buscaba o recoñecemento do territorio catalán dentro da norma ISO 3166. Con todo, esta solicitude foi rexeitada, o que provocou un cambio de estratexia na loita por un dominio propio. Cinco anos despois, en 2001, creouse a Associació puntCAT (en que participaba tamén a Associació en Defensa del Domini .ct), unha organización sen fins lucrativos que comeza unha campaña por un dominio de tres letras, .cat, que non se trata xa dun dominio territorial, senón dun dominio asociado á lingua e á cultura catalás. Cando en 2004 a ICANN abriu unha nova quenda para solicitar dominios de primeiro

nivel, a Associació puntCAT presentou a súa proposta que, con este novo formato, conseguiu satisfacer os criterios da ICANN e foi aprobada o 15 de decembro do 2005. O rexistro de enderezos comezou o 13 de febreiro do 2006, e en 2011 contaba xa cuns 50 000 rexistros. O dominio *.cat* converteuse así no primeiro que representaba unha lingua e unha cultura en Internet, un importante precedente para outras culturas dominadas que, como a galega, xa conseguiron tamén un dominio propio na rede, tal é o caso da galesa (*.cym*), da escocesa (*.sco*), ou da bretoa (*.bzh*) (“*.cat*”; “*ct*”; Gerrand, 2008: 182 - 187; “Puntcat’, un exemplo de éxito”, 2012/05/29).

2.4.2.2.2.1.3. A consecución do dominio *.gal*

Aínda que a loita por un dominio territorial de primeiro nivel para Galiza foi e é unha opción que non se desbota, no caso galego optouse desde o principio por centrar os esforzos da loita por un dominio propio na consecución dun dominio cultural. Isto explícase porque a loita firme por un dominio propio é posterior á concesión do dominio *.cat* para Catalunya, polo que se considerou a loita por un dominio que representase a lingua e a cultura galegas como o camiño máis eficaz para conseguirmos un dominio propio. Así, en xuño do 2006 constituíse en Santiago de Compostela a Asociación Puntogal, da que formaron parte inicialmente as seguintes entidades: a Asociación Galega de Editores, a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, a Asociación Fillos de Galicia, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, o Consello da Xuventude de Galicia, as Empresas Galegas Adicadas a Internet (Eganet), Galicia Hoxe, Idesga-Galego 21, ISOC-Galicia, A Mesa pola Normalización Lingüística, a Real Academia Galega e Vieiros. A estas entidades fóronse sumando outras e na actualidade unhas 100 organizacións e unhas 12 000 persoas apoian esta proposta, así como a propia Xunta de Galicia. Nos seus primeiros seis anos de vida os esforzos da Asociación Puntogal centráronse en difundir a súa proposta e buscar o máximo de apoios posíbeis, coa finalidade de satisfacer os criterios da ICANN cando se abrise unha nova quenda de solicitudes de dominios. Esta nova quenda abriuse en 2012, e o 25 de maio dese ano a Asociación Puntogal presentou a súa candidatura. O 14 de xuño do 2013 a ICANN aprobou o dominio *.gal* para a lingua e a cultura galegas, tal e como esperaban expertos como Peter Gerrand, que en 2008 xa apuntara que as iniciativas coma *.gal* tiñan moitas posibilidades de seren aceptadas pola ICANN

(Gerrand, 2008; “Presentación da aprobación do .gal”, 2013/06/14; “puntoGAL remite a súa candidatura”, 2012/05/29; “Quen Somos”, 2004/08/19; “Quen somos (a)”).

Mentres o dominio propio non chegaba, moitas institucións galegas optaron por diferentes opcións para evitar o dominio territorial do estado, .es, de xeito que non é raro atoparmos dominios como .org, como é o caso de realacademiagalega.org, consellodacultura.org; ou .eu, que coincide co pronome persoal tónico de primeira persoa (aínda que o seu significado orixinal é territorial: Europa), como acontece coa páxina web do Concello de Pontevedra, pontevedra.eu. Con todo, o máis importante con esta finalidade é o .gl, o dominio territorial de Groenlandia, mais que podería ser perfectamente o dominio territorial de Galiza e que tamén se corresponde co código de internacionalización da lingua galega (i18n). Este dominio é empregado, por exemplo, por Certo, o xornal virtual do Barbanza. Ademais, esta coincidencia foi aproveitada tamén pola empresa Dinahosting para promocionar o dominio .gl en Galiza (“Dinahosting lanza os dominios .GL”), como podemos observar na ilustración 6.

Para alén dos apoios directos que recibe a Asociación Puntogal, o uso de alternativas máis xenéricas para non se adscribir ao dominio territorial estatal e doutras que visibilicen Galiza e a súa cultura na rede son un reflexo claro da demanda social dun dominio propio. Ademais, que o dominio cultural .gal sexa xa unha realidade non implica deixarmos de lado o obxectivo dun posíbel dominio territorial, como se apunta desde a propia Asociación Puntogal (“Que é Puntogal?”).

Dominios .gl - Soa a galego!. Agora por 29,99€!

É a extensión para Groenlandia. A extensión ideal para visibilizar Galiza e a súa cultura na Rede, mentres que non chega o .GAL, xa que gl correspóndese co código de internacionalización (i18n) para a lingua galega. En promoción até o 03 Marzo 2013!

Precios de dominios .gl

1 ano	2 anos	3 anos	5 anos	10 anos
37€	74€	111€	186€	370€
29,99€	59,98€	89,97€	149,95€	299,9€
AFORRO 7,01€	AFORRO 14,02€	AFORRO 21,03€	AFORRO 35,05€	AFORRO 70,1€

Traslados
29,99€

El período mínimo de contratación para dominios .gl é de 1 ano.

Ilustración 10: Promoción do dominio .gl para visibilizar Galiza e a cultura galega na rede

2.4.2.2.2.2. A localización de software libre

2.4.2.2.2.2.1. A importancia do software libre para as linguas dominadas

Como xa indicamos ao nos referirmos ao software libre (*vid.* §2.3.3.3), este caracterízase por lles permitir ás persoas usuarias catro liberdades (executar o programa, estudar como funciona e realizar modificacións, redistribuír copias, e distribuír copias coas modificacións propias). Entre as posibilidades que nos achega a liberdade 1 está a de que calquera persoa poida localizar (isto é, traducir e adaptar) o software a calquera lingua, sen necesidade de pedirlle autorización a quen o crease. Ademais, as catro liberdades do software garanten a continuidade na tradución, pois as traducións fican baixo a mesma licenza que o software, polo que sempre se poderá ter acceso a elas. Así, se alguén deixa de traducir, calquera persoa pode continuar a súa tarefa sen ter que comezar de cero novamente.




Ilustración 11: Opcións de idioma en Ubuntu (fonte: “Instalar o Ubuntu 11.04”)

Outro elemento importante é que a lingua a que se traduce, independentemente da súa situación sociolingüística, aparecerá no menú de linguas do software traducido ao mesmo nivel que as demais, o que lle confire unha importante visibilidade (Mas 2006: 38 - 39). Pensemos, por exemplo, na posibilidade de dispoñermos dun sistema operativo en galego: no caso de Windows contamos con localizacións ao galego para versións

como Windows XP ou Windows Vista, desenvolvidas por imaxin|software (“Localización de Windows Vista e Office 2007 para galego”; “Localización de Microsoft Windows Xp a Galego”), mais nos dous casos son paquetes de interface que cómpre descargarmos e instalarmos para podermos usar o sistema operativo en galego, xa que esta non é unha lingua que inclúa por defecto (“Paquete de interface de galego de Windows Vista”; “Paquete de interface en Galego do Windows XP ®”). Pola contra, se queremos instalar unha distribución de GNU/Linux (por exemplo, Ubuntu) o galego é unha lingua que podemos elixir durante o proceso de instalación e que se atopa ao mesmo nivel que calquera outra lingua dispoñíbel, como se observa na ilustración 14.

Cómpre ter en conta que o proceso de tradución de software privativo é moito máis complexo, pois non permite as catro liberdades que vimos de expoñer. Así, é necesario pedírmolle permiso ás persoas propietarias do software para iniciarmos unha tradución e, de nolo concederen, temos que nos pregar ás súas condicións se queremos que a tradución se leve a cabo. Por exemplo, segundo Manuel A. Fernández Montecelo isto foi o que aconteceu co intento de conseguir a tradución de Windows 95 ao galego:

A empresa MicroSoft [sic] que se adica a producir software, pediu 80 millóns de pesetas á Xunta de Galiza para traducir o Windows 95 a galego (dicían que en caso contrario non lles compensaba sacar soporte en galego). A administración non quixo. (Fernández, 2008: 6)

Outras fontes apuntan que a empresa non pedía 80 millóns a cambio da tradución, senón que Microsoft quería autorizar a tradución ao galego a cambio de que a Xunta mercase un determinado número de licenzas, mais non se deu chegado a un acordo. En calquera caso, iniciar o proceso de tradución dunha aplicación de software propietario require uns esforzos que non pode realizar calquera persoa e, ademais, é un proceso moito máis lento⁶³; mentres a localización de software libre non necesita trámite ningún para a iniciar e supón un proceso máis rápido, que se traduce nunha maior cantidade de software dispoñíbel en diferentes linguas e, en consecuencia, nunha importante contribución á visibilización das linguas non hexemónicas. Son persoas voluntarias, xeralmente organizadas arredor dunha comunidade, as que levan a cabo este proceso e,

63 Non son poucas as queixas pola ausencia do galego no software privativo e as peticións ás empresas correspondentes para que traduzan os seus programas (cf. A. N., 1998; Fernández, 2013/09/10; Vicente, 2007; “A iniciativa Twitter en galego”) e mesmo en casos de software de código aberto en mans de empresas (cf. *Android en Galego* | *Android in Galician*).

no caso das linguas dominadas, unha das motivacións principais deste traballo é precisamente a normalización da lingua. Estamos, por tanto, ante un traballo desinteresado que se realiza coa finalidade de que as persoas falantes de linguas subordinadas poidan empregar a súa propia lingua nun maior abano de contextos, polo que está contribuíndo a garantir os dereitos desas persoas. Por esta razón é pola que consideramos a localización de software libre como ciberactivismo lingüístico. A continuación imos analizar a historia e os principais fitos da localización de software libere ao galego.

2.4.2.2.2.2.2.2. A localización de software libre ao galego: o

Proxecto Trasno

A localización de software ao galego ten os seus antecedentes na década de 90 do século XX, cando se realizan as primeiras traducións, como xa indicamos ao nos referirmos aos primeiros pasos de Internet en Galiza (*vid.* §2.4.1.1). Con todo, a localización de software libre tal e como a coñecemos hoxe, organizada arredor dunha comunidade de persoas, non comezaría a producirse até 1999. Neste ano o GPUL da UDC (Grupo de programadores e usuarios de Linux da Universidade da Coruña) inicia unha rolda de correo en que se trata o proxecto GPUL-traducción, que tiña por finalidade a localización de software libre. Nese mesmo ano xorde GZLiNuX, da man de Manuel A. Fernández Montecelo e Nuno André Novo, coa finalidade de traduciren documentación de software (guías e manuais). Estes dous grupos entran en contacto ese mesmo ano e xorde así unha comunidade dedicada a traducir software ao galego. O se primeiro obxectivo foi o de contar unha distribución de GNU/Linux totalmente en galego, de aí o primeiro nome deste proxecto: LeGal (Linux en Galego). En 2000 a comunidade realizaría unha votación para elixir un novo nome e, desde este momento, o proxecto pasou a chamarse Trasno, un nome que en principio non tiña significado ningún, mais ao que se lle intentou dar algún significado a posteriori (Fernández, 2008; “Proxecto Trasno (a)”); “Proxecto Trasno (b)”). Así o relata Manuel A. Ferndández Montecelo:

Ao comezo, e a falta dun nome mellor, empregábamnos o nome LeGal (Linux En GALego) para referírmonos ao grupo, pero en maio do 2000 decidimos que o nome proposto por Francisco X. Vazquez Grandal, Trasno, era mellor. Tamén seguimos o antigo costume de buscar un nome e logo adaptarlle un significado,

pero non atopamos ningún, ou máis ben atopamos de máis, polo que algúns preferimos empregalo coma unha simple palabra, e outros prefiren dicir que significa cousas coma “TRAdutores Solitarios do NorOeste”, segundo a proposta orixinal, ou mesmo “TRAdutores Sen NOme”. No momento de escribir isto tamén se atopou outra: “TRAdutores SeN logO”, facendo clara alusión a unha das nosas importantes eivas: non temos logo estándar⁶⁴. (Fernández, 2008: 11)

En 2009 constituíse a Asociación Cultural para a Galeguización de Software Libre Proxecto Trasno, unha organización sen fins lucrativos que xorde pola necesidade de contar cunha figura legal para protexer proxecto. Esta asociación ten entre os seus principais obxectivos a promoción do software libre e a súa localización ao galego, así



Ilustración 12: Logo do Proxecto Trasno (Proxecto Trasno)

como garantir a continuidade do proxecto. Actualmente o Proxecto Trasno é proxecto de referencia na localización de software libre ao galego e coordina proxectos de tradución de diferente tipo (contornos de escritorio,

distribucións de sistemas operativos, aplicativos etc.). (“Asociación”; “Estatutos da Asociación”; “Proxecto Trasno (b)”). Para alén das traducións propiamente ditas, o traballo das persoas do Proxecto Trasno tamén nos deixa recursos de interese para a realización de futuras traducións, como é o caso dos seguintes:

- Glosario de termos fixados do Proxecto Trasno: glosario que recolle os consensos acadados pola comunidade en canto a terminoloxía (“Glosario de termos fixados do Proxecto Trasno”).
- Glósima: sistema de discusión terminolóxica, actualmente inactivo (Glósima - Proxecto Trasno).
- Terminator: ferramenta de xestión terminolóxica centrada na creación de glosarios que faciliten a localización de software. Trátase dun recurso colaborativo e multilingüe (*Terminator*).

64 Na actualidade o Proxecto Trasno conta xa cun logo estándar, que se pode observar na ilustración 8.

- Tiboxe: ferramenta de consulta en liña de terminografía informática, actualmente inactiva (*Tiboxe*).
- Trobador: o corpus de proxectos do Proxecto Trasnó (*Trobador*).
- Memorias de tradución dos proxectos realizados (“Lista de memorias”).

Por outra banda, desde o 2010 comezaron a se realizar reunións presenciais, que se denominaron trasnadas, coa finalidade de axilizar e asentar os debates terminolóxicos dentro da asociación. A primeira destas reunións foi a Trasnada '10, celebrada en Ordes coa colaboración da Asociación Cultural Inestable (“A Trasnada '10”, 2011/08/10). Ao rematar o ano 2013 celebráranse xa seis trasnadas (“Proxecto Trasnó (b)”).

Ao Proxecto Trasnó débémolle boa parte do traballo necesario para que na actualidade contemos con sistemas operativos e aplicativos libres en galego. Ademais, as persoas voluntarias que localizan software non só poñen ao noso dispor unha gran cantidade de software en galego, senón que tamén destacan por realizaren as traducións nun curto espazo de tempo. Algúns exemplos disto son a tradución do Chrome OS ao galego, unha das primeiras linguas en que estivo dispoñíbel; ou a tradución de Ubuntu 12.04, en que o galego está no posto 18 das das linguas do mundo canto a nivel de adaptación, e entre as 40 que se consideran traducidas completamente (M. Fernández, 2003/12/23; Méixome, 2012/04/26). Así as cousas, a historia da localización de software libre ao galego é un bo exemplo da importancia do software libre para as linguas e culturas dominadas, pois as catro liberdades do software permítenlle á cidadanía adaptar as ferramentas ás súas necesidades dun xeito doado e rápido, e garantir así a igualdade de dereitos lingüísticos entre as persoas falantes de linguas hexemónicas e as falantes de linguas dominadas.

2.5. Recapitulación

Nesta ampla descrición do noso campo de estudo, Internet, realizamos un percurso pola súa orixe e historia desde os anos 60 do século XX até a actualidade, un percurso que nos serviu para detectarmos tres grandes etapas no desenvolvemento de Internet: os primeiros tempos (1960 -1985) (*vid.* §2.2.1.1), a expansión (1985-2000) (*vid.* §2.2.1.2) e a xeneralización da man da chamada web 2.0 ou web social a partir do ano 2000 (*vid.* §2.2.1.3). Realizamos tamén un repaso polas principais consecuencias que tivo e está a

ter na sociedade a xeneralización do uso de Internet, para o que afondamos nos conceptos de sociedade da información e sociedade do coñecemento (*vid.* §2.3.1), nas relacións entre Internet e o poder político (*vid.* §2.3.2), nas relacións entre Internet e o modelo económico (*vid.* §2.3.3) e nas relacións entre as topoloxías de rede e os modelos de sociedade (*vid.* §2.3.4). Finalmente, centrámonos no caso concreto do desenvolvemento de Internet en Galiza, en que detectamos etapas semellantes ás xerais, aínda que cun lixeiro atraso nos primeiros momentos: os primeiros pasos (1988-1995) (*vid.* §2.4.1.1), o asentamento (1996-2000) (*vid.* §2.4.1.2) e a web social (2000-actualidade) (*vid.* §2.4.1.3). Quixemos afondar tamén na relación entre Internet e a sociedade galega, para o que nos detivemos en dous aspectos en que consideramos que podemos atopar especificidades con respecto á situación xeral descrita na epígrafe §2.3: a fenda dixital (*vid.* §2.4.2.1) e o ciberactivismo lingüístico (*vid.* §2.4.2.2).

Xulgamos que a descrición da historia e as características de Internet que vimos de realizar non só supón a descrición do noso campo de estudo, senón que tamén xustifica a súa escolla. Consideramos crucial entender que é e como funciona a rede: non é só unha nova ferramenta para facer o de sempre dun xeito máis eficiente, senón que implica unha nova orde de cousas, unha orde en que desaparecen as estruturas centralizadas e descentralizadas en favor das distribuídas, o que implica importantes cambios en todos os planos (político, económico, social etc.). Internet dálles a oportunidade de se visibilizar e participar aos colectivos minoritarios e subordinados de todo tipo, e tamén os lingüísticos. Por exemplo, o software libre posibilita que se queremos un determinado aplicativo nunha lingua dominada a non temos que llo solicitar á unha empresa, que nos dará ou non autorización e que cobrará un prezo pola tradución, senón que o podemos facer nós mesmas. Isto contribúe á normalización, pois permítenos ter o dereito a acceder a un recurso na nosa lingua subordinada igual que as persoas falantes de linguas hexemónicas, sen unha autoridade que interveña para decidir se nos concede ou non ese dereito. Do mesmo xeito, podemos verter calquera clase de contidos á rede e facelos públicos na nosa lingua, sen que unha editora, unha produtora ou unha discográfica decidan, como autoridade, se podemos ou non publicalos. Neste sentido cómpre estarmos atentos ás continuas análises superficiais e simplificadas que se fan da rede, que asentan mitos (xeralmente negativos) sobre o seu funcionamento e as súas potencialidades. Xulgamos que se trata de análises simplistas e interesadas, realizadas por parte dunha estrutura de poder centralizada e inxusta que ve neste novo

espazo unha ameaza para os seus intereses. Así as cousas, de se ir acurtando a fenda dixital e de non teren éxito as tentativas de censurar a rede, Internet podería dotar os colectivos oprimidos de ferramentas que lles axuden aos colectivos oprimidos a acadaren a igualdade de dereitos coas persoas pertencentes aos colectivos que actualmente son opresores. Precisamente por estar razón é pola que consideramos a rede un espazo especialmente interesante para realizarmos un achegamento á situación dunha lingua dominada como o galego, pois nela danse unhas condicións especiais, descoñecidas nos espazos sociais convencionais, que abren un grande abano de posibilidades no camiño cara á igualdade de dereitos entre as persoas falantes das linguas dominadas e as persoas falantes de linguas dominantes, mais non debemos esquecer que esta rede chea de potencialidades está en perigo e é algo polo que debemos loitar para a conservar (cf. §2.3.3.1.2.1).

Capítulo 3. A lingua galega nos blogues didácticos do ensino secundario galego

Índice detallado do capítulo

Capítulo 3. A lingua galega nos blogues didácticos do ensino secundario galego 201

3.1. Introducción.....	207
3.2. Apuntamentos metodolóxicos.....	208
3.2.1. Ferramentas e procedementos para a análise dos datos.....	208
3.2.2. Delimitación da mostra.....	213
3.2.3. Delimitación do contido lingüístico.....	216
3.2.3.1.1. Delimitación do título.....	216
3.2.3.1.2. Delimitación das publicacións.....	218
3.2.3.1.3. Delimitación do contido automático.....	223
3.2.3.1.4. Exemplos comentados.....	224
3.2.3.1.4.1. Contido do título.....	227
3.2.3.1.4.2. Contido das publicacións.....	229
3.2.3.1.4.3. Contido do contido automático.....	230
3.3. Descrición da mostra.....	231
3.3.1. Tipos de centro de que proceden os blogues.....	232
3.3.2. Número de habitantes.....	233
3.3.3. Blogues por centro.....	235
3.3.4. Áreas temáticas.....	236
3.3.4.1. Actividades transversais.....	238
3.3.4.2. Artes e Humanidades.....	242
3.3.4.3. Ciencias.....	245
3.3.4.4. Ciencias Sociais.....	247
3.3.4.5. Blogue do centro.....	247
3.3.4.6. Actividades extraescolares.....	248
3.3.4.7. Outras.....	250
3.3.5. Visibilidade dos blogues.....	252
3.3.6. Terminoloxía empregada para a localización dos blogues.....	254
3.3.7. Nomes de dominio, servidores e CMS do blogues.....	258
3.3.8. Cuestións referentes á actividade dos blogues.....	261
3.3.8.1. Cuestións metodolóxicas.....	261
3.3.8.2. Frecuencia de actualización.....	263
3.3.8.3. Comentarios.....	264
3.3.8.4. Autoría individual e colectiva.....	266
3.4. Descrición das tres variábeis lingüísticas.....	267
3.4.1. Título.....	267
3.4.2. Publicacións.....	271
3.4.2.1. Análise xeral.....	271
3.4.2.2. Combinacións de opcións lingüísticas.....	274
3.4.2.2.1. Unha opción lingüística.....	275
3.4.2.2.2. Dúas opcións lingüísticas.....	275
3.4.2.2.3. Tres opcións lingüísticas.....	278
3.4.3. Contido automático.....	280
3.5. Relacións entre as variábeis lingüísticas.....	283
3.5.1. Unha opción lingüística.....	284
3.5.2. Dúas opcións lingüísticas.....	285
3.5.2.1. Coincidencia entre o título e as publicacións.....	286
3.5.2.1.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes.....	286
3.5.2.1.2. Combinacións.....	286
3.5.2.2. Coincidencia entre as publicacións e o contido automático.....	291
3.5.2.2.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes.....	291
3.5.2.2.2. Combinacións.....	291
3.5.2.3. Coincidencia entre o título e o contido automático.....	297

3.5.2.3.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes.....	297
3.5.2.3.2. Combinacións.....	298
3.5.3. Tres opcións lingüísticas.....	304
3.5.3.1. Opcións lingüísticas.....	304
3.5.3.1.1. Título.....	304
3.5.3.1.2. Publicacións.....	306
3.5.3.1.3. Contido automático.....	308
3.5.3.2. Combinacións.....	310
3.5.4. Recapitulación.....	315
3.6. Usos lingüísticos e variábeis non lingüísticas.....	316
3.6.1. Tipo de centro.....	317
3.6.1.1. Título.....	317
3.6.1.2. Publicacións.....	320
3.6.1.3. Contido automático.....	321
3.6.1.4. Recapitulación.....	323
3.6.2. Número de habitantes.....	324
3.6.2.1. Título.....	324
3.6.2.2. Publicacións.....	326
3.6.2.3. Contido automático.....	328
3.6.2.4. Recapitulación.....	331
3.6.3. Blogues por centro.....	333
3.6.3.1. Título.....	333
3.6.3.2. Publicacións.....	334
3.6.3.3. Contido automático.....	336
3.6.3.4. Recapitulación.....	336
3.6.4. Temáticas.....	337
3.6.4.1. Título.....	338
3.6.4.1.1. Áreas temáticas.....	338
3.6.4.1.2. Temáticas.....	342
3.6.4.2. Publicacións.....	354
3.6.4.2.1. Áreas temáticas.....	354
3.6.4.2.2. Temáticas.....	356
3.6.4.3. Contido automático.....	369
3.6.4.3.1. Áreas temáticas.....	369
3.6.4.3.2. Temáticas.....	372
3.6.4.4. Recapitulación.....	381
3.6.5. Visibilidade dos blogues.....	385
3.6.5.1. Títulos.....	386
3.6.5.2. Publicacións.....	387
3.6.5.3. Contido automático.....	388
3.6.5.4. Recapitulación.....	389
3.6.6. Terminoloxía.....	390
3.6.6.1. Títulos.....	391
3.6.6.2. Publicacións.....	393
3.6.6.3. Contido automático.....	394
3.6.6.4. Recapitulación.....	396
3.6.7. CMS.....	397
3.6.7.1. CMS.....	398
3.6.7.1.1. Título.....	398
3.6.7.1.2. Publicacións.....	400
3.6.7.1.3. Contido automático.....	401
3.6.7.1.4. Recapitulación.....	403
3.6.7.2. Tipo de CMS.....	410
3.6.7.2.1. Título.....	410
3.6.7.2.2. Publicacións.....	412

Capítulo 3. A lingua galega nos blogues didácticos do ensino secundario galego

3.6.7.2.3. Contido automático.....	413
3.6.7.2.4. Recapitulación.....	415
3.6.8. Actividade dos blogues.....	415
3.6.8.1. Frecuencia de actualización.....	416
3.6.8.2. Comentarios.....	419
3.6.8.3. Autoría.....	421
3.6.8.3.1. Título.....	422
3.6.8.3.2. Publicacións.....	423
3.6.8.3.3. Contido automático.....	424
3.6.8.4. Recapitulación.....	425
3.7. Recapitulación xeral.....	425

3.1. Introducción

O obxectivo deste capítulo é analizarmos o uso do galego nos blogues didácticos do ensino secundario, para o que o creamos unha ampla base de datos, con 1072 blogues didácticos, en que anotamos diferentes variábeis lingüísticas e non lingüísticas. Entre as variábeis lingüísticas, anotamos a(s) lingua(s) empregada(s) en tres tipos de contidos: nos títulos, nas publicacións e no contido automático, isto é, no contido xerado automaticamente pola ferramenta empregada para crear e xestionar os blogues (CMS). Canto ás variábeis non lingüísticas, anotamos datos sobre o tipo de centro de que procede cada blogue (público ou privado), o número de habitantes das localidades en que se sitúan os centros de que proceden os blogues, o número de blogues por centro, as temáticas dos blogues, a súa visibilidade na páxina web oficial dos centros, a terminoloxía empregada para se referir a eles (*blog*, *blogue*, *bitácora*), cuestións relacionadas cos nomes de dominio, cos servidores e os CMS empregados polos blogues e, finalmente, cuestións relacionadas coa actividade dos blogues (frecuencia de actualización, comentarios por publicación e tipo de autoría -individual ou colectiva-). Nas páxinas que seguen realizaremos unha análise de todos estes datos, mais comezaremos realizarmos uns breves apuntamentos metodolóxicos (*vid.* §3.2), para despois describirmos a mostra en función das variábeis non lingüísticas que vimos de enumerar (*vid.* §3.3). Unha vez feito isto comezaremos coa parte central da nosa análise describindo as tres variábeis lingüísticas (*vid.* §3.4), a relación entre elas (*vid.* §3.5) e, finalmente, a relación entre as variábeis lingüísticas e as non lingüísticas (*vid.* §3.6). Como complemento a esta análise realizarmos unha enquisa ao profesorado e ao alumnado dos centros de ensino secundario galegos. Analizaremos os resultados desta enquisa en relación cos datos obtidos despois de analizarmos a base de datos de blogues no capítulo 4 deste traballo (*vid.* Capítulo 4.).

Antes de iniciarmos a análise dos blogues da nosa mostra, imos expoñer uns breves apuntamentos metodolóxicos para deixarmos claros os criterios de elaboración da nosa base de datos.

3.2. Apuntamentos metodolóxicos

3.2.1. Ferramentas e procedementos para a análise dos datos

En coherencia cos principios que defendemos neste traballo, a elaboración e manexo da base de datos de blogs levámola a cabo sen empregarmos software privativo. Así, para creamos a base de datos empregamos o xestor de bases de datos do LibreOffice (LibreOffice Base), mentres que para a análise dos datos combinamos o uso da folla de cálculo do LibreOffice (LibreOffice Calc) xunto co uso da linguaxe de programación para análise estatística e xeración de gráficos R, empregando a interface Rstudio, tamén libre (“LibreOffice” / “Linguaxe de programación R” / “Rstudio”). Seguindo a Hernández & Almeida (2005), levaremos a cabo diferentes probas estatísticas, entre as que cómpre destacar a proba χ^2 de Pearson, a proba t de Student, a proba anova unifactorial, a proba HSD de Tukey ou o coeficiente de correlación de Pearson.

A proba χ^2 de Pearson sérvenos para determinar se as frecuencias rexistradas para unha variábel nun determinado grupo difiren significativamente ou non das esperadas. Podemos empregar esta proba, por exemplo, para sabermos se o número de blogs que usan o galego nos títulos nos centros públicos e nos centros privados presentan diferenzas significativas, isto é, para sabermos se o tipo de centro inflúe no (non) uso do galego. Para realizarmos esta proba empregaremos en R a función “chisq.test” do paquete *Stats* (“The R Stats Package”). Par ao exemplo concreto que vimos de describir, a sintaxe e os resultados desta funcións serían os seguintes:

```
> chisq.test(blogues$Titulo.Galego, blogues$Tipo.de.centro)
Pearson's Chi-squared test with Yates' continuity correction
data:  blogues$OP.TÍTULO.Galego and blogues$Tipo.de.centro
X-squared = 66.163, df = 1, p-value = 4.152e-16
```

Podemos observar que a función aplica automaticamente a corrección de Yates á proba, unha corrección que se aplica, neste caso, por ser só un o grao de liberdade (df=1) (Fernández, 2013/05/23; Lejarza, 2010:7; cf. “Degrees of freedom (statistics)”). A función devólvenos o valor χ^2 (66,163), os graos de liberdade, que xa mencionamos, e un valor *p* (4,152e-16). Esta valor *p* pode oscilar entre 0 e 1 e indícanos as

probabilidades de que a diferenza entre o tipo de centro se deban ao azar: canto maior é o valor p , menores son as posibilidades de que as diferenzas se deban ao azar, e viceversa. Existen niveis de significación convencionais para indicarmos se consideramos que se dá unha diferenza significativa ou non, os chamados niveis de probabilidade ou nivel α . Se o valor p é menor que o nivel α ou nivel de significación considérase que é improbable que a diferenza se deba ao azar, polo que se rexeita a hipótese nula (a non existencia de diferenzas significativas). Existen tres tipos de niveis α : 0,05 (5%), 0,01 (1%) e 0,001 (0,1%) (“Significación estadística”). Neste traballo imos empregar un nivel α de 0,05, polo que sempre que obteñamos valores p iguais ou inferiores a 0,05 consideraremos que estamos perante unha diferenza significativa, como é o caso do noso exemplo, pois $4,15e-13$ é unha forma abreviada de representar o número 0,0000000000004152 (isto é, indícanos que cómpre engadir 13 ceros á esquerda), un número moi inferior a 0,05.

A proba **t de Student** sérvenos para determinar se as diferenzas entre as medias obtidas por dous grupos son ou non significativas. Antes de realizarmos esta proba levaremos a cabo unha proba de Levene, para sabermos se as varianzas son distintas ou non, tal e como indican Hernández & Almeida (2005: 217), para o que empregaremos en R a función “`leveneTest`” do paquete `car` (“Package ‘car’”, 2016/03/25). Por exemplo, se queremos saber se as varianzas son ou non distintas no uso do galego no título dos blogues segundo o tipo de autoría (individual ou colectiva), obtemos o seguinte resultado:

```
> leveneTest(blogues$OP.TÍTULO.Galego~blogues$Autoría)
Levene's Test for Homogeneity of Variance (center = median)
      Df F value Pr(>F)
group  1  5.6287 0.01785 *
      1070
---
Signif. codes:  0 '***' 0.001 '**' 0.01 '*' 0.05 '.' 0.1 ' ' 1
```

A proba sinálanos que as varianzas son diferentes nun nivel de significación de 0,05, o que nos obriga a aplicar á proba t de Student unha corrección para que teña en conta que as varianzas non son iguais. Así, empregaremos a función “`t.test`” do paquete `Stats` (“The R Stats Package”) aplicándolle a corrección “`var.equal=F`” ($F = false$), mentres que nos casos en que as varianzas non sexan distintas sinalaremos “`var.equal=T`” ($T = true$):

```
> t.test(blogues$Título.Galego~blogues$Autoría, var.equal=F)
      Welch Two Sample t-test
data:  blogues$Título.Galego by blogues$Autoría
t = -2.437, df = 132.42, p-value = 0.01614
alternative hypothesis: true difference in means is not equal
to 0
95 percent confidence interval:
 -0.21828310 -0.02269313
sample estimates:
 mean in group Colectiva mean in group Individual
                0.3644860                0.4849741
```

Como podemos observar, ao engadirmos “var.equal=F” a función executa a proba de Welch, tal e como indican Hernández & Alemida (2005: 223). A proba devólvenos o valor t (2,437), os graos de liberdade (132,42), o valor p (0,01614), o intervalo de confianza (-0,21828310 -0,02269313) e a media de cada un dos grupos (0,3644860 e 0,4849741). Cos resultados que nos devolve esta función podemos saber que os blogues de autoría individual teñen unha media de uso do galego nos títulos significativamente superior á dos blogues de autoría colectiva.

Nos casos en que os grupos dos que queremos comparar as medias son máis de dous, empregaremos a proba anova unifactorial que calcularemos coa función “oneway.test” do paquete *Stats* (“The R Stats Package”). Coma no caso da proba t de Student cómpre realizarmos previamente a proba de Levene. Por exemplo, se queremos saber o uso do galego nas publicacións dos blogues segundo a área temática, obteríamos o seguinte resultado:

```
>
leveneTest(blogues$Publicacións.Galego~blogues$Área.temática.I)
Levene's Test for Homogeneity of Variance (center = median)
      Df F value    Pr(>F)
group   6  5.1269 3.325e-05 ***
      1065
---
Signif. codes:  0 '***' 0.001 '**' 0.01 '*' 0.05 '.' 0.1 ' ' 1
>
oneway.test(blogues$Publicacións.Galego~blogues$Área.temática.I
, var.equal=F)
      One-way analysis of means (not assuming equal variances)
```

```
data: blogues$Publicacións.Galego and blogues$Área.temática.I
F = 29.155, num df = 6.00, denom df = 257.99, p-value < 2.2e-16
```

A proba de Levene indícanos que as varianzas son distintas, polo que engadimos “var.equal=F” á función “oneway.test”. Esta función devólvenos un valor F (29,155), os graos de liberdade (6 e 257,99) e o valor p ($< 2,2e-16$). Así as cousas, sabemos que existen diferenzas significativas entre as áreas temáticas no uso do galego nas publicacións, mais non sabemos entre que áreas temáticas. Para obtermos este último dato empregaremos a proba HSD de Tukey, que calcularemos coa función “TK.test” do paquete DTK (“Package ‘DTK’”, 2015/02/19):

```
>TK.test(blogues$0.PUBLICACIÓN.S.Galego, blogues$Área.temática.I,
a=0.05)

Tukey multiple comparisons of means
 95% family-wise confidence level

Fit: aov(formula = x ~ f)
$f

```

	diff	lwr	upr	p adj
Actividades transversais-Actividades extraescolares	1.80539106	0.957990685	2.65279143	0.0000000
Artes e Humanidades-Actividades extraescolares	-0.25239666	-1.144892919	0.64009961	0.9812237
Blogue do centro-Actividades extraescolares	1.19928923	0.091593790	2.30698467	0.0239641
Ciencias-Actividades extraescolares	0.50275003	-0.432321215	1.43782127	0.6899945
Ciencias Sociais-Actividades extraescolares	1.07176907	-0.027454664	2.17099280	0.0615332
Outras-Actividades extraescolares	0.47864407	-0.521176553	1.47846469	0.7942874
Artes e Humanidades-Actividades transversais	-2.05778771	-2.564962791	-1.55061263	0.0000000
Blogue do centro-Actividades transversais	-0.60610183	-1.435358222	0.22315457	0.3189716
Ciencias-Actividades transversais	-1.30264103	-1.881463290	-0.72381876	0.0000000
Ciencias Sociais-Actividades transversais	-0.73362199	-1.551527725	0.08428375	0.1125046
Outras-Actividades transversais	-1.32674699	-2.005214567	-0.64827941	0.0000002
Blogue do centro-Artes e Humanidades	1.45168589	0.576398299	2.32697347	0.0000229
Ciencias-Artes e Humanidades	0.75514668	0.112109048	1.39818432	0.0097567
Ciencias Sociais-Artes e Humanidades	1.32416572	0.459624236	2.18870721	0.0001367
Outras-Artes e Humanidades	0.73104072	-0.002975928	1.46505738	0.0517375
Ciencias-Blogue do centro	-0.69653920	-1.615199644	0.22212124	0.2751113
Ciencias Sociais-Blogue do centro	-0.12752016	-1.212818089	0.95777777	0.9998612
Outras-Blogue do centro	-0.72064516	-1.705134904	0.26384458	0.3171341
Ciencias Sociais-Ciencias	0.56901904	-0.339408522	1.47744660	0.5141460
Outras-Ciencias	-0.02410596	-0.809337834	0.76112591	1.0000000
Outras-Ciencias Sociais	-0.59312500	-1.568073039	0.38182304	0.5502903

Esta función devólvenos diversos datos, dos que nos imos fixar na columna *p adj*, en que se indica o valor *p* referente ás diferenzas entre a parella de áreas temáticas correspondentes. Con ese dato podemos comprobar entre que parellas se dan as diferenzas significativas que a proba anova unifactorial detectara de xeito xeral para as áreas temáticas.

Finalmente, empregaremos tamén o **coeficiente de correlación de Pearson** para sabermos se dúas variábeis numéricas están ou non asociadas. Isto sérvenos, por exemplo, para saber se hai unha relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogues e un maior ou menor uso do galego. Empregaremos nestes casos a función “cor.test” do paquete *Stats* (“The R Stats Package”):

```
> cor.test(blogues$Habitantes, blogues$0.PUBLICACIONES.Galego)
      Pearson's product-moment correlation
data:  blogues$Habitantes and blogues$0.PUBLICACIONES.Galego
t = -6.4679, df = 1062, p-value = 1.513e-10
alternative hypothesis: true correlation is not equal to 0
95 percent confidence interval:
 -0.2518294 -0.1361711
sample estimates:
      cor
-0.1946769
```

Esta función devólvenos diversos datos, mais interézanos especialmente o valor *p* (1,513e-10), que nos indica que existe unha relación significativa entre as dúas variábeis, e o coeficiente de correlación (-0,1946769). O coeficiente de correlación é un valor entre -1 (correlación negativa perfecta) e 1 (correlación positiva perfecta) que nos indica a intensidade da relación (canto máis achegada a 0, menos intensa) e a súa dirección (negativa ou positiva) (Hernández & Almeida, 2005: 237). Neste caso o valor negativo indícanos que canto maior é o número de habitantes, menor é o uso do galego e viceversa. Para realizarmos gráficos destes datos empregaremos a función “corrgram” do paquete do mesmo nome (“Package ‘corrgram’”, 2015/07/03), como veremos na epígrafe §3.6.2.

Cómpre indicarmos que, para alén dos manuais e recursos detallados até agora, foron de grande axuda para o desenvolvemento da análise dos datos a realización, total ou parcial, dos cursos *Elementary Statistics*, ofrecido pola San José State University a

través da plataforma de cursos en liña Udacity; *Statistics One*, ofrecido pola Princeton University a través da plataforma Coursera; e *Análisis estadístico con R*, ofrecido pola Universidad Católica de Murcia a través da plataforma MiríadaX.

As persoas lectoras deste traballo poderán acceder á base de datos, que se atopa como anexo a este documento en formato .ods, para comprobaren ou concretaren a información achegada pola análise realizada. A continuación imos expoñer os criterios empregados para a delimitación da mostra de blogues didácticos e os criterios empregados para a delimitación do contido lingüístico analizado.

3.2.2. Delimitación da mostra

Para a realización do presente traballo buscamos blogues didácticos en 433 centros galegos de ensino secundario, a totalidade dos atopados empregando buscador de centros (webcentros) da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2012/2013⁶⁵. Trátase de 252 Institutos de Ensino Secundario públicos e 181 centros privados (o total de centros privados ascendía, para o período estudado, a 252, mais só 181 impartían ensinanzas de secundaria e/ou bacharelato). Dos 433 centros, rexistramos blogues en 308 (71%), mais a porcentaxe de centros públicos con blogues ascende ao 84% (211 centros de 252), mentres que nos centros privados é só de 54% (97 centros de 181). Canto aos niveis educativos, como xa apuntamos, só tivemos en conta os blogues didácticos de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Cómpre termos presente que existen blogues que abranguen todo o centro, como os blogues de centro ou os de actividades transversais, polo que poden ter tamén contidos correspondentes a máis niveis de ensino nalgúns centros (Educación Primaria, Formación Profesional etc.). Este tipo de blogues tamén foron incluídos na mostra, pois aínda que inclúsen máis niveis de ensino dos que nos ocupan, excluílos supoñería excluír unha parte dos blogues dedicados á ESO e ao Bacharelato. No que se refire á demarcación temporal, tivemos en conta só os blogues que tivesen algunha publicación durante o curso 2012/2013, que delimitamos de xeito amplo desde o 1 de setembro de 2012 e o 15 de xullo de 2013 (incluídos). O feito de teren algunha publicación neste período é o criterio que empregamos para incluír ou excluír os blogues na nosa mostra.

65 O número de centros variou lixeiramente desde que realizamos o noso traballo. Ademais algúns deles mudaron o seu nome (a maioría por se converteren en centros plurilingües).

Cando un blogue cumpría os requisitos para ser incluído na mostra, analizamos as súas cinco últimas publicacións, das que tiramos diferentes datos: número de comentarios, lingua(s) en que estaban escritas, frecuencia de actualización do caderno dixital etc. Con todo, nalgúns casos atopamos blogues con actualizacións no curso 2012/2013, mais entre as cinco últimas publicacións analizadas algunha fora publicada antes de setembro do 2012. Consideramos que isto pode achegar datos de interese sobre a frecuencia de actualización dos blogues, polo que decidimos que o criterio de selección dos blogues non operase para a selección das publicacións analizadas. Por exemplo, a entrada máis recente que rexistramos no blogue *PAGINA SARDINIENSIS* é do 27 de novembro de 2012, polo que está dentro do límite temporal para o seleccionarmos, mais a anterior é do 20 de decembro de 2010, é dicir, pasan case dous anos (708 días) entre as dúas publicacións. Consideramos que era importante ter en conta estes datos ao analizarmos a frecuencia de actualización, de aí que establecésemos un límite temporal para a selección dos blogues, mais no caso das publicacións só a máis recente debe estar dentro dese límite temporal, as catro anteriores poden situarse fóra del.

Para chegarmos aos blogues didácticos ligados a cada centro accedemos primeiro á súa páxina web oficial, un dato indicado nalgunhas ocasións no buscador de centros da Consellaría. Con todo, para chegar a elas tivemos que empregar, as máis das veces, un buscador, xa que na ficha da Consellaría non se indicaba o enderezo. Unha vez na páxina web o primeiro que fixemos foi explorar o código fonte (*vid.* §2.2.1.2.2) da páxina principal buscando os termos “blogue”, “blog” e “bitácora”, na procura de ligazóns (externas ou internas) a blogues didácticos. O segundo método de busca consistiu en buscar estes mesmos termos na totalidade do sitio web, empregando no buscador Google a fórmula *termo de busca site:enderezo web* (por exemplo, *blogue site:http://www.edu.xunta.es/centros/iesmelide*). Cómpre apuntarmos que realizamos esta operación sen termos sesión iniciada en ningunha conta de Google, para evitarmos, na medida do posíbel, que a personalización que realiza este buscador interferise nos resultados obtidos⁶⁶. Para alén disto, no caso das webs pertencentes ao Proxecto Webs Dinámicas da Consellaría, realizadas co xestor de información e contidos Drupal,

66 Na actualidade o buscador Google permite seleccionar se queremos visualizar resultados personalizados ou non, mais no momento de recollermos estes datos Google amosaba por defecto os resultados personalizados.

puidemos realizar unha operación máis de busca: engadindo “/blog” ao final do enderezo da páxina principal podemos ver as publicacións dos diferentes blogues existentes na propia web; mentres que engadindo “/sitemap” podemos ver, nos casos en que esta opción está activada, un mapa do sitio web que contén a listaxe de blogues que se inclúen nel (con estes método detectamos só blogues internos, isto é, aloxados na propia páxina do centro). Cómpre ter en conta que, nalgúns casos, podemos chegar a un mesmo blogue por varias vías, polo que realizamos sempre as operacións seguindo a orde en que as expuxemos (primeiro buscamos no código fonte da páxina de inicio, despois buscamos en Google e finalmente recorremos a engadir “/blog” ou “/sitemap” para obtermos máis resultados nas páxinas realizadas con Drupal). No punto dedicado á visibilidade dos blogues afondaremos máis nesta cuestión (*vid.* §3.3.5). Con este método obtivemos unha mostra importante de blogues didácticos, que probabelmente non diste moito do total de blogues didácticos existentes no momento de realizarmos a recolla de datos. Resumimos os criterios de delimitación na seguinte tabela:

	Total	Con blogues	Tipos de centro	Total	Con blogues
Centros analizados	433	308	Públicos	252	211
			Privados	181	97
Niveis educativos	ESO e Bacharelato				
Período temporal	01/09/2012 - 15/07/2013				
Forma de localización	Páxina dos centros		Páxina de inicio		
			Busca en Google		
			Busca no mapa e/ou na listaxe de blogues do sitio		

Tabela 6: Delimitación da mostra de blogues didácticos

A continuación amosamos as principais características da nosa mostra. Cómpre apuntar que obtivemos unha gran cantidade de datos que pode ser estudada desde múltiples enfoques. A análise que aquí presentamos pretende debuxar un panorama dos usos lingüísticos dos blogues estudados, así como das variábeis non lingüísticas que poden estar a condicionar eses usos, mais non esgota todas as posibilidades de explotación da base de datos. Tendo en conta isto, facilitamos o acceso en formato electrónico á base de datos elaborada durante a recompilación da información sobre os blogues, coa finalidade de que as persoas lectoras poidan consultar información máis concreta se o desexaren, así como comprobaren os datos aquí expostos (*vid.* Anexo IV. Base de datos de blogues e base de datos de respostas á enquisa).

3.2.3. Delimitación do contido lingüístico

As variábeis lingüísticas que tivemos en conta son a lingua do título dos blogues, a lingua das publicacións e mais a lingua do contido automático. Cómpre apuntarmos que neste traballo imos empregar o termo “opción lingüística” non como sinónimo de “lingua”, senón que como termo xenérico para nos referir a todas as linguas e combinacións lingüísticas que detectamos, xa que non é infrecuente que o título, as publicacións ou o contido automático estean escritos en máis dunha lingua. Para alén disto, tamén existe contido para o que non podemos determinar con exactitude a lingua en que está escrito, como é o caso do contido ambiguo entre dúas linguas, que tamén incluiremos baixo a etiqueta xenérica de “opción lingüística”, aínda que neste caso o máis probábel é que non se trate dunha opción lingüística consciente por parte da persoa que o escribiu, senón que é unha etiqueta que se debe á escasa información con que contamos neses casos, que non nos permite concretar máis a lingua de que se trata⁶⁷. Con todo, antes de iniciarmos a análise dos datos que obtivemos cómpre delimitarmos que entendemos por título, por publicación e por contido automático.

3.2.3.1.1. Delimitación do título

O título é o nome con que se identifica cada caderno dixital, mais onde localizamos o título? A priori pode parecer doado, xa que a maioría dos blogues teñen o seu título na parte superior destacado dalgún xeito (xeralmente cun tamaño de fonte maior que o do resto dos contidos do blogue), mais podemos atopar casos en que isto non é así. Que acontece se o título non está explicitado no blogue, ou se non estamos seguras de que contido forma parte do título e cal non? Imos ver un exemplo para aclararmos isto:

67 Mantivemos os contidos lingüísticos ambiguos na análise dos datos coa finalidade de vermos se podiamos obter algún dato de interese canto á existencia ou non deste tipo de contidos ao cruzarmos as variábeis lingüísticas coas non lingüísticas. Veremos na epígrafe §3.6.4.1.2 que si obtivemos algún dato de interese neste sentido.



Ilustración 13: Cabeceira dun dos blogues da mostra

Nesta captura da cabeceira dun dos blogues da mostra observamos dous fragmentos de texto, “Cova da moura” e “Biblioturonia”, que poderían ser o título do caderno dixital. Poderíamos escoller só o primeiro, ou só o segundo, ou os dous... Con todo, consideramos que é máis acertado acudir a outro recurso: se inspeccionamos o código fonte do blogue (vid. §2.2.1.2.2) podemos atopar o fragmento de texto <title>Cova Da Moura</title>, que define o título do documento HTML. Un xeito máis doado de acceder ao título do documento HTML, sen termos que percorrer o código fonte, é, empregando o navegador Mozilla Firefox, premermos no botón esquerdo do rato e seleccionar a opción *Ver a información da páxina*, acción que abrirá unha xanela coma a seguinte:



Ilustración 14: Información da páxina Cova Da Moura

O primeiro que vemos nesta xanela é o título do documento en letra grosa seguido de dous puntos, e é este texto o que imos rexistrar como título do blogue na nosa base de datos (sen os dous puntos). Para alén disto, nesta xanela tamén podemos ver

información útil coma a data da última actualización (“Modificada:”), as páxinas que visitamos dentro dela anteriormente (“URL referente”), ou accedermos á súa fonte de actualizacións se prememos na opción fontes no menú superior. Cómpre termos en conta que é posíbel que no código fonte da páxina vexamos os caracteres especiais mal codificados, algo que non acontece se consultamos a información da páxina, o que pode causar a falsa impresión de que existen diferenzas en canto ao título nas dúas fontes. Por exemplo, no código fonte dun dos nosos blogues atopamos que o título é *POBRALOGY » Science in English from IES A Pobra*, mais se consultamos a información da páxina leremos *POBRALOGY ” Science in English from IES A Pobra*. Trátase do mesmo título, só que no primeiro caso vemos unha codificación do símbolo <”>, e no segundo vemos directamente o símbolo (HTML Codes). Nestes casos tomaremos como título a segunda opción. Por outra banda, se volvemos revisar a cabeceira do blogue *Cova Da Moura* comprobamos que aínda hai máis texto nela pois, para alén do menú de navegación, tamén podemos ler ““Cova da Moura”. Club de lectura de Biblioturonia. IES terra de Turonio”. Trátase dun texto que describe o blogue dun xeito un pouco máis amplo que o título. Decidimos non ter en conta estas descrições, xa que a lingua en que están escritas é case sempre a mesma que a do título, polo que supoñería aumentar o volume de traballo na recolla de datos para obtermos información redundante na maioría dos casos. Para alén disto, non todos os blogues conteñen unha descripción.

3.2.3.1.2. Delimitación das publicacións

A variábel lingüística máis interesante para o noso traballo é a da lingua das entradas ou publicacións, xa que xeralmente conteñen textos de certa extensión que permiten unha mellor análise lingüística. A curta extensión dos títulos fai que en moitas ocasións non poidamos determinar a lingua en que se atopan por ser ambigua (normalmente entre español e galego), algo que nas publicacións non ocorre con tanta frecuencia (*vid.* §3.2.3.1.1). Con todo, cómpre delimitarmos con exactitude cal é o contido das publicacións que temos en conta para xulgarmos a lingua en que están escritas. O noso obxectivo é analizar a lingua en que escriben as persoas administradoras dos blogues, polo que o noso obxecto de análise ten que ser o contido que sexa elaborado por elas. Dentro deste contido entra o título e mais o corpo das publicacións. Aínda que poida parecer unha tarefa doada, cómpre estarmos atentas, pois non sempre está elaborado (na

súa totalidade ou en parte) pola persoa administradora do caderno dixital. Por exemplo, non teremos en conta para a nosa análise os nomes propios, pois que unha publicación en galego inclúa un nome propio en inglés non quere dicir que a persoa que a redactou estea a combinar galego e inglés. Por outra banda, é posíbel que se insira contido externo que xere texto automaticamente, como acontece no seguinte exemplo:



The image shows a screenshot of a blog post. At the top, there is a header with the text "Na 'Inmaculada' de Pontareas" and "Conoce os nosos proxectos para a defensa do medio ambiente." To the right of the header is a logo for "VOZ & NATURA" with a green leaf design. Below the header, the main title of the post is "Más videos educativos" in a large blue font. Underneath the title, it says "Escrito por chusmp" and "8 de noviembre de 2012 a las 19:28h". There is a small profile picture icon to the left of the author information. Below the author information, it says "embedded by [Embedded Video](#)". The main content of the post is an embedded video player. The video player has a title "Leopoldo Abadía y la estafa de Madoff" and "from Manuel Alonso". The video frame shows two men in suits standing in front of a chalkboard. The chalkboard has some mathematical equations written on it, including $234 \times 100 = 23400$ and 20% . The video player interface includes a play button, a progress bar showing 09:46, and the Vimeo logo.

Ilustración 15: Exemplo de publicación con contido incrustado ("Más videos educativos")

Non tivemos en conta para a nosa avaliación lingüística contidos incrustados coma vídeos (aloxados en YouTube, Vimeo etc.), presentacións (hospedadas, por exemplo, en SlideShare) ou documentos (procedentes, por exemplo, de Scribd ou Issuu). Nalgúns casos estes contidos poden estar elaborados pola persoa administradora do blogue, mais non é doado determinalo con seguridade e, para alén disto, a incrustación de contidos pode implicar a xeración de texto automático por parte da aplicación que os incrusta. Na captura anterior observamos que a publicación está composta dun título en español e

que o seu contido é un vídeo externo de autoría diferente á do blogue (é un fragmento dun programa de televisión), hospedado en Vimeo e incrustado nela empregando a aplicación Embedded Video, que non só permite que vexamos o vídeo na propia publicación, senón que tamén introduce de xeito automático o texto “embedded by Embedded Video” (isto é, “incrustado por Embedded Video”). Así as cousas, se queremos analizar a lingua que empregan as persoas administradoras dos blogues, consideramos que indicar que nesta publicación se combina o español do título co inglés deste fragmento de texto sería enganoso, pois o contido en inglés non está elaborado pola persoa administradora do blogue. Pola mesma razón tampouco temos en conta o contido textual das imaxes inseridas nas publicacións, xa que poden ser da autoría das persoas administradoras do blogue ou non. Velaquí un exemplo:



Ilustración 16: Fragmento dunha publicación do blogue ANPA RÍO CABE (“blog-post 21”)

Esta publicación non ten título, e conta con contido só en formato imaxe⁶⁸. Estas imaxes conteñen texto, mais este texto non foi redactado pola persoa administradora do blogue,

⁶⁸ Ao non ter título, asignámoslle o texto *blog-post 21* para citala, xa que é como aparece identificada no URL permanente.

senón que pertence a un folleto editado pola Asociación - Sociopedagóxica Galega en colaboración coa Deputación de Lugo.

Tamén é posíbel que non exista texto que analizar, como acontece na seguinte publicación:



Ilustración 17: Exemplo de publicación sen contido suficiente para sabermos en que lingua está escrita (“blog-post 29”)

Na publicación desta captura non existe ningún texto que poidamos analizar para determinarmos en que lingua escribe a persoa que a elaborou, pois a actualización só se compón dunha imaxe e o texto que podemos ver na parte superior (data) e na parte inferior (autoría, hora de publicación, opcións para compartir nas redes sociais) están xerados automaticamente polo CMS do caderno dixital (Blogger), isto é, é o que nós denominamos contido automático (*vid.* §3.2.3.1.3). Outros casos en que o contido é

insuficiente para determinarmos a lingua son os nomes propios e mais as citas de textos alleos. Neste último caso non debemos confundir as citas con colaboracións: unha cita sería, por exemplo, a reprodución dun texto literario alleo, como acontece cunha publicación do blogue *nuestra biblioteca* do CPR Plurilingüe El Castro, que non ten título e ten no corpo o poema “Abril venía, lleno” de Juan Ramón Jiménez, indicando a autoría e o libro en que se atopa, mais sen ningún contido máis elaborado por parte da persoa administradora do blogue (“Abril venía, lleno”). Pola contra, un texto dunha persoa pertencente á comunidade educativa que non é a editora habitual do blogue sería unha colaboración (como é o caso, por exemplo, da publicación “Carta dunha nai” do blogue *As Mariñas*). Neste último caso si temos en conta a lingua da publicación, xa que o contido é xerado dentro da comunidade educativa, aínda que non sexa a persoa administradora habitual do blogue quen o escribe (tamén distinguiremos entre blogues de autoría individual e colectiva (*vid.* §3.3.8.4)). Nos casos en que carecemos de contido suficiente para determinar a lingua das publicacións enchemos este dato coa etiqueta “Sen contido suficiente”, mais sempre tivemos en conta estas publicacións, pois de non facelo estaríamos a falsear os datos de frecuencia de actualización.

Tamén nos debemos referir ás hiperligazóns, pois existen casos en que o texto que contén a hiperligazón está motivado polo contido a que liga (imaxinemos un texto en español que liga a un contido en español mais que está dentro dunha publicación en galego). Con todo, este texto é modificábel, polo que aínda que exista unha certa motivación externa, decidimos ter tamén en conta a lingua en que está escrito, xa que é unha decisión da persoa que elaborou a publicación. Un caso diferente é cando o texto da hiperligazón coincide co enderezo URL, isto é, cando se pega o enderezo URL a que se liga. Neste caso, aínda que exista texto no enderezo en que se poida identificar algunha lingua, o texto non é elaborado pola persoa que elabora a publicación, polo que non o teremos en conta.

Cómpre indicarmos que non analizamos por separado o título e corpo das publicacións porque axiña nos decatamos de que os usos lingüísticos adoitan ser os mesmos no título e no corpo da gran maioría das publicacións. Isto aumentaría o volume de traballo ao elaborarmos a nosa base de datos, mais obteríamos maioritariamente información redundante. Para alén disto, veremos como a porcentaxe de publicacións en que se combinan varias linguas é moi reducida (*vid.* §3.5). Algo semellante acontece tamén

coas etiquetas e as categorías das publicacións (*vid.* §), un texto que decidimos non ter en conta non só por ser redundante na maioría dos casos, senón tamén porque adoitan ser fragmentos moi curtos que presentan ambigüidade (especialmente entre español e galego), polo que estaríamos de novo perante un aumento do volume de traballo que non achegaría información nova á nosa base de datos.

3.2.3.1.3. Delimitación do contido automático

Denominamos contido automático a todo aquel contido textual que é xerado automaticamente polo CMS empregado para elaborar o caderno dixital. O texto que forma parte do contido automático adoita ser a data de publicación, as ligazóns a publicacións anteriores, posteriores ou á páxina principal e outros contidos opcionais coma o arquivo do blogue, buscadores internos etc, para os que a persoa administradora só pode elixir certos parámetros coma a lingua ou o lugar en que se amosan certos contidos. Para a nosa análise ímonos centrar no contido automático que aparece arredor de cada publicación (data, hora, indicacións de autoría, formulario de comentarios etc.), pois é o contido máis visíbel e o que está presente en todos os blogs. Termos en conta outros contidos automáticos opcionais (bloques de contidos coma o arquivo do blogue, a nube de etiquetas etc.) suporía un traballo adicional que non nos achegaría información nova, pois a lingua é a mesma para todo o contido automático.

Resumimos na seguinte tabela os criterios que vimos de detallar sobre os fragmentos textuais que incluímos e excluimos á hora de analizar os usos lingüísticos nas tres variábeis que imos estudar (título do blogue, publicacións e contido automático):

Tipo de contido	Analizado	Non analizado
Título	Texto entre as etiquetas <title></title> do código fonte.	<ul style="list-style-type: none"> • Outro texto destacado na cabeceira do blogue (descricións etc.). • Nomes propios
Publicacións	Contido elaborado pola(s) persoa(s) administradora(s) do blogue: <ul style="list-style-type: none"> • Título. • Corpo da publicación. • Texto modificábel motivado por contido externo. • Colaboracións puntuais de membros da comunidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Nomes propios • Contido non elaborado pola(s) persoa(s) administradora(s) do blogue <ul style="list-style-type: none"> ◦ Contido incrustado (vídeos, presentacións, documentos, imaxes etc.). ◦ Contido xerado

Tipo de contido	Analizado	Non analizado
	educativa. <ul style="list-style-type: none"> • Texto que liga a outros contidos (agás enderezos URL). 	automaticamente por aplicacións internas ou externas. <ul style="list-style-type: none"> ○ Enderezos URL. ○ Citas. ○ Etiquetas. ○ Categorías.
Contido automático	Contido xerado automaticamente polo CMS arredor de cada publicación: <ul style="list-style-type: none"> • Data. • Indicacións de autoría (mais non o nome do autor/a). • Indicacións sobre as etiquetas ou as categorías (mais non as etiquetas e as categorías). • Ligazóns ás publicacións anteriores ou posteriores. • Texto do formulario de comentarios. 	Contido automático do CMS non directamente vinculado coas publicacións: <ul style="list-style-type: none"> • Módulos do CMS (arquivo, nube de etiquetas, ligazóns etc. • Contido incrustado desde fontes externas.

Tabela 7: Resumo dos criterios empregados para delimitar o contido textual analizado nos blogs da mostra

3.2.3.1.4. Exemplos comentados

Para deixarmos o máis claro posíbel o texto que analizamos e o que non, a continuación imos exemplificar os tipos de contido que vimos de explicar en tres blogs diferentes feitos cos tres principais CMS rexistrados na nosa mostra: Blogger, WordPress e Drupal (*vid.* §3.3.7). A continuación amosamos as capturas dos tres blogs, para comentármolas despois:

debuxando Sons

Pola non supresión do BAEMD

[Change.org](#) | Iniciar una Petición en línea

Porque a música estea presente en todo o sistema educativo

[Change.org](#) | Haz tu propia petición

Pola non supresión do bacharelato de Música, Danza e Artes Escénicas

[Change.org](#) | El Sitio de peticiones probadas eficacias

Seguidores

Participar en este Google Friend Connect

Miembros (10)

¿Ya eres miembro? [Iniciar sesión](#)

Archivo del blog

- ▶ 2014 (18)
- ▼ 2013 (44)
 - ▶ diciembre (1)
 - ▶ noviembre (6)
 - ▶ octubre (3)
 - ▶ septiembre (2)
 - ▼ junio (9)
 - O coelliño branco
 - El Soldadito de plomo

domingo, 23 de junio de 2013

O coelliño branco

O conto sonoro de "O coelliño Branco" por si non coñeces o conto é de Xose Ballesteros e esta editado por kalandraka, espero que vos guste !!

Lorena

O coelliño br...

Publicado por [Lorena](#) en 10:03

Etiquetas: [contos sonorizados](#), [Traballos alumnos](#)

No hay comentarios:

Publicar un comentario en la entrada

Introduce tu comentario...

Comentar como: Salir

Publicar
Vista previa
 Avisarme

[Página principal](#)
[Entrada antigua](#)

Buscar este blog

Etiquetas

- [podcasts](#) (22)
- [solfexo](#) (22)
- Traballos**
- [alumnos](#) (20)
- [timbre](#) (16)
- [LPM](#) (12)
- [instrumentos](#) (12)
- [miscelanea](#) (12)
- [miscelánea](#) (12)
- [Audacity](#) (10)
- [lecturas](#) (10)
- [noteflight](#) (9)
- [vídeos](#) (9)
- [actividades](#) (8)
- [soundscapes](#) (7)
- [bacharelato](#) (6)
- [Fernando Palacios](#) (5)
- [ritmo](#) (5)
- [tarefas](#) (5)
- [actuacións](#) (4)
- [audicións](#) (4)
- [dictados musicais](#) (4)
- [editor de partituras](#) (4)
- [instrumentos de percusión](#) (4)
- [lectura](#) (4)
- [paisaxes sonoras](#) (4)
- [profesións](#) (4)
- [programa de radio](#) (4)
- [Notación](#) (3)
- [Sonido y Oído](#) (3)
- [concerto](#) (3)
- [enlaces](#) (3)
- [concertos](#) (3)
- [enlaces](#) (3)
- [forma tripartita](#) (3)
- [instrumentos de viento](#) (3)
- [música que nos gusta](#) (3)
- [novas](#) (3)
- [orquestra](#) (3)
- [rap](#) (3)
- [recursos](#) (3)
- [Carlos](#) (2)
- [Fernanda](#) (2)
- [LOMCE](#) (2)
- [Música e imaxe](#) (2)
- [Nadal](#) (2)
- [Raquel](#) (2)
- [Santa Iclia](#) (2)
- [Yvonne](#) (2)
- [anuncios](#) (2)
- [ballet](#) (2)
- [contos sonorizados](#) (2)
- [corda](#) (2)
- [cultura audiovisual](#) (2)
- [el oído atento](#) (2)
- [ensayo](#) (2)
- [humor](#) (2)
- [instrumentos de corda](#) (2)
- [musescore](#) (2)
- [más artísticas](#) (2)
- [música animada](#) (2)
- [proxectos](#) (2)
- [spotify](#) (2)
- [viento-madeira](#) (2)
- [viento-metal](#) (2)
- [Adrián](#) (1)
- [Antroido](#) (1)
- [COAEM](#) (1)
- [Chaikovskiy](#) (1)
- [Compostela](#) (1)
- [Código](#) (1)
- [Cofreiros](#) (1)
- [Dalia](#) (1)
- [Eras...](#) (1)

Título

Contido da publicación

Contido automático arredor da publicación

Outro contido editábel

Outro contido automático

Ilustración 18: Tipos de contidos textuais nun blogue feito con Blogger ("O coelliño branco")

ANPA IES CACHEIRAS
Asociación de pais e nais de alumnos/as do IES de Cacheiras, Teo

ELEMENTO DO MENU:

[← Convocatoria de axudas para a compra de libros](#) [Paradas bus →](#)

Datas de recollida e reparto dos libros
Publicado o [Xuño 20, 2013](#) | [Deixar un comentario](#)

Informámosvos das datas de recollida e reparto dos libros:
Recollida dos libros deste curso: mércores **26** e xoves **27** no Instituto entre as 5 e as 8 da tarde.
Reparto dos libros do próximo curso: luns **1** e martes **2** de xullo no Instituto entre as 5 e as 8 da tarde.

Lembrámosvos que na entrada do Instituto hai unha caixa de recollida do banco municipal de alimentos, animádevos e colaborade.

SHARE THIS:

Be the first to like this.

RELACIONADO

BANCO DE LIBROS DA ANPA DO IES DE CACHEIRAS	Banco de libros: recollida	PROXECTO DE BANCO DE LIBROS NO IES DE CAHEIRAS
---	--	--

Esta entrada foi publicada en: [Uncategorized](#); [Ligazón permanente](#)

ARTIGOS RECENTES

- El Banco de Libros del ANPA en la prensa
- Banco de libros: recollida
- Axudas compra libros de texto
- Convocatoria de novas protestas polo horario do transporte
- A nosa protesta contra os horarios do transporte nos medios de comunicación

ARQUIVO:

- Xullo 2014
- Xuño 2014
- Maio 2014
- Marzo 2014
- Febreiro 2014
- Decembro 2013
- Novembro 2013
- Outubro 2013
- Setembro 2013
- Xuño 2013
- Maio 2013
- Abril 2013
- Marzo 2013
- Febreiro 2013
- Novembro 2012
- Outubro 2012
- Xuño 2012
- Maio 2012
- Xaneiro 2012

Legend:

- Título
- Contido da publicación
- Contido automático arredor da publicación
- Outro contido editábel
- Outro contido automático

Ilustración 19: Tipos de contidos textuais nun blogue feito con WordPress ("Datos de recollida e reparto dos libros")

CPR Sagrado Corazón
Promovemos a cultura do esforzo e da superación

Comedor Galería

Iniciar sesión: Acceso

O Centro

- Localización
- Dependencias
- Profesorado
- Secretaría

Alumnado

- Concurso Literario Escolar
- Deporte Escolar

Pais/Nais

- Actividades
- APA
- Horario de atención
- Novas
- Páxinas didácticas

Biblioteca

- BLOG DA BIBLIOTECA DO COLE
- Recomendámosche

Navegación

- Comedor
- Galería

LIBROS DE TEXTO CURSO 2013/2014

https://drive.google.com/folderview?id=0B0XG_e_GI_mmNXlxbkltLW5OZmc&usp=...

Eventos

Agosto 2014

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
					1	2
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Actividades

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Secundaria
- Extraescolares
- Halloween
- Taller de Gárgolas
- Taller de Cociña Infantil
- Festival Nadal
- Magosto
- Cultura Castrexa (Curso 2012-2013)
- Clases sen fume

Departamentos

- Ciencias
- Educación física
- Lingua e literatura castelá
- Linguas estranxeiras
- Matemáticas
- Orientación

Inicio » Blogues » [blogue de admin](#)

Feito con Drupal (ver. 5.7)
© Xunta de Galicia - Consellería de Educación

Legend:

- Título
- Contido da publicación
- Contido automático arredor da publicación
- Outro contido editábel?

Ilustración 20: Tipos de contidos textuais nun blogue feito con Drupal ("LIBROS DE TEXTO CURSO 2013/2014")

Cómpre puntualizarmos que imos explicar os diferentes tipos de contido que atopamos nestes tres exemplos por considerármolos representativos dos tres CMS máis empregados para administrar os blogues da nosa mostra. Con todo, o que aquí describamos pode mudar se empregamos versións e/ou deseños diferentes, ou se a persoa administradora ten os coñecementos suficientes para realizar modificacións máis complexas.

3.2.3.1.4.1. Contido do título

En azul distinguimos o título, isto é, texto coincidente co título do documento HTML do caderno dixital. Podemos observar que tanto en Blogger coma en WordPress é un texto que aparece destacado na parte superior da páxina, mais en Drupal non aparece nesta posición, senón que aparece na parte inferior. Neste caso que vemos na parte superior non é o título do blogue, senón o título da páxina en que se insire, que é a páxina do centro (*CPR Sagrado Corazón*). Así as cousas, os blogues da nosa mostra que están feitos con Drupal son sempre unha subpáxina dentro da páxina oficial do seu centro, de

aí que na parte inferior poidamos ver reflectida esta xerarquía: a publicación capturada está dentro do *blogue deadmin*, que está dentro da categoría *Blogues* que á súa vez é xerarquicamente inferior a *Inicio*. Con todo, o título reflectido na nosa base de datos neste caso (e noutros semellantes) non é só *blogue deadmin*, senón *blogue deadmin | CPR Sagrado Corazón*, que é o título completo do documento HTML e que reflecte o *blogue* está dentro da páxina *CPR Sagrado Corazón*, polo o que na ilustración está sinalado en azul como título é, en realidade, só unha parte do título. Ademais sería moi confuso seleccionarmos só *blogue deadmin* como título, pois existen moitos *blogues* con este título nos diferentes centros que contan con páxinas feitas con Drupal, xa que é o nome por defecto que o CMS lle achega ao caderno dixital da persoa administradora da páxina. Se prememos sobre *blogue deadmin* seremos enviadas ao enderezo “centros.edu.xunta.es/cprsagradocorazon/?q=blog/2”, que é o que ten como título *blogue deadmin | CPR Sagrado Corazón*, mais ao premermos no título de calquera das súas publicacións envíasenos a unha páxina que ten como título o título da publicación, non o do *blogue*, e só se reflecte na parte inferior o *blogue* a que pertence. Isto pode mudar noutras versións de Drupal e/ou empregando outros deseños. Con todo, isto non difire moito do que acontece en Blogger e en WordPress, pois ao premermos no título dunha publicación accedemos a unha páxina cun título diferente do da páxina principal do *blogue*: o título da páxina capturada para exemplificar o contido textual en Blogger é “debuxando Sons: O coelliño branco”, mentres que no caso do exemplo de WordPress o título é “Datos de recollida e reparto dos libros | ANPA IES CACHEIRAS”. No primeiro caso o título da páxina da publicación componse do título do *blogue* separado por dous puntos do título da publicación; mentres que no segundo primeiro sinálase o título da publicación e sepárase cunha barra vertical do título do *blogue*. No exemplo de Drupal o título é “LIBROS DE TEXTO CURSO 2013/2014 | CPR Sagrado Corazón”, isto é, o título da publicación separado por unha barra vertical do título da páxina principal a que pertence ou, o que é o mesmo, non se reflecte o título do caderno dixital a que pertence no título do documento HTML, aínda que si aparece reflectido na xerarquía indicada na parte inferior da páxina. En resumo, a diferenza entre Drupal, por unha parte, e Blogger e WordPress, por outra, son os niveis de xerarquía: nos tres casos se mantén o título da páxina principal na cabeceira das publicacións do *blogue*, mais no caso de Drupal a páxina principal é a do centro, a do *blogue* é unha subpáxina. Na nosa análise só imos

ter en conta para determinarmos a opción lingüística do título o contido marcado en azul nas tres capturas anteriores.

3.2.3.1.4.2. Contido das publicacións

As liñas de puntos en verde máis claro delimitan o contido das publicacións que temos en conta para delimitarmos a lingua en que están escritas. No caso do exemplo de Blogger componse do título da publicación e mais do seu contido textual, mais queda fóra un arquivo de son inserido nela e unha imaxe que tamén contén texto, en coherencia co que explicamos anteriormente (*vid.* §3.2.3.1.2). No caso do exemplo de WordPress o contido da publicación tamén se compón do título e mais do texto, mais neste caso non son dous fragmentos consecutivos. Finalmente, no caso de Drupal incluímos o título da publicación, pois o corpo da publicación componse dun enderezo URL que, como indicamos, non temos en conta para determinar a lingua da publicación, pois no caso de conter fragmentos en que identificar unha lingua concreta, trátase de contido non elaborado pola persoa administradora do blogue (*vid.* §3.2.3.1.2). Nesa mesma columna tamén marcamos en verde escuro o texto “Archivo del blog”, trátase do título dun blogue de contidos en que se resumen as publicacións do blogue ordenadas por datas. En Blogger o título deste blogue de contidos pódese modificar, mais o texto das datas non. O mesmo acontece na columna da dereita co texto “Buscar en este blog”, modificábel, fronte ao texto do botón de busca “Buscar”, que non se pode modificar. Nesta mesma columna tamén está delimitado en verde escuro todo o contido do bloque titulado “Etiquetas”. Neste caso o título é modificábel e o contido xérase automaticamente a partir das etiquetas que lle foron asignadas a cada publicación. Non se poden modificar as etiquetas dentro deste bloque de contidos, mais si é decisión da persoa administradora que etiquetas lle asigna a cada publicación (que son as que compoñen este bloque xerado automaticamente, de aí que as sinalásemos como “Outro contido editábel”). Nesta publicación en concreto temos como etiquetas os textos “contos sonorizados” e “Traballos alumnos”. Finalmente, dentro desta categoría está tamén o nome da persoa que publica a actualización, neste caso “irene”. Este nome é elixido pola persoa administradora / colaboradora e insírese automaticamente en cada unha das actualizacións que publica. No caso do exemplo de WordPress, atopamos en verde escuro o título do bloque de contidos “Arquivo”, equivalente ao arquivo do blogue de Blogger e tamén editábel no CMS, ademais do blogue de contidos “Artigos

recentes”. Este bloque ten un título editábel e nel xérase unha listaxe co título das publicacións máis recentes e con ligazón a elas. Aínda que esta listaxe se xere e actualice automaticamente, o título das publicacións que contén foi escrito pola persoa ou persoas administradoras do caderno dixital. Por outra banda, na parte superior tamén está delimitado en verde escuro o texto “Convocatoria de axudas para a compra de libros”, que é o título e a ligazón á actualización anterior á actual, e o texto “Paradas bus”, que é o título e a ligazón a actualización inmediatamente máis recente. Na parte inferior atopamos o texto “BANCO DE LIBROS DA ANPA DO IES DE CACHEIRAS”, “Banco de libros: recollida” e “PROXECTO DE BANCO DE LIBROS NO IES DE CAHEIRAS”, que non é máis que o título de tres publicacións relacionadas coa actual, por tanto, contido elaborado tamén pola quen administra o blogue. Tamén marcamos en verde escuro o nome da categoría “Uncategorized” (“Sen categoría”), trátase dunha categoría introducida por defecto de WordPress, mais que pode ser modificada ou eliminada. Finalmente, non sinalamos texto ningún deste tipo en Drupal, mais delimitamos en maxenta o texto “admin”, o nome de perfil de quen publica nese blogue, que coincide con parte do título. Trátase do nome por defecto da persoa administradora da páxina. Non estamos seguras se na versión de Drupal empregada polos centros galegos se pode mudar este nome (para o sabermos teríamos que ter acceso á administración dunha destas páxinas). Os blogues internos das páxinas dos centros feitas con Drupal están numerados, de xeito que se lle engadimos ao enderezo URL “?q=blog/1” accedemos xeralmente a un blogue que ten por título “blogue dewebmaster” (blogue da persoa que mantén o sitio) e se engadimos “?q=blog/2” accedemos ao “blogue deadmin” (blogue da persoa administradora). A partir do número 3 comezan os blogues con outros nomes de persoa usuaria. Con todo, aínda que o nome de “admin” para a persoa administradora do blogue non se puidese mudar, sempre podería crear un perfil cun nome diferente. En calquera caso, á hora de analizarmos as publicacións imos ter en conta o tipo de contidos que están sinalados en verde máis claro nas capturas anteriores.

3.2.3.1.4.3. Contido do contido automático

Finalmente, en vermello sinalamos o texto xerado automaticamente polo CMS, no que a persoa usuaria pode intervir dun xeito limitado (elixindo a lingua, a posición e o

formato de determinado contido etc.). No exemplo de Blogger sinalamos como contido automático a data, o texto do formulario de comentarios, o texto “Publicado por” e mais a hora e “Etiquetas”. Trátase do contido automático arredor da publicación, mentres que en laranxa sinalamos outro contido non modificábel mais que non aparece arredor da publicación: o texto do arquivo do blogue, o bloque de persoas seguidoras do blogue ou o texto dos tres primeiros bloques de contido da columna da esquerda, que parece xerado ou copiado e pegado desde o sitio Change.org. Tamén entra neste grupo o texto “Buscar” do botón da caixa de busca. No exemplo de WordPress sinalamos en vermello a data, as opcións para compartir o contido en redes sociais, o texto en que se indica a categoría en que se publicou a actualización, o texto que liga á ligazón permanente e mais o formulario de comentarios. En laranxa atópase o texto do blogue de contido “Arquivo do blogue” e o texto “Buscar” do botón da caixa de busca. No exemplo de Drupal sinalamos en vermello o texto da data e a hora “Enviado por admin en Mar, 06/25/2013 - 10:15” e “APIs de Blogue”, que é o nome do módulo de Drupal que permite publicar contido en forma de caderno dixital. Para a nosa análise teremos en conta, como indicamos, o contido automático xerado arredor das publicacións, isto é, o marcado en vermello nas tres capturas anteriores.

Con estes tres exemplos pretendemos clarificar os tipos de contidos textuais que tivemos en conta para a análise lingüística dos blogues da nosa mostra, mais insistimos en que as diferentes versións e/ou deseños de cada un destes CMS poden facer mudar o que explicamos para estes blogues. Con todo, consideramos que estes tres exemplos serven para termos unha idea global dos tipos de contido que podemos atopar nun blogue.

3.3. Descrición da mostra

En primeiro lugar imos describir de xeito global as variábeis non lingüísticas que tivemos en conta para analizar a nosa base de datos de blogues didácticos do ensino secundario galego. Esta primeira parte pretende ser unha introdución ao cerne do noso traballo: a análise dos datos lingüísticos. Estructuraremos esta análise en tres apartados, de menor a maior complexidade: descrición das tres variábeis lingüísticas (*vid.* §3.4), relacións entre as tres variábeis lingüísticas (*vid.* §3.5) e, finalmente, o cruzamento entre

variábeis lingüísticas e non lingüísticas (*vid.* §3.6), para vermos que variábeis non lingüísticas poden ter relación cos usos lingüísticos que detectamos nos blogues.

Como xa indicamos, para a realización do presente traballo buscamos blogues didácticos en 433 centros galegos de ensino secundario, a totalidade dos que incluía o buscador de centros webcentros da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2012/2013. Con todo, só atopamos blogues en 308 centros. Nestes 308 centros, os blogues que cumprían as condicións que vimos de expoñer ao explicarmos a delimitación da mostra suman un total de 1072. Así as cousas, a nosa mostra consta de 1072 blogues didácticos procedentes de 308 centros de ensino secundario galegos, están ligados a materias e actividades da ESO e do Bacharelato, teñen algunha publicación durante o curso 2012/2013 e son accesíbeis por algún dos métodos de procura que describimos no punto anterior.

3.3.1. Tipos de centro de que proceden os blogues

Dos 433 centros en que se impartía ensino secundario no curso 2012/2013 252 eran públicos e 181 privados. Como indicamos, ao realizamos a nosa procura atopamos blogues en 308 dos 433 centros ou, o que é o mesmo, no 71% do total dos centros de ensino secundario galegos. Con todo, cómpre remarcar a diferenza entre os centros de ensino públicos e os privados: mentres que nos primeiros os centros con blogues ascenden ao 84% (211 centros), nos segundos só atopamos esta ferramenta didáctica no 54% (97 centros). Por outra banda, o 71% dos 1072 blogues proceden de centros públicos e o 29% de centros privados:




Gráfico 33: Tipos de centro de que proceden os blogues da mostra

3.3.2. Número de habitantes

Os blogues da mostra proceden de centros que se atopan en 116 concellos diferentes. Seguindo a metodoloxía empregada polo Instituto Galego de Estatística (IGE, 2011) podemos clasificar os concellos galegos en cinco estratos diferentes segundo o seu número de habitantes:

- Estrato 0: concellos autorrepresentados (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol, Vigo).
- Estrato 1: concellos de máis de 20 000 habitantes.
- Estrato 2: concellos de 15 000 a 20 000 habitantes.
- Estrato 3: concellos de 10 000 a 15 000 habitantes.
- Estrato 4: concellos de 5000 a 10 000 habitantes.
- Estrato 5: concellos de menos de 5000 habitantes.

No seguinte gráfico podemos observar como se distribúen os blogues da nosa mostra segundo o estrato de poboación a que pertencen os concellos en que sitúan os centros de que proceden:




Gráfico 34: Distribución dos blogues da mostra segundo o estrato de poboación a que pertencen os concellos en que se localizan os centros de que proceden

Como se pode observar, o 39% dos blogues proceden das sete cidades galegas. Velaquí a información detallada para cada unha delas:

Cidade	Número de blogues	% de blogues (con respecto ao total)
Vigo	113	10,54%
A Coruña	85	7,93%
Ourense	75	7,00%

Cidade	Número de blogues	% de blogues (con respecto ao total)
Santiago de Compostela	45	4,20%
Pontevedra	39	3,64%
Ferrol	32	2,99%
Lugo	30	2,80%

Tabela 8: Blogues procedentes de centros das sete cidades galegas

Os blogues que proceden de concellos de máis de 20 000 habitantes ocupan o segundo lugar cun 20%, mais en terceiro lugar non están os blogues procedentes de concellos do estrato 2, senón os do estrato 4 (de 5000 a 10 000 habitantes), que supoñen o 14% da mostra, igual que os procedentes do estrato 3 (de 10 000 a 15 000 habitantes). Finalmente, cun 6% atopamos os blogues de concellos de menos de 5 000 habitantes e os de concellos de 10 000 a 15 000 habitantes. Os blogues etiquetados como *varios* son aqueles blogues empregados por varios centros situados en concellos pertencentes a estratos diferentes. Así as cousas, a maioría dos blogues proceden dos concellos con máis poboación (o 59% proceden dos estratos 0 e 1), mais do estrato 2 para abaixo maior poboación non implicar necesariamente maior número de blogues didácticos.

Un xeito máis simple de visualizarmos estes datos é tendo en conta o número exacto de habitantes de cada un dos concellos no momento en que recolleemos os datos (IGE, 2013). Amosamos a continuación un histograma en que se reflicte a distribución dos blogues da mostra segundo o número de habitantes do concello en que se localiza o centro de que proceden:




Gráfico 35: Distribución dos blogues da mostra segundo o número de habitantes dos concellos en que se localizan os centros de que proceden

Como se pode observar, a maioría dos blogues procede de centros localizados en concellos de menos de 50 000 habitantes, mais destacan os picos arredor dos 100 000, dos 250 000 e dos 300 000 habitantes que nos amosan a importancia dos blogues procedentes de centros situados nas cidades.

3.3.3. Blogues por centro

O número de blogues por centro é, en xeral, moi reducido. Tendo en conta só os centros que teñen algún blogue, a media de blogues por centro é de 3,46 cunha desviación estándar de 2,79 (a media acurtada ao 90%, para eliminarmos os valores atípicos, descende a 3,29 blogues por centro), unha cifra que consideramos moi baixa se temos en conta que consideramos todos os blogues didácticos dos catro niveis da ESO e os dous do Bacharelato. Como podemos observar no diagrama de caixa, aínda que hai centros que chegan até os 20 blogues, trátase de casos atípicos, pois o 75% dos centros están por debaixo dos 5 blogues e o 50% por debaixo dos 3 blogues. A diferenza entre centros públicos e privados no número de blogues por centro non é moi alta: mentres que os centros públicos teñen unha media de 3,59 blogues por centro (desviación estándar de 2,72), os privados contan con 3,18 (desviación estándar de 2,95). A media acurtada ao 95% fica en 3,43 e 3,06 respectivamente.




Gráfico 36: Número de blogues por centro

3.3.4. Áreas temáticas

Unha das variábeis que poden ter máis interese para o estudo dos usos lingüísticos dos blogues didácticos é a temática que se trata en cada blogue. Realizamos unha clasificación temática dos blogues da nosa mostra non nos resultou doado. Nun primeiro momento intentamos elaborar unha clasificación previa partindo das materias impartidas na ESO e no Bacharelato, así como das actividades que considerabamos máis frecuentes nos centros. Con todo, axiña nos decatamos de que era moi difícil encaixar as temáticas que atopabamos nos blogues analizados con esta clasificación previa, polo que consideramos que a mellor maneira de termos os blogues organizados tematicamente era ir anotando os contidos que trataba cada blogue para establecermos unha clasificación a posteriori. Unha vez anotada a temática dos 1072 blogues da nosa mostra realizamos unha agrupación en grandes áreas temáticas. Obtivemos así seis áreas temáticas cun peso do 5% ou máis en relación ao total de blogues. Optamos por etiquetar todas as temáticas cuxa proporción é menor ao 5% baixo a etiqueta *outras*, por considerármolas pouco significativas. Velaquí a distribución dos blogues da mostra segundo as áreas temáticas rexistradas:




Gráfico 37: Clasificación xeral dos blogues por áreas temáticas

Como podemos observar no gráfico, a maioría dos blogues insírense dentro da categoría de actividades transversais (*vid.* §3.3.4.1) (39%), seguida pola de artes e humanidades (21%), a de ciencias (14%), as de ciencias sociais, blogue do centro e actividades extraescolares (6% nos tres casos), para alén da categoría *outras* (9%). Detectamos que, nalgúns casos, podemos extraer datos interesantes ao cruzarmos a temática co tipo de centro. Por esta razón, aínda que o obxectivo principal do noso traballo non é cruzar as

variábeis non lingüísticas entre elas, sempre que atopemos datos relevantes como resultado do cruzamento do tipo de centro e da temática, indicáremolo ao longo da descrición da variábel non lingüística que nos ocupa, mais non realizaremos unha comparación sistemática dado que na maioría das situacións esta comparación non revela diferenzas significativas entre os aspectos temáticos dos dous tipos de centro que tivemos en conta na nosa mostra. O primeiro que cómpre citarmos a este respecto é que detectamos unha pequena diferenza na distribución xeral de áreas temáticas entre os centros públicos e os privados: o peso de áreas coma artes e humanidades, caderno dixital do centro, ciencias, ciencias sociais ou outras é semellante nos dous casos, mais destaca que os blogues de actividades transversais son moito máis numerosos nos centros públicos que nos privados (44% e 25%, respectivamente), mentres que as actividades extraescolares teñen un peso máis importante nos blogues centros privados (13%), mentres que nos dos públicos só supoñen o 3%. Velaquí os gráficos detallados:




Gráfico 38: Distribución das áreas temáticas por tipo de centro

Así as cousas, os datos dos blogues da nosa mostra parecen indicar que as actividades extraescolares son máis frecuentes nos centros privados e pouco significativas nos públicos, mentres que as actividades de tipo transversal (aquelas que forman parte dun plan de actuación desenvolto polo centro en diferentes ámbitos -normalización lingüística, lectura etc.-) son máis importantes nos centros públicos que nos privados, aínda que nos dous teñen un peso significativo (44% e 25%, respectivamente).

A continuación imos analizar cada unha das áreas temáticas propostas para vermos as temáticas e subtemáticas que podemos incluír dentro delas.

3.3.4.1. Actividades transversais

Dentro desta área temática incluímos aqueles blogues que tratan actividades transversais realizadas no centro, isto é, actividades que forman parte dun determinado plan de actuación e que implican en maior ou menor medida a toda a comunidade educativa (ou a unha parte importante)⁶⁹. Os blogues dedicados a actividades transversais supoñen o 39% da nosa mostra, o que os converte na área temática máis numerosa, con 415 blogues. Como vimos de sinalar, esta é unha das áreas temáticas en que rexistramos diferenzas significativas entre os centros públicos e os privados, pois nos primeiros ascenden até o 44% dos blogues, mentres que nos segundos só supoñen o 25%.

No seguinte gráfico amosamos as temáticas en que se divide esta áreas:




Gráfico 39: Distribución das temáticas de actividades transversais

O grupo máis numeroso dos blogues de actividades transversais é o dos dedicados a lectura e bibliotecas que, con 179 blogues, supón o 43% dos blogues da área temática. En segundo lugar atópanse os blogues dedicados a proxectos de diferente tipo, cun 24%,

69 A distinción entre actividades transversais e actividades extraescolares pode levar a confusión. Cómpre aclarar que consideramos actividades transversais aquelas que forman parte dun plan de actuación nalgún ámbito e que se desenvolven no horario lectivo, mais tamén poden desenvolverse fóra del. Por exemplo, a normalización lingüística é unha actividade transversal, pois existe nos centros un plan de actuación neste eido que se desenvolven con actividades nas aulas e fóra delas. As actividades extraescolares, pola súa banda, non teñen por que formar parte de ningún plan de acción do centro, senón que adoitan estar vinculadas a unha determinada materia (actividades deportivas, viaxes, etc.), isto é, son fundamentalmente actividades lúdico-didácticas que buscan cubrir áreas que a formación nas aulas non pode abranguer.

seguidos dos de normalización lingüística (16%) e dos de orientación (13%). O 4% restante corresponde a blogues cuxas temáticas supoñen menos do 5% dos blogues de actividades transversais.

Dentro da temática de **lectura e bibliotecas** englobamos os blogues das bibliotecas escolares (68%), os dos clubs de lectura (31%) e os dedicados ao intercambio de libros (*bookcrossing*) (1%). Cómpre apuntarmos que os blogues de lectura e bibliotecas conforman a temática máis frecuente, pois os 179 blogues que responden á temática de lectura e bibliotecas supoñen o 16,66% do total dos blogues da mostra. Velaquí a distribución das subtemáticas rexistradas:




Gráfico 40: Distribución dos blogues de lectura e bibliotecas

En segundo lugar atopamos a categoría de **proxectos**, que supón o 24% dos blogues de actividades transversais (98 blogues), en que incluímos proxectos educativos de diferente tipo que se levan a cabo nos centros e que se distribúen do seguinte xeito:




Gráfico 41: Distribución dos blogues de proxectos

Nesta categoría os blogs máis abondosos son os dedicados a proxectos ecolóxicos (23%), seguidos dos xornalísticos (21%), proxectos europeos (11%), os audiovisuais (8%), os de tecnoloxía e informática e os de radio (6% nos dous casos) e, finalmente, os relacionados con causas solidarias (5%). O 18% restante corresponde á categoría *outros*, en que incluímos aqueles subtemas que supoñían menos do 5% dentro dos proxectos (proxectos multidisciplinares, de emprendemento etc.).

Non detectamos subtemáticas nos blogs dedicados á **normalización lingüística**, mais cómpre termos en conta que os blogs dedicados esta actividade teñen un especial interese para o noso traballo. Con todo, só supoñen o 15,90% dos blogs de actividades transversais (66 blogs), un 6,16% do total de blogs. Cómpre sinalar que non hai diferenzas entre centros públicos e privados neste punto, pois nos dous casos os blogs de normalización lingüística supoñen o 16% dos blogs de actividades transversais. Con todo, se temos en conta a totalidade dos blogs de cada tipo de centro observamos que os blogs de normalización lingüística son máis frecuentes nos centros públicos (7% dos blogs) que nos privados (4%).

Nos blogs de **orientación** rexistramos os seguintes grupos:




Gráfico 42: Distribución dos blogs de orientación

Como podemos observar, no 82% dos casos non puidemos detectar subtemáticas máis concretas, mais si na porcentaxe restante, aínda que só é significativa a subtemática de *tutoría*. Podemos observar que só rexistramos tres blogs dedicados a actividades de tutoría, mentres dentro das subtemáticas incluídas baixo a etiqueta *outras* atopamos as seguintes: un 3,64% de blogs (2) dedicados a convivencia e mediación e outro 3,64% (2) á aula de apoio (dedicada a alumnado que, sen ter necesidades educativas especiais, precisa dun apoio extra para acadar os obxectivos educativos). Rexistramos aínda 3

subtemáticas máis, por se tratar de actividades de orientación específicas, mais só contamos cun exemplo para cada unha: altas capacidades, aula específica (aula dedicada ao alumnado con necesidades educativas especiais), e PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio da Xunta de Galicia).

Finalmente, baixo a categoría **outras** incluímos todas aquelas subtemáticas da área de actividades transversais que non encaixan en ningunha das anteriores e que supoñen menos do 5% do total. Velaquí a distribución deste grupo:




Gráfico 43: Distribución das temáticas da área de actividades transversais que supoñen menos do 5%

O 59% destes blogues están dedicados a concursos e competicións de diferente tipo, un 12% son blogues que recompilan recursos educativos, mentres que das subtemáticas restantes só rexistramos un exemplo en cada caso (6%): cooperativismo, eventos, relixión católica, seccións bilingües e solidariedade⁷⁰.

Na seguinte tabela podemos observar de xeito detallado as temáticas e subtemáticas presentes nos blogues de actividades transversais. Na segunda columna amosamos os temas desta área temática, mentres que na terceira están expostos os subtemas. Na cuarta podemos ver o número total de blogues rexistrados en cada subtema e en cada tema (neste caso a cifra é a suma dos subtemas correspondentes). Na seguinte columna observamos a porcentaxe de cada tema ou subtema dentro do seu grupo, isto é, no caso dos temas amósase a porcentaxe que supón na área temática (por exemplo, lectura e

⁷⁰ Trátase do blogue *O recuncho solidario* do CPR Plurilingüe Cristo Rey (A Coruña), que non incluímos dentro da temática *proxectos* por non se definir a si mesmo como tal e porque non parece tratarse dun proxecto do centro, senón que é un espazo en que se recollen novas de diferente tipo relacionadas con actividades solidarias en que o alumnado pode participar, mais que non son organizadas necesariamente polo centro.

bibliotecas supón o 43,13% da área de actividades transversais), mentres que no caso dos subtemas o que se amosa é a porcentaxe que supón dentro do tema en que se insire (así, bibliotecas comprende o 68,16% da temática de lectura e bibliotecas). Finalmente, na última columna podemos observar a porcentaxe que supón a área, os temas e os subtemas no total da mostra (1072 blogues):

	Temas	Subtemas	Valores absolutos	% do seu grupo	% do total	
Actividades transversais	Lectura e bibliotecas	Bibliotecas	122	68,16%	11,38%	
		Clubs de lectura	56	31,28%	5,22%	
		Bookcrossing	1	0,56%	0,09%	
			179	43,13%	16,70%	
	Proxectos	Ecoloxía	23	23,47%	2,15%	
		Xornalismo	21	21,43%	1,96%	
		Proxectos europeos	11	11,22%	1,03%	
		Audiovisual	8	8,16%	0,75%	
		Radio	6	6,12%	0,56%	
		Tecnoloxía e informática	6	6,12%	0,56%	
		Solidariedade	5	5,10%	0,47%	
		Outros	18	18,37%	1,68%	
		98	23,61%	9,14%		
		Normalización lingüística	66	15,90%	6,16%	
	Orientación	Orientación	Orientación	45	81,82%	4,20%
			Titoría	3	5,45%	0,28%
			Convivencia e mediación	2	3,64%	0,19%
			Aula de apoio	2	3,64%	0,19%
			Altas capacidades	1	1,82%	0,09%
			Aula específica	1	1,82%	0,09%
PROA			1	1,82%	0,09%	
			55	13,25%	5,13%	
Outras	Outras	Concursos e competicións	10	58,82%	0,93%	
		Recursos	2	11,76%	0,19%	
		Cooperativismo	1	5,88%	0,09%	
		Eventos	1	5,88%	0,09%	
		Relixión Católica	1	5,88%	0,09%	
		Seccións bilingües	1	5,88%	0,09%	
		Solidariedade	1	5,88%	0,09%	
			17	4,10%	1,59%	
	415		38,71%			

Tabela 9: Resumo das temáticas e subtemáticas da área de actividades transversais

3.3.4.2. Artes e Humanidades

A área temática de artes e humanidades comprende o 21% (221) dos blogues da nosa mostra. Como podemos observar no seguinte gráfico, os blogues de artes e humanidades máis numerosos son os dedicados ás linguas estranxeiras (32%), seguidos dos de lingua e literatura españolas (16%), os de música (13%), os de lingua e literatura galegas (12%), os de linguas e culturas clásicas (9%), os de debuxo e artes plásticas (8%) e,

finalmente, os de filosofía e ética (7%). O 4% restante corresponde a temáticas que supoñen menos do 5% dos blogues da área.




Gráfico 44: Distribución das temáticas de artes e humanidades

A diferenza máis significativa entre tipos de centro atopámola na temática de linguas estranxeiras, pois ten moito máis peso relativo nos centros privados que nos públicos (39% fronte a 28%), mentres que nos públicos teñen máis importancia a música (15%, fronte ao 9% dos privados) e a temática de filosofía e ética (9%, fronte ao 1% dos privados). Así as cousas, os blogues da nosa mostra parecen reflectir que existe un maior interese polas linguas estranxeiras nos centros privados, e menor por disciplinas como a música, a filosofía ou a ética.

As subtemáticas que rexistramos na temática máis numerosa, a de **linguas estranxeiras**, son as seguintes: o 47% (33) dos blogues son de lingua inglesa, outro 46% (32) de lingua francesa e un 6% (4) de lingua francesa e inglesa conxuntamente. O 1% restante (1 blogue) corresponde a unha subtemática que supón menos do 5% da temática de linguas estranxeiras, neste caso trátase da lingua alemá. Esta distribución difire entre os centros públicos e os privados: mentres que nos primeiros os blogues de francés son maioría (56%), nos segundos supoñen só o 30%; os de inglés son o 42% dos blogues procedentes de centros públicos, mais nos procedentes de centros privados ascenden ao 56%; os de francés e inglés ascenden ao 15% dos blogues procedentes de centros privados, mais non atopamos este tipo de blogues nos centros públicos. Finalmente, o 2% dos blogues dos centros públicos (1 blogue) pertencen á categoría *outras* e trátase do blogue de lingua alemá que vimos de citar. Amosamos no seguinte gráfico a distribución xeral dos blogues de linguas estranxeiras:




Gráfico 45: Distribución dos blogs de linguas estranxeiras

Os 20 blogs de **linguas e culturas clásicas** divídense en 5 blogs dedicados só á lingua latina, 5 dedicados á lingua e á cultura clásicas en xeral, 4 de cultura clásica, 3 de grego e 3 que tratan conxuntamente a lingua latina e a grega. O 80% destes blogs proceden de centros públicos, mentres que só o 20% de centros privados. Así, non é de estrañar que sexa no primeiro grupo no que atopamos unha distribución máis semellante á xeral: catro blogs de latín, catro blogs de linguas e culturas clásicas en xeral, tres de grego, tres de latín e grego e dous de cultura clásica. Nos centros privados só rexistramos dous blogs de cultura clásica, un de latín e un de linguas e culturas clásicas. Así as cousas, parece que nos blogs dos centros privados o grego case non ten presenza, aínda que é certo que son moi poucas as ocorrencias que rexistramos deste tipo de blogs como para tirarmos conclusións fiábeis.

Canto á temática de **filosofía e ética** detectamos as seguintes subtemáticas: o 60% dos blogs (9) son blogs de filosofía, o 13% (2) de educación para a cidadanía e outro 13% de ética. Fican dous blogs: un de ética e filosofía do dereito e outro que trata conxuntamente as temáticas de filosofía e de ética.

Finalmente, no grupo **outras** rexistramos cinco temáticas diferentes nos oito blogs incluídos: tres blogs de linguas e literaturas (blogs que tratan máis dunha lingua e literatura), un blog de literatura universal, un blog xenérico de artes e humanidades, un blog de creación literaria e un caderno dixital de literatura (en que se tratan varias literaturas).

Seguindo o esquema proposto no caso da área de actividades transversais, resumimos todos os datos sobre as temáticas e subtemáticas desta área na tabela que segue:

	Temas	Subtemas	Valores absolutos	% do seu grupo	% do total
Artes e Humanidades	Linguas estranxeiras	Inglés	33	47,14%	3,08%
		Francés	32	45,71%	2,99%
		Francés e inglés	4	5,71%	0,37%
		Outras (alemán)	1	1,43%	0,09%
			70	31,67%	6,53%
		Lingua e Literatura Españolas	35	15,84%	3,26%
		Música	28	12,67%	2,61%
		Lingua e Literatura Galegas	27	12,22%	2,52%
	Linguas e culturas clásicas	Latín	5	25,00%	0,47%
		Linguas e culturas clásicas	5	25,00%	0,47%
		Cultura clásica	4	20,00%	0,37%
		Grego	3	15,00%	0,28%
		Latín e grego	3	15,00%	0,28%
			20	9,05%	1,87%
		Debuxo e artes plásticas	18	8,14%	1,68%
	Filosofía e Ética	Filosofía	9	60,00%	0,84%
		Educación para a Cidadanía	2	13,33%	0,19%
		Ética	2	13,33%	0,19%
		Ética e Filosofía do Dereito	1	6,67%	0,09%
		Filosofía e Ética	1	6,67%	0,09%
			15	6,79%	1,40%
Outras	Linguas e literaturas	3	37,50%	0,28%	
	Literatura universal	2	25,00%	0,19%	
	Artes e Humanidades (xenéric)	1	12,50%	0,09%	
	Creación literaria	1	12,50%	0,09%	
	Literatura	1	12,50%	0,09%	
		8	3,62%	0,75%	
	221	20,62%			

Tabela 10: Resumo das temáticas e subtemáticas de artes e humanidades

Cómpre indicar que son de especial interese para o noso traballo os blogues dedicados ao estudo da **lingua e a literatura galegas**, mais son só 27 blogues que supoñen o 11% dos blogues de artes e humanidades (10% nos centros públicos e 15% nos privados), un 2,52% do total de blogues da mostra.

3.3.4.3. Ciencias

Os blogues de ciencias son a terceira área temática máis numerosa da nosa mostra e supoñen, con 151 blogues, o 14% do total. A temática con máis peso nesta área é a de tecnoloxía e informática (33%), seguida da de ciencias naturais (30%), a de matemáticas (19%), a dos blogues dedicados á ciencia de xeito xenérico (9%) e a de física e química (7%). No gráfico 46 podemos comprobar que, dentro da temática de **tecnoloxía e informática** identificamos subtemas que se distribúen do seguinte xeito: tecnoloxía (52%, con 26 blogues), TIC (22%, con 11 blogues), tecnoloxía e informática (16%, con 8 blogues) e informática (10%, con 5 blogues). Na temática de **ciencias naturais**

atopamos varios subtemas: bioloxía e xeoloxía (28%, 13 blogues), ciencias para o mundo contemporáneo e blogues xenéricos de ciencias naturais (24% e 11 blogues nos dous casos), bioloxía (20%, 9 blogues) e ciencias da terra (4%, 2 blogues). Nos blogues de matemáticas e nos xenéricos de ciencias non detectamos subtemáticas, mais si nos de **física e química**: o 82% destes blogues tratan conxuntamente as materias de física e química (9 blogues), mentres que só un blogue se cingue só á física e outro só á química (9% 1 caderno dixital nos dous casos). Finalmente, dentro do grupo **outras** incluímos dous blogues con temáticas que non encaixan en ningunha das categorías anteriores: un blogue de electricidade e outro de electromecánica.




Gráfico 46: Distribución das temáticas de ciencias

Velaquí o resumo dos datos que acabamos de expoñer:

Temas	Subtemas	Valores absolutos	% do seu grupo	% do total
Tecnoloxía e Informática	Tecnoloxía	26	52,00%	2,43%
	TIC	11	22,00%	1,03%
	Tecnoloxía e Informática	8	16,00%	0,75%
	Informática	5	10,00%	0,47%
		50	33,11%	4,66%
Ciencias Naturais	Bioloxía e Xeoloxía	13	28,26%	1,21%
	Ciencias Naturais (xenérico)	11	23,91%	1,03%
	Ciencias para o Mundo Contemporáneo	11	23,91%	1,03%
	Bioloxía	9	19,57%	0,84%
	Ciencias da Terra	2	4,35%	0,19%
		46	30,46%	4,29%
Matemáticas		29	19,21%	2,71%
Ciencias (xenérico)		13	8,61%	1,21%
Física e Química	Física e Química	9	81,82%	0,84%
	Física	1	9,09%	0,09%
	Química	1	9,09%	0,09%
		11	7,28%	1,03%
Outras	Electricidade	1	50,00%	0,09%
	Electromecánica	1	50,00%	0,09%
		2	1,32%	0,19%
		151		14,09%

Tabela 11: Resumo dos temas e subtemas da área de ciencias

3.3.4.4. Ciencias Sociais




Gráfico 47: Distribución das temáticas de ciencias sociais

Os blogs dedicados ás ciencias sociais supoñen o 6% da nosa mostra (64 blogs). Dentro desta área, os blogs máis numerosos son os que atinxen as temáticas de xeografía e historia (52%), seguidos xenéricos de ciencias sociais (28%), dos de economía (20%). Só podemos detectar subtemáticas nos blogs de **xeografía e historia**: o 39% destes blogs (13) tratan conxuntamente as materias de xeografía e historia, o 27% (9) son blogs só de historia, o 18% (6) só de xeografía, o 9% (3) de arte e o 6% (2) de antropoloxía. Máis unha vez, resumimos os datos nunha tabela:

	Temas	Subtemas	Valores absolutos	% do seu grupo	% do total
Ciencias sociais	Xeografía e Historia	Xeografía e Historia	13	39,39%	1,21%
		Historia	9	27,27%	0,84%
		Xeografía	6	18,18%	0,56%
		Arte	3	9,09%	0,28%
		Antropoloxía	2	6,06%	0,19%
			33	51,56%	3,08%
		Ciencias Sociais (xenérico)		18	28,13%
	Economía		13	20,31%	1,21%
			64		5,97%

Tabela 12: Resumo dos temas e subtemas da área de ciencias sociais

3.3.4.5. Blogue do centro

Etiquetamos o 6% dos blogs da nosa mostra baixo área temática de blogue do centro (62 blogs). Trátase de espazos de temática variada en que se inclúe información de actualidade sobre diferentes aspectos dos centros. Destes 62 blogs, detallamos en 13 a temática “novas”. Aínda que esta etiqueta podería ser estendida a todos os blogs de centro, trátase de blogs que teñen uns contidos semellantes mais que non se presentan como blogs do propio centro, senón como blogs dunha persoa pertencente á comunidade educativa, xeralmente pertencente ao profesorado. Trátase dunha distinción

moi sutil, xa que os contidos son moi semellantes ao do resto de blogues desta área temática, mais quixemos distinguir deste xeito os blogues que se presentan como blogues oficiais do centro e os que non por se atopamos nalgún momento da nosa análise algunha diferenza entre eles.

3.3.4.6. Actividades extraescolares




Gráfico 48: Distribución das temáticas de actividades extraescolares

Os 59 blogues de actividades extraescolares supoñen o 6% da nosa mostra. Neste caso a diferenza entre centros públicos e privados é importante: mentres só son o 3% dos blogues dos centros públicos, nos privados ascenden até o 13%. En coherencia con isto, o 68% destes blogues proceden de centros privados e o 32% de centros públicos. Así as cousas, parece que nos centros privados as actividades extraescolares son máis frecuentes que nos públicos (ou, polo menos, reflíctense máis frecuentemente nos blogues didácticos).

No gráfico 48 podemos observar que o 25% destes blogues están dedicados a viaxes, o 22% a deportes, o 19% a actividades extraescolares de xeito xenérico, o 8% a actividades musicais, as actividades católicas supoñen un 7%, os concursos o 5%, e o 10% restante corresponde a subtemáticas que supoñen menos do 5% dos blogues de actividades extraescolares. Esta distribución difire entre centros públicos e privados. Nos primeiros, os blogues dedicados a actividades extraescolares de xeito xenérico supoñen o 47% (9), os de viaxes o 21% (4), os de concursos o 16% (3) e os doutras temáticas o 16% (3). Por outra banda, nos centros privados os blogues máis numerosos son os dedicados a actividades deportivas, co 32% (13), seguidos dos de viaxes (28%, con 11 blogues), os de música (12%, 5 blogues), os de actividades católicas (10%, 4

blogues), os xenéricos de actividades extraescolares (5%, 2 blogues) e, finalmente, outras temáticas (12%, 5 blogues). Cómpre detérmonos nestes datos, pois en todas as áreas temáticas a maioría dos blogues proceden de centros públicos, algo esperábel se temos en conta que o 71% dos blogues da nosa mostra proceden destes centros (maioritarios no ensino secundario galego). As actividades extraescolares son a única área temática en que a maioría dos blogues (68%) proceden de centros privados. Á luz destes datos só podemos afirmar que a visibilidade das actividades extraescolares na rede é moito maior nos centros privados, mais tamén podemos aventurar que é probábel que a oferta deste tipo de actividades sexa maior nos centros privados que nos públicos. Esta distribución podería indicar que estes centros dispoñen de máis recursos para este tipo de actividades, ou que o nivel económico das familias do alumnado dos centros privados sexa maior e favoreza o desenvolvemento de actividades extraescolares. Con todo, aínda que estamos perante un indicio nesa dirección, cumpriría un estudo máis completo para podermos comprobar esta hipótese. Para alén disto, cómpre destacar a existencia de actividades extraescolares de carácter católico nos centros privados, algo que os blogues non visibilizan para os centros públicos.

Cómpre sinalarmos que só detectamos subtemáticas en dous casos: na temática de **deportes** (13 blogues) e no grupo *outras*. No primeiro caso rexistramos 4 blogues dedicados aos deportes en xeral, mentres que o atletismo, o baloncesto, o fútbol e o judo contan con dous rexistros en cada caso. Finalmente, fica un último blogue de ximnasia deportiva. No caso do grupo **outras** rexistramos até 7 subgrupos: dous blogues de teatro e un das restantes temáticas (danza, festas en xeral, festival solidario, parlamento xove, repostaría e voluntariado). Máis unha vez, presentamos na tabela 13 o resumo de temáticas e subtemáticas.

	Temas	Subtemas	Valores absolutos	% do seu grupo	% do total
Actividades extraescolares	Viaxes		15	25,42%	1,40%
	Deportes	Deportes	4	30,77%	0,37%
		Atletismo	2	15,38%	0,19%
		Baloncesto	2	15,38%	0,19%
		Fútbol	2	15,38%	0,19%
		Judo	2	15,38%	0,19%
		Ximnasia deportiva	1	7,69%	0,09%
			13	22,03%	1,21%
	Actividades extraescolares (xenérico)		11	18,64%	1,03%
	Música		5	8,47%	0,47%
	Actividades católicas		4	6,78%	0,37%
	Concursos		3	5,08%	0,28%
	Outras	Teatro	2	25,00%	0,19%
		Danza	1	12,50%	0,09%
		Festas	1	12,50%	0,09%
		Festival solidario	1	12,50%	0,09%
		Parlamento Xove	1	12,50%	0,09%
Repostaría		1	12,50%	0,09%	
Voluntariado		1	12,50%	0,09%	
		8	13,56%	0,75%	
		59		5,50%	

Tabela 13: Resumo dos temas e subtemas da área de actividades extraescolares

3.3.4.7. Outras

Un 9% dos blogs (100) non se insiren en ningunha das grandes áreas temáticas que vimos de describir, senón noutras que supoñen menos do 5% do total, e que incluímos neste grupo. Amosamos no seguinte gráfico a distribución destes blogs:




Gráfico 49: Distribución das áreas temáticas da categoría outras, que supoñen menos do 5% do total

O 35% dos blogues pertencen á área de educación física, o 25% ás Asociacións de Nais e Pais (ANPAs), o 20% están dedicados a diferentes niveis educativos de ESO e Bacharelato, o 11% a temáticas variadas agrupadas baixo a etiqueta *miscelánea*, o 8% a relixión católica e 1% restante corresponde a un blogue cuxa temática supón menos do 5% da categoría *outras*: un caderno dixital dunha asociación de estudantes. O 64% dos blogues desta categoría proceden de centros públicos e o 36% de centros privados. Nos centros públicos a área temática máis importante é a de educación física (34%, 22 blogues), seguida dos blogues das ANPAs (27%, 17 blogues), dos que están dedicados a diferentes niveis educativos (20%, 13 blogues), dos de temática variada (14%, 9 blogues) e dos de relixión católica (3%, 2 blogues) e, finalmente, do blogue dunha asociación de estudantes que supón o 2%. Nos centros privados a área máis importante segue a ser a de educación física (36%, 13 blogues), seguida das ANPAs (22%, 8 blogues), os blogues de diferentes niveis educativos (19%, 7 blogues), os de relixión católica (17%, 6 blogues) e os de temática variada (6%, 2 blogues). Cómpre comentar que estes datos son coherentes cos das actividades extraescolares ao corroboraren a visibilidade da relixión católica nos blogues, moito maior nos centros privados que nos públicos (lembramos que só detectamos blogues de actividades extraescolares católicas nos centros privados). Así as cousas, os datos dos blogues da nosa mostra parecen indicar que a presenza da relixión católica é maior no ensino privado que no público.

Detectamos subtemáticas só na temática de **niveis educativos** e na de *miscelánea*. No primeiro caso a distribución temática é a seguinte: o 30% (6) son blogues dedicados á ESO de xeito xenérico, os blogues de 1º da ESO, 2º da ESO e Bacharelato de Artes supoñen o 15% nos tres casos (3 blogues en cada caso), os de 3º da ESO o 10% (2 blogues) e os de 1º de Bacharelato, os de Bacharelato de xeito xenérico e os de Bacharelato de Ciencias o 5% (1 blogue en cada caso).

No caso dos blogues de temática variada que etiquetamos como *miscelánea* non podemos concretar unha subtemática no 64% dos blogues (7), mais si detectamos dúas nos restantes: un 18% de blogues (2) son simplemente unha recompilación de ligazóns a outros blogues, e outro 18% (2) tratan conxuntamente dúas temáticas diferentes: lingua e literatura galegas e matemáticas. Neste último caso trátase de blogues procedentes do mesmo centro (CPR San Narciso de Marín), polo que é probábel que se trate de blogues

xestionados pola mesma persoa (quizais un/unha docente que se encarga de impartir as dúas materias).

Resumimos na seguinte tabela os datos referentes ás temáticas e subtemáticas que supoñen menos do 5% da mostra:

	Temas	Subtemas	Valores absolutos	% do seu grupo	% do total	
Outras	Educación Física		35	35,00%	3,26%	
	ANPA		25	25,00%	2,33%	
	Niveis educativos	ESO		6	30,00%	0,56%
		1º ESO		3	15,00%	0,28%
		2º ESO		3	15,00%	0,28%
		Bacharelato de Artes		3	15,00%	0,28%
		3º ESO		2	10,00%	0,19%
		1º BAC		1	5,00%	0,09%
		Bacharelato		1	5,00%	0,09%
		Bacharelato de Ciencias		1	5,00%	0,09%
				20	20,00%	1,87%
	Miscelánea	Miscelánea		7	63,64%	0,65%
		Ligazóns a outros blogues		2	18,18%	0,19%
		Lingua e literatura galegas e Matemát		2	18,18%	0,19%
				11	11,00%	1,03%
	Relixión Católica		8	8,00%	0,75%	
	Asociacións de estudantes		1	1,00%	0,09%	
			100		9,33%	

Tabela 14: Resumo dos temas e subtemas das áreas temáticas que supoñen menos do 5% da mostra

3.3.5. Visibilidade dos blogues

Ao describirmos a delimitación da mostra (*vid.* §3.2.2) explicamos que reunimos os blogues que a compoñen de tres xeitos diferentes: buscando no código fonte da páxina de inicio, empregando o buscador Google e, finalmente, nas webs feitas con Drupal buscamos na listaxe blogues (/blog) e mais no mapa da páxina (/sitemap). Consideramos que estas tres formas de chegar aos blogues supoñen tres graos de visibilidade destas ferramentas didácticas desde a web do centro: os blogues enlazados desde a páxina de inicio do centro son os máis doados de atopar; os que só atopamos recorrendo ao buscador Google teñen unha visibilidade menor e, finalmente, os que só están na lista de blogues ou no mapa da páxina (sen ligazón desde a páxina inicial) son aínda menos visíbeis, pois cómpre coñecer como acceder á lista de blogues e mais ao mapa da páxina para os poder atopar. Velaquí a distribución dos blogues da mostra en función do xeito en que os localizamos:




Gráfico 50: Forma de localización dos blogues da mostra

Como podemos observar, a maior parte dos blogues que localizamos (61%) están enlazados desde a páxina de inicio dos centros, mentres que en segundo lugar atopamos os que localizamos empregando Google (31%); en terceiro lugar atópanse os enlazados só desde a lista de blogues ou desde o mapa da páxina en Drupal (8%). Na categoría *outros* insírense 5 blogues que localizamos empregando Google, mais sen tomar como referencia a páxina do centro xa que eses propios blogues localizados funcionan como páxina do centro. O restante é un caderno dixital empregado por dous centros, ao que chegamos empregando dous métodos diferentes, un en cada centro (buscador e mais páxina de inicio). Nos centros públicos os blogues localizados desde a páxina de inicio supoñen o 58% (441), os localizados empregando Google o 31% (240) e os localizados na listaxe de blogues e no mapa da páxina o 11% (81), para alén de dous blogues que funcionan como páxina do centro. Os blogues localizados consultando a listaxe de blogues e/ou o mapa do sitio só se rexistran en centros públicos, que son os que maioritariamente contan cunha páxina elaborada con Drupal, dentro do Proxecto Webs Dinámicas. Nos centros privados só atopamos blogues desde a páxina de inicio (70%, 216 blogues) e empregando Google (29%, 89) e 3 blogues que funcionan como páxina do centro e mais o blogue que localizamos de dous xeitos diferentes por ser compartido por dous centros.

Como puidemos observar, a maior parte dos blogues que localizamos son blogues que se presentan de xeito visíbel na páxina de inicio dos centros, mais tamén existe un grupo importante de blogues (o 39% da mostra) cuxo acceso non é tan doado. Isto indícanos que o 61% dos blogues é facilmente accesíbel para que os membros da comunidade educativa participen neles, mais aínda fica unha importante porcentaxe de blogues aos

que non é tan doado acceder. Isto ten implicacións importantes, pois non debemos esquecer que estamos ante unha ferramenta da chamada web social ou web 2.0 (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1), isto é, unha ferramenta pensada para a interacción. O feito de un blogue estar enlazado desde a páxina de inicio do centro permite que sexa moito máis accesíbel para a que os membros da comunidade educativa participen nel, mais se o caderno dixital non é tan visíbel esta interacción será potencialmente menor. Ampliaremos estas cuestións no punto dedicado á actividade dos blogues (*vid.* §3.3.8), en que analizaremos a frecuencia de actualización e a participación nos comentarios, mais consideramos que o feito de o 39% dos blogues seren pouco visíbeis é indicio de que pode que non se estea a entender esta ferramenta coma o que é, unha ferramenta participativa, e que se estean a trasladar prácticas unidireccionais a un medio que non é unidireccional. Isto querería dicir que o salto ao uso dos blogues só implicaría realizar vellas prácticas en novos medios ou, o que é o mesmo, que non se está entendendo que os novos medios non supoñen unha forma de facer o de sempre con novas ferramentas, senón que supoñen unha nova forma de facer as cousas. Veremos se os datos referidos á actividade dos blogues apoian ou non esta tese.

3.3.6. Terminoloxía empregada para a localización dos blogues

Á hora de procurarmos os blogues para a elaboración da nosa mostra empregamos as tres denominacións que están presentes no galego para esta realidade (*blog*, *blogue* e *bitácora*), coa finalidade de facérmolos co maior número de rexistros posíbeis, tal e como explicamos ao describirmos a delimitación da mostra (*vid.* §3.2.2). Xa nos referimos tamén á orixe da forma *blog* ao afondarmos na historia e caracterización dos blogues (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1). Trátase dunha forma que ten a súa orixe no inglés e que se introduciu en todas as linguas da nosa contorna para referirse a esta nova realidade. Desde outubro de 2014 o *Diccionario da Real Academia Galega* recolle o lema *blog*, definíndoo como “Páxina web, xeralmente de carácter persoal, cunha estrutura cronolóxica que se actualiza regularmente e que presenta información ou opinións” e sinala como forma sinónima unha das acepcións de *bitácora*, incluída tamén neste momento (“blog (e)”). A forma *blog* non aparece como lema no DiGaTIC, mais este

dicionario está organizado en taxonomías, e si aparece a forma *blog* como etiqueta dunha das subcategorías que ten en conta (“7.1.1.- Blogs”). Se lle botamos unha ollada á Wikipedia, comprobamos que *blog* é a forma que aparece como lema en linguas coma o portugués (“blog (a)”), o catalán (“blog (b)”), o éuscaro (“blog (c)”) ou o español (“blog (d)”), mais tamén aparece reflectida como variante no galego (o lema é *weblog*) (“Weblog”). Cómpre sinalar que non obtivemos ningún rexistro da forma extensa *weblog* na nosa mostra.

A forma *blogue* é unha adaptación da forma inglesa *blog*. Segundo Google Trends (ferramenta de Google que reflicte as tendencias de procura no buscador⁷¹), rexístrase desde xaneiro de 2004 (a data máis afastada en que permite realizar buscas) até o momento de escribir estas liñas (xullo de 2015), e é en Portugal onde máis se procura este termo (“Interesse em Pesquisa Web do Google: blogue - A nível mundial”). Se restrinximos a busca ao Estado español, os primeiros rexistros aparecen en outubro de 2008 e o termo mantense, aínda que cun lixeiro descenso, até a actualidade. Neste caso podemos observar os resultados por comunidades autónomas e por cidades: comprobamos que onde máis se procurou o termo é en Galiza e, dentro dela, en Vigo e na Coruña (“Interesse em Pesquisa Web do Google: blogue - Espanha”). *Blogue* é tamén a forma empregada na localización ao galego de WordPress (libre) (“Translation of 3.5.x: Galician”), unha das plataformas máis populares para a creación de blogues, así como na tradución ao galego de Drupal, un dos CMS importantes na creación de blogues da nosa mostra. Para alén disto, cómpre indicar que *blogue* tamén é o lema da versión asturiana da Wikipedia (“Blogue (a)”), mais non atopamos resultados de procura deste termo en Asturias en Google Trends. Cómpre sinalar que nin o *Dicionario da Real Academia Galega* nin o *DigaTIC* recollen a forma *blogue*, que si está rexistrada no *Glosario de termos fixados do Proxecto Trasno* e no *Dicionário Eletrónico Estraviz* (“Blogue (c)”), en que se sinalan como traducións preferentes do termo inglés *blog* as formas *blogue* e *bitácora*. Tamén aparece rexistrada en obras lexicográficas do portugués, coma o *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (“Blogue (b)”). Así as cousas, cos datos de que dispoñemos non podemos estar certos de se o termo se

71 Cómpre ter en conta o funcionamento de Google Trends para entender os datos que nos achega: os resultados indican, nunha escala normalizada de 0 a 100, o número de procuras que se realizaron para un termo nun momento determinado en función do número total de procuras realizadas en Google (“Sobre os gráficos do Google Trends”).

orixinou no portugués e se estendeu para o galego ou se se puido orixinar no galego e no portugués á vez. Para a redacción deste traballo démoslle prioridade á forma *blogue* por considerarmos que se trata dunha forma adaptada foneticamente á nosa lingua, que coincide co portugués e que ten unha difusión importante na blogosfera galega, así como na tradución de software ao galego.

Canto á forma (*caderno de*) *bitácora*, trátase dunha ampliación do significado de *caderno de bitácora* para se referir a esta nova realidade (“bitácora”). Este termo aparece, como indicamos, no *Dicionario da Real Academia Galega* coa acepción que nos ocupa desde outubro de 2014 (“bitácora”), e tamén no *DiGaTIC*, que contén tamén derivados da forma bitácora (*bitacoreo*, *microbitácora* etc.) (“7.1.1.- Blogs”). Se procuramos na Wikipedia, atopamos este termo coa acepción de 'blogue' en galego (“Weblog”) e en linguas próximas coma o español (“blog (d)”) e o asturiano (“Blogue (a)”). Neste caso Google Trends non nos é de grande axuda, xa que as procuras do termo bitácora poden estar referidas a acepcións diferentes da que nos interesa. Con todo, podemos apuntar que dentro do Estado español a maioría de procuras do termo *bitácora* corresponden a Galiza (“Interese en Pesquisa Web do Google: bitácora - España, 2004 - presente”). No contexto actual é probábel que a maioría das procuras deste termo se refiran á acepción que nos ocupa, por ser *bitácora* e *caderno de bitácora* termos moi especializados, mais non podemos estar completamente seguras.

Así as cousas, para a procura dos blogues da nosa mostra empregamos os tres termos que detectamos ao investigarmos sobre as etiquetas máis empregadas en galego e nas linguas próximas. Cómpre remarcar que estes termos só foron empregados para realizar a procura no código fonte da páxina de inicio dos centros e mais no buscador. Non procede empregarmos ningún termo de busca ao obtermos a listaxe de blogues dun sitio web realizado con Drupal (/blog) ou ao explorarmos o mapa do sitio (/sitemap), xa que a denominación xa vén dada polo propio xestor de contidos, non é introducida pola persoa usuaria, polo que non estamos perante un indicador de cal é a forma máis usada, senón só de cal é a forma empregada na localización ao galego deste xestor de contidos. Neste caso, a forma máis usada nas traducións é *blogue* (versións 5.23, 6.31, 7.28), aínda que na versión 8.0-alpha12 mantense a forma inglesa *blog* (“Galician overview”). Con todo, no momento de procurarmos os blogues case todos os centros empregaban versións de Drupal inferiores á 6.31. Lembremos que as nosa procuras

seguiron a seguinte orde: primeiro procuramos na páxina de inicio, despois no buscador e despois na listaxe de blogs ou no mapa do sitio. Nos dous primeiros casos, tamén seguimos sempre a mesma orde nos termos de procura empregados: primeiro empregamos *bitácora*, despois *blogue* e despois *blog*.

O 74% dos blogs da nosa mostra estaban identificados na páxina de inicio do centro ou noutros lugares da súa páxina, localizados empregando Google (*termo de busca site:URL*), coa etiqueta *blog*; a forma *blogue*, pola súa banda, identifica só ao 17% dos blogs da mostra; mentres que a forma *bitácora* fica reducida ao 1%. O 8% restante refírese a blogs localizados na listaxe de blogs ou no mapa do sitio en páxinas feitas con Drupal e blogs que funcionan como páxinas do centro (que atopamos polo nome do centro, nin por ningunha das etiquetas que estamos analizando). Amosamos estes datos no seguinte gráfico:




Gráfico 51: Distribución da terminoloxía mediante a que se localizaron os blogs da mostra

Nos centros públicos a porcentaxe de *blog* redúcese ao 64% (492), mentres que a de *blogue* ascende ao 24% (181), *bitácora* mantense no 1% (10) e non procede esta distinción no 11% dos blogs (81). Canto aos privados, a porcentaxe de *blog* dispárase até o 97% (300), mentres que *blogue* e *bitácora* só supoñen o 1% en cada caso (4 e 3 casos respectivamente). Non procede esta distinción nos dous blogs restantes (1%), por seren blogs que funcionan como páxina do centro. Á luz destes datos, parece claro que os centros públicos son moito máis permeábeis ao termo adaptado ao sistema fonolóxico do galego, coincidente co portugués e empregado maioritariamente na localización de software á nosa lingua. O escaso uso das formas diverxentes no galego con respecto ao termo inglés tamén podería ser un indicio de que nos centros privados

se fai un uso máis reducido do galego que nos públicos. Comprobaremos esta hipótese ao analizarmos os datos lingüísticos da mostra en función do tipo de centro (*vid.* §3.6.7).

3.3.7. Nomes de dominio, servidores e CMS do blogues

Outra das variábeis que anotamos é o servidor en que están hospedados os blogues da nosa mostra. O enderezo URL do blogue (*vid.* §2.2.1.1.2) é o que os permite saber en que servidor está hospedados. Na maioría dos casos o nome de dominio do URL coincide co servidor, mais cómpre ter en conta que se poden producir redireccións. Podemos crear un caderno dixital na plataforma Blogger e ficará aloxado no servidor *blogspot.com* (por exemplo, *blogue.blogspot.com*), mais imaxinemos que compramos o dominio *blogue.gal* e queremos que o noso blogue feito en Blogger sexa accesíbel a través deste enderezo. Pois ben, podemos facer que o contido de *blogue.blogspot.com* se vexa baixo o *blogue.gal* facendo que ao accedermos a *blogue.gal* sexamos redireccionados a *blogue.blogspot.com* (“Redireccionador”). Neste caso, aínda que no URL vexamos *blogue.gal*, o contido segue a estar hospedado en *blogue.blogspot.com*, isto é, o servidor é diferente do nome de dominio.

A distribución dos blogues da nosa mostra segundo o seu nome de dominio pódenos dar unha idea aproximada da súa distribución segundo os servidores en que se hospedan. A maioría dos blogues teñen como nome de dominio *blogspot* (*blogspot.com* ou *blogspot.com.es*), un servidor en que se permite crear blogues de xeito gratuíto empregando o CMS Blogger. Máis de dez anos despois da súa creación (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1), Blogger segue a ser o CMS máis empregado para a creación e xestión de blogues. Lembremos que se trata dunha ferramenta gratuíta, mais non libre. En segundo lugar, cun 11%, atópanse os blogues hospedados en *edu.xunta*, todos eles blogues internos ás páxinas webs dos centros e xestionados con Drupal. En *wordpress.org* están hospedados o 8% dos blogues, trátase dun servidor gratuíto que permite crear blogues empregando o CMS libre WordPress. O 13% restante atópase na categoría *outros*, en que se inclúen blogues cuxo nome de dominio supón menos do 5% do total. Son, xeralmente, blogues accesíbeis mediante un dominio propio que, nalgúns casos, redirixe a un servidor gratuíto coma *blogger*.




Gráfico 52: Distribución dos blogs da mostra segundo os nomes de dominio

Nos centros públicos a porcentaxe de blogs cuxo nome de dominio é *blogspot* redúcese ao 65% (493), os que teñen *edu.xunta* como nome de dominio ascenden ao 15% (115), os *wordpress* mantéñense no 8% (61), o 12% restante (95) teñen outros nomes de dominio. Canto aos centros privados, *blogspot* ascende ao 78% (241), *wordpress* descende ao 6% (20), *edu.xunta* a menos do 1% (1 blogue), e os blogs con outros nomes de dominio chegan ao 15% (46). Cómpre matizarmos neste punto que non supón unha contradición que non localizásemos ningún blogue no mapa do sitio ou na listaxe de blogs de Drupal en centros privados co feito de que rexistremos un caderno dixital co nome de dominio *edu.xunta* nun centro privado, xa que este blogue foi localizado mediante a procura do termo *blogue* no código fonte da páxina de inicio do centro.

Outro dato relacionado cos anteriores e que anotamos na nosa base de datos é o CMS empregado para crear e administrar os blogs. Existe unha certa relación entre nome de dominio, servidor e CMS xa que, por exemplo, un blogue con nome de dominio *wordpress* vai estar hospedado no servidor do mesmo nome e administrado co CMS WordPress. Con todo, nos casos de nomes de dominio e/ou servidores propios non sempre é doado sabermos que CMS se está a empregar, só podemos obter este dato se se indica no blogue ou no seu código fonte. A pesar desta dificultade, fomos quen de rexistrar este dato para a maioría dos blogs da mostra:




Gráfico 53: CMS empregado para administrar os blogs da mostra

Podemos observar que a porcentaxe de blogs que empregan o CMS Blogger ascende lixeiramente con respecto á porcentaxe de blogs co nome de dominio *blogspot*. Isto débese a que existen 5 blogs que, aínda que teñen un nome de dominio propio, realmente están hospedados en *blogspot*, a onde se redirixe desde o seu dominio. No caso de WordPress a porcentaxe tamén é maior, mais neste caso non se produce necesariamente unha redirección ao servidor *wordpress* xa que, ao estarmos perante un CMS libre, WordPress pódese instalar e empregar noutros servidores. Os blogs feitos con Drupal, pola súa banda, correspóndense cos blogs hospedados no servidor *edu.xunta*.

Para alén de anotarmos o CMS empregado en cada caso, anotamos tamén se estabamos perante un CMS libre ou privativo. Así as cousas, os CMS privativos ascenden ao 70%, os libres supoñen só o 25% e non dispoñemos de datos para o 4% restante. Detectamos diferenzas entre os centros públicos e os privados neste caso: mentres que nos primeiros os CMS libres ascenden até o 30% (228), nos segundo redúcense ao 14% (44). Os CMS privativos supoñen o 66% (506) nos centros públicos e chegan ao 80% nos centros privados (247). Aínda que o uso de CMS libres é moito máis baixo do que consideramos desexábel, parece que os centros públicos tenden a usar máis CMS libres e os privados máis CMS privativos. Consideramos que os centros públicos, por teren como finalidade ofrecer unha educación en igualdade de condicións para toda a cidadanía, son máis xustos socialmente que os centros privados (aos que non toda a cidadanía pode acceder), do mesmo xeito que consideramos que o software libre é máis xusto socialmente do que é o software privativo (*vid.* §2.3.3.3). Por esta razón, é

probábel que exista unha certa relación entre causas xustas ao tenderen os centros públicos a usaren CMS libres para os seus blogues didácticos en maior medida que os centros privados. Ao analizarmos os datos lingüísticos veremos se o uso da lingua dominada é maior tamén nos blogues de centros públicos e nos que empregan CMS libres (*vid.* §3.6.1 e §3.6.7).




Gráfico 54: Tipos de CMS, libres ou privativos, dos blogues da mostra

3.3.8. Cuestións referentes á actividade dos blogues

3.3.8.1. Cuestións metodolóxicas

Ao longo deste traballo insistimos en varias ocasións en que un blogue é unha ferramenta que se actualiza periodicamente e que, como ferramenta nativa de Internet, non é unidireccional (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1). Pois ben, tendo presente isto, consideramos que era importante anotar datos referidos á súa frecuencia de actualización, mais tamén á presenza / ausencia de comentarios, así como á autoría individual ou colectiva dos blogues. A priori, pode parecer doado rexistrar toda esta información, pois estamos afeitas a vela indicada habitualmente nos blogues, mais esta parte foi a que máis dificultades presentou á hora de a incluímos na base de datos. O primeiro atranco é o da imposibilidade de rexistrarmos no mesmo momento a información temporal de todos os blogues, pois a análise manual de 1072 blogues e a súa revisión é unha tarefa de meses. O ideal sería termos unha foto dun momento concreto de todos os blogues didácticos galegos da ESO e do Bacharelato, mais cos recursos de que dispoñiamos facíase nos obrigada unha análise manual que imposibilita aproximármolos a esta situación ideal. De aí que establecésemos como abano temporal todo un curso escolar,

conscientes do tempo que ía demorar a análise e a súa revisión. Isto implica que os blogs foron analizados en diferentes momentos, mais non nos impide calcular a frecuencia de actualización unha vez anotadas as datas de cada publicación. Con todo, atopamos unha segunda dificultade: as contradicións entre as datas achegadas por diferentes fontes para unha mesma publicación.

Como indicamos no primeiro capítulo (*vid.* §2.2.1.3.2.1) unha das características da web social é a separación entre a forma e o contido, o que nos permite subscribirnos a unha fonte de novas ou *feed* (xeralmente a través do formato XML Really Simple Syndication (RSS)) para lermos as actualizacións de contido dunha páxina noutro lugar (por exemplo, nun lector de *feeds*). Isto facilita moito a datación das publicacións dos blogs, mais podemos atopar anomalías na fonte de novas (pode non estar activada, non conter as datas, conter as datas non ordenadas cronoloxicamente, ou mesmo conter datas futuras) e contradicións entre a fonte de novas e a data indicada de xeito visíbel no blogue, así como contradicións co URL (nos casos en que o URL da publicación inclúe a data). Todo isto dificulta a datación exacta de moitas das publicacións dos blogs. O *feed* foi a nosa principal fonte de datos⁷², mais sempre que detectamos anomalías contrastámolo co URL, pois a data da fonte de novas pódese modificar, mais o URL, de amosar a data (como acontece co URL permanente (*vid.* §2.2.1.3.2.1.1.1) dos blogs hospedados en Wordpress), mantén a data orixinal da entrada, polo que nestes casos decidimos anotar a data indicada polo URL. Para alén disto, contrastamos en todos os casos as datas do *feed* coas datas visíbeis no blogue (que poden ser mudadas pola persoa administradora de xeito moito máis doado que as do *feed*). Sempre que detectamos desaxustes entre as fontes de datos que empregamos, anotamos este feito na base de datos. A porcentaxe de blogs en que se dan estes desaxustes é moi alta, pois ascende

72 O xeito de acceder ao feed difire segundo o sistema que empregue cada blogue. Por exemplo, nos blogs feitos con Blogger ao engadírmolle ao URL do blogue “/feeds/posts/default” podemos ver no navegador as entradas máis recentes, e ao engadirmos “/feeds/posts/default/?start-index=1&max-results=1000” podemos ver as 1000 últimas publicacións. En Wordpress abonda con engadir “/feed” para vermos as últimas entradas, e “/feed/?paged=2” para vermos entradas máis antigas (“/feed/?paged=3” para a seguinte páxina de entradas máis antigas, e así sucesivamente). Nos casos en que descoñecemos o xeito de acceso mediante o navegador, abondou con empregarmos un lector de feeds (no noso caso empregamos *Google Reader* até que foi pechado por Google (*vid.* §2.2.1.3.2.1), despois disto empregamos *Feedly*).

ao 40% (434 blogs). Así as cousas, é imposíbel obtermos datos exactos sobre as datas de publicación cos medios de que dispoñemos, polo que aplicamos os criterios que vimos de expoñer para anotarmos datos o máis aproximados posíbeis aos reais.

3.3.8.2. Frecuencia de actualización

Para obtermos datos sobre a frecuencia de actualización anotamos a data de publicación das últimas cinco publicacións dos blogs. A media de actualizacións por día non é excesivamente baixa, pois sitúase nas 0,44 publicacións por día (unha actualización cada 2,27 días), aínda que a desviación estándar é bastante alta, de 1,1. Se eliminamos os casos atípicos (5% por abaixo e 5% por arriba) a media redúcese até as 0,15 actualizacións por día (unha actualización cada 6,66 días). O 50% dos blogs están por debaixo das 0,09 actualizacións / día (actualízanse menos de unha vez cada 11,11 días), o 25% contan con 0,03 actualizacións por día ou menos (1 actualización cada 33,33 días).




Gráfico 55: Histograma de actualizacións por día

Consideramos que a media de actualizacións por día é aceptábel, mais existen diferenzas moi importantes: desde blogs que presentan 5 actualizacións por día (o máximo que podemos rexistrar, xa que é o número de publicacións que rexistramos), até blogs que se actualizan menos de unha vez cada 100 días e que podemos considerar practicamente inactivos (implican menos dunha actualización por trimestre). Así as cousas, aínda que os valores medios sexan aceptábeis, as grandes diferenzas entre blogs fan que o 75% rexistren menos dunha publicación por semana, unha frecuencia que consideramos moi baixa para os empregar como ferramenta educativa (os datos non

difiren significativamente entre os centros públicos e os privados). Veremos a continuación que acontece con respecto aos outros dous indicadores de actividade que anotamos: comentarios e tipo de autoría (individual ou colectiva).

3.3.8.3. Comentarios




Gráfico 56: Histograma de comentarios por publicación

Os comentarios son un importante indicador do uso que se fai do blogue, xa que a existencia de comentarios implica que o blogue é un espazo de debate non unidireccional, mentres que a súa ausencia denota unidireccionalidade e mesmo falta de persoas lectoras. Para analizarmos este dato anotamos o número de comentarios de cada unha das cinco publicacións analizadas por blogue, para calcularmos despois a media de comentarios por publicación para cada caderno dixital. Será este último dato o que empregaremos para analizarmos os comentarios. Os blogues analizados poden presentar desde 0 comentarios por publicación de media até 36,6. Ao calcularmos a media das medias obtidas para cada blogue obtemos a cifra de 0,26 comentarios por publicación (desviación estándar de 1,61), isto é, os blogues da nosa mostra presentan un comentario cada 3,85 artigos. Ao acurtarmos a media ao 90% para eliminarmos os casos atípicos, o resultado son 0,03 comentarios por publicación ou, o que é o mesmo, un comentario cada 33,33 publicacións. Nos centros públicos a media é de 0,27 (desviación estándar de 1,8) e a media acurtada de 0,03; mentres que nos privados a media é de 0,24 (desviación estándar de 1,01) e a media acurtada de 0,02. Cómpre chamarmos a atención sobre outro dato: só o 19,12% dos blogues da mostra (205) contan con algún comentario

nalgunha das súas publicacións, o 81% restante (867) non contan con ningún comentario en ningunha das cinco publicacións analizadas. Tamén cómpre indicar que o 16% dos blogues da mostra (169) non teñen activada a función de comentarios, e un 3% (32 blogues) téñena activada só para algunhas publicacións. Consideramos que estes blogues (sobre todo o primeiro grupo) están concibidos polas persoas que os administran como medios unidireccionais que non pretenden aproveitar as características propias do medio. Desde o noso punto de vista son un exemplo do traspaso das vellas prácticas aos novos medios. Con todo, se analizamos só os datos do 81% de blogues (871) que teñen os comentarios activados e que, a priori, non se mostran desfavorábeis á participación, os resultados tampouco varían moito: a media de comentarios por publicación sitúase nos 0,26 (desviación estándar de 1,7) e a media acurtada ao 90% nos 0,03 comentarios por entrada.

Dos blogues que teñen os comentarios activados total ou parcialmente, só 205 teñen cando menos un comentario nalgunha das cinco publicacións analizadas, isto é, o 23,51% dos blogues que permiten comentarios e o 19,12% do total de blogues ou, o que é o mesmo, no 80,88% dos blogues da nosa mostra non se rexistra ningún comentario. Se temos en conta só os 205 blogues que teñen algún comentario, a media de comentarios por entrada ascende aos 1,35 (desviación estándar de 3,48), mentres que a media acurtada ao 90% descende até os 0,62. Mesmo nos blogues con máis actividade, a media de comentarios descartando os valores atípicos é inferior a un por publicación. Este baixo número de comentarios agrávase aínda máis se temos en conta que oito dos blogues con comentarios detectamos que todos ou unha parte deles eran comentarios *spam*, isto é, comentarios non relacionados co tema da publicación (especialmente comentarios publicitarios) (*vid.* §2.2.1.2.2.2.1), trátase só do 4,40% dos blogues con comentarios, mais son 9 blogues que presentan unha media de comentarios de 3,58, superior á media global. Se analizamos os datos só dos blogues en que non detectamos *spam* nos comentarios a media de comentarios por entrada descende aos 0,23 (desviación estándar de 1,55), e a media acurtada ao 90% é de 0,03.

Quixemos comprobar tamén se unha maior frecuencia de actualización implicaba unha maior presenza de comentarios. Detectamos que os blogues que se actualizan con máis frecuencia teñen máis comentarios, pois existe unha certa correlación positiva entre estas dúas variábeis, mais cómpre dicir que se trata dunha correlación débil. Ao

calcularmos o coeficiente de correlación de Pearson comprobamos que é de 0,004818025, polo que a relación é moi feble, tal e como nos amosa o valor p que o acompaña (0,8748), que nos indica que as posibilidades de que a diferenza entre as dúas variábeis se deba ao azar é moi alta (Hernández & Almeida, 2005: 237). Analizamos tamén se existía unha diferenza significativa entre o número de comentarios dos blogues que consideramos máis visíbeis (os localizados na páxina de inicio dos centros) e os menos visíbeis (os localizados empregando o buscador ou na listaxe de blogues ou no mapa do sitio en Drupal). Para isto, atribuímoslle un 3 aos blogues máis visíbeis (os localizados na páxina de inicio), un 2 aos seguinte grupo de blogues máis visíbeis (os localizados empregando o buscador Google) e un 1 aos que consideramos menos visíbeis (os localizados nas páxinas feitas con Drupal empregando “/blog” ou “/sitemap”). Ao facermos esta conversión podemos calcular a correlación entre visibilidade e número de comentarios: obtivemos un coeficiente de correlación de Pearson de 0,04303936 e un valor p de 0,591, que nos indica que non existe unha asociación significativa entre as dúas variábeis.

3.3.8.4. Autoría individual e colectiva

Unha das opcións de moitos blogues é a posibilidade de estaren administrados por varias persoas. Consideramos que este é tamén un dato interesante pois, no caso que nos ocupa, indícanos que o blogue é un espazo de participación aberto á comunidade educativa máis alá dos comentarios. Con todo, só rexistramos esta situación en 107 blogues (10% dos blogues da mostra). Deste blogues, 79 tiñan diferentes persoas usuarias administradoras, isto é, cada persoa administradora pode acceder coa súa propia conta ao blogue e publicar; mentres que 28 só tiñan unha persoa administradora, mais os textos estaban asinados por diferentes persoas. No primeiro grupo cada persoa pode publicar o que queira en calquera momento, mais no segundo todos os textos teñen que pasar necesariamente polas mans dunha soa persoa antes de seren publicados. Aínda que é certo que estas situacións poderían variar (no primeiro caso podería ocorrer que unha das persoas tivese máis permisos que as outras e no segundo que todas as persoas compartisen conta e contrasinal) consideramos máis positiva a primeira experiencia, pois, a priori, permite unha participación directa e sen filtros das persoas autoras do blogue.

Dado que os blogues de autoría colectiva implican a participación dun maior número de persoas, quixemos saber se tamén son quen de xeraren máis *feedback*, isto é, se teñen máis comentarios que os blogues de autoría única. Os blogues de autoría única presentan unha media de 0,2 comentarios por entrada (desviación estándar de 0,95) e unha media acurtada ao 90% de 0,02; mentres que os blogues de autoría colectiva teñen unha media de 0,81 comentarios por entrada (desviación estándar de 4,21) e unha media acurtada ao 90% de 0,09. Para calcularmos se a diferenza entre estas dúas medias é significativa, aplicamos en primeiro lugar a proba de Levene, para sabermos se existe ou non homoxeneidade entre as varianzas. Esta proba achéganos un valor p de 0,000205 que nos indica que as varianzas non son homoxéneas, polo que realizaremos unha proba anova unifactorial coa corrección de Welch. Esta proba achéganos un valor p de 0,1392, isto é, a diferenza entre as medias dos dous grupos non é significativa.

Dado que os blogues de autoría colectiva son, a priori, máis abertos á participación dos diferentes membros da comunidade educativa, consideramos que era interesante analizar se estes blogues teñen os comentarios activados en maior medida que os blogues de autoría única. Nestes últimos o 81% dos blogues teñen os comentarios activados, o 16% téñenos desactivados e o 3% parcialmente desactivados; mentres que o 81% dos blogues de autoría colectiva teñen os comentarios activados, o 14% desactivados e o 5% parcialmente desactivados. Para calcularmos se estas diferenzas son significativas empregamos o test Khi cadrado (χ^2) (Hernández & Almeida, 2005: 231 - 234), que nos achega un valor p de 0,1991, superior a 0,05, polo que podemos concluír que a diferenza non é significativa.

3.4. Descrición das tres variábeis lingüísticas

A continuación imos achegar unha descrición xeral dos principais datos lingüísticos que obtivemos ao analizarmos o título, as publicacións e o contido automático. A seguir cruzaremos estas variábeis lingüísticas entre elas e, finalmente, examinaremos a relación entre as variábeis lingüísticas e as non lingüísticas.

3.4.1. Título

Á hora de interpretarmos os datos lingüísticos obtidos das tres variábeis lingüísticas analizadas o primeiro que cómpre termos en conta é que non son necesariamente

monolingües. Así, tanto un título, coma o contido automático, coma unha publicación (ou o conxunto das cinco publicacións analizadas en cada blogue) poden combinar máis dunha lingua. Esta potencialidade dáse en todas as variábeis analizadas, empezando polo título, unha variábel en que rexistramos até catorce opcións lingüísticas diferentes (para alén dun blogue sen contido suficiente no título para determinarmos a lingua en que está escrito). Velaquí un gráfico que resume estes datos:




Gráfico 57: Opcións lingüísticas rexistradas no título dos blogues da mostra

Como podemos observar, a pesar do alto número de opcións lingüísticas rexistradas, só tres supoñen máis do 5% do total e, desas tres, dúas son opcións claramente monolingües. De feito, o 67,82% dos blogues teñen o seu título nunha soa lingua: en galego (47,29%), en español (12,31%), en inglés (4,85%), en francés (2,33%) ou en latín (1,03%). O grupo de blogues co título ambiguo entre español e galego son blogues que non teñen fragmentos de texto o suficientemente extensos no seu título como para determinarmos con exactitude a lingua en que están escritos. Consideramos que o máis probábel é que as persoas administradoras destes blogues quixesen empregar unha soa lingua (probabelmente coincidente coa lingua das publicacións e/ou do contido automático), polo que poderíamos aventurar que este 31,16% de blogues se podería sumar ao 67,82% de blogues cun título monolingüe, o que daría como resultado un 98,98% de blogues co título nunha soa lingua. As opcións lingüísticas restantes só contan con dúas ocorrencias (ambigua (español / galego) - inglés; galego - inglés) ou con unha (ambigua (francés / inglés), español - francés, español - galego - inglés, español - galego - latín, francés - inglés e galego - latín), para alén dun título sen contido suficiente para sabermos a lingua en que está escrito. Na seguinte tabela achegamos un exemplo de cada unha das opcións lingüísticas rexistradas nos títulos:

Opción lingüística	Exemplo
Galego	<i>A viaxe das palabras</i>
Ambigua (español / galego)	<i>Universo de libros</i>
Español	TIC ALBORADA desarrollo Plan Tic del Centro
Inglés	<i>Bilingual Section of Maths</i>
Francés	<i>Ici on parle français</i>
Latín	<i>VERBA VOLANT</i>
Ambigua (español / galego) - Inglés	<i>atletismomercedarias Just another WordPress.com site</i> ⁷³
Galego - Inglés	<i>Physical Education no Guillelme Brown</i>
Ambigua (francés / inglés)	<i>CONSCIENCE</i>
Español - Francés	<i>Français en 2º de la ESO</i>
Español - Galego - Inglés	<i>Escoita... Escucha...Listen...</i>
Español - Galego - Latín	<i>Relixión Católica Xunqueira II Red. religare. religión. releer. re-amar.</i>
Francés - Inglés	<i>ENGLISH/FRANÇAIS</i>
Galego - Latín	<i>Scientia Blog de CMC do IES Pontepedriña</i>
Sen contido suficiente	<i>Dairas</i> ⁷⁴

73 Cómpre indicarmos que nos exemplos da combinación ambigua (español / galego) - inglés o contido en inglés é contido incluído por defecto polo CMS empregado (WordPress), mais trátase de contido modificábel, de aí que o tivésemos en conta para indicarmos que o inglés tamén está presente nesos títulos.

74 Trátase dunha transcripción ao alfabeto latino da forma árabe الدائرة, que literalmente significa 'círculo' ("الدائرة"), mais que tamén é unha unidade administrativa que agrupa varios municipios, empregada especialmente en Alxeria e nos territorios da República Árabe Saharauí Democrática ("Daira"). Este blogue está dedicada a un proxecto audiovisual do IES Manuel García Barros da Estrada, unha curtametraxe de animación sobre a situación do pobo saharauí, e o título fai referencia precisamente a esta unidade administrativa. Non resulta doado tomar unha decisión sobre a lingua en que está o título deste blogue. Trátase dunha palabra árabe transcrita ao alfabeto latino, unha adaptación que non está recollida nos principais dicionarios das linguas máis relevantes na nosa mostra, mais si ten entrada na Wikipedia nalgunhas linguas románicas (español, italiano, catalán). Poderíamos indicar que o título está en árabe, mais non se usan caracteres árabes. Tamén poderíamos considerar este título como unha incorporación ao galego, pois a palabra fai referencia a unha realidade para a que o galego non dispón de ningún termo, e o galego é a lingua das publicacións do blogue. Outra opción sería tratar o título coma un nome propio, pois é o título da curta *Dairas*, realizada polo alumnado deste centro, unha curta arredor da que xira o blogue. Tendo en conta a dificultade de determinarmos a lingua do título, que é ademais o título dunha peza audiovisual (un nome propio), decidimos sinalar que este

Opción lingüística	Exemplo

Tabela 15: Exemplos das opcións lingüísticas rexistradas no título dos blogues da mostra

Na tabela anterior podemos observar exemplos das catorce opcións lingüísticas a que nos referiamos ao comezo, ordenadas segundo a súa frecuencia.




Gráfico 58: Presenza das cinco linguas rexistradas no título dos blogues da mostra

Con todo, podemos observar que nesas catorce opcións lingüísticas só rexistramos cinco linguas diferentes: galego, español, inglés, francés e latín. Se temos en conta todas as opcións lingüísticas en que aparece cada unha delas, obtemos unha distribución coma a do gráfico anterior. Se temos en conta no cálculo das porcentaxes os títulos ambiguos, tal e como acontece nos datos indicados nas tres primeiras barras para cada lingua, as porcentaxes practicamente non difiren das que presentan cada unha destas linguas cando supoñen unha opción lingüística monolingüe. Isto débese a que, como xa apuntamos, as opcións que combinan dúas ou máis linguas son moi minoritarias (supoñen no seu conxunto o 0,84%), polo que o incremento que pode supoñer a aparición de calquera destas linguas nunha opción lingüística bi ou trilingüe non é significativo. Nas tres últimas barras represéntanse os datos tendo en conta só os títulos en que é posíbel identificar a(s) lingua(s), isto é, son porcentaxes calculadas sen ter en conta o 31% de títulos ambiguos. Ao facermos isto observamos que a diferenza entre galego e español pasa dos 35 ao 51 puntos porcentuais, ao tempo que todas as linguas aumentan a súa presenza, de xeito significativo especialmente no caso do galego.

título carecía de contido suficiente para poder determinar a lingua en que está escrito.

Con todo, non podemos esquecer que fica un amplo grupo de blogues (31%) en que o título presenta ambigüidade entre español e galego. Como xa indicamos, consideramos que as persoas administradoras destes blogues non quixeron conscientemente redactar un título ambiguo, senón que parece máis lóxico pensar que se trata de títulos en galego e títulos en español. Se todos estes títulos estivesen concibidos en español, o español achegárase moito ao galego no que se refire á lingua do título, acadando o 43% de representación. Con todo, consideramos que este escenario non é o máis probábel, senón que seguramente estes títulos estean concibidos en español e galego en proporcións máis ou menos semellantes. En calquera caso, a alta porcentaxe de títulos ambiguos entre español e galego fai que os datos lingüísticos dos títulos sexan escasos en moitos casos para nos facermos unha idea dos usos lingüísticos dos blogues da nosa mostra. Imos analizar a continuación o que acontece no caso das publicacións.

3.4.2. Publicacións

3.4.2.1. Análise xeral

A análise do título permítenos chegar a algunhas conclusións sobre os usos lingüísticos nos blogues da nosa mostra, mais trátase de fragmentos de texto moi limitados, de aí que unha porcentaxe importante dos títulos sexan ambiguos en canto á lingua. Porén, a análise das linguas das publicacións pode achegarnos datos máis sólidos, xa que o habitual é que os fragmentos de texto de que dispoñemos para analizar sexan maiores. Contamos con 5049 publicacións rexistradas nos 1072 blogues analizados, menos de 5 publicacións por blogue de media xa que, aínda que todos os blogues contan coa primeira publicación, non todos teñen as restantes: só 1022 contan coa 2, 1002 coa 3, 988 coa 4 e 965 coa 5. Rexistramos nestas 5049 un total de 17 opcións lingüísticas (máis un grupo de publicacións sen contido suficiente para sabermos a lingua en que están escritas). Máis unha vez, a gran maioría destas opcións son monolingües. Neste caso a porcentaxe de publicacións monolingües é maior que a de títulos, pois chega ao 95,29%.




Gráfico 59: Opcións lingüísticas das publicacións dos blogs da mostra

A linguas empregadas nas publicacións monolingües son as seguintes: galego (58,96%), español (26,86%), inglés (26,86%), francés (3,17% con 160 publicacións), portugués (0,12%, 6 publicacións) e alemán (0,02%, 1 publicación). Para alén disto, rexistramos un 3,13% de publicacións (158) ambiguas entre español e galego, polo que poderían estar escritas en calquera destas dúas linguas.

Só o 0,77% das publicacións combinan dúas linguas diferentes, 39 publicacións que presentan 9 combinacións lingüísticas distintas. Velaquí o detalle:

Combinación lingüística	Número de publicacións	Porcentaxe
Español - galego	21	0,42%
Español - inglés	5	0,10%
Alemán - español	4	0,08%
Galego - inglés	4	0,08%
Francés - galego	2	0,04%
Francés - inglés	1	0,02%
Ambigua (galego / español) - inglés	1	0,02%
Ambigua (español / galego) - francés	1	0,02%
Galego - portugués	1	0,02%

Tabela 16: Opcións lingüísticas das publicacións que combinan dúas linguas

Como podemos observar, máis da metade das publicacións escritas en dúas linguas combinan español e galego que son, á súa vez, as dúas linguas máis frecuentes nas publicacións monolingües. Máis afastada están combinacións coma español - inglés, alemán - español, galego - inglés ou francés - galego, mentres que as catro opcións restantes só presentan unha ocorrencia cada unha. Cómpre anotarmos que no caso das

combinacións lingüísticas si incluimos aquelas que teñen unha parte de contido ambiguo e outra nunha lingua claramente diferente (coma ambigua (español / galego) - inglés ou ambigua (español / galego) - francés), xa que nestes casos si que se usan claramente, cando menos, dúas linguas, aínda que nun dos casos non podemos concretar de cal se trata. Só rexistramos unha publicación que combine máis de dúas linguas, en concreto unha publicación en que se mesturan español, galego, inglés e portugués. Fica un 0,77% de publicacións (39) que carecen de contido suficiente para sabermos a lingua en que están escritas.

Aínda que rexistramos 17 opcións lingüísticas diferentes, son só seis as linguas presentes ao longo das 5049 publicacións analizadas (galego, español, inglés, francés, portugués e alemán). Coma no caso do título, imos ver en cantas publicacións están presentes cada unha destas linguas incluíndo aquelas en que son parte dunha combinación lingüística. Velaquí os datos:




Gráfico 60: Detalle das seis linguas rexistradas nas publicacións dos blogues da mostra

O total é un pouco maior en todos os casos, con respecto á presenza destas linguas en publicacións monolingües, xa que todas estas linguas están presentes tamén en actualizacións que combinan dúas ou máis linguas. Con todo, máis unha vez, a proporción segue a ser semellante e non se producen cambios significativos con respecto ás ocorrencias rexistradas só en publicacións monolingües. Así as cousas, tamén nas publicacións o galego é claramente a lingua maioritaria, presente nun 60% do total de publicacións e como lingua única no 59%. Séguela, novamente de lonxe, o español, e teñen moita menos representación o inglés, o francés, o portugués e máis o alemán. O galego é, por tanto, a lingua maioritaria, tanto no título coma nas publicacións dos blogues da nosa mostra. Antes de vermos se se mantén esta tendencia

no contido automático, imos entrar máis en profundidade nas combinacións de opcións lingüísticas que se dan nas publicacións dos blogues da nosa mostra.

3.4.2.2. Combinacións de opcións lingüísticas




Gráfico 61: Distribución dos blogues da mostra seguindo o número de opcións lingüísticas que empregan nas cinco publicacións analizadas

No caso do título e do contido automático temos un só dato por blogue, mais no caso das publicacións temos cinco, xa que analizamos cinco actualizacións de cada blogue. Fixámonos en cinco publicacións por blogue non só nos permite analizarmos a frecuencia de actualización dos blogues (*vid.* §3.3.8.2), senón que tamén nos permite saber se os blogues empregan sempre a mesma opción lingüística nas publicacións ou se, pola contra, hai máis dunha opción lingüística nas publicacións dun mesmo caderno dixital. No que atinxe ao nivel das publicacións, detectamos, como vimos de explicar, un total de 17 opcións lingüísticas. Porén, no nivel dos blogues podemos atopar tres situacións diferentes ao analizarmos as cinco publicacións de cada un: blogues que empregan unha soa opción lingüística, blogues que empregan dúas opcións lingüísticas e blogues que empregan até tres opcións lingüísticas.

Como podemos observar no gráfico 61, unha porcentaxe moi alta dos blogues da nosa mostra usan unha soa opción lingüística nas súas publicacións, mentres que un 22% empregan dúas e só un 4% empregan tres. Imos analizar a continuación as situacións que rexistramos en cada un destes tres grupos.

3.4.2.2.1. Unha opción lingüística

Apreciamos un importante peso do dos blogues que empregan unha soa opción lingüística, mais quere iso dicir que haxa un importante peso do monolingüismo nos blogues da mostra no que atinxe ás súas publicacións? Velaquí a distribución das opcións lingüísticas dos blogues que empregan unha soa opción:




Gráfico 62: Opcións lingüísticas empregadas nas publicacións dos bloques que só empregan unha opción nas cinco publicacións analizadas

Como podemos observar, a maioría dos blogues que empregan unha soa opción lingüística empregan tamén unha soa lingua. De feito, o 98,7% dos blogues que empregan unha soa opción lingüística nas súas cinco publicacións empregan tamén unha soa lingua: galego (63%), español (26%), inglés (7%) ou francés (2,7%). Fican 8 blogues con todas as súas publicacións ambiguas entre español e galego (0,75%) e un blogue que combina español e galego en todas as súas publicacións (0,09%). Así as cousas, o galego non só é a lingua maioritaria nas publicacións dos blogues da nosa mostra (59%), senón que tamén é a maioritaria nos blogues que empregan unha soa opción lingüística nas cinco publicacións analizadas. Estes 506 blogues que teñen todas as súas publicacións en galego supoñen o 47% do total de blogues. Ao analizarmos a relación entre as tres variábeis lingüísticas veremos se estes blogues monolingües en canto ás súas publicacións empregan tamén a mesma lingua no título e no contido automático (*vid.* §3.5).

3.4.2.2.2. Dúas opcións lingüísticas

Canto aos blogues que empregan dúas opcións lingüísticas diferentes nas cinco publicacións analizadas, detectamos até 19 combinacións diferentes nos 226 blogues:




Gráfico 63: Distribución dos blogues que empregan dúas opcións lingüísticas nas publicacións segundo as combinacións rexistradas

Como podemos observar, 16 desas 19 combinacións supoñen menos do 5%. Velaquí estas 16 combinacións detalladas:

Combinacións	Ocurrencias	Porcentaxe
Galego; inglés	6	2,65%
Galego; español - galego	5	2,21%
Español; inglés	3	1,33%
Galego; francés	3	1,33%
Español; español - galego	2	0,88%
Español; español - inglés	2	0,88%
Español; francés	2	0,88%
Francés; francés - galego	2	0,88%
Alemán - español; alemán	1	0,44%
Francés; francés - inglés	1	0,44%
Galego; ambigua (español / galego) - inglés	1	0,44%
Galego; español - galego - inglés - portugués	1	0,44%
Galego; galego - inglés	1	0,44%
Galego; portugués	1	0,44%
Inglés; ambigua (español / galego)	1	0,44%
Inglés; galego - inglés	1	0,44%

Tabela 17: Combinacións cun peso inferior ao 5% nos blogues que empregan dúas opcións lingüísticas nas cinco publicacións analizadas

A primeira vista podemos detectar que o galego e o español son as linguas que se atopan na maioría das combinacións que se dan nestes blogues. Aínda así, este dato pode ser enganoso, pois imaxinemos que os blogues que combinan español e galego teñen unha

publicación en galego e catro en español. Neste caso o peso do español sería moito maior que o do galego dentro deses blogs, mais esta diferenza non se reflicte nos datos que vimos de analizar. Por esta razón cómpre irmos máis alá e analizarmos en que proporcións se combinan as linguas nestas combinacións lingüísticas:




Gráfico 64: Distribución dos blogs que empregan dúas opcións lingüísticas nas publicacións segundo a presenza de cada unha das linguas rexistradas no total das publicacións

Estes 226 blogs reúnen un total de 1095 publicacións en que se rexistran as seis linguas que citamos anteriormente. No gráfico anterior amosamos como se reparten esas seis linguas ao longo das publicacións, indicando na primeira columna de cada grupo o número total de publicacións en que aparecen, mentres que nas outras dúas aparece esta información detallada segundo sexan a lingua única da publicación ou estean combinadas con outra opción lingüística. Podemos observar que a distribución é moi semellante á que vimos de explicar para as combinacións lingüísticas, pois o galego non só é a lingua que aparece na maior parte desas combinacións, senón que tamén é a lingua que aparece na maioría das publicacións dos blogs que combinan dúas opcións lingüísticas. Coma no caso anterior, a seguinte lingua en importancia é o español, seguida de lonxe polo inglés, o francés, o portugués e mais o alemán. Outro dato que podemos tirar deste gráfico é que, agás no caso do alemán, a maioría das publicacións que conteñen estas linguas son publicacións escritas integramente nunha soa lingua. A diferenza é especialmente notábel no caso do galego e do español, en que a práctica totalidade das publicacións en que aparecen son publicacións en que son lingua única. Esta diferenza non é tan pronunciada no resto de linguas, mais tamén cómpre termos en conta que o número de ocorrencias destoutas linguas é moi pequeno. No caso do alemán, a única lingua en que se dá a situación inversa, trátase de cinco publicacións procedentes dun só blogue dedicado á didáctica da lingua alemá (*IES As Lagoas -*

Departamento de Alemán). Dado que é unha lingua estranxeira pouco estudada no ensino secundario no noso contexto, parece esperábel que o alumnado necesite en maior medida o uso dunha lingua coñecida para poder acceder aos contidos en alemán. De feito, catro das cinco publicacións analizadas neste blogue conteñen o mesmo texto en alemán e español.

3.4.2.2.3. Tres opcións lingüísticas




Gráfico 65: Distribución dos blogues que empregan tres opcións lingüísticas nas publicacións segundo as combinacións rexistradas

Para rematarmos a análise da lingua das publicacións cómpre detérmonos nos blogues que combinan tres opcións lingüísticas. Estas combinacións só se rexistran en 39 blogues (3,64% da mostra) e presentan a distribución reflectida no gráfico anterior. Amosamos na seguinte tabela o detalle das opcións que supoñen menos do 5%:

Opción lingüística	Ocorrencias	Porcentaxe
Español; Francés; Ambigua (Español / Galego) - Francés	1	2,56%
Español; Inglés; Ambigua (Español / Galego)	1	2,56%
Galego; Inglés; Francés	1	2,56%
Galego; Portugués; Galego - Portugués	1	2,56%
Inglés; Francés; Español - Inglés	1	2,56%

Tabela 18: Número de blogues en que se rexistran as combinacións lingüísticas empregadas nas publicacións dos bloques que usan tres opcións diferentes nas cinco publicacións analizadas (combinacións que supoñen menos do 5%)

Podemos observar que, na maioría dos casos, aínda que hai unha combinación de tres opcións lingüísticas diferentes, só se combinan dúas linguas. Por exemplo, o grupo máis importante é o dos blogues que combinan español, galego e publicacións ambiguas entre español e galego. Trátase, por tanto, dunha combinación de tres opcións lingüísticas que, en realidade, supón a combinación de dúas linguas: español e galego. O

mesmo acontece co segundo grupo en importancia, “español; galego; español - galego”, que combina só dúas linguas, igual que nas combinacións “galego; inglés; galego - inglés” e “galego; portugués; galego - portugués”. Noutros casos a presenza de opcións ambiguas podería facer que se estivesen a empregar ata tres linguas, como acontece nas combinacións “galego; inglés; ambigua (español / galego)”, “español; francés; ambigua (español / galego) - francés” e “español; inglés; ambigua (español - galego)”, mais é un dato que non podemos saber. Finalmente, combinan tres linguas só dous blogues que presentan as opcións “galego; inglés; francés” e “inglés; francés; español - inglés”.

Con todo, estes datos só nos indican o número de blogues en que aparece cada combinación, mais para sabermos o peso do uso de cada lingua cómpre irmos máis alá e analizarmos a proporción da presenza de cada unha das linguas rexistradas ao longo das cinco publicacións de cada un destes 39 blogues, como fixemos no caso anterior. Estes 39 blogues conteñen un total de 190 publicacións en que as linguas se distribúen como se amosa no gráfico 66. Máis unha vez vólvese repetir o mesmo esquema que xa coñecemos: o galego é a lingua maioritaria, seguida do español e, máis de lonxe, do inglés, do francés e do portugués, aínda que neste caso o alemán non está presente. Para alén diso, a maioría das publicacións en que cada unha das linguas está presente son publicacións en que son lingua única, mentres que as publicacións que combinan máis dunha lingua son minoritarias.




Gráfico 66: Publicacións en que aparece cada unha das linguas rexistradas nos blogues que combinan tres opcións lingüísticas ao longo das cinco publicacións analizadas

Despois de analizarmos dos datos sobre as opcións lingüísticas empregadas nas publicacións dos blogues, comprobamos que o galego é sempre a lingua maioritaria, seguida sempre do español, o inglés, o francés, o portugués e, en último lugar, o alemán.

Así as cousas, as dúas variábeis lingüísticas analizadas até agora parecen revelar que, desde unha perspectiva xeral, o galego é a lingua con máis presenza nos blogues didácticos do ensino secundario galego. Analizaremos a continuación o que acontece co contido automático dos blogues.

3.4.3. Contido automático




Gráfico 67: Opcións lingüísticas do contido automático

Outro dato lingüístico de interese é o da lingua do contido automático, isto é, do contido predeterminado polo CMS empregado para xestionar o blogue (*vid.* §3.2.3.1.3). Neste caso os datos presentan un gran contraste coa lingua do título e mais coa lingua das publicacións, pois a lingua máis frecuente é o español (63%), seguida do galego (16%), da combinación galego - inglés (6%) e do inglés (5%), mentres que nos dous casos anteriores é o galego a lingua maioritaria. Finalmente fica un 10% de blogues que presentan outra lingua ou combinacións lingüísticas inferior ao 5%. Dentro desta categoría atópanse a combinación español - inglés (4,20%), o portugués (3,08%), o francés (2,15%) e o catalán (0,09%, unha soa ocorrencia).

No gráfico 68 detallamos a presenza de cada unha destas linguas ao longo do contido automático dos blogues, indicando a presenza total e detallando, nas dúas columnas seguintes, o número de blogues en que son lingua única e o número de blogues en que forman parte dunha combinación lingüística. Como podemos observar, estes datos son moi diferentes dos que vimos de ver para o título e para as publicacións. Neste caso a lingua máis rexistrada é o español e non o galego, mentres que o galego está no segundo posto, mais a unha distancia moi importante do español. Porén, a distancia que ten coa seguinte lingua en importancia, o inglés, non é moi ampla, cando en casos anteriores o

inglés ocupaba sempre o terceiro posto, mais a moita distancia das dúas primeiras linguas.




Gráfico 68: Porcentaxe de blogs en que aparece cada unha das seis linguas rexistradas no contido automático

Observamos outro dato que chama a nosa atención: en case todas as linguas os blogs en que son lingua única supoñen a totalidade ou case a totalidade dos blogs en que está presente esa lingua, mais observamos que no inglés son os blogs en que está combinado con outras linguas os que supoñen a maioría dos blogs que empregan esta lingua no contido automático. Son 104 ocorrencias que nos indican que o inglés aparece sempre combinado co galego ou co español (59 máis 45, respectivamente), como xa vimos ao explicarmos os datos do anterior gráfico. Así as cousas, no contido automático observamos varios datos estraños, que non casan cos datos que analizamos até agora. Que pode explicar que os usos lingüísticos nos títulos e nas publicacións sexan moi semellantes, mais que no contido automático se produzan estas variacións tan importantes? O feito de que as persoas administradoras dos blogs empreguen máis ou menos as mesmas opcións lingüísticas en dúas variábeis, mais muden completamente o seu criterio noutra parece indicar que existe algún outro factor, alleo á vontade das persoas administradoras dos blogs, que está a entrar en xogo. A principal diferenza entre o título e as publicacións, por unha banda, e o contido automático, por outra, é que os primeiros son contidos completamente editábeis polas persoas administradoras dos blogs, mentres que o último é un contido configurábel, mais só até certo punto e con limitacións que establece o CMS, como xa explicamos (*vid.* §3.2.3.1.3). A nosa hipótese é, por tanto, que estas diferenzas entre os usos lingüísticos do contido automático fronte aos do título e os das publicacións están relacionadas co CMS empregado para crear e xestionar os blogs. Tamén chama a nosa atención que existan

dúas combinacións lingüísticas no contido automático, galego - inglés e español - inglés, e que as dúas teñan contido parcialmente en inglés. Consideramos que, tamén nestes casos, o CMS empregado xoga un papel importante para entendermos as razóns por que se dan estas situacións. Comprobaremos se isto é así ou non ao analizarmos a relación entre as variábeis lingüísticas e o CMS empregado polos blogues, dentro do punto dedicado á relación entre variábeis lingüísticas e variábeis non lingüísticas (*vid.* §3.6).

Neste primeiro achegamento aos datos lingüísticos dos blogues da nosa mostra puidemos comprobar que rexistramos até oito linguas diferentes nos seus contidos: cinco no título (galego, español, inglés, francés e latín), seis nas publicacións (galego, español, inglés, francés, portugués e alemán) e outras seis no contido automático (galego, español, inglés, francés, portugués e catalán). Estas oito linguas combínanse de diferentes xeitos entre elas en cada unha das variábeis lingüísticas estudadas, mais existe unha coincidencia clara entre o título e as publicacións: o galego é a lingua máis empregada, seguida do español e, máis de lonxe, do inglés do francés. Porén, estes datos chocan cos rexistrados para o contido automático, unha variábel en que o español é, con diferenza, a lingua máis empregada, seguida do galego, do inglés, do francés, do portugués e do alemán. Veremos máis adiante se o CMS dos blogues é un factor que nos permita explicar esta importante diferenza entre as dúas primeiras variábeis e a última (*vid.* §3.6.7). Con todo, se realizamos a media da presenza de cada unha das oito linguas nas tres variábeis lingüísticas, comprobamos que o galego segue a ser a lingua con máis peso, seguida de preto do español e, máis de lonxe, do inglés, do francés, do portugués, do latín, do alemán e, finalmente, do catalán. Velaquí o gráfico que, a modo de recapitulación, detalla estes datos e resume a presenza das linguas rexistradas nos blogues da nosa mostra en cada unha das variábeis analizadas:




Gráfico 69: Resumo da análise das tres variábeis lingüísticas

3.5. Relacións entre as variábeis lingüísticas




Gráfico 70: Distribución dos blogues da lingua segundo o número de opcións lingüísticas que empreguen nas tres variábeis lingüísticas estudadas

Despois de analizarmos por separado cada unha das variábeis lingüísticas estudadas nos blogues da nosa mostra, vimos que parece existir unha coherencia no uso das linguas entre dúas delas, aínda a terceira presenta datos diferentes. Por iso consideramos que o seguinte paso para afondarmos na nosa análise é detérmonos en como se combinan as opcións lingüísticas das tres variábeis nos 1072 blogues da mostra. Amosamos no gráfico anterior a distribución dos 1072 blogues da nosa mostra segundo empreguen unha opción lingüística, dúas ou tres nas tres variábeis estudadas. Como podemos observar, só no 23% dos casos os blogues empregan a mesma opción lingüística no título, nas publicacións e no contido automático. O grupo máis numeroso é o dos blogues que empregan dúas opcións lingüísticas nas tres variábeis estudadas, seguido dos que empregan tres, isto é, os que empregan unha opción lingüística en cada variábel. O feito de que o grupo máis numeroso sexa o dos blogues que empregan dúas

opcións lingüísticas nas tres variábeis estudadas é coherente cos datos que presentamos no punto anterior, pois lembremos que había un alto grao de coincidencia entre o título e as publicacións, mais os usos lingüísticos destas dúas variábeis eran moi diferentes dos do contido automático. Neste caso imos realizar a nosa análise non desde o grupo máis numeroso até o menos representativo, senón desde o máis sinxelo até o máis complexo, polo que comezaremos polos blogs que empregan unha opción lingüística, seguiremos polos que empregan dúas e remataremos cos que empregan tres, pois consideramos que deste xeito a exposición da análise será máis clara.

3.5.1. Unha opción lingüística




Gráfico 71: Opcións lingüísticas empregadas polos blogs en que coinciden as tres variábeis lingüísticas analizadas

Como vimos de explicar, só un 23% dos blogs da mostra presentan coincidencia entre a opción lingüística do título, a das publicacións e a do contido automático. Amosamos no gráfico anterior as opcións lingüísticas empregadas polos blogs en que coinciden as tres variábeis lingüísticas analizadas. Podemos observar todos estes blogs son completamente monolingües, pois non rexistramos ningunha opción lingüística que implique a combinación de dúas ou máis linguas. Para alén disto, nos blogs monolingües o galego é a lingua con maior peso, pois supón case a metade destes blogs e o 11% do total de blogs da mostra. En segundo lugar atópanse os blogs completamente monolingües en español, seguidos dos monolingües en inglés e, finalmente, dos monolingües en francés. Esta distribución coincide coas que vimos para o título e para as publicacións ao analizarmos cada unha destas variábeis de xeito

individual, aínda que, como vimos, difire dos datos do contido automático, unha variábel que presenta uns usos lingüísticos diferentes das dúas anteriores.

3.5.2. Dúas opcións lingüísticas

Como xa vimos, o grupo máis numeroso é o dos blogues que empregan dúas opcións lingüísticas diferentes nas tres variábeis analizadas. Para analizarmos este grupo de blogues cómpre preguntármonos primeiro cales son as variábeis en que se produce a coincidencia. Velaquí a resposta:




Gráfico 72: Distribución dos blogues que empregan dúas opcións lingüísticas segundo as variábeis coincidentes

Como podemos observar, máis da metade destes blogues presentan a mesma opción lingüística nas publicacións e no título, un dato coherente co que vimos de ver para estas dúas variábeis de xeito individual, pois son as variábeis que presentan unha maior coincidencia entre elas, mentres que o contido automático rexistra usos lingüísticos diferentes. O segundo grupo máis numeroso é o dos blogues en que coinciden o contido automático e as publicacións e, finalmente, o dos blogues en que coinciden o contido automático e o título. A continuación imos analizar a distribución das opcións lingüísticas en cada un destes grupos. Para isto, analizaremos primeiro a opción lingüística das variábeis coincidentes, para centrámonos despois nas combinacións que se dan entre as variábeis coincidentes e a non coincidente.

3.5.2.1. Coincidencia entre o título e as publicacións

3.5.2.1.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes

Como vimos de indicar, son 256 os blogues da nosa mostra en que coincide a opción lingüística do título coa das publicacións. Estes 256 blogues supoñen o 56% dos blogues en que coinciden dúas opcións lingüísticas e o 24% do total da mostra. Como podemos observar no gráfico 73, no 88% dos blogues a opción lingüística do título e das publicacións é o galego, o que supón case a totalidade dos blogues deste grupo. Teñen menos peso outras opcións coma o inglés, e son aínda máis reducidas o español (3,13%), o francés (2,34%) ou as publicacións ambiguas entre español e galego (0,39%).




Gráfico 73: Opcións lingüísticas das publicacións e do título rexistradas nos blogues en que coinciden estas dúas variábeis

3.5.2.1.2. Combinacións

No seguinte gráfico representamos as combinacións lingüísticas que se dan entre as dúas variábeis coincidentes (título e publicacións) e a non coincidente (contido automático). As opcións lingüísticas de cada variábel están separadas por unha barra vertical (|): a primeira é a opción lingüística do título, a segunda a das publicacións e a terceira a do contido automático:




Gráfico 74: Combinacións de opcións lingüísticas entre as variábeis coincidentes e a non coincidente nos blogues en que coinciden o título e as publicacións

En todas as combinacións lingüísticas representativas o galego é a lingua do título e das publicacións, algo coherente co que vimos no gráfico anterior, mentres que o español é a lingua do contido automático case nun 60% dos casos, seguido da combinación galego - inglés e do portugués. As combinacións que representan menos do 5% son as seguintes:

Combinacións	Número de blogues	Porcentaxe
Galego Galego Español - Inglés	11	4,30%
Inglés Inglés Español	11	4,30%
Galego Galego Inglés	7	2,73%
Francés Francés Español	6	2,34%
Español Español Español - Inglés	4	1,56%
Español Español Inglés	4	1,56%
Inglés Inglés Español - Inglés	4	1,56%
Ambigua (español / galego) Ambigua (español / galego) Español	1	0,39%
Galego Galego Catalán	1	0,39%

Tabela 19: Combinacións de opcións lingüísticas inferiores ao 5% nos blogues en que coinciden as publicacións e o título

Se detallamos as opcións lingüísticas do contido automático destes blogues, obtemos o gráfico 75. O primeiro dato que chama a nosa atención é que o español sexa, como xa deducimos do gráfico anterior, a lingua maioritaria do contido automático dun grupo de blogues que empregan maioritariamente o galego no seu título e nas súas publicacións, mentres que o galego só está presente no contido automático dun 14% dos blogues, en que se mestura galego e inglés no contido automático. Rexistramos tamén un 8% de blogues co contido automático en portugués e un 8% de blogues en que se combina

español e inglés. Finalmente, baixo a categoría *outras* están os blogues co contido automático en inglés (11 blogues) e un blogue co contido automático en catalán. Así as cousas, se sumamos os blogues en que é lingua única e os blogues en que é parte dunha combinación lingüística, o español está presente no contido automático do 73,44% destes blogues, o inglés no 25,39%, o galego no 13,67%, o portugués no 8,20% e o catalán no 0,39%.




Gráfico 75: Opcións lingüísticas do contido automático dos blogues en que coinciden a opción lingüística do título e a das publicacións

Se nos cinguimos só aos blogues que empregan o galego nas publicacións e no título, a distribución das opcións lingüísticas do contido automático non difire moito do total, como era de esperar:

Opción lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Español	151	66,81%
Galego - Inglés	35	15,49%
Portugués	21	9,29%
Español - Inglés	11	4,87%
Inglés	7	3,10%
Catalán	1	0,44%

Tabela 20: Opcións lingüísticas do contido automático dos blogues co título e as publicacións en galego

A presenza do galego é mínima, rexístrase só nun 15,49% das combinacións, casos en que aparece sempre en combinación co inglés, mentres que máis da metade destes blogues teñen o seu contido automático en español. Este é un dato que chama moito a nosa atención, pois non é esperábel que blogues que teñen os seu título e as súas publicacións integramente en galego teñan o seu contido automático maioritariamente

en español. Con todo, esta alta presenza do español no contido automático non é algo exclusivo dos blogues co título e as publicacións en galego, senón que tamén se dá nos que teñen estes contidos en inglés (11 blogues co contido automático en español e 4 que combinan español e inglés) ou en francés (os 6 blogues deste grupo teñen o seu contido automático en español). Finalmente, son só 8 os blogues co título e as publicacións en español, dos que a metade teñen o seu contido automático en inglés e a outra metade en español e inglés. A primeira vista parece que estas situacións son un pouco estrañas, especialmente no tocante á alta presenza do español na lingua do contido automático de blogues que teñen o resto dos seus contidos noutras linguas. Con todo, isto é algo que xa esperabamos despois de analizarmos as variábeis lingüísticas por separado, pois xa puidemos comprobar que o peso do español como lingua do contido automático é moito maior que nas outras dúas variábeis (*vid.* §3.4.3). Neste punto cómpre lembrarmos que o título e as publicacións dos blogues son contidos que as persoas administradoras poden editar integramente, mais no caso do contido automático só poden realizar certas configuracións para elixir como se amosa ese contido automático, mais non editalo directamente. As configuracións que se poden realizar dependen do CMS empregado e, dado o estraño da situación, a nosa hipótese é que os CMS empregados para a creación e xestión dos blogues puideron xogar algún papel neste sentido. Con todo, comprobaremos esta hipótese ao cruzarmos a variábel non lingüística do CMS coas variábeis lingüísticas (*vid.* §3.6.7).

Para rematar, se anotamos os blogues en que está presente cada unha das linguas rexistradas, en calquera das variábeis lingüísticas, e a porcentaxe de combinacións (dun total de 12), obtemos os datos representados no gráfico 76. Na primeira columna de cada lingua reflíctese a porcentaxe de presenza desa lingua no grupo de blogues en que a opción lingüística do título coincide coa das publicacións, mentres que na segunda reflíctese a porcentaxe de combinacións lingüísticas en que está presente esa lingua (os datos refírense, como indicamos, ás 12 combinacións rexistradas no grupo de blogues en que a opción lingüística do título coincide coa das publicacións). Podemos observar que estes datos son coincidentes coa tendencia xeral: o galego é a lingua presente en máis blogues, seguida do español e, máis de lonxe, do inglés, do portugués, do francés e do catalán, que só se rexistra no contido automático dun blogue.




Gráfico 76: Presenza das seis linguas rexistradas nos blogues e nas combinacións lingüísticas dos blogues en que a opción lingüística do título coincide coa do contido automático

No punto dedicado á relación entre as variábeis lingüísticas e os CMS empregados para a creación e xestión dos blogues intentaremos explicar tamén as razóns polas que rexistramos o portugués ou o catalán no contido automático dalgúns blogues que teñen o seu título e as súas publicacións en galego (vid. §3.6.7). Con todo, se atendemos ao dato da porcentaxe de combinacións lingüísticas en que está presente cada lingua parecen existir dous grupos: linguas que están presentes nunha porcentaxe maior de blogues que de combinacións (galego e español) e linguas que están presentes nunha porcentaxe maior de combinacións que de blogues (as linguas restantes), para alén do caso do portugués en que a porcentaxe é a mesma nos dous casos. O que nos revelan estes datos é que o galego e o español están presentes nas combinacións lingüísticas que se dan nun maior número de blogues, mentres que o resto das linguas están presentes en combinacións lingüísticas máis minoritarias. Un exemplo claro é o do inglés, rexistrado só no 30% dos blogues, mais no 58% das combinacións lingüísticas, unha porcentaxe maior que o 50% do galego, presente no 88% dos blogues. En resumo, decidimos amosar a porcentaxe de presenza nas combinacións lingüísticas á par da dos blogues para podermos apreciar que as linguas con menor presenza nos blogues adoitan estar repartidas entre un maior número de combinacións lingüísticas, mais trátase das combinacións máis minoritarias.

3.5.2.2. Coincidencia entre as publicacións e o contido automático

3.5.2.2.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes




Gráfico 77: Opcións lingüísticas empregadas nos blogues en que coincide a opción do contido automático coa das publicacións

A opción lingüística das publicacións e do contido automático é a mesma en 131 blogues, o 29% dos blogues en que coinciden dúas variábeis lingüísticas e 12% do total de blogues da mostra. Tres cuartas partes dos blogues que empregan a mesma opción lingüística no contido automático e nas publicacións empregan o español, mentres que un 20% empregan o galego, un 3,05% o inglés e un 2,29% o francés. Ao ser o español a lingua maioritaria do contido automático (*vid.* §3.4.3), é esperábel tamén que teña un peso importante nos casos de coincidencia entre a opción lingüística do contido automático e a das outras variábeis lingüísticas, neste caso, a das publicacións.

3.5.2.2.2. Combinacións

No seguinte gráfico amosamos as combinacións de opcións lingüísticas entre as variábeis coincidentes (publicacións e contido automático) e a non coincidente (título). Coma no caso anterior, as opcións están separadas por barras verticais: a primeira é a opción lingüística do título, a segunda a das publicacións e a terceira a do contido automático:




Gráfico 78: Opcións lingüísticas do contido automático dos blogues en que coinciden a opción lingüística do contido automático e a das publicacións

Podemos observar a primeira vista que na maioría dos casos a opción non coincidente é ambigua (español / galego), e non coincide con outras dúas variábeis que están en español (54%) ou en galego (18%). O máis probábel é que, nestes casos, o título estea en español ou en galego coincidindo coa lingua das dúas outras variábeis, mais é algo que non podemos aseverar con certeza partindo dos datos que nos achegan os blogues. As opcións cun peso inferior ao 5% son as seguintes:

Combinacións	Número de blogues	Porcentaxe
Ambigua (español / galego) Francés Francés	2	1,53%
Ambigua (español / galego) - Inglés Español Español	2	1,53%
Ambigua (español / galego) Inglés Inglés	2	1,53%
Español - Francés Francés Francés	1	0,76%
Español - Galego - Latín Español Español	1	0,76%
Español Inglés Inglés	1	0,76%
Galego - Inglés Galego Galego	1	0,76%
Galego Inglés Inglés	1	0,76%
Inglés Español Español	1	0,76%
Inglés Galego Galego	1	0,76%
Latín Español Español	1	0,76%
Latín Galego Galego	1	0,76%

Tabela 21: Combinacións de opcións lingüísticas inferiores ao 5% nos blogues en que coinciden as publicacións e o contido automático




Gráfico 79: Opción lingüística do título dos blogues en que coincide a opción do contido automático coa das publicacións

Para deixarmos máis claro o que acontece, amosamos no gráfico anterior a distribución das opcións lingüísticas da variábel non coincidente nestes blogues, o título. Tres cuartas partes destes blogues teñen un título ambiguo entre español e galego, mentres que un 18% teñen o título en galego, para alén de sete opcións lingüísticas máis que supoñen menos do 5%:

Opción lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Ambigua (español / galego) - inglés	2	1,53%
Inglés	2	1,53%
Latín	2	1,53%
Español	1	0,76%
Español - francés	1	0,76%
Español - galego - latín	1	0,76%
Galego - inglés	1	0,76%

Tabela 22: Opción lingüística do título dos blogues en que coincide a opción do contido automático e a das publicacións (grupos inferiores ao 5%)

Ao analizarmos a lingua do título dos blogues da mostra podíamos observar que un 31% dos blogues (334) tiñan un título ambiguo entre español e galego (*vid.* §3.4.1), mais non aparece esta opción lingüística con tanta frecuencia nas publicacións e no contido automático (*vid.* §3.4.2 e §3.4.3). Isto débese a que o título adoita ser un fragmento de texto moi curto polo que, en moitas ocasións, non podemos determinar se está en español ou en galego. Con todo, isto non acontece con tanta frecuencia nas publicacións, fragmentos de texto que adoitan ser máis extensos, polo que é máis doado determinar con exactitude a lingua ou linguas en que están escritas. No caso do contido automático estamos tamén perante fragmentos de texto curtos, mais non adoitan ser ambiguos (son contidos do tipo “deixar un comentario”, “non hai comentarios” etc., que

non presentan ambigüidade entre español e galego). Así as cousas, non nos resulta estraño que exista unha alta porcentaxe de blogs en que coincide a opción lingüística das publicacións e mais a do contido automático, mais que presentan un título ambiguo (probabelmente coincidente coa opción das outras dúas variábeis lingüísticas). Se analizamos os datos por linguas, o galego é a lingua máis numerosa, presente no 19,08%, seguida do español e do inglés co 2,29% cada unha, e do latín e do francés co 0,76% nos dous casos.




Gráfico 80: Linguas rexistradas nos títulos dos blogs que empregan a mesma opción lingüística no contido automático e nas publicacións

No gráfico 80 podemos observar a distribución das cinco linguas rexistradas nos títulos destes blogs (tendo en conta os casos en que aparecen como lingua única e os casos en que aparecen como parte dunha combinación lingüística). Na primeira columna de cada lingua amósanse as porcentaxes totais, na segunda as referidas só ao grupo de blogs co contido automático e as publicacións en galego, na terceira aos blogs co contido automático e as publicacións en español, na cuarta aos que empregan o inglés nestas dúas variábeis e na quinta aos que empregan o francés. A suma das porcentaxes de cada grupo dá sempre resultados inferiores ao 100%, mais lembremos que existían un 75% de blogs co título ambiguo ente español e galego que non están incluídos nos datos do gráfico.

O galego é a lingua con máis presenza no título deste grupo de blogs (19% do total), mais non especialmente nos blogs en que o galego está presente no contido automático e nas publicacións (4% dos blogs co contido automático e as publicacións en galego), senón que onde está máis presente é nos blogs en que o contido

automático e as publicacións están total ou parcialmente en español (23% dos blogues co contido automático e as publicacións en español). Trátase só de 22 blogues en que non entraremos a xulgar a ausencia do galego do contido automático, algo que pode ser atribuíbel ao CMS, como xa viñemos apuntando, mais a aparición do galego no título e a súa ausencia nas publicacións parece indicar un uso prexuízoso da lingua, pois emprégase nun fragmento curto de texto, mais non parece considerarse apto como lingua de traballo das publicacións. Cremos que detrás desta situación está a ampla difusión que durante anos se lle deu ao que se deu en chamar *bilingüismo harmónico* ou *bilingüismo cordial*, unha política lingüística promovida por todos os gobernos galegos do PP (Freixeiro, 2010: 29 - 31) e reforzada recentemente co *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (vid. §1.3). Esta política lingüística xoga coa confusión entre os conceptos de igualdade de trato e igualdade de dereitos para manter a subordinación do galego fronte ao castelán, pois consiste en lle dar o mesmo pulo á lingua propia (dominada) e ao castelán (dominante), de xeito que as súas situacións sigan unha evolución “natural”, que non é outra que a do mantemento dos status de dominante e dominada, prexudicando as persoas falantes desta última, que ven como cada vez é máis difícil desenvolveren a súa vida completamente na súa lingua. Cando se proclama o *bilingüismo harmónico* como algo que favorece a igualdade cómpre matizar que se está a falar de igualdade de trato, que non implica máis ca unha desigualdade de dereitos que prexudica ás persoas galegofalantes, de aí que autoras coma Pilar García Negro empreguen a etiqueta de *bilingüismo abrasivo* (2009: 43). Tendo en conta isto, o simple uso das dúas linguas de xeito equilibrado está prexudicando o galego, mais nestes casos non só se empregan as dúas linguas, dominada e dominante, senón que o galego está reducido a unha presenza testemuñal ao só aparecer no título dos blogues.

As catro linguas restantes teñen unha presenza moi pequena no título dos blogues: tanto español coma inglés están presentes só no 2% do total dos blogues en que o contido automático e as publicacións empregan a mesma lingua, mentres que o francés e o latín só están presentes no 1%. Chama a nosa atención que o inglés estea presente no título do 8% dos blogues que teñen o contido automático e mais as publicacións en galego ou que o latín sexa a lingua do título do 4% deste mesmo grupo. Con todo, cómpre sinalar que se trata só de dúas ocorrencias no primeiro caso (nunha o inglés é lingua única e na outra combínase galego e inglés), e unha no segundo. Insistimos en que o feito de que a

suma das partes non dea 100 débese a que só estamos analizando o 25% dos títulos, os únicos dos que temos datos lingüísticos concretos, pois lembremos que o 75% dos títulos dos blogues en que a opción lingüística do contido automático coincide coa das publicacións son ambiguos entre español e galego. A ambigüidade entre español e galego está presente no 76% dos títulos (75% de títulos totalmente ambiguos e 2% de títulos en que fragmentos ambiguos se combinan co inglés). Dentro dos blogues que presentan ambigüidade no título, a lingua do contido automático e das publicacións é o español no 73% dos casos, seguida do galego no 23% e, con moito menos peso, do francés e do inglés (2% nos dous casos). Así as cousas, é probábel que no 73% deses blogues a intención da persoa administradora fose a de elaborar un título en español, e no 23% a de elaborar un título en galego. Con todo, insistimos en que este tipo de interpretacións só poden ser conxecturas tendo en conta os datos de que dispoñemos. En termos xerais, nos blogues en que a opción lingüística do contido automático coincide coa das publicacións, o español é a lingua con máis peso, pois está presente no 75% do contido automático e das publicacións. Con todo, insistimos en que estes datos, que contrastan cos datos xerais en que o galego é a lingua máis importante das publicacións e dos títulos, débense ao feito de ser o español a lingua maioritaria do contido automático, algo que coidamos que ten que ver cun factor externo á elección lingüística da persoa administradora do blogue: o CMS empregado (*vid.* §3.6.7).




Gráfico 81: Presenza das seis linguas rexistradas nos blogues e nas combinacións lingüísticas dos blogues en que a opción lingüística das publicacións coincide coa do contido automático

Finalmente, coma no caso anterior, imos ver que acontece se analizarmos a porcentaxe total de blogues en que están presentes as cinco linguas rexistradas, tendo en conta as

tres variábeis lingüísticas, á par da súa porcentaxe de aparición nas 15 combinacións lingüísticas rexistradas para as tres variábeis destes blogues (gráfico 81).

O español é, con diferenza, a lingua que está máis presente ao longo das tres variábeis lingüísticas analizadas neste grupo de blogues, como acontecía ao analizarmos as opcións lingüísticas das variábeis coincidentes (publicacións e título). En segundo lugar atópase, a bastante distancia, o galego, seguido máis de lonxe do inglés, do francés e do latín. Neste caso podemos observar que só o español está presente nunha porcentaxe maior de blogues que de combinacións, isto é, é a única lingua que está presente en maior medida nas combinacións que se dan en máis blogues. Porén, neste grupo o galego únese ao resto de linguas, que se rexistran nunha porcentaxe maior de combinacións que de blogues, o que quere dicir que son linguas que están repartidas entre máis combinacións diferentes, mais combinacións cun número baixo de rexistros.

3.5.2.3. Coincidencia entre o título e o contido automático

3.5.2.3.1. Opcións lingüísticas das variábeis coincidentes




Gráfico 82: Opcións lingüísticas dos blogues en que coincide a opción do contido automático coa do título

O título e o contido automático teñen a mesma opción lingüística en 67 blogues, o 15% dos blogues en que coinciden dúas opcións lingüísticas e o 6% do total de blogues da mostra. Podemos observar no gráfico 82 que o español é a lingua maioritaria nestas variábeis, seguida do galego e, con menos representación, do francés e do inglés. Como no caso anterior, non nos debe estrañar a alta presenza do español en blogues en que a

opción lingüística do contido automático coincide con outras, coa do título neste caso, xa que o español é a lingua maioritaria do contido automático (*vid.* §3.4.3).

3.5.2.3.2. Combinacións

Coma nos dous casos anteriores, expoñemos no seguinte gráfico as combinacións lingüísticas entre as variábeis coincidentes (título e contido automático) e a non coincidente (publicacións). As opcións lingüísticas de cada variábel están separadas por unha barra vertical (|): a primeira é a opción lingüística do título, a segunda a das publicacións e a terceira a do contido automático:




Gráfico 83: Opcións lingüísticas do contido automático dos blogues en que coinciden a opción lingüística do contido automático e a do título

O primeiro que chama a nosa atención é que existe un importante número de combinacións, pois só 5 son representativas e no seu conxunto aparecen en pouco máis da metade dos blogues. Velaquí as que teñen un peso inferior ao 5%:

Combinacións	Número de blogues	Porcentaxe
Español Español; Galego; Ambigua (español / galego) Español	3	4,48%
Galego Español Galego	3	4,48%
Galego Español; Galego Galego	3	4,48%
Español Inglés Español	2	2,99%
Galego Español; Ambigua (español / galego) Galego	2	2,99%
Español Ambigua (español / galego) Español	1	1,49%
Español Español; Español - Inglés Español	1	1,49%
Español Francés Español	1	1,49%

Combinacións	Número de blogues	Porcentaxe
Español Galego; Ambigua (español / galego) Español	1	1,49%
Español Galego; Español - Galego Español	1	1,49%
Español Galego; Inglés; Ambigua (español / galego) Español	1	1,49%
Francés Francés; Francés - Galego Francés	1	1,49%
Francés Francés; Francés - Inglés Francés	1	1,49%
Francés Galego Francés	1	1,49%
Francés Galego; Francés Francés	1	1,49%
Galego Español; Galego; Ambigua (español / galego) Galego	1	1,49%
Galego Francés Galego	1	1,49%
Galego Galego; Español - Galego Galego	1	1,49%
Galego Galego; Español - Galego - Inglés - Portugués Galego	1	1,49%
Galego Galego; Inglés Galego	1	1,49%
Galego Galego; Portugués; Galego - Portugués Galego	1	1,49%
Galego Inglés Galego	1	1,49%
Inglés Inglés; Francés; Español - Inglés Inglés	1	1,49%
Inglés Inglés; Galego - Inglés Inglés	1	1,49%

Tabela 23: Combinacións de opcións lingüísticas inferiores ao 5% nos blogues en que coinciden o contido automático e o título

Esta listaxe de combinacións lingüísticas supón unha importante cantidade de datos que non é doada de interpretar, polo que, como viñemos facendo até agora, imos analizar primeiro a opción lingüística que empregan estes blogues na variábel non coincidente (as publicacións) e medirmos despois a presenza de todas as linguas rexistradas nestes 67 blogues.




Gráfico 84: Opcións lingüísticas empregadas nas publicacións nos blogues en que coincide a opción do contido automático coa do título

Máis da metade das opcións lingüísticas supoñen menos do 5% do total, e a que máis peso ten acada só o 12%, é dicir, as opcións lingüísticas das publicacións dos blogues en

que coinciden a opción do contido automático coa do título son moi variadas. No gráfico 84 amosamos as opcións lingüísticas das publicacións destes blogs.

O xeito máis claro de analizarmos estes datos é reducindo as opcións lingüísticas a linguas, como viñemos facendo nos casos anteriores, polo que imos analizar a distribución de cada unha das linguas rexistradas tendo en conta os casos en que son lingua única e os casos en que forman parte dunha combinación lingüística⁷⁵:




Gráfico 85: Linguas rexistradas nas publicacións dos blogs que empregan a mesma opción lingüística no contido automático e no título

Podemos observar que a lingua máis presente nas publicacións, como lingua única ou como lingua en combinación con outra(s), é o galego, pois aparece no 39% das publicacións destes blogs, seguida de preto polo español (31%) e, máis de lonxe, polo inglés, o francés e o latín. Dentro dos blogs que teñen o contido automático e o título en galego, o galego está presente no 56% das publicacións, mentres que o español está até no 44%, o inglés no 12 e o francés o latín en proporcións moito máis reducidas. Aínda que o gráfico se refire a linguas e non se representa o contido ambiguo entre español e galego, temos que sinalar que este tipo de contido está presente no 37% dos blogs. En xeral podemos observar que existe certa correspondencia entre a presenza de cada unha das linguas no contido automático e no título, por unha banda, e nas publicacións, por outra (aínda que neste segundo caso, sempre como parte dunha combinación de dúas ou máis opcións lingüísticas). Así, como vimos de comentar, a

⁷⁵ O dato que tivemos en conta para analizarmos a lingua das publicacións é o das combinacións lingüísticas que se dan no nivel dos blogs, polo que a suma das partes pode ser superior ao 100%, xa que nunha mesma combinación pode estar presente máis dunha lingua.

maioría das combinacións lingüísticas das publicacións en que se rexistra o galego está nos blogues en que esta mesma lingua tamén está presente no contido automático e no título. O mesmo acontece co español e mais co inglés, mentres que no caso do francés os valores máis altos da presenza desta lingua nas publicacións rexistrámoslos tanto nos blogues que teñen o contido automático e o título en francés coma nos que o teñen en galego, mais cómpre termos en conta que o número de casos en que o francés é lingua do contido automático e mais do título é moi reducido, só 4 rexistros, polo que a significatividade destes datos é baixa. Por outra banda, tampouco hai correspondencia no caso do portugués, que é lingua dalgunhas publicacións, mais non é a lingua do contido automático e mais do título de ningún blogue deste grupo. As publicacións que conteñen texto en portugués pertencen a blogues co contido automático e o título en galego.

Así as cousas, os blogues que teñen a mesma opción lingüística no contido automático e no título adoitan ter nas publicacións diferentes combinacións lingüísticas, mais case sempre son combinacións en que se inclúen as linguas usadas nas outras dúas variábeis lingüísticas analizadas, isto é, non son blogues completamente monolingües, mais podemos afirmar que existe unha tendencia a empregar as mesmas linguas nas tres variábeis, aínda que as combinacións dean lugar a opcións diferentes.

Para rematar, amosamos no seguinte gráfico a porcentaxe de presenza de cada unha das linguas rexistradas ao longo das tres variábeis lingüísticas destes 67 blogues, á par da porcentaxe de presenza nas 29 combinacións rexistradas:




Gráfico 86: Presenza das seis linguas rexistradas nos blogues e nas combinacións lingüísticas dos blogues en que a opción lingüística do título coincide coa do contido automático

Observamos como volvemos ao esquema máis repetido, en que o galego é a lingua maioritaria, seguida do español (neste caso de preto) e, máis de lonxe, do inglés, do francés e do portugués. Se reparamos na presenza nas combinacións, repítese a mesma situación que nos blogues en que coincide a opción lingüística do título coa das publicacións: o galego e o español amosan unha porcentaxe de presenza superior nos blogues que nas combinacións, mentres que no resto de linguas a situación é a inversa, pois son linguas que se reparten entre un número importante de combinacións en relación ás súas ocorrencias dos blogues, isto é, tenden a aparecer nas combinacións con menos rexistros.

O feito de que en dúas das coincidencias posíbeis o galego non sexa a lingua maioritaria nesas dúas variábeis coincidentes, poderíanos levar á conclusión errónea de que o galego non é a lingua maioritaria nas variábeis coincidentes, mais isto non é así. Como podemos observar no seguinte gráfico, se temos en conta a presenza de cada unha das linguas nas dúas variábeis coincidentes ao longo dos tres grupos posíbeis, o galego é no total a lingua con máis peso, co 61%, seguida do español, do inglés e do francés, unha xerarquía que é coincidente coa maioría dos datos que analizamos até o momento. Isto é así porque o galego é a lingua das publicacións e do título do 88% dos blogues en que coinciden estas dúas variábeis e, se lembramos, este é o grupo con máis peso dentro dos blogues que combinan dúas opcións lingüísticas, pois supón 56% do total dos 454 blogues deste grupo (*vid.* §3.5.2).




Gráfico 87: Resumo da presenza das linguas rexistradas nas variábeis coincidentes dos blogues en que coinciden dúas variábeis

Porén, o galego ten moito menos peso nos casos en que coincide a opción lingüística de dúas variábeis e unha delas é o contido automático, feito que se debe, como sinalamos en repetidas ocasións, á baixa presenza do galego no contido automático. Isto contrasta coa situación do español nestes casos, nos que acada unha presenza do 75% no caso da coincidencia entre o contido automático e as publicacións e o 54% no caso da coincidencia entre o contido automático e o título, mentres que no grupo de blogues en que coinciden as publicacións e o título, a presenza do español é só do 3%. O inglés e o francés sitúanse, máis unha vez, moi lonxe do galego e do español. No caso do inglés, a presenza máis importante dáse nos blogues en que coinciden a opción lingüística do título e a das publicacións, mais supón só o 6% destes blogues, mentres que nos dous grupos restantes supón só o 3%. O francés está presente sobre todo nos blogues en que coinciden o contido automático e o título, mais o seu peso é só do 6%, mentres que nos outros dous grupos só supón o 2%.

Finalmente, se reducimos a linguas as opcións lingüísticas das tres variábeis destes 454 blogues, é dicir, se incluímos a variábel non coincidente (que non está presente no gráfico anterior), obtemos os datos representados no gráfico 88. Podemos observar que, nos datos totais, o español está presente en máis blogues que o galego. Isto débese a que o español está presente en boa parte dos blogues en que o está o galego por ser a lingua maioritaria do contido automático. A terceira lingua con maior presenza é o inglés, seguida do portugués, do francés, do latín e do catalán, é dicir, esta distribución das linguas contrasta coa maioría das que vimos analizando por ter máis peso o español que o galego, algo que se debe á estraña distribución do español no contido automático. Como vimos insistindo, consideramos que o CMS pode ser un elemento que inflúa directamente nesta “distorsión”, polo que analizaremos esta cuestión con máis vagar ao estudarmos a relación entre as variábeis lingüísticas e o CMS (*vid.* §3.6.7).

En resumo, nos blogues en que coincide a opción lingüística de dúas das tres variábeis estudadas, o galego é, máis unha vez, a lingua maioritaria desas opcións lingüísticas coincidentes. Con todo, existen subgrupos en que isto non é así, e tampouco o é se temos en conta as tres variábeis de todos os blogues, por causa de ser o galego lingua minoritaria nunha das variábeis analizadas: o contido automático.




Gráfico 88: Porcentaxe de presenza de cada unha das linguas rexistradas ao longo das tres variábeis lingüísticas dos 454 blogues en que coincide a opción lingüística de dúas variábeis

3.5.3. Tres opcións lingüísticas

Fica un 35% de blogues (376) en que as tres variábeis lingüísticas presentan opcións diferentes. A análise deste grupo é a máis complexa das tres, polo que para intentar entendermos que acontece nestes blogues imos achegar primeiro unha perspectiva xeral, analizando cales son as opcións lingüísticas que rexistramos para cada unha das variábeis, para vermos despois que combinacións se dan entre estas tres variábeis. Así as cousas, imos analizar en primeiro lugar o que acontece co título dos blogues.

3.5.3.1. Opcións lingüísticas

3.5.3.1.1. Título

Como podemos observar no gráfico 89, máis da metade dos blogues en que non coinciden as opcións lingüísticas das tres variábeis analizadas teñen o seu título ambiguo entre español e galego. Este é un dato coherente co que vimos de analizar até agora, pois a maioría do contido ambiguo sitúase nos títulos, debido a que se trata de fragmentos xeralmente curtos nos que é máis probábel non termos o texto suficiente para determinarmos a lingua en que están escritos (*vid.* §3.4.1). Con todo, isto non quere dicir que o resto do contido do blogue sexa ambiguo, senón que tanto o contido automático como as publicacións adoitan ter texto suficiente para concretarmos máis a lingua en que están escritos. O segundo grupo máis importante, cun 31%, é o dos

blogues que teñen o seu título en galego, mais que presentan outras opcións lingüísticas no contido automático e mais nas publicacións.




Gráfico 89: Opcións lingüísticas rexistradas no título dos blogues en que difiren as tres variábeis lingüísticas

Fican 9 opcións lingüísticas cun peso inferior ao 5%, así coma un caderno dixital en que carecemos de contido suficiente para determinarmos a lingua do título. Velaquí o detalle do grupo *outras*:

Opción lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Latín	9	2,39%
Inglés	7	1,86%
Español	3	0,80%
Ambigua (Francés / Inglés)	1	0,27%
Español - Galego - Inglés	1	0,27%
Francés	1	0,27%
Francés - Inglés	1	0,27%
Galego - Inglés	1	0,27%
Galego - Latín	1	0,27%
Sen contido suficiente	1	0,27%

Tabela 24: Opcións lingüísticas inferiores ao 5% rexistradas no título dos blogues en que difiren as tres variábeis lingüísticas

Así as cousas, rexistramos un total de 11 opcións lingüísticas diferentes, mais só son 5 as linguas presentes nesas 11 opcións, que se distribúen como se reflicte no gráfico 90.

Se temos en conta todas as opcións en que se rexistra cada unha desas 5 linguas o galego é, de lonxe, a lingua con máis peso, presente no 31,% dos títulos destes blogues. Moita menos representación teñen o inglés (3%), o latín (3%), o español (1%) ou o francés (1%). Podemos observar que neste caso non se mantén a xerarquía que estamos afeitas a ver (galego > español > inglés > francés > latín), mais tamén cómpre dicir que,

agás no caso do galego, son moi poucos os rexistros das catro linguas restantes: 4 no caso do español, 11 no do inglés, 3 no do francés e 10 no do latín.




Gráfico 90: Presenza de cada unha das seis linguas rexistradas nos títulos dos blogues que empregan unha opción lingüística diferente en cada unha das variábeis analizadas

3.5.3.1.2. Publicacións

Nas publicacións destes 376 blogues rexistramos, ao nivel dos blogues, ata 29 combinacións lingüísticas diferentes, mais só tres delas supoñen máis do 5%, como podemos observar no seguinte gráfico:




Gráfico 91: Opcións lingüísticas rexistradas nas publicacións dos blogues en que difiren as tres variábeis lingüísticas

As combinacións que se insiren dentro do grupo *outras* son as seguintes:

Opción lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Español; ambigua (español / galego)	18	4,79%
Español; galego; ambigua (español / galego)	15	3,99%
Español	14	3,72%

Opción lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Español; galego; español - galego	10	2,66%
Inglés	8	2,13%
Galego; inglés	5	1,33%
Francés	4	1,06%
Español; inglés	3	0,80%
Galego; español - galego	3	0,80%
Ambigua (español / galego)	2	0,53%
Español; español - galego	2	0,53%
Español; francés	2	0,53%
Galego; francés	2	0,53%
Galego; inglés; ambigua (español / galego)	2	0,53%
Galego; inglés; galego - inglés	2	0,53%
Alemán - español; alemán	1	0,27%
Español; español - inglés	1	0,27%
Español; francés; ambigua (español / galego) - francés	1	0,27%
Español - galego	1	0,27%
Español; inglés; ambigua (español / galego)	1	0,27%
Francés; francés - galego	1	0,27%
Galego; ambigua (español / galego) - inglés	1	0,27%
Galego; galego - inglés	1	0,27%
Galego; inglés; francés	1	0,27%
Galego; portugués	1	0,27%
Inglés; ambigua (español / galego)	1	0,27%

Tabela 25: Opcións lingüísticas rexistradas nas publicacións dos blogues en que difiren as tres variábeis lingüísticas




Gráfico 92: Presenza de cada unha das seis linguas rexistradas nas publicacións dos blogues que empregan unha opción lingüística diferente en cada unha das variábeis analizadas

Na tabela observamos unha gran variedade de combinacións de diferentes linguas que resulta confuso analizar, polo que é máis esclarecedor detallarmos estes datos por linguas, tendo en conta todas as combinacións en que aparece cada unha delas. Nestas 29 combinacións rexistramos só 6 linguas que se distribúen tal e como se amosa no gráfico anterior. Podemos observar que estes datos son coherentes cos que vimos para a lingua das publicacións no total dos blogs (vid. §3.4.2), pois o galego é, con moita diferenza, a lingua que está máis presente nas publicacións destes blogs, seguida de lonxe do español e, con moito menos peso, sitúanse o inglés, o francés, o portugués e mais o alemán (1 ocorrencia en cada caso). Así as cousas, o que parecía unha combinación caótica de combinacións lingüísticas responde, en realidade, ao patrón xeral.

3.5.3.1.3. Contido automático

A continuación imos analizar as opcións lingüísticas rexistradas no contido automático destes 376 blogs:




Gráfico 93: Opcións lingüísticas rexistradas no contido automático dos blogs en que difiren as tres variábeis lingüísticas

Velaquí o detalle da categoría *outras*:

Opción lingüística	Ocorrencias	Porcentaxe
Inglés	14	3,72%
Portugués	12	3,19%
Galego	6	1,60%
Francés	2	0,53%

Tabela 26: Opcións lingüísticas rexistradas no contido automático dos blogs en que difiren as tres variábeis lingüísticas

Máis unha vez podemos observar que o español é a opción lingüística maioritaria do contido automático, con moita diferenza, un dato coherente cos datos xerais (vid. §3.4.3), mais que tamén contrasta neste caso cos rexistros do título e mais das publicacións. Velaquí o detalle por linguas:




Gráfico 94: Presenza de cada unha das seis linguas rexistradas no contido automático dos blogues que empregan unha opción lingüística diferente en cada unha das variábeis analizadas

Neste caso chama a nosa atención que o galego non é a segunda lingua con máis peso no contido automático dos blogues, como era na totalidade da mostra, senón que é a terceira cunha presenza de só o 8%, superada polo inglés, cun 17%. É dicir, a maioría dos blogues co contido automático en galego adoitan ter algunha das outras variábeis tamén en galego, mentres que aqueles en que o galego está presente no contido automático e non nas outras dúas variábeis lingüísticas estudadas son minoritarios. Tamén ten neste caso máis presenza o portugués que o francés, ao revés que nos datos xerais.

Despois de analizarmos cada unha das variábeis lingüísticas nos blogues en que non hai coincidencia entre elas, concluímos que no caso do título e das publicacións rexistramos unha importante variedade de combinacións que, ao reducírmola a linguas, coinciden cos datos xerais. Porén, no caso do contido automático, aínda que o español segue a ser a lingua máis importante, a distribución é un pouco diferente.




Gráfico 95: Resumo da presenza de cada unha das linguas rexistradas nas tres variábeis estudadas nos blogs que empregan unha opción lingüística diferente en cada variábel

No gráfico 95 podemos observar que, neste caso, a alta presenza do español e a moi baixa presenza do galego no contido automático, fai que o español sexa a lingua cunha maior presenza se calculamos a media da súa presenza en cada unha das tres variábeis analizadas nestes 376 blogs. Con todo, o galego fica nunha segunda posición moi próxima, cunha diferenza de só dous puntos porcentuais, e é a lingua con máis peso no título e nas publicacións, moi por riba das demais. O terceiro lugar está ocupado polo inglés, cun afastado 9%, mentres que as restantes opcións lingüísticas non superan en ningún caso o 1% e, no caso do alemán, nin tan sequera chegan a el. Así as cousas, neste grupo de blogs en que as opcións lingüísticas de cada unha das tres variábeis analizadas son diferentes, o peso das linguas rexistradas é lixeiramente diferente ao do total da mostra (*vid.* §3.4.3), mais só no tocante ás dúas linguas con máis peso.

3.5.3.2. Combinacións

Se a partir dos datos anteriores xeramos as combinacións de opcións lingüísticas que se dan entre as tres variábeis lingüísticas estudadas, obtemos un total de 85 combinacións diferentes nestes 376 blogs. Con todo, só catro delas teñen un peso superior ao 5%, como se observa no gráfico 96. Neste gráfico separamos por barras verticais (|) as opcións lingüísticas correspondentes a cada variábel: a primeira corresponde á opción lingüística do título, a segunda á das publicacións e a terceira á do contido automático.

Capítulo 3. A lingua galega nos blogues didácticos do ensino secundario galego




Gráfico 96: Combinacións de opcións lingüísticas nas tres variábeis lingüísticas estudadas nos blogues que presentan unha opción diferente en cada unha

Amosamos na seguinte tabela as combinacións que supoñen menos do 5%:

Combinación lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Ambigua (español / galego) Galego; Ambigua (español / galego) Español	15	3,99%
Ambigua (español / galego) Español; Ambigua (español / galego) Español	12	3,19%
Ambigua (español / galego) Galego Galego - Inglés	9	2,39%
Galego Español; Galego; Ambigua (español / galego) Español	7	1,86%
Ambigua (español / galego) Español; Galego; Ambigua (español / galego) Español	6	1,60%
Ambigua (español / galego) Español; Galego; Español - Galego Español	5	1,33%
Ambigua (español / galego) Galego; Ambigua (español / galego) Portugués	5	1,33%
Ambigua (español / galego) Galego Portugués	5	1,33%
Ambigua (español / galego) Inglés Español	5	1,33%
Galego Español; Ambigua (español / galego) Español	5	1,33%
Latín Galego Español	5	1,33%
Ambigua (español / galego) Español Español - Inglés	4	1,06%
Galego Español; Galego; Español - Galego Español	4	1,06%
Galego Español; Galego Inglés	4	1,06%
Ambigua (español / galego) Español Galego	3	0,80%
Galego Español; Galego Galego - Inglés	3	0,80%
Galego Galego; Ambigua (español / galego) Español - Inglés	3	0,80%
Galego Galego; Ambigua (español / galego) Galego - Inglés	3	0,80%
Inglés Galego Español	3	0,80%

Combinación lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Latín Español; Galego Español	3	0,80%
Ambigua (español / galego) Español; Galego Galego - Inglés	2	0,53%
Ambigua (español / galego) Español Inglés	2	0,53%
Ambigua (español / galego) Francés Español	2	0,53%
Ambigua (español / galego) Galego Español - Inglés	2	0,53%
Ambigua (español / galego) Galego Inglés	2	0,53%
Ambigua (español / galego) Inglés Español - Inglés	2	0,53%
Español Galego Español - Inglés	2	0,53%
Galego Español Español - Inglés	2	0,53%
Galego Español Inglés	2	0,53%
Galego Galego; Inglés Español	2	0,53%
Ambigua (español / galego) Alemán - Español; Alemán Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Español - Galego Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Francés; Ambigua (español / galego) - Francés Francés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Francés Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Galego; Ambigua (español / galego) Español - Inglés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español - Galego Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Galego; Español - Galego Español - Inglés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Galego Español - Inglés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Galego Galego	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Inglés; Ambigua (español / galego) Español - Inglés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Español; Inglés Inglés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Galego; Ambigua (español / galego) Galego	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Galego; Ambigua (español / galego) Galego - Inglés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Galego; Español - Galego Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Galego; Español - Galego Español - Inglés	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Galego; Inglés Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Galego; Inglés; Galego - Inglés Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Galego; Portugués Español	1	0,27%
Ambigua (español / galego) Inglés Galego	1	0,27%

Combinación lingüística	Número de blogues	Porcentaxe
Ambigua (Francés / Inglés) Francés; Francés - Galego Español	1	0,27%
Español Español; Ambigua (español / galego) Español - Inglés	1	0,27%
Español - Galego - Inglés Español; Inglés Español	1	0,27%
Francés Español; Francés Español	1	0,27%
Francés - Inglés Galego; Inglés; Francés Inglés	1	0,27%
Galego Ambigua (español / galego) Español	1	0,27%
Galego Ambigua (español / galego) Galego - Inglés	1	0,27%
Galego Español; Español - Galego Galego - Inglés	1	0,27%
Galego Español Francés	1	0,27%
Galego Español; Galego; Ambigua (español / galego) Español - Inglés	1	0,27%
Galego Español; Galego Español - Inglés	1	0,27%
Galego Francés Español	1	0,27%
Galego Francés Galego - Inglés	1	0,27%
Galego Galego; Ambigua (español / galego) - Inglés Español	1	0,27%
Galego Galego; Español - Galego Español	1	0,27%
Galego Galego; Francés Español	1	0,27%
Galego Galego; Francés Galego - Inglés	1	0,27%
Galego Galego; Galego - Inglés Español	1	0,27%
Galego Galego; Inglés; Ambigua (español / galego) Español	1	0,27%
Galego Galego; Inglés; Ambigua (español / galego) Inglés	1	0,27%
Galego Galego; Inglés Español - Inglés	1	0,27%
Galego Galego; Inglés; Galego - Inglés Portugués	1	0,27%
Galego Galego; Inglés Inglés	1	0,27%
Galego Inglés; Ambigua (español / galego) Español	1	0,27%
Galego - Inglés Galego Español	1	0,27%
Galego - Latín Español; Inglés Galego - Inglés	1	0,27%
Inglés Español; Español - Inglés Español	1	0,27%
Inglés Español; Galego Español - Inglés	1	0,27%
Inglés Galego; Ambigua (español / galego) Español - Inglés	1	0,27%
Inglés Galego Galego - Inglés	1	0,27%
Latín Galego Portugués	1	0,27%
Sen contido suficiente Galego Español	1	0,27%

Tabela 27: Combinacións de opcións lingüísticas nas tres variábeis lingüísticas estudadas nos blogues que presentan unha opción diferente en cada unha (combinacións cun peso inferior ao 5%)

Nunha primeira vista, podemos observar que nas únicas catro combinacións que teñen un peso significativo neste conxunto de blogues só están presentes dúas linguas, o

español e o galego, o que corrobora que son as linguas con máis peso nestes blogues. A gran cantidade de combinacións xera unha gran cantidade de información que, a primeira vista, non é doada de comprender. Con todo, coma en casos anteriores, quixemos reducir eses datos á presenza de cada unha das linguas rexistradas, para termos así unha perspectiva máis clara da situación. No seguinte gráfico podemos observar a porcentaxe de presenza de cada unha das sete linguas rexistradas nos 376 blogues (primeira columna) e nas 85 combinacións mencionadas (segunda columna):




Gráfico 97: Presenza das 6 linguas rexistradas nos 376 blogues e nas 84 combinacións de opcións lingüísticas posibles ao longo das tres variábeis estudadas

A xerarquía das linguas é semellante á que xa estamos afeitas a ver en análises anteriores: o galego é a lingua con máis presenza, seguida do español (aínda que cunha diferenza pouco significativa, ao contrario do que acontecía noutros casos), do inglés e, máis de lonxe, doutras linguas coma o francés, o latín, o portugués e o alemán. Con todo, ao engadirmos o dato da porcentaxe de combinacións en que están presentes, parece haber dous grupos: por unha banda, as linguas en que a porcentaxe de presenza nos blogues é maior que a porcentaxe de presenza en combinacións (español e galego) e, por outra, as linguas en que a porcentaxe de presenza nas combinacións é maior que a porcentaxe de presenza nos blogues (as cinco linguas restantes). Isto é coherente cos datos achegados polo primeiro gráfico desta epígrafe, xa que significa que o español e o galego están presentes nas combinacións que se dan en máis blogues, mentres que as linguas restantes poden estar presentes en máis combinacións, mais son combinacións con poucos rexistros, é dicir, pode que estas linguas estean en moitas combinacións

diferentes, mais se cada unha desas combinacións se dá nun só blogue, a porcentaxe de presenza nos blogs non aumenta por ser maior a porcentaxe de presenza nas combinacións.

En resumo, se temos en conta as combinacións lingüísticas que se dan entre a opción lingüística do título, a das publicacións e a do contido automático nestes 376 blogs en que ningunha coincide, o peso de cada unha das linguas segue o esquema a que xa estamos afeitas, aínda que a distancia entre o galego e o español non é tan ampla. Esta curta distancia pode ter que ver, máis unha vez, coas opcións lingüísticas do contido automático, en que o español ten unha gran presenza, mais, como vimos indicando, analizaremos isto ao estudarmos a relación entre o CMS e as variábeis lingüísticas (*vid.* §3.6.7).

3.5.4. Recapitulación

Nos 1072 blogs da nosa mostra rexistramos ata 8 linguas diferentes que se combinan de diversos xeitos nas tres variábeis lingüísticas estudadas. Con todo, parece existir unha tendencia xeral: o galego adoita ser a lingua con máis peso, seguida do español e, máis de lonxe, do inglés, do francés e doutras linguas coma portugués, o latín, o alemán e o catalán. Se temos en conta a presenza de cada unha destas linguas nalgunha das tres variábeis lingüísticas do total de blogs da nosa mostra, obtemos os seguintes datos:




Gráfico 98: Presenza de cada unha das 8 linguas rexistradas ao longo das tres variábeis analizadas nos 1072 blogs da mostra

Na primeira columna podemos observar a porcentaxe total de blogs en que aparece cada unha das linguas nalgunha das tres variábeis estudadas, mentres que as tres seguintes detallan este dato atendendo aos tres grupos que vimos de analizar: os que

presentan unha soa opción lingüística nas tres variábeis, os que presentan dúas e os que presentan tres. Podemos observar que se repite o esquema xeral que vimos de citar en todos os casos, agás nos blogues en que se combinan dúas opcións lingüísticas, un grupo en que o español ten máis presenza que o galego. Como xa indicamos, isto ten que ver co importante peso do español no contido automático, algo que consideramos que se explica por causa dun factor externo, o CMS, e que analizaremos no punto dedicado á relación entre as variábeis lingüísticas e o CMS (*vid.* §3.6.7). En calquera caso, a diferenza entre galego e español só é importante nos blogues que empregan unha soa opción lingüística, pois nos que empregan dúas é só de dous puntos porcentuais e nos que empregan tres de un, mentres que no total é de tres. Así as cousas, galego é español son, con diferenza, as linguas con máis peso ao longo das tres variábeis lingüísticas analizadas nos blogues da nosa mostra, e canto maior é a diverxencia entre as opcións lingüísticas das variábeis, máis frecuente é que aparezan combinadas dentro dun mesmo blogue.

3.6. Usos lingüísticos e variábeis non lingüísticas

A continuación imos cruzar as variábeis lingüísticas que vimos de analizar, coas non lingüísticas, que xa expuxemos no punto dedicado á descrición da mostra (*vid.* §3.3), coa finalidade de vermos se pode existir ou non algunha relación entre os usos lingüísticos dos blogues e o resto de variábeis non lingüísticas que anotamos. Non se trata dunha tarefa doada xa que, aínda que na maioría dos casos as variábeis non lingüísticas son simples, vimos de comprobar que a análise das variábeis lingüísticas é algo máis complexa, debido á mestura de diferentes linguas e/ou opcións lingüísticas ao longo das tres variábeis analizadas. Así as cousas, o esquema xeral que imos seguir será seguinte: primeiro analizaremos a relación entre a variábel non lingüística e cada unha das variábeis lingüísticas por separado (título, publicacións e contido automático), analizando primeiro todas as opcións lingüísticas e reducíndoas despois a linguas a modo de resumo. Por exemplo, ao analizarmos a relación entre o tipo de centro e as variábeis lingüísticas estudaremos primeiro as opcións lingüísticas, por unha banda, e a presenza de cada unha das linguas rexistrada, por outra, no título, nas publicacións e no contido automático segundo o tipo de centro, para rematarmos facendo un comentario conxunto das tres variábeis segundo o tipo de centro. Cómpre apuntarmos que a variábel

lingüística máis complexa é a das publicacións, xa que non temos un só valor por blogue, senón cinco. Ao analizarmos esta variábel fixémoslo en dous niveis: primeiro analizamos os usos lingüísticos de todas as publicacións (5049) de todos os blogues da mostra (1072) e despois dividimos os blogues en tres grupos, segundo usasen unha, dúas ou tres opcións lingüísticas ao longo das publicacións analizadas. Con todo, decatámonos que realizar unha análise tan exhaustiva á hora de cruzar esta variábel con outra non lingüística non resulta produtiva, xa que o segundo nivel de análise (a división dos blogues en tres grupos) xera unha gran cantidade de datos e gráficos que só reiteran os obtidos no primeiro nivel. Por esta razón, para analizarmos a relación entre as opcións lingüísticas das publicacións e outras variábeis non lingüísticas, só imos realizar o primeiro tipo de análise: cruzarmos as opcións lingüísticas do conxunto total das publicacións coas diferentes variábeis non lingüísticas que imos estudar.

Ao rematarmos a análise da relación de cada unha das variábeis non lingüísticas coas tres variábeis lingüísticas incluiremos un breve apartado titulado “recapitulación” en que resumiremos o resumo do exposto na epígrafe, o que permite volver de xeito rápido sobre os datos do tipo de centro (*vid.* §3.6.1.4), o número de habitantes (*vid.* §3.6.2.4), o número de blogues por centro (*vid.* §3.6.3.4), as temáticas (*vid.* §3.6.4.4), a visibilidade dos blogues (*vid.* §3.6.5.4), a terminoloxía (*vid.* §3.6.6.4), o CMS (*vid.* §3.6.7.1.4) e o tipo de CMS (*vid.* §3.6.7.2.4) e, finalmente, as cuestións relacionadas coa actividade dos blogues (frecuencia de actualización, comentarios e autoría) (*vid.* §3.6.8.4).

3.6.1. Tipo de centro

A primeira variábel non lingüística a que fixemos referencia na descrición da mostra foi o tipo de centro de que procedían os blogues analizados, diferenciando entre centros públicos e centros privados. Como indicamos, dos 1072 blogues da nosa nosa mostra o 71% (764) proceden de centros públicos, mentres que só o 29% (308) proceden de centros privados (*vid.* §3.3.1). A continuación imos intentar ver se existen usos lingüísticos diferentes nos blogues procedentes destes dous grupos de centros.

3.6.1.1. Título

O galego é a opción lingüística do título do 47% dos blogues da mostra, seguida dun 31% de títulos ambiguos entre español e galego, un 12% de títulos en español e un 9%

de opcións lingüísticas que supoñen individualmente menos do 5% da mostra (vid. §3.4.1). No gráfico 100 podemos observar a distribución de todas as opcións lingüísticas dos títulos segundo o tipo de centro. No momento da recolla da información creamos na nosa base de datos unha columna en que fomos anotando as opcións lingüísticas dos títulos que expuxemos en primeiro lugar. Para extraermos a información simplificada referente ás opcións lingüísticas creamos cinco novas columnas, unha para cada lingua, e asignámoslles un 1 aos blogs cuxa opción lingüística do título contiñan a lingua de cada unha das columnas, e un 0 aos que non. Estas cinco columnas permítenos calcular a media de aparición de cada unha das linguas nos blogs nunha escala de 0 a 1.




Gráfico 99: Opcións lingüísticas do título segundo o tipo de centro

Pois ben, para sabermos se as diferenzas entre o uso das diferentes linguas nos diferentes tipos de centro son ou non significativas empregamos a proba t de Student para avaliar a diferenza entre as medias dos dous grupos⁷⁶. Nas opcións lingüísticas

76 Neste caso podemos empregar tamén a proba χ^2 , que nos permite saber se as frecuencias rexistradas difiren ou non significativamente das esperadas. Con todo, realizamos esta transformación dos datos para podermos traballar con medias en casos en que comparamos tres ou máis grupos, xa que nos permite aplicar unha proba anova unifactorial, para sabermos se hai algunha diferenza significativa entre as medias de tres ou máis grupos, e unha proba HSD de Tukey, que nos indica entre que grupos

representadas no gráfico anterior incluímos un asterisco (*) antes daquelas en que a diferenza entre centros públicos e privados é significativa atendendo aos valores p achegados pola proba t de Student. Así, podemos observar que os centros públicos empregan máis o galego nos títulos dos blogues ca os privados ($p = 2,20E-16$), mentres que os privados empregan máis o español e o inglés ($p = 2,20E-16$ e $0,01408$, respectivamente).

Se simplificamos estes datos reducíndoos a linguas, anotando cada vez que aparece unha lingua nun título, aínda que apareza en combinación con outra, obtemos un gráfico que reflicte a presenza das cinco linguas rexistradas nos títulos segundo o tipo de centro e que non difire moito do anterior:




Gráfico 100: Linguas presentes nos títulos segundo o tipo de centro

Podemos observar que galego, español e inglés seguen a ser os casos en que se dan diferenzas significativas entre os dous tipos de centro ($p = < 2,2e-16$, $< 2,2e-16$ e $0,001059$, respectivamente). Observemos que o valor p é especialmente baixo no caso das opcións “galego” e “español”. Estes datos parecen apuntar a que nos blogues dos

existen diferenzas significativas. Nestes casos a proba χ^2 só nos indicaría se hai ou non diferenzas significativas entre os grupos, mais non entre cales. Cómpre indicar que en casos coma o tipo de centro, en que a variábel divide a mostra en só dous grupos (centros públicos e centros privados) realizamos tamén a proba χ^2 , a modo de comprobación, e achegou resultados coherentes cos obtidos mediante a proba t de Student, agás en casos en que o número de rexistros para un determinado valor é moi baixo. Por exemplo, só rexistramos en catro publicacións a opción “español-inglés”, todas elas de blogues procedentes de centros privados. Trátase dun grupo demasiado reducido como para sabermos se o feito de que non se rexistre esta opción en centros públicos se debe ao tipo de centro, mais a proba χ^2 achega un valor p de $0,02396$, mentres que a proba t de Student devolve un valor p de $0,1319$. Consideramos que, tendo en conta o reducido número de publicacións que presentan esa opción lingüística é máis prudente seguirmos os resultados achegados pola proba t de Student.

centros públicos hai un maior compromiso co uso do galego, mentres que os blogues dos centros privados parecen buscar un uso proporcional de galego e español, ao tempo que introducen o inglés como opción significativa. Con todo, non podemos esquecer que nos estamos cinguindo ao estudo dunha parte da mostra, xa que non temos datos sobre a lingua do título dos blogues con combinacións lingüísticas ambiguas, polo que para tirarmos conclusións máis fiábeis cómpre analizar primeiro que acontece coas publicacións e mais co contido automático dos blogues nos centros públicos e nos centros privados.

3.6.1.2. Publicacións




Gráfico 101: Opcións lingüísticas presentes nas publicacións segundo o tipo de centro

O galego é a opción lingüística do 59% das publicacións rexistradas nos blogues da nosa mostra, seguida dun 27% de publicacións en español, un 6% de publicacións en inglés e un 8% de publicacións en opcións lingüísticas minoritarias (*vid.* §3.4.2). Das 5049 publicacións analizadas o 3583 (70,96%) son de blogues procedentes de centros públicos, mentres que 1466 (29,04%) son de blogues procedentes de centros privados. Esta distribución é coherente coa procedencia dos blogues da nosa mostra, pois o 71% proceden de centros públicos e o 29% de centros privados (*vid.* §3.3.1).

No gráfico 101 podemos observar que só rexistramos diferenzas significativas en dúas opcións lingüísticas, español e galego, o que nos confirma o que xa apuntaban os datos tirados dos títulos dos blogs: no uso do galego é significativamente máis alto nos centros públicos ca nos privados ($p = < 2,2E-16$) e o uso do español é significativamente máis alto nos centros privados ca nos públicos ($p = < 2,2E-16$). Se reducimos estes datos a linguas, obtemos as mesmas diferenzas significativas ($p = < 2,2E-16$ tamén nos dous casos):




Gráfico 102: Linguas presentes nas publicacións segundo o tipo de centro

3.6.1.3. Contido automático

Ao analizamos as opcións lingüísticas do contido automático no total da mostra detectamos que o español é a lingua maioritaria (é a lingua única do contido automático do 63% dos blogs e está presente até no 68%), mentres que no título e mais nas publicacións é o galego, que fica reducido ao 16% no contido automático. Para alén disto rexistramos un 6% de blogs que combinan galego e inglés no seu contido automático, un 5% de blogs que empregan o inglés e un 10% que empregan opcións lingüísticas cun peso inferior ao 5% (*vid.* §3.4.3). Como xa indicamos, consideramos que é moi probábel que isto se deba a restricións relacionadas co CMS empregado para xestionar os blogs, mais analizaremos esta cuestión con detemento ao nos determos na relación entre variábeis lingüísticas e CMS (*vid.* §3.6.7). Amosamos a continuación a distribución das opcións lingüísticas do contido automático dos blogs da mostra detalladas segundo o tipo de centro:




Gráfico 103: Opcións lingüísticas presentes no contido automático segundo o tipo de centro

Podemos observar que, a pesar de ser o español a opción lingüística maioritaria nos dous tipos de centro, rexistramos diferenzas que van na mesma dirección que as que rexistramos nos títulos e nas publicacións: o uso do español nos centros privados é significativamente superior que nos públicos, ao tempo que o uso do galego nos centros públicos é significativamente superior que nos privados. Rexistramos aínda tres opcións máis en que as diferenzas son significativas: as opcións “galego-inglés” e “portugués”, mais empregadas nos centros públicos, e o inglés, mais empregado nos centros privados. No caso da opción “galego-inglés” poderíamos estar perante unha opción resultante das limitacións do CMS empregado e é probábel que esta opción apareza en blogues en que as persoas administradoras pretendían empregar o galego. Do mesmo xeito, é probábel que o uso do portugués sexa un xeito de evitar linguas hexemónicas coma o español ou inglés no contido automático ao empregar CMS con limitacións para a elección da lingua do contido automático, mais trataremos estas dúas cuestións con máis vagar no apartado dedicado á relación entre os usos lingüísticos e o CMS (*vid.* §3.6.7). Por outra banda, parece existir unha maior penetración do inglés nos centros privados, algo que xa apuntaban os datos dos títulos e das publicacións.

Coma en casos anteriores, se reducimos os datos a linguas obtemos resultados semellantes:




Gráfico 104: Linguas presentes no contido automático segundo o tipo de centro

Observamos que seguen a ser significativas as diferenzas no caso do galego, do español e do portugués, aínda que muda de xeito importante a porcentaxe de blogs que empregan o inglés en cada un dos grupos de centros: mentres que antes o inglés era máis empregado en centros privados, agora é máis empregado en centros públicos. Isto débese á porcentaxe de blogs que empregan as opcións “galego-inglés” e “español-inglés” nos centros públicos, que se suman aos que usan a opción “inglés”.

3.6.1.4. Recapitulación

En resumo, podemos dicir que o tipo de centro, público ou privado, é unha variábel relacionada cos usos lingüísticos dos blogs, de maneira que os centros públicos empregan máis o galego que os privados, ao tempo que os centros privados empregan máis o español que os públicos. Amosamos, a modo de resumo, un gráfico en que se reflicten os valores medios para cada unha das linguas rexistradas ao longo das tres variábeis lingüísticas detallados segundo o tipo de centro:




Gráfico 105: Resumo da análise das tres variábeis lingüísticas segundo o tipo de centro

3.6.2. Número de habitantes

A continuación imos analizar os usos lingüísticos dos blogues da nosa mostra segundo o número de habitantes que teña o concello en que se sitúa o centro de que proceden. Lembremos que obtivemos o número de habitantes de cada concello despois de consultarmos os datos achegados para o momento en que recollemos os datos polo Instituto Galego de Estatística (IGE, 2013) (vid. §3.3.2). Cómpre termos en conta que na nosa mostra contamos con dous blogues que pertencen a máis dun centro e a máis dun concello. Nestes casos, asignámoslle como número de habitantes a media dos habitantes dos concellos en que se sitúan os diferentes centros de que proceden⁷⁷. Adoptamos esta solución por considerarmos que é a que mellor pode axudar reflectir os usos lingüísticos segundo o número de habitantes, aínda tamén cómpre dicir que se trata de dous casos illados.

3.6.2.1. Título

Habitantes	**		***	*											
-0.09	Galego	***	***	***	***	**									
-0.02	Amb. (Es./Gal.)	-0.64	***	***	**	*									
0.13	Español	-0.35	-0.25	*											
0.08	Inglés	-0.21	-0.15	-0.08											
-0.04	Francés	-0.15	-0.10	-0.06	-0.03										
-0.02	Latín	-0.10	-0.07	-0.04	-0.02	-0.02									
-0.01	Amb. (Es./Gal.-Ing.)	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00								
-0.03	Gal. - Ing.	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00							
0.00	Amb. (Fr./Ing.)	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00						
NA	Es.-Fr.	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00					
0.01	Es.-Gal.-Ing.	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00				
0.00	Es.-Gal.-Lat.	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00			
-0.02	Fr.-Ing.	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00		
0.00	Gal.-Lat.	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	
-0.02	sc	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00

Gráfico 106: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogues e as opcións lingüísticas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)

Na tabela anterior representamos a relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogues e o uso de cada unha das opcións lingüísticas (ás que lles atribuímos un 1 se aparecían nos blogues ou un 0 se non

⁷⁷ Trátase dos blogues *ENCONTRO IES AGRA DE LEBORÍS / IES ELVIÑA* dos centros IES Agra de Leborís (A Laracha) e IES Plurilingüe Elviña (A Coruña); e *FENDETESTAS...*, do IES Lama das Quendas (Chantada) e do IES Gonzalo Torrente Ballester (Pontevedra).

aparecían). Os números que aparecen na parte inferior da tabela son os coeficientes de correlación de Pearson resultantes para cada combinación de variábeis (por exemplo, o cadro inmediatamente inferior a “habitantes” e á esquerda de “galego” reflicte o coeficiente de correlación entre o número de habitantes e o uso do galego). O coeficiente de correlación de Pearson permítenos medir a intensidade dunha correlación nunha escala de -1 (correlación negativa máxima) a 1 (correlación positiva máxima), ao tempo que nos achega un valor p , isto é, un valor que nos indica nunha escala de 0 a 1 se a correlación se pode deber ou non ao azar. Consideramos que a correlación é significativa (isto é, que hai unha asociación entre as variábeis) cando as probabilidades de que a correlación se deba ao azar son inferiores a 0,05. Na diagonal está representada, na esquina superior esquerda, a distribución da variábel que estamos a estudar (“habitantes”) e a seguir, de esquerda a dereita e de arriba a abaixo, todas as opcións lingüísticas rexistradas nos títulos, nalgúns casos de xeito abreviado: “galego”, “ambigua (español / galego)” (“Amb. Esp.-Gal.”), “español”, “inglés”, “francés”, “latín”, “ambigua (español / galego) - inglés” (“Amb. (Es./Gal.)-Ing.”), “galego-inglés” (“Gal. - Ing.”), “ambigua (francés / inglés)” (“Amb.(Fr./Ing.)”), “español-francés” (“Es.-Fr.”), “español - galego - inglés” (“Es.-Gal.-Ing.”), “español - galego-latín” (“Es.-Gal.-Lat.”), “francés-inglés” (“Fr.-Ing.”), “galego - latín” (“Gal.-Lat.”) e “sen contido suficiente” (“SC”). Na parte superior da tabela amósanse asteriscos (*) sempre que os valores p obtidos ao calcularmos o coeficiente de correlación de Pearson son significativos: un asterisco se son inferiores a 0,05, dous se son inferiores a 0,01 e tres se son inferiores a 0,001. Isto é, o cadro que está á dereita de “habitantes” e inmediatamente por riba de “galego” contén dous asteriscos que indican que nun nivel de significación de 0,01 a relación é significativa. Neste apartado só nos interesa analizarmos a relación entre o número de habitantes e a aparición (ou non) das diferentes opcións lingüísticas, isto é, só nos imos fixar nos coeficiente de correlación que nos indica a primeira columna comezando pola esquerda e no dato sobre a significatividade que nos amosa a primeira fila comezando por arriba. Con todo, neste caso, e en casos posteriores, mantivemos o resto de datos porque nos poden revelar relacións de interese entre opcións lingüísticas. Cómpre indicarmos que para elaborarmos este tipo de tabelas de correlación empregamos a función “corrgram” da biblioteca do mesmo nome en R (“Package ‘corrgram’”, 2015; “Correlation Corrplot Configuration”, 2013).

Habitantes	**	***	*		
-0.09	Galego	***	***	***	*
0.13	-0.35	Español	*		
0.06	-0.21	-0.08	Inglés		
-0.04	-0.16	-0.04	0.01	Francés	
-0.01	-0.07	-0.02	-0.03	-0.02	Latín

Gráfico 107: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogs e linguas presentes nos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)

Tendo en conta todo isto, podemos observar que a tabela inicial reflicte tres correlacións significativas entre o número de habitantes e as opcións lingüísticas empregadas nos títulos dos blogs, unha negativa e dúas positivas: canto menor é o número de habitantes, maior é o uso do galego nos títulos dos blogs e viceversa, mentres que canto maior é o número de habitantes, maior é o uso do español e do inglés e viceversa. Obtemos os mesmos resultados se reducimos os datos a linguas. Así as cousas, os datos dos títulos parecen reflectir o mesmo ca outros estudos sociolingüísticos de ámbito xeral (González *et al.*, 2008: 49-52 / IGE, 2004 - 2014): canto maior é o número de habitantes menor é o uso do galego e viceversa.

3.6.2.2. Publicacións

Coma no caso dos títulos, presentamos na tabela anterior as relacións entre o número de habitantes e as diferentes opcións lingüísticas rexistradas nas publicacións dos blogs da mostra. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo, amósanse as seguintes opcións lingüísticas: “galego”, “español”, “inglés”, “francés”, “ambigua (español / galego)” (“Amb. (Es./Gal.)”), “ambigua (español / galego) - inglés” (“Amb. (Es.-Gal.)-Ing.”), “español - galego” (“Es.-Gal.”), “portugués”, “alemán - español” (“Al.-Es.”), “galego - inglés” (“Gal.-Ing.”), “francés - galego” (“Fr.-Gal.”), “español - inglés” (“Es.-Ing.”), “alemán”, “francés - inglés” (“Fr.-Ing.”), “ambigua (español / galego) - francés” (“Amb. (Es.-Gal.)-Fr.”), “galego - portugués” (“Gal.-Pt.”) e “español - galego - inglés - portugués” (“Es.-Gal.-Ing.-Pt.”).

Capítulo 3. A lingua galega nos blogues didácticos do ensino secundario galego

Habitantes	Galego	Español	Inglés	Francés	Amb. (Es./Gal.)	Amb. (Es.-Gal.)	Portugués	Al.-Es.	Gal.-Ing.	Fr.-Gal.	Es.-Ing.	Alemán	Fr.-Ing.	Amb. (Es.-Gal.-F)	Gal.-Pt	Es.-Gal.-Ino.-Pt.
-0.19	0.17	0.08	-0.05	0.09	0.01	0.01	-0.01	-0.00	-0.00	0.00	0.02	0.01	-0.02	-0.02	-0.02	0.02
***	**	*	*	**												**
***	***	***	***	***												
***	***	***	***	***												
*										*						
										***			***	***		

Gráfico 108: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogues e as opcións lingüísticas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)

Podemos observar no gráfico 108 que os datos da primeira fila da tabela reflicten unha situación semellante á dos títulos: canto menor é o número de habitantes, maior é o uso do galego nas publicacións e viceversa, mentres que canto maior é o número de habitantes, maior é o uso do español e do inglés e viceversa. Con todo, rexistramos unha cuarta correlación significativa: canto maior é o número de habitantes, maior é o número de publicacións ambiguas entre español e galego nos blogues da mostra. Isto podería ser un indicio de que naqueles contextos en que se fai un maior uso do galego (centros procedentes de concellos con menos habitantes) as persoas administradoras poderían evitar as publicacións ambiguas entre as dúas linguas para deixar claro que a lingua que están a empregar é o galego. Con todo, esta é unha hipótese que non podemos confirmar cos datos tirados da mostra.

Por outra banda, podemos observar como neste caso tamén se reflicten asociacións de interese entre as opcións lingüísticas (lembremos que dispoñemos de máis dun dato por blogue): observamos correlacións positivas entre opcións lingüísticas próximas, coma “inglés” e “galego - inglés”, “francés” e “francés - galego”, “portugués” e “galego -portugués” etc.

Finalmente, podemos observar que se reducimos os datos a linguas, os resultados son moi semellantes aos que vimos de analizar:

Habitantes	***	***	*			
-0.19	Galego	***	***	***		
0.17	-0.68	Español	***	***		
0.08	-0.31	-0.16	Inglés			
-0.05	-0.22	-0.11	-0.04	Francés		
-0.01	-0.01	-0.03	-0.01	-0.01	Portugués	
0.01	-0.04	0.04	-0.01	-0.01	-0.00	Alemán

Gráfico 109: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogs e as linguas presentes nas publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)

3.6.2.3. Contido automático

Na tabela do gráfico 110 podemos observar que rexistramos relacións semellantes no contido automático ás que detectamos nos títulos e nas publicacións. Con todo, non son correlacións significativas no caso do español e do galego (aínda que a dirección da correlación é a mesma nos dous casos). Só rexistramos dúas correlacións significativas: canto maior é o número de habitantes maior é o uso do inglés no contido automático, e viceversa; e canto menor é o número de habitantes maior é o uso do portugués no contido automático, e viceversa.

Habitantes					**	*		
0.04	Español	***	***	***	***	***	***	
-0.05	-0.58	Galego	***	**	**	*	*	
-0.01	-0.32	-0.11	Gal.-Ing.					
-0.01	-0.28	-0.09	-0.05	Es.-Ing.				
0.09	-0.31	-0.10	-0.06	-0.05	Inglés			
-0.07	-0.23	-0.08	-0.04	-0.04	-0.04	Portugués		
-0.03	-0.19	-0.07	-0.04	-0.03	-0.04	-0.03	Francés	
-0.02	-0.04	-0.01	-0.01	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	Catalán

Gráfico 110: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogs e as opcións lingüísticas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)




Gráfico 111: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogs e as linguas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

Se reducimos os datos a linguas, deixa de ser significativa a correlación entre o uso do inglés e o número de habitantes, mais mantense a significatividade no caso do portugués (*vid.* gráfico 111). Así as cousas, o contido automático reflicte correlacións na mesma dirección que as outras dúas variábeis lingüísticas, mais moito menos importantes, até o punto de non seren significativas. Con todo, destaca o caso do portugués que, como indicamos noutras ocasións, pode ser un xeito de evitar usar o español ou o inglés en CMS que non permiten usar o galego (*vid.* §3.6.7.1), polo que sería máis unha mostra de que o non uso do español está ligado a un menor número de habitantes.




Gráfico 112: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogs e as linguas empregadas nas tres variábeis estudadas (resumo)

Amosamos, a modo de resumo, un gráfico que reflicte os coeficientes de correlación medios para cada lingua tendo en conta a súa aparición nas tres variábeis estudadas. Se realizamos tamén media de valores *p* obtidos, podemos observar que só no caso do galego o valor *p* medio é inferior a 0,05, isto é, parece que a asociación entre un menor número de habitantes e un maior uso do galego, e viceversa, é forte nos blogs da nosa

mostra. Estes datos son coherentes cos obtidos por outros estudos máis amplos. Así *Mapa Sociolingüístico de Galicia* elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, xa apuntaba, tanto no seu volume I (*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*) coma no seu volume II (*Usos lingüísticos en Galicia*), conclusións que van na mesma dirección que o detectado na nosa mostra. Os datos deste traballo indican que o galego é maioritario nos estratos de menor poboación e viceversa (González *et al.*, 2007; González *et al.*, 2008). Podemos comprobar isto se revisamos os datos que se achegan para diferentes situacións, mais imos citar aquí só as que consideramos máis directamente relacionadas co noso traballo: a lingua inicial (González *et al.*, 2007: 39 - 49), a competencia lingüística (entender, ler, falar e escribir) (90 - 94), a lingua habitual (González *et al.*, 2008: 49 - 52), a lingua de lectura (114 - 115), a lingua de escritura (121 - 122) ou a lingua dos usos escolares (164 - 168). Así as cousas, non é estraño que os blogues que presentan un maior uso do galego sexan aqueles que proceden de centros situados en concellos en que o galego é en maior medida lingua inicial, lingua habitual, lingua de lectura, lingua de escritura e lingua dos usos escolares, para alén de seren tamén os concellos en que a poboación declara ter maiores competencias lingüísticas en galego.

Tamén son coherentes os nosos datos con outros máis recentes, coma os achegados polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Por exemplo, se tomamos os datos de *Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Datos por tamaño de municipio* dos anos 2003, 2008 e 2013 observamos que o uso do galego é maior canto menor é a poboación e menor canto maior é; mentres que o uso do español é maior canto maior é a poboación e viceversa (IGE, 2004 - 2014). O mesmo acontece se revisamos os datos deses tres anos de *Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que reciben as clases. Datos por tamaño de municipio* (IGE, 2004 -2014), pois comprobamos que as aulas se imparten maioritariamente en castelán no total da poboación, mais é nos estratos de menor poboación onde se imparten maioritariamente en galego. Nos datos referidos ás *Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que responden os exames. Datos por tamaño de municipio* (IGE, 2004 - 2014), ás *Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que escriben na escola. Datos por tamaño de municipio* (IGE, 2004 - 2014), ás *Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que falan cos seus compañeiros. Datos por tamaño de municipio* (IGE, 2004 - 2014) e ás *Persoas que*

estudan en Galicia segundo a lingua na que falan cos seus profesores. Datos por tamaño de municipio (IGE, 2004 - 2014) o observamos a mesma relación con referencia á poboación, mais nestes casos o castelán é a lingua maioritaria en todos os estratos agás no de menor poboación.

Cómpre apuntar que ao analizarmos estes datos comparativos entre 2003, 2008 e 2013 observamos que o uso do galego no ámbito escolar aumenta en 2008 con respecto a 2003, mais en 2013 volve descender, mentres que o uso do español descende en 2008 con respecto a 2003 e volve ascender en 2013. Isto acontece en nas seis variábeis que vimos de expoñer para o ámbito escolar, a totalidade das contempladas polo IGE. Consideramos que estes datos poden reflectir os efectos das diferentes disposicións legislativas aprobadas neses períodos. Así, o *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*, claramente orientado á promoción do uso do galego no eido educativo, puido influír no ascenso do seu uso detectado polo IGE en 2008, mentres que o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, que lle resta presenza ao galego no eido educativo, pareceu influír claramente no descenso de uso do galego detectado tres anos despois da súa entrada en vigor (*vid.* §1.3).

3.6.2.4. Recapitulación

En resumo, os datos da nosa mostra sobre os usos lingüísticos dos blogues segundo o estrato de poboación en que se sitúen os centros de que proceden reflicten claramente un maior uso do galego nas áreas de menor poboación, mentres que nos concellos máis poboados o español adquire máis presenza. Como vimos, estes datos coinciden con outros traballos máis amplos, coma o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* e os datos obtidos polo IGE. O tamaño do concello de procedencia é a única variábel para a que dispoñemos doutros datos obtidos por outros traballos cos que comparar os da nosa mostra, polo que o feito de coincidiren claramente as tendencias apuntadas por esoutros estudos e mais polo noso é un indicador positivo sobre a consistencia da nosa mostra.

Cómpre detérmonos nunha última cuestión antes de rematar a análise dos usos lingüísticos segundo o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros: debemos revisar as conclusións a que chegamos ao analizarmos os datos lingüísticos en función dos tipos de centro, pois os blogues procedentes dos centros públicos presentan

unha distribución, en canto ao número de habitantes do concello en que se sitúa o centro a que pertencen, moi diferente da dos centros privados: os centros públicos localízanse en concellos cuxo número de habitantes oscila entre os 1769 e os 296 500, e o número medio de habitantes dos concellos en que se sitúan estes centros é de 58 190; os centros privados, pola súa banda, están situados en concellos cun número de habitantes que oscila entre os 6326 e os 296 500 e neles a media de habitantes é de 135 200. Isto quere dicir que os centros públicos están espallados entre concellos con diferente número de habitantes, mentres que os privados tenden a concentrarse nos concellos máis poboados. Isto fainos cuestionar que o menor uso do galego e maior uso do español se deba só ao tipo de centro, pois parece probábel que o número de habitantes dos concellos en que se sitúan estea tamén relacionado con estes usos. Con todo, se lles damos outra volta aos datos e comparamos os usos lingüísticos dos blogues segundo o tipo de centro cinguíndonos só aos centros situados nas sete grandes cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol) comprobamos que o galego é a opción lingüística do título do 55% dos blogues de centros públicos e do 28% dos de centros privados, mentres que o español é a opción lingüística do título do 5% dos centros públicos e de até o 31% dos privados. Canto ás publicacións, o galego é a lingua única do 61% das publicacións procedentes de centros públicos, mentres que nos privados fica no 30%. Nestes centros o español é a lingua maioritaria das publicacións, co 54%, mentres que nos públicos fica en segundo lugar co 20%. Canto ao contido automático, como vén sendo habitual, o español é a opción lingüística maioritaria nos dos grupos, mais nos centros privados supón o 78% e nos públicos baixa até o 58%; mentres que o galego supón o 16% nos centros públicos e só o 6% nos privados. Cómpre indicar tamén que se dividimos a mostra en blogues procedentes de centros públicos e blogues procedentes de centros privados, para analizarmos a relación entre o número de habitantes e as opcións lingüísticas empregadas en cada grupo, detectamos moi poucas correlacións significativas: en ningún dos grupos se dan correlacións significativas nas opcións lingüísticas dos títulos; nas publicacións detectamos que nos centros públicos canto menor é o número de habitantes maior é o uso do galego e viceversa, e canto maior é o número de habitantes maior é o uso do inglés e viceversa (datos semellantes aos xerais da mostra); canto ao contido automático, só rexistramos unha correlación significativa, nos centros privados, entre un maior número de habitantes e un maior uso

do inglés. En resumo, consideramos que a forte diferenza entre centros públicos e privados pode estar condicionada, en parte, polos diferentes contextos en que se sitúa cada tipo de centro. Con todo, tendo en conta os datos que analizamos para os blogues procedentes de centros situados nas sete grandes cidades, parece que non podemos negar que o tipo de centro si ten algunha relación cos usos lingüísticos, aínda que os datos expostos na epígrafe anterior (*vid.* §3.6.1) se vexan acentuados polas diferentes localizacións dos dous tipos de centros.

3.6.3. Blogues por centro

Ao describirmos a mostra de blogues, unha das variábeis que tivemos en conta foi o número de blogues por centro, coa finalidade de vermos o nivel de actividade de cada centro neste eido (*vid.* §3.3.3). Os datos que obtivemos indican que a media de blogues didácticos por centro é de 2,8, aínda que con grandes diferenzas, pois os centros con menos blogues só teñen un, mentres que o centro con máis blogues chega a ter até 20. Aínda que en principio non parece que esta variábel poida achegar datos lingüísticos significativos ao cruzármola coas tres variábeis lingüísticas, quixemos ver se unha maior ou menor actividade de blogues didácticos nos centros pode influír nos seus usos lingüísticos.

3.6.3.1. Título

Blogues	Galega	Amb.	Español	Inglés	Francés	Latín	Amb. (E)	Gal. - Ing.	Amb.	Es.-Fr.	Es.-Gal.-Ing.	Es.-Gal.-Lat.	Fr.-Ing.	Gal.-Lat.	SC
-0.07	***	***	***	***	***	**									
0.11	-0.64	***	***	***	**	*									
-0.06	-0.35	-0.25	***	***	*										
-0.01	-0.21	-0.15	-0.08	Inglés											
0.02	-0.15	-0.10	-0.06	-0.03	Francés										
0.02	-0.10	-0.07	-0.04	-0.02	-0.02	Latín									
0.02	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	Amb. (E)								
0.04	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	Gal. - Ing.							
-0.01	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Amb.						
-0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Fr.					
-0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Gal.-Ing.				
-0.01	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Gal.-Lat.			
-0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Fr.-Ing.		
-0.01	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Gal.-Lat.	
0.05	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	SC

Gráfico 113: Relación entre o número de blogues por centro e as opcións lingüísticas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)

Blogues	*	*			
-0.07	Galego	***	***	***	*
-0.07	-0.35	Español	*		
-0.01	-0.21	-0.08	Inglés		
0.00	-0.16	-0.04	0.01	Francés	
0.01	-0.07	-0.02	-0.03	-0.02	Latín

Gráfico 114: Relación entre o número de blogues por centro e as linguas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)

Na matriz representada no gráfico 113 podemos observar que canto maior é o número de blogues por centro menor é o uso do galego e do español e maior o de contidos ambiguos entre español e galego nos títulos, e viceversa. Así as cousas, non parece que o número de blogues por centro sexa unha variábel que nos sirva para explicar os usos lingüísticos dos títulos dos nosos blogues. Se reducimos os datos a linguas obtemos correlacións na mesma dirección, como se observa no gráfico 114.

3.6.3.2. Publicacións

Blogues	**	*																																				
-0.10	Galego	***	***	***	***																																..	
0.08	-0.68	Español	***	***																																		
0.01	-0.31	-0.16	Inglés																																			
0.02	-0.22	-0.11	-0.04	Francés																																		
0.06	-0.13	-0.05	-0.05	-0.05	Amb.																																	
0.05	0.02	-0.02	-0.01	-0.01	-0.01	Amb.																																
0.04	-0.04	-0.00	-0.03	-0.02	-0.04	-0.00	Es.-Gal.																															
-0.04	-0.03	-0.03	-0.01	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	Portugués																														
0.00	-0.04	-0.02	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	Al.-Es.																													
0.04	-0.01	-0.04	0.07	-0.01	-0.02	-0.00	-0.01	-0.00	-0.00	Gal.-Ing.																												
0.00	-0.05	-0.03	-0.01	0.20	-0.01	-0.00	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	Fr.-Gal.																											
-0.01	-0.06	0.02	0.01	0.00	-0.01	-0.00	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Ing.																										
0.00	-0.04	-0.02	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	0.20	-0.00	-0.00	-0.00	Alemán																								
0.01	-0.04	-0.02	-0.01	0.14	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Fr.-Ing.																								
-0.03	-0.04	-0.00	-0.01	0.11	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Amb.																							
-0.02	-0.01	-0.02	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	0.45	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Gal.-Pt.																						
-0.01	0.02	-0.02	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Gal.-																					
0.01	-0.10	-0.00	-0.01	0.02	0.02	-0.00	-0.02	-0.01	-0.00	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	

Gráfico 115: Relación entre o número de blogues por centro e as opcións lingüísticas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)

A tabela anterior amosa dúas correlacións significativas entre o número de blogues por centro e as opcións lingüísticas das publicacións: canto menor é o número de blogues

por centro, maior é o uso do galego, e viceversa; mentres que canto maior é o número de blogues por centro, maior é o uso do español, e viceversa. Obtermos os mesmos datos se reducimos as opcións lingüísticas a linguas:

Blogues	**	*				
-0.10	Galego	***	***	***		
0.08	-0.68	Español	***	***		
0.02	-0.31	-0.16	Inglés			
0.02	-0.22	-0.11	-0.04	Francés		
-0.04	-0.01	-0.03	-0.01	-0.01	Portugués	
0.00	-0.04	0.04	-0.01	-0.01	-0.00	Alemán

Gráfico 116: Relación entre o número de blogues por centro e as linguas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)

Poderíamos asumir que os centros con máis alumnado están situados nos concellos máis poboados e que, quizais, o feito de teren máis alumnado propicia que teñan máis blogues. Isto faría que os datos que estamos a analizar fosen coherentes cos que expuxemos no caso do número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogues. Con todo, se calculamos o coeficiente de correlación de Pearson para a relación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogues e o número de blogues por centro, obtermos un valor de -0,02013935, isto é, a relación é inversa: canto maior é o número de habitantes, menor é o número de blogues por centro, e viceversa. Con todo, obtemos un valor p de 0,5119 que nos indica que esta correlación se pode deber ao azar. Aínda así, non podemos relacionar o número de blogues por centro co número de habitantes, só podemos afirmar que canto menor é o número de blogues por centro maior é o uso do galego nas publicacións, e viceversa, mentres que o español está na situación oposta.

3.6.3.3. Contido automático

Blogues		*						
0.00	Español	***	***	***	***	***	***	
0.07	-0.58	Galego	***	**	**	*	*	
-0.04	-0.32	-0.11	Gal.-Ing.					
0.01	-0.28	-0.09	-0.05	Es.-Ing.				
-0.05	-0.31	-0.10	-0.06	-0.05	Inglés			
-0.03	-0.23	-0.08	-0.04	-0.04	-0.04	Portugués		
-0.01	-0.19	-0.07	-0.04	-0.03	-0.04	-0.03	Francés	
0.00	-0.04	-0.01	-0.01	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	Catalán

Gráfico 117: Relación entre o número de blogues por centro e as opcións lingüísticas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 117 podemos observar que só rexistramos unha correlación significativa: canto maior é o número de blogues por centro, maior é o uso do galego no contido automático dos blogues, e viceversa. Con todo, se transformamos as opcións lingüísticas en linguas xa non rexistramos ningunha correlación significativa, como se pode observar no gráfico 118.

Blogues							
0.04	Galego	***	***	*	**		
0.01	-0.76	Español	***	***	***		
-0.05	0.15	-0.36	Inglés	*	*		
-0.01	-0.08	-0.21	-0.06	Francés			
-0.03	-0.09	-0.26	-0.07	-0.03	Portugués		
0.00	-0.02	-0.04	-0.01	-0.00	-0.01	Catalán	

Gráfico 118: Relación entre o número de blogues por centro e as linguas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

3.6.3.4. Recapitulación

Como apuntabamos ao comezo desta epígrafe, non parece que o número de blogues por centro sexa unha variábel que nos sirva para explicar os usos lingüísticos dos blogues da

mostra. Puidemos comprobar que non parecen existir tendencias coherentes no uso dunha ou outra opción lingüística e o número de blogs por centro. Aínda que a priori poderíamos pensar que se podería asociar co número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros de que proceden os blogs, comprobamos que isto non é posíbel.

Amosamos, a modo de resumo, os valores medios para os coeficientes de correlación obtidos para cada unha das linguas ao longo das tres variábeis estudadas:




Gráfico 119: Relación entre o número de blogs por centro e as linguas empregadas nas tres variábeis estudadas (resumo)

3.6.4. Temáticas

Na descrición da mostra distinguimos sete grandes áreas temáticas, dentro das que rexistramos ata 33 temáticas diferentes. Coa finalidade de realizarmos unha descrición o máis exhaustiva posíbel, distinguir aínda 87 subtemáticas (*vid.* §3.3.4). Con todo, para o cruzamento das variábeis lingüísticas coas temáticas dos blogs imos ter en conta só as áreas temáticas e as temáticas, xa que analizarmos as subtemáticas xera unha gran cantidade de datos que non nos axudan a comprender mellor os usos lingüísticos segundo as temáticas dos blogs xa que, como vimos, aínda que hai subtemáticas moi numerosas (por exemplo, lectura e bibliotecas, que con 122 blogs supón o 11,38% da mostra), só 16 teñen 10 ou máis rexistros, e 59 teñen menos de cinco. Isto quere dicir que, debido ao reducido dalgúns grupos, as conclusións a que podemos chegar ao compararmos os usos lingüísticos segundo as subtemáticas non van ser moi sólidas, xa que os datos son reducidos. Só recorreremos ás subtemáticas en casos en que sexan explicativas (por exemplo, no caso da temática de linguas estranxeiras pode achegar datos interesantes sobre os usos lingüísticos facermos referencia ás subtemáticas existentes -fundamentalmente, inglés e francés, mais non só-).

Analizaremos, xa que logo, as diferenzas entre os grupos de áreas temáticas e subtemáticas para vermos se son ou non significativas en cada unha das variábeis lingüísticas. Para isto traballaremos con medias, coma en casos anteriores, e aplicaremos unha proba anova unifactorial para sabermos se as diferenzas entre as medias dos diferentes grupos son ou non significativas. No caso de que a proba anova unifactorial revele que son significativas nos usos lingüísticos dos diferentes grupos, realizaremos unha proba HSD de Tukey para sabermos entre que combinacións de áreas temáticas ou subtemáticas son significativas as diferenzas. Como fixemos en casos anteriores, amosaremos nun gráfico as porcentaxes que acada cada opción lingüística en cada un dos grupos. Naqueles casos en que existan diferenzas significativas entre os grupos para unha determinada opción lingüística, esta opción irá precedida dun asterisco (*) na lenda do gráfico.

3.6.4.1. Título

Se lembramos, nos datos xerais o galego é a lingua do 47% dos títulos dos blogues, seguido dos títulos ambiguos entre español e galego (31%), dos títulos en español (12%) e, finalmente, dun 9% de títulos que empregan opcións lingüísticas cun peso inferior ao 5% no relativo ao total da mostra (*vid.* §3.4.1).

3.6.4.1.1. Áreas temáticas

No gráfico 120 podemos observar as diferentes distribucións das opcións lingüísticas dos títulos dos blogues da mostra segundo a área temática. Para evitar ruído nas barras, omitimos as etiquetas de datos opcións lingüísticas cun peso inferior ao 5%, xa que, aínda que se atopan representadas nas barras, superpoñeríanse unhas a outras sen que se puidesen ver a maioría destes valores. Na lenda comprobamos que rexistramos diferenzas significativas en seis das opcións lingüísticas. Imos analizar polo miúdo o que acontece en cada unha destas opcións. Cómpre dicirmos que a proba anova unifactorial só achega valores p inferiores a 0,05 en dous casos: galego (0,000000278) e español (0,002035). Nos catro casos restantes a proba no devolve resultado ningún. Con todo, decidimos sinalar cun asterisco estas opcións porque ao realizarmos a proba HSD

de Tukey si detectamos diferenzas significativas entre parellas concretas de áreas temáticas⁷⁸.

No referente ao **galego**, a área temática de artes e humanidades, a que ten a porcentaxe máis baixa de títulos en galego, presenta diferenzas significativas con outras tres áreas temáticas: actividades transversais ($p = 0.0000005$), blogue do centro ($p = 0,0046576$) e ciencias sociais ($p = 0,0044958$). Isto quere dicir que o uso do galego na área de artes e humanidades é significativamente menor ca nesas outras tres áreas. Tamén é

78 Imos intentar explicar o que acontece nestes casos a partir do que acontece coa opción lingüística *inglés*. Velaquí o resultado completo que nos devolve R:

```
> oneway.test(blogues$OP.TÍTULO.Inglés~blogues$Área.temática.I, var.equal=F)
```

One-way analysis of means (not assuming equal variances)

```
data: blogues$OP.TÍTULO.Inglés and blogues$Área.temática.I
F = NaN, num df = 6, denom df = NaN, p-value = NA
```

En azul atópase o código que executamos e en negro o resultado que nos devolveu R: empregamos a función *oneway.test* para realizarmos a proba anova empregando as variábeis “OP.TÍTULO.Inglés” (nome da columna que contén o valor 0 para os blogues que non teñen o título en inglés e o valor 1 para os blogues que teñen o título en inglés) e “Área.temática.I” (nome da columna que contén as áreas temática). Para alén disto, engadimos “var.equal=F” para que a proba anova se realizase sen asumir que as varianzas son iguais, pois este é o resultado que nos deu a proba de Levene para estas dúas variábeis:

```
> leveneTest(blogues$OP.TÍTULO.Inglés~blogues$Área.temática.I)
```

Levene's Test for Homogeneity of Variance (center = median)

```
  Df F value Pr(>F)
group 6 6.5935 7.432e-07 ***
 1065
```

```
---
Signif. codes:  0 '***' 0.001 '**' 0.01 '*' 0.05 '.' 0.1 ' ' 1
```

Podemos observar que a proba de Levene sinala que a diferenza entre as varianzas é significativa (Hernández & Almeida, 2005: 217-218). O que acontece é que cando o valor dalgún dos grupos é 0 a función *oneway.test* non funciona coa especificación “var.equal=F”. É probábel que con esta especificación teña que realizar nalgún momento unha división entre 0, causa frecuente de que R nos devolva un valor NaN (*not a number*), coma o que nos achega neste caso para o valor F (“F = NaN”). Ao carecer de valor F, R non pode calcular de ningún xeito o valor p da proba, de aí que nos devolva “p-value = NA”, en que NA significa *not available*. Non fomos quen de atopar en R unha alternativa para realizarmos a proba anova unifactorial sen asumir que as varianzas son iguais en casos en que un dos valores é 0. Con todo, si podemos realizar a proba HSD de Tukey para sabermos entre que grupos as diferenzas entre medias son significativas, polo que, aínda que non teñamos os resultados da proba anova, podemos realizar igualmente a análise acudindo aos datos que nos achega a proba HSD de

significativa a diferenza de uso do galego nos títulos entre os blogues de actividades extraescolares e os de actividades transversais ($p = 0,0310884$). isto é, o uso do galego nos títulos dos blogues de actividades transversais é significativamente superior ao dos blogues de actividades extraescolares⁷⁹.




Gráfico 120: Opcións lingüísticas dos títulos segundo a área temática

Canto ao **español**, só rexistramos unha parella de áreas temáticas entre as que se dá unha diferenza significativa: artes e humanidades e actividades transversais ($p = 0,0025498$). No primeiro grupo o español é a opción lingüística do 18% dos títulos, mentres que no segundo só se rexistra como lingua única no 7%. Así as cousas, podemos dicir que os blogues de artes e humanidades presentan un maior uso do español e menor uso do galego.

Tukey.

79 Podemos apreciar que hai diferenzas máis amplas nas porcentaxes que as que a proba HSD de Tukey sinala como significativas, mais cómpre ter en conta que esta proba ten en conta o número de rexistros de cada grupo. Por exemplo, se o galego fose a opción lingüística do 100% dos títulos dun grupo constituído por só 2 blogues e a opción lingüística do 20% dun grupo constituído por 200, é probábel que esta proba non sinalase esa diferenza como significativa, xa que o reducido número de blogues do primeiro grupo non permite que poidamos achacar esa ampla diferenza nas porcentaxes ao feito de os blogues pertenceren a eses dous grupos diferentes.

Imos analizar agora os resultados que nos achega a proba HSD de Tukey para aqueles casos en que a proba anova unifactorial non achega resultado ningún. No caso do **inglés** rexistramos diferenzas significativas entre a área temática de artes e humanidades e outras cinco áreas: actividades transversais ($p = 0,0000003$), blogue do centro ($p = 0,0012325$), ciencias ($p = 0,0328536$), ciencias sociais ($p = 0,0074281$) e outras ($p = 0,0058342$). O inglés é a opción lingüística de só 52 blogues, o 4,85% dos blogues da mostra e a súa distribución ao longo das diferentes áreas temáticas é moi desigual, xa que a área de artes e humanidades ten un 12% de títulos en inglés, mentres que ningún caderno dixital da área blogue do centro ten o seu título nesta lingua, de aí que, como explicamos na nota 78, non funcionase a proba anova unifactorial sen asumir varianzas iguais.

No caso do **francés**, só o 2,33% dos blogues da nosa mostra presentan esta opción lingüística os títulos (25 blogues). Detectamos diferenzas significativas entre os mesmos grupos que no caso do inglés, isto é, diferenzas entre a área de artes e humanidades e outras cinco áreas: actividades transversais ($p = 0$), blogue do centro ($p = 0,0004151$), ciencias ($p = 0,0000002$), ciencias sociais ($p = 0,0003292$) e outras ($p = 0,0001303$). Coma no caso do inglés, a área de artes e humanidades é a que rexistra unha maior porcentaxe de títulos en francés (12%).

Canto ao **latín**, é a lingua única do título de 11 blogues (1,03%) e rexistramos diferenzas significativas entre a área de artes e humanidades, a que presenta o valor máis alto de latín nos títulos, aínda que só supón o 3%, e as áreas de actividades transversais ($p = 0,0087407$) e ciencias ($p = 0,0453046$).

Canto á opción “**ambigua (español / galego) - inglés**” cómpre sinalarmos que se trata dunha opción rexistrada en só dous títulos, os dous procedentes de blogues da área de actividades extraescolares. A proba HSD de Tuley devolve diferenzas significativas entre a área de actividades extraescolares e as seis restantes: actividades transversais ($p = 0,0000003$), artes e humanidades ($p = 0,0000014$), blogue do centro ($p = 0,0002673$), ciencias ($p = 0,0000054$), ciencias sociais ($p = 0,00023$) e outras ($p = 0,0000295$). En calquera caso, cómpre tomar estes datos con moita cautela, pois trátase de só dous rexistros. Aínda que é certo que no caso das opcións inglés, francés e latín o número de rexistro é tamén reducido (aínda que non tanto), veremos ao analizar as temáticas concretas que as súa maior frecuencia na área de artes e humanidades está claramente

relacionada co ámbito temático, mais no caso da opción “ambigua (español / galego)-inglés”, aínda que tamén pode ser así, a relación non é tan clara (vid. §3.6.4.1.2).

Se reducimos os datos a linguas, obtermos diferenzas significativas entre as mesmas parellas de áreas temáticas para o galego, o español, o inglés e o francés, mentres que no caso do latín deixa de ser significativa a diferenza entre as áreas de artes e humanidades e a de ciencias. Amosamos a modo de resumo o gráfico cos datos reducidos a linguas:




Gráfico 121: Linguas dos títulos segundo a área temática

3.6.4.1.2. Temáticas

No gráfico 122 podemos observar a distribución das opcións lingüísticas dos títulos detallada segundo a temática. Podemos observar que rexistramos diferenzas significativas en seis opcións lingüísticas, as mesmas para as que rexistramos diferenzas significativas ao analizarmos os datos segundo as áreas temáticas (vid. §3.6.4.1.1). A proba anova unifactorial non nos achega ningún valor p inferior a 0,05, mais si 9 casos en que non achega resultado ningún debido a que non podemos asumir varianzas iguais e a que algún dos valores é 0, como explicamos na nota 78. Con todo, en 7 das opcións lingüísticas, as sinaladas no gráfico cun asterisco, a proba HSD de Tukey si achega diferenzas significativas.

Capítulo 3. A lingua galega nos blogs didácticos do ensino secundario galego




Gráfico 122: Opcións lingüísticas dos títulos segundo temática

Para analizarmos estas diferenzas do xeito máis claro posíbel, creamos unha tabela en forma de matriz para cada unha das opcións lingüísticas: as 33 temáticas aparecen reflectidas na primeira columna comezando pola esquerda e na primeira fila comezando

por arriba. Na parte inferior da matriz sinalamos cun asterisco os casos en que as combinacións de temáticas que correspondan presenten unha diferenza significativa na presenza da opción lingüística analizada. Na parte superior sinalamos, mediante un código de cores, a dirección da diferenza: se a opción lingüística é máis frecuente na temática que está na primeira fila, o cadro correspondente será de cor verde, mentres que se a opción lingüística é menos frecuente na temática da primeira fila, o cadro será de cor vermella. Na esquina superior esquerda indícase a opción lingüística e o número de ocorrencias que presenta na mostra. As temáticas que supoñen un grupo de menos de 10 blogues aparecen en cor vermella na tabela, coa finalidade de indicarmos que cómpre tomar eses datos con cautela por se tratar de grupos pequenos.

Imos comezar analizando a tabela correspondente ao uso do **galego** como opción lingüística dos títulos. Para seguirmos unha orde na exposición dos datos, leremos a tabela de esquerda a dereita e de arriba a abaixo. Así, o primeiro que observamos é que os blogues da temática de **deportes** empregan menos o galego ca os xenéricos de actividades extraescolares, os de ciencias naturais e os xenéricos de ciencias sociais. Así, na columna correspondente a deportes (a número 11 comezando pola esquerda), as combinacións con esoutras temáticas aparecen en vermello (filas 3, 6 e 7 da columna 11). Por outra banda, comprobamos que os blogues da temática de deportes empregan menos o galego nos títulos que os blogues de lingua e literatura galegas, os de normalización lingüística e os de novas, xa que a combinación da fila 11 (deportes) coas columnas correspondentes a esas temáticas (18, 25 e 26) son de cor verde. Para entendermos como se relaciona unha determinada temática coas restantes temáticas cómpre a parte superior da tabela en forma de L, comezando desde arriba, chegando até o cadro gris que marca a diagonal e, a partir de aí, seguindo cara á dereita. Na parte inferior, cómpre ler a tabela en forma de L invertida: comezando desde a esquerda ata o cadro gris, e do cadro gris para abaixo.

Galego (507)	Actividades católicas																																			
	Actividades extraescolares (xenérico)	ANPA	Blogue do centro	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais (xenérico)	Ciencias (xenérico)	Concursos	Debuxo e artes plásticas	Deportes	Economía	Educación Física	Filosofía e Ética	Física e Química	Lectura e bibliotecas	Lingua e Literatura Españolas	Lingua e Literatura Galegas	Linguas e culturas clásicas	Linguas estranxeiras	Matemáticas	Miscelánea	Música	Niveis educativos	Normalización lingüística	Novas	Orientación	Outras	Proxectos	Relixión Católica	Teatro	Tecnoloxía e Informática	Viaxes	Xeografía e Historia				
Actividades católicas																																				
Actividades extraescolares (xenérico)																																				
ANPA																																				
Blogue do centro																																				
Ciencias Naturais																																				
Ciencias Sociais (xenérico)																																				
Ciencias (xenérico)																																				
Concursos																																				
Debuxo e artes plásticas																																				
Deportes																																				
Economía																																				
Educación Física																																				
Filosofía e Ética																																				
Física e Química																																				
Lectura e bibliotecas																																				
Lingua e Literatura Españolas																																				
Lingua e Literatura Galegas																																				
Linguas e culturas clásicas																																				
Linguas estranxeiras																																				
Matemáticas																																				
Miscelánea																																				
Música																																				
Niveis educativos																																				
Normalización lingüística																																				
Novas																																				
Orientación																																				
Outras																																				
Proxectos																																				
Relixión Católica																																				
Teatro																																				
Tecnoloxía e Informática																																				
Viaxes																																				
Xeografía e Historia																																				

Tabela 28: Diferenzas entre temáticas no uso do galego nos títulos

No caso da temática de **lingua e literatura españolas**, observamos que o uso do galego nos títulos destes blogs é sempre inferior ao que se rexistra nas temáticas con que mantén diferenzas significativas: actividades extraescolares (xenérico), ANPA, ciencias naturais, ciencias sociais (xenérico), lectura e bibliotecas, lingua e literatura galegas, normalización lingüística, novas e xeografía e historia. Completamente diferente é a situación dos blogs de **lingua e literatura galegas**, que rexistran un uso do galego nos títulos superior a todas as temáticas con que manteñen diferenzas significativas: blogue do centro, ciencias (xenérico), debuxo e artes plásticas, deportes, economía, educación física, física e química, lectura e bibliotecas, lingua e literatura españolas, linguas e culturas clásicas, linguas estranxeiras, matemáticas, música, niveis educativos, orientación, outras, proxectos, relixión católica, tecnoloxía e informática e viaxes. No

caso dos blogues de **linguas e culturas clásicas**, vimos de comentar que o seu uso do galego nos títulos é significativamente inferior ao dos blogues de lingua e literatura galegas. Canto aos blogues de **linguas estranxeiras**, podemos observar que o seu uso do galego é inferior ao que se rexistra en todas as temáticas con que manteñen diferenzas significativas: actividades extraescolares (xenérico), ANPA, blogue do centro, ciencias naturais, ciencias sociais (xenérico), lectura e bibliotecas, lingua e literatura galegas, música, normalización lingüística, novas, outras, proxectos e xeografía e historia. Os blogues de **matemáticas** presentan un menor uso do galego que os de lingua e literatura galegas e os de normalización lingüística. Os de **música**, pola súa banda, presentan un menor uso do galego que os blogues de lingua e literatura galegas, mais maior que os de linguas estranxeiras. Os blogues dedicados aos diferentes **niveis educativos** presentan tamén un menor uso do galego que os das temáticas con que teñen diferenzas significativas: lingua e literatura galegas, normalización lingüística e novas. Os blogues de **normalización lingüística** presenta un uso do galego nos títulos significativamente maior que os blogues de centro, os xenéricos de ciencias, os de debuxo e artes plásticas, os de deportes, os de economía, os de educación física, os de lectura e bibliotecas, os de lingua e literatura españolas, os de linguas e culturas clásicas, os de linguas estranxeiras, os de matemáticas, os de música, os de niveis educativos, os de orientación, os doutras temáticas, os de proxectos, os de relixión católica, os de tecnoloxía e informática e os de viaxes. Algo semellante acontece cos blogues de **novas**, cun uso do galego maior que os xenéricos de ciencias, os de debuxo e artes plásticas, os de deportes, os de economía, os de educación física, os de lingua e literatura españolas, os de linguas e culturas clásicas, os de linguas estranxeiras, os de niveis educativos, os de orientación, os de proxectos, os de relixión católica, os de tecnoloxía e informática e os de viaxes. Os blogues de **orientación** presentan diferenzas que xa comentamos: un menor uso do galego que os de lingua e literatura galegas, os de normalización lingüística e os de novas. Comentamos tamén as do grupo **outras**, que usan menos o galego que os de lingua e literatura galegas, os de linguas estranxeiras e os de normalización lingüística. Tamén sinalamos que os blogues de **proxectos** usan menos o galego nos títulos que os de lingua e literatura galegas, os de normalización lingüística e os de novas, mais emprégano máis que os de linguas estranxeiras. Os blogues de **relixión católica, tecnoloxía e informática e viaxes** empregan máis o

galego que os de lingua e literatura galegas, os de normalización lingüística e os de novas. No caso dos de viaxes, o uso do galego tamén é menor que nos blogues xenéricos de actividades extraescolares. Finalmente, os blogues de **xeografía e historia** empregan máis o galego que os de lingua e literatura españolas e os de linguas estranxeiras.

Linguas estranxeiras	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
Matemáticas																																			
Miscelánea																																			
Música																																			
Niveis educativos																																			
Normalización lingüística																																			
Novas																																			
Orientación																																			
Outras																																			
Proxectos																																			
Relixión Católica																																			
Teatro																																			
Tecnoloxía e Informática																																			
Viaxes																																			
Xeografía e Historia																																			

Tabela 36: Diferenzas entre temáticas no uso do francés nas publicacións

Amosamos na tabela 37 a matriz de datos referente ás publicacións ambiguas entre español e galego. Podemos observar que rexistramos dúas combinacións en que a diferenza entre as temáticas é significativa: os blogs de linguas estranxeiras rexistran menos contidos ambiguos entre español e galego que os de ciencias sociais (xenérico) e que os de xeografía e historia. Non se trata, neste caso, dun dato de grande interese coma noutros casos, pois é esperábel que uns blogs que empregan menos o español e o galego, como son os blogs de linguas estranxeiras, presenten tamén un número menor de publicacións ambiguas entre estas dúas linguas.




Tabela 37: Diferenzas entre temáticas no uso de contidos ambiguos entre español e galego nas publicacións

A modo de resumo, no gráfico 128 amosamos os datos que vimos de analizar reducidos a linguas. Coma en casos anteriores, a porcentaxe total pode superar o 100% nalgúñas temáticas, xa que hai linguas que están presentes en combinacións lingüísticas, casos en que esa combinación aparece representada de xeito duplo. Por exemplo, se a combinación galego - inglés aparece nun 10% das publicacións dunha temática, ao reducirmos os datos a linguas sinalamos que o galego está presente nese 10% e que o inglés tamén está presente nese 10%, polo a porcentaxe representada no gráfico ascenderá, cando menos, ao 110%.




Gráfico 128: Linguas das publicacións segundo a temática

3.6.4.3. Contido automático

3.6.4.3.1. Áreas temáticas




Gráfico 129: Opcións lingüísticas do contido automático segundo a área temática

Amosamos no gráfico 129 a distribución das opcións lingüísticas do contido automático segundo a área temática. Podemos observar que rexistramos diferenzas significativas entre áreas temáticas en catro opcións lingüísticas: español, galego, galego - inglés e francés. A proba anova unifactorial só nos achegou valores p inferiores a 0,05 no caso do español ($p = 0,001165$) e do galego ($p = 0,001215$), mentres que no caso do francés non devolve resultado ningún (NA) por causa do explicado na nota 78. No caso da opción galego - inglés rexistramos unha contradición entre a proba anova unifactorial, que nos achega un valor p de 0,07596, e a proba HSD de Tukey, que rexistra diferenzas significativas entre varias parellas de áreas temáticas. Imos detallar os datos que nos achega a proba HSD de Tukey para esta opción lingüística na nosa análise, mais consideramos que debemos advertir da necesidade de os tomar con cautela se temos en conta o valor p que nos achega a proba anova unifactorial. Antes de comezarmos a nosa análise, cómpre indicarmos que o catalán está presente no contido automático dun único blogue que ten o seu título e as súas publicacións en galego. Afondaremos neste uso do catalán no contido automático na epígrafe destinada a estudar a relación entre os usos lingüísticos e os CMS empregados (*vid.* §3.6.7).

No caso do **español** rexistramos diferenzas significativas entre a área denominada blogue do centro e as de actividades extraescolares ($p = 0,0007996$), actividades transversais ($p = 0,0017209$), artes e humanidades ($p = 0,0200528$), ciencias ($p =$

0,0027682), ciencias sociais ($p = 0,0041404$) e outras ($p = 0,0190525$). Como podemos observar no gráfico 129, en todos os casos son os blogues do centro os que presentan un menor uso do español no contido automático. Canto ao **galego**, rexistramos diferenzas significativas exactamente nas mesmas parellas, mais neste caso son os blogues do centro os que presentan un maior uso do galego no contido automático que os de actividades extraescolares ($p = 0,0003694$), actividades transversais ($p = 0,0015193$), artes e humanidades ($p = 0,0000145$), ciencias ($p = 0,0140262$), ciencias sociais ($p = 0,0032151$) e outras ($p = 0,0036914$). Algo semellante ocorre coa opción **galego - inglés**, para a que, lembremos, a proba anova unifactorial non nos achegaba un valor p inferior a 0,05. A proba HSD de Tukey sinala diferenzas significativas entre a área de blogue do centro e as de actividades extraescolares ($p = 0,0095225$), actividades transversais ($p = 0,0000165$), artes e humanidades ($p = 0,0000291$), ciencias ($p = 0,0003372$) e ciencias sociais ($p = 0,0051725$). En todos os casos é a área de blogue do centro a que presenta un maior uso desta combinación lingüística no contido automático. Finalmente, no caso do **francés** rexistramos diferenzas significativas entre a área de artes e humanidades, que é a que presenta un uso máis alto desta lingua no contido automático, e outras cinco áreas temáticas: actividades transversais ($p = 0,0000011$), blogue do centro ($p = 0,0078025$), ciencias ($p = 0,0000357$), ciencias sociais ($p = 0,0066698$) e outras ($p = 0,0066698$).




Gráfico 130: Linguas do contido automático segundo a área temática

Chama a nosa atención o importante uso do galego e mais da combinación galego - inglés na área temática que denominamos blogue do centro. Con todo, afondaremos máis nesta cuestión ao tratarmos a relación entre o CMS e a área temática, pois adiantamos que este maior uso do galego pode ser debido ao uso dun determinado CMS

Capítulo 3. A lingua galega nos blogues didácticos do ensino secundario galego nestes blogues do centro, xeralmente hospedados na propia páxina web do centro que, como veremos, adoita estar feita co CMS Drupal na maioría dos casos (*vid.* §3.6.7). Como en casos anteriores, amosamos no gráfico 130 un resumo dos datos que vimos de analizar reducíndoos ás seis linguas presentes nas publicacións.

3.6.4.3.2. Temáticas




Gráfico 131: Opcións lingüísticas do contido automático segundo a temática

Capítulo 3. A lingua galega nos blogs didácticos do ensino secundario galego

No gráfico 131 detállanse as opcións lingüísticas do contido automático segundo a temática dos blogs da mostra. Podemos observar que rexistramos diferenzas significativas nas mesmas opcións lingüísticas que nas áreas temáticas e nalgúnhas máis: español, galego, galego - inglés, inglés, portugués e francés. Cómpre indicarmos que nestes casos a proba anova unifactorial non nos devolve resultado ningún (NA) debido ao explicado na nota 78, polo que extraemos os datos sobre estas diferenzas só da proba HSD de Tukey.




Tabela 38: Diferenzas entre temáticas no uso do español no contido automático

Comezaremos analizando as diferenzas no uso do **español**, a opción lingüística máis empregada no contido automático. Observamos que os blogs da área **blogue do centro** presentan un uso do español no contido automático significativamente inferior ao dos blogs lingua e literatura españolas. Os blogs de **lingua e literatura**

españolas non só usan o español no contido automático máis que os blogues do centro, senón que tamén o empregan máis que os de lingua e literatura galegas, os de linguas estranxeiras, os de normalización lingüística e os de novas. Os blogues de **linguas e culturas clásicas** empregan máis o español que os blogues de novas. Os da temática de **linguas estranxeiras** rexistran un uso menor do español que os de lectura e bibliotecas, os de lingua e literatura españolas, os de música, os de niveis educativos, os de orientación e os de tecnoloxía e informática. Os blogues de **música** e os de **niveis educativos** non só empregan máis o español no contido automático que os de linguas estranxeiras, senón que tamén o usan máis que os de novas. Os blogues de **normalización lingüística**, pola súa banda, usan menos o español que os de lectura e bibliotecas, os de lingua e literatura españolas e os de tecnoloxía e informática. Son os blogues de **novas** os que presentan máis diferenzas significativas. Estes blogues usan menos o español no contido automático que os de ANPA, os de ciencias naturais, os de ciencias sociais (xenérico), os de ciencias (xenérico), os de debuxo e artes plásticas, os de deportes, os de economía, os de educación física, os de física e química, os de lectura e bibliotecas, os de lingua e literatura españolas, os de linguas e culturas clásicas, os de niveis educativos, os de orientación, os doutras temáticas, os de proxectos, os de relixión católica, os de tecnoloxía e informática, os de viaxes e os de xeografía e historia. Xa comentamos que os blogues de **orientación** usan máis o español que os de linguas estranxeiras e os de novas, así coma as restantes combinacións que se dan nos blogues do grupo **outras** temáticas, de **proxectos**, de **relixión católica**, de **tecnoloxía e informática**, de **viaxes** e de **xeografía e historia**.

Na tabela 39 amosamos a matriz de datos correspondente ao uso do **galego** no contido automático. Podemos observar que os blogues de **linguas estranxeiras** presentan un uso do galego máis baixo que o dos blogues de lingua e literatura galegas e que os de temática miscelánea. Pola contra, os blogues de **normalización lingüística** presentan un uso máis elevado do galego no contido automático que os de lectura e bibliotecas, os de lingua e literatura españolas, os de linguas estranxeiras, os de orientación, os de proxectos e os de tecnoloxía e informática. Máis unha vez, as diferenzas máis acentuadas atopámolas nos blogues de **novas**, cun uso do galego significativamente superior ao dun elevado número de temáticas: ANPA, ciencias naturais, ciencias sociais (xenérico), ciencias (xenérico), debuxo e artes plásticas, deportes, educación física,

filosofía e ética, lectura e bibliotecas, lingua e literatura españolas, linguas e culturas clásicas linguas estranxeiras, música, niveis educativos, orientación, outras temáticas, proxectos, relixión católica, tecnoloxía e informática, viaxes e xeografía e historia.

Galego (175)	Actividades católicas	Actividades extraescolares (xenérico)	ANPA	Blogue do centro	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais (xenérico)	Ciencias (xenérico)	Concursos	Debuxo e artes plásticas	Deportes	Economía	Educación Física	Filosofía e Ética	Física e Química	Lectura e bibliotecas	Lingua e Literatura Españolas	Lingua e Literatura Galegas	Linguas e culturas clásicas	Linguas estranxeiras	Matemáticas	Miscelánea	Música	Niveis educativos	Normalización lingüística	Novas	Orientación	Outras	Proxectos	Relixión Católica	Teatro	Tecnoloxía e Informática	Viaxes	Xeografía e Historia	
Actividades católicas																																		
Actividades extraescolares (xenérico)																																		
ANPA																																		
Blogue do centro																																		
Ciencias Naturais																																		
Ciencias Sociais (xenérico)																																		
Ciencias (xenérico)																																		
Concursos																																		
Debuxo e artes plásticas																																		
Deportes																																		
Economía																																		
Educación Física																																		
Filosofía e Ética																																		
Física e Química																																		
Lectura e bibliotecas																																		
Lingua e Literatura Españolas																																		
Lingua e Literatura Galegas																																		
Linguas e culturas clásicas																																		
Linguas estranxeiras																																		
Matemáticas																																		
Miscelánea																																		
Música																																		
Niveis educativos																																		
Normalización lingüística																																		
Novas																																		
Orientación																																		
Outras																																		
Proxectos																																		
Relixión Católica																																		
Teatro																																		
Tecnoloxía e Informática																																		
Viaxes																																		
Xeografía e Historia																																		

Tabela 39: Diferenzas entre temáticas no uso do galego no contido automático

Na tabela 40 amosamos a matriz de datos correspondente á opción **galego - inglés**. Pode observar que os blogs de **novas** presentan un maior uso desta opción lingüística que os de lectura e bibliotecas, lingua e literatura españolas, linguas estranxeiras, normalización lingüística, proxectos e tecnoloxía e informática. Afondaremos máis nas circunstancias que rodean esta combinación de linguas no contido automático dos blogs da nosa mostra ao tratarmos a relación entre os usos lingüísticos e o CMS empregado para crear e administrar os blogs (*vid.* §3.6.7).

As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa

Galego - inglés (59)	Actividades católicas	Actividades extraescolares (xenérico)	ANPA	Blogue do centro	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais (xenérico)	Ciencias (xenérico)	Concursos	Debuxo e artes plásticas	Deportes	Economía	Educación Física	Filosofía e Ética	Física e Química	Lectura e bibliotecas	Lingua e Literatura Españolas	Lingua e Literatura Galegas	Linguas e culturas clásicas	Linguas estranxeiras	Matemáticas	Miscelánea	Música	Niveis educativos	Normalización lingüística	Novas	Orientación	Outras	Proxectos	Relixión Católica	Teatro	Tecnoloxía e Informática	Viaxes	Xeografía e Historia	
Actividades católicas																																		
Actividades extraescolares (xenérico)																																		
ANPA																																		
Blogue do centro																																		
Ciencias Naturais																																		
Ciencias Sociais (xenérico)																																		
Ciencias (xenérico)																																		
Concursos																																		
Debuxo e artes plásticas																																		
Deportes																																		
Economía																																		
Educación Física																																		
Filosofía e Ética																																		
Física e Química																																		
Lectura e bibliotecas																																		
Lingua e Literatura Españolas																																		
Lingua e Literatura Galegas																																		
Linguas e culturas clásicas																																		
Linguas estranxeiras																																		
Matemáticas																																		
Miscelánea																																		
Música																																		
Niveis educativos																																		
Normalización lingüística																																		
Novas														*	*										*									
Orientación																																		
Outras																																		
Proxectos																																		
Relixión Católica																																		
Teatro																																		
Tecnoloxía e Informática																																		
Viaxes																																		
Xeografía e Historia																																		

Tabela 40: Diferenzas entre temáticas no uso da combinación galego - inglés no contido automático

No referente ao uso do **inglés** no contido automático dos blogs, cuxos datos se poden observar na tabela 41, é unha opción cun uso significativamente máis alto na temática de **linguas estranxeiras** que en outras temáticas: ANPA, blogue do centro, ciencias naturais, ciencias sociais (xenérico), debuxo e artes plásticas, lectura e bibliotecas, lingua e literatura españolas, lingua e literatura galegas, linguas e culturas clásicas, matemáticas, música, niveis educativos, normalización lingüística, orientación, outras temáticas, proxectos e tecnoloxía e informática. Os blogs de linguas estranxeiras que usan o inglés no seu contido automático pertencen á subtemática de didáctica do inglés (15 blogs) e á de francés e inglés (2 blogs).

Capítulo 3. A lingua galega nos blogs didácticos do ensino secundario galego

Inglés (57)	Actividades católicas	Actividades extraescolares (xenérico)	ANPA	Blogue do centro	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais (xenérico)	Ciencias (xenérico)	Concursos	Debuxo e artes plásticas	Deportes	Economía	Educación Física	Filosofía e Ética	Física e Química	Lectura e bibliotecas	Lingua e Literatura Españolas	Lingua e Literatura Galegas	Linguas e culturas clásicas	Linguas estranxeiras	Matemáticas	Miscelánea	Música	Niveis educativos	Normalización lingüística	Novas	Orientación	Outras	Proxectos	Relixión Católica	Teatro	Tecnoloxía e Informática	Viaxes	Xeografía e Historia		
Actividades católicas																																			
Actividades extraescolares (xenérico)																																			
ANPA																																			
Blogue do centro																																			
Ciencias Naturais																																			
Ciencias Sociais (xenérico)																																			
Ciencias (xenérico)																																			
Concursos																																			
Debuxo e artes plásticas																																			
Deportes																																			
Economía																																			
Educación Física																																			
Filosofía e Ética																																			
Física e Química																																			
Lectura e bibliotecas																																			
Lingua e Literatura Españolas																																			
Lingua e Literatura Galegas																																			
Linguas e culturas clásicas																																			
Linguas estranxeiras		*	*	*	*			*											*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	
Matemáticas																																			
Miscelánea																																			
Música																																			
Niveis educativos																																			
Normalización lingüística																																			
Novas																																			
Orientación																																			
Outras																																			
Proxectos																																			
Relixión Católica																																			
Teatro																																			
Tecnoloxía e Informática																																			
Viaxes																																			
Xeografía e Historia																																			

Tabela 41: Diferenzas entre temáticas no uso do inglés no contido automático

Rexistramos no contido automático dos blogs da nosa mostra 33 ocorrencias dunha lingua pouco habitual nas outras dúas variábeis estudadas: o **portugués**. Como podemos observar ao examinarmos os datos que nos achega a tabela 42 o uso do portugués nos blogs de **normalización lingüística** é significativamente superior ao rexistrado nos blogs de ciencias naturais, lectura e bibliotecas, lingua e literatura españolas, linguas estranxeiras e outras temáticas. Dada a temática destes blogs, a normalización lingüística, podemos aventurar que este uso do portugués no contido automático pode deberse a dúas razóns: a busca dun achegamento á lusofonía ou un intento por evitar empregar outras linguas no contido automático destes blogs. Máis unha vez, dado que non rexistramos un uso tan alto do portugués nas outras variábeis estudadas, decantámonos por pensar que a explicación a este uso do portugués no contido

automático ten que ver co CMS empregado, cuestión na que entraremos na epígrafe §3.6.7.




Tabela 42: Diferenzas entre temáticas no uso do portugués no contido automático

Finalmente, presentamos na tabela 43 os datos referentes á lingua francesa. Podemos comprobar que os blogues de linguas estranxeiras e os de viaxes rexistran un uso significativamente superior que outras temáticas. No caso dos blogues de **linguas estranxeiras**, rexistramos diferenzas significativas cos blogues de actividades extraescolares (xenérico), ANPA, blogue do centro, ciencias naturais, ciencias sociais (xenérico), ciencias (xenérico), debuxo e artes plásticas, deportes, economía, educación física, filosofía e ética, física e química, lectura e bibliotecas, lingua e literatura españolas, lingua e literatura galegas, linguas e culturas clásicas, matemáticas,

Capítulo 3. A lingua galega nos blogs didácticos do ensino secundario galego

miscelánea, música, niveis educativos, normalización lingüística, novas, orientación, outras temáticas, proxectos, relixión católica, tecnoloxía e informática e xeografía e historia. Todos os blogs de linguas estranxeiras que teñen o francés como lingua do contido automático (13) pertencen á subtemática de francés. No caso dos blogs de **novas** as diferenzas danse con todas as temáticas agás actividades católicas, actividades extraescolares (xenérico), concursos, física e química, linguas estranxeiras, relixión católica e teatro.




Tabela 43: Diferenzas entre temáticas no uso do francés no contido automático

Amosamos no gráfico 132, a modo de resumo, os datos que vimos de analizar reducidos ás seis linguas que se rexistran no contido automático dos blogs.

As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa




Gráfico 132: Linguas do contido automático segundo a temática

3.6.4.4. Recapitulación

Ao longo da análise que vimos de realizar puidemos observar como as áreas temáticas e, especialmente, as temáticas que establecemos para os blogues da nosa mostra, poden amosar unha relación cos usos lingüísticos que rexistramos neles. Estas diferenzas van fundamentalmente na dirección dun maior ou menor uso do galego e do español, as dúas linguas maioritarias da nosa mostra. Vimos que no caso de linguas coma o inglés e o francés so rexistramos diferenzas significativas entre as temáticas de linguas estranxeiras e boa parte das restantes temáticas. Con todo, especialmente o inglés, aparece xa nun amplo abano de títulos, publicacións e contido automático de blogues en que, en principio, non sería esperábel antes a aplicación do *Decreto 79/2010*. Así, os nosos blogues reflicten a introdución do inglés en materias coma ciencias, ciencias naturais, educación física, matemáticas, xeografía e historia, debuxo e artes plásticas, filosofía e ética, física e química, música ou tecnoloxía e informática, así coma en actividades coma proxectos, viaxes, lectura e bibliotecas etc. Algo semellante ocorre co francés, que se rexistra en bloques de educación física e de física e química, mais tamén en blogues de proxectos e viaxes. Así as cousas, verifícase que o chamado Decreto para o plurilingüismo está a ter como consecuencia a introdución de linguas hexemónicas como vehiculares (linguas que xa estaban presentes no ensino secundario, aínda que restrinxidas ás materias dedicadas á súa didáctica), mais en ningún caso rexistramos a introdución dunha lingua non hexemónica a través dos blogues da nosa mostra (agás o caso do blogue que ten o contido automático en catalán, a que nos referiremos na epígrafe §3.6.7). De feito, a única lingua non hexemónica presente nos blogues da nosa mostra é o galego. Sinalamos tamén que o alto uso do portugués no contido automático de determinados blogues está relacionado dalgún xeito co CMS empregado, polo que analizaremos esa cuestión na mesma epígrafe §. Tendo en conta todo isto, as dúas opcións lingüísticas que provocan máis diferenzas significativas ao longo das tres variábeis lingüísticas son galego e español. No gráfico 133 podemos observar a os datos medios sobre a distribución das opcións lingüísticas español e galego ao longo das tres variábeis estudadas detallada segundo a área temática. A área en que máis se emprega o galego é a dos blogues de centro, seguida da de actividades transversais, ciencias sociais, ciencias, outras, actividades extraescolares e artes e humanidades. Canto ao español, a área en que máis se emprega é actividades extraescolares, seguida de

ciencias, outras, artes e humanidades, ciencias sociais, actividades transversais e blogue do centro.




Gráfico 133: Uso do galego e do español segundo a área temática ao longo das tres variábeis lingüísticas

Con todo, estes son datos demasiado xenéricos como para nos facer unha idea do uso de español e galego nos blogs da nosa mostra en función da temática. Para termos unha idea máis clara amosamos no gráfico 134 a distribución destas dúas opcións lingüísticas segundo a temática ao longo das tres variábeis estudadas (valores medios). Neste gráfico as temáticas están ordenadas de maior a menor presenza do galego de abaixo a arriba, unha ordenación que é case coincidente coa distribución de menor a maior uso do español. Para vermos isto máis claro incluímos liñas de tendencia para as dúas opcións que, como podemos ver, levan traxectorias moi diferentes que nos indican que o español aumenta a medida que diminúe o galego, e viceversa. Tendo en conta os datos que nos achega este gráfico, podemos establecer dous tipos de temáticas: aquelas en que predomina o galego e aquelas en que predomina o español. Amosamos na tabela 44 a distribución destas temáticas.




Gráfico 134: Uso do galego e do español segundo a temática ao longo das tres variábeis lingüísticas

	Galego	Español
1	Actividades extraescolares (xenérico)	Actividades católicas
2	ANPA	Ciencias (xenérico)
3	Blogue do centro	Concursos
4	Ciencias naturais	Debuxo e artes plásticas
5	Ciencias sociais (xenérico)	Deportes
6	Filosofía e ética	Economía
7	Lectura e bibliotecas	Educación física
8	Lingua e literatura galegas	Física e química
9	Linguas e culturas clásicas	Lingua e literatura españolas
10	Matemáticas	Linguas estranxeiras
11	Miscelánea	Música
12	Normalización lingüística	Niveis educativos
13	Novas	Orientación
14	Proxectos	Outras
15	Xeografía e historia	Relixión católica
16	-	Teatro
17	-	Tecnoloxía e informática
18	-	Viaxes

Tabela 44: Lingua predominante (galego ou español) segundo a temática

Podemos observar que son máis as temáticas en que predomina o español que as temáticas en que predomina o galego mais, para alén do número de temáticas, consideramos que é especialmente preocupante a baixa presenza do galego en determinado blogues de temáticas científico-técnicas, como poden ser física e química, ciencias (xenérico) ou tecnoloxía e informática, mentres que noutras, coma matemáticas, a presenza das dúas linguas está bastante igualada. Neste ámbito, só no caso das ciencias naturais detectamos un predominio claro do galego. Desde o noso punto de vista, estes usos lingüísticos en función da temática están contribuíndo a non asociar o galego coa ciencia, isto é, están a lle transmitir ao alumnado a idea de que o galego é válido para determinados contidos, mais non tanto para outros. Comentamos estes casos concretos porque consideramos que están a reflectir os resultados da aplicación do *Decreto 79/2010*, unha desaparición do galego do ámbito científico no ensino non universitario que foi repetidamente denunciada (Jiménez, 2015; Villalta, 2015). Con todo, sen nos irmos aos exemplos concretos, o simple o feito de que o galego sexa lingua practicamente exclusiva dalgunhas temáticas e practicamente

excluída doutras debe ser interpretado negativamente desde a perspectiva da normalización lingüística, pois é un síntoma de que o seu uso non é igualmente aceptado para todas as temáticas, isto é, de que o seu uso non é normal.

3.6.5. Visibilidade dos blogues

Ao delimitarmos a mostra indicamos que establecemos tres métodos diferentes para procurarmos os blogues didácticos que a compoñen: buscamos no código fonte da páxina de inicio das webs dos centros, empregamos o buscador Google e tamén procuramos na listaxe de blogues (/blog) e mais no mapa do sitio (/sitemap) das webs dos centros feitas co CMS Drupal (*vid.* §3.6.7). Por outra banda, ao describirmos a mostra explicamos que considerabamos que estas tres formas de chegar aos blogues supoñen tres graos de visibilidade dos blogues desde a páxina do centro. Así as cousas, desde o noso punto de vista os blogues enlazados directamente desde a páxina de inicio da web do centro son máis visíbeis para a comunidade educativa. En segundo lugar situaríanse aqueles que, aínda que non se enlazan desde a páxina de inicio dos centros, si se poden atopar en localizacións secundarias destas páxinas empregando un buscador (Google, no noso caso). Finalmente, os menos visíbeis serían aqueles que nin están enlazados desde a páxina de inicio nin os atopamos empregando un buscador, mais que están aloxados dentro das webs dos centros e que localizamos engadindo ao enderezo “/blog” (listaxe de blogues) ou “/sitemap” (mapa do sitio) naquelas webs feitas con Drupal que teñen activadas algunha destas opcións. Tendo en conta isto, o 61% dos blogues da nosa mostra (657) foron localizados ao buscar no código fonte das páxinas dos centros, o 31% (328) empregando o buscador Google e o 8% buscando na listaxes de blogues e no mapa do sitio das páxinas feitas con Drupal. Fica un 1% de blogues que agrupamos baixo a etiqueta *outros* por chegarmos a eles por máis dunha vía (trátase, xeralmente, de blogues xestionados por varios centros) (*vid.* §3.3.2). Para analizar estes datos atribuímoslle un 3 aos blogues máis visíbeis (os atopados na páxina de inicio da web dos centros), un 2 ao seguinte grupo de blogues máis visíbel (os que atopamos empregando o buscador Google) e un 1 aos blogues menos visíbeis (os localizados na listaxe de blogues ou no mapa do sitio das páxinas dos centros feitas con Drupal). Neste caso decidimos non ter en conta o 1% de blogues que se atopan noutras situacións.

A nosa hipótese é que, a priori, non parece esperábel que poida existir unha relación entre a visibilidade e os usos lingüísticos, algo semellante ao que indicamos para a variábel do número de blogs por centro. Con todo, non podemos dar por sentado que isto é así, polo que imos dedicar as seguintes páxinas a comprobar esta hipótese. Como viñemos facendo até agora, comezaremos analizando que acontece no caso dos títulos, para seguirmos coas publicacións e rematarmos co contido automático.

3.6.5.1. Títulos

Visibilidade	***	*	*															
-0.13	Galego	***	***	***	***	**												
0.07	-0.64	Amb. (Es./Gal.)	***	***	**	*												
0.08	-0.35	-0.25	Español	*														
0.02	-0.21	-0.15	-0.08	Inglés														
-0.00	-0.15	-0.10	-0.06	-0.03	Francés													
0.03	-0.10	-0.07	-0.04	-0.02	-0.02	Latín												
-0.03	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	Amb. (Es./Gal.)-Ing.											
0.03	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	Gal. - Ing.										
-0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Amb. (Fr./Ing.)									
-0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Fr.								
-0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Gal.-Ing.							
0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Es.-Gal.-Lat.						
0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Fr.-Ing.					
-0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	Gal.-Lat.				
0.02	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	SC

Gráfico 135: Relación entre o grao de visibilidade dos blogs e as opcións lingüísticas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)

No matriz representada no gráfico 135 podemos observar a relación entre o grao de visibilidade dos blogs e o uso de cada unha das opcións lingüísticas presentes nos títulos. Como en ocasións anteriores, só nos imos fixar na primeira fila e na primeira columna da matriz. Así, a primeira fila indícanos que só rexistramos tres correlacións significativas, referentes ás opcións galego, ambigua (español / galego) e español. Os coeficientes de correlación da primeira columna revelan que canto máis visíbeis son os blogs, menor é o uso do galego nos títulos, e viceversa, mentres que canto máis visíbeis son os blogs, maior é o uso de títulos ambiguos entre español e galego e de títulos en español, e viceversa.

Se reducimos estes datos ás cinco linguas presentes nos títulos da nosa mostra, podemos observar os mesmos datos para o español e o galego, como se pode comprobar no

Visibilidade	**					
0.10	Galego	***	***	***		
0.01	-0.68	Español	***	***		
0.01	-0.31	-0.16	Inglés			
-0.02	-0.22	-0.11	-0.04	Francés		
-0.00	-0.01	-0.03	-0.01	-0.01	Portugués	
0.02	-0.04	0.04	-0.01	-0.01	-0.00	Alemán

Gráfico 138: Relación entre o grao de visibilidade dos blogues e as linguas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)

3.6.5.3. Contido automático

Visibilidade	***	***	***					
0.13	Español	***	***	***	***	***	***	
-0.15	-0.58	Galego	***	**	**	*	*	
-0.11	-0.32	-0.11	Gal.-Ing.					
-0.02	-0.28	-0.09	-0.05	Es.-Ing.				
0.06	-0.31	-0.10	-0.06	-0.05	Inglés			
0.05	-0.23	-0.08	-0.04	-0.04	-0.04	Portugués		
0.01	-0.19	-0.07	-0.04	-0.03	-0.04	-0.03	Francés	
-0.02	-0.04	-0.01	-0.01	-0.01	-0.01	-0.01	-0.00	Catalán

Gráfico 139: Relación entre o grao de visibilidade dos blogues e as opcións lingüísticas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

No caso do contido automático rexistramos datos coherentes cos dos títulos, mais non cos das publicacións, como se pode observar no gráfico 139. Así, canto máis alta é a visibilidade dos blogues, maior é a presenza do español no contido automático, e viceversa; mentres que canto máis baixa é a visibilidade, maior é a presenza do galego e da opción galego - inglés. Se reducimos os datos ás seis linguas rexistradas nas publicacións, observamos a mesma situación para o español e para o galego, como se amosa no gráfico 140.

Visibilidade	***	***				
-0.19	Galego	***	***	*	**	
0.12	-0.76	Español	***	***	***	
-0.05	0.15	-0.36	Inglés	*	*	
0.01	-0.08	-0.21	-0.06	Francés		
0.05	-0.09	-0.26	-0.07	-0.03	Portugués	
-0.02	-0.02	-0.04	-0.01	-0.00	-0.01	Catalán

Gráfico 140: Relación entre o grao de visibilidade dos blogs e as linguas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

3.6.5.4. Recapitulación

Así as cousas, os datos dos títulos e do contido automático parecen apuntar a que o galego aparece nos blogs menos visíbeis e o español nos máis visíbeis. Con todo, o feito de que na variábel para a que dispoñemos de máis datos, as publicacións, canto maior é a visibilidade dos blogs maior é o uso do galego, e viceversa, non nos permite afirmar que exista unha relación clara entre a visibilidade dos blogs e os seus usos lingüísticos polo que, como indicabamos ao comezo desta epígrafe, consideramos que a visibilidade é unha variábel pouco explicativa canto aos usos lingüísticos dos blogs da nosa mostra.

Neste sentido, cómpre engadirmos un dato que pode estar a distorsionar a presenza do galego nos títulos: nos blogs localizados acudindo á listaxe de blogs e ao mapa do sitio das páxinas feitas con Drupal os datos distan máis dos que obtivemos para o xeral da mostra: o galego é a opción lingüística non ambigua única co 79%, mentres que o 21% restante compóñeno blogs co título ambiguo entre español e galego. A primeira vista podería parecer que neste caso hai algunha relación entre o uso do galego e a (in)visibilidade dos blogs, mais consideramos que é outro factor o que está a intervir neste resultado. Ao buscarmos na listaxe de blogs e no mapa do sitio nas webs dos centros feitas con Drupal só estamos buscando blogs hospedados dentro da propia web do centro, o que implica que eses blogs tamén están feitos con Drupal. Nestes casos os centros adoitan empregar a versión en galego deste CMS libre, o que implica que todo o seu contido automático, incluído o dos blogs internos, está en galego. Mais

que ten que ver isto co título dos blogues? Pois ben, como xa indicamos, o noso criterio para establecermos que contido tiñamos en conta á hora de delimitar o título dos blogues foi seleccionar o texto incluído entre as etiquetas <tilte></title> do código fonte dos blogues. O que acontece nos blogues feitos con Drupal é que o CMS engade por defecto o contido “blogue de”, seguido xeralmente do nome de persoa usuaria que xestiona ese blogue. O uso desa forma “blogue” fai que consideremos que ese contido está en galego⁸⁰, mentres que o contido que segue adoita ser un nome propio, polo que, como establecemos ao principio, non o temos en conta para clasificar a lingua en que está o título. Esta cuestión fai que no grupo de blogues localizados na listaxe de blogues ou no mapa de sitios das webs feitas con Drupal o galego poida estar sobredimensionado nos títulos ou, o que é o mesmo, que o galego estea sobredimensionado nos títulos dos blogues menos visíbeis. Isto, xunto cos datos das publicacións e o feito de que as opcións lingüísticas do contido automático poderían estar condicionadas polo CMS (*vid.* §3.6.7) fainos pensar que o galego pode non estar tan asociado aos blogues menos visíbeis como parece despois dunha primeira lectura dos datos dos títulos e do contido automático. Con todo, insistimos en que a visibilidade non parece ser unha variábel excesivamente explicativa para os usos lingüísticos dos blogues da nosa mostra.

3.6.6. Terminoloxía

Ao procurarmos os blogues da nosa mostra empregamos tres termos diferentes para chegarmos a eles: *blog*, *blogue* e *bitácora*. O 74% dos blogues localizámoslos empregando a forma *blog*, o 17% empregando *blogue* e só o 1% empregando *bitácora*. Fica un 8% de blogues en que non procede esta distinción, trátase dos blogues localizados na listaxe de blogues ou no mapa do sitio das páxinas feitas con Drupal (polo que obtivemos unha listaxe de blogues sen termos que empregar ningunha etiqueta) e mais de blogues que funcionan como web do centro (e que localizamos ao buscarmos en Google o nome do centro, non ningún dos termos anteriores) (*vid.* §3.3.6).

80 Esta forma tamén podería ser ambigua entre galego e portugués. Con todo, decidimos considerar que se trata dunha forma en galego porque sabemos que é engadida polo CMS Drupal en páxinas en que o restante contido engadido polo CMS está tamén claramente en galego.

Como indicamos na descrición da mostra, *blog* é a forma máis frecuente, procedente directamente do inglés, mentres que *blogue* é unha adaptación desta forma inglesa rexistrada especialmente en Portugal, mais tamén en Galiza. Finalmente, (*caderno de bitácora*) é unha ampliación de significado dun termo xa existente para nos referirmos a unha nova realidade (vid. §3.3.6). Aínda que a identificación dos blogues corresponde á forma que se usa para enlazalos desde a páxina dos centros, isto é, non ten porque coincidir coa terminoloxía empregada pola persoa administradora de cada blogue, consideramos que si podería existir unha certa relación entre os usos lingüísticos e o uso dun ou outro termo⁸¹. Así as cousas, podería ser que aqueles blogues que detectamos empregando o termo *blogue* tivesen un maior peso do galego por se tratar dunha adaptación rexistrada no galego e no portugués. Con todo, máis unha vez, cómpre analizarmos os datos antes de tirarmos conclusións.

3.6.6.1. Títulos

No gráfico 141 podemos observar a distribución das opcións lingüísticas dos títulos segundo o termo empregado para facer referencia aos blogues. Rexistramos diferenzas significativas entre as diferentes situacións no caso do galego, en que a proba anova unifactorial achega un valor p de 1,022E-10, e no caso do español, en que a proba anova unifactorial non nos achega resultado ningún (NA) por causa do explicado na nota 78. Con todo, a proba HSD de Tukey si revela algunhas diferenza significativas entre parellas de termos.

No caso do **galego** rexistramos diferenzas significativas entre os termos *blogue* e *blog* ($p = 0,0000007$), isto é, os blogues que son designados co termo *blogue* teñen un uso do galego nos títulos significativamente maior dos designados coa forma *blog*. Por outra banda, tamén é significativa a diferenza no uso do galego nos títulos entre os blogues en que non procede a distinción entre termos e os blogues designados cos termos *blogue* ($p = 0,0271519$) e *blog* ($p = 0$). Como podemos observar, os blogues en que non procede a distinción presentan un uso do galego maior que os designados cos termos *blogue* e *blog*. Cómpre lembrarmos que estes blogues en que non procede a distinción son

81 Sería máis revelador termos datos da forma empregada polas persoas administradoras para se referiren aos seus propios blogues, mais este é un dato que só podemos atopar en casos moi esporádicos en que rexistramos títulos do tipo “blog de”, “blogue de” (excluindo os feitos con Drupal, en que este texto vén determinado polo CMS) ou “bitácora de”.

blogues localizados nas páxinas dos centros feitas con Drupal buscando na listaxe de blogues ou no mapa do sitio. Trátase de blogues que, como sinalamos en noutras ocasións, adoitan ter no título a secuencia “blogue de”, introducida automaticamente polo CMS (vid. §3.6.7.1.1), polo que é probábel que nestes blogues a presenza do galego nos títulos estea sobredimensionada.




Gráfico 141: Opcións lingüísticas dos títulos segundo terminoloxía

Se reducimos os datos a linguas, como se observa no gráfico 142, os datos non varían moito e detectamos diferenzas significativas nos casos do galego e do español e entre as mesmas parellas de opcións terminolóxicas.




Gráfico 142: Linguas dos títulos segundo terminoloxía

3.6.6.2. Publicacións

No gráfico 143 podemos observar a distribución das opcións lingüísticas das publicacións detallada segundo a terminoloxía empregada para designar os blogues. O primeiro que observamos é a baixada drástica da presenza do galego nos blogues en que non procede esta distinción terminolóxica, o que parece confirmar a nosa sospeita de que o galego estaba sobredimensionado nos títulos destes blogues, como sinalamos na epígrafe anterior. A proba anova unifactorial sinala diferenzas significativas no caso das opcións galego ($p = 0,000007601$) e español ($p = 8,88E-09$). No caso do **galego**, a proba HSD de Tukey revela diferenzas significativas entre *blogue* e *blog* ($p = 0,0000175$), mais tamén entre *blogue* e os blogues en que non procede a distinción terminolóxica ($p = 0,0000098$). Así as cousas, o uso do galego nas publicacións é significativamente superior naqueles blogues designados coa forma *blogue*, fronte aos que son designados coa forma *blog* e aqueles en que non procede a distinción.




Gráfico 143: Opcións lingüísticas das publicacións segundo terminoloxía

No caso do **español** só detectamos diferenzas significativas entre *blogue* e *blog* ($p = 0$). Podemos concluír, por tanto, que os blogues designados coa etiqueta *blogue* non só empregan máis o galego nas publicacións que os designados coa etiqueta *blog*, senón que tamén empregan menos o español.

No gráfico 144 amosamos os datos reducidos a linguas, que reflicten a mesma situación que os que vimos de analizar. A proba HSD de Tukey revela diferenzas significativas para galego e español entre as mesmas parellas que no caso das opcións lingüísticas.




Gráfico 144: Linguas das publicacións segundo terminoloxía

3.6.6.3. Contido automático




Gráfico 145: Opcións lingüísticas do contido automático segundo terminoloxía

No gráfico 145 podemos observar as opcións lingüísticas empregadas no contido automático dos blogues detalladas segundo a terminoloxía empregada. A proba anova unifactorial revela diferenzas significativas entre as terminoloxías no caso do español ($p = 2,256E-12$) e do galego ($p = 1,848E-09$). No caso das opcións galego - inglés e portugués esta proba non nos devolve resultado ningún polas razóns explicadas na nota 78, mais si rexistramos diferenzas significativas entre parellas ao realizarmos a proba HSD de Tukey.

No caso do **español** rexistramos diferenzas significativas entre *blog* e *blogue* ($p = 0$), mais tamén entre os blogues en que non procede a distinción terminolóxica e os designados cos termos *blog* ($p = 0$) e *blogue* ($p = 0,0007776$). Isto é coherente co que explicamos até agora en referencia aos blogues en que non procede a distinción terminolóxica, pois son blogues feitos co CMS Drupal, maioritariamente empregado co contido automático en galego (vid. §3.6.7). Canto ao **galego**, a proba HSD de Tukey revela diferenzas significativas entre as mesmas parellas: os blogues en que non procede a distinción terminolóxica empregan máis o galego que os blogues designados cos termos *blog* ($p = 0$) e *blogue* ($p = 0$); ao tempo que os blogues designados co termo *blogue* empregan máis o galego que os designados co termo *blog* ($p = 0,0000688$). A opción **galego - inglés** é especialmente numerosa nos blogues en que non procede a distinción terminolóxica, polo que non é de estrañar que a proba HSD de Tukey devolva diferenzas significativas para todas as combinacións posíbeis con esta opción. Así, os blogues en que non procede a distinción terminolóxica presentan un maior uso da combinación galego-inglés no contido automático que os blogues designados co termo *blogue* ($p = 0,0178615$), os designados co termo *blog* ($p = 0$) e os designados co termo *bitácora* ($p = 0,010682$); mais tamén é unha opción significativamente máis abundosa nos blogues designados co termo *blogue* fronte aos designados co termo *blog* ($p = 0,0000016$). Finalmente, canto ao **portugués**, rexistramos diferenzas significativas entre os blogues designados co termo *bitácora* e os designados cos termos *blog* ($p = 0,0476945$), así coma entre os designados co termo *bitácora* e aqueles blogues en que non procede a distinción terminolóxica ($p = 0,0148917$). Con todo, cómpre lembrarmos que os blogues designados co termo *bitácora* son moi poucos, só 13 (vid. §3.3.6), polo que cómpre tomarmos estes datos con cautela.

No gráfico 146 podemos observar os datos que vimos de expoñer reducidos a linguas. Rexistramos, neste caso, diferenzas significativas no uso do galego, do español, do inglés e do portugués. No caso do galego rexistramos diferenzas entre os blogues en que non procede a distinción (feitos con Drupal e co contido automático maioritariamente en galego) e todas as opcións terminolóxicas, así coma entre as opcións *blogue* e *blog*. No caso do español e do inglés as diferenzas significativas sitúanse na parella *blogue - blog*: os blogues designados co termo *blogue* empregan máis o inglés e menos o español, situación inversa á dos blogues designados co termo *blog*. No caso do portugués

rexistramos diferenzas significativas entre as mesmas parellas que ao analizarmos as opcións lingüísticas.




Gráfico 146: Linguas do contido automático segundo terminoloxía

3.6.6.4. Recapitulación

Como puidemos observar, ao longo das tres variábeis lingüísticas existe unha asociación entre o uso do galego e o uso da etiqueta *blogue*, ao tempo que a etiqueta *blog* está asociada a un menor uso do galego e un maior uso do español. Aínda que o termo *bitácora* aparece na nosa mostra asociado ao uso do portugués, consideramos que é necesario tomar este dato con cautela debido ao reducido número de blogues deste grupo (os designados co termo *bitácora*). Tamén é forte a presenza do galego no título e no contido automático dos blogues en que non procede a distinción, mais trátase dunha presenza sobredimensionada por causa do CMS empregado (Drupal) (vid. §3.6.7.1.1). En resumo, consideramos que a forma *blogue* é percibida como forma máis propiamente galega, feito coherente con ser unha adaptación fonolóxica do termo *blog* procedente do inglés.

Como indicamos ao nos determos na terminoloxía empregada para designar os blogues (vid. §3.3.6), a forma *blogue* non está recollida no *Diccionario da Real Academia*, que non incluía ningunha denominación para este tipo de páxinas antes de 2014, momento en que inclúe as formas *blog* e *bitácora*. Despois dos datos que vimos de analizar, sabemos que *blogue* non só é unha forma con especial incidencia en Galiza (tanto nas buscas coma na localización de software ao galego), senón que, ademais, nos blogues da nosa mostra está asociada a un maior uso do galego, mentres que *blog* está asociada a

un maior uso do español. Tendo en conta todo isto, consideramos que a Real Academia Galega debería ter en conta o importante uso da forma *blogue* na blogosfera en galego e incluíla no seu dicionario, como xa fan outros dicionarios coma o *Dicionário Eletrónico Estraviz*.

3.6.7. CMS

Ao realizarmos a descrición da mostra analizamos os nomes de dominio, os servidores e mais os CMS empregados polos nosos blogues, explicando as diferenzas entre estes tres conceptos para evitar confusións entre eles. Á hora de analizarmos os usos lingüísticos, consideramos que sería repetitivo facelo en función desas tres variábeis extralingüísticas que, a pesar de seren cousas diferentes, dividen a nosa mostra en grupos moi semellantes (por exemplo, existe unha alta coincidencia entre o uso do CMS Blogger e o uso do servidor e o nome de dominio blogspot). Así as cousas, decidimos analizar os usos lingüísticos só en relación cos CMS, isto é, en relación coas ferramentas empregadas para crear e xestionar os blogues. Se lembramos os datos xerais, o 69% dos blogues da mostra están creados empregando o CMS Blogger, o 14% empregando WordPress, o 11% empregando Drupal e o 7% restante empregando outros CMS que supoñen menos do 5%. Con todo, os CMS permítenos realizar outra distinción interesante: na nosa mostra rexistramos CMS privativos (coma Blogger), que supoñen o 70%, e CMS libres (coma WordPress ou Drupal), que supoñen o 25% (carecemos de datos sobre se os CMS empregados son privativos ou libres no 4% restante) (*vid.* §3.3.7). Lembremos que os primeiros son software propiedade dunha persoa ou empresa que non revela o seu código nin permite modificalo, o que implica, entre outras cousas, que non pode ser traducido sen que a/o propietario dea o seu consentimento. No caso dos CMS libres isto non acontece, pois as catro liberdades do software libre permiten non só empregar o software, senón tamén acceder ao seu código, modificalo e distribuír as versións modificadas (*vid.* §2.3.3.3). Isto quere dicir que a tradución deste tipo de CMS é moito máis doada, algo importante para linguas coma o galego se temos en conta que a maioría do software ten o inglés como lingua orixinal.

En resumo, nas seguintes páxinas imos analizar os usos lingüísticos dos blogues da nosa mostra en función do CMS que empregan, mais tamén en función de se eses CMS son libres ou privativos.

3.6.7.1. CMS

3.6.7.1.1. Título




Gráfico 147: Opcións lingüísticas dos títulos segundo o CMS

No gráfico 147 podemos observar as opcións lingüísticas das publicacións detalladas segundo o CMS empregado para xestionar os blogs. Como se pode observar, rexistramos diferenzas significativas entre as distintas parellas posibles en tres opcións lingüísticas: galego, ambigua (español / galego) e español. No caso do galego a proba anova unifactorial devólvenos un valor p de 2,2E-16, mentres que no caso dos títulos ambiguos entre español e galego o valor p é de 9,179E-09. No caso do español a proba non nos devolve resultado ningún por causa dos motivos expostos na nota 78, mais si rexistramos algunhas diferenzas significativas entre parellas de CMS ao realizarmos a proba HSD de Student.

No caso do **galego**, obtemos diferenzas significativas entre o grupo de blogs feitos con Drupal e todos os demais: Blogger ($p = 0$), WordPress ($p = 0,0000206$) e outros CMS ($p = 0$). En todos estes casos o uso do galego nos títulos é superior en Drupal. Con todo, como ca indicamos en varias ocasións, cómpre non esquecermos que é moi probable que o uso do galego nos títulos dos blogs feitos con Drupal estea sobredimensionado debido a que este CMS introduce o texto “blogue de” de xeito

automático nos títulos dos blogues naqueles casos en que está configurado para que se amose en galego (*vid.* §3.6.5.4). Para alén disto, tamén rexistramos diferenzas significativas entre WordPress e Blogger ($p = 0,0057019$) e entre WordPress e outros CMS ($p = 0,0271576$). Como podemos observar no gráfico 147, o uso do galego é máis alto en WordPress nos dous casos.

Canto aos títulos **ambiguos entre español e galego** rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con Blogger e os feitos con Drupal ($p = 0,0005164$) e WordPress ($p = 0,0003304$). Nos dous casos a proporción de títulos ambiguos é máis alta nos blogues feitos con Blogger. Tamén rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con outros CMS e os feitos con Drupal ($p = 0,0000491$) e os feitos con WordPress ($p = 0,0000493$). Neste caso, son os blogues feitos con outros CMS os que rexistran máis títulos ambiguos entre español e galego.

Finalmente, canto ao **español**, detectamos diferenzas significativas entre os blogues feitos con Drupal e os feitos con Blogger ($p = 0,0001527$) e WordPress ($p = 0,0003269$). Nos dous casos son os blogues feitos con Drupal os que presentan menos títulos en galego.

No gráfico 148 podemos observar os datos anteriores reducidos ás cinco linguas rexistradas nos títulos.




Gráfico 148: Linguas dos títulos segundo o CMS

Como se pode ver, para alén das diferenzas xa comentadas sobre o galego e o español, ao realizarmos esta modificación dos datos rexistramos tamén diferenzas significativas no caso do inglés. Trátase da diferenza entre os blogues feitos con Drupal, en que non se rexistra o inglés, e os feitos con Blogger ($p = 0,0453798$) e con WordPress ($p = 0,0401297$).

3.6.7.1.2. Publicacións




Gráfico 149: Opcións lingüísticas das publicacións segundo o CMS

No gráfico 149 detállanse as opcións lingüísticas das publicacións segundo o CMS empregado polos blogues da mostra. Podemos observar que rexistramos diferenzas significativas en tres opcións: galego, español e a combinación francés - inglés. No caso do galego e do español, a proba anova unifactorial devólvenos valores p inferiores a 0,05 (0,002474 e 2,246E-07, respectivamente). Con todo, no caso da opción francés - inglés a proba anova unifactorial non nos devolve resultado ningún por causa do explicado na nota 78, mais a proba HSD de Tukey si revela diferenzas significativas entre algunhas parellas.

No caso do **galego** rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con WordPress e os feitos con Blogues ($p = 0,0173872$) e Drupal ($p = 0,0465857$). Podemos comprobar que o uso do galego é maior nos blogues feitos con WordPress nos dous casos, feito que apoia a nosa hipótese de que o galego estea sobredimensionado nos títulos dos blogues feitos con Drupal.

No caso do **español** detectamos diferenzas significativas entre os blogues feitos con Blogger e os feitos con Drupal ($p = 0,0000883$) e con outros CMS ($p = 0,0469911$). Nos

dous casos a presenza do español é maior nos blogues feitos con Blogger. Con todo, aínda rexistramos unha terceira diferenzas significativa, a que se dá entre os blogues feitos con WordPress e os feitos con Drupal ($p = 0,0415064$). Neste caso a presenza do español nas publicacións é máis alta nos blogues feitos con WordPress.

Se lembramos, a combinación **francés - inglés** só se dá nunha publicación (vid. §3.4.2.1). Trátase dunha publicación dun blogue feito cun CMS do grupo *outros*. A proba HSD DE Tukey devólvenos valores p inferiores a 0,05 para as combinacións de outros CMS cos outros tres grupos: Blogger ($p = 0,001283$), WordPress ($p = 0,0084037$) e Drupal ($p = 0,0128722$). Con todo, aínda que a proba HSD de Tukey devolva estes resultados, se temos en conta que se trata dunha soa ocorrencia, parece moi atrevido aventurar que o uso desta combinación lingüística nas publicacións estea asociado ao CMS empregado.

No gráfico 150 amosamos os datos que vimos de detallar reducidos a linguas:




Gráfico 150: Linguas das publicacións segundo o CMS

Como se pode observar, a distribución é semellante á que vimos de analizar e neste caso só rexistramos diferenzas significativas no tocante ao galego e ao español.

3.6.7.1.3. Contido automático

No gráfico 151 detallamos as opcións lingüísticas do contido automático segundo o CMS empregado. Podemos observar que rexistramos diferenzas significativas no caso de catro opcións lingüísticas: español, galego, galego - inglés, inglés e portugués. A proba anova unifactorial devólvenos o valor p 2,2E-16 tanto para o español coma para o galego, mais non nos devolve resultado ningún para as combinacións galego - inglés, para o inglés nin para o portugués debido aos motivos explicados na nota 78, mais si

rexistramos diferenzas significativas nestas opcións lingüísticas ao realizarmos a proba HSD de Tukey.




Gráfico 151: Opcións lingüísticas do contido automático segundo o CMS

No referente ao **español**, o primeiro que chama a nosa atención é a altísima porcentaxe de blogues que empregan esta opción lingüística no contido automático entre os blogues feitos con Blogger. De feito, a proba HSD de Tukey devólvenos diferenzas significativas ente os blogues feitos con Blogger e todos os demais grupos, sempre cun valor p de 0. Con todo, tamén rexistramos diferenzas significativas entre Drupal e WordPress ($p = 0,007442$) e entre Drupal e outros CMS ($p = 0,0114693$). Nos dous casos, o uso do español no contido automático é inferior nos blogues feitos con Drupal.

No tocante ao **galego**, a proba HSD de Tukey devólvenos valores p de 0 na combinación de Blogger coas outras tres opcións. Como podemos observar, os blogues feitos con Blogger son os que menos empregan o galego no contido automático, unha porcentaxe que non chega ao 5%. Con todo, tamén é significativa a diferenza entre WordPress e Drupal ($p = 0$) e entre WordPress e outros CMS ($p = 0,0000406$). Nestas dúas combinacións os blogues feitos con WordPress son os que menos empregan o galego no contido automático.

Na combinación **galego - inglés** rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con Drupal e os feitos co Blogger e outros CMS, así coma entre os feitos con WordPress e os feitos con Blogger e con outros CMS. Os valores p son 0 nas catro combinacións posibles. Como se pode observar no gráfico, esta combinación lingüística só se rexistra nos blogues feitos con Drupal e con WordPress.

Canto ao **inglés**, detectamos diferenzas significativas entre os blogues feitos con WordPress e os feitos con Blogger ($p = 0,0140688$) e con Drupal ($p = 0,0005022$). Como se pode observar, a presenza do inglés é máis alta nos blogues feitos con WordPress nos dous casos.

Finalmente, no que se refire ao **portugués**, rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con Blogger e os feitos con Drupal ($p = 0,0474587$) e con WordPress ($p = 0,0217595$). Como se pode observar no gráfico, aínda que non chega o 5%, o portugués é máis frecuente nos blogues feitos con Blogger.

No gráfico 152 amosamos, a modo de resumo, os datos que vimos de expoñer reducidos ás seis linguas rexistradas no contido automático. Podemos comprobar que as diferenzas significativas son coherentes coas rexistradas nas opcións lingüísticas:




Gráfico 152: Linguas do contido automático segundo o CMS

3.6.7.1.4. Recapitulación

A distribución das opcións lingüísticas segundo o CMS resulta estraña ao comparármola coas outras dúas variábeis estudadas e abre moitas preguntas. O primeiro dato que chama a nosa atención é a baixa porcentaxe que acada o galego no contido automático dos blogues feitos con Blogger, en contraposición cos tres grupos restantes. Lembramos que Blogger é un CMS privativo, na actualidade propiedade de Google, e que, por tanto, o seu código fonte non está dispoñíbel para ser analizado nin modificado. Isto fai que a nosa primeira hipótese sexa que este baixo uso do galego, que contrasta con que sexa a lingua maioritaria de títulos e publicacións nestes mesmos blogues, poida ter que ver co feito de este CMS non estar dispoñíbel nesta lingua. Sabemos que no momento de escribir estas liñas o galego é unha das linguas en que podemos empregar este CMS, mais foi sempre así? Desde que momento puidemos empregar Blogger en galego?

Facendo unha primeira busca na rede atopamos nos foros dos produtos Google varias mensaxes en que se reclamaba que se puxese ao dispor das persoas usuarias o CMS Blogger en galego (blogger en galego). A mensaxe máis recente deste tipo data do 30 de xuño de 2012, polo que parece que nesa data Blogger aínda non estaba dispoñíbel en galego e que a tradución se debeu publicar nalgún momento despois desa data. Con todo, non atopamos ningunha referencia á data concreta da publicación da tradución ao galego de Blogger. Para darmos coa data exacta en que se publicou esta tradución decidimos recorrer a Internet Archive. Por sorte, Internet Archive garda un gran número de capturas da páxina de acceso para persoas usuarias de Blogger. Consultando as capturas posteriores ao 30 de xuño de 2012 demos coa data exacta en que Blogger inclúe por primeira vez o galego entre as opcións lingüísticas: o 25 de febreiro de 2013. Mesmo podemos acoutar aínda máis o momento de publicación da tradución, pois na captura das 00:51:21 do 25 de febreiro de 2013 aínda non se pode seleccionar o galego como (Blogger: Create your free Blog *a*), mais na das 06:50:23, si (Blogger: Create your free Blog *b*). A ilustración 21 reproduce esta última captura.

Lembramos que na nosa mostra incluímos blogues didácticos con publicacións entre o 1 de setembro de 2012 e o 15 de xullo de 2013. Así as cousas, foi dentro do límite temporal establecido para seleccionarmos os blogues da nosa mostra cando Google puxo ao dispor das persoas usuarias a tradución ao galego de Blogger. Isto, unido ao feito de que non parece que se lle dese publicidade a esta nova opción, explica que a maioría dos blogues da nosa mostra teñan o seu título e as súas publicacións en galego, mais o seu contido automático maioritariamente en español, xa que ao estaren feitos con Blogger na maior parte (69%) tiveron a opción de empregaren o galego no contido automático moi tarde e, cando a tiveron, é moi probábel que non se decatasen desta nova opción, de aí que só rexistremos un 2% de blogues feitos con Blogger en que se emprega o galego no contido automático⁸². Aínda así, chama a nosa atención que estes blogues, con contidos maioritariamente en galego, empregasen o español como lingua

82 Cómpre indicar que os 16 blogues feitos con Blogger que empregan o galego no seu contido automático empregan tamén maioritariamente o galego nos seus títulos e nas súas publicacións (só rexistramos unha publicación en español, outra que combina español e galego e outra que combina español, galego, inglés e portugués).

do contido automático, pois o que se fai é darlle espazo á lingua dominante, moitas veces en blogues co resto de contidos integramente en galego.




Ilustración 21: Captura do 25 de febreiro de 2013 en que se pode seleccionar o galego para entrar na conta de Blogger

Aínda que non eran moitas as alternativas que había nese momento, percibimos que nalgúns blogues si se busca non visibilizar a lingua dominante. Hai algúns blogues que empregan o inglés no contido automático e empregan o galego nas restantes variábeis, algo que non acontece tan claramente co francés (hai blogues co francés no contido automático que empregan esta mesma lingua de xeito maioritario no título e nas publicacións e inclúen algunha publicación en galego, mais de xeito moi esporádico). Con todo, isto non deixa de supoñer acudir, especialmente no caso do inglés, a linguas cos que o galego tamén mantén unha relación de subordinación, aínda que non sexa tan directa como con respecto ao español. Porén, consideramos que é diferente o uso do portugués, que só aparece no contido automático dos blogues feitos con Blogger. Estes blogues supoñen só o 4% deste grupo, e son blogues que empregan case unicamente o galego como lingua dos títulos e das publicacións (nestes 33 blogues só rexistramos un título en latín, e un blogue que contén unha publicación en inglés e unha que combina galego e inglés, para alén dalgúns contidos ambiguos entre español e galego). Como vimos, a diferenza no uso do portugués no contido automático entre os blogues feitos con Blogger e os feitos con Drupal e WordPress é significativa. Así as cousas,

consideramos que o uso do portugués nos blogues feitos con Blogger é un xeito de non empregar outras linguas hexemónicas e usar unha variedade próxima ao galego, coa que o galego non mantén unha relación de subordinación, e que desde moi axiña estivo dispoñíbel en Blogger. Finalmente, consideramos tamén que acontece algo semellante co caderno dixital que emprega o catalán no contido automático, mais neste caso, no canto de empregar o portugués, emprégase unha lingua nunha situación semellante á do galego, mais que conseguiu estar dispoñíbel antes que o galego para ser empregada neste CMS. Este blogue ten o seu título e as súas publicacións en galego, polo que o uso do catalán no contido automático non só evita empregar unha lingua dominante, senón que supón un xesto que reivindica a presenza das linguas dominadas nese contexto ao visibilizar unha das poucas linguas deste tipo que estaban dispoñíbeis para seren empregadas en Blogger, o que implica tamén a reivindicación da presenza do galego neste CMS.

En resumo, Blogger é aínda hoxe o CMS máis popular para a creación e xestión de blogues, mais trátase dun CMS privativo que, no caso concreto da nosa mostra de blogues, provocou unha distorsión entre os usos lingüísticos dos títulos e das publicacións fronte aos do contido automático, xa que o feito de ser propiedade de Google e esta empresa non permitir a súa modificación, dificultou e atrasou que este CMS estivese dispoñíbel en galego. Así as cousas, atopámonos perante un grupo de blogues didácticos que empregan maioritariamente o galego, mais que empregaban tamén maioritariamente unha ferramenta non dispoñíbel en galego, e isto fixo que a maioría das persoas administradoras destes blogues optasen por empregaren o español como lingua do CMS. Consideramos que este é un exemplo claro de que o software privativo pode supoñer un atranco para a visibilidade das linguas subordinadas, pois existe unha comunidade que as emprega e demanda a súa presenza no software, mais non depende desa comunidade que estea presente ou non, senón das persoas propietarias dese software, neste caso, de Google.

Por outra banda, chama tamén a nosa atención o feito de existiren combinacións lingüísticas coma español - inglés ou galego - inglés nos CMS máis importantes. Consideramos que se pode tratar de tradución incompletas dos CMS, cuxa lingua orixinal é o inglés. Quixemos, con todo, analizar máis en profundidade estes blogues para vermos se teñen algún elemento en común. No caso dos blogues feitos con Blogger

que combinan español e inglés no seu contido automático detectamos que o 69% empregan as chamadas “vistas dinámicas” de Blogger. As vistas dinámicas son un novo xeito de visualizar os blogs de Blogger introducido en agosto de 2011 (Chang Kim, 2011/08/31). É probable que este novo xeito de visualización inclúa cadeas de texto diferentes ás do modo clásico que non foron completamente traducidas do inglés para outras linguas, de aí que atopemos unha porcentaxe tan alta de blogs con vistas dinámicas entre os que empregan a combinación español - inglés. Amosamos a seguir unha captura dun destes blogs:



Ilustración 22: Pé dunha da publicación “Fractal” blogue *Ensalada Matemática* en que se mestura español e inglés no contido automático

Con todo, nos restantes casos en que se rexistra a combinación español - inglés e nos dous blogs que combinan galego e inglés dentro dos feitos con Blogger non se empregan as vistas dinámicas. O máis probable é que nestes casos a configuración elixida pola persoa administradora faga que aparezan fragmentos na lingua orixinal do CMS e outros na lingua escollida para o blogue (español ou galego, nestes casos). Pode tratarse tanto de traducións parciais coma dalgún tipo de especificación que fai que non se amosen todos os contidos traducidos.

Canto aos blogs feitos con WordPress destaca, en primeiro lugar, o importante peso do galego. Como xa indicamos, WordPress é un CMS libre xurdido en 2003. O feito de podermos acceder ao código permite que se publiquen versións con diferentes modificacións, entre as que se inclúen as localizacións. Así as cousas, desde a publicación desta ferramenta calquera persoa podía comezar a traducila ao galego. Non fomos quen de obter datos sobre a primeira versión traducida ao galego, mais podemos dar unha data aproximada. Actualmente a páxina *WordPress > Galego* (a) é a páxina oficial do proxecto WordPress en lingua galega. A captura máis antiga desta páxina en Internet Archive data do 31 de xullo de 2009, mais o contido amosa un erro que non nos permite saber se nesa data a páxina estaba activa. A seguinte captura data do 30 de

agosto de 2011, polo que podemos afirmar que, cando menos desde esa data, circulaba xa WordPress en galego (*WordPress > Galego* (b)). Con todo, se acudimos ao enderezo concreto do repositorio de WordPress en galego, a captura máis antiga data do 11 de outubro de 2007, isto é, podemos afirmar que polo menos desde outubro do 2007 (e seguramente desde antes) dispoñíamos xa de WordPress en galego (Revision 2411: /gl_ES). Así as cousas, non nos debe estrañar a alta porcentaxe de blogues feitos con WordPress co contido automático en galego, fronte aos feitos con Blogger, pois WordPress xa estaba dispoñíbel en galego polo menos seis anos antes que Blogger. Esta situación exemplifica moi ben as vantaxes que supón o software libre para as linguas subordinadas: para podermos empregar Blogger en galego necesitamos que Google accedese a permitir a tradución, mentres que para podermos empregar WordPress en galego non temos máis que acceder ao código fonte, traducirmos as cadeas de texto pertinentes, e poñermos a versión traducida ao dispor da comunidade para que a empregue e mesmo para que a mellore, sen termos que pasar en ningún momento ningún filtro de autoridade que faga máis lento ou mesmo impida o proceso.

Dentro dos blogues feitos con WordPress rexistramos tamén unha importante porcentaxe de blogues que combinan galego e inglés no seu contido automático (20%), así coma un grupo que combina español e inglés (6%). Consideramos que se trata nos dous casos de traducións que, por algunha razón, non están completas. Con todo, decidimos analizar este grupo máis polo miúdo para vermos se atopabamos algunha característica común. Observamos que o 59% dos blogues feitos con WordPress que empregan a combinación galego - inglés no seu contido automático están hospedados en Blogaliza (*vid.* §2.4.1.3.1.1.3). Parece que o sitio Blogaliza estaba a empregar no momento de recollermos os datos dos blogues da mostra unha versión de WordPress en que algunhas cadeas de texto aínda non foran traducidas ao galego. Algo semellante acontece cos blogues feitos con WordPress que empregan a combinación español - inglés no seu contido automático: ao pescudarmos un pouco decatámonos de que o 56% (5 de 9) están hospedados en *prensaescuela.es*, o sitio empregado polo *Programa Prensa-Escuela* do xornal *La Voz de Galicia*, un programa educativo que inclúe unha ferramenta para a creación de blogues baseada en WordPress. Parece que este programa ofrece unha localización parcial de WordPress ao español. Cómpre indicarmos que

dentro dos blogues hospedados en *prensaescuela.es* rexistramos tamén o galego como opción lingüística do contido automático (mais non a combinación galego - inglés).

Canto aos blogues feitos con Drupal, tamén destaca alta presenza do galego no contido automático. Como xa indicamos, Drupal é o CMS facilitado aos centros educativos galegos dentro do Proxecto Webs Dinámicas da Xunta de Galicia para que desenvolvan a súa páxina web oficial (*vid.* §3.2.2). Trátase tamén dun CMS libre, traducido ao galego e que a maioría dos centros empregan na súa versión galega, de aí que o 63% dos blogues inseridos dentro das webs dos centros teñan o galego como opción lingüística do contido automático. Rexistramos tamén un 24% de blogues inseridos en webs que empregan unha tradución incompleta. Con todo, o que máis chama a nosa atención é que exista un 12% de blogues deste tipo co contido automático en español, pois iso quere dicir que o contido automático da web do centro está tamén nesta lingua. Cómpre indicarmos que, aínda que se trata de 14 blogues, proceden só de dous centros diferentes: un procede do IES de Pastoriza de Arteixo e os 13 restantes do IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo. Por outra banda, rexistramos tamén un blogue feito con Drupal procedente do IES Xoán Montes de Lugo en que se combinan español e inglés no contido automático.

No caso dos blogues feitos con outros CMS o galego é tamén a opción lingüística maioritaria. Dentro dos que teñen o galego como opción lingüística o 71% son blogues hospedados en *blogoteca.com*, un sitio que nos permite crear blogues en galego, mais non que non se indica o CMS empregado. Dos que teñen o contido automático en español o 45% están hospedados en *blogia.com*, unha web que permite crear blogues de xeito doado, mais en que tampouco se indica se se emprega un CMS propio ou outro. Outro 23% dos blogues que empregan o español no contido automático están hospedados en *elorienta.com*, unha web dirixida á creación de blogues de orientación e que emprega o CMS libre FlatPress, mais que non parece ter o galego como opción lingüística do contido automático. Por outra banda, dos seis blogues que empregan outros CMS en que o contido automático combina español e inglés catro están tamén hospedados en *elorienta.com* e feitos con FlatPress. Non dispoñemos de datos para os casos restantes. Finalmente, no grupo de blogues feitos con outros CMS en que a lingua do contido automático é o inglés atopamos situacións diversas: trátase de cinco blogues dos que en tres o inglés é a opción habitual nas restantes variábeis, mentres que un emprega só o

galego e o outro mestura español e galego nos títulos e nas publicacións. Atopamos blogs feitos con CMS pouco frecuentes coma gpEasy CMS (libre), Jimdo (libre) ou Tumblr (privativo).

3.6.7.2. Tipo de CMS

Aínda que xa fomos detallando se os CMS que analizamos son libres ou privativos e xa tivemos oportunidade de observar que os CMS libres van asociados a un maior uso do galego na nosa mostra, especialmente no contido automático, decidimos analizar tamén os usos lingüísticos segundo o tipo de CMS, para amosarmos con maior claridade a relación entre o uso dun software libre ou privativo e os usos lingüísticos que presentan os blogs da nosa mostra. Como se podía observar en §3.3.7, o 70% (753) dos blogs da nosa mostra están xestionados con CMS privativos, o 25% (272) con CMS libres e o 4% (47) con CMS para os que non fomos quen de localizar o tipo de licenza.

3.6.7.2.1. Título




Gráfico 153: Opcións lingüísticas dos títulos segundo o tipo de CMS

No gráfico 153 amosamos a distribución das opcións lingüísticas dos títulos segundo o tipo de CMS. A proba anova unifactorial devólvenos valores p inferiores a 0,05 para as

opcións galego (5,39E-12), ambigua (español / galego) (7,426E-07) e español (0,004294).

No caso do **galego** rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con CMS libres e os feitos con CMS privativos ($p = 0$), mais tamén entre os feitos con CMS libres e aqueles para os que non dispoñemos de datos sobre a licenza ($p = 0,036883$). Como se observa no gráfico, nos dous casos son os blogues feitos con CMS libres os que presentan un maior uso do galego nos títulos.

Canto aos blogues con títulos **ambiguos entre español e galego**, rexistramos diferenzas significativas entre os feitos con CMS libres e os feitos con CMS privativos ($p = 0,0000055$), mais tamén entre os feitos con CMS libres e os feitos con CMS para os que non temos datos sobre a súa licenza ($p = 0,0012422$).

Cómpre indicarmos que achamos unha contradición entre a proba anova unifactorial e a proba HSD de Tukey no caso do **español**: mentres que a proba anova unifactorial achega un valor p de 0,004294, como xa indicamos, a proba HSD de Tukey non achega ningún valor p inferior a 0,05, aínda que os valores p máis baixos son os da relación entre CMS libres e privativos ($p = 0.1012943$) e CMS sen datos e privativos ($p = 0.1214622$). En calquera caso, os resultados destas dúas probas non nos permiten concluír que exista unha relación clara entre o tipo de CMS e o uso do español nos títulos dos blogues da mostra.




Gráfico 154: Linguas dos títulos segundo tipo de CMS

No gráfico 154 amosamos os datos anteriores reducidos ás cinco linguas presentes nos títulos dos blogues da mostra. Neste caso, canto ao uso do **galego** rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con CMS libres e os feitos con CMS privativos ($p = 0$) ou con CMS para os que non temos datos ($p = 0,0247994$). No caso do **español** rexistramos a mesma contradición que nas opcións lingüísticas: mentres que

a proba anova unifactorial devolve un valor p de 0,003951, a proba HSD de Tukey non detecta diferenzas significativas entre ningunha parella. Finalmente, no caso do **francés** a proba anova unifactorial non devolve resultado ningún por causa do explicado na nota 78, mais a proba HSD de Tukey devolve un valor p inferior a 0,05 para a diferenza entre blogues feitos con CMS libres e blogues feitos con CMS privativos ($p = 0,0422134$). Neste caso o francés é máis empregado nos CMS privativos que nos libres.

3.6.7.2.2. Publicacións




Gráfico 155: Opcións lingüísticas das publicacións segundo tipo de CMS

No gráfico 155 amosamos as opcións lingüísticas das publicacións detalladas segundo o tipo de CMS. Como se pode observar, só rexistramos dúas opcións lingüísticas en que se dan diferenzas significativas: galego e español. No caso do galego a proba anova unifactorial devolve un valor p de 9,147E-08, mentres que o valor p para o español é de 0,00002315.

A proba HSD de Tukey sinala que existen, para o **galego**, diferenzas significativas entre os blogues sen datos e os feitos con CMS libres ($p = 0,0002126$) e privativos ($p = 0,0000038$). Nos dous casos os blogues para os que non dispoñemos de datos sobre o tipo de licenza do CMS empregan máis o galego. No caso do **español** as diferenzas son

significativas entre os blogs feitos con CMS privativos e os feitos con CMS libres ($p = 0,0007411$), así coma entre os feitos con CMS privativos e aqueles para os que non dispoñemos de datos ($p = 0,0118617$). Nos dous casos son os blogs feitos con CMS privativos os que presentan un uso máis elevado do español.

No gráfico 156 presentamos os datos anteriores reducidos a linguas. Neste caso non só rexistramos as mesmas diferenzas que ao revisarmos as opcións lingüísticas, senón que a proba anova unifactorial tamén nos devolve un valor p inferior a 0,05 para o inglés. Con todo, rexistramos unha nova contradición, pois a proba HSD de Tukey non devolve ningún valor p inferior a 0,05 para ningunha das combinacións posibles, polo que non podemos concluír que exista unha relación entre o tipo de CMS e o uso do inglés nas publicacións.




Gráfico 156: Linguas das publicacións segundo o tipo de CMS

3.6.7.2.3. Contido automático




Gráfico 157: Opcións lingüísticas do contido automático segundo o tipo de CMS

No gráfico 157 podemos observar as opcións lingüísticas do contido automático detalladas segundo o tipo de CMS. A proba anova unifactorial detecta diferenzas significativas para o español ($p = 2,2E-16$) e para o galego ($p = 2,2E-16$). Non achega resultado ningún para a combinación galego - inglés nin para o portugués por causa do explicado na nota 78, mais a proba HSD de Tukey si rexistra diferenzas significativas nestes casos.

Canto ao **español**, rexistramos diferenzas significativas entre os blogues feitos con CMS privativos e os feitos con CMS libres ($p = 0$), así coma entre os feitos con CMS privativos e os feitos con CMS para os que non temos datos sobre a súa licenza ($p = 0$). No caso do **galego** rexistramos diferenzas significativas nas tres parellas posíbeis, sempre cun valor p de 0. Podemos observar que a porcentaxe máis alta de uso do galego preséntana os blogues feitos con CMS para os que non dispoñemos de datos, seguidos dos libres e, moi de lonxe, dos privativos. Canto á combinación **galego - inglés**, a proba HSD de Tukey devolve diferenzas significativas entre os blogues feitos con CMS libres e os dous outros grupos ($p = 0$ nos dous casos). Como se pode observar, nos dous casos esta opción lingüística ten maior presenza nos blogues feitos con CMS libres. Finalmente, no caso do **portugués** rexistramos unha diferenza significativa entre os blogues feitos con CMS libres e os blogues feitos con CMS privativos ($p = 0,0009489$). O portugués só se rexistra no contido automático dos blogues privativos.

No gráfico 158 amosamos estes datos reducidos ás seis linguas rexistradas no contido automático. Os datos son coherentes cos que vimos de expoñer, aínda que neste caso rexistramos diferenzas no caso do inglés debido a que este grupo inclúe opción galego - inglés.




Gráfico 158: Linguas do contido automático segundo o tipo de CMS

3.6.7.2.4. Recapitulación

Deixando a un lado os blogues para os que non dispoñemos de datos sobre a licenza do CMS que empregan, podemos comprobar que o uso do galego é maior nos blogues feitos con CMS libres nas tres variábeis lingüísticas, algo especialmente notábel no caso do contido automático, en que podemos ver claramente que o CMS condiciona a opción lingüística desta variábel. Ao que expuxemos na epígrafe §2.3.3.3.1 sobre a relación entre o software libre e as linguas subordinadas súmanse agora os datos da nosa mostra, que amosan a importancia de que as políticas encamiñadas á normalización dunha lingua dominada teñan en conta a importancia de empregar como ferramenta software libre e non software privativo, non só porque son unha ferramenta con máis potencial normalizador, senón tamén porque os principios de xustiza social que están detrás da normalización dunha lingua dominada e do software libre son moi semellantes.

3.6.8. Actividade dos blogues

Ao describirmos a mostra tivemos en conta tres cuestións diferentes relacionadas coa actividade dos blogues: a súa frecuencia de actualización, o número de comentarios e o feito de se se trataba de blogues de autoría individual ou colectiva. Estes datos tiñan como principal finalidade servir de indicadores para avaliarmos dalgún xeito en que medida se tira proveito das características propias deste medio nativo de Internet. Puidemos observar que as frecuencias de actualización son, en xeral, baixas, mentres que son moi poucos os blogues que conteñen comentarios nas súas publicacións e tamén poucos aqueles en que a autoría é colectiva. Despois de analizarmos estas tres variábeis concluímos que a práctica máis frecuente é empregar os blogues como ferramentas unidireccionais, xeralmente xestionadas por unha soa persoa e con pouco *feedback*, isto é, empregar os blogues coma un medio tradicional sen aproveitar as súas características para facer deles un espazo en que alumnado e profesorado (e mesmo nais e pais) participen de forma activa. Con todo, aínda que esta é a situación dominante, tamén rexistramos na mostra blogues cunha alta frecuencia de actualización, cun gran número de comentarios ou xestionados por un grupo de persoas (*vid.* §3.3.8).

Agora ben, non parece que as diferenzas que poidan presentar os blogues nestes eidos teñan que implicar diferenzas nos seus usos lingüísticos, do mesmo xeito que non

detectamos este tipo de relacións ao analizarmos as variábeis lingüísticas segundo o número de blogs por centro (*vid.* §3.6.3) ou segundo a visibilidade dos blogs para a comunidade educativa (*vid.* §3.6.4.3.1). Con todo, sería imprudente afirmarmos isto sen comprobármolo, polo que a seguir imos expoñer os datos lingüísticos analizados segundo as tres variábeis referentes á actividade dos blogs da nosa mostra.

3.6.8.1. Frecuencia de actualización

Amosamos nas matrices dos gráficos 159, 160 e 161 os datos correspondentes ao cálculo da correlación entre o número de publicacións por día e as opcións lingüísticas empregadas nos títulos, nas publicacións e no contido automático, respectivamente. Como se pode observar, só rexistramos unha correlación significativa no caso da opción galego - inglés no contido automático: canto maior é a frecuencia de actualización, menor é o uso desta combinación lingüística no contido automático, e viceversa.

Estes datos son coherentes cos que obtemos se reducimos as opcións lingüísticas a linguas nas tres variábeis lingüísticas (gráficos 162, 163 e 164) pois observamos unha correlación significativa no caso do uso do galego no contido automático: canto menor é a frecuencia de actualización, maior é o uso do galego no contido automático, e viceversa. Lembremos que nesta redución a linguas o galego contén aqueles blogs que presentan a opción galego - inglés.

Así as cousas, despois de analizarmos a relación entre a frecuencia de actualización e os usos lingüísticos dos blogs da nosa mostra, só podemos afirmar que existe unha relación inversa entre o uso da combinación lingüística galego - inglés no contido automático e o número de publicacións por día. Con todo, isto non parece suficiente para afirmarmos que a frecuencia de actualización sexa unha variábel que inflúa nos usos lingüísticos dos blogs analizados.

Capítulo 3. A lingua galega nos blogs didácticos do ensino secundario galego




Gráfico 159: Relación entre a frecuencia de actualización e as opcións lingüísticas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)




Gráfico 160: Relación entre a frecuencia de actualización e as opcións lingüísticas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)



Gráfico 161: Relación entre a frecuencia de actualización e as opcións lingüísticas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa




Gráfico 162: Relación entre a frecuencia de actualización e as linguas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)



Gráfico 163: Relación entre a frecuencia de actualización e as linguas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)




Gráfico 164: Relación entre a frecuencia de actualización e as linguas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

3.6.8.2. Comentarios

Na epígrafe §3.3.8.3 analizamos o número de comentarios por publicación nos blogues da nosa mostra, un número que xulgamos moi reducido. Nas matrices correspondentes aos gráficos 165, 166 e 167 amosamos os datos referentes á relación entre o número de comentarios por publicación e as opcións lingüísticas empregadas nos títulos, nas publicacións e no contido automático. Como se pode observar, non rexistramos relación significativa ningunha no caso do título e das publicacións, mais si no caso do contido automático: canto maior é o número de comentarios por publicación, menor é o uso do español no contido automático, e viceversa; ao tempo que canto maior é o número de comentarios por publicación, maior é o uso do galego no contido automático.

Se reducimos os datos a linguas, como se amosa nos gráficos 168, 169 e 170, rexistramos as mesmas correlacións significativas para español e galego.

Parece, por tanto, que un maior número de comentarios por publicación implica un maior uso do galego e un menor uso do español no contido automático. Con todo, coma no caso da frecuencia de actualización, este dato non parece suficiente para podermos afirmar que existe unha relación forte entre o número de comentarios por publicación e os usos lingüísticos dos blogues da nosa mostra.

comentarios.por.eu	Galego	Amb.	Español	Inglés	Francés	Latín	Amb.	Gal.-Ing.	Amb.	Es.-Fr.	Es.-Gal.-Ing.	Fr.-Ing.	Gal.-Lat.	SC
-0.02	1.00	***	***	***	***	**								
0.04	-0.64	1.00	***	***	**	*								
0.00	-0.35	-0.25	1.00	*										
-0.02	-0.21	-0.15	-0.08	1.00										
-0.01	-0.15	-0.10	-0.06	-0.03	1.00									
-0.01	-0.10	-0.07	-0.04	-0.02	-0.02	1.00								
-0.01	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	1.00							
0.00	-0.04	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	1.00						
-0.00	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	1.00					
-0.00	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	1.00				
-0.00	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	1.00			
-0.00	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	1.00		
0.03	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	1.00	
-0.00	-0.03	-0.02	-0.01	-0.01	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	-0.00	1.00

Gráfico 165: Relación ente o número de comentarios por publicación e as opcións lingüísticas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)

As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa




Gráfico 166: Relación entre o número de comentarios por publicación e as opcións lingüísticas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)




Gráfico 167: Relación entre o número de comentarios por publicación e as opcións lingüísticas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)




Gráfico 168: Relación entre o número de comentarios por publicación e as linguas dos títulos (coeficiente de correlación de Pearson)

Comentarios						
0.05	Galego	***	***	***		
-0.01	-0.68	Español	***	***		
-0.02	-0.31	-0.16	Inglés			
-0.02	-0.22	-0.11	-0.04	Francés		
0.03	-0.01	-0.03	-0.01	-0.01	Portugués	
-0.00	-0.04	0.04	-0.01	-0.01	-0.00	Alemán

Gráfico 169: Relación entre o número de comentarios por publicación e as linguas das publicacións (coeficiente de correlación de Pearson)

Comentarios	**	**				
0.10	Galego	***	***	*	**	
-0.09	-0.76	Español	***	***	***	
-0.01	0.15	-0.36	Inglés	*	*	
-0.01	-0.08	-0.21	-0.06	Francés		
0.04	-0.09	-0.26	-0.07	-0.03	Portugués	
-0.00	-0.02	-0.04	-0.01	-0.00	-0.01	Catalán

Gráfico 170: Relación entre o número de comentarios por publicación e as linguas do contido automático (coeficiente de correlación de Pearson)

3.6.8.3. Autoría

Na epígrafe §3.3.8.4 analizamos a distribución dos blogs da nosa mostra segundo o tipo de autoría, individual ou colectiva, coa finalidade de achegarmos información sobre o aproveitamento das características propias do medio. Imos analizar agora se existe algunha diferenza nos usos lingüísticos dos blogs da nosa mostra en función de se son de autoría individual (non colaborativos) ou colectiva (colaborativos).

3.6.8.3.1. Título




Gráfico 171: Opcións lingüísticas dos títulos segundo o tipo de autoría (individual ou colectiva)

No gráfico 171 podemos observar as opcións lingüísticas dos títulos dos blogs da mostra detalladas segundo o tipo de autoría dos blogs. Podemos observar que rexistramos diferenzas significativas en dúas opcións: galego (para o que a proba t de Student achega un valor p de 0,01614) e ambigua (español / galego) ($p = 0,02868$). Así as cousas, o galego é máis frecuente nos títulos dos blogs de autoría individual, mentres que os títulos ambiguos entre español e galego son máis frecuentes nos blogs de autoría colectiva.

Amosamos no gráfico 172 os datos anteriores reducidos ás cinco linguas rexistradas nos títulos dos blogs da mostra. Neste caso a proba t de Student non nos devolve ningún valor p inferior a 0,05, isto é, non rexistramos diferenza significativa ningunha.




Gráfico 172: Linguas dos títulos segundo o tipo de autoría (individual ou colectiva)

3.6.8.3.2. Publicacións




Gráfico 173: Opcións lingüísticas das publicacións segundo o tipo de autoría (individual ou colectiva)

No gráfico 173 podemos observar as opcións lingüísticas das publicacións segundo o tipo de autoría dos blogs. Neste caso a proba t de Student non detecta diferenza significativa ningunha. Tampouco rexistramos ningunha diferenza significativa se reducimos os datos a linguas, como se pode observar no gráfico 174.




Gráfico 174: Linguas das publicacións segundo o tipo de autoría (individual ou colectiva)

3.6.8.3.3. Contido automático

Nos gráficos 175 e 176 podemos observar as opcións lingüísticas e as linguas do contido automático detalladas segundo o tipo de autoría dos blogues da mostra. Como se pode observar, neste caso a proba t de Student non detecta tampouco diferenza significativa ningunha.




Gráfico 175: Opcións lingüísticas do contido automático segundo o tipo de autoría (individual ou colectiva)




Gráfico 176: Linguas do contido automático segundo o tipo de autoría (individual ou colectiva)

3.6.8.4. Recapitulación

Despois de analizarmos os usos lingüísticos segundo a frecuencia de actualización, o número de comentarios por publicación e o tipo de autoría dos blogs da nosa mostra, non podemos afirmar que estas tres cuestións referentes á actividade dos blogs estean relacionadas cos seus usos lingüísticos, pois só detectamos unhas poucas diferenzas significativas puntuais nalgunhas variábeis lingüísticas. Isto non nos permite establecer unha asociación entre estas tres variábeis extralingüísticas e as tres variábeis lingüísticas estudadas.

3.7. Recapitulación xeral

Neste capítulo realizamos unha análise detallada da base de datos dos 1072 blogs didácticos do ensino secundario e de bacharelato incluídos na base de datos elaborada cos datos recollidos entre o 1 de setembro de 2012 e o 15 de xullo de 2013. Realizamos unha descrición dos blogs incluídos na nosa mostra en función do tipo de centro (*vid.* §3.3.1), do número de habitantes do concello en que se localiza o centro (*vid.* §3.3.2), do número de blogs por centro (*vid.* §3.3.3), das súas temáticas (*vid.* §3.3.4), da súa visibilidade (*vid.* §3.6.5), da terminoloxía empregada para designar os blogs (*vid.* §3.3.6), dos nomes de dominio, dos servidores e dos CMS empregados (*vid.* §3.6.7) e de cuestións referentes á súa actividade (frecuencia de actualización, comentarios e autoría individual ou colectiva) (*vid.* §3.3.8). A seguir, analizamos as tres variábeis lingüísticas das que anotamos datos destes 1072 blogs: o título (*vid.* §3.4.1), as publicacións (*vid.* §3.4.2) e o contido automático (*vid.* §3.4.3). Ao analizarmos a mostra no seu conxunto, observamos que o galego é a lingua máis empregada nos blogs da nosa mostra,

seguida do español e, máis de lonxe, do inglés, do francés, do portugués, do latín e, con rexistros moi puntuais, do alemán e do catalán. Podemos afirmar, por tanto, que o galego é máis empregado nos blogues didácticos galegos ca no total do universo dos blogues galegos se temos en conta os datos do informe *Situación da lingua galega na sociedade: Observación no ámbito de Internet: 2009*, publicado polo observatorio da lingua galega, aínda que, como vimos, existen diferentes variábeis extralingüísticas que poden influír no (non) uso do galego nos blogues didácticos. Centrémonos despois nas relacións entre estas tres variábeis lingüísticas, analizando os blogues que presentan unha soa opción lingüística ao longo das tres variábeis (*vid.* §3.5.1), os que presentan dúas (*vid.* §3.5.2) e os que presentan tres (*vid.* §3.5.3). Observamos que a maioría dos blogues empregan máis dunha opción lingüística ao longo das tres variábeis e que as linguas que máis frecuentemente entran en combinación son o español e o galego. Para finalizar, quixemos ver se existía algunha relación entre os usos lingüísticos dos blogues da nosa mostra e as variábeis non lingüísticas descritas na epígrafe §3.3, tarefa que levamos a cabo na epígrafe §3.6 en que puidemos comprobar a existencia de relacións entre os usos lingüísticos e algunhas das variábeis non lingüísticas estudadas. Resumimos esta última parte, que supón a parte central do capítulo, no gráfico 177. Este gráfico foi elaborado achando a media dos valores p achegados polas diferentes probas que realizamos para sabermos se existían ou non asociacións estatisticamente significativas (proba t de Student, proba anova unifactorial, coeficiente de correlación de Pearson). Estas medias están realizadas en función das análises das linguas rexistradas, non das opcións lingüísticas, e en tres niveis: no total das linguas da mostra, o que nos permite termos unha idea da influencia de cada unha das variábeis non lingüísticas nos usos lingüísticos de xeito xeral; só para o galego, para sabermos a influencia de cada variábel no uso desta lingua; e só para o español. Trátase dun gráfico en forma de rede en que o centro é o 1 e o exterior o 0, e dividido en segmentos de 0,05. Canto máis se achegue a media de valores p a 0, isto é, canto máis se achegue un punto ao exterior do gráfico, maior é a influencia desa variábel non lingüística nos usos lingüísticos xerais, no uso do galego ou no uso do español.




Gráfico 177: Usos lingüísticos e variábeis non lingüísticas: resumo (media de valores p das probas empregadas en cada caso)

Para vermos isto máis claro, amosamos na tabela 45 o dato numérico da media de valores p representada en cada caso, ordenados de arriba a abaixo de menor a menor:

	Total		Galego		Español
Área temática	0,16171028	Tipo de centro	3,12E-13	Tipo de centro	2,66E-12
Tipo de centro	0,20346548	Tipo de CMS	5,13E-08	Terminoloxía	6,71E-09
Habitantes	0,22540000	Área temática	0,00000023	Área temática	0,00018782
Tipo de CMS	0,25282612	Terminoloxía	0,00000256	Tipo de CMS	0,00132184
Terminoloxía	0,35926518	Visibilidade	0,00040700	Habitantes	0,07287200
Visibilidade	0,39036154	Habitantes	0,03063967	Autoría	0,25481333
Blogues por centro	0,46198876	Blogues por centro	0,07333800	Frecuencia de actualización	0,26133333
Autoría	0,46437800	Comentarios	0,23108300	Visibilidade	0,28147505
Frecuencia de actualización	0,53433118	Autoría	0,37589333	Blogues por centro	0,28979833
Comentarios	0,53883982	Frecuencia de actualización	0,51735333	Comentarios	0,53424267

Tabela 45: Usos lingüísticos e variábeis non lingüísticas: resumo (media de valores p das probas empregadas nos casos do galego e do español)

Como se pode observar, se temos en conta todas as linguas rexistradas, a variábel non lingüística que máis inflúe nos usos lingüísticos é a área temática, seguida do tipo de centro, o número de habitantes, do tipo de CMS, da terminoloxía, da visibilidade, do número de blogs por centro, do tipo de autoría, da frecuencia de actualización e,

finalmente, do número de comentarios por publicación. Con todo, se temos en conta só os valores p referentes ao galego, observamos que o tipo de centro é a variábel que máis influencia ten nos centros lingüísticos, seguida do tipo de CMS, da área temática, da terminoloxía e da visibilidade. En todos estes casos as medias de valores p son inferiores a 0,05. O número de blogues por centro, o número de comentarios por publicación, a autoría e a frecuencia de actualización son as variábeis que menos teñen no uso ou non uso do galego nos blogues da nosa mostra. Algo semellante é a situación do español: o tipo de centro é a variábel máis relacionada co uso ou non uso desta lingua, seguida da terminoloxía, da área temática e do tipo de CMS. Presentan unha relación máis feble o número de habitantes, a autoría, a frecuencia de actualización, a visibilidade, o número de blogues por centro e o número de comentarios por publicación.

Na tabela 46 podemos observar máis ao detalle a relación entre estas variábeis non lingüísticas e os usos lingüísticos. Así, o uso do galego está asociado aos centros públicos, mentres que o uso do español é maior nos centros privados. Tamén é maior a presenza do galego nos blogues feitos con CMS libres, mentres que nos feitos con CMS privativos é maior a presenza do español. Aínda que os datos anteriores se refiren ás áreas temáticas, detallamos nesta tabela 46 as temáticas en que son maioritarias o galego e o español. Tamén podemos observar que o uso do galego está asociado á designación dos blogues co termo *blogue*, mentres que *blog* está asociado ao uso do español. A visibilidade dos blogues é unha variábel complexa xa que, aínda que a media de valores p é moi baixa, o certo é que no título e no contido automático o galego está asociado a unha menor visibilidade, mais nas publicacións está asociado a unha maior visibilidade. Finalmente, canto menor é o número de habitantes do concello en que se sitúan os centros, maior é o uso do galego nos blogues.

	Galego	Español
Tipo de centro	Públicos	Privados
Tipo de CMS	Libre	Privativo
Temáticas	Novas Lingua e Literatura Galegas Normalización lingüística Actividades extraescolares (xenérico) Miscelánea Ciencias Naturais Ciencias Sociais (xenérico)	Lingua e Literatura Españolas Relixión Católica Concursos Deportes Física e Química Actividades católicas Teatro

	Galego	Español
	Lectura e bibliotecas Filosofía e Ética ANPA Blogue do centro Xeografía e Historia Proxectos Matemáticas Linguas e culturas clásicas	Música Debuxo e artes plásticas Economía Tecnoloxía e Informática Viaxes Niveis educativos Ciencias (xenérico) Outras Educación Física Orientación Linguas estranxeiras
Terminoloxía	blogue	blog
Visibilidade	- (título e contido automático) + (publicacións)	
Habitantes	-	+

Tabela 46: Variábeis non lingüísticas que inflúen no uso do galego e do español

En resumo, o blogue didáctico prototípico que usa o galego é un caderno dixital creado nun centro público, cun CMS libre, dedicado a difundir novas sobre o centro, á lingua e á literatura galegas ou á normalización lingüística (e, en menor medida, ás outras temáticas presentes na tabela), que é designado coa forma *blogue* e que procede dun centro situado nun concello con poucos habitantes.

Capítulo 4. Percepción e uso do galego nas TIC por parte da comunidade educativa

Índice detallado do capítulo

Capítulo 4. Percepción e uso do galego nas TIC por parte da comunidade educativa.....	431
4.1.Introdución.....	437
4.2.Notas metodolóxicas.....	438
4.2.1. Ámbito.....	438
4.2.2. Descrición e elaboración do cuestionario.....	438
4.2.3. Distribución do cuestionario.....	446
4.2.4. Análise dos datos.....	450
4.3.Descrición da mostra.....	451
4.3.1. Perfil das persoas informantes.....	451
4.3.1.1. Perfil xeral da persoa informante.....	451
4.3.1.2. Perfil lingüístico.....	458
4.3.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	458
4.3.1.2.2. Competencia lingüística.....	470
4.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	476
4.3.2. Perfil dos centros.....	482
4.4.Percepción da presenza do galego na rede.....	483
4.4.1. Percepción segundo o perfil das persoas informantes.....	489
4.4.1.1. Perfil xeral.....	489
4.4.1.1.1. Sexo.....	489
4.4.1.1.2. Colectivo.....	491
4.4.1.2. Perfil lingüístico.....	492
4.4.1.2.1. Lingua inicial.....	493
4.4.1.2.2. Lingua habitual.....	496
4.4.1.2.3. Competencia lingüística.....	499
4.4.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	502
4.4.1.4. Percepción e características do centro.....	504
4.4.1.4.1. Localización do centro.....	504
4.4.1.4.2. Tipo de centro.....	506
4.4.2. Recapitulación.....	507
4.5.Promoción do galego en Internet.....	509
4.5.1. Axentes que potencian o uso do galego en Internet.....	509
4.5.1.1. Perfil das persoas informantes.....	510
4.5.1.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	510
4.5.1.1.2. Perfil lingüístico.....	511
4.5.1.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	511
4.5.1.1.2.2. Competencia lingüística.....	513
4.5.1.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	514
4.5.1.2. Características do centro.....	515
4.5.1.2.1. Localización do centro.....	515
4.5.1.2.2. Tipo de centro.....	516
4.5.1.3. Recapitulación.....	517
4.5.2. Necesidade da promoción do galego en Internet.....	517
4.5.2.1. Perfil das persoas informantes.....	518
4.5.2.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	518
4.5.2.1.2. Perfil lingüístico.....	519
4.5.2.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	519
4.5.2.1.2.2. Competencia lingüística.....	520
4.5.2.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	520
4.5.2.2. Características do centro.....	521
4.5.2.2.1. Localización do centro.....	521
4.5.2.2.2. Tipo de centro.....	522
4.5.2.3. Recapitulación.....	522
4.5.3. Axentes que deberían potenciar o uso do galego en Internet.....	524

4.5.3.1. Perfil das persoas informantes.....	525
4.5.3.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	525
4.5.3.1.2. Perfil lingüístico.....	526
4.5.3.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	526
4.5.3.1.2.2. Competencia lingüística.....	528
4.5.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	529
4.5.3.2. Características do centro.....	530
4.5.3.2.1. Localización do centro.....	530
4.5.3.2.2. Tipo de centro.....	530
4.5.3.3. Recapitulación.....	531
4.6. Uso do galego en Internet.....	532
4.6.1. Grao de uso e calidade do galego empregado.....	532
4.6.1.1. Perfil das persoas informantes.....	534
4.6.1.1.1. Perfil xeral.....	534
4.6.1.1.1.1. Sexo.....	534
4.6.1.1.1.2. Colectivo.....	535
4.6.1.1.2. Perfil lingüístico.....	536
4.6.1.1.2.1. Lingua inicial.....	536
4.6.1.1.2.2. Lingua habitual.....	538
4.6.1.1.2.3. Competencia lingüística.....	539
4.6.1.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	540
4.6.1.2. Características do centro.....	541
4.6.1.2.1. Localización do centro.....	542
4.6.1.2.2. Tipo de centro.....	543
4.6.1.3. Recapitulación.....	544
4.6.2. Linguas empregadas na rede.....	545
4.6.2.1. Perfil das persoas informantes.....	548
4.6.2.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	548
4.6.2.1.2. Perfil lingüístico.....	549
4.6.2.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	549
4.6.2.1.2.2. Competencia lingüística.....	551
4.6.2.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	552
4.6.2.2. Características do centro.....	552
4.6.2.2.1. Localización do centro.....	552
4.6.2.2.2. Tipo de centro.....	553
4.6.2.3. Recapitulación.....	554
4.6.3. Razóns aducidas para non empregar o galego na rede.....	554
4.6.3.1. Perfil das persoas informantes.....	558
4.6.3.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	558
4.6.3.1.2. Perfil lingüístico.....	559
4.6.3.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	559
4.6.3.1.2.2. Competencia lingüística.....	561
4.6.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	562
4.6.3.2. Características do centro.....	563
4.6.3.2.1. Localización do centro.....	563
4.6.3.2.2. Tipo de centro.....	564
4.6.3.3. Recapitulación.....	564
4.6.4. Normativas empregadas.....	565
4.6.4.1. Perfil das persoas informantes.....	568
4.6.4.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo.....	568
4.6.4.1.2. Perfil lingüístico.....	570
4.6.4.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual.....	570
4.6.4.1.2.2. Competencia lingüística.....	571
4.6.4.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	571
4.6.4.2. Características do centro.....	572
4.6.4.2.1. Localización do centro.....	572
4.6.4.2.2. Tipo de centro.....	573

Capítulo 4. Percepción e uso do galego nas TIC por parte da comunidade educativa

4.6.4.3. Recapitulación.....	573
4.6.5. Impacto do uso do galego na rede na competencia lingüística.....	574
4.6.5.1. Perfil das persoas informantes.....	575
4.6.5.1.1. Perfil xeral:.....	575
4.6.5.1.1.1. Sexo.....	575
4.6.5.1.1.2. Colectivo.....	576
4.6.5.1.2. Perfil lingüístico.....	577
4.6.5.1.2.1. Lingua inicial.....	577
4.6.5.1.2.2. Lingua habitual.....	578
4.6.5.1.2.3. Competencia lingüística.....	579
4.6.5.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC.....	580
4.6.5.2. Características do centro.....	581
4.6.5.2.1. Localización do centro.....	581
4.6.5.2.2. Tipo de centro.....	581
4.6.5.3. Descrición de experiencias.....	582
4.6.5.4. Recapitulación.....	585
4.7. Comentarios.....	587
4.8. Recapitulación.....	589

4.1. Introducción

Para completarmos os datos referentes aos usos lingüísticos dos blogues didácticos do ensino secundario galego, que vimos de analizar, realizamos un cuestionario destinado ao estudiantado e ao profesorado deste nivel, coa finalidade de coñecermos a súa percepción da presenza do galego nas TIC, así como o uso que declaran facer do galego neste eido. Así as cousas, os datos recollidos neste cuestionario son un complemento á parte central do noso traballo, un complemento que nos achega datos que podemos comparar cos que obtivemos ao analizarmos os blogues da nosa base de datos, así como datos novos sobre os usos lingüísticos da comunidade educativa en relación coas TIC.

O cuestionario, reproducido no anexo (*vid.* Anexo III. Enquisa) recolle datos diversos que podemos clasificar en catro grandes bloques: datos sobre o perfil das persoas informantes, datos sobre a percepción da presenza do galego na rede e nos sistemas operativos dos dispositivos empregados para acceder a ela, datos sobre a necesidade de potenciar o galego na rede, e datos sobre o uso do galego na rede por parte das persoas informantes. O cuestionario foi enviado a todos os centros que impartían as ensinanzas de ESO e Bacharelato a través do correo electrónico indicado no portal Webcentros da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. Reproducimos no anexo o contido desta mensaxe precedido de todos os enderezos de correo electrónico a que foi enviada (*vid.* Anexo II. Mensaxe de correo electrónico enviada aos centros).

Antes de entramos na análise dos datos obtidos, ímonos deter na explicación das cuestións metodolóxicas relacionadas con esta parte do traballo: a descrición e a elaboración do cuestionario, o ámbito do cuestionario (poboacional, xeográfico e temporal), as vantaxes e inconvenientes do modo de distribución empregado (cuestionario en liña).

4.2. Notas metodolóxicas

4.2.1. Ámbito

Na metodoloxía do IGE (2011) establécense tres tipos de ámbitos a que van dirixidos as súas enquisas: o ámbito poboacional (poboacións obxecto da investigación), o ámbito xeográfico e o ámbito temporal. No caso do noso estudo, as poboacións obxecto da investigación son o estudantado e o profesorado da ESO e do Bacharelato, mentres que o ámbito xeográfico é Galiza. As preguntas destinadas a obtermos datos sobre o perfil xeral das persoas informantes permitirannos excluír aquelas persoas que non se insiran dentro do ámbito poboacional e/ou xeográfico. Canto ao ámbito temporal, a enquisa comezou a se distribuír o día 7 de outubro de 2013 e púidose realizar durante os seis meses seguintes. Con todo, recibimos o 90% das respostas durante a primeira semana, como se pode observar no seguinte gráfico (en que non están representados os días en que non se recibiu ningunha resposta):




Gráfico 178: Número de respostas por día

4.2.2. Descrición e elaboración do cuestionario

O cuestionario ten como obxectivo obter datos sobre a percepción e a presenza do galego na rede por parte da comunidade educativa do ensino secundario galego (incluíndo ESO e Bacharelato), así como datos sobre o uso que as persoas informantes fan da lingua nese contexto. Nos dous casos buscabamos obter información de tipo

cuantitativo e información de tipo cualitativo. Para alén disto, tamén queriamos obter información sobre o perfil das persoas informantes e sobre a súa visión da necesidade (ou non) da promoción do galego na rede. Partindo desta base, deseñamos un cuestionario que, como xa indicamos, consta de catro grandes puntos, para alén dunha última cuestión aberta en que as persoas informantes podían incluír calquera información que considerasen pertinente.

Na parte destinada a recoller información sobre o perfil das persoas informantes podemos distinguir tres eidos diferenciados: perfil xeral da persoa informante, perfil lingüístico e perfil de persoa usuaria das TIC. Para tirarmos datos sobre o perfil xeral das persoas informantes preguntámoslles sobre a súa idade, o sexo, o concello de orixe, o concello de residencia, o centro de ensino ao que pertencen, o seu nivel máximo de estudos e a súa profesión ou dedicación. Canto ao perfil lingüístico, preguntamos sobre a lingua inicial e sobre a lingua habitual. Nos dous casos ofrecemos as opcións de resposta “só galego”, “máis galego que castelán”, “máis castelán que galego” e “só castelán”, seguindo o proposto no *Mapa sociolingüístico de Galicia* (volumes I e II), unhas preguntas semellantes ás realizadas polo IGE (2004-2014) para recoller datos sobre a lingua inicial e a lingua habitual. Con todo, decidimos engadir unha cuarta opción aberta perante a posibilidade de que algunhas das persoas informantes non tivesen nin o galego nin o español como lingua inicial. Realizamos tamén unha terceira cuestión relacionada co perfil lingüístico, en que lles pedimos as persoas informantes que avaliasen a súa competencia lingüística en galego nas catro destrezas (entender, ler, falar e escribir) e de xeito xeral en función dunha escala de cinco graos (“moi alta”, “alta”, “media”, “baixa”, “moi baixa”). Con todo, na estrutura do cuestionario esta pregunta foi incluída no punto dedicado a recoller datos sobre o uso do galego na rede, seguida de preguntas referidas ao uso do galego na rede a a mellora da competencia lingüística, mais afondaremos neste punto máis adiante.

Finalmente, para establecemos un perfil de persoa usuaria das TIC botamos man das cuestións empregadas polo INE na *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares* (2002-2016). Nesta parte do cuestionario preguntamos, por unha banda, pola frecuencia de uso das TIC en dúas cuestións diferenciadas: frecuencia de uso do computador e/ou outros dispositivos (teléfonos intelixentes, tabletas etc.) e frecuencia de uso de Internet. Por outra banda,

partindo das cuestións da *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares* do INE (2011) preguntamos que tarefas son quen de realizar as persoas informantes nun computador, nun teléfono intelixente / tableta e en Internet. Nos tres casos achegamos unha listaxe de opcións que inclúen tarefas que poden realizar persoas usuarias principiantes, persoas usuarias cun dominio intermedio e persoas usuarias avanzadas. Isto permítenos clasificar as persoas informantes en avanzadas, intermedias e principiantes en relación ao seu uso do computador, do teléfono intelixente ou das tabletas e de Internet. Na seguinte tabela amosamos as opcións achegadas e a súa clasificación como tarefas avanzadas, intermedias ou de persoas principiantes en cada caso. Engadimos a etiqueta “sen competencias” para aqueles casos en que as persoas informantes non fosen quen de realizar ningunha das tarefas propostas:

Tarefa	Tipo de tarefa
Copiar ou mover arquivos ou carpetas	Principiante
Copiar ou cortar e pegar nun documento	Principiante
Instalar programas	Principiante
Crear presentacións electrónicas co software apropiado (por exemplo, diapositivas), incluíndo imaxes, son, vídeo ou gráficos	Intermedia
Conectar ou instalar dispositivos (impresoras etc.)	Intermedia
Transferir ficheiros entre outros dispositivos e o computador (cámaras dixitais, teléfonos móbiles etc.)	Intermedia
Usar fórmulas aritméticas simples nunha folla de cálculo	Intermedia
Comprimir ficheiros	Intermedia
Instalar un novo sistema operativo ou substituír un antigo	Avanzada
Modificar ou verificar parámetros de configuración de aplicacións de software (sen ter en conta os navegadores de Internet)	Avanzada
Escribir un programa usando unha linguaxe de programación	Avanzada
Non son quen de realizar ningunha das tarefas anteriores	Sen competencias

Tabela 47: Tarefas e nivel de dificultade (computador)

Tarefa	Tipo de tarefa
Empregar servizos de mensaxaría instantánea (WhatsApp, Line, Hangouts etc.)	Principiante
Consultar e actualizar redes sociais (Facebook, Twitter, Google+, Tuenti, LinkedIn etc.)	Principiante
Navegar por Internet	Principiante
Recibir e enviar mensaxes de correo electrónico	Principiante

Tarefa	Tipo de tarefa
Descargar e instalar aplicacións	Intermedia
Transferir ficheiros a un computador	Intermedia
Mover aplicacións da memoria interna á tarxeta SD	Intermedia
Mover arquivos ou carpetas	Intermedia
Restaurar os valores de fábrica	Avanzada
Tarefas avanzadas como “rootear”, “flashear”, facer un “jailbreak” (iOS) etc.	Avanzada
Non son quen de realizar ningunha das tarefas anteriores	Sen competencias

Tabela 48: Tarefas e nivel de dificultade (dispositivos móbiles)

Tarefa	Tipo de tarefa
Usar un buscador para atopar información	Principiante
Ler e enviar correos electrónicos	Principiante
Usar redes sociais (Facebook, Twitter, Google+, Tuenti, LinkedIn etc.)	Principiante
Enviar correos electrónicos con ficheiros anexos (documentos, fotos etc.)	Intermedia
Enviar mensaxes a chats, grupos de noticias ou foros de discusión	Intermedia
Administrar un blog	Intermedia
Facer chamadas telefónicas	Intermedia
Usar aplicacións P2P ou torrents para compartir ficheiros (música, películas etc.)	Intermedia
Crear páxinas web	Intermedia
Publicar textos, imaxes, películas, música etc.	Avanzada
Modificar a configuración de seguridade dos navegadores de Internet	Avanzada
Non realizo ningunha das tarefas anteriores	Sen competencias

Tabela 49: Tarefas e nivel de dificultade (Internet)

Así as cousas, as cuestións sobre o perfil das persoas informantes permítennos clasificalas segundo características xenéricas (idade, sexo, lugar de orixe, lugar de residencia, centro en que estuda / traballa, nivel de estudos e profesión ou dedicación), información sobre os seus usos lingüísticos (lingua inicial, lingua habitual e competencia lingüística) e información sobre a súa competencia e frecuencia de uso das TIC (en concreto, do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet). Toda esta información seranos de utilidade para cruzármola coa que obteñamos cos puntos seguintes.

Para obtermos datos sobre a percepción da presenza do galego na rede por parte da comunidade educativa, pedímoslles ás persoas informantes que graduasen a súa percepción da presenza do galego en trece eidos diferentes nunha escala de seis valores: “moi alta”, “alta”, “media”, “baixa”, “moi baixa ou ningunha”, “non sei / non uso este

servizo”. Os trece eidos polos que se pregunta son: redes sociais, blogues, foros, medios de comunicación dixitais, xogos en liña, páxinas web da administración (local, provincial, autonómica e estatal), páxinas web de institucións educativas, páxinas web de asociacións cidadás, páxinas web de empresas e, finalmente, os sistemas operativos dos dispositivos empregados para acceder a Internet. Seguidamente preguntámoslles ás persoas informantes pola súa percepción da calidade do galego empregado nos trece campos anteriores empregando a mesma escala que na pregunta anterior (“moi alta”, “alta”, “media”, “baixa”, “moi baixa ou ningunha”, “non sei / non uso este servizo”). Con estas dúas preguntas obtivemos datos sobre a percepción da presenza do galego nas TIC tanto desde unha perspectiva cuantitativa como cualitativa.

A seguir introducimos algunhas cuestións relacionadas coa promoción do galego na rede. En primeiro lugar preguntámoslles ás persoas informantes quen crían que potencia o uso do galego na rede, achegándolles sete opcións de resposta: Xunta de Galicia, deputacións provinciais, concellos, universidades, colectivos alleos á administración (asociacionismo), as persoas usuarias ou ninguén. O cuestionario permitía marcar cantas opcións considerasen pertinentes as persoas informantes, para alén unha oitava opción aberta en que podían achegar outras respostas. En segundo lugar preguntamos se consideraban necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego na rede. Ás persoas que contestaron “si” preguntóuselles tamén quen consideraban que debía potenciar o uso do galego na rede, achegándolles as mesmas opcións que na primeira pregunta, isto é, que na cuestión en que se preguntaba quen crían que potenciaba o galego na rede; mentres que as persoas que contestaron “non” foron dirixidas á seguinte sección do cuestionario.

O último punto importante do cuestionario contén preguntas destinadas a obter datos sobre o uso do galego na rede por parte do estudantado e do profesorado. Nesta parte preguntóuselles ás persoas usuarias en que grao consideraban que empregaban o galego en sete servizos diferentes (correo electrónico, mensaxaría instantánea, redes sociais, foros, xogos en liña, blogue persoal e wikis), achegándolles como opcións de resposta excluíntes “moi alto”, “alto”, “medio”, “baixo”, “moi baixo ou ningún” e “non sei / non uso este servizo”. Tamén se lles preguntou como xulgarían a calidade do galego empregado neses mesmos sete servizos, achegándolles como opcións de resposta “moi alta”, “alta”, “media”, “baixa”, “moi baixa” e “non sei / non uso este servizo / non uso o

galego neste servizo”. Para alén disto, incluímos unha cuestión destinada a obtermos datos sobre a(s) lingua(s) usadas na rede polas persoas informantes, unha cuestión en que se podían marcar como opcións o catalán, o español, o éuscaro, o francés, o galego, o inglés e o portugués, así como engadir outras (as persoas informantes podían marcar todas as opcións que considerasen). Por outra banda, tamén preguntamos sobre as razóns que fan que usen linguas diferentes do galego na rede, para o que lles achegamos catro opcións de resposta (“que as persoas con que me relaciono falen outra lingua e non entendan o galego”, “que as persoas con que me relaciono falen outra lingua, aínda que entendan o galego”, “que non me sinto segura/o escribindo en galego”, “que o galego non é a miña lingua habitual” e “uso sempre o galego”), entre as que podían marcar cantas considerasen, e unha opción de resposta aberta. Quixemos recoller datos tamén sobre a(s) normativa(s) empregadas polas persoas informantes na rede, polo que lles preguntamos sobre esta cuestión achegándolles seis opcións de resposta (“normativa oficial”, “AGAL”, “norma portuguesa”, “non uso ningunha normativa”, “non o sei” e “non uso o galego na rede”), entre as que podían elixir cantas considerasen, e unha opción aberta para que puidesen incluír outras opcións non indicadas anteriormente. Para rematar coa recolla de datos sobre os usos lingüísticos do estudiantado e do profesorado na rede, incluímos unha serie de cuestións destinadas a obtermos información sobre a relación entre o uso do galego na rede e as posíbeis melloras na competencia lingüística derivadas del. Comezamos por lles preguntar ás persoas informantes como xulgarían a súa competencia lingüística en galego nas catro destrezas básicas (entender, ler, falar e escribir) e de xeito xeral, unha pregunta que tamén nos serve para determinarmos o seu perfil lingüístico, como xa apuntamos. Seguidamente preguntámoslles se crían que un maior uso do galego na rede podía facer que mellorase a súa competencia lingüística, achegándolles como opcións de resposta “si”, “non” e “xa teño unha boa competencia lingüística”. Na seguinte cuestión preguntamos sobre a propia experiencia real (non hipotética, coma na anterior) para sabermos se o uso do galego na rede contribuíu á mellora da competencia lingüística das persoas informantes, achegándolles como opcións de resposta “si”, “non”, “non sei” e “non uso o galego na rede”. Ás persoas que responderon “si” a esta cuestión realizámoslles unha pregunta aberta opcional, en que lles pedimos que describisen a súa experiencia con relación á mellora da súa competencia lingüística en galego grazo a o usaren en Internet.

Na última parte do cuestionario incluimos unha pregunta aberta en que as persoas informantes podían realizar todos os comentarios que considerasen pertinentes, así como a opción de achegaren o seu correo electrónico para poderen recibir os resultados da enquisa unha vez fose analizada. Na seguinte tabela resumimos toda a información que vimos de expoñer sobre a estrutura do cuestionario:

Perfil	<i>Perfil xeral</i>	Idade Sexo Lugar de orixe Lugar de residencia Centro Estudos Profesión ou dedicación
	<i>Perfil lingüístico</i>	Lingua inicial Lingua habitual Competencia lingüística ⁸³
	<i>Perfil de persoa usuaria das TIC</i>	Frecuencia de uso de dispositivos Realización de tarefas no computador Realización de tarefas en dispositivos móbiles Frecuencia de uso de Internet Realización de tarefas en Internet
Percepción	<i>Cuantitativa</i>	Redes sociais Blogues Foros Medios de comunicación dixitais Páxinas web da administración (local, provincial, autonómica e estatal) Páxinas web de institucións educativas Páxinas web de empresas Páxinas web de asociacións Sistemas operativos dos dispositivos empregados para acceder á rede
	<i>Cualitativa</i>	Redes sociais Blogues Foros Medios de comunicación dixitais Páxinas web da administración (local, provincial, autonómica e estatal) Páxinas web de institucións educativas Páxinas web de empresas Páxinas web de asociacións Sistemas operativos dos dispositivos empregados para acceder á rede
Promoción do galego na rede	<i>Axentes que promoven o galego na rede</i>	Xunta Deputacións Concellos

83 Pregunta inserida na estrutura do cuestionario no punto referido ao uso.

		Universidades Colectivos alleos á Administración Persoas usuarias Ninguén Outros
	<i>Necesidade de promover o galego na rede</i>	
	<i>Axentes que deberían promover o galego na rede</i>	Xunta Deputacións Concellos Universidades Colectivos alleos á Administración Persoas usuarias Ninguén Outros
Uso	<i>Cuantitativo</i>	Correo electrónico Mensaxaría instantánea Redes sociais Foros Xogos en liña Blogue persoal Wikis
	<i>Cualitativo</i>	Correo electrónico Mensaxaría instantánea Redes sociais Foros Xogos en liña Blogue persoal Wikis
	<i>Linguas</i>	
	<i>Normativas</i>	
	<i>Razóns para non empregar o galego</i>	
	<i>Impacto do uso do galego nas TIC na competencia lingüística</i>	Autoavaliación da competencia lingüística Melloraría a competencia lingüística en galego se o empregases máis na rede? Mellorou a competencia lingüística en galego ao empregárelo na rede? Experiencia persoal*
	Comentarios	

Tabela 50: Resumo do cuestionario

En resumo, quixemos elaborar un cuestionario que nos servise para obtermos datos sobre a percepción e o uso do galego nas TIC e, en concreto, en Internet, por parte da comunidade educativa. Para isto partimos da metodoloxía empregada por institucións coma o IGE ou o INE, adaptando algunhas das cuestións elaboradas por estas institucións nalgúns dos seus traballos e incorporando outras que se adaptasen aos nosos obxectivos.

4.2.3. Distribución do cuestionario

Nun principio consideramos distribuír o cuestionario desprazándonos fisicamente a uns determinados centros, seleccionados para obtermos unha mostra representativa que nos permitise comparacións entre variábeis coma os estratos de poboación dos concellos en que se sitúan os centros ou o tipo de centro (público ou privado). Trátase dunha tarefa complexa para ser realizada por unha soa persoa, pois implica chamar aos centros seleccionados para solicitar a súa colaboración e desprazarse a diferentes puntos de Galiza para realizar os cuestionarios naqueles centros que se amosasen favorábeis. Con todo, no momento en que distribuímos o cuestionario non dispoñiamos dos medios suficientes para realizarmos todos os desprazamentos que requiría esta distribución do cuestionario, que consideramos que sería a ideal para obtermos datos o máis sólidos posíbeis. Por esta razón decidimos publicar a enquisa na rede e distribuíla a todos os centros en que puidésemos atopar informantes pertencentes ao ámbito poboacional do noso interese. Así as cousas, empregamos os Buscador de centros da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para procurarmos todos os centros galegos en que se imparten ensinanzas de ESO e/ou Bacharelato. Localizamos, para o curso 2014/2014, un total de 496 centros en que se impartía algunha destas dúas ensinanzas. Cómpre sinalarmos que foi especialmente laborioso obtermos a listaxe dos enderezos de correo electrónico de todos estes centros pois, aínda que están publicadas na rede, atópanse en formato imaxe (seguramente para evitar o correo lixo ou *spam*), polo que as tivemos que transcribir manualmente. Para comprobarmos que non existisen erros nas nosas transcricións manuais, buscamos todos os enderezos na rede e, na maioría dos casos, atopámoslos en formato texto nas propias páxinas web dos centros, o que nos permitiu verificar se a nosa transcripción era a correcta e corrixir os posíbeis erros cometidos. Unha vez que tivemos a listaxe de centros co seu correspondente enderezo de correo electrónico, enviámoslles a seguinte mensaxe aos 496 centros (reproducimos no anexo (*vid.* Anexo II. Mensaxe de correo electrónico enviada aos centros) a mensaxe con todos os seus datos, incluídos os nomes e enderezos de correo electrónico dos centros a que se enviou):

Bo día,

Chámome Luz Varela Armas e son contratada predoutoral do Plan I2C da Xunta de Galicia na Universidade da Coruña, onde estou a realizar a miña tese de doutoramento, titulada *As TIC e a normalización lingüística na sociedade galega actual. Unha aproximación á súa realidade educativa*, baixo a dirección da profesora Goretti Sanmartín Rei e dentro do Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués.

A razón pola que me dirixo ao seu centro é que un dos obxectivos da miña tese é facer un achegamento á percepción e ao uso do galego en Internet por parte da comunidade educativa. Para isto elaborei unha breve enquisa, dirixida ao profesorado e ao alumnado de secundaria e bacharelato, que se pode realizar en liña no seguinte enderezo: <http://ir.gl/a3853> (o tempo estimado para a súa realización é de entre 5 e 10 minutos). Ficaría moi agradecida se distribuísen o enderezo da enquisa entre a comunidade educativa (nas aulas, reenviándolle esta mensaxe ao profesorado e ao alumnado de secundaria e/ou de bacharelato, nas redes sociais, nos blogues educativos do centro etc.), e se puxesen a miña petición en coñecemento do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro.

Como agradecemento pola súa participación, enviaráselle a todas as persoas que o solicitaren unha copia dos resultados da enquisa, unha vez remate o período de recolla de datos (para o que deberán introducir o seu enderezo de correo electrónico na parte final da enquisa). Do mesmo xeito, enviárolles a todos os centros participantes unha copia en formato electrónico da tese de doutoramento, unha vez sexa defendida.

Agradézolles de antemán a súa atención,

Luz Varela Armas

Contratada predoutoral do Plan I2C 2012 da Xunta de Galicia
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística
Facultade de Filoloxía
Universidade da Coruña

Como se pode observar, nesta mensaxe pídeselle colaboración aos centros para a realización da enquisa, sinalando o ámbito poboacional a que vai dirixida, e indícaselles o enderezo en que se localiza o cuestionario en liña, elabora empregando os Google Forms de Google Drive. Cómpre puntualizarmos que empregamos esta ferramenta porque nos permitía unha elaboración rápida do cuestionario, así coma un manexo doado dos datos obtidos. Non nos detivemos noutras opcións porque necesitarían

investirmos unha cantidade de tempo e esforzo adicional, mais cómpre termos en conta que as ferramentas de Google Drive son software privativo. Buscamos, e atopamos, software libre e/ou de código aberto coas mesmas prestacións, mais o seu uso requiría investir unha cantidade de tempo adicional (para nos familiarizarmos co software e instalalo nun servidor axeitado), así como de diñeiro (para mercar a hospedaxe web necesaria para instalalo). Foron as limitacións de tempo e de coñecementos as que fixeron que decidísemos empregar Google Forms, aínda sendo conscientes de que se trata de software privativo⁸⁴. De dispoñermos de máis tempo ou de axuda externa seguramente nos decantaríamos polo uso do software *LimeSurvey*, distribuído baixo unha licenza GNU General Public License e dispoñíbel tamén en galego.

O distribuirmos o cuestionario a través de Internet implica algunhas desvantaxes. Por exemplo, non podemos seleccionar previamente os centros para obtermos datos equilibrados e comparábeis en función de variábeis que poderíamos considerar de interese (por exemplo, como xa mencionamos, o estrato de poboación ou o tipo de centro). A pesar disto, se a cantidade de respostas que recibimos é alta, é tamén probábel que se corrixa en boa medida esta eiva. Por outra banda, aínda que o cuestionario só se publicitou a través da mensaxe anterior, é un cuestionario público, polo que se abre a posibilidade de que o respondan persoas que están fóra do ámbito poboacional que delimitamos (profesorado e estudantado da ESO e do Bacharelato). Con todo, as preguntas destinadas a establecermos o perfil xeral das persoas informantes permítenos desbotar aquelas respostas que fiquen fóra do ámbito poboacional. De feito, recibimos un total de 886 respostas, das que tivemos que desbotar 458 para a nosa análise, xa que só as 428 restantes eran respostas de persoas pertencentes ao ámbito poboacional obxecto da nosa análise. Isto débese a que, especialmente na primeira semana, o cuestionario foi compartido a través das redes sociais e foi realizado por moitas persoas que se situaban fóra dese ámbito poboacional. Non tivemos en conta as respostas en que se indicaba unha profesión ou dedicación allea ao ámbito educativo, ou

84 Atendendo ás condicións de servizo de Google, todo o software de Google é privativo a non ser que se indique explicitamente o contrario (“Google Terms of Service”). Os proxectos de Google en código aberto son limitados, e na listaxe achegada pola empresa (en que se atopa, por exemplo, o sistema operativo Android) non se inclúe Google Drive, a plataforma que integra Google Forms (“Open Source Projects Released By Google”).

aquelas en que se sinalaba a pertenza a centros que non imparten ensinanzas de ESO ou Bacharelato (por exemplo, centros universitarios). Cómpre indicarmos que só empregamos estes dous criterios para desbotarmos respostas, mais puidemos empregar tamén o nivel máximo de estudos acadado. Con todo, como veremos, unha boa parte das respostas a esta pregunta parecen indicar que non foi ben entendida (*vid.* §4.3.1.1), seguramente porque se puido expoñer dun xeito máis claro, polo que decidimos ter en conta só a profesión ou dedicación e o nome do centro de estudos para incluímos ou excluirmos as respostas dentro do noso ámbito poboacional. Aínda que reducimos a nosa análise ás 428 respostas que cumprían os criterios de delimitación do ámbito poboacional que indicamos, os datos das 886 respostas poden ser consultados e descargados por todas aquelas persoas que os queiran empregar para calquera outra finalidade⁸⁵ (*vid.* Anexo IV. Base de datos de blogs e base de datos de respostas á enquisa).

A pesar destas desvantaxes, o distribuirmos o cuestionario a través de Internet permítenos chegar á totalidade dos centros en que se atopan as persoas incluídas dentro do ámbito poboacional que delimitamos, isto é, potencialmente permítenos chegar a todo o ámbito poboacional. Para alén disto, tamén nos permite obter as respostas nun período de tempo moito menor, pois nun mesmo día podemos recibir respostas de centros moi afastados entre eles, algo imposible de termos que nos desprazar fisicamente a eses centros. Así as cousas, o feito de distribuirmos o cuestionario a través de Internet permítenos obter unha gran cantidade de respostas cun investimento de tempo e esforzos moi baixo e, aínda que ten algunhas desvantaxes, consideramos que o deseño do cuestionario permiten emendalas para obtermos unha mostra sólida e axustada ao ámbito poboacional obxectivo do noso estudo.

Antes de entrarmos na análise dos datos, cómpre advertirmos que cumprirá interpretalos con certa cautela, pois é moi probábel que reflectan un nesgo cara a unha maior percepción e uso do galego e mesmo cara a unhas actitudes máis positivas, pois non debemos esquecer que a resposta á enquisa era voluntaria, polo que é esperábel que fosen as persoas máis sensíbeis á situación do galego as que a contestasen e é probábel que a opinión das persoas menos sensíbeis con esta situación estea infrarrepresentada.

85 Nesta versión pública non se inclúen os enderezos de correo electrónico achegados polas persoas que desexan recibir os resultados do cuestionario para preservar a súa identidade e para evitar que se empreguen para enviar correo lixo.

4.2.4. Análise dos datos

Nas seguintes liñas analizaremos todos os datos obtidos a través do cuestionario que vimos de describir. Deterémonos na descrición do perfil das persoas informantes e dos centros en primeiro lugar, coa finalidade de coñecermos a composición da mostra canto ao sexo, o colectivo, a lingua inicial, a lingua habitual, a competencia lingüística, o nivel de persoa usuaria das TIC, a frecuencia de uso das TIC, o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro en que estudan ou traballan as persoas informantes e o tipo de centro (público ou privado). A seguir, analizaremos os tres grandes bloques incluídos no cuestionario en función das variábeis sociolóxicas detalladas na descrición da mostra: a percepción da presenza do galego na rede, a promoción do galego na rede e o uso do galego na rede. Dentro do primeiro bloque distinguiremos entre percepción cuantitativa e cualitativa. No segundo distinguimos tres subseccións: axentes que potencian o galego na rede, necesidade de potenciar o galego na rede e axentes que deberían potenciar o galego na rede. O terceiro é o máis complexo, pois nel analizaremos o grao de uso e a calidade do galego na rede, as linguas empregadas na rede, as razóns aducidas para non empregar o galego na rede, as normativas empregadas e o impacto do uso do galego na rede na competencia lingüística. En todos estes casos empregaremos diferentes probas estatísticas para sabermos se as variábeis sociolóxicas afectan ou non de xeito significativo ás opcións de resposta. Dependendo da formulación da pregunta ou das presentación que fagamos dos datos poderemos empregar a proba χ^2 de Pearson para sabermos se a diferenza entre as frecuencias observadas e as esperadas son significativas, a proba t de Student para avaliarmos se a diferenza entre as medias de dous grupos son significativas, a proba anova unifactorial para sabermos se as diferenzas entre máis de dous grupos son ou non significativas (acompañada da proba HSD de Tukey para coñecermos entre que grupos son significativas as diferenzas) ou o coeficiente de correlación de Pearson (Hernández, 2005).

4.3. Descrición da mostra

4.3.1. Perfil das persoas informantes

Como xa indicamos, incluimos no cuestionario preguntas sobre o perfil xeral das persoas informantes (idade, sexo, colectivo -estudiantado ou profesorado-, nivel máximo de estudos e lugar de orixe e de residencia), preguntas destinadas a avaliarmos o seu perfil como persoa usuaria das TIC e preguntas sobre o seu perfil lingüístico (lingua inicial, lingua habitual e competencia lingüística). Imos analizar todos estes datos, que despois cruzaremos coas respostas que estas persoas achegaron ás cuestións sobre a percepción da presenza na rede, a súa promoción e o seu uso.

4.3.1.1. Perfil xeral da persoa informante

Para analizarmos o perfil xeral das persoas informantes imos modificar lixeiramente a orde establecida nas preguntas do cuestionario. Comezaremos polo sexo, un dos datos máis doados de analizar, e continuaremos pola idade, mais a seguir analizaremos o colectivo (estudiantado ou profesorado) e o nivel de estudos, pois son tres características relacionadas entre elas. Finalmente analizaremos os datos referidos aos lugares de orixe e residencia.

Canto ao sexo, como podemos observar no gráfico 169, a porcentaxe de mulleres é lixeiramente superior á de homes, mais o peso dos dous grupos non é excesivamente diferente, o que nos permitirá realizar comparacións entre as respostas dun e doutro grupo dun xeito sólido.




Gráfico 179: Distribución da mostra segundo o sexo

Canto á idade, a pregunta do cuestionario destinada a coñecermos este dato permitía que se incluíse na resposta calquera valor numérico. Nas 428 respostas que estamos analizando obtivemos até 43 valores diferentes, polo que para termos unha visión máis clara dos datos decidimos distribuír estes valores en diferentes franxas de idade: até 16 anos, de 16 a 18 anos, de 19 a 30 anos, de 31 a 40 anos, de 41 a 50 anos e de 51 a 64 anos:




Gráfico 180: Distribución da mostra segundo a idade

As razóns por que fixemos estas distribucións son as seguintes: até os 16 anos inclúense todas as persoas que deben estar escolarizadas obrigatoriamente (ESO); dos 16 aos 18 anos aqueles que están a realizar os Bacharelato (sempre que non repetiran ningún curso); de 19 a 30 anos é a franxa de idade máis complexa, pois nela podemos atopar persoas que están a realizar o bacharelato, mais tamén profesorado. Neste grupo só rexistramos catro respostas, tres de estudantes e unha dun/unha docente. A partir dos 30 anos establecemos grupos de dez anos, en que xa só atopamos profesorado. No último grupo o límite de 62 representa a idade máxima rexistrada nas persoas informantes. Tendo en conta a distribución por franxas de idade que observamos no gráfico anterior, entre o 40 e o 41% das persoas informantes deberían pertencer ao colectivo do estudiantado, mentres que arredor do 59% deberían ser informantes procedentes do profesorado. O feito de incluírmos estas dúas cuestións na enquisa (idade e profesión ou dedicación), entre as que existe unha relación, permitíranos analizar tamén a posibilidade de respostas información falsa (por exemplo, se unha persoa afirma ter 16 anos e pertencer ao profesorado). Velaquí a distribución das persoas informantes segundo o colectivo a que pertencen:




Gráfico 181: Distribución da mostra segundo o colectivo (estudantado ou profesorado)

Como podemos observar, as porcentaxes de persoas pertencentes ao estudantado e ao profesorado correspóndense coas que indicaban os grupos de idade. Cómpre indicar que ningunha persoa menor de 18 anos afirmou pertencer ao profesorado, ao tempo que ningunha persoa de máis de 30 anos afirmou pertencer ao estudantado. Como xa comentamos, na franxa de idade de 19 a 30 inclúese unha persoa pertencente ao profesorado, que indicou que a súa idade é de 26 anos. Así as cousas, a ampla coherencia entre a idade indicada e o colectivo a que din pertencer as persoas informantes parece indicar que se un deses datos é real, o outro tamén o é.

Outra das variábeis polas que se preguntaba para establecer o perfil xeral das persoas informantes era o nivel máximo de estudos rematado. Neste caso tamén podemos establecer unha relación entre a idade e o colectivo. Así, ningunha persoa de menos de 15 anos (agás casos moi excepcionais) debería posuír o título da ESO, do mesmo xeito que ningunha persoa de menos de 17 anos debería estar en posesión do título de bacharelato. Para alén disto, todas as persoas que indicaron pertencer ao colectivo do profesorado deberían ter rematados estudos universitarios. Amosamos no seguinte gráfico a distribución da mostra segundo o nivel máximo de estudos rematado declarado polas persoas informantes:




Gráfico 182: Distribución da mostra segundo o nivel de estudos

Podemos observar un alto grao de correspondencia entre o número de persoas que teñen estudos universitarios (250) e as que declaran pertencer ao profesorado (253). Das 250 persoas que declaran posuír estudos universitarios, 249 din pertencer ao colectivo do profesorado, mentres que unha di pertencer ao do estudantado. Así as cousas, ficarían 4 persoas que din pertencer ao profesorado mais que non afirman estaren en posesión dun título universitario. Dentro deste grupo, tres indican que o seu nivel máximo de estudos son estudos de ensino secundario, mentres que a restante indica que son estudos de bacharelato. Tendo en conta as idades destas catro persoas (37, 43 e 45 anos, no primeiro caso, e 57 no segundo) é probábel que achegasen esta información falsa de xeito accidental, quizais, por non leren con detemento a pregunta, indicaron, por exemplo, o nivel de estudos en que imparten aulas, non o seu máximo nivel de estudos acadado. En calquera caso, trátase dun desaxuste pouco significativo. Canto á persoa que afirma ter estudos universitarios mais pertencer ao estudantado, trátase dunha persoa que afirma ter tamén 15, e parece improbable que estea en posesión dun título universitario, polo que parece que a información sobre o nivel de estudos non é verídica. O segundo grupo máis numeroso é o das persoas que afirman que o seu nivel máximo de estudos rematado é o ensino secundario. Con todo, se revisamos a idade destas persoas rexistramos até 22 casos de informantes con idades inferiores aos 15 anos, que de xeito xeral é a idade mínima para obter o título da ESO, que declaran que o seu nivel máximo de estudos rematado é o ensino secundario. Podería ser que estas persoas de entre 11 e 14 anos achegasen información falsa de xeito deliberado, mais tamén é probábel que interpretasen mal a pregunta e cresen que se lles preguntaba polos estudos

que estaban a cursar no momento de realizaren a enquisa. Para alén disto, rexistramos neste grupo tres persoas que indican pertencer ao colectivo do profesorado, como xa comentamos ao analizarmos o grupo de persoas con estudos universitarios.

En terceiro lugar rexistramos un 15% de persoas que afirman que o seu nivel máximo de estudos son estudos de bacharelato. A idade mínima para ter rematados os estudos de bacharelato son, por norma xeral, os 17 anos. Con todo, 37 das 66 persoas deste grupo (56%) declara ter menos de 17 anos, polo que parece moi improbábel que o seu nivel máximo de estudos rematado sexa o bacharelato. Pode que estas persoas achegasen información falsa de xeito deliberado, mais coma no caso anterior consideramos que é probábel que interpretasen mal a pregunta e indicasen o nivel de estudos que estaban a cursar no momento de realizaren a enquisa.

Baixo a etiqueta *outros* agrupamos as persoas que indicaron que o seu nivel máximo de estudos son estudos primarios (13) e dúas persoas que indicaron que o seu nivel máximo de estudos é de formación profesional. No primeiro caso as 13 persoas indican pertencer ao colectivo do estudantado e teren idades inferiores aos 18 anos, mentres que no segundo caso as dúas persoas indican que teñen 17 anos e que son estudantes. É probábel que estas dúas persoas sexan estudantes de formación profesional, mais como indicamos anteriormente só tivemos en conta a profesión ou dedicación e o centro para incluírmos as respostas dentro ou fóra do noso ámbito poboacional dado que, como vimos de observar, parece que a pregunta referida ao nivel de estudos non foi ben interpretada por unha importante porcentaxe de persoas informantes. Así as cousas, aínda que é probábel que estas dúas persoas fiquen fóra do noso ámbito poboacional, non eliminamos as respostas por coherencia cos criterios establecidos.

En resumo, parece existir unha importante coherencia entre a idade indicada e a pertenza ao colectivo do estudantado ou do profesorado. Con todo, no caso do nivel máximo de estudos parece que as respostas non son tan coherentes coas dúas variábeis anteriores, mais consideramos que, dado o importante número de respostas en que algunha das respostas sería falsa ao contrastarmos os datos de idade e colectivo, por unha banda, e nivel máximo de estudos, por outra, é probábel que esta pregunta non fose o suficientemente clara e fose mal interpretada, de xeito que unha parte importante das persoas informantes indicasen o nivel de estudos que estaban a cursar e, en menor medida, en que estaban a dar aulas no momento de realizaren o cuestionario.

Para rematar a análise dos datos referidos ao perfil xeral das persoas informantes, amosamos a continuación os datos do lugar de orixe e do lugar de residencia. Se lembramos, seguindo a metodoloxía do IGE (2011), establecemos unha clasificación dos concellos de Galiza en seis estratos diferentes. Velaquí os datos dos concellos de orixe e residencia das persoas informantes atendendo a esta clasificación:




Gráfico 183: Distribución das mostra segundo o estrato de poboación dos concellos de orixe e de residencia das persoas informante

Lembremos que distinguimos entre os concellos autorrepresentados, isto é, as sete grandes cidades, que compoñen o estrato 0; o estrato 1 corresponde aos concellos de máis de 20 000 habitantes; o estrato 2 aos concellos de entre 15 000 e 20 000 habitantes; o estrato 3 aos concellos de entre 10 000 e 15 000 habitantes; o estrato 4 aos concellos de entre 5000 e 10 000 habitantes; e, finalmente, o estrato 5 aos concellos de menos de 5000 habitantes. Amosamos no seguinte gráfico a distribución da nosa mostra segundo o estrato a que pertenza o concello de orixe e o concello de residencia das persoas informantes:

No gráfico anterior podemos observar que o concello de orixe da maioría das persoas informantes é unha das sete grandes cidades (39%), mentres que en segundo lugar atopamos as persoas que proceden de concellos do estrato 4 (15%), en terceiro lugar as persoas procedentes de concellos do estrato 2 (11%) e en cuarto lugar as procedentes do estrato 3 (10%), seguidas moi de preto das procedentes dos estratos 1 e 5 (10% nos dous casos). Só 19 persoas (4%) son orixinarias de fóra de Galiza, mentres que tres persoas non achegaron información suficiente para sabermos o seu lugar de procedencia. Canto aos lugares de residencia, os datos son moi semellantes: a maioría das persoas informantes residen nalgunha das sete grandes cidades (44%), mentres que nun afastado segundo lugar sitúanse as persoas que residen en concellos do estrato 4 (14%), seguidas

de preto das que residen en concellos do estrato 2 (14%), en concellos do estrato 1 (12%), en concellos do estrato 3 (11%) e en concellos do estrato 5 (4%). Unha das persoas informantes indicou residir habitualmente en dous concellos, un do estrato 0 e outro do estrato 3, mentres que outra non achegou datos suficientes para sabermos con seguridade o seu lugar de residencia. Neste caso non rexistramos ningunha persoa que indicase residir fóra de Galiza, algo esperábel se temos en conta que só seleccionamos as respostas de persoas que indicasen pertencer ao estudiantado ou ao profesorado dos centros de ensino secundario galegos (dentro das 886 respostas totais si hai persoas que indicaron residir fóra de Galiza).

Para alén de comentarmos por separado os datos dos lugares de orixe e residencia das persoas informantes, cómpre analizarmos tamén a relación entre estas dúas variábeis: podemos observar claramente como no caso dos estratos de maior poboación (0, 1, 2 e 3) a porcentaxe de persoas que indica ser orixinaria deles é lixeiramente inferior á que indica residir neles; mentres que nos estratos de menor poboación (4 e 5) a porcentaxe de persoas que indica ser orixinaria deles é lixeiramente superior á porcentaxe de persoas que indica residir neles. No seguinte gráfico podemos observar a relación entre o número de habitantes do concello de orixe e os do concello de residencia:




Gráfico 184: Relación entre o número de habitantes do concello de orixe e do concello de residencia

Podemos observar un gráfico de dispersión en que se representa, en verde, a liña de regresión, que indica unha correlación positiva entre o número de habitantes dos concellos de orixe das persoas informantes e o dos concellos de residencia⁸⁶. Podemos

⁸⁶ O número de habitantes dos concellos corresponde ao 1 de xaneiro de 2014 segundo os datos publicados polo IGE (IGE, 2013).

observar tamén nas marxes diagramas de caixa que representan a distribución do número de habitantes do concello de residencia (eixo vertical) e de orixe (eixo horizontal). Se calculamos o coeficiente de correlación de Pearson obtermos que é de 0,5445737, polo que se trata dunha correlación positiva bastante alta, algo que nos confirma un valor $p < 2,2e-16$. Con todo, a media de habitantes dos concellos de orixe é de 73 870 (media acurtada ao 95% de 73 873,41) e a dos concellos de residencia de 80 530 (80 533,71 acurtada), isto é, as persoas informantes da nosa mostra residen en concellos con máis habitantes que os seus concellos de orixe. Aínda que as diferenzas non son moi amplas, consideramos que estes datos son coherentes coa tendencia xeral, en que a perda de habitantes é maior nos concellos de menos habitantes que nos de maior poboación (IGE, 2016).

4.3.1.2. Perfil lingüístico

4.3.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual




Gráfico 185: Distribución da mostra segundo a lingua inicial e a lingua habitual declarada polas persoas informantes

Como indicamos ao describirmos o cuestionario (*vid.* §4.2.2), preguntámoslles ás persoas informantes pola súa lingua inicial e pola súa lingua habitual. Achegámoslles as opcións de “só galego”, “máis galego que castelán”, “máis castelán que galego” e “só castelán”, para alén dunha opción aberta en que as persoas informantes podían describir todas aquelas situacións que ficasen fóra das catro anteriores. Como podemos observar no gráfico anterior, o español ten unha presenza maioritaria como lingua inicial, pois é a lingua inicial única ou maioritaria do 65% das persoas informantes, mentres que o

galego é a lingua inicial única ou maioritaria de só o 34% das persoas informantes. Un 2% de persoas describen outras situacións, que detallamos na seguinte tabela:

Lingua(s)	Número de persoas	% de persoas
Galego e castelán	3	0,70%
Francés e castelán	2	0,47%
Castelán, portugués, galego	1	0,23%
Francés e neerlandés	1	0,23%
Portugués	1	0,23%

Tabela 51: Lingua inicial: opcións cun peso inferior ao 5%

Porén, nos datos referidos á lingua habitual a tendencia muda, e o galego é a lingua habitual única ou maioritaria do 52% das persoas informantes, mentres que o español só do 47%. Un 1% de persoas informantes describen situacións diferentes que detallamos na seguinte tabela:

Lingua(s)	Número de persoas	% de persoas
Galego e castelán	3	0,70%
Castelán e alemán	1	0,23%

Tabela 52: Lingua habitual: opcións cun peso inferior ao 5%

Así as cousas, os datos que vimos de describir indican que o uso do galego aumenta como lingua habitual con respecto á lingua inicial ou, o que é o mesmo, existe unha porcentaxe significativa de persoas que teñen o español como lingua inicial única ou maioritaria que pasan a empregar o galego como lingua habitual única ou maioritaria. Para confirmamos esta percepción, imos analizar os datos desde outra perspectiva: imos converter as respostas en valores numéricos para avaliarmos o grao de importancia do galego como lingua inicial e como lingua habitual nas persoas informantes. Así, á opción de resposta “só castelán” atribuírémoslle un 0, á opción “máis castelán ca galego” atribuírémoslle un 1 (incluímos aquí as persoas que indican a opción de resposta “galego e castelán” e as que indican o galego xunto con outra lingua diferente do español); a opción “máis galego ca castelán” asignarémoslle un 2 e á opción “só galego” un 3, mentres que non teremos en conta as opcións restantes. Deste xeito, temos elaborada unha escala de 0 a 3 do grao de importancia do galego como lingua inicial e como lingua habitual. Pois ben, despois de facermos isto, se calculamos o valor medio de todas as persoas informantes para as dúas variábeis obtemos que a puntuación media de presenza do galego como lingua inicial é de 1,307, mentres que no caso da lingua

habitual é de 1,705 polo que, efectivamente, a presenza do galego é maior como lingua habitual que como lingua inicial nas persoas informantes da nosa mostra.

Dado que estes datos parece, a priori, contraditorios co esperábel, ímolos comparar con outras fontes. Empregaremos para isto os datos achegados polo *Mapa sociolingüístico de Galicia* para o ano 2004 e, para contarmos con datos máis recentes, os datos achegados polo IGE para o ano 2013.




Gráfico 186: Lingua inicial e lingua habitual: comparación cos datos do MSG (2004) e do IGE (2013)

Reflectimos a comparación no gráfico anterior, mais cómpre advertirmos que os nosos datos son comparábeis cos do *Mapa sociolingüístico de Galicia*, mais a comparación presenta máis dificultades no caso dos datos achegados polo IGE, pois as preguntas realizadas e as opcións de resposta son lixeiramente diferentes.

Nas catro barras inferiores podemos observar os datos referidos á lingua inicial: a primeira barra (empezando por abaixo) reflicte os datos obtidos co noso cuestionario, a segunda os achegados polo *Mapa sociolingüístico de Galicia* (MSG) e a terceira e a cuarta diferentes datos achegados polo IGE. Incluímos, neste último caso, os datos sobre a lingua en que se aprendeu a falar e os datos sobre a lingua en que lles falaban os seus pais ás persoas informantes, mais en ningún destes dous casos as opcións de

resposta son as mesmas que as do MSG e que as do noso cuestionario. No caso da lingua en que se aprendeu a falar as opcións son: galego, castelán, as dúas e outras situacións. Incluímos no gráfico en cor amarela esta terceira opción, que supón 25%, unha cor que non corresponde con ningunha das opcións da lenda, pois non é un dato comparábel cos nosos datos, en que distinguimos entre máis castelán ca galego e máis galego ca castelán, igual ca no MSG. Canto á cuarta barra, inclúe os datos achegados polo IGE para o ano 2013 sobre a lingua en que lles falaban seus pais ás persoas informantes cando eran nenos/as. Neste caso as opcións de resposta son: en galego sempre, máis galego ca castelán, máis castelán ca galego, en castelán sempre, tanto castelán como galego e outras situacións. No gráfico anterior xuntamos no grupo *outras* a porcentaxe de persoas que afirman que seus pais lles falaban tanto castelán como galego (3,75%) e as que indican outras situacións (2,90%), coa finalidade de facilitarmos a comparación.

Tendo en conta todo o que vimos de explicar, imos intentar realizar unha análise comparativa dos nosos datos cos destas dúas fontes. Se comezamos pola lingua inicial, podemos observar que as porcentaxes de persoas que teñen o galego como lingua inicial única ou maioritaria son moi semellantes nos nosos datos e nos do MSG (18 e 21% e 16 e 15%), mentres que as persoas que declaran situacións diferentes das propostas supoñen nos dous casos o 2%. Con todo, rexistramos diferenzas no caso das persoas que declaran ter o español como lingua inicial única ou maioritaria, aínda que a porcentaxe total destes dous grupos é semellante nos dous casos (65% nos nosos datos e 62% nos datos do MSG). Así as cousas, nos datos que recollemos a porcentaxe de persoas que indica ter o español como lingua inicial única é un 15% menor que nos datos do MSG, mentres que a porcentaxe de persoas que declaran ter o español como lingua inicial maioritaria, mais con presenza do galego, é un 18% maior.

A comparación dos nosos datos cos achegados polo IGE é, como xa indicamos, un pouco máis complexa. Se analizamos os datos da lingua en que aprenderon a falar as persoas informantes, podemos observar que un 31% de persoas afirman que aprenderon a falar só en castelán, unha porcentaxe que non se afasta moito da achegada polo MSG (36%) e que é 10 puntos maior que a rexistrada nos nosos datos. Por outra banda, un 41% de persoas afirman que aprenderon a falar só en galego, unha porcentaxe moi superior á achegada polo MSG e á rexistrada nos datos obtidos no noso traballo. Con

todo, cómpre termos en conta que, como indicamos, esta pregunta non ten as mesmas opcións de resposta, polo que podería ser que as persoas que potencialmente poderían elixir a opción “máis galego ca castelán” escollesen neste caso “só galego”. Cómpre indicarmos tamén que fica un 25% de persoas que afirman que aprenderon a falar en galego e castelán, mais non sabemos que lingua estivo máis presente das dúas. Dadas as dificultades para compararmos os nosos datos cos que vimos de comentar, decidimos ter en conta outra das preguntas feitas polo IGE, a lingua en que lles falaban os pais ás persoas informantes de nenos/os, en que as opcións de resposta son máis parecidas ás do noso cuestionario (aínda que non idénticas, como indicamos). Podemos observar que a porcentaxe de só galego supón case a metade da mostra (48%), o valor máis alto de todos os que estamos comparando para esta opción, mentres que un 9% indican que seus pais lles falaban máis galego ca español. No caso do español, un 24% sinalan que seus pais lles falaban só nesta lingua, unha porcentaxe moi próxima á dos datos do noso traballo, mentres que só un 12% (fronte ao 44% dos nosos datos) indican que seus pais lles falaban máis en castelán ca en galego. En resumo, os datos que recolleamos para o noso traballo son moi semellantes aos achegados polo MSG para 2004, aínda que a porcentaxe de persoas que afirma que a súa lingua inicial é só o español é bastante máis baixa nos nosos datos. Por outra banda, ao intentarmos comparar os nosos datos cos achegados polo IGE para o mesmo ano en que se distribuíu a nosa enquisa atopamos diferenzas máis pronunciadas. Con todo, cómpre termos en conta a dificultade de comparación cos datos do IGE, tanto por non formularen exactamente a mesma pregunta como por teren opcións de resposta diferentes.

Canto á lingua habitual, podemos observar que nos datos do MSG a porcentaxe de persoas que declaran empregar habitualmente só o galego é moito menor que nos nosos datos (16% fronte a 29%), mentres que a porcentaxe de persoas que indica empregar máis galego ca castelán é a mesma (23%). Cando ao español, a porcentaxe de persoas que din empregar máis español ca galego é semellante nos datos recollidos empregando o noso cuestionario (37%) e nos do MSG (35%), mais as persoas que din empregar só o español teñen unha incidencia menor na nosa mostra (10%) ca no MSG (26%). Canto aos datos achegados polo IGE, referidos tamén ao mesmo ano en que recolleamos os datos do noso traballo, neste caso as opcións de resposta son practicamente idénticas ás do MSG e ás do noso cuestionario: en galego sempre (só galego), máis galego ca

castelán, máis castelán ca galego, en castelán sempre (só castelán) e outras situacións. Neste caso rexistramos datos moi semellantes para o mesmo momento: na nosa mostra o 29% das persoas din empregar só o galego como lingua habitual, mentres que nos datos obtidos polo IGE este grupo supón o 31%. Do mesmo xeito, as porcentaxes de persoas que din empregar máis galego ca castelán de xeito habitual tamén son semellantes: 23% na nosa mostra e 20% segundo o IGE. A diferenza máis importante atopámola nos grupos de persoas que din empregar habitualmente só ou maioritariamente o español. Aínda que estes dous grupos teñen pesos semellantes no seu conxunto na nosa mostra (47%) e nos datos achegados polo IGE (48%), no noso caso só o 10% das persoas din empregar exclusivamente o español, mentres que nos datos achegados polo IGE esta porcentaxe ascende ao 26%. Por outra banda, as persoas que afirman empregar máis español ca galego teñen máis incidencia na nosa mostra (37%) que nos datos o IGE (22%).

Se temos en conta só os datos doutras fontes cos que podemos realizar unha comparación sólida (MSG no caso da lingua inicial e MSG e IGE no da lingua habitual) a diferenza que máis chama a nosa atención é que a porcentaxe de persoas que din ter só o español como lingua inicial ou como lingua habitual é inferior na nosa mostra con respecto ás outras fontes empregadas. No caso da lingua inicial, a menor incidencia de persoas que indican ter o español como lingua inicial única repercute nunha maior incidencia de persoas que indican ter español e galego como linguas iniciais, mais cun maior peso do español. No caso da lingua habitual acontece algo semellante se comparamos os nosos datos cos do IGE, mais se os comparamos cos do MSG a principal diferenza fica nunha menor incidencia de persoas co español como lingua inicial única e nunha incidencia 13 puntos maior de persoas que teñen o galego como lingua inicial única. En resumo, ao compararmos os datos da lingua inicial e da lingua habitual na nosa mostra con outras fontes observamos que nos nosos datos hai unha menor incidencia do español como lingua única ou unha maior incidencia do galego como lingua única. Estas diferenzas pódese deber a diversos factores, mais consideramos que non debemos esquecer que a realización do cuestionario con que obtivemos os nosos datos foi voluntaria, polo que é probábel, dada a temática da enquisa, que a realizasen en maior medida as persoas interesadas e preocupadas pola situación do galego, o que podería estar detrás do feito de que rexistremos datos

máis favorábeis para o galego e/ou máis desfavorábeis para o español que noutros estudos máis amplos.

Para afondarmos un pouco máis nestes datos imos detallar a lingua inicial e a lingua habitual segundo o sexo, o colectivo a que pertencen as persoas informantes (estudiantado ou profesorado)⁸⁷ e o estrato de orixe e de residencia. Velaquí os datos da lingua inicial e da lingua habitual detallados por sexos:




Gráfico 187: Lingua inicial e lingua habitual segundo o sexo

Nas dúas columnas inferiores represéntanse os datos da lingua inicial (LI) segundo o sexo, mentres que nas dúas superiores están representados os datos da lingua habitual (LH). No caso da lingua inicial podemos observar que tanto a incidencia de só español como de máis español ca galego ten máis peso nas mulleres que nos homes. No caso do galego, a suma de só galego e máis galego ca español ten unha incidencia superior nos homes ca nas mulleres (38% fronte a 29%), mais podemos observar que a porcentaxe de só galego é superior nas mulleres (20% fronte ao 15% dos homes). Así as cousas, os homes teñen o galego como lingua inicial en maior medida que as mulleres. Se aplicamos a mesma escala que elaboramos anteriormente para avaliarmos a importancia do galego como lingua inicial e habitual, en que establecemos un mínimo de 0 (só castelán) e un máximo de 3 (só galego) podemos observar isto mesmo, xa que a media no grupo dos homes é de 1,36, mentres que no das mulleres é de 1,26. Con todo, se aplicamos unha proba t de Student para avaliarmos se esta diferenza entre medias é significativa, obtemos un valor p de 0,3369, isto é, a probabilidade de que esta

87 Ao analizarmos esta variábel realizaremos tamén comentarios en referencia á idade. Non detallaremos aquí a lingua inicial e habitual segundo os grupos de idade porque son datos redundantes, pois os dous colectivos son tamén dous grupos de idade diferenciados.

diferenza se deba ao azar é moi alta, superior ao límite de significatividade que establecemos neste traballo (0,05)⁸⁸. A pesar de a diferenza non ser significativa, cómpre indicar que a tendencia detectada é coherente cos datos achegados polo MSG para 2004: o 37,8% dos homes tiñan o galego como lingua inicial única (21%) ou maioritaria (16,8), mentres que nas mulleres a cifra descende lixeiramente ao 36,6% (20,2% como lingua única e 13,4% como lingua maioritaria). No caso do español o 60,2% dos homes tiñano como lingua inicial única (26,3%) ou maioritaria (33,9%), mentres que nas mulleres a porcentaxe ascende lixeiramente até 64,1% (38,7% como lingua única e 25,4% como lingua maioritaria). Neste traballo xa se indicaba que, a pesar de seren diferenzas pouco significativas, os datos suxerían “que o proceso de substitución lingüística presenta unha maior vitalidade entre as mulleres ca entre os varóns” (González *et al*, 2007: 57), unha tendencia que parecen confirmar os datos da nosa mostra. Se consultamos os datos do IGE para 2013 que comentamos anteriormente detallados por sexos observamos tamén a mesma tendencia: tanto nos datos referidos á lingua en que aprenderon a falar as persoas informantes, coma nos referidos á lingua en que lles falaban seus pais as diferenzas son moi pequenas entre homes e mulleres, mais presenta a mesma tendencia ca nos datos do MSG e nos da nosa mostra (IGE, 2004-2014).

No caso da lingua habitual apreciamos con máis claridade esta tendencia: a incidencia de só español e máis español ca galego é menor en homes ca en mulleres, ao tempo que a incidencia de só galego e máis galego ca español é maior en homes ca en mulleres. Igual que no caso anterior, se analizamos os datos convertidos a cuantitativos obtemos que nesa escala de 0 a 3 a media de importancia do galego como lingua habitual nos homes é de 1,83, mentres que nas mulleres é de 1,60. Neste caso, ao realizarmos a proba

88 Poderíamos non converter os datos a cuantitativos e aplicar unha proba χ^2 de Pearson, para analizarmos se as diferenzas entre as frecuencias observadas e as esperadas nos dous grupos nas diferentes opcións de resposta son significativas. Con todo, neste caso a variábel lingüística é ordinal ou cuasicuantitativa, isto é, hai unha certa orde nas opcións de resposta que vai desde a nula presenza do galego (só castelán) até a presenza máxima (só galego). A proba χ^2 de Pearson é exemplificada nalgúns manuais con análises deste tipo (Hernández & Almeida, 2005: 234), mais dado que non ten en conta a orde das respostas, consideramos que é máis atinado converter a variábel ordinal en puramente cuantitativa para podérmola analizar máis facilmente calculando a diferenza entre as medias dos dous grupos coa proba t de Student (para o que empregamos en R a función `t.test`), pois ao traballarmos con datos numéricos xa podemos ter en conta a orde.

t de Student obtemos un valor p de 0,01894 que nos indica que a probabilidade de que esa diferenza se deba ao azar é moi baixa ou, o que é o mesmo, os homes empregan máis o galego como lingua habitual que as mulleres e, neste caso, trátase dunha diferenza significativa. Máis unha vez, estes datos reflicten a mesma tendencia que os do MSG para 2004 e que os que achega o IGE para 2013. Son datos que, como se indica na análise do MSG, parecen concordar co *modelo sociolingüístico de xénero* que implica non só a preferencia das mulleres polas formas estándar, senón tamén unha maior incidencia no cambio a favor da variedade de prestixio en situacións de contacto de linguas (González *et al.*, 2008: 77; Suárez, 2010).

Amosamos a no seguinte gráfico os datos de lingua inicial e lingua habitual declarada segundo o colectivo a que pertencen as persoas informantes (estudantado ou profesorado). Como no caso anterior, as barras inferiores do gráfico reflicten os datos referidos á lingua inicial (LI), mentres que as superiores os referidos á lingua habitual (LH). Como podemos observar, o galego está presente como lingua inicial en maior media no estudantado ca no profesorado, aínda que a diferenza non é moi acusada. Si é máis avultada a diferenza entre a opción só galego, con máis peso no profesorado que no estudantado (21% fronte a 13%) e a opción máis galego, máis importante no estudantado que no profesorado (23% fronte a 10%). Canto ao español, a suma das opcións só español e máis español ca galego dan como resultado porcentaxes moi semellantes nos dous grupos: 62% no estudantado e 67% no profesorado. Con todo, rexistramos diferenzas importantes dentro de cada opción específica: a opción só español ten un peso de 20 puntos máis no profesorado que no estudantado, mentres que a opción máis español ca galego ten unha incidencia de 15 puntos máis no estudantado.




Gráfico 188: Lingua inicial e lingua habitual segundo o colectivo (estudantado ou profesorado)

Se analizamos os datos convertidos a cuantitativos, obtermos que nesa escala de 0 a 3 a importancia media do galego como lingua inicial no estudantado é de 1,41, mentres que no profesorado é de 1,24. Con todo, non se trata dunha diferenza significativa, pois ao realizarmos a proba *t* de Student obtermos un valor *p* de 0,06674.

No referente á lingua habitual, podemos observar diferenzas importantes con respecto á lingua inicial. Comezando polo estudantado, rexistramos un aumento da opción só galego con respecto á lingua inicial, ao tempo que diminúe a opción máis galego que español. Con todo, se sumamos as cifras destes dous grupos observamos unha pequena redución do galego como lingua habitual con respecto á lingua inicial (33% fronte a 36%). No caso do español acontece algo semellante: a opción só español aumenta 13 puntos porcentuais con respecto á lingua inicial (7 puntos máis que o aumento da opción só galego); mentres que a opción máis español que galego descende 10 puntos con respecto á lingua inicial. Así as cousas, parece que no estudantado se produce unha polarización na lingua habitual con respecto á lingua inicial, pois aumentan as opcións de lingua habitual única e diminúe a porcentaxe de persoas que afirma empregar habitualmente español e galego (con máis peso dunha ou doutra). Para alén disto, o galego perde presenza na lingua habitual como respecto á lingua inicial, como xa indicamos. A situación é moi diferente no caso do profesorado, pois a lingua habitual sofre un cambio drástico con respecto á lingua inicial: o 64% do profesorado emprega habitualmente o galego, de xeito único ou de xeito maioritario, mentres que só o 35% empregan habitualmente o español e, dentro deste grupo, só o 2% afirman empregar esta lingua de xeito exclusivo. Ao analizarmos estes datos convertidos a cuantitativos podemos observar que nunha escala de 0 a 3 a importancia media do galego como lingua habitual no estudantado é de 1,30, mentres que no profesorado é de 1,98. Neste caso a proba *t* de Student revélanos que esta diferenza é significativa ($p = 1,289e-12$).

Como indicamos anteriormente, as persoas con máis idade son as pertencentes ao profesorado, mentres que as máis novas son as pertencentes ao estudantado. Isto fai que os datos que vimos que analizar sexan contraditorios cos achegados tanto polo MSG como polo IGE para a lingua inicial e a idade, pois estas dúas fontes apuntan que nas franxas de menos idade a incidencia do galego como lingua inicial é inferior que nas franxas de máis idade, ao contrario do que acontece na nosa mostra (González *et al.*, 2007: 53; IGE, 2004-2014). Con todo, cómpre termos en conta unha variábel máis: o

profesorado conta con estudos universitarios. Se revisamos os datos achegados polo MSG para 2004 e os achegados polo IGE para 2013 comprobamos que existe unha clara correlación entre maior nivel de estudos e menor incidencia do galego como lingua inicial e viceversa (González *et al.*, 2007: 50; IGE, 2004-2014). Así as cousas, unha primeira lectura dos datos da nosa mostra podería inducir a interpretar erroneamente que se está a recuperar a presenza do galego como lingua inicial, pois o colectivo de persoas máis novas (estudiantado) presenta unha incidencia lixeiramente superior do galego como lingua inicial que o colectivo de persoas de máis idade (profesorado). Con todo, parece que estes datos se explican mellor se atendemos á variábel do nivel de estudos.

Canto á lingua habitual, tanto os datos do MSG referidos a 2004 coma os datos do IGE referidos a 2013 reflicten claramente unha correlación entre menor idade e menor incidencia do galego e viceversa. Con todo, no grupo do profesorado, o de máis idade, rexistramos unha incidencia do español moito máis baixa ca nas dúas fontes mencionadas, o tempo que a incidencia do galego é moito máis alta (González *et al.*, 2008: 67; IGE, 2004-2014). Así as cousas, aínda que a tendencia coincide, a avultada incidencia do galego con respecto a estas dúas fontes, así como o feito de que estas persoas teñan o español como lingua inicial maioritaria, parecen indicar que é a súa actividade profesional a que favorece un maior uso desta lingua, un uso moito máis importante que no xeral da poboación nas franxas de idade deste colectivo (IGE, 2004-2014) ou na poboación co mesmo nivel de estudos (González *et al.*, 2008: 60; IGE, 2004-2014). Consideramos que este é un dato positivo, mais non ideal, pois é certo que o profesorado emprega maioritariamente o galego, mais esta normalización do galego entre o profesorado non parece ter repercusión nos seu alumnado, un colectivo en que a presenza do galego como lingua habitual é moito menor e en que descende a incidencia do galego como lingua habitual con respecto á lingua inicial. Así as cousas, aínda que o uso do galego estea normalizado entre o profesorado, non parece ser un feito que free o proceso de substitución lingüística. Por outra banda, cumpría avaliar tamén a calidade do galego empregado por un profesorado que ten o español como lingua inicial maioritaria.

Para rematarmos a análise da lingua inicial e da lingua habitual das persoas informantes, imos amosar agora os datos detallados segundo o lugar de orixe e de residencia.




Gráfico 189: Relación entre a presenza do galego como lingua inicial (LI) e lingua habitual (LH) e os lugares de orixe e residencia das persoas informantes (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 189 podemos observar que existe unha correlación positiva significativa entre a presenza do galego na lingua inicial e a presenza do galego na lingua habitual, algo que xa se rexistraba no MSG-1992 (González, 2012), ao tempo que tamén se rexistra unha asociación positiva entre o número de habitantes do lugar de orixe e o número de habitantes do lugar de residencia. Porén, canto maior é o número de habitantes do lugar de orixe e do lugar de residencia, menor é a presenza do galego como lingua inicial e como lingua habitual. Observamos, por tanto, unha relación inversa entre o número de habitantes e a presenza do galego, algo que xa detectamos ao analizarmos a nosa mostra de blogs didácticos (*vid.* 3.6.2).

Ao compararmos estes datos cos achegados con outras fontes comprobamos que son coherentes. Así, os datos do MSG para 2004 reflicten a mesma tendencia, tanto para a lingua inicial coma para a habitual no caso do lugar de orixe e no de residencia (González *et al.*, 2007: 39-42; González *et al.*, 2008: 49-51 González). No caso do IGE, cómpre indicarmos que o IGE non ofrece datos detallados por lugar de orixe e lugar de residencia, só por “tamaño de municipio” Segundo se deduce da metodoloxía explicada polo IGE, esta variábel refírese só ao municipio de residencia (IGE, 2011). Nos datos que podemos comparar, isto é, os datos de lingua inicial e habitual segundo o tamaño do lugar de residencia, podemos comprobar que a tendencia coincide coa detectada na nosa mostra (IGE, 2004-2014).

En resumo, existe unha coincidencia bastante alta entre a importancia do galego como lingua inicial e como lingua habitual nas persoas informantes da nosa mostra, aínda que

o galego gaña peso como lingua habitual con respecto á lingua inicial. Isto, que contradí os datos achegados por outras fontes, pode deberse ás propias características da nosa mostra, pois máis do 50% das persoas informantes son docentes do ensino secundario galego, un contexto en que é probábel que o galego se empregue en maior medida que na sociedade en xeral. No caso da lingua inicial, non detectamos diferenzas significativas entre sexos nin entre colectivos (estudiantado e profesorado), mais si unha relación inversa significativa entre o tamaño dos municipios de orixe e residencia e a importancia do galego como lingua inicial. No caso da lingua habitual, todas as variábeis con que a cruzamos amosaron diferenzas significativas: sexo, colectivo, municipio de orixe e municipio de residencia. Así, observamos que na nosa mostra as mulleres empregan menos o galego que os homes, ao tempo que o profesorado o emprega máis que o alumnado. Canto ao tamaño dos municipios, a relación é a mesma que no caso da lingua inicial.

4.3.1.2.2. Competencia lingüística




Gráfico 190: Autoavaliación da competencia lingüística nas catro destrezas e de xeito xeral

Para completarmos a análise do perfil lingüístico das persoas informantes imos analizar a seguir os datos referentes á competencia lingüística declarada. Cómpre lembrarmos que esta pregunta foi incluída no cuestionario na sección dedicada a obter datos sobre o uso do galego na rede, mais consideramos que pode ser máis claro incluírmos a súa análise neste punto para completarmos o estudo do perfil lingüístico das persoas informantes.

As preguntas sobre a competencia lingüística presentaban cinco opcións de resposta, que convertemos en numéricas: moi baixa (1), baixa (2), media (3), alta (4) e moi alta (5). Como podemos observar no gráfico anterior, as persoas informantes declaran ter

competencias altas ou moi altas nas catro destrezas e de xeito xeral, mentres que son minoría as persoas que declaran ter unha competencia media, e aínda moito máis reducidas as que declaran competencias baixas ou moi baixas. Observamos que entender é a destreza que presenta os valores máis altos de competencia, seguida de ler, de falar e, en último lugar, de escribir.

Estes datos son coherentes cos achegados polo MSG para 2004, en que os graos máis altos de competencia se rexistraban na destreza de entender, mentres que falar e ler se situaban en segundo lugar coa mesma incidencia e, en último lugar, escribir (González *et al.*, 2007: 68). Se acudimos aos datos do IGE para 2013 observamos que o 96% das persoas afirman ser quen de entender o galego moito ou bastante, mentres que só o 59% son quen de escribilo neses mesmos graos. Neste caso a capacidade de falar sitúase en segundo lugar por nivel de competencia, pois o 87% das persoas din ser quen de falalo moito ou basten, mentres que a competencia de lectura nese mesmo grao redúcese ao 85% (IGE, 2004-2014). Así as cousas, tanto na nosa mostra coma noutros traballos máis amplos, as persoas informantes consideran que o seu grao de competencia máis alto está relacionado coa capacidade de entender o galego, mentres que o máis baixo coa de escribilo. A capacidade de ler e escribir presenta valores idénticos no caso do MSG e moi semellantes nos datos do IGE, en que as persoas informantes consideran que teñen lixeiramente máis capacidade para ler en galego que para falalo, mais na nosa mostra consideran que teñen unha competencia lingüística máis alta á hora de lelo que á hora de falalo.

Para entendermos mellor estes datos ímolos analizar, coma no caso da lingua inicial e da lingua habitual, en función do sexo, do colectivo (estudiantado ou profesorado) e mais dos estratos de orixe e residencia das persoas informantes. No seguinte gráfico podemos observar a media de competencia declarada segundo o sexo. Tanto nas catro destrezas coma na autovaloración xeral, as mulleres declaran ter competencias máis baixas que os homes. Ao aplicarmos unha proba *t* de Student para avaliarmos a diferenza entre as medias dos dous grupos, observamos que as diferenzas son significativas no caso da capacidade para falar en galego ($p = 0,003368$), mais non nas outras tres destrezas. Con todo, na autoavaliación xeral a diferenza entre os dous grupos tamén é significativa ($p = 0,04496$). Velaquí os datos:




Gráfico 191: Competencia lingüística declarada segundo o sexo

Estes datos coinciden cos achegados polo MSG para 2004, en que os homes tamén afirmaban ter unha competencia alta ou moi alta en maior medida que as mulleres, aínda que as diferenzas entre os dous grupos non son tan pronunciadas coma na nosa mostra (González *et al.*, 2007: 171). No caso do IGE, aínda que dependendo da destreza se achegan unhas ou outras opcións de resposta (moito, bastante, pouco e nada ou moito, bastante e pouco ou nada), tamén se reflicte a mesma tendencia: os homes afirman ter competencias lingüísticas máis altas en maior medida que as mulleres (IGE, 2004-2014). Á hora de entendermos estes datos cómpre non esquecermos que as mulleres tiñan o galego como lingua inicial en menor medida que os homes, o que explica que a súa competencia lingüística sexa tamén menor, como xa apuntaba en 2004 o MSG (González *et al.*, 2007: 79).

A continuación imos detallar os datos da competencia lingüística declarada en función do colectivo a que pertencen as persoas informantes: estudantado ou profesorado. Como podemos observar no seguinte gráfico, a competencia media declarada polo profesorado é sempre superior que a declarada polo estudantado. Se aplicamos a proba *t* de Student para sabermos se estas diferenzas entre medias son significativas, obtemos valores *p* inferiores a 0,05 en todos os casos. O valor *p* máis reducido rexistrámolo na capacidade de ler (0,000006506), seguido do da capacidade de entender (0,0002974), do do xeral (0,0003306), do da capacidade de falar (0,002703) e, finalmente, do da capacidade de escribir (0,04502). Velaquí os datos:



Gráfico 192: Competencia lingüística declarada segundo o colectivo

Como xa indicamos, a división da nosa mostra entre estudiantado e profesorado implica tamén unha división entre dous grupos de idade. Se temos en conta isto, podemos dicir que na nosa mostra as persoas con máis idade declaran ter unha maior competencia lingüística en galego. Con todo, se comparamos estes datos cos achegados polo MSG para o ano 2004 comprobamos que son contraditorios: segundo os datos do MSG o nivel de competencia lingüística descende nas catro destrezas segundo aumenta a idade das persoas informantes (González et al., 2007: 74, 79, 84 e 88). Se acudimos aos datos do IGE comprobamos que no 2013 a competencia lingüística declarada nas catro destrezas é maior nos tramos de idade intermedios en todos os casos, mais no caso da capacidade de entender e falar son as persoas pertencentes ás franxas de menos idade as que declaran ter menos competencia, mentres que no tocante ás capacidades de ler e escribir son as persoas pertencentes ás franxas de máis idade as que declaran as competencias máis baixas (IGE, 2004-2014). Con todo, non debemos esquecer que a nosa mostra procede dun ámbito específico (o ensino) en que as persoas de máis idade (o profesorado) realizan un uso frecuente do galego en diversos contextos lles obriga a adestrar as catro destrezas analizadas. Ao mesmo tempo, son persoas cun nivel de estudos alto, unha variábel relacionada cunha maior competencia lingüística, especialmente nas destrezas escritas (González et al., 2007: 171-174; IGE, 2004-2014). Para rematarmos a análise dos datos referentes á competencia lingüística, imos ver que acontece se detallamos os datos segundo o lugar de orixe e de residencia.


 Orixe	***			*		*
0.54	 Residencia					
-0.02	0.02	 Entender	***	***	***	***
-0.00	0.05	0.79	 Ler	***	***	***
-0.10	-0.02	0.59	0.62	 Falar	***	***
-0.07	-0.06	0.58	0.63	0.73	 Escribir	***
-0.11	-0.05	0.66	0.71	0.85	0.83	 Xeral

Gráfico 193: Relación entre o número de habitantes dos concellos de orixe e residencia e a competencia declarada nas catro destrezas e de xeito xeral (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 193 podemos observar que canto menor é o número de habitantes do concello de orixe, maior é a competencia declarada das persoas informantes, tanto nas catro destrezas como de xeito xeral. Con todo, esta relación só é significativa no caso da capacidade de falar e na competencia xeral declarada. Canto ao concello de residencia, tamén se dan correlacións negativas no caso das destrezas de falar e escribir, así como na valoración xeral da competencia, mais a relación é positiva no caso das capacidades de entender e ler. En calquera caso, estas correlacións non acadaron un valor *p* significativo, isto é, poderían deberse ao azar e non podemos asociar as dúas variábeis. Así as cousas, despois de avaliarmos a relación entre a competencia lingüística declarada e o número de habitantes dos concellos de orixe e residencia das persoas informantes, podemos concluír que canto menor é o número de habitantes do concello de orixe, maior é a competencia que consideran ter as persoas informantes na capacidade de falar e de xeito xeral, mais non podemos establecer relacións claras noutros casos.

Se acudimos aos datos do MSG para 2004 só atopamos datos referidos ao hábitat de nacemento para as capacidades de entender e falar e, nos dous casos, os datos amosan unha relación entre maior poboación e menor competencia nesas dúas destrezas (González *et al.*, 2007: 74-78). O MSG inclúe datos máis completos referidos ao hábitat de residencia, en que podemos observar que a capacidades para entender e para ler o galego presentan valores moi similares en todos os estratos de poboación analizados, aínda que o valor máis alto fica rexistrado nos concellos de menor poboación, mentres que o máis baixo corresponde aos concellos de 10 000 a 20 000 habitantes (estratos 2 e

3 na nosa mostra). Canto á capacidade para falar, igual que na nosa mostra, son as persoas procedentes dos concellos de menos habitantes as que declaran unha competencia máis alta, mentres as que proceden de concellos de entre 10 000 e 20 000 habitantes (estratos 2 e 3) son as que presentan a competencia máis baixa. Para alén disto, rexístrase máis claramente unha relación entre maior tamaño do municipio e menor competencia lingüística, igual que acontece na nosa mostra. Finalmente, canto á capacidade para escribir a situación é a mesma: son as persoas residentes nos concellos de menor poboación as que declaran unha maior competencia, mentres que o índice máis baixo rexístrase nos concellos de entre 10 000 e 20 000 habitantes (estratos 2 e 3) (González *et al.*, 2007: 91).

Canto aos datos achegados polo IGE para 2013, non dispoñemos de información sobre a competencia lingüística e o lugar de orixe, mais si sobre a competencia lingüística e o lugar de residencia. Cómpre ter en conta que as cuestións realizadas polo IGE só ofrecen tres respostas posíbeis: moito, bastante e pouco ou nada. Se analizamos os datos referidos ao grao de entendemento do galego falado podemos observar que as tendencias que presentan os datos do IGE non distan das rexistradas na nosa mostra e no MSG: son maioría as persoas que indican que a súa capacidade para entender o galego é moita e a incidencia é semellante en todos os estratos de poboación, aínda que si existe unha lixeira relación entre máis poboación e menos capacidade para entender o galego e viceversa. No referente á capacidade de ler en galego, os datos do IGE indican que as persoas residentes nos concellos de menos poboación son as que declaran en menor medida ter unha capacidade alta, e nas que a incidencia dunha capacidade baixa é maior. A competencia máis alta decláranas as persoas residentes en municipios de máis de 20 000 habitantes. No referente á capacidade para falar en galego os datos do IGE amosan para 2013 unha clara correlación entre menos poboación e maior capacidade e viceversa, do mesmo xeito que acontecía no MSG e na nosa mostra. Finalmente, no referente á competencia escrita, a incidencia máis alta de persoas que cren ter unha alta competencia escrita en galego sitúase nos concellos de entre 10 000 e 50 000 habitantes (estratos 3, 4 e 5), mentres que nos concellos de máis de 50 00 habitantes é lixeiramente máis baixa e é nos concellos de 10 000 habitantes en que acada o seu valor máis baixo. É tamén neste estrato de poboación (estratos 4 e 5) en que a incidencia da resposta pouco ou nada é maior, mentres que é nos concellos de máis de 50 000 habitantes en que a porcentaxe de persoas que din que saben escribir en galego pouco ou nada é

menor. Estes datos son lixeiramente diferentes aos do MSG e aos da nosa mostra, en que é nos estratos de menor poboación en que as persoas informantes declaran ter unha competencia máis alta. Con todo, cómpre termos en conta que a comparación destes datos é complexa, pois as opcións de resposta e o tratamento dos datos na nosa mostra é diferente que no caso do IGE (IGE, 2004-2014).

Aínda que nalgúns ocasións existan dificultades, derivadas do modo de obtención dos datos, para podemos comparar os datos da nosa mostra cos doutros estudos máis amplos realizados por institucións con longa experiencia, a nosa mostra rexistra as mesmas tendencias xerais rexistradas polo MSG para 2004 e polo IGE para 2013 no referido aos usos lingüísticos. Detivémonos nesta análise comparativa porque consideramos que o feito de que exista un grao de coherencia importante entre os nosos datos e os obtidos por estes estudos, naqueles casos en que podemos realizar comparacións, é un indicador positivo da solidez da nosa mostra e, en definitiva, da solidez dos datos obtidos nas cuestións centrais desta parte do traballo (percepción e uso do galego nas TIC), para as que non contaremos con fontes alternativas con que comparar os nosos datos na mesma medida.

4.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC




Gráfico 194: Nivel de competencia no uso do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet (esquerda) e frecuencia de uso de dispositivos e Internet (dereita)

Para facilitarmos a interpretación dos datos convertemos, máis unha vez, as variábeis ordinais en variábeis cuantitativas. No caso das competencias de uso do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet establecemos catro graos: sen competencias, principiante, intermedio e avanzado. Atribuímoslles unha puntuación de 1 a 4 a cada un

destes graos⁸⁹. No caso da frecuencia de uso, se lembramos, existían seis opcións de resposta graduais, ás que lles atribuímos valores de 1 a 6 (1 = nunca ou case nunca, 2 = non todos os meses, 3 = polo menos unha vez ao mes, mais non todas as semanas, 4 = polo menos 5 horas á semana, 5 = todas as semanas, máis de 5 horas, mais non diariamente, 6 = diariamente). No gráfico da esquerda podemos observar que as persoas informantes declaran competencias medias por riba do nivel intermedio en todos os casos. A competencia máis alta rexistrámola no uso do computador, seguida do uso de Internet e do uso de dispositivos móbiles. Canto á frecuencia de uso, en que reducimos as opcións a dúas (dispositivos e Internet), observamos que nos dous casos os valores medios superan o 5, unha media lixeiramente superior no caso dos dispositivos (algo esperábel, xa que para acceder á rede é necesario o uso de dispositivos, mais para Internet non é necesario para podermos usar dispositivos). Cómpre indicarmos que a porcentaxe de persoas informantes que usan os dispositivos e Internet diariamente é moi alta: 87 e 88%, respectivamente.

No gráfico 195 podemos observar a representación de todas as relacións entre as tres variábeis de tipo de persoa usuaria (nivel de uso do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet) e as dúas de frecuencia de uso (frecuencia de uso de dispositivos e frecuencia de uso de Internet).

Computador	***	***	*	
0.38	Dis. mób.	***	**	***
0.42	0.36	Internet	***	***
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***
0.09	0.18	0.22	0.71	Fre. internet

Gráfico 195: Relacións entre as competencias TIC (computador, dispositivos móbiles e Internet) e as frecuencias de uso (dispositivos e Internet) (coeficiente de correlación de Pearson)

89 Poderíámoslle atribuír un 0 á opción “sen competencias”, mais consideramos que o feito de que estas persoas fosen quen de realizar unha enquisa en liña implica que teñen algunha competencia, por mínima que sexa, polo que decidimos atribuírle un 1.

Como se pode observar, todas as combinacións posibles presentan correlacións positivas, significativas en todos os casos agás no tocante á comparación entre o nivel de persoa usuaria do computador e a frecuencia de uso de Internet.

Non atopamos datos que nos permitan comparar o nivel de competencias TIC por que preguntamos no noso cuestionario para un período de tempo próximo ao momento de realización da nosa enquisa, mais si sobre a frecuencia de uso. Así, ao consultarmos outras fontes, a porcentaxe de persoas que afirman empregar o computador, dispositivos móbiles ou Internet diariamente diminúe: mentres que na nosa mostra o 88% das persoas informantes afirma empregar dispositivos diariamente e o 87% empregar Internet tamén a diario, segundo o INE en 2012 o 74,1% da poboación galega empregaba o computador diariamente (INE, 2002-2016), mentres que segundo datos do IGE en 2013 só o 60% das persoas afirman empregar o computador diariamente (IGE, 2002-2013). Non atopamos nestas fontes datos sobre a frecuencia de uso dos dispositivos móbiles en Galiza nesta altura, mais si sobre a frecuencia de uso de Internet: segundo o INE en 2012 o 73,3% da poboación galega empregaba Internet a diario (INE, 2002-2016); o IGE, pola súa banda, establece recolle datos sobre o uso de Internet na última semana por parte das persoas informantes, achegando unha escala que vai desde a ausencia de uso até máis de 50 horas á semana. Atendendo a estes datos, referidos a 2013, só o 40,33% das persoas declararon empregar Internet durante máis de 5 horas, mentres que o 58,13% declararon empregar a rede menos de 5 horas á semana (IGE, 2002-2013). Así as cousas, parece que a comunidade educativa fai un uso lixeiramente superior ao xeral da poboación do computador e mais de Internet.

Imos ver a continuación estes datos detallados segundo o sexo, o colectivo e o número de habitantes dos municipios de orixe e residencia das persoas informantes. Velaquí a representación gráfica dos datos segundo o sexo:




Gráfico 196: Nivel de competencia (computador, dispositivos móbiles e Internet) e frecuencia de uso (dispositivos e Internet) segundo o sexo

Nos gráficos anteriores podemos observar que a frecuencia de uso é idéntica en homes e mulleres, tanto no referido ao uso de dispositivos coma no referido ao uso de Internet. Con todo, no caso do nivel de competencia apreciamos diferenzas en todos os casos: os homes declaran ser quen de faceren tarefas máis complexas no computador, nos dispositivos móbiles e en Internet. Se realizamos unha proba *t* de Student para avaliarmos se a diferenza entre estas medias é significativa, obtemos valores *p* inferiores a 0,05 en todos os casos: a probabilidade máis baixa de que as diferenzas se deban ao azar achámola no caso do computador ($p = 8,209E-009$), seguido dos dispositivos móbiles (0,00003622) e, finalmente, de Internet (0,002833). Tomando como certos os datos declarados polas persoas informantes, parece que na nosa mostra está superada a primeira fenda dixital entre sexos, isto é, a referida ao acceso, pois a frecuencia de uso en homes e mulleres é a mesma, polo que ambos os dous sexos teñen acceso en igualdade ás tecnoloxías. Con todo, estes datos reflicten que a segunda fenda dixital, a referida ás competencias, existe entre os homes e mulleres da nosa mostra, pois as mulleres declaran menos competencias que os homes e a diferenza é significativa en todos os casos (*vid.* §2.3.1.2). Esta tendencia tamén a recollen outros estudos máis amplos referidos ao mesmo ano en que se distribuíu o noso cuestionario. Así o reflicten os datos recollidos polo IGE referidos ao uso do computador (IGE, 2002-2013), do teléfono móbil (2002-2013) e mais de Internet (2002-2013). Con todo, cómpre tomarmos este último dato con cautela, pois aínda que é certo que pode estar a reflectir a existencia desta segunda fenda dixital entre homes e mulleres, algúns traballos apuntan a que as mulleres consideran que as súas competencias tecnolóxicas

son inferiores do que realmente son (Gil-Juárez, Vitores, Feliu, & Vall-Llovera, 2011: 34).

No seguinte gráfico podemos observar os datos detallados segundo o colectivo:




Gráfico 197: Nivel de competencia (computador, dispositivos móbiles e Internet) e frecuencia de uso (dispositivos e Internet) segundo o sexo

No referente aos niveis de competencia apreciamos que o profesorado declara maiores competencias no uso do computador, mais é o estudiantado quen ten competencias máis altas no uso de Internet e dos dispositivos móbiles. Con todo, se realizamos a proba t de Student para vermos se as diferenzas entre medias son significativas, achamos un valor p inferior a 0,05 só nun caso: nos dispositivos móbiles ($p = 9,987e-007$, mentres que no caso do computador é de 0,3322 e no de Internet de 0,7588). Se os datos que as persoas informantes nos achegaron son certos, parece existir unha certa fenda entre as competencias do estudiantado (máis altas) e as do profesorado (máis baixas) no uso de dispositivos móbiles. Consideramos que este é un dato negativo, pois o feito de ser o colectivo con menos competencia no seu uso o responsábel de organizar as actividades didácticas, unido a que moitos centros prohiben o uso dos dispositivos móbiles no seu regulamento de réxime interno, limitan o aproveitamento didáctico que se pode facer destes dispositivos. Se temos en conta que estes dispositivos e, en concreto, os móbiles intelixentes, son unha ferramenta moi empregada por parte das persoas máis novas para acceder á rede (INE, 2002-2016) e que, segundo os nosos datos, estas persoas declaran ter altas competencias no seu uso, podería ser moi útil aproveitar esta situación para desenvolver actividades didácticas en que se poderían traballar temas moi diversos ao tempo que se traballa de xeito directo o tratamento da información e a competencia dixital, unha das oito competencias básicas propostas pola Unión Europea e recollidas

no *Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria*. Con todo, para isto sería necesario, á luz dos nosos datos, unha maior formación do profesorado neste eido.

Canto aos datos de frecuencia de uso observamos que, tanto no caso dos dispositivos coma no caso de Internet, é lixeiramente superior no colectivo do profesorado. Neste caso, ao realizarmos a proba *t* de Student comprobamos que se trata de diferenzas significativas nos dous casos: no caso de Internet o valor *p* é de 0,007765, mentres que no dos dispositivos é de 0,007765. Este dato chamou a nosa atención, xa que é contradictorio con outras fontes. Así, por exemplo, segundo datos do IGE para 2013 (IGE, 2002-2013) a partir dos 15 anos hai unha correlación negativa entre a idade e a frecuencia de uso do computador e de Internet, mentres que na nosa mostra o grupo de máis idade declara unha frecuencia de uso maior que o grupo de menos idade. Con todo, máis unha vez consideramos que as propias características da nosa mostra poden explicar esta contradición con datos máis amplos xa que, debido á súa profesión, o profesorado pode ter máis contacto co computador e coa rede que o xeral da poboación. Non detectamos ningunha relación significativa entre o nivel de competencias e a frecuencia de uso das TIC e o número de habitantes dos concellos de orixe e residencia das persoas informantes. Con todo, amosamos estes datos resumidos no gráfico .

Orixe	***					
0.54	Residencia					
-0.01	0.05	Computador	***	***	*	
-0.05	-0.06	0.38	Dis. mób.	***	**	***
0.06	0.03	0.42	0.36	Internet	***	***
0.02	-0.01	0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***
-0.00	0.02	0.09	0.18	0.22	0.71	Fre. internet

Gráfico 198: Relación entre o nivel de competencia e a frecuencia de uso das TIC e o número de habitantes dos concellos de orixe e residencia das persoas informantes (coeficiente de correlación de Pearson)

4.3.2. Perfil dos centros




Gráfico 199: Relación entre o número de habitantes dos concellos de orixe, de residencia e dos centros a que están vinculadas as persoas informantes (coeficiente de correlación de Pearson)

Dos 496 centros a que enviamos a petición de realizaren o cuestionario, recibimos respostas que encaixasen no noso ámbito poboación de 126 ou, o que é o mesmo, do 25,40% dos centros a que lles solicitamos colaboración. Estes centros están situados en 83 concellos diferentes e existe unha importante coincidencia entre a localización dos lugares de orixe e residencia das persoas informantes e a dos centros a que están vinculadas, como se pode observar no gráfico 199,

Outra variábel importante asociada aos centros, que tamén tivemos en conta á hora de analizarmos os datos obtidos dos blogs didácticos (vid. §3.3.1) é a titularidade pública ou privada. No gráfico 200 podemos observar que unha ampla maioría das respostas proceden de persoas que desenvolven a súa actividade en centros públicos, mentres que só un 11% son respostas enviadas polo estudiantado ou polo profesorado de centros privados. É certo que a proporción de centros privados que imparten a ESO ou o bacharelato é menor que a de públicos dentro do noso ámbito xeográfico mais non é tan baixa como reflicte a proporción de respostas recibidas. Así as cousas, consideramos que, aínda que é certo que os centros privados son menos que os públicos, o seu índice de colaboración para a realización do cuestionario en que se basea esta parte do traballo foi moito menor que o dos centros públicos. Cómpre indicarmos tamén que a media de habitantes dos municipios en que se sitúan os centros privados é de 151 410, mentres que no caso dos centros públicos é de 51 520,67. Trátase dunha diferenza de medias

significativa (o valor p ao realizarmos a proba t de Student é de $2,156e-15$), que nos está a indicar que os centros privados tenden a se situar n nos concellos de maior poboación, mentres que os públicos están máis repartidos por todo o territorio. Se lembramos, este dato é coherente co que obtivemos ao analizarmos a nosa base de datos de blogues (vid. §3.6.1).




Gráfico 200: Distribución da mostra segundo o tipo de centro (público ou privado)

4.4. Percepción da presenza do galego na rede




Gráfico 201: Percepción do grao de presenza e da calidade do galego en diferentes servizos

Unha das partes máis importantes do noso cuestionario estaba destinada a obtermos información cuantitativa e cualitativa sobre a percepción do uso do galego na rede, así como nos sistemas operativos usados polos dispositivos empregados para acceder a ela.

No gráfico anterior represéntanse os datos de percepción de presenza cuantitativa e cualitativa para os 13 eidos diferentes por que se preguntou. Estabelecemos cinco opcións de resposta, tanto para a avaliación da percepción cuantitativa coma para a avaliación da percepción cualitativa: moi baixo ou ningún, baixo, medio, alto e moi alto. Situamos estes valores nunha escala de 1 (moi baixo ou ningún) a 5 (moi alto) e obtivemos a valoración media para cada servizo que se pode observar no gráfico anterior. Os valores correspondentes ás dúas barras superiores, etiquetadas como “media”, obtivémolos despois de calcularmos a avaliación media de cada informante ao longo dos trece servizos. Dito noutras palabras, os valores reflectidos nestas dúas columnas son a media das percepcións medias de cada informante nos trece servizos, tanto no caso da percepción cuantitativa coma no da cualitativa. Neste gráfico podemos observar unha gran cantidade de información, mais a simple vista só verificamos que parece existir unha importante correspondencia entre a valoración do grao de presenza e a da calidade e que as valoracións tenden a ser baixas (as medias nunca superan o 4, o valor correspondente á opción de resposta “alto”), e resulta difícil percibir a orde dos servizos segundo a maior ou menor percepción da presenza e da calidade do galego empregado neles. Para vermos isto con máis claridade amosamos na seguinte tabela os trece servizos ordenados de maior a menor segundo a percepción do grao de presenza (dúas primeiras columnas) e da calidade do galego (terceira e cuarta columna):

Grao de presenza do galego		Calidade do galego	
Servizo	Media (0-5)	Servizo	Media (0-5)
Páxinas web da Xunta	3,85	Páxinas web da Xunta	3,65
Páxinas web de institucións educativas	3,57	Páxinas web de institucións educativas	3,51
Páxinas web dos concellos	3,32	Páxinas web dos concellos	3,25
Páxinas web das deputacións	3,26	Páxinas web das deputacións	3,22
Páxinas web de asociacións cidadás	2,87	Medios de comunicación dixitais	2,86
Blogues	2,26	Páxinas web de asociacións cidadás	2,70
Medios de comunicación dixitais	2,23	Blogues	2,64
Redes sociais	2,10	Redes sociais	2,31
Foros	2,08	Foros	2,28
Sistemas operativos	1,73	Sistemas operativos	2,25

Grao de presenza do galego		Calidade do galego	
Servizo	Media (0-5)	Servizo	Media (0-5)
Páxinas web de empresas	1,72	Páxinas web de empresas	2,23
Páxinas web do Estado	1,64	Páxinas web do Estado	2,21
Xogos en liña	1,47	Xogos en liña	1,81

Tabela 53: Percepción do grao de presenza e da calidade do galego en diferentes servizos

Na tabela anterior podemos comprobar que existe unha importante coincidencia entre as valoracións do grao de presenza do galego e da calidade da linguas nos nos 13 servizos por que se preguntaba. Así, os catro servizos en que o grao de presenza recibe unha valoración máis alta son os mesmos en que a calidade recibe tamén as valoracións máis altas e trátase de servizos relacionados con institucións públicas (Xunta, institucións educativas, concellos e deputacións). As valoracións máis baixas tamén as reciben os mesmos servizos nos dous casos (grao de presenza e calidade): redes sociais, foros, sistemas operativos, páxinas web de empresas, páxinas web do Estado e xogos en liña. Finalmente, no medio das tabelas atopamos tres servizos en que non coincide a orde no caso da valoración do grao de presenza coa valoración da calidade: páxinas web de asociacións cidadás, blogs e medios de comunicación dixitais. Por outra banda, hai un grupo de servizos en que a o grao de presenza do galego se considera máis alto que a súa calidade (páxinas web dos concellos, páxinas web das deputacións, páxinas web da Xunta, páxinas web de institución educativas e páxinas web de asociacións cidadás), mentres que nas restantes é a calidade a que se valora máis positivamente que o grao de presenza, como acontece tamén nos valores medios (columnas superiores do gráfico). En calquera caso, podemos afirmar que existe unha importante correlación entre a valoración do grao de presenza do galego nestes servizos e a valoración da calidade, como se amosa no seguinte gráfico, realizado a partir dos valores obtidos ao calcularmos a media de valoracións cuantitativas e cualitativas que cada persoa informante achegou para os trece servizos (coeficiente de correlación de Pearson de 0,6098803, $p < 2.2e-16$):






Gráfico 202: Relación entre o grao de presenza e a calidade do galego percibidas polas persoas informantes

Así as cousas, parece que a comunidade educativa percibe que o galego está especialmente presente e ten unha calidade máis alta nas páxinas web da administración, incluída a administración educativa, mais non outros servizos de uso frecuente. Consideramos que isto é positivo, pois parece un indicador de que as diferentes administracións galegas están a facer un bo traballo de visibilización do galego en Internet, mais ten un reverso negativo. É imprescindible que o galego se visibilice na presenza web da administración, mais os servizos prestados polas diferentes administracións non parece que sexan os máis empregados a diario polas persoas usuarias da rede e das TIC, senón que estes parecen ser algúns dos que se atopan na listaxe dos que presentan peores datos de percepción de presenza cuantitativa e cualitativa do galego (por exemplo, as redes sociais). Sabemos que o galego está presente na interface de redes sociais, blogues, foros ou sistemas operativos e, neses servizos concretos, en moitas ocasións (especialmente en redes sociais e sistemas operativos) depende da propia persoa usuaria empregar o galego ou outra lingua na interface, polo que se se quixese empregar isto non debería ser un problema para que se percibise o seu grao de presenza como alto. Así, por exemplo, os sistemas operativos máis usados contan con traducións ao galego, non só no caso dos sistemas libres (de uso minoritario), senón tamén no caso dos privativos, tal é o caso das diferentes versións máis empregadas de Microsoft Windows. Non é así no caso dos sistemas operativos privativos empregados polos dispositivos fabricados por Apple, aínda que desde

decembro de 2014 existe unha iniciativa que reclama a tradución ao galego destes sistemas operativos (Queremos  Galego⁹⁰). Con todo, como indicamos no capítulo 1 (*vid.* §2.4.2.2.2.2.2.2), a maioría das versións de Windows, o sistema operativo para computadores máis empregado na actualidade⁹¹, requiren da instalación dun paquete de tradución que se superpón á versión en español para podemos empregalos en galego. Esta operación adicional pode facer que moitas persoas que desexarían empregar o sistema operativo en galego non o fagan (por non saber realizala ou por descoñecemento desta posibilidade). Se nos centramos nos sistemas operativos para dispositivos móbiles, o máis empregado na actualidade é Android (mais seguido de preto de iOS, tanto no momento de realización desta enquisa como posteriormente (Martínez, 2013; Montés, 2015/02/25)), un proxecto de código aberto sostido por Google en que a versión base xa ten o galego como lingua oficial desde outubro de 2014 (Varela, 2014/10/15), aínda que aínda non é posíbel empregarmos o galego en todos os dispositivos que funcionan con este sistema operativo.

90 O carácter  (U+F8FF) pertence á área de uso privado Unicode. Unicode é unha norma informática internacional de codificación de caracteres desenvolvida por Unicode Consortium que lle asigna un código a cada carácter, para que poida ser interpretado independentemente do programa, o sistema operativo ou a lingua. Con todo, existe un rango de códigos, denominado área de uso privado, en que a interpretación que as fontes tipográficas fagan do código unicode pode variar (ou simplemente non realizar ningunha interpretación). O carácter co código U+F8FF pertence a ese rango. Cando empregamos un dispositivo de Apple este código é interpretado como o logo da empresa (a mazá mordida), mais cando empregamos outro software as interpretacións poden ser diversas. Algunhas fontes empregadas en Windows amosan o logo deste sistema operativo, do mesmo xeito que outras fontes empregadas en sistemas GNU/Linux amosan o pingüín Tux, mascota de Linux, mais podemos atopar moitas outras interpretacións. Así as cousas, neste caso preténdese amosar o logo de Apple, mais visualizármolo ou non dependerá do software con que o descodifiquemos (Private Use Areas; The Apple Logo in Unicode).

91 En boa parte debido a que é moi difícil mercarmos un computador sen un sistema operativo xa instalado, e nunha moi alta porcentaxe dos casos o sistema operativo instalado que mercamos obrigatoriamente canda o computador é algunha das versións de Microsoft Windows. Só hai outro sistema operativo de fácil acceso no mercado, aínda que cun prezo impeditivo para moitas persoas: o sistema operativo dos computadores de Apple. Como indicamos, ambos os dous son sistemas operativos privativos. Aínda que non é imposible atoparmos un computador cun sistema operativo libre instalado ou sen sistema operativo, si é moi difícil e as opcións son poucas (Dans, 2007/09/24).

Destes datos despréndese tamén a necesidade de que a administración estatal normalice o uso do galego nas súas páxinas web, algo máis ou menos conseguido nalgúns casos (por exemplo, a páxina web da Axencia Tributaria permítenos presentar a declaración do IRPF en galego) mais non tanto noutros (se accedemos á web do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e seleccionamos o galego como lingua só aparece en galego unha parte da interface, mais vemos en español case todo o contido, e mesmo a data (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte)). Tamén destaca a baixa presenza e calidade percibida nas páxinas web de empresas, algo que contrasta cos estudos que sinalan os efectos positivos do uso do galego por parte das empresas para a captación de clientes, mesmo entre castelanfalantes (Pérez, 2014/10/24).

Cómpre comentarmos que, no caso dos xogos en liña, a súa situación nos postos máis baixos pode deberse ás escasas interfaces traducidas ao galego, mais tamén a que a comunicación con persoas de diferentes lugares faga que se desprace o galego en favor doutras linguas (fundamentalmente español ou inglés). Cómpre indicar que estes xogos poden permitir ou non interaccións escritas e/ou orais entre as persoas xogadoras, polo que os datos reflicten non só se a interface do xogo está dispoñíbel ou non en galego, senón tamén se as persoas xogadoras se comunican ou non en galego. Neste sentido non é habitual que o galego estea presente entre as linguas en que se ofrece a interface deste tipo de xogos, agás algunhas excepcións, como pode ser o caso do coñecido videoxogo de estratexia *A batalla polo Noroeste*, un videoxogo multixogador (aínda que tamén permite xogar individualmente) de licenza libre traducido ao galego por persoas voluntarias pertencentes ao Proxecto Trasno, mais non o único videoxogo libre traducido ao galego (Proxecto Trasno). Con todo, parece que na actualidade os xogos máis empregados son os que nos permiten competir cos nosos contactos, moitos deles dentro de redes sociais ou en aplicacións móbiles, un tipo de xogos en que a presenza do galego non parece moi alta, de aí que non nos deban resultar estraños os resultados de percepción do galego neste contexto que vimos de describir.

Así as cousas, o que parecen revelar estes datos de xeito indirecto é que as persoas informantes non presentan un alto grao de emprego do galego naqueles servizos en que a súa presenza ou ausencia depende da acción da persoa usuaria. Veremos se isto corresponde ou non co uso declarado do galego por parte das persoas informantes, que analizaremos máis adiante (*vid.* §4.6).

Imos ver a continuación todos estes datos detallados segundo o perfil das persoas informantes (tanto o perfil xeral, como o perfil lingüístico e o perfil de usuarias das TIC) e segundo o perfil dos centros en que estudan ou traballan as persoas informantes (localización e tipo de centro -público ou privado-).

4.4.1. Percepción segundo o perfil das persoas informantes

Ao analizarmos o perfil xeral das persoas informantes tivemos en conta o sexo, a idade, o colectivo, o nivel de estudos e os lugares de orixe e residencia. Como vimos, existía unha alta correspondencia entre idade, colectivo e nivel de estudos, polo que imos empregar só unha destas variábeis, o colectivo, para a cruzarmos coa percepción da presenza do galego en Internet. Por outra banda, tamén detectamos unha importante correspondencia entre os lugares de orixe, os de residencia e os de situación dos centros en que estudan ou traballan as persoas informantes. Por esta razón, imos reducir estas tres variábeis de localización á última, que analizaremos no punto dedicado a cruzarmos a información de percepción do galego na rede coa do perfil dos centros (*vid.* §4.4.1.4.1).

4.4.1.1. Perfil xeral

4.4.1.1.1. Sexo

Nos gráficos 203 e 204 podemos observar os valores medios de percepción do grao de presenza e da calidade do galego nos trece servizos por que se preguntaba detallados por sexos. Podemos comprobar que os valores medios indican que as mulleres teñen unha percepción máis positiva do grao de presenza do galego nestes servizos que os homes, mentres que no referente á calidade da lingua son os homes os que presentan unha percepción máis positiva.




Gráfico 203: Percepción do grao de presenza do galego nos servizos segundo o sexo




Gráfico 204: Percepción da calidade do galego nos servizos segundo o sexo

Con todo, no caso do grao de presenza só detectamos unha diferenza significativa ao realizarmos a proba t de Student⁹², marcada cun asterisco (*) no gráfico: as mulleres

92 Para a análise das respostas referentes á percepción e ao uso do galego (vid. §4.5.2.1), que presentan opcións de resposta graduais de 1 a 5, consideramos que é máis axeitado realizarmos un contraste de medias, polo que empregaremos a proba t de Student ou a proba anova unifactorial. No caso das

perciben que o grao de presenza do galego nos medios de comunicación dixitais é maior do que o consideran o homes ($p = 0,02997$). Canto á calidade da lingua empregada, rexistramos diferenzas significativas en tres casos: redes sociais ($p = 0,04221$), páxinas web do Estado ($p = 0,005457$) e sistemas operativo ($p = 0,001706$). Nos tres casos os homes consideran que a calidade da lingua emprega nestes servizos é maior.

En resumo, as mulleres teñen unha valoración máis positiva do grao de presenza do galego nos servizos, mentres que os homes valoran máis positivamente a calidade que as mulleres. Con todo, trátase de diferenzas moi tímidas entre os dous grupos.

4.4.1.1.2. Colectivo

Nos gráficos 206 e 209 podemos observar as diferenzas entre o estudantado e o profesorado na valoración do grao de presenza e da calidade do galego nos trece servizos por que se preguntaba, así como os valores medios de todos os servizos. Se nos fixamos nestes últimos valores, podemos comprobar que o estudantado valora máis positivamente que o profesorado o grao de presenza do galego nos servizos, (2,52 fronte a 2,49), mais no caso da calidade da lingua, é o profesorado o que considera que é máis alta que o estudantado (2,86 fronte a 2,55).

No gráfico 206 podemos observar que detectamos diferenzas significativas en seis servizos: redes sociais ($p = 0,0007791$), medios de comunicación dixitais ($p = 2,379E-13$), xogos en liña ($p = 0,02633$), páxinas web do Estado ($p = 6,713E-10$), páxinas web de institucións educativas ($p = 1,111E-07$) e páxinas web de empresas ($p = 0,000001738$). En todos eles, agás nas páxinas web de institucións educativas, o estudantado considera que a presenza do galego é maior, mentres que o profesorado cre que é menor. Por outra banda, no gráfico 209 podemos observar que a proba t de Student detecta diferenzas significativas no caso dos blogues ($p = 0,000006695$), dos medios de comunicación dixitais ($p = 0,0128$), das páxinas web de institucións educativas ($p = 2,621E-08$) e dos sistemas operativos ($p = 0,00003791$). En todos os casos o profesorado considera que a calidade da lingua neste servizos é máis alta do que cre o estudantado.

cuestión referentes á promoción do galego na rede (*vid.* §4.5), en que as opcións de resposta son binarias (selección ou ausencia de selección dunha opción ou “si” ou “non”) consideramos que é suficiente con realizarmos un contraste entre as frecuencias observadas e as esperadas, isto é, empregaremos a proba χ^2 de Pearson. Para unha explicación máis detallada destas probas estatísticas, remitimos á epígrafe §3.2.1.




Gráfico 205: ercepción do grao de presenza do galego nos servizos segundo o colectivo




Gráfico 206: Percepción da calidade do galego nos servizos segundo o colectivo

4.4.1.2. Perfil lingüístico

A continuación imos analizar os datos de percepción do galego nos trece servizos por que preguntamos no noso cuestionario detallados segundo o perfil lingüístico das

persoas informantes. Para isto cruzaremos os datos de percepción cuantitativa e cualitativa cos da lingua inicial, cos da lingua habitual e cos da competencia lingüística.

4.4.1.2.1. Lingua inicial

Nos gráficos 207 e 208 represéntanse as valoracións do grao de presenza do galego e da súa calidade detallados segundo a lingua inicial: galego, español e outras. No caso do grao de presenza, son as persoas que teñen outras linguas iniciais as que valoran, de xeito xeral (barra “media” do gráfico) máis positivamente o grao de presenza do galego ao longo dos 13 servizos (2,87), seguidas das que teñen o español como lingua inicial (2,51) e, finalmente, das que persoas cuxa lingua inicial é o galego (2,46). Con todo, ao realizarmos unha proba anova unifactorial son poucas as diferenzas significativas que achamos: no caso do grao de presenza detectamos diferenzas significativas nas redes sociais ($p = 0,004516$) e nas páxinas web dos concellos ($p = 0,001124$); mentres que no caso da calidade da lingua só rexistramos diferenzas significativas no tocante ás redes sociais ($p = 0,04048$).




Gráfico 207: Percepción do grao de presenza do galego nos servizos segundo a lingua inicial




Gráfico 208: Percepción da calidade do galego nos servizos segundo a lingua inicial

Se realizamos a proba HSD de Tukey para sabermos entre que grupos as diferenzas son significativas obtermos que, no tocante ao grao de presenza, no caso das redes sociais, a diferenza é significativa entre as persoas que teñen o galego e as que teñen o español como lingua inicial; mentres que no caso das páxinas web dos concellos as diferenzas son significativas entre estes dous grupos, mais tamén entre as persoas con outras linguas iniciais e as persoas con lingua inicial galego. Con todo, cómpre tomarmos con moita cautela este último dato, pois o grupo de persoas con outras linguas iniciais é moi reducido. No caso das redes sociais son as persoas con lingua inicial galego as que consideran que a presenza do galego é máis alta, mentres que no caso das páxinas web dos concellos son as persoas con lingua inicial español as que consideran que a presenza do galego é máis alta. A diferenza principal entre as páxinas web dos concellos e as redes sociais é que nas primeiras a elaboración do contido non depende das persoas usuarias, mentres que nas segundas si. Se lembramos, rexistramos na nosa mostra unha correlación positiva entre a lingua inicial e a lingua habitual (*vid.* §4.3.1.2.1), o que implica que unha boa parte das persoas que teñen o galego como lingua inicial tamén o empregan como lingua habitual. Tendo en conta estes dous factores, podemos entender por que no caso das redes sociais se contradí a tendencia xeral: as persoas que teñen o galego como lingua inicial tenden a empregalo en maior medida como lingua habitual e,

nun medio en que a elaboración de contidos depende das persoas usuarias, como é o caso das redes sociais, parece lóxico que a súa percepción da presenza do galego sexa superior á das persoas que teñen o español como lingua inicial. Con todo, completaremos estes datos na epígrafe seguinte, dedicada á lingua habitual (*vid.* §4.4.1.2.2).

No caso da calidade da lingua a situación é moi semellante á do grao de presenza: son as persoas con outras linguas iniciais as que teñen unha percepción máis positiva (2,80), seguidas das persoas que teñen o español como lingua inicial (2,75) e, finalmente, das persoas que teñen o galego como lingua inicial (2,69). Se revisamos as medias concretas para cada servizo só obtemos un caso en que a diferenza entre medias é significativa: as redes sociais. Coma no caso da valoración do grao de presenza, a situación das redes sociais é diferente á xeral, pois, aínda que son as persoas con outras linguas iniciais as que valoran máis positivamente a calidade do galego (2,86), en segundo lugar atopamos as persoas que teñen o galego como lingua inicial (2,44) e, en último lugar, as que teñen o español (2,23). Con todo, neste caso rexistramos unha contradición entre a proba anova unifactorial e a a proba HSD de Tukey, pois a segunda non nos devolve resultados que nos permitan saber entre que grupos as diferenzas son significativas, xa que todos os valores p son superiores a 0,05, aínda que o valor máis baixo corresponde á diferenza entre os grupos español e galego.

4.4.1.2.2. Lingua habitual




Gráfico 209: Percepción do grao de presenza do galego nos servizos segundo a lingua habitual




Gráfico 210: Percepción da calidade do galego nos servizos segundo a lingua habitual

Nos gráficos 210 e 217 podemos observar os datos de percepción do grao de presenza e da calidade detallados segundo a lingua habitual. No caso do grao de presenza a

situación é moi semellante á que describimos para a lingua inicial: son as persoas con outras linguas habituais as que valoran máis positivamente o grao de presenza do galego nos trece servizos por que se preguntaba (2,99), seguidas das persoas co español como lingua habitual (2,54) e, finalmente, das persoas que teñen o galego como lingua habitual (2,46).

Ao realizarmos unha proba anova unifactorial rexistramos, no caso do grao de presenza percibido, diferenzas significativas en oito dos trece servizos: redes sociais ($p = 0,009049$), blogues ($p = 0,0007947$), medios de comunicación dixitais ($p = 0,01442$), páxinas web de concellos ($p = 0,005128$), páxinas web de deputacións ($p = 0,04817$), páxinas web da administración estatal ($p = 0,003244$), páxinas web de empresas ($p = 0,02897$) e sistemas operativos ($p = 0,02169$). Ao realizarmos a proba HSD de Tukey obtemos que as diferenzas son significativas en todos os casos entre os grupos español e galego. Neste sentido, atopamos dúas situacións diferentes: os servizos en que son as persoas falantes de español as que valoran máis positivamente o grao de presenza do galego, e os servizos en que son as persoas falantes de galego as que o valoran máis positivamente. No primeiro grupo atópanse os medios de comunicación dixitais, as páxinas web de concellos, as páxinas web de deputacións, as páxinas web da administración estatal e as páxinas web de empresas; mentres que no segundo rexistramos as redes sociais, os blogues e os sistemas operativos. Consideramos que a diferenza fundamental entre os servizos dos dous grupos é a posibilidade de intervención que teñen as persoas usuarias na elaboración de contido lingüístico: no primeiro grupo as persoas usuarias son fundamentalmente receptoras do contido, mentres que no segundo as persoas usuarias teñen a posibilidade de escolleren a lingua en que reciben o contido dos servizos e mesmo de elaboraren parte dese contido (especialmente nas redes sociais e nos blogues). Así as cousas, consideramos que estes datos confirman o que xa sospeitabamos para o caso da percepción do grao de presenza do galego nas redes sociais segundo a lingua inicial, isto é, que as persoas galegofalantes teñen unha percepción máis alta do grao de presenza do galego naqueles medios que permiten que as persoas usuarias elaboren, cando menos, parte do seu contido, pois isto permite que calquera elabore contido en galego e tamén que poida, en certa medida, elixir moverse nun contexto máis galeguizado; mentres que nos medios en que as persoas usuarias non poden participar, a percepción por parte das persoas

galegofalantes é máis baixa, pois existe un filtro de autoridade que parece estar a frear a presenza do galego neses medios.

Canto á valoración da calidade do galego empregado nestes servizos, máis unha vez son as persoas falantes habituais de linguas diferentes do galego e do español as que achegan puntuacións máis altas (3,22), mais neste caso atópanse en segundo lugar as persoas falantes de galego (2,77) e, en último lugar, as falantes de español (2,68). Se analizamos os datos detallados por servizo, rexistramos diferenzas significativas en tres servizos: redes sociais ($p = 0,0004887$), blogues ($p = 0,000001231$) e sistemas operativos ($p = 0,0479$). Nos tres casos a proba HSD de Tukey revela que as diferenzas son significativas entre as persoas falantes habituais de galego e as falantes habituais de español. As persoas falantes de galego valoran máis positivamente a calidade do galego empregado que as persoas falantes de español, igual que acontecía no caso da valoración do grao de presenza nestes mesmos servizos.

En resumo, de xeito xeral nin a lingua inicial nin a lingua habitual teñen unha relación coas diferentes valoracións do grao de presenza e da calidade do galego nos trece servizos por que se preguntaba. Con todo, se acudimos aos datos concretos de cada servizo si obtemos algunha diferenza significativa. Cómpre indicarmos que non atopamos datos sobre a percepción do uso do galego na rede noutras fontes, mais o IGE si achega datos para 2013 sobre a percepción do uso do galego de xeito xeral desde unha perspectiva cuantitativa. Podemos consultar estes datos detallados segundo “a lingua en que aprenderon a falar” as persoas informantes e segundo “a lingua en que falan habitualmente”. Ao realizarmos esta consulta podemos observar que a tendencia é a inversa á rexistrada na nosa mostra: as persoas co galego como lingua inicial ou habitual consideran que o galego se usa máis que as persoas que teñen o español como lingua inicial ou habitual (IGE, 2004-2014). Con todo, consideramos que estes datos non son necesariamente contraditorios cos recollidos a través do noso cuestionario, xa que os datos do IGE están referidos a unha percepción xeral, e é probábel que as persoas que teñen o galego como lingua inicial e/ou habitual se movan en contextos en que a presenza ambiental do galego é maior que as que teñen o español como lingua inicial e/ou habitual, algo que é coherente co feito de que naqueles servizos en que o contido ou parte do contido pode ser elaborado polas persoas usuarias é nos que as persoas

galegofalantes consideran en maior medida que as persoas falantes de español que a presenza do galego é alta.

4.4.1.2.3. Competencia lingüística

Entende	***	***	***	***		*						**	***	**	*				
0.79	Ler	***	***	***		**	*					**	***	***	*				
0.59	0.62	Fato	***	***	***	***							*						
0.58	0.63	0.73	Esq	***	***	***							**					*	
0.66	0.71	0.85	0.83	Xer	***	***	*						**					*	
0.06	0.08	0.21	0.19	0.23	RS	***	***	***	***	***								***	***
0.13	0.15	0.25	0.25	0.26	0.50	***	***	***	***	**	*	*	*	**	***	***	***	***	***
0.07	0.11	0.10	0.09	0.13	0.41	0.66	***	***	***	***	**	**	**	**	***	***	***	***	***
-0.02	-0.03	-0.01	-0.01	0.02	0.46	0.31	0.42	MDC	***	***	***	*	***		*	***		***	**
-0.12	-0.13	-0.02	-0.00	-0.02	0.41	0.26	0.30	0.41	X	***	***	***	*	***		*	***		***
0.08	0.05	-0.10	-0.08	-0.10	0.03	0.15	0.25	0.19	0.01	***	***	***	***	***	***	***	***	***	*
0.06	0.01	-0.08	-0.08	-0.09	0.00	0.15	0.25	0.23	-0.02	0.80	***	***	***	***	***	***	***	***	*
0.17	0.15	0.03	0.02	0.01	-0.02	0.14	0.16	0.11	-0.08	0.65	0.70	***	***	***	***	***	***	***	*
-0.21	-0.23	-0.14	-0.15	-0.17	0.04	0.12	0.18	0.28	0.19	0.26	0.30	0.22	AE	***	***	***	***	***	**
0.16	0.20	0.08	0.09	0.06	-0.02	0.18	0.17	-0.06	0.00	0.43	0.41	0.48	0.12	***	***	***	***	***	**
0.11	0.12	0.03	0.02	0.06	0.08	0.22	0.26	0.14	0.08	0.40	0.41	0.42	0.30	0.54	***	***	***	***	*
-0.09	-0.08	-0.01	-0.06	-0.04	0.20	0.24	0.39	0.37	0.41	0.23	0.26	0.19	0.37	0.18	0.34	IE	***	***	***
0.09	0.03	0.08	0.10	0.11	0.28	0.27	0.25	0.17	0.28	0.11	0.11	0.08	0.16	0.16	0.11	0.22	SO	***	***

Gráfico 211: Relación entre a competencia lingüística e a percepción do grao de presenza do galego nos trece servizos (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 211 representamos as relacións entre as catro destrezas e a competencia lingüística xeral declarada, por unha banda, e a percepción da presenza do galego nos trece servizos por que se preguntaba, por outra. O nome dos servizos aparece abreviado e na mesma orde en que os fomos expoñendo en epígrafes anteriores⁹³. Para analizar os datos cómpre fixármonos na esquina dereita superior da matriz (a partir da sexta columna comezando pola esquerda e até a quinta fila comezando por arriba) e na esquina inferior esquerda (a partir da sexta fila comezando por arriba e até a quinta columna).

A capacidade de ler é na que rexistramos máis correlacións significativas: no caso dos blogs, dos foros, das páxinas web da administración autonómica, das páxinas web de institucións educativas e das páxinas web de asociacións cidadás unha maior capacidade para ler en galego está relacionada cunha percepción cuantitativa máis alta do galego nestes medios, e viceversa. Con todo, no caso dos xogos en liña e das páxinas web da

93 RS = redes sociais, B = blogs, F = foros, MDC = medios de comunicación dixitais, X = xogos en liña, AL = páxinas web da administración local, AP = páxinas web da administración provincial, AA = páxinas web da administración autonómica, AE = páxinas web da administración estatal, IE = páxinas web de institucións educativas, IC = páxinas web de asociacións cidadás, E = páxinas web de empresas, SO = sistemas operativos.

administración estatal a relación é a inversa: a maior capacidade para ler está relacionada cunha menor percepción cuantitativa do galego neste medio, e viceversa. No caso da capacidade para **entender** o galego, rexistramos seis casos en que as correlacións son significativas: no caso dos blogues, das páxinas web da administración autonómica, das páxinas web de institucións educativas e das páxinas web de asociacións cidadás a correlación é positiva (a maior capacidade de entender o galego, maior percepción cuantitativa do galego e viceversa); mentres que no caso dos xogos en liña e das páxinas web da administración estatal a correlación é, máis unha vez, negativa. No caso das capacidades para **falar** e para **escribir** atopamos catro servizos en que a asociación é significativa, tres deles coincidentes para as dúas capacidades: as redes sociais, os blogues e mais as páxinas web da administración estatal. Nos dous primeiros casos a correlación é positiva, mentres que no último é negativa. No caso da capacidade para falar en galego o cuarto servizo en que se dá unha correlación significativa son as páxinas web da administración local (positiva), mentres que no caso da capacidade para escribir en galego este cuarto servizo son os sistemas operativos (tamén se trata dunha correlación positiva). Se examinamos a autoavaliación **xeral** da competencia lingüística observamos que detectamos correlacións significativas en seis servizos, todos eles servizos para os que tamén rexistramos algunha correlación significativa nalgunha das destrezas. Trátase das redes sociais, dos blogues, dos foros, dos sistemas operativos, das páxinas web da administración local e das páxinas web da administración estatal. Nos catro primeiros casos a correlación é positiva, mentres que nos dous últimos é negativa.

Entender	***	***	***	***	***	***	*	**				*		**			
0.79	Ler	***	***	***	*	***		*				*		***			
0.59	0.62	Falar	***	***	***	***											
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	***	***						*					
0.66	0.71	0.85	0.83	Xeral	***	***	*										
0.18	0.14	0.21	0.20	0.20	***	***	***	***	***	***	***	**	***	**	***	***	***
0.25	0.22	0.23	0.21	0.25	0.61	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***
0.14	0.10	0.10	0.09	0.11	0.64	0.67	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***
0.17	0.12	0.06	0.04	0.08	0.45	0.57	0.46	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***
-0.02	-0.04	0.04	0.01	0.04	0.40	0.39	0.49	0.35	**	***	*	***	***	***	***	***	***
0.07	0.07	-0.06	-0.06	-0.04	0.22	0.41	0.38	0.49	0.20	***	***	***	***	***	***	***	***
0.10	0.08	-0.02	-0.06	-0.04	0.23	0.43	0.38	0.51	0.26	0.83	***	***	***	***	***	***	***
0.11	0.10	-0.01	-0.02	-0.02	0.17	0.31	0.27	0.38	0.16	0.76	0.76	***	***	***	***	***	***
-0.05	-0.09	-0.07	-0.11	-0.07	0.23	0.28	0.27	0.29	0.35	0.46	0.52	0.34	***	***	***	***	***
0.16	0.19	0.03	-0.00	0.03	0.15	0.37	0.32	0.39	0.23	0.61	0.66	0.71	0.35	***	***	***	***
0.10	0.06	-0.02	-0.02	0.01	0.33	0.43	0.45	0.40	0.39	0.52	0.55	0.49	0.41	0.58	***	***	***
0.03	0.00	-0.01	-0.06	-0.02	0.32	0.47	0.53	0.44	0.44	0.42	0.47	0.34	0.52	0.38	0.45	***	***
0.08	0.09	0.07	0.08	0.09	0.33	0.44	0.34	0.39	0.47	0.38	0.43	0.28	0.41	0.35	0.34	0.51	***

Gráfico 212: Relación entre a competencia lingüística e a percepción calidade do galego empregado nos trece servizos (coeficiente de correlación de Pearson)

No caso da percepción da **calidade** do galego, podemos observar no gráfico 212 que é na capacidade para **entender** onde rexistramos máis correlacións significativas, neste caso todas positivas: nas redes sociais, nos blogs, nos foros, nos medios de comunicación dixitais, nas páxinas web da administración autonómica e nas páxinas web das institucións educativas. No caso da capacidade para **ler** rexistramos correlacións significativas en cinco servizos, tamén positivas en todos os casos: redes sociais, blogs, medios de comunicación dixitais, páxinas web da administración autonómica e páxinas web de institucións educativas. No caso de **falar** e **escribir** rexistramos correlacións positivas significativas no caso das redes sociais e dos blogs; mentres que no caso da capacidade de escribir tamén rexistramos unha correlación negativa no caso das páxinas web da administración estatal. Finalmente, a autoavaliación **xeral** da competencia lingüística en galego está relacionada cunha percepción máis alta da calidade do galego empregado nas redes sociais, nos blogs e nos foros.

Cómpre apuntarmos tamén que, tanto no referente á percepción cuantitativa coma no referente á percepción cualitativa, existe unha alta coincidencia entre as capacidade para entender e ler en galego, por unha banda, e as capacidades para falar e escribir, por outra, no sentido de que os servizos en que as correlacións son significativas (e o signo destas correlacións) son practicamente os mesmos nas dúas competencias pasivas e nas dúas competencias activas.

4.4.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC




Gráfico 213: Relación entre o perfil de persoa usuaria e a frecuencia de uso das TIC coa percepción da presenza quantitativa do galego nos trece servizos (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 213 podemos observar a relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e a percepción da presenza quantitativa do galego nos trece servizos por que se preguntaba. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo inclúense os datos sobre o nivel de persoa usuaria do computador, o nivel de persoa usuaria dos dispositivos móbiles, o nivel de persoa usuaria de Internet, a frecuencia de uso dos dispositivos móbiles, a frecuencia de uso de Internet e, a seguir, os trece servizos. Así as cousas, cómpre fixármonos na esquina superior esquerda, desde a sexta columna comezando pola esquerda até a sexta fila comezando por arriba, e na esquina inferior dereita, desde a sexta fila comezando por arriba até a sexta columna comezando pola dereita. Na parte superior da matriz aumentamos o tamaño dos asteriscos en que cómpre fixármonos para facilitar a lectura dos datos.

Así, no caso no nivel de persoa usuaria do **computador**, registramos unha asociación positiva coa valoración da presenza do galego nos sistemas operativos, o que quere dicir que canto maior é a competencia de uso do computador, maior é a percepción da presenza quantitativa do galego nos sistemas operativos e viceversa. Isto é coherente co que explicamos anteriormente sobre as interfaces en galego dos sistemas operativos, pois a maioría das versións dos sistema operativo máis empregado, Microsoft Windows, requiren operacións adicionais para o podermos empregar en galego, unhas operacións que as persoas con menos competencias no uso do computador poden non saber realizar.

No caso das competencias no uso de **dispositivos móbiles** rexistramos unha asociación entre unha maior competencia no uso destes dispositivos e unha percepción máis positiva do grao de presenza do galego nas páxinas web da administración estatal. Canto á competencia no uso de **Internet** rexistramos asociacións positivas coa valoración da presenza do galego nas páxinas web das administracións provinciais, nas das administración autonómica, nas das administración estatal e nos sistemas operativos. Canto á **frecuencia no uso de dispositivos**, rexistramos tres correlacións significativas, todas elas positivas: canto máis usan os dispositivos as persoas informantes mellor valoran o grao de presenza do galego nas redes sociais, nas páxinas web de institucións educativas e nos sistemas operativos. Finalmente, no referente á **frecuencia de uso de Internet** rexistramos só dúas correlacións significativas, tamén positivas: as persoas que máis usan Internet perciben que o grao de presenza do galego é maior nas redes sociais e mais nos sistemas operativos.




Gráfico 214: Relación entre o perfil de persoa usuaria e a frecuencia de uso das TIC coa percepción da calidade do galego nos trece servizos (coeficiente de correlación de Pearson)

Detallamos no gráfico 214 a relación entre o perfil de persoa usuaria e a frecuencia de uso das TIC e a percepción da calidade do galego nos trece servizos. No caso do nivel de uso do **computador** as persoas usuarias cun nivel máis alto perciben que a calidade do galego empregado nos sistemas operativos é maior que as que teñen un nivel máis baixo, igual que acontecía ao valoraren o seu grao de presenza nos sistemas operativos. No caso do nivel de persoas usuarias de **dispositivos móbiles** rexistramos dúas asociacións significativas: as persoas cun maior nivel no uso de dispositivos móbiles consideran que a calidade do galego empregado nas páxinas web da administración estatal é maior; mentres que rexistramos unha correlación negativa no referente á

valoración da calidade do galego empregado nas páxinas web de institucións educativas, isto é, canto maior é a competencia no uso de dispositivos móbiles, menor é a valoración da calidade do galego empregado nas páxinas web de institucións educativas. Canto ao nivel de persoa usuaria de **Internet**, rexistramos varias correlacións significativas, todas elas positivas: canto maior é o nivel de persoa usuaria de Internet, mellor é a valoración da calidade do galego nas redes sociais, nas páxinas web dos concellos, nas das deputacións, nas da administración autonómica, nas da administración estatal e nos sistemas operativos. Finalmente, no referente á **frecuencia de uso dos dispositivos e de Internet**, só rexistramos unha correlación significativa: as persoas que máis usan os dispositivos e Internet consideran que a calidade do galego empregado nas redes sociais é maior.

4.4.1.4. Percepción e características do centro

4.4.1.4.1. Localización do centro




Gráfico 215: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e a percepción do grao de presenza do galego nos trece servizos (coeficiente de correlación de Pearson)




Gráfico 216: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e a calidade percibida do galego nos trece servizos (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 215 podemos observar que existe unha asociación entre o número de habitantes dos concellos en que se sitúan os centros e a percepción cuantitativa do galego nas redes sociais, nos blogues e nos sistemas operativos: canto menor é o número de habitantes, maior é a percepción da presenza do galego nestes servizos, e viceversa. Por outra banda, no gráfico 216 podemos observar que canto maior é o número de habitantes, menor é a calidade percibida para o galego empregado nas redes sociais e nos blogues, e viceversa.

Se lembramos, ao analizarmos o perfil lingüístico das persoas informantes (*vid.* §4.3.1.2) detectamos unha relación inversa entre o número de habitantes dos concellos de orixe e residencia e o nivel de uso do galego, un dato detectado tamén por outros traballos máis amplos. Por outra banda, rexistramos tamén unha alta coincidencia entre o número de habitantes dos concellos de orixe, de residencia e nos que se sitúan os centros, de aí que escollésemos só un deles á hora de cruzarmos os datos cos da percepción. Así as cousas, se nos concellos de menos habitantes é máis frecuente o galego como lingua inicial e como lingua habitual, é tamén esperábel que a percepción do grao de presenza do galego sexa maior, especialmente naqueles medios en que a elaboración do contido corresponde parcial ou totalmente á persoa usuaria ou en que a elección da lingua tamén depende da persoa usuaria. Este é o caso das redes sociais, dos blogues e dos sistemas operativos, os tres servizos en que as correlacións analizadas neste punto resultaron significativas.

4.4.1.4.2. Tipo de centro




Gráfico 217: Percepción do grao de presenza do galego segundo o tipo de centro




Gráfico 218: Percepción da calidade do galego segundo o tipo de centro

Nos gráficos 217 e 218 podemos observar as valoracións que as persoas informantes achegan sobre o grao de presenza e a calidade do galego nos trece servizos por que se

preguntaba e de xeito xeral (media), detalladas segundo o tipo de centro. O primeiro que observamos é que, de xeito xeral, as persoas que estudan ou traballan en centros públicos achegan valoracións máis altas, tanto do grao de presenza (2,52 fronte a 2,38) coma da calidade (2,76 fronte a 2,53).

No referente á valoración do **grao de presenza**, rexistramos diferenzas significativas entre centros públicos e privados no caso dos blogues ($p = 0,01664$), dos medios de comunicación dixitais ($p = 0,01486$), das páxinas web de institucións educativas ($p = 0,007959$) e dos sistemas operativos ($p = 0,0002117$). Como se pode comprobar no gráfico 217, en todos estes casos, agás no dos medios de comunicación dixitais, a percepción media é maior nos centros públicos que nos privados. No caso da valoración da **calidade** do galego só rexistramos diferenzas significativas entre tipos de centro no referente aos blogues ($p = 0,006569$), xa que as persoas procedentes de centros públicos valoran máis positivamente a calidade que as procedentes de centros privados, como se pode observar no segundo gráfico.

Estes datos confirman os que obtivemos ao analizarmos a nosa base de datos de blogues, pois detectamos que o uso do galego é menor nos blogues procedentes de centros privados (*vid.* §3.6.1). Aínda que é certo que o mundo dos blogues non se reduce aos blogues didácticos, estamos a ver que as persoas administradoras e/ou lectoras dos blogues didácticos de centros privados perciben tamén un menor uso do galego que as dos centros públicos. En calquera caso, aínda que nos datos xerais as diferenzas non sexan significativas, cando menos nalgúns servizos en concreto (a excepción dos medios de comunicación dixitais) parece que as persoas que estudan ou traballan en centros privados tenden a ter un menor contacto co galego.

4.4.2. Recapitulación

Despois de analizarmos a percepción do grao de presenza e da calidade do galego empregado en trece servizos diferentes, observamos que, en xeral, a percepción da calidade da lingua é lixeiramente máis alta que a do seu grao de presenza, mais nos dous casos as valoracións non son excesivamente altas: 2,73 sobre 5, no referente á calidade, e 2,5 sobre 5 no referente ao grao de presenza. Ao cruzarmos os datos de percepción cuantitativa e cualitativa co perfil xeral, co perfil lingüístico, co perfil de persoa usuaria das TIC das persoas informantes e co perfil dos centros obtivemos diferentes datos nos

diferentes servizos por que preguntamos. Para ofrecermos un resumo de todos estes datos, realizamos a media dos valores p obtidos nos trece servizos por que se preguntaba en cada unha das variábeis sociolóxicas que empregamos. Trátase dunha simplificación dos datos que nos permite elaborar unha clasificación das variábeis segundo a súa influencia na percepción da presenza cuantitativa e cualitativa do galego na rede. Velaquí os datos:

	Variábel	Media de valores p
1	Lingua habitual	0,1746058231
2	Colectivo	0,2149777654
3	Competencia lingüística	0,2440271751
4	Lingua inicial	0,2734038462
5	Tipo de centro	0,3404746692
6	Localización do centro	0,3530192308
7	Nivel TIC	0,3848386667
8	Frecuencia de uso das TIC	0,4035358333
9	Sexo	0,4118376923

Tabela 54: Influencia das variábeis sociolóxicas na percepción cuantitativa do galego na rede

	Variábel	Media de valores p
1	Colectivo	0,2732403562
2	Competencia lingüística	0,2914949977
3	Nivel TIC	0,3137184056
4	Lingua habitual	0,3141966609
5	Sexo	0,3352056154
6	Tipo de centro	0,4182360769
7	Frecuencia de uso das TIC	0,4247541667
8	Lingua inicial	0,4824369231
9	Localización do centro	0,4982881615

Tabela 55: Influencia das variábeis sociolóxicas na percepción cualitativa do galego na rede

Podemos observar que, no caso da percepción cuantitativa, a variábel que máis inflúe no tipo de percepción é a lingua habitual (que probablemente condicione os espazos polos que se moven as persoas informantes na rede), seguida do colectivo, da competencia lingüística, da lingua inicial, do tipo de centro, do nivel TIC, da frecuencia de uso das TIC e, finalmente, do sexo. Canto á percepción cualitativa, a variábel que máis inflúe é o colectivo, seguida da competencia lingüística, do nivel TIC, da lingua habitual, do sexo, do tipo de centro, da frecuencia de uso das TIC, da lingua inicial e, en último

lugar, da localización do centro. Podemos observar que estes valores medios non son inferiores en ningún caso a 0,05, o nivel de significación que estamos a empregar, aínda que en servizos concretos si detectamos diferenzas significativas en función das diferentes variábeis.

4.5. Promoción do galego en Internet

Despois de lles preguntarmos ás persoas informantes sobre a súa valoración do grao de presenza e da calidade do galego empregado en diferentes servizos da rede, así como nos sistemas operativos, quixemos saber tamén que opinaban sobre a promoción do galego na rede. Así, como indicamos ao describirmos a enquisa, preguntámoslles quen crían que promove o uso o galego na rede, así como se consideraban necesaria esta promoción. A aquelas persoas que contestaron que si tamén lles preguntamos quen crían que debería levar a cabo esa potenciación do galego en Internet. Imos analizar a continuación todos estes datos.

4.5.1. Axentes que potencian o uso do galego en Internet




Gráfico 219: Percepción do nivel de potenciación do galego na rede por parte de diferentes axentes

No gráfico anterior podemos observar en que medida consideran as persoas informantes que os axentes propostos potencian o uso do galego na rede ou, o que é o mesmo, represéntase a porcentaxe de persoas que escolleron cada unha das opcións propostas para a pregunta “Quen consideras que debe potenciar o uso do galego na rede?”. podemos observar que se considera que o esforzo máis importante fano as persoas usuarias, pois o 64% das persoas informantes escolleron esta opción. En segundo lugar

atópase a Xunta de Galicia, opción escollida polo 50% das persoas que realizaron a enquisa, seguida das universidades (42%), dos colectivos alleos á administración (41%), dos concellos (28%) e das deputacións provinciais (18%). Só o 6% das persoas considera que ninguén potencia o galego na rede e ningunha indicou unha opción alternativa ás propostas. A continuación imos analizar estes datos máis ao detalle, atendendo ao perfil xeral, ao perfil lingüístico e ao perfil de persoas usuarias das TIC das persoas informantes, así como ao perfil dos centros en que estudan ou traballan.

4.5.1.1. Perfil das persoas informantes

4.5.1.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo




Gráfico 220: Porcentaxe de persoas informantes que consideran que os axentes propostos promoven o galego na rede segundo o sexo e o colectivo

Nos gráficos anteriores podemos observar os datos detallados por sexo e por colectivo. Canto ao **sexo**, podemos observar que as diferenzas non son moi amplas, algo que confirmamos se realizamos unha proba χ^2 de Pearson⁹⁴ para avaliarmos se as frecuencias observadas nos dous grupos difiren ou non significativamente das esperadas, pois en ningún caso o valor p é inferior a 0,05. Así as cousas, o sexo non é unha variábel que inflúa na valoración da potenciación do galego na rede realizada polos diferentes axentes propostos.

94 Como explicamos na nota 92, para a análise das respostas referentes á promoción do galego na rede traballaremos con frecuencias, mentres que no caso da percepción e do uso empregamos medias.

Por outra banda, se nos fixamos no segundo gráfico podemos observar que as diferenzas entre os dous **colectivos**, estudantado e profesorado, son máis pronunciadas, pois ao realizarmos a proba χ^2 de Pearson comprobamos que case todas as diferenzas que apreciamos no gráfico son significativas: Xunta ($p = 6,3872E-008$), deputación ($p = 0,029263$), concellos ($p = 0,023216$), universidades ($p = 0,00061201$), colectivos ($p = 3,412E-009$) e persoas usuarias ($p = 9,3181E-009$), mentres que non achamos unha diferenza significativa no caso da opción *ninguén*.

Con todo, estas diferenzas poden ir en dúas direccións: rexistramos casos en que a valoración do estudantado é superior á do profesorado e casos en que a situación é a inversa. Entre os primeiros atópanse a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais e os concellos; mentres que entre os segundos atopamos as universidades, os colectivos alleos á administración e mais as persoas usuarias. Isto quere dicir que o estudantado percibe que os esforzo das institucións públicas (a excepción das universidades) é maior do que considera o profesorado, mentres que para este último colectivo son máis importantes os esforzos das persoas usuarias e dos colectivos alleos á administración que para o estudantado. Consideramos que isto podería ser un reflexo da perda de falantes que está a sufrir o galego: o colectivo de máis idade, no que é máis probábel que as relacións se dean tamén con persoas de máis idade, en que a porcentaxe de galegofalantes é maior (IGE, 2004-2014), percibe que os esforzos alleos á administración son máis importantes que os das propias administracións; mentres que o colectivo de menos idade, no que a porcentaxe de uso do galego é menor (IGE, 2004-2014), considera que os esforzos das persoas alleas á administración son menos importantes porque é probábel que se movan en contextos de persoas novas en que isto é efectivamente así. De feito, cando detallamos os datos de lingua habitual segundo o colectivo detectamos tamén esta relación (*vid.* §4.3.1.2.1).

4.5.1.1.2. Perfil lingüístico

4.5.1.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual

Nos gráficos representados en 221 podemos observar o detalle da percepción da potenciación do galego na rede por parte dos axentes propostos segundo a lingua inicial e segundo a lingua habitual. No tocante á **lingua inicial**, as persoas que teñen o español

como lingua inicial consideran, en todos os casos agás no caso das persoas usuarias, que a potenciación do galego na rede é maior do que valoran as persoas co galego como lingua inicial. Con todo, como se pode observar no gráfico, en ningún caso esta diferenza é significativa. Nese cálculo inclúense os tres grupos (español, galego e outras) e, aínda que nalgúns casos as persoas con outras linguas iniciais teñen datos moi diferentes dos das persoas que aprenderon a falar en español ou en galego, cómpre lembrarmos que se trata dun grupo demasiado pequeno (oito persoas), polo que o número de rexistro é insuficiente para que esas diferenzas poidan ser consideradas significativas.




Gráfico 221: Percepción do nivel de potenciación do galego na rede por parte de diferentes axentes segundo a lingua inicial (esquerda) e a lingua habitual (dereita)

Canto á **lingua habitual**, a situación é diferente: as diferenzas entre os tres grupos son significativas en todas as opcións de resposta, agás na opción “ninguén” e no caso das universidades: Xunta ($p = 0,00000174$), deputacións ($p = 0,023935$), concellos ($p = 0,0022595$), colectivos ($p = 0,00039248$) e persoas usuarias ($p = 0,00019067$). As persoas falantes de español consideran que o papel das institucións na potenciación do galego na rede é máis importante do que consideran as persoas galegofalantes; mentres que a situación é a inversa no caso dos colectivos alleos á administración e das persoas usuarias. Esta situación é moi semellante á que describimos no caso das diferenzas entre colectivos (vid. §4.5.1.1.1) e confirma a nosa sospeita, pois parece haber unha relación entre as persoas falantes de español e o estudiantado, por unha banda, e entre as persoas falantes de galego e o profesorado, por outra, á hora de valoraren quen realiza esforzos

para potenciar o uso do galego na rede. Así as cousas, parece que os colectivos menos familiarizados co galego (o estudiantado pola súa idade, tendo en conta os datos achegados por outras fontes, e as persoas falantes de español pola súa lingua habitual) tenden a considerar que os esforzos a favor do galego na rede están realizados polas administracións en maior medida; mentres que as persoas máis familiarizadas co galego consideran en maior media que os esforzos son feitos por axentes alleos á administración ou, o que é o mesmo, consideran que a administración non fai tantos esforzos e que son axentes alleos á administración os que traballan a prol do uso do galego na rede. Consideramos que debemos entender isto coma unha chamada de atención ás diferentes administracións por parte das persoas galegofalantes, pois para elas os esforzos feitos polas administracións son insuficientes (ningunha administración acadou un 50% de valoracións positivas por parte de persoas galegofalantes).

4.5.1.1.2.2. Competencia lingüística




Gráfico 222: Relación entre a competencia lingüística declarada e a percepción da potenciación do galego na rede por parte de diferentes axentes (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 222 podemos observar a relación entre a competencia lingüística (nas catro destrezas e de xeito xeral), valorada nunha escala de 1 a 5, e a percepción da potenciación do galego na rede por parte dos axentes por que se preguntaba, nunha escala de 0 -opción non marcada- a 1 -opción marcada- (de esquerda a dereita e de arriba a abaixo: Xunta, deputacións, concellos, universidades, colectivos alleos á administración, persoas usuarias e ninguén). Cómpre fixármolos, por tanto, na parte inferior esquerda desde a sexta fila comezando por arriba até a quinta columna comezando pola dereita; en a parte superior dereita desde a sexta columna comezando

pola esquerda até a quinta fila comenzando por arriba. Como en casos anteriores, amosamos o coeficiente de correlación de Pearson na parte inferior esquerda da matriz, e indicamos se a correlación é ou non significativa na parte superior dereita. Podemos observar que unha boa parte das correlacións que observamos son significativas. Así, no caso da Xunta, a asociación entre unha maior competencia lingüística e unha percepción máis negativa dos esforzos que fai por potenciar a presenza do galego na rede dáse en todas as destrezas e na valoración xeral; mentres que no caso das deputacións e dos concellos só se dá na capacidade de falar e escribir e na valoración xeral, mais non nas capacidades para entender e ler. Por outra banda, no caso dos colectivos alleos á administración e das persoas usuarias detectamos asociacións positivas en todos os casos, mentres que no caso das universidades e da opción “ninguén” ningunha das correlacións é significativa.

Así as cousas, estes datos son coherentes con outros que vimos de analizar e, especialmente, cos referentes á lingua habitual, pois confirman que as persoas con máis contacto co galego valoran en maior medida os esforzos alleos á administración, ao tempo que non consideran tan importantes os esforzos realizados polas diferentes administracións por que se preguntaba.

4.5.1.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC

Computador	***	***	*																	
0.38	Disp. mob.	***	**	***																
0.42	0.36	Internet	***	***																
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***					*	**	*									
0.09	0.18	0.22	0.71	Frec. int.					*	*										
-0.05	-0.00	-0.00	-0.04	-0.06	Xunta	***	***	***	**	***	***									
-0.08	-0.01	0.04	-0.02	-0.06	0.43	Deputacións	***	***	*	*										
-0.03	0.01	0.01	0.01	-0.07	0.45	0.63	Concellos	***	*	**										
0.01	-0.01	0.02	0.12	0.06	0.18	0.21	0.29	Universidades	***											***
0.03	-0.05	0.04	0.16	0.13	-0.15	0.06	0.01	0.18	Colectivos	***	***									***
0.04	-0.06	-0.02	0.13	0.12	-0.33	-0.11	-0.12	0.02	0.30	Persoas	***	***								***
-0.07	-0.00	-0.04	-0.03	-0.03	-0.20	-0.11	-0.15	-0.21	-0.20	-0.28	Ninguén									

Gráfico 223: Relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e a percepción da promoción do galego na rede por parte de diferentes axentes (coeficiente de correlación de Pearson)

Como podemos observar nos datos do gráfico 233, no caso do **nivel de persoa usuaria** das TIC, os valores p non son inferiores a 0,05 en ningún dos casos, polo que as

relacións que apreciamos poden deberse ao azar ou, o que é o mesmo, non podemos afirmar que exista unha asociación entre o nivel de persoa usuaria das TIC e a valoración da potenciación do galego na rede por parte dos axentes por que se preguntaba. Porén, no caso da **frecuencia de uso** de dispositivos e de Internet, como podemos observar, rexistramos algunhas correlacións significativas. Así, no caso da frecuencia de uso de dispositivos existe unha relación entre unha maior frecuencia de uso e unha maior valoración dos esforzos realizados polas universidades, polos colectivos alleos á administración e polas persoas usuarias; mentres que no caso da frecuencia de uso de Internet só rexistramos asociacións nos dous últimos casos.

4.5.1.2. Características do centro

4.5.1.2.1. Localización do centro

Habitantes				***			
0.04	Xunta	***	***	***	**	***	***
0.00	0.43	Deputacións	***	***		*	*
0.05	0.45	0.63	Concellos	***		*	**
0.17	0.18	0.21	0.29	Universidades	***		***
0.05	-0.15	0.06	0.01	0.18	Colectivos	***	***
-0.07	-0.33	-0.11	-0.12	0.02	0.30	Persoas	***
-0.03	-0.20	-0.11	-0.15	-0.21	-0.20	-0.28	Ninguén

Gráfico 224: Relación entre o número de habitantes dos concellos en que se atopan os centros e a percepción da promoción do galego na rede por parte de diferentes axentes (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 224 podemos observar que só unha destas relacións é significativa: canto maior é o número de habitantes do concello en que estudan ou traballan as persoas informantes, máis positiva é a valoración dos esforzos realizados polas universidades para potenciar o galego na rede e viceversa.

4.5.1.2.2. Tipo de centro




Gráfico 225: Valoración da potenciación do galego na rede por parte de diferentes axentes segundo o tipo de centro

No gráfico 225 detallamos os datos de valoración da potenciación do galego na rede segundo o tipo de centro en que estuden ou traballen as persoas informantes. A proba χ^2 só rexistra diferenzas significativas no caso da Xunta ($p = 0,0073853$) e das persoas usuarias ($p = 0,025386$). Así as cousas, podemos afirmar que a valoración dos esforzos realizados por parte da Xunta de Galicia para a potenciación do galego na rede é significativamente superior no caso das persoas procedentes de centros privados que no das procedentes de centros públicos; ao tempo que no caso das persoas usuarias é significativamente superior no grupo de persoas procedentes de centros públicos que no procedente de centros privados. Se temos en conta que ao longo deste traballo constatamos unha maior familiaridade co galego nos centros públicos (*vid.* §3.6.1 e §4.6.1.2.2), estes datos son coherentes con todos os que vimos de expoñer: as persoas máis familiarizadas co galego valoran máis os esforzos non institucionais, mentres que as persoas menos familiarizadas co galego valoran máis os esforzos institucionais.

4.5.1.3. Recapitulación

	Variábel	Media de valores p
1	Colectivo	0,1413458695
2	Competencia lingüística	0,1652858991
3	Lingua habitual	0,1667999129
4	Frecuencia de uso das TIC	0,2687392143
5	Lingua inicial	0,3206607143
6	Tipo de centro	0,3669873286
7	Localización do centro	0,3723276143
8	Nivel TIC	0,5942371429
9	Sexo	0,6288675

Tabela 56: Influencia das variábeis sociolóxicas na percepción dos axentes que promoven o galego en Internet

Na tabela anterior podemos observar a clasificación das variábeis sociolóxicas segundo inflúan máis ou menos na percepción dos axentes que promoven o galego na rede. Podemos observar que a que máis inflúe é o colectivo, mentres que a que menos influencia ten é o sexo. Máis unha vez, ningunha das medias de valores p obtidos nas diferentes probas estatísticas aplicadas a cada variábel é inferior a 0,05 mais, como lembramos, si o era nalgunhas opcións de resposta concretas.

4.5.2. Necesidade da promoción do galego en Internet




Gráfico 226: Opinión sobre a necesidade de promover o galego na rede

Despois de lles preguntarmos ás persoas informantes quen crían que potenciaba o uso do galego na rede, preguntámoslles tamén se consideraban se esta potenciación é ou non

necesaria (“Consideras que son necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego en Internet?”). A esta pregunta respondeu que si un 88% das persoas que realizaron o cuestionario, mentres que só un 12% contestou que non. Así as cousas, podemos afirmar que existe un amplo apoio á potenciación do galego na rede por parte das persoas que realizaron a nosa enquisa, mais queremos saber tamén se existen diferenzas significativas en función doutras variábeis. Por esta razón, imos analizar a continuación estes datos cruzándoos coas mesmas variábeis que no caso anterior: perfil xeral (sexo e colectivo), perfil lingüístico (lingua inicial, lingua habitual e competencia lingüística), perfil de persoa usuaria das TIC (nivel de competencia e frecuencia de uso) e perfil do centro en que estudan ou traballan as persoas informantes (habitantes do concello en que se sitúa e tipo de centro).

4.5.2.1. Perfil das persoas informantes

4.5.2.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo




Gráfico 227: Necesidade de potenciación do galego na rede segundo o sexo e o colectivo

Nos dous gráficos anteriores podemos observar as respostas á pregunta “Consideras que son necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego en Internet?” detalladas segundo o sexo e segundo o colectivo. Podemos observar que as mulleres, por unha banda, e o profesorado, por outra, consideran en maior medida que os homes e o que estudantado, respectivamente, que estas actuacións sexan necesarias. Con todo, no caso do colectivo as diferenzas son máis avultadas que no caso do sexo. Máis unha vez, para sabermos se as diferenzas entre as frecuencias esperadas e as observadas son

significativas, realizamos a proba χ^2 de Pearson, que nos indicará que as diferenzas entre os grupos non son significativas no caso do sexo, mais si no caso do colectivo, en que podemos afirmar que o profesorado considera que son necesarias medidas para a promoción do galego na rede nunha proporción significativamente máis alta que o estudiantado.

4.5.2.1.2. Perfil lingüístico

4.5.2.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual




Gráfico 228: Necesidade de potenciación do galego na rede segundo a lingua inicial (esquerda) e a lingua habitual (dereita)

Nos dous gráficos anteriores podemos observar as respostas á pregunta “Consideras que son necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego en Internet?” detalladas segundo a lingua inicial (gráfico da esquerda) e segundo a lingua habitual (gráfico da dereita). Os valores p obtidos ao realizarmos a proba χ^2 de Pearson son inferiores a 0,05 nos dous casos, aínda que no caso da lingua habitual a diferenza é máis acentuada ($p = 1,7942E-06$ fronte a $p = 0,0132016$). Así as cousas, constatamos que as persoas cun maior contacto co galego son as que se amosan máis sensíbeis á hora de apoiar medidas de defensa da lingua, neste caso no eido concreto da rede. Para alén disto, constatamos, máis unha vez, que a lingua habitual é máis importante que a lingua inicial nas asociacións.

4.5.2.1.2.2. Competencia lingüística

Entender	***	***	***	***	***
0.79	Ler	***	***	***	***
0.59	0.62	Falar	***	***	***
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	***
0.66	0.71	0.85	0.83	Xeral	***
0.20	0.23	0.24	0.23	0.24	Necesidade

Gráfico 229: Relación entre a competencia lingüística e a valoración da necesidade de promover o galego na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 229 podemos observar as relacións entre as respostas á pregunta “Consideras que son necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego en Internet?” (nunha escala de 0 -non- a 1 -si-) e a competencia lingüística declarada, tanto de xeito xeral como detallada por destrezas (nunha escala de 1 a 5). Como se pode observar, o coeficiente é bastante alto, sempre superior a 0,02, e todos os valores p obtidos son inferiores a 0,05. Isto quere dicir que existe unha importante relación entre unha maior competencia lingüística declarada e unha maior sensibilidade sobre a necesidade de tomar medidas a favor da defensa do galego en Internet.

4.5.2.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC

No gráfico 230 amosamos a relación entre as respostas á pregunta “Consideras que son necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego en Internet?” (nunha escala de 0 -non- a 1 -si-) e o nivel de competencia das persoas informantes no uso do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet (nunha escala de 1 a 4), así como coa frecuencia de uso de dispositivos e mais de Internet (neste caso, nunha escala de 1 a 6). Como se pode observar, a correlación só é significativa no caso do nivel de persoa usuaria do computador ($p = 0,04053$), isto é, canto maior é o nivel de persoa usuaria do computador, maior é a proporción de persoas que contesta “si” á pregunta exposta.

Computador	***	***	*		*
0.38	Disp. mób.	***	**	***	
0.42	0.36	Internet	***	***	
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***	
0.09	0.18	0.22	0.71	Frec. int.	
0.10	0.06	0.05	0.01	0.00	Necesidade

Gráfico 230: Relación entre o nivel de persoa usuaria e a frecuencia de uso das TIC e a valoración da necesidade de promover o galego na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

4.5.2.2. Características do centro

4.5.2.2.1. Localización do centro



Gráfico 231: Necesidade de potenciación do galego na rede e número de habitantes do concello en que se sitúa o centro en que estudan ou traballan as persoas informantes (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 231 represéntase a relación entre a necesidade de promover o galego na rede (representada, como até agora, nunha escala de 0 a 1) e o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro en que estudan ou traballan as persoas informantes. Como se pode observar, o coeficiente de correlación de Pearson é de -0,13 e un valor p de 0,006939. Así as cousas, podemos confirmar que existe unha asociación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro en que estudan ou traballan as persoas informantes e a súa sensibilidade sobre a necesidade de tomar ou non medidas

para promover o galego na rede: canto menor é o número de habitantes, máis son as persoas que consideran que se deben tomar medidas para potenciar o uso do galego na rede e viceversa. Este dato confirma, máis unha vez, unha maior sensibilidade nesta cuestión por parte das persoas que teñen máis contacto co galego pois, como vimos en diversas ocasións, existe tamén unha relación inversa entre o número de habitantes e a presenza do galego como lingua inicial e habitual.

4.5.2.2.2. Tipo de centro




Gráfico 232: Necesidade de potenciación do galego na rede segundo o tipo de centro en que estudan ou traballan as persoas informantes

Como se pode observar no gráfico anterior, as persoas procedentes de centros públicos amosan unha maior sensibilidade á hora de considerar que son necesarias medidas para a promoción do galego na rede, mentres que no caso dos centros privados esta sensibilidade é máis baixa. A proba χ^2 de Pearson devolve un valor p de 0,0076142, polo que a diferenza entre as frecuencias observadas é as esperadas resultou ser significativa. Isto quere dicir que as persoas que estudan ou traballan en centros privados teñen unha sensibilidade significativamente menor que as persoas que o fan en centros públicos. Como indicamos noutras ocasións, esta é unha tendencia que xa detectamos ao analizarmos a nosa base de datos de blogs (vid. §3.6.1) e que estamos a corroborar ao analizarmos os datos obtidos co noso cuestionario.

4.5.2.3. Recapitulación

	Variábel	Valores p ou media de valores p
1	Lingua habitual	1,7942E-06
2	Colectivo	0,000035571

	Variábel	Valores p ou media de valores p
3	Competencia lingüística	0,00603034
4	Localización do centro	0,006939
5	Tipo de centro	0,0076142
6	Lingua inicial	0,0132016
7	Nivel TIC	0,1710766667
8	Sexo	0,30801
9	Frecuencia de uso das TIC	0,8514

Tabela 57: Influencia das variábeis sociolóxicas na consideración de se é necesario ou non promover o galego na rede

Na tabela anterior podemos observar a clasificación das variábeis sociolóxicas desde a que máis inflúe na consideración de se é necesario ou non promover o galego na rede (a lingua habitual) até a que menos inflúe (a frecuencia de uso das TIC). Neste caso atopamos algo que non rexistráramos en casos anteriores: a media de valores p é inferior a 0,05 até en seis variábeis: lingua habitual, colectivo, competencia lingüística, localización do centro, tipo de centro e lingua inicial.

Con todo, cómpre remarcarmos que neste caso os datos son máis sinxelos, pois as persoas informantes só tiñan dúas opcións de resposta excluíntes (si ou non), polo que os valores p que observamos na tabela anterior non son valores medios dos valores p en todos os casos. No caso do sexo, do colectivo, da lingua inicial e habitual e do tipo de centro trátase dos valores p obtidos ao realizar a proba χ^2 para vermos se a diferenza entre as frecuencias esperadas e as observadas. No caso da competencia lingüística, o valor que se amosa é a media dos valores p obtidos ao calcular o coeficiente de correlación de Pearson para cada unha das catro destrezas e para a valoración xeral en relación coas respostas achegadas (lembrems que lle atribuímos un 1 á resposta “Si” e un 0 á resposta “Non” para realizarmos este cálculo). No caso de nivel de persoa de usuaria das TIC é o valor medio dos valores p obtidos ao achar o coeficiente de correlación para o nivel de uso do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet. No caso da frecuencia de uso, tamén achegamos a media dos valores obtidos para a frecuencia de dispositivos e para a frecuencia de Internet. Finalmente, no caso da localización do centro, amosamos o valor p obtido ao calcular o coeficiente de correlación entre o número de habitantes e o número de respostas positivas.

Así, tendo en conta os datos obtidos, podemos constatar que as persoas que teñen o galego como lingua habitual, o profesorado, as persoas que consideran ter unha maior

competencia lingüística, as persoas que estudan ou traballan nos centros localizados en concellos de menos habitantes e nos centros públicos e as que teñen o galego como lingua inicial consideran en maior media que o galego se debe promover na rede.

4.5.3. Axentes que deberían potenciar o uso do galego en Internet




Gráfico 233: Quen promove e quen debería promover o uso do galego na rede segundo as persoas informantes

Ás persoas que contestaron “si” á pregunta “Consideras que son necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego en Internet?” (376 de 428) realizámoslles unha cuestión adicional: “Quen consideras que debe potenciar o uso do galego na rede?”. Para esta cuestión as opcións de resposta eran as mesmas que as da pregunta “Quen consideras que potencia o uso do galego na rede?”, o que nos permite comparar as respostas a estas dúas preguntas, como se pode observar no gráfico anterior. Podemos observar que as persoas informantes consideran en todos os casos que o esforzo destes axentes por promover o uso do galego na rede debe ser maior do que perciben que realmente fan. Para alén disto, observamos tamén que as diferenzas son maiores naqueles axentes en que o esforzo percibido é tamén menor (deputacións, concellos,

Xunta de Galicia, universidades) e menores no caso dos axentes en que a valoración dos seus esforzos é máis alta (colectivos alleos á administración e persoas usuarias). Como é lóxico, tendo en conta que só responderon esta pregunta aquelas persoas que consideraban que eran necesarias para potenciar o uso do galego na rede, ningunha persoa sinalou que ninguén debería promover o uso do galego na rede. Cómpre indicar tamén que ningunha persoa engadiu opción adicional ningunha, aínda que isto era posíbel.

A continuación imos analizar os datos detallados segundo o perfil das persoas informantes (xeral, lingüístico e de usuarias das TIC) e dos centros en que estudan ou traballan (localización e tipo de centro).

4.5.3.1. Perfil das persoas informantes

4.5.3.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo




Gráfico 234: Porcentaxe de persoas informantes que consideran que os axentes propostos deberían promover o galego na rede segundo o sexo e o colectivo

Nos dous gráficos anteriores podemos observar a porcentaxe de persoas informantes que considera que os axentes propostos deberían promover o galego na rede segundo o sexo e segundo o colectivo. Como vimos de indicar, só contestaron esta pregunta 376 das 428 persoas informantes (87,85% da mostra), polo que as porcentaxes anteriores son relativas a ese subgrupo de 376 persoas, non ao total da mostra.

Se nos fixamos na distribución segundo o **sexo**, podemos comprobar que existen diferenzas entre homes e mulleres, mais non son moi avultadas: as mulleres consideran que as persoas usuarias, os colectivos alleos á administración e mais as universidades deberían potenciar o galego na rede en maior medida do que consideran os homes; mentres que na situación inversa están a Xunta de Galicia, as deputacións e máis os concellos. A maior distancia entre sexos e observámola no caso das persoas usuarias, único caso en que a proba χ^2 de Pearson nos devolve un valor p inferior a 0,05 (0,0035057). Así as cousas, parece que as mulleres da nosa mostra lles esixen ás persoas usuarias un esforzo para a potenciación do galego na rede significativamente maior do que lles esixen os homes.

Fixémonos agora nas diferenzas segundo o **colectivo**. Podemos observar que a proba χ^2 de Pearson devolve valores p inferiores a 0,05 para todas as opcións agás “ninguén”: Xunta (1,3608E-11), deputacións (1,4748E-12), concellos (3,1086E-15), universidades (1,1102E-16), colectivos alleos á administración (1,7764E-15) e persoas usuarias (0,000000032). Así as cousas, o estudantado considera que os esforzos que deberían realizar estes axentes son significativamente menores do que considera o profesorado. A diferenza é especialmente importante no caso das universidades, seguidas dos colectivos alleos á administración, dos concellos, das deputacións, da Xunta de Galicia e das persoas usuarias.

Consideramos que este é un dato negativo, pois implica que o colectivo de menos idade, que supón o futuro da lingua, é o que ve menos necesarias as medidas para a potenciación do galego na rede. Con todo, cómpre non esquecermos que estamos a tratar un contexto moi específico, o educativo, e que podería ser que no total da poboación a diferenza entre franxas de idade non sexa tan avultada, xa que pode que o profesorado estea máis concienciado que o total da poboación nas mesmas franxas idade.

4.5.3.1.2. Perfil lingüístico

4.5.3.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual

Nos gráficos representados en 235 podemos observar as porcentaxes de persoas informantes que consideran que os axentes propostos deberían promover o galego na

rede detalladas segundo a lingua inicial (esquerda) e segundo a lingua habitual (dereita). No referente á **lingua inicial** podemos comprobar que nalgúns casos é maior a porcentaxe de persoas con lingua inicial español a que contesta si a esta pregunta, mentres que noutros é o grupo de persoas co galego como lingua inicial o que presenta porcentaxes máis altas. Con todo, as diferenzas entre os tres grupos e, especialmente, entre os dous máis importantes (español e galego) non son moi avultadas. De feito, a proba χ^2 de Pearson non achega ningunha diferenza significativa.




Gráfico 235: Porcentaxe de persoas informantes que consideran que os axentes propostos deberían promover o galego o galego na rede segundo a lingua inicial (esquerda) e a lingua habitual (dereita)

No caso da **lingua habitual** os datos que nos achega o gráfico son moi diferentes: por unha banda, as diferenzas entre os dous grupos maioritarios (falantes habituais de español e falantes habituais de galego) son máis avultadas e, por outra, as persoas galegofalantes son as que demandan en maior medida esforzos por parte dos axentes propostos, agás no caso das persoas usuarias, en que a situación é a inversa. A proba χ^2 de Pearson devolve valores p inferiores a 0,05 en todos os casos agás na opción “ninguén”: Xunta (2,8752E-08), deputacións (0,00014506), concellos (6,3368E-09), universidades (3,6318E-08), colectivos alleos á administración (2,2835E-06) e persoas usuarias (0,0128999). Non nos imos deter nas respostas do grupo de persoas que afirman ter outras linguas habituais, xa que se trata de só 8 informantes, polo que as

conclusión que poidamos tirar con respecto a este grupo son moi febles. Con todo, si fica claro que as persoas galegofalantes demandan un esforzo institucional (Xunta de Galicia, deputacións, concellos e universidades) e por parte de colectivos alleos á administración en maior medida que as persoas falantes habituais de español. Como en casos anteriores, consideramos que debemos interpretar estes datos coma unha chamada de atención ás institucións por parte das persoas galegofalantes, algo que xa detectamos anteriormente (vid. §4.5.1.1.2.1).

4.5.3.1.2.2. Competencia lingüística

Entender	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***	
0.79	Ler	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***	
0.59	0.62	Falar	***	***	***	*	***	**	**	***	***	
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	***	***	***	***	***	**	***	
0.66	0.71	0.85	0.83	Xeral	***	***	***	***	***	**	**	
0.21	0.30	0.20	0.21	0.22	Xunta	***	***	***	***	***	***	
0.24	0.27	0.13	0.18	0.18	0.67	Deputacións	***	***	***	***	***	
0.25	0.30	0.19	0.26	0.22	0.74	0.85	Concellos	***	***	***	***	
0.22	0.27	0.16	0.18	0.18	0.65	0.69	0.74	Universidades	***	***	***	
0.19	0.21	0.16	0.16	0.17	0.50	0.62	0.60	0.64	Colectivos	***	***	
0.22	0.21	0.18	0.18	0.16	0.26	0.40	0.39	0.43	0.60	Persoas	***	
NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	Ninguen

Gráfico 236: Relación entre a competencia lingüística declarada e a percepción da necesidade de potenciar o uso do galego na rede por parte de diferentes axentes (coeficiente de correlación de Pearson)

Como se pode observar no gráfico 236, a asociación entre as dúas variábeis parece clara: os valores p son inferiores a 0,05 en todos os casos e os coeficientes de correlación son sempre números positivos, agás no caso da opción “ninguén” en que o coeficiente de correlación de Pearson non nos devolve resultado ningún. Así as cousas, canto maior é a competencia lingüística declarada polas persoas informantes, en maior medida consideran que é necesario que os axentes propostos potencien o uso do galego na rede. Máis unha vez, observamos que as persoas que teñen unha maior relación co galego (porque é a súa lingua habitual e/ou porque consideran que teñen unha competencia lingüística alta) son as que se amosan máis sensíbeis á hora de considerar que son necesarias medidas para a súa potenciación.

4.5.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC

No gráfico 237 podemos observar que as asociacións entre o perfil de persoa usuaria das TIC e a percepción da necesidade de potenciar o uso do galego na rede por parte de diferentes axentes non é moi forte. Con todo, rexistramos casos puntuais en que se dan correlacións significativas: canto máis alto é o nivel de persoa usuaria de Internet, maior é a necesidade percibida de que as deputacións promovan o uso do galego na rede ($p = 0,03495$); canto maior é a frecuencia no uso de dispositivos, maior é a percepción de que os concellos e os colectivos alleos á administración deben promover o uso do galego na rede ($p = 0,03218$ e $p = 0,007896$, respectivamente); e, finalmente, canto maior é a frecuencia de uso de Internet, maior é a percepción de que os colectivos alleos á administración deben promover o uso do galego na rede ($p = 0,02379$).

Computador	***	***	*									
0.38	Disp. mob.	***	**	***								
0.42	0.36	Internet	***	***		*						
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***			*			*		
0.09	0.18	0.22	0.71	Frec. int.						*		
0.08	-0.01	0.09	0.08	0.03	Xunta	***	***	***	***	***	***	***
0.05	-0.00	0.10	0.09	0.03	0.67	Deputacións	***	***	***	***	***	***
0.06	0.00	0.09	0.10	0.09	0.74	0.85	Concellos	***	***	***	***	***
0.04	-0.02	0.03	0.08	0.03	0.65	0.69	0.74	Universidades	***	***	***	***
0.03	-0.04	0.08	0.13	0.11	0.50	0.62	0.60	0.64	Colectivos	***	***	***
-0.01	-0.04	-0.01	0.04	0.05	0.26	0.40	0.39	0.43	0.60	Persoas		
NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	Ninguen

Gráfico 237: Relación entre o nivel de competencia no uso das TIC e a percepción da necesidade de potenciar o uso do galego na rede por parte de diferentes axentes (coeficiente de correlación de Pearson)

En resumo, aínda que detectamos asociacións puntuais, o nivel de persoa usuaria das TIC e a frecuencia de uso dos dispositivos e mais de Internet non parecen ter o impacto que si teñen outras variábeis á hora de as persoas informantes lles demandaren aos axentes propostos que promovan o galego na rede.

4.5.3.2. Características do centro

4.5.3.2.1. Localización do centro

Como se pode comprobar no gráfico 238, todas as relación son negativas, agás no caso das universidades, mais ningunha acada un valor p significativo. Así as cousas, non detectamos na nosa mostra asociación ningunha entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro en que estudan ou traballan as persoas informantes e a súa percepción de que os axentes propostos deban potenciar o uso do galego na rede. Con todo, cómpre remarcarmos que, aínda que as correlacións non son significativas, si seguen a mesma tendencia que rexistramos na pregunta “Consideras que son necesarias actuacións para aumentar a presenza do galego en Internet?”, en que se daba esta mesma relación inversa, mais nese caso si era significativa nalgún caso (*vid.* §4.5.1.2.1).

Habitantes							
-0.05	Xunta	***	***	***	***	***	
-0.04	0.67	Deputacións	***	***	***	***	
-0.02	0.74	0.85	Concellos	***	***	***	
0.00	0.65	0.69	0.74	Universidades	***	***	
-0.01	0.50	0.62	0.60	0.64	Colectivos	***	
-0.02	0.26	0.40	0.39	0.43	0.60	Persoas	
NA	NA	NA	NA	NA	NA	NA	Minguén

Gráfico 238: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro en que estudan ou traballan as persoas informantes e a percepción da necesidade de potenciar o uso do galego na rede por parte de diferentes axentes (coeficiente de correlación de Pearson)

4.5.3.2.2. Tipo de centro

No gráfico 239 podemos observar as porcentaxes de persoas informantes que consideran que é necesario que os axentes propostos promovan o uso do galego na rede. Podemos observar dous grupos de situacións: no caso dos axentes institucionais (Xunta de Galicia, deputacións provinciais, concellos e universidades) son as persoas procedentes de centros privados as que consideran que estes axentes deberían promover o uso do galego na rede en maior proporción que as procedentes de centros públicos;

mentres que no caso dos colectivos alleos á administración e das persoas usuarias a situación é a inversa. Con todo, a proba χ^2 de Pearson non nos devolve ningún valor p inferior a 0,05, polo que non podemos establecer na nosa mostra asociacións significativas entre o tipo de centro e a percepción de que os axentes propostos deban ou non promover o uso do galego na rede.




Gráfico 239: Relación entre o tipo de centro e a percepción da necesidade de potenciar o uso do galego na rede por parte de diferentes axentes

4.5.3.3. Recapitulación

Variábel	Media de valores p
1 Colectivo	5,33418129933667E-09
2 Competencia lingüística	0,0002933444
3 Lingua habitual	0,0021745525
4 Frecuencia de uso das TIC	0,2294805
5 Tipo de centro	0,2624746667
6 Nivel TIC	0,4556127778
7 Lingua inicial	0,50232
8 Sexo	0,5631682125
9 Localización do centro	0,65655

Tabela 58: Influencia das variábeis sociolóxicas na opinión sobre quen debe promover o uso do galego na rede

Coma en casos anteriores, podemos observar na tabela a clasificación das variábeis sociolóxicas desde a que ten máis influencia nas respostas sobre quen deben promover o uso do galego na rede (o colectivo), até a que ten menos influencia (a localización do centro). Podemos observar que a media de valores p que calculamos para realizarmos esta clasificación é inferior a 0,05 en tres casos: o colectivo, a competencia lingüística e a lingua habitual. Así, o profesorado considera en maior medida ca o estudiantado que

todos os axentes propostos deben promover o galego na rede, mentres que canto maior é a competencia lingüística, maior é a proporción de persoas que consideran que os axentes propostos deben promover o galego na rede. Canto á lingua habitual, as persoas con lingua habitual galego consideran que todos os axentes propostos, agás as persoas usuarias, deben promover o galego na rede.

4.6. Uso do galego en Internet

Para alén da percepción da presenza e da promoción do uso do galego na rede, quixemos saber tamén o uso que fan da lingua as persoas pertencentes ao estudantado e ao profesorado do ensino secundario galego. Con esta finalidade incluimos no cuestionario preguntas sobre o grao de uso do galego e a autoavaliación da calidade do galego empregado en diferentes servizos; preguntas sobre as linguas empregadas na rede e as razóns para empregar linguas diferentes do galego; preguntas sobre as normativas empregadas en galego e, finalmente, sobre a avaliación do impacto do uso do galego na rede na propia competencia lingüística. Analizaremos todos estes datos nas páxinas que seguen, cruzándoos co perfil xeral das persoas informantes, co seu perfil lingüístico, co perfil de persoas usuarias das TIC e co perfil dos centros en que estudan ou traballan.

4.6.1. Grao de uso e calidade do galego empregado

Para obtermos datos sobre o uso declarado do galego na rede desde unha perspectiva cuantitativa e cualitativa realizamos as seguintes cuestións: “En que grao consideras que usas o galego nos seguintes servizos?” e “Como xulgarías a calidade do galego que empregas nos seguintes servizos?”, para as que ofrecemos seis opcións (moi baixa, baixa, media, alta, moi alta, non sei / non uso este servizo / non uso o galego neste servizo) de resposta en sete servizos diferentes (correo electrónico, mensaxaría instantánea, redes sociais, foros, xogos en liña, blogue persoal e wikis). Para analizamos todos estes datos convertemos as opcións de resposta nunha escala numérica de 1 (moi baixa) a 5 (moi alta), excluindo aquelas persoas que elixiron a última opción (non sei / non uso este servizo / non uso o galego neste servizo). Unha vez feito isto, podemos obter valores medios do grao de uso e da autoavaliación da calidade nunha escala de 1 a

5. No seguinte gráfico podemos observar os datos obtidos para cada un dos sete servizos, tanto no referente ao grao de uso declarado do galego coma no referente á autoavaliación da calidade da lingua empregada:




Gráfico 240: Grao de uso e calidade da lingua declarados

O primeiro que podemos comprobar é que os valores non son excesivamente altos, pois se reparamos nas dúas barras superiores, en que se representa a media das medias de cada un dos sete servizos, podemos comprobar que o grao de uso é de só 2,78 sobre 5, e a avaliación da calidade de 3,06. Para alén disto, observamos tamén que a valoración da calidade do galego empregado polas persoas informantes é sistematicamente superior ao grao de uso declarado, pois é unha situación que se repite en todos os servizos. Os servizos en que máis se usa o galego son o correo electrónico, a mensaxaría instantánea e as redes sociais, que coinciden cos tres servizos en que as persoas informantes declaran empregar unha lingua de maior calidade, aínda que non na mesma orde (correo electrónico > redes sociais > mensaxaría instantánea). Nun nivel de uso intermedio, atópanse os blogues persoais, os foros e as wikis, igual que no caso ca calidade, mais, máis unha vez, nunha orde diferente (foros > blogue persoal > wikis). Finalmente, os xogos en liña ocupan unha última posición bastante afastada nos dous casos.

Así as cousas, dos datos xerais podemos tirar que os datos non son excesivamente positivos para o galego, así como que a valoración da calidade de lingua é maior que o grao de uso declarado.

4.6.1.1. Perfil das persoas informantes

4.6.1.1.1. Perfil xeral

4.6.1.1.1.1. Sexo




Gráfico 241: Grao de uso (esquerda) e calidade da lingua (dereita) declarados segundo o sexo

Nos dous gráficos anteriores podemos observar os datos de frecuencia de uso (esquerda) e de autoavaliación da calidade do galego empregado (dereita) nos sete servizos por que se preguntaba detallados segundo o sexo. Como podemos comprobar, non parecen existir diferenzas importantes entre homes e mulleres, mais para sabermos se as pequenas diferenzas apreciadas nos gráficos son ou non significativas, realizamos unha proba *t* de Student para avaliar a diferenza entre as medias dos dous grupos en cada un dos servizos. Ao realizamos esta proba para cada un dos casos non obtivemos ningún valor *p* inferior a 0,05, polo que as diferenzas entre sexos no tocante ao grao de uso e á autoavaliación da calidade do galego empregado na rede non son significativas.

4.6.1.1.1.2. Colectivo




Gráfico 242: Grao de uso (esquerda) e calidade da lingua (dereita) declarados segundo o colectivo

Nos dous gráficos anteriores podemos observar os datos que estamos analizando detallados segundo o colectivo. Coma en casos anteriores, sinalamos cun asterisco (*) todos os casos en que a proba t de Student devolve valores p inferiores a 0,05, e podemos observar que estas diferenzas son significativas en todos os casos, agás no da frecuencia de uso do galego nos xogos en liña. Esta situación non nos é estraña, pois xa comprobamos en máis dunha ocasión que as diferenzas entre os dous colectivos son importantes e adoitan ir sempre na mesma dirección, debuxando un futuro negativo para o galego. Así as cousas, neste caso concreto podemos concluír que o estudantado non só usa o galego nun grao significativamente menor que o profesorado en case todos os servizos por que se preguntaba, senón que tamén declara que a calidade da lingua que emprega é máis baixa en todos os casos. Podemos concluír que as persoas de menor idade da nosa mostra empregan o galego na rede en menor medida que as de maior idade, ao tempo que consideran que a calidade do galego que empregan é menor. Isto é, máis unha vez, un dato moi negativo para o futuro do galego, pois está a revelar que as novas xeracións están deixando de empregar a lingua en contextos de grande importancia na actualidade (e previsibelmente no futuro), ao tempo que consideran que empregan unha lingua de menor calidade. Aínda que cumpriría estudar en profundidade esta última cuestión, é probábel que unha baixa valoración da calidade do galego estea relacionada coa introdución de elementos procedentes da lingua dominante, isto é, coa

hibridación do galego co español, o que supoñería un dato negativo adicional para a supervivencia do galego.

4.6.1.1.2. Perfil lingüístico

4.6.1.1.2.1. Lingua inicial




Gráfico 243: Grao de uso (esquerda) e calidade da lingua (dereita) declarados segundo a lingua inicial

Nos dous gráficos anteriores podemos observar os datos do grao de uso e da calidade da lingua usada na rede declaradas polas persoas informantes nos distintos servizos por que se preguntaba detallados segundo o a lingua inicial. No gráfico da esquerda podemos observar que as persoas que teñen o galego como lingua inicial usan máis o galego nos sete servizos por que se preguntaba que as persoas que teñen o español como lingua inicial, igual que acontece se examinamos os datos da autoavaliación da lingua empregada neses servizos, representados no gráfico da esquerda. Todos os valores p , agás o da calidade da lingua empregada nos xogos en liña, son inferiores a 0,05, isto é, as diferenzas entre os grupos son significativas. Con todo, esta proba non nos indica entre que grupos son significativas estas diferenzas. Para determinarmos isto empregamos a proba HSD de Tukey, que nos indica entre que grupos son significativas

as diferenzas detectadas na proba anova. Ao realizarmos esta proba obtivemos, no tocante á **frecuencia de uso** do galego, que as diferenzas son significativas entre as persoas co galego como lingua inicial e as persoas co español como lingua inicial nos sete servizos por que se preguntaba (isto é, a proba HSD de Tukey achega valores p inferiores a 0,05 en todos os casos ao comparar estes dous grupos). No caso da autoavaliación da **calidade** da lingua empregada nestes servizos, obtivemos que a diferenza entre as persoas con lingua inicial español e as persoas con lingua inicial galego é significativa no correo electrónico, na mensaxaría instantánea, nas redes sociais e nos blogs persoais. No caso dos foros e mais das wikis, os valores p para as diferenzas entre os grupos español e galego achegados pola proba HSD de Tukey son próximos a 0,05, mais supéranos (0,0575865 e 0,0604598, respectivamente). Isto non é algo esperábel, tendo en conta que a proba anova unifactorial revelaba que existen diferenzas significativas entre grupos, mentres que a proba HSD de Tukey estanos a indicar que non existe diferenza significativa ningunha entre ningunha das parellas posibles. Con todo, isto pode deberse ao feito de un dos grupos ser moito máis pequeno que os outros dous, xa que o grupo doutras linguas iniciais só contamos con 8 persoas informantes, fronte ás 143 que teñen o galego como lingua inicial e ás 277 que teñen o español como lingua inicial. Para eliminarmos a distorsión que pode estar a incluír o grupo de persoas con outras linguas iniciais, realizamos unha proba t de Student por parellas⁹⁵, e obtivemos que as diferenzas entre as persoas con lingua inicial galego e as persoas con lingua inicial español son significativas, tanto no caso dos foros ($p = 0,022$) coma no das wikis ($p = 0,023$). Cómpre indicarmos tamén que no caso do correo electrónico a proba HSD de Tukey revela que a diferenza entre o grupo de persoas que teñen o español como lingua inicial e a do grupo de persoas que teñen outras linguas iniciais tamén é significativa.

Tendo en conta todo isto, podemos afirmar que as persoas que teñen o galego como lingua inicial non só declaran usar con maior frecuencia o galego nos sete servizos por que se preguntaba que as persoas que aprenderon a falar en español, senón que tamén consideran que a calidade da lingua que empregan é máis alta.

95 Para isto empregamos a función *pairwise.t.test* en R.

4.6.1.1.2.2. Lingua habitual




Gráfico 244: Grao de uso (esquerda) e calidade da lingua (dereita) declarados segundo a lingua habitual

Nos dous gráficos anteriores presentamos os datos de frecuencia de uso declarada do galego (esquerda) e autoavaliación da calidade do galego empregado (dereita) segundo a lingua habitual. Como se pode comprobar, as persoas que teñen o galego como lingua habitual declaran, en todos os casos, unha frecuencia de uso e unha calidade de lingua maior que a das persoas que teñen o español como lingua habitual. No caso das persoas que declaran outras linguas habituais as situacións son diversas, mais non debemos esquecer que se trata de só catro informantes, fronte ás 221 que falan habitualmente en galego e ás 203 que teñen o español como lingua habitual.

Podemos observar que as diferenzas son significativas en todos os casos en que puidemos realizar a proba anova unifactorial, mais en tres ocasións R non nos devolveu resultado ningún, senón a indicación de que carecía de observacións suficientes para realizar unha proba anova, debido ao reducido número de informantes do grupo “outras” (só catro). Nestes casos tampouco obtemos resultado ningún ao intentarmos realizar unha proba t de Student por parellas, mais si que nos devolve resultados a proba HSD de Tukey, que nos revela que as diferenzas son significativas, nos tres casos, entre

as persoas que teñen o galego como lingua habitual e as que teñen o español. Este é tamén o resultado que obtemos ao realizar a proba HSD de Tukey no resto de casos. Así as cousas, e como era de esperar, as persoas que empregan habitualmente o galego emprégano tamén nos sete servizos por que preguntamos na nosa enquisa en maior medida que as persoas falantes de española e, para alén diso, consideran que a calidade do galego que empregan é maior do que o consideran as persoas falantes de español.

4.6.1.1.2.3. Competencia lingüística

Entender	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***
0.79	Ler	***	***	***	***	***	***	***	***	***	***
0.59	0.62	Falar	***	***	***	***	***	***	***	***	***
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	***	***	***	***	***	***	***
0.66	0.71	0.85	0.83	Xeral	***	***	***	***	***	***	***
0.34	0.36	0.42	0.43	0.46	Correo	***	***	***	***	***	***
0.31	0.36	0.45	0.45	0.49	0.86	Mensaxaría	***	***	***	***	***
0.32	0.33	0.46	0.46	0.48	0.86	0.91	Redes	***	***	***	***
0.31	0.34	0.40	0.42	0.43	0.80	0.80	0.85	Fotos	***	***	***
0.09	0.12	0.27	0.26	0.26	0.60	0.61	0.66	0.69	Xogos	***	***
0.30	0.31	0.41	0.45	0.45	0.81	0.76	0.80	0.77	0.67	Blogue	***
0.30	0.32	0.34	0.38	0.40	0.71	0.67	0.72	0.74	0.71	0.78	Wikis

Gráfico 245: Relación entre a competencia lingüística e o grao de uso do galego nos servizos por que se preguntaba (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 245 comprobamos que unha maior competencia lingüística declarada implica unha maior frecuencia de uso do galego nos sete servizos por que se preguntaba na enquisa. Con todo, no caso da capacidade para ler e para entender o galego a relación coa frecuencia de uso da lingua nos xogos en liña non é significativa, isto é, canto maior é a competencia para entender e para ler o galego, maior é a frecuencia de uso da lingua nos xogos en liña, mais esta relación pode deberse ao azar. Con todo, no resto de casos fica claro que canto maior é a competencia lingüística declarada, maior é a frecuencia de uso do galego nos servizos por que se preguntaba na enquisa.

Canto á valoración da calidade do galego empregado neste servizos, como se pode observar no gráfico 246, canto maior é a competencia lingüística declarada, tanto de xeito xeral coma en cada unha das catro destrezas, maior é a calidade declarada do galego empregado nos sete servizos. Así as cousas, podemos concluír que as persoas informantes da nosa mostra perciben que, como é lóxico, canto maior é a súa competencia lingüística en galego, maior é a calidade do galego que usan na rede.

Entender	***	***	***	***	***	***	***	***	**	***	***
0.79	Ler	***	***	***	***	***	***	***	**	***	***
0.59	0.62	Falar	***	***	***	***	***	***	**	***	***
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	***	***	***	***	**	***	***
0.66	0.71	0.85	0.83	Xebral	***	***	***	***	***	***	***
0.48	0.45	0.49	0.52	0.54	Correo	***	***	***	***	***	***
0.44	0.45	0.49	0.48	0.52	0.87	Mensaxaría	***	***	***	***	***
0.46	0.49	0.51	0.53	0.55	0.89	0.90	Redes	***	***	***	***
0.43	0.43	0.41	0.44	0.44	0.87	0.80	0.86	Foros	***	***	***
0.23	0.23	0.21	0.21	0.27	0.72	0.67	0.72	0.80	Xogos	***	***
0.43	0.42	0.40	0.46	0.45	0.87	0.80	0.83	0.87	0.75	Blogue	***
0.38	0.41	0.34	0.41	0.42	0.78	0.69	0.76	0.79	0.74	0.86	Wikis

Gráfico 246: Relación entre a competencia lingüística e a autoavaliación da calidade do galego empregado nos servizos por que se preguntaba (coeficiente de correlación de Pearson)

4.6.1.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC

Computador	***	***	*								*
0.38	Disp. móbil	***	**	***	*						
0.42	0.36	Internet	***	***							*
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***	*	***	**	**		*	*
0.09	0.18	0.22	0.71	Frec. int.	*	***	**	*		*	
0.07	-0.13	-0.01	0.13	0.11	Correo	***	***	***	***	***	***
0.08	-0.06	0.01	0.18	0.19	0.86	Mensaxaría	***	***	***	***	***
0.06	-0.06	-0.01	0.16	0.16	0.86	0.91	Redes	***	***	***	***
0.09	-0.01	0.03	0.16	0.15	0.80	0.80	0.85	Foros	***	***	***
0.05	-0.10	-0.00	0.07	0.04	0.60	0.61	0.66	0.69	Xogos	***	***
0.11	-0.04	0.04	0.12	0.16	0.81	0.76	0.80	0.77	0.67	Blogue	***
0.13	0.01	0.14	0.13	0.10	0.71	0.67	0.72	0.74	0.71	0.78	Wikis

Gráfico 247: Relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e o grao de uso do galego nos servizos por que se preguntaba (coeficiente de correlación de Pearson)

Como se pode observar no gráfico 247, no caso do nivel de uso do computador, dos dispositivos móbiles e mais de Internet, so detectamos relacións significativas en tres casos: canto maior é o uso do computador, maior é o uso do galego nas wikis; canto maior é a frecuencia de uso dos dispositivos móbiles, menor é o uso do galego no correo electrónico; finalmente, canto máis frecuente é o uso de Internet, máis frecuente é o uso do galego nas wikis. Porén, no caso da frecuencia de uso dos dispositivos e mais de Internet, todas as correlacións son positivas e sempre significativas, agás no caso dos xogos en liña. Estes datos son esperábeis, pois as nosas preguntas referíanse a servizos

para os que cómpre empregar dispositivos e Internet, polo que é lóxico que canto máis frecuente sexa o uso de dispositivos e mais de Internet, máis probábel é que o uso do galego nestes servizos sexa tamén máis alto.

Computador	***	***	*									
0.38	Disp. móbil	***	**	***								
0.42	0.36	Internet	***	***								
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***	**	***	**	*		**	*	
0.09	0.18	0.22	0.71	Frec. int.	**	***	***	**		**		
0.10	-0.06	-0.00	0.16	0.16	Correo	***	***	***	***	***	***	***
0.10	-0.03	0.00	0.21	0.23	0.87	Mensaxaría	***	***	***	***	***	***
0.11	-0.02	0.06	0.17	0.21	0.89	0.90	Redes	***	***	***	***	***
0.08	-0.05	0.05	0.15	0.18	0.87	0.80	0.86	Foros	***	***	***	***
0.01	0.00	0.06	0.12	0.12	0.72	0.67	0.72	0.80	Xogos	***	***	***
0.05	-0.03	0.11	0.18	0.18	0.87	0.80	0.83	0.87	0.75	Blogue	***	***
0.07	0.01	0.10	0.18	0.12	0.78	0.69	0.76	0.79	0.74	0.86	Wikis	***

Gráfico 248: Relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e a autoavaliación da calidade do galego empregado nos servizos por que se preguntaba (coeficiente de correlación de Pearson)

Canto á calidade do galego empregado nestes sete servizos, como se pode observar no gráfico 248, non detectamos ningunha relación significativa entre o nivel de persoa usuaria do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet e a calidade do galego declarada polas persoas informantes en cada un dos sete servizos por que se preguntaba. No caso da frecuencia de uso de dispositivos e de Internet as relacións non son significativas só en tres casos: no caso dos xogos en liña, tanto no referente á frecuencia de uso de dispositivos coma no referente á frecuencia de uso de Internet, e no caso das wikis no referente á frecuencia de uso de Internet. Así as cousas, en xeral, parece existir unha asociación positiva entre o uso de dispositivos e de Internet e a autoavaliación que as persoas informantes fan da calidade do galego empregado na rede.

4.6.1.2. Características do centro

A continuación imos analizar os datos referentes ao grao de uso e a calidade do galego empregado na rede en relación coas características do centro en que estudan ou traballan as persoas informantes, isto é, o número de habitantes do concello en que se localiza o centro e o tipo de centro (público ou privado).

4.6.1.2.1. Localización do centro








Habitantes	**	*	***	*		***	
-0.15		***	***	***	***	***	***
-0.11	0.86		***	***	***	***	***
-0.19	0.86	0.91		***	***	***	***
-0.12	0.80	0.80	0.85		***	***	***
-0.10	0.60	0.61	0.66	0.69		***	***
-0.21	0.81	0.76	0.80	0.77	0.67		***
-0.10	0.71	0.67	0.72	0.74	0.71	0.78	

Gráfico 249: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e o grao de uso do galego nos servizos por que se preguntaba (coeficiente de correlación de Pearson)

Como se pode observar no gráfico 249, todos os coeficientes de correlación da primeira columna son negativos. Estas relacións son significativas no que se refire ao grao de uso do galego en todos os casos, agás no dos xogos en liña e no das wikis. Así as cousas, podemos dicir que, en xeral, canto menor é o número de habitantes do concello en que estudan ou traballan as persoas informantes (un dato que presenta unha gran coincidencia co concello de orixe e de residencia) maior é a frecuencia de uso do galego na rede, en concreto, en cinco dos sete servizos por que se preguntaba. Lembremos que estes datos non só son coherentes cos achegados polo MSG (González et al., 2008: 51), senón tamén polos que achega o IGE para 2013 (IGE, 2004-2014), xa que ambas as dúas fontes coinciden en que canto menor é o tamaño do municipio maior é o uso do galego e viceversa, algo que, tendo en conta os nosos datos, tamén se reflicte no uso do galego nas TIC. Para alén disto, os datos obtidos a través do noso cuestionario son tamén coherentes cos obtidos ao analizarmos a nosa base de datos de blogues, en que o uso do galego é máis alto canto menor é o tamaño do municipio en que se sitúa o centro de que proceden os blogues (*vid.* §3.6.2).

No referente á autoavaliación da calidade do galego empregado nestes servizos, podemos observar no gráfico 250 que o coeficiente de correlación é negativo en todos os casos, mais o valor *p* só revela unha relación significativa no caso do blogue persoal, isto é, canto menor é o tamaño do concello en que estudan ou traballan as persoas

informantes, mellor é a autoavaliación da calidade do galego empregado no blogue persoal.




Gráfico 250: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e a autoavaliación da calidade do galego empregado nos servizos por que se preguntaba (coeficiente de correlación de Pearson)

4.6.1.2.2. Tipo de centro




Gráfico 251: Grao de uso (esquerda) e calidade da lingua (dereita) declarados segundo o tipo de centro

Como se pode observar nos gráficos anteriores, ao aplicarmos a proba t de Student, no caso do grao de uso do galego as diferenzas son significativas en todos os casos agás no das wikis, polo que, exceptuando este servizo concreto, podemos dicir que as persoas que estudan ou traballan en centros públicos empregan máis o galego na rede que as que

traballan en centros privados. Máis unha vez os datos son coherentes cos obtidos ao analizarmos a nosa base de datos de blogues: os blogues procedentes de centros públicos empregan o galego en maior medida que os procedentes de centros privados (vid. §3.6.1). No caso da autoavaliación da calidade do galego empregado podemos observar que a diferenza entre centros públicos e privados é significativa en todos os casos agás na mensaxaría instantánea e nos xogos en liña, isto é, de xeito global as persoas que estudan ou traballan en centros públicos consideran que usan unha lingua de maior calidade ca as que estudan ou traballan en centros privados.

4.6.1.3. Recapitulación

	Variábel	Media de valores <i>p</i>
1	Lingua inicial	0,0014945433
2	Lingua habitual	0,004587158
3	Competencia lingüística	0,0080658747
4	Colectivo	0,01384832
5	Tipo de centro	0,0195221
6	Localización do centro	0,0476031571
7	Frecuencia de uso das TIC	0,0855583214
8	Nivel TIC	0,4039203333
9	Sexo	0,5378857143

Tabela 59: Influencia das variábeis sociolóxicas no uso cuantitativo do galego na rede

	Variábel	Media de valores <i>p</i>
1	Lingua habitual	7,812E-13
2	Colectivo	0,000000387
3	Competencia lingüística	0,0003958034
4	Frecuencia de uso das TIC	0,0227152705
5	Lingua inicial	0,0260148137
6	Tipo de centro	0,0554508571
7	Localización do centro	0,26402
8	Nivel TIC	0,4559004762
9	Sexo	0,7566285714

Tabela 60: Influencia das variábeis sociolóxicas no uso cualitativo do galego na rede

Nas dúas tabelas anteriores podemos observar a clasificación das variábeis sociolóxicas estudadas segundo a súa influencia no grao de uso do galego e na calidade do galego empregado na rede. No primeiro caso, o grao de uso, podemos observar que até seis das

variábeis sociolóxicas teñen uns valores p medios inferiores a 0,05. Nestes casos, se a lingua inicial e/ou habitual é o galego o uso do galego na rede é maior, ao tempo que canto maior é a competencia lingüística en galego, maior é o uso do galego na rede. Tamén cómpre indicar que o profesorado emprega máis o galego na rede ca o estudantado, así como que as persoas que estudan ou traballan en centros públicos tamén o usan máis ca as que estudan ou traballan en centros privados; mentres que canto menor é o número de habitantes do concello en que se localiza o centro en que estudan ou traballan, maior é o uso do galego na rede.

Canto á calidade da lingua empregada, as persoas que teñen o galego como lingua habitual consideran que empregan un galego de maior calidade ca as que teñen outras linguas habituais. O profesorado tamén considera que a calidade da súa lingua é máis alta cá do estudantado. De xeito lóxico, canto máis alta se declara a competencia lingüística, maior se considera que é a calidade do galego empregado na rede. Chama a nosa atención o dato de que canto maior é a frecuencia de uso das TIC, maior é a valoración da calidade do galego empregado na rede. Neste sentido, poderíamos aventurar que os recursos dispoñíbeis na rede (correctores, dicionarios etc.), poderían estar a axudar a mellorar a calidade de lingua. Finalmente, as persoas que teñen o galego como lingua inicial consideran que a calidade do galego que empregan na rede é maior.

4.6.2. Linguas empregadas na rede

Dentro do apartado dedicado a recoller información sobre o uso do galego en Internet, realizámoslles ás persoas informantes a pregunta “Que linguas usas na rede?”, en que podían escoller todas as opcións de resposta que consideraran pertinentes entre as oito que se ofrecían: catalán, español, éuscaro, francés, galego, inglés, portugués e unha última opción aberta, “outras”, en que se podían indicar outras linguas non presentes na listaxe anterior. A maioría das persoas informantes escolleu máis dunha opción, e algunhas incluíron novas opcións. Para analizarmos esta importante cantidade de datos contamos o número de veces que foi escollida cada unha das linguas propostas e cada unha das novas opcións achegadas. Obtivemos así os datos que se representan no seguinte gráfico:




Gráfico 252: Linguas empregadas na rede polas persoas informantes

Como se pode observar, a lingua máis empregada na rede polas persoas informantes é o español, pois até o 85,28% (365 persoas) escolleron esta opción. En segundo lugar atópase o galego, opción escollida por 341 persoas, que supoñen o 79,67% da mostra. Con moita menos representación atopamos o inglés (160 persoas, 37,38%), o portugués (56 persoas, 13,08%), o francés (32 persoas, 7,48%) e outras linguas cunha representación inferior ao 5%. Neste último grupo atopamos o catalán (16 persoas, 3,74% da mostra), o alemán (3 persoas), o éuscaro (2 persoas), o italiano (2 persoas), o grego (1 persoa), o ruso (1 persoa) e o sueco (1 persoa). Unha das persoas informantes indica a opción galego-portugués, mentres que outra engade a opción “moro”, que podemos interpretar como lingua árabe, aínda que o xeito de se referir a ela parece despectivo, polo que parece probábel que se trate dunha resposta falsa. Se analizamos os datos segundo a combinación de linguas que di empregadas cada unha das persoas informantes, detectamos un total de até 39 combinacións diferentes, mais só 5 supoñen máis do 5% da mostra:




Gráfico 253: Linguas empregadas na rede polas persoas informantes (combinacións lingüísticas)

Como se pode observar, o máis habitual é que as persoas informantes empreguen na rede o español e o galego (128 persoas, 29,91%) e, en segundo lugar, que empreguen o

español, o galego e mais o inglés (86 persoas, 20,09%). En terceiro lugar atópanse as persoas que afirman empregar só o galego na rede (51 persoas, 11,92%), seguidas moi de preto das que afirman empregar só o español (59 persoas, 11,68%). Finalmente, as persoas que empregan o español e mais o inglés supoñen o 6,07% da mostra (26 persoas), mentres que as 87 persoas restantes (20,33%) empregan linguas ou combinacións de linguas que supoñen menos do 5%. A mosamos estas últimas na seguinte tabela:

Lingua(s)	Número de persoas informantes	% de persoas informantes
Español, Galego, Inglés, Portugués	16	3,74%
Español, Galego, Portugués	15	3,50%
Español, Francés, Galego, Inglés	9	2,10%
Español, Francés, Galego	6	1,40%
Español, Francés, Galego, Inglés, Portugués	4	0,93%
Catalán, Español, Galego, Inglés	3	0,70%
Catalán, Español, Francés, Galego, Inglés, Portugués	2	0,47%
Catalán, Español, Galego, Inglés, Portugués	2	0,47%
Español, Francés, Galego, Portugués	2	0,47%
Español, Galego, Inglés, Portugués, Italiano	2	0,47%
Español, Inglés, Portugués	2	0,47%
Galego, Portugués	2	0,47%
Catalán	1	0,23%
Catalán, Español, Francés, Galego	1	0,23%
Catalán, Español, Francés, Galego, Portugués	1	0,23%
Catalán, Español, Francés, Galego, Portugués, Grego	1	0,23%
Catalán, Español, Galego, Inglés, Alemán	1	0,23%
Catalán, Español, Galego, Portugués	1	0,23%
Catalán, Éuscaro, Portugués	1	0,23%
Catalán, Francés, Galego, Portugués	1	0,23%
Catalán, Galego	1	0,23%
Español, Éuscaro, Francés, Galego, Inglés	1	0,23%
Español, Francés, Inglés	1	0,23%
Español, Galego, Inglés, Portugués, ruso	1	0,23%
Español, Galego, sueco	1	0,23%
Español, Inglés, Alemán	1	0,23%
Español, Inglés, Moro	1	0,23%

Lingua(s)	Número de persoas informantes	% de persoas informantes
Español, Portugués	1	0,23%
Francés, Galego	1	0,23%
Francés, Galego, Inglés, ITALIANO	1	0,23%
Francés, Galego, Portugués	1	0,23%
galego-português	1	0,23%
Inglés	1	0,23%
Portugués	1	0,23%

Tabela 61: Linguas empregadas na rede polas persoas informantes (combinacións lingüísticas cun peso inferior ao 5%)⁹⁶

Despois deste primeiro achegamento xeral ás linguas empregadas na rede polas persoas informantes, imos analizar os datos anteriores detallados segundo o seu perfil xeral, o seu perfil lingüístico, o seu perfil de persoa usuaria das TIC e as características do centro en que estudan ou traballan, tal e como viñemos facendo até agora. Para que esta análise non se volva pesada e redundante, imos ter en conta só o dato do número de persoas que emprega cada unha das linguas, nos os datos referentes ás combinacións lingüísticas.

4.6.2.1. Perfil das persoas informantes

4.6.2.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo




Gráfico 254: Linguas empregadas na rede polas persoas informantes segundo o sexo (esquerda) e segundo o colectivo (dereita)

⁹⁶ As linguas achegadas polas persoas informantes amósanse tal e como foron escritas por elas, sen modificacións.

Nos dous gráficos anteriores podemos observar as diferenzas segundo o sexo e segundo o colectivo no tocante ás linguas empregadas na rede. Para podermos comparar os dous grupos establecidos en cada caso, cando unha persoa informante indicaba empregar algunha das cinco linguas cun peso inferior ao 5% atribuímoslle un 1 a esa opción, ou á opción “outras” se se trata dunha das linguas cun peso inferior ao 5%; no caso de non manifestaren usar esas linguas, atribuímoslles un 0 á súa resposta. Isto permítenos obter unha media de uso entre 0 e 1 para cada unha das linguas en cada un dos grupos o que, á súa vez, tamén nos permite aplicar a proba *t* de Student para compararmos as medias entre grupos e sabermos se as diferenzas son ou non significativas.

Podemos observar que no caso do **sexo** non rexistramos ningún valor *p* inferior a 0,05, isto é, non hai ningunha diferenza significativa. Con todo, no caso do **colectivo** detectamos que as diferenzas que o estudiantado emprega o español e o inglés nunha proporción significativamente superior ao profesorado; mentres que o seu uso do galego é significativamente inferior ao do profesorado. Estes datos son coherentes con outros que xa detectamos na nosa enquisa, coma os referentes á lingua habitual (*vid.* §4.3.1.2.1). Trátase dun dato preocupante que o colectivo de menor idade sexa o que menos emprega o galego, mais tamén é probábel que o alto uso do galego por parte do profesorado estea condicionado pola súa profesión e que sexa superior ao do total da poboación. Sexa como for, trátase claramente dun dato negativo para o galego.

4.6.2.1.2. Perfil lingüístico

4.6.2.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual

Nos gráficos incluídos en 255 podemos observar as diferenzas no referente ás linguas empregadas na rede segundo a lingua inicial (esquerda) e a lingua habitual (dereita). Ímonos fixar só nos grupos de persoas con lingua inicial e habitual español ou galego, pois, como xa indicamos, o grupo doutras linguas constitúeno moi poucos individuos, polo que as conclusións que poidamos tirar da análise dese grupo son moi febles. Existen dous casos en que a proba anova unifactorial non nos devolveu ningún valor *p*: galego segundo a lingua inicial e español segundo a lingua habitual Trátase de dous casos en que o grupo “outras” acada o valor 1 (galego como lingua inicial e español como lingua habitual), como se pode observar no gráfico. Isto, xunto co feito de ser un

grupo moi reducido, tanto no caso da lingua inicial coma no da lingua habitual, poden provocar que a comparación das medias dos tres grupos non sexa fiable e que R non nos devolva resultado ningún (como acontecía noutros casos explicados na nota 78).




Gráfico 255: Linguas empregadas na rede polas persoas informantes segundo a lingua inicial (esquerda) e segundo a lingua habitual (dereita)

Con todo, se realizamos unha proba proba HSD de Tukey, para sabermos entre que grupos é significativa a diferenza, devólvenos valores p inferiores a 0,05 para a diferenza entre galego e español nos dous casos. Isto é, a proba anova unifactorial non devolve resultado ningún nestes dous casos moi probabelmente polas características especiais do grupo “outras”, mais a proba HSD de Tukey revélanos diferenzas significativas entre os dous principais grupos neses dous casos. Esta proba devolve o mesmo resultado (diferenza significativa entre o uso do galego e do español) no resto de casos en que a proba anova unifactorial detectou unha diferenza significativa entre os grupos, agás no caso da lingua inicial e o uso do portugués, en que os valores p son inferiores a 0,05 no caso das diferenzas entre o grupo outras e o español e entre o grupo outras e o galego.

En resumo, as persoas que teñen o galego como lingua inicial e/ou como lingua habitual empregan máis o galego e o portugués na rede que as que aprenderon a falar en español e/ou falan habitualmente en español, que empregan esta lingua e mais o inglés en maior

medida na rede. Coma en casos anteriores, e como parece lóxico, as diferenzas son máis pronunciadas no caso da lingua habitual que no da lingua inicial, pois os valores p son máis baixos.

4.6.2.1.2.2. Competencia lingüística

Entender	***	***	***	***	**	***		*	***	
0.79	Ler	***	***	***	**	***	*	**	***	*
0.59	0.62	Falar	***	***	***	***		*	***	*
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	***	***			***	
0.66	0.71	0.85	0.83	Xeral	***	***			***	*
-0.15	-0.15	-0.20	-0.18	-0.23	Español	*	***			
0.29	0.34	0.28	0.27	0.28	-0.13	Galego		*	*	
0.06	0.10	-0.00	0.03	0.01	0.29	0.01	Inglés	*	*	*
0.11	0.14	0.10	0.06	0.08	0.02	0.12	0.11	Francés	***	***
0.20	0.20	0.23	0.28	0.26	0.04	0.11	0.12	0.21	Portugués	***
0.07	0.11	0.11	0.07	0.11	-0.05	0.01	0.10	0.22	0.29	Outras

Gráfico 256: Relación entre a competencia lingüística en galego e o uso de cada unha das linguas na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 256 podemos observar que existe unha correlación negativa significativa entre o uso do español na rede e a competencia lingüística en galego, tanto en cada unha das catro destrezas coma na valoración xeral da competencia lingüística en galego; mentres que no caso do uso do galego a correlación é positiva en todos os casos, igual que no caso do portugués. Podemos afirmar, por tanto, que canto máis alta é a competencia lingüística en galego máis alto é o uso do galego na rede, e máis baixo é o uso do español. Aínda que esta é a conclusión máis clara que tiramos da análise dos datos anteriores, tamén observamos que existe unha correlación positiva significativa entre as capacidades para entender, ler e falar en galego e o uso do francés na rede, así como entre as capacidades para ler e falar e a competencia xeral en galego e o uso doutras linguas na rede. Finalmente, no caso do inglés só existe unha correlación significativa entre a capacidade para ler en galego e o uso do inglés na rede. En resumo, máis unha vez observamos que a competencia lingüística é un elemento clave para o uso do galego na rede.

4.6.2.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC




Gráfico 257: Relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e o uso de cada unha das linguas na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 257 podemos observar que son poucas as correlacións significativas. Por unha banda, canto maior é a competencia no uso de dispositivos móbiles, maior é o uso do español e do inglés; ao tempo que canto maior é a competencia no uso de Internet, maior é o uso do inglés. Por outra banda, canto á frecuencia de uso, canto maior é o uso de dispositivos TIC maior é o uso do galego na rede, ao tempo que canto maior é o uso de Internet, maior é o uso do galego e do inglés na rede. Así as cousas, unha maior competencia TIC está relacionada cun maior uso de linguas diferentes do galego na rede; mentres que unha maior intensidade de uso dos dispositivos e de Internet si está relacionada cunha maior intensidade de uso do galego na rede, mais tamén do inglés.

4.6.2.2. Características do centro

4.6.2.2.1. Localización do centro

Como se pode observar no gráfico 258, ningún dos valores p é inferior a 0,05, isto é, ningunha destas relacións é significativa. Así as cousas, cos datos de que dispoñemos non podemos establecer ningunha relación entre o número de habitantes do concello en que se atopa o centro en que estudan ou traballan as persoas informantes e o uso dunha ou outras lingua na rede.




Gráfico 258: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e o uso das diferentes linguas na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

4.6.2.2.2. Tipo de centro




Gráfico 259: Uso de cada unha das linguas na rede segundo o tipo de centro

No gráfico anterior podemos observar a media de uso de cada unha das linguas estudadas detalladas segundo o tipo de centro. Como se pode observar, o uso do galego e do portugués é superior nos centros públicos, así coma o do francés, mentres que o do español, do inglés e doutras linguas é superior no caso das persoas que estudan ou traballan en centros privados. Con todo, a pesar das diferenzas que apreciamos no gráfico, ao realizarmos a proba t de Student decatámonos de que ningunha delas é significativa, pois todos os valores *p* están por riba de 0,05, aínda que no caso do galego está moi próximo (0,0544). Así as cousas, aínda que os datos reflicten a tendencia xa apreciada noutras ocasións, isto é, que nos centros públicos o uso do galego é superior que nos privados, neste caso concreto non podemos afirmar que estas diferenzas sexan significativas.

4.6.2.3. Recapitulación

	Variábel	Media de valores <i>p</i>
1	Lingua habitual	0,07404104
2	Competencia lingüística	0,0949231414
3	Lingua inicial	0,2191598
4	Colectivo	0,2198913852
5	Frecuencia de uso das TIC	0,3356612083
6	Tipo de centro	0,3372
7	Nivel TIC	0,3493445617
8	Sexo	0,3740516667
9	Localización do centro	0,412325

Tabela 62: Influencia das variábeis sociolóxicas nas linguas empregadas na rede

Na tabela anterior podemos observar a clasificación das variábeis sociolóxicas estudadas segundo o seu nivel de influencia nas linguas empregadas na rede polas persoas informantes. A variábel con máis influente é a lingua habitual, seguida da competencia lingüística, da lingua inicial, do colectivo, da frecuencia de uso das TIC, do tipo de centro, do nivel de persoa usuaria das TIC e, finalmente, do sexo. Aínda que a orde é semellante á que detectamos noutros casos, non rexistramos ningún valor inferior a 0,05.

4.6.3. Razóns aducidas para non empregar o galego na rede

No noso cuestionario incluímos a pregunta “Cales son as razóns que fan que uses linguas diferentes do galego na rede?”, para a que ofrecemos as seguintes opcións de resposta: que as persoas con que me relaciono falen outra lingua e non entendan o galego; que as persoas con que me relaciono falen outra lingua, aínda que entendan o galego; que non me sinto segura/o escribindo en galego; que o galego non é a miña lingua habitual; uso sempre o galego; e unha última opción aberta en que as persoas informantes podían engadir cantas razóns desexasen. De todo este abano de opcións, as persoas informantes podían escoller cantas quixesen. Amosamos no seguinte gráfico a porcentaxe de persoas informantes que escolleu cada unha das opcións. Para abreviar a información textual do gráfico renomeamos as opcións do seguinte xeito (segundo a

orde en que foron expostas unhas liñas máis arriba): comunicación, mimetismo, inseguridade, non LH e galego sempre. Velaquí os datos:




Gráfico 260: Razóns aducidas para non empregar o galego na rede

Como se pode observar, máis da metade das persoas informantes declaran que non empregan o galego na rede se a(s) persoa(s) con que se comunican non as entende(n). Un terzo declara non empregar o galego se a(s) persoa(s) con que se relaciona falan outra lingua, aínda que entendan o galego. O 19% non empregan o galego na rede porque non é a súa lingua habitual e só o 16% afirman empregar sempre o galego. Só un 7% afirman non empregar o galego por se sentiren inseguras, mentres que o 2% restante corresponde a outras razóns.

Como indicamos ao inicio, as persoas informantes podían escoller cantas opcións considerasen. Se analizamos combinacións de opcións que escolleu cada unha das persoas informantes obtemos os seguintes datos:




Gráfico 261: Razóns aducidas para non empregar o galego na rede (combinacións)

Como se pode observar, a escolla maioritaria das persoas informantes é a comunicación, isto é, que as persoas con que se relacionan non entendan o galego, seguida da combinación de comunicación e mimetismo. Só o 11,45% escollen de xeito exclusivo a opción “uso sempre o galego”, seguidas de preto das que só escollen a opción

“mimetismo”. O 7,24% afirman non usar o galego só por non ser a súa lingua habitual, mentres que 21,96% restante das persoas informantes escollen razóns ou combinacións de razóns cun peso inferior ao 5%. Detallámolas na seguinte tabela:

Razón(s)	Número de persoas informantes	% de persoas informantes
Mimetismo, Non LH	13	3,04%
Comunicación, Mimetismo, Non LH	13	3,04%
Comunicación, Galego sempre	12	2,80%
Comunicación, Non LH	7	1,64%
Comunicación, Inseguridade	5	1,17%
Inseguridade	5	1,17%
Comunicación, Mimetismo, Inseguridade, Non LH	4	0,93%
Mimetismo, Inseguridade	3	0,70%
Mimetismo, Inseguridade, Non LH	3	0,70%
Comunicación, Inseguridade, Non LH	3	0,70%
Inseguridade, Non LH	3	0,70%
Busco información máis ampla	1	0,23%
Busquedas mais amplas	1	0,23%
O galego forma parte da lingua Galego-portuguesa, o Español cando som a pessoa do Estado espanhol e nom de Galiza	1	0,23%
Mimetismo, Galego sempre	1	0,23%
Comunicación, A maioría dos servicios están en ingles ou castelán	1	0,23%
Comunicación, Mimetismo, motivos académicos (inglés e portugués)	1	0,23%
Comunicación, Mimetismo, Inseguridade	1	0,23%
Comunicación, Mimetismo, Inseguridade, Non LH, non me covenze moito	1	0,23%
Comunicación, Mimetismo, Non LH, Estou máis segura falando en castelán que en galego, tanto en persoa coma na realidade	1	0,23%
Comunicación, Que os contidos están noutras linguas	1	0,23%
Comunicación, Galego sempre, Que a páxina estea noutra lingua ou que o servidor non me dea opción de galego	1	0,23%
Comunicación, Galego sempre, Úsoas principalmente como receptora, en competencia pasiva, Só ocasionalmente como produtora	1	0,23%
que cambio de lingua dependendo da lingua na que coñecín a esa persoa,	1	0,23%

Razón(s)	Número de persoas informantes	% de persoas informantes
Que moitos servizos non están dispoñibles en galego, Ex, iOS 7, de Apple	1	0,23%
Inseguridade, Non LH, no me gusta el gallego	1	0,23%
Inseguridade, Galego sempre	1	0,23%
Non LH, Con algúns familiares	1	0,23%
senso universal e non un ámbito reducido da comunidade autónoma	1	0,23%
Son profesora de inglés e utilízo esta lingua co meu alumnado, no meu blogue e con anglo-falantes que non saben castelán nin galego, Se non sempre uso o galego,	1	0,23%
Son profesora de Lingua castelá, obrígame a materia que imparto	1	0,23%
Traballos de diferentes linguas	1	0,23%
Galego sempre, Frecuentemente, os buscadores de Internet non atopan na rede información en galego, razón pola que emprego despois do galego e nesta orde as seguintes linguas; portugués, catalán, español,	1	0,23%
Galego sempre, Gústame publicar citas noutras linguas	1	0,23%

Tabela 63: Razóns aducidas para non empregar o galego na rede (combinacións de razóns cun peso inferior ao 5%)

Na tabela 63 puxemos en letra grosa aquelas opcións que non foran ofrecidas previamente no cuestionario, senón que foron engadidas polas persoas informantes. Nalgúns casos búscase xustificar o non uso exclusivo do galego (“Son profesora de inglés e utilízo esta lingua co meu alumnado, no meu blogue e con anglo-falantes que non saben castelán nin galego, Se non sempre uso o galego,” ou “Son profesora de Lingua castelá, obrígame a materia que imparto”), noutros denúnciase a falta de contidos ou servizos en galego (“Que os contidos están noutras linguas” ou “Que moitos servizos non están dispoñibles en galego, Ex, iOS 7, de Apple”), e algunhas reformulan opcións de resposta incluídas no cuestionario (“Estou máis segura falando en castelán que en galego, tanto en persoa coma na realidade” podería incluírse dentro da opción “Inseguridade”; “que cambio de lingua dependendo da lingua na que coñecín a esa persoa,” podería incluírse na opción “mimetismo”). Con todo, tamén hai algunhas razóns engadidas que reflicten prexuízos lingüísticos, tal é o caso de “senso universal e non un ámbito reducido da comunidade autónoma” ou de “no me gusta el gallego”.

Imos analizar estes datos en función das variábeis sociolóxicas que viñemos aplicando até agora: sexo, colectivo, perfil lingüístico, perfil de persoa usuaria das TIC e características do centro de estudo ou traballo.

4.6.3.1. Perfil das persoas informantes

4.6.3.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo

Nos gráficos representados en 262 anteriores podemos observar as razóns aducidas para non empregar o galego na rede segundo o sexo (esquerda) e segundo o colectivo (dereita). Cada vez que unha persoa informante marchou unha das opcións, atribuímoslle un 1 a esa opción, mentres que sempre que non se elixise unha determinada opción, atribuímoslle un 0. Isto permítenos obter unha media entre 0 e 1 para cada opción de resposta e comparar se a diferenza entre as medias é significativa aplicando a proba t de Student (dous grupos) un unha proba anova unifactorial (tres grupos ou máis).

Para sabermos se estas diferenzas son ou non significativas, cómpre realizarmos unha proba t de Student. Como se pode observar, no caso do **sexo** só é significativa a diferenza entre homes e mulleres no referente á opción “o galego non é a miña lingua habitual” ($p = 0,001205$). Isto é coherente co que indicamos ao analizarmos a lingua habitual das persoas informantes da nosa mostra en relación co sexo xa que, aínda que non detectamos diferenzas significativas, si podemos comprobar que o uso do galego é menor nas mulleres que nos homes, ao tempo que o uso do español é maior nas mulleres que nos homes, unha tendencia coherente coa detectada por outros estudos máis amplos (*vid.* §4.3.1.2.1).

No referente ao **colectivo**, as diferenzas entre estudantado e profesorado son significativas en todos os casos, agás na opción “seguranza” e noutras opcións. Así, o estudantado non emprega o galego por mimetismo ($p = 0,001184$) ou porque non é a súa lingua habitual ($p = 7,81E-08$) nunha proporción significativamente superior á do profesorado, que aduce a razón da comunicación nunha proporción significativamente superior que o alumnado ($p = 0,0004929$). Isto quere dicir que o colectivo de menor idade da nosa mostra non emprega o galego na rede porque xa non é a súa lingua habitual ou porque se relaciona con persoas que falan / escriben noutra lingua, aínda que

entenden o galego. Para alén disto, a proporción do estudiantado que afirma empregar o galego sempre é significativamente inferior ca a do profesorado ($p = 0,007695$). Estes datos son só un indicador máis de que o proceso de substitución lingüística avanza firme e rápido.




Gráfico 262: Razóns aducidas para non empregar o galego na rede segundo o sexo (esquerda) e segundo o colectivo (dereita)

4.6.3.1.2. Perfil lingüístico

4.6.3.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual

Nos gráficos incluídos en 263 podemos observar as razóns aducidas para non empregar o galego na rede detalladas segundo a lingua inicial (esquerda) e segundo a lingua habitual (dereita). Como viñemos facendo até agora, ímonos fixar nos grupos “galego” e “español”, xa que o grupo “outras” é moi reducido nos dous casos, polo que non podemos obter conclusións sólidas da análise dos datos. Para sabermos se as diferenzas entre os grupos eran ou non significativas, realizáramos unha proba anova unifactorial. Podemos observar que no caso da **lingua inicial** son significativas as diferenzas nas opcións “mimetismo” ($p = 0,0003456$), “o galego non é a miña lingua habitual” ($p = 8,891E-07$) e “galego sempre” ($p = 0,0001366$), mentres que no caso da opción “inseguridade” a proba non devolve resultado ningún. Isto débese a que nesta proba comparamos as medias de tres grupos (galego, español e outras) e nun deles (outras) non existía ningún rexistro neste caso, algo que xa explicamos na nota 78.




Gráfico 263: Razóns aducidas para non empregar o galego na rede segundo a lingua inicial (esquerda) e segundo a lingua habitual (dereita)

Con todo, se realizamos a proba HSD de Tukey comprobamos que os grupos entre os que se dan diferenzas significativas son sempre “galego” e “español”, mesmo na opción de resposta “inseguridade”, para a que a proba anova unifactorial non nos devolvía resultado ningún. É dicir, as persoas que teñen o español como lingua inicial aducen diferentes tipos de razóns para non empregar o galego na rede nunha proporción significativamente superior ca as persoas que aprenderon a falar en galego, mentres que estas últimas afirman empregar só o galego nunha proporción tamén significativamente superior.

No caso da **lingua habitual**, as diferenzas son significativas no caso das razóns “mimetismo” ($p = 0,0001129$) e “o galego non é a miña lingua habitual” ($p = 0,00002479$), mentres que en tres das opcións a proba anova unifactorial non nos devolve resultados. Consideramos que nisto pode estar a interferir novamente o grupo “outras”, que presenta nestes tres casos medias de 0 ou 1, por tanto, moi extremas e, ademais, conta con poucos rexistros. Se realizamos a proba HSD de Tukey obtemos diferenzas significativas entre o grupo de persoas que ten o galego como lingua habitual e o grupo de persoas que emprega habitualmente o español nas opcións mimetismo,

inseguridade, non LH e galego sempre, mais non obtemos tampouco resultado ningún no caso da opción comunicación. En calquera caso, podemos asegurar que as persoas falantes habituais de español non empregan o galego na rede por mimetismo, inseguridade e por non ser a súa lingua habitual en maior medida ca as falantes habituais de galego, mentres que estas últimas empregan o galego sempre en maior medida que as falantes habituais de español. Podemos dicir, en resumo, que as persoas con lingua inicial e/ou habitual español aducen máis razóns para non empregaren o galego na rede ca as persoas con lingua inicial e/ou habitual galego.

4.6.3.1.2.2. Competencia lingüística

Como se pode observar no gráfico 264, a maioría das correlacións son significativas. En primeiro lugar, podemos observar que canto maior é a competencia lingüística, xeral e nas catro destrezas, maior é a proporción de persoas informantes que non usan o galego por comunicación (isto é, porque as persoas con que se relacionan na rede non entenden o galego) ou que usan galego sempre. Pola contra, no caso do mimetismo, da inseguridade e de non ser o galego a lingua habitual, as correlacións son sempre negativas e significativas. En resumo, as persoas que consideran que teñen unha boa competencia lingüística son as que empregan o galego sempre ou as que mudan de lingua só no caso de que as persoas interlocutoras non as entendan; mentres que as persoas con menor competencia lingüística son as que deixan de usar o galego se as persoas coas que se relacionan empregan outra lingua (aínda que entendan o galego), porque se senten inseguras ou porque, en xeral, o galego xa non é a súa lingua habitual. Esta clara relación entre o nivel de competencia lingüística en galego declarada e as razóns aducidas para non empregar o galego na rede revela que canto maior é a competencia lingüística maior é a fidelidade ao uso do galego, e viceversa, uns datos que son coherentes cos que xa analizamos no referente ao uso cuantitativo e cualitativo do galego na rede (*vid.* §4.6.1.1.2.3). Así as cousas, parece que se queremos garantir un uso normal do galego na rede (isto é, que as persoas non deixen de empregar o galego por mimetismo ou inseguridade, ou porque non sexa a súa lingua habitual) cómpre tomar medidas para garantir unha boa competencia lingüística en galego.

Entender	***	***	***	***	*	*	*	*	*	
0.79	Ler	***	***	***	*	**	**	*	***	
0.59	0.62	Falar	***	***	*	**	***	***	***	
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	*	***	***	***	***	
0.66	0.71	0.85	0.83	Xeral	**	***	***	***	***	
0.10	0.13	0.13	0.13	0.14	Comunicación	*		***	***	***
-0.11	-0.17	-0.16	-0.23	-0.21	-0.13	Mimetismo		*	***	*
-0.10	-0.17	-0.24	-0.30	-0.27	-0.08	0.04	Inseguridade	***		
-0.11	-0.12	-0.37	-0.24	-0.29	-0.24	0.11	0.22	Non LH	***	
0.13	0.17	0.23	0.24	0.26	-0.35	-0.29	-0.09	-0.21	Galego sempre	
0.04	0.06	0.07	0.04	0.07	-0.18	-0.10	-0.04	-0.07	-0.06	Outras

Gráfico 264: Relación entre a competencia lingüística e as razóns aducidas para non empregar o galego na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

4.6.3.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC

Como se pode observar no gráfico 265, son poucas as correlacións en que obtivemos valores p inferiores a 0,05. No caso do nivel de persoa usuaria das TIC só rexistramos correlacións significativas en tres ocasións: canto maior é o nivel de persoa usuaria do computador e de Internet, maior é o número de persoas que aducen a comunicación como razón para non empregar o galego na rede; mentres que canto maior é o nivel de persoa usuaria dos dispositivos móbiles, menor é o número de persoas que afirma empregar o galego sempre. No caso da frecuencia de uso de dispositivos, canto maior é a frecuencia de uso, menor é o número de persoas que din non empregar o galego por inseguridade ou por non ser a súa lingua habitual. Finalmente, no referente á frecuencia de uso de Internet, canto maior é a frecuencia de uso de Internet, maior é o número de persoas que escollen a comunicación como razón para non empregaren o galego na rede, mentres que canto maior é a frecuencia de uso de Internet, menor é o número de persoas que afirman non empregar o galego na rede por non ser a súa lingua habitual.

Computador	***	***	*		***					
0.38	Disp. mob.	***	**	***					**	
0.42	0.36	Internet	***	***	*					
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***			*	***		
0.09	0.18	0.22	0.71	Frec. int.	*			*		
0.18	0.07	0.11	0.08	0.11	Comunicación	*		***	***	***
-0.00	0.09	0.04	-0.02	-0.03	-0.13	Mimetismo		*	***	*
-0.06	-0.05	-0.01	-0.13	-0.08	-0.08	0.04	Inseguridade	***		
-0.09	0.05	0.01	-0.18	-0.11	-0.24	0.11	0.22	Non LH	***	
-0.04	-0.15	-0.08	0.06	0.06	-0.35	-0.29	-0.09	-0.21	Galego sempre	
0.01	0.02	0.05	0.05	0.05	-0.18	-0.10	-0.04	-0.07	-0.06	Outras

Gráfico 265: Relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e as razóns aducidas para non empregar o galego na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

4.6.3.2. Características do centro

4.6.3.2.1. Localización do centro

Habitantes		*					
-0.05	Comunicación	*		***	***	***	
0.10	-0.13	Mimetismo		*	***	*	
0.05	-0.08	0.04	Inseguridade	***			
0.08	-0.24	0.11	0.22	Non LH	***		
-0.08	-0.35	-0.29	-0.09	-0.21	Galego sempre		
-0.01	-0.18	-0.10	-0.04	-0.07	-0.06	Outras	

Gráfico 266: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e as razóns aducidas para non empregar o galego na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

Como se pode observar no gráfico 266, só nun caso a correlación é significativa: canto maior é o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro de estudo ou traballo, maior é a proporción de persoas que din mudar de lingua por mimetismo, e viceversa.

4.6.3.2.2. Tipo de centro




Gráfico 267: Razóns aducidas para non empregar o galego na rede segundo o tipo de centro

No gráfico anterior represéntanse os valores medios para cada unha das razóns aducidas para non empregar o galego na rede, detallados segundo o tipo de centro, público ou privado, en que estudan ou traballan as persoas informantes. Podemos observar que ao realizarmos a proba t de Student as diferenzas entre as medias dos dous grupos son significativas en tres casos: mimetismo ($p = 0,02607$), non lingua habitual ($p = 0,03344$) e galego sempre ($p = 0,000001216$). Así as cousas, podemos constatar que, atendendo aos datos da nosa mostra, as persoas que estudan ou traballan en centros públicos empregan sempre o galego en maior medida que as que estudan en centros privados, ao tempo que deixan de empregar o galego en menor medida por mimetismo e o galego é en maior medida a súa lingua habitual. Máis unha vez, detectamos un contexto máis favorábel para o galego nos centros públicos que nos privados.

4.6.3.3. Recapitulación

	Variábel	Media de valores p
1	Competencia lingüística	0,0414501944
2	Lingua habitual	0,0944125633
3	Colectivo	0,1275953297
4	Frecuencia de uso das TIC	0,2145476917
5	Localización do centro	0,2724683333
6	Sexo	0,3138341667
7	Lingua inicial	0,3217366178
8	Tipo de centro	0,3335518693
9	Nivel TIC	0,3613497833

Tabela 64: Influencia das variábeis sociolóxicas nas razóns aducidas para non empregar o galego na rede

Na tabela anterior observamos a clasificación das variábeis sociolóxicas segundo o seu nivel de influencia nas razóns aducidas para non empregar o galego na rede. Podemos observar que a orde é similar á que rexistramos noutros casos, mais só a competencia lingüística acada un valor p medio inferior a 0,05. Neste caso, canto maior é a competencia lingüística, maior é a proporción de persoas que afirman empregar o galego sempre ou mudar de lingua por razóns comunicativas (isto é, porque a persoa interlocutora non entende o galego); mentres que canto menor é a competencia lingüística, maior é a proporción de persoas que afirman non empregar o galego por mimetismo, por inseguridade ou porque non é a súa lingua inicial.

4.6.4. Normativas empregadas

No seguinte gráfico represéntase a porcentaxe de persoas que escolleron cada unha das opcións de resposta achegadas




Gráfico 268: Normativas empregadas na rede

Na sección do cuestionario dedicada a coñecermos o uso do galego na rede por parte das persoas informantes incluimos a pregunta “De usares o galego na rede, que normativa empregas?”, para a que achegamos seis opcións diferentes: normativa oficial, AGAL, norma portuguesa, non uso ningunha normativa, non o sei e non uso o galego na rede; para alén dunha sétima opción aberta en que as persoas informantes podían incluír a información que desexaren. Todas as persoas podían escoller cantas opcións quixeren. Como se pode comprobar, o 67,52% das persoas informantes afirman empregar a normativa oficial na rede, mentres que só un 5,85% afirman empregar a norma AGAL e un 4,67% a norma portuguesa. Até un 15,65% afirman non saber que normativa empregan e un 12,15% din non usar ningunha normativa, mentres que o

7,24% indican non empregar o galego na rede. Só o 2,57% das persoas informantes indican outras situacións na opción de resposta aberta.

Como indicamos ao comezo, esta pregunta permitía seleccionar cantas opcións de resposta se desexasen. Amosamos no seguinte gráfico as combinacións elixidas polas persoas informantes:




Gráfico 269: Normativas empregadas (combinacións)

Podemos observar que cun peso superior ao 5% só detectamos respostas que escollen unha única opción. O peso de cada unha das opcións é semellante ao que vimos no gráfico anterior, mais desaparecen a norma AGAL e a norma portuguesa pois, ao termos en conta as combinacións elixidas por cada persoa e non o número de persoas que elixiu cada opción, pasan a ter un peso inferior ao 5% ou, o que é o mesmo, son opcións que aparecen con frecuencia en combinación con outras. Amosamos na seguinte tabela todas as combinacións cun peso inferior ao 5%, que conforman o grupo “outras” do gráfico anterior:

Resposta	Número de persoas informantes	% de persoas informantes
Normativa oficial, AGAL	10	2,34%
AGAL, Norma portuguesa	5	1,17%
Norma portuguesa	5	1,17%
Normativa oficial, Norma portuguesa	5	1,17%
Non o sei, Non uso o galego na rede	4	0,93%
AGAL	3	0,70%
Normativa oficial, Non o sei	3	0,70%
Normativa oficial, Non uso ningunha normativa	3	0,70%
Non uso ningunha normativa, Non o sei	2	0,47%
Normativa oficial, AGAL, Norma portuguesa	2	0,47%

Resposta	Número de persoas informantes	% de persoas informantes
Normativa oficial, Non uso o galego na rede	2	0,47%
AGAL, Non uso ningunha normativa	1	0,23%
apenas escribo en galego	1	0,23%
castrapo jalejo	1	0,23%
Como cada ano a RAG adícase a sacra un galego novo, arruinando o noso idioma, terminei por optar polo galego de a pé, pois non sinto coma meu o AGAL, pois son galego, non portugués, nin a derradeira modificación do galego da RAG, pois é unha castelanización que nada ten que ver co meu idioma. Con esto último, refírome a que non acepto os cambios de verbas coma perdoar, traicioar, por perdona, traicionar... entre outras aberracións que semmella que o único que buscan é afundir e esnaquizar o idioma.	1	0,23%
Non uso ningunha normativa, Non uso o galego na rede	1	0,23%
Non uso ningunha normativa, Normativa oficial	1	0,23%
Normativa non estricta	1	0,23%
Normativa oficial, AGAL, Non uso ningunha normativa	1	0,23%
Normativa oficial, AGAL, Norma portuguesa, Depende do interlocutor.	1	0,23%
Normativa oficial, AGAL, Norma portuguesa, Non uso ningunha normativa, Non o sei, Non uso o galego na rede	1	0,23%
Normativa oficial, con algunha falta, Non é tan sinxelo verificar as faltas en galego como en castelán na Internet	1	0,23%
Normativa oficial, e segundo con quen localismos-só en contextos colquiais	1	0,23%
Normativa oficial, Non coñezo ben a normativa oficial, pero intento non cometer erros nese sentido (consultando, preguntando a profesores, ...)	1	0,23%
Normativa oficial, Norma portuguesa, Castrapo en contextos coloquiais	1	0,23%
Normativa oficial, Trato de manter as variantes locais da miña zona de orixe, aínda que non sexan oficiais	1	0,23%
Normativa oficial, Uso a normativa oficial pq non sei outra e pq adoito as/os que se relacionan comigo tampouco coñecen outra	1	0,23%
Unha lingua digna	1	0,23%

Tabela 65: Combinacións de respostas cun peso inferior ao 5

Na tabela anterior podemos observar como, efectivamente, a norma AGAL e a norma portuguesa aparecen en combinación con outras opcións de resposta frecuentemente (aínda que tamén se rexistran como opcións únicas). Por outra banda, sinalamos en letra

grosa aquelas respostas que foron engadidas polas persoas informantes. Podemos ler observacións de diferente tipo: desde persoas que indican que case non usan o galego (“apenas escribo en galego”) até persoas que critican as diferentes normativas (“Como cada ano a RAG adícase a sacra un galego novo, arruinando o noso idioma, terminei por optar polo galego de a pé, pois non sinto coma meu o AGAL, pois son galego, non portugués, nin a derradeira modificación do galego da RAG, pois é unha castellanización que nada ten que ver co meu idioma. Con esto último, refírome a que non acepto os cambios de verbas coma perdoar, traicioar, por perdona, traicionar... entre outras aberracións que semella que o único que buscan é afundir e esnaquizar o idioma.”), pasando por testemuños que revelan a inseguridade que senten as persoas informantes á hora de escribiren en galego (“con algunha falta, Non é tan sinxelo verificar as faltas en galego como en castelán na Internet” ou “Non coñezo ben a normativa oficial, pero intento non cometer erros nese sentido (consultando, preguntando a profesores, ...)”) e outras que afirman usar localismos e e podemos deducir que tamén castelanismos debido ao uso do termo *castrapo*⁹⁷ en contextos coloquiais (“castrapo jalejo”, “e segundo con quen localismos-só en contextos colquiais”, “Castrapo en contextos coloquiais” ou “Trato de manter as variantes locais da miña zona de orixe, aínda que non sexan oficiais” -en todos estes casos, agás no primeiro, a resposta aberta vai acompañada da selección da opción “normativa oficial”-). Atopamos outra resposta que só indica “Unha lingua digna”, sen precisar máis nada.

4.6.4.1. Perfil das persoas informantes

4.6.4.1.1. Perfil xeral: sexo e colectivo

Nos dous gráficos representados en 270 podemos observar os datos das normativas empregadas detallados segundo o sexo (esquerda) e segundo o colectivo (dereita). Coma sempre, para sabermos se as diferenzas detectadas entre as medias dos dous grupos é, nos dous casos, significativa ou non, cómpre realizarmos a proba *t* de Student para a

97 Aínda que a RAG define *castrapo* como 'Variante do idioma castelán falado en Galicia, caracterizada pola abundancia de palabras e expresións tomadas do idioma galego' (“castrapo”), tamén é frecuente que as persoas galegofalantes identifiquen a súa fala con este termo de xeito despectivo por mor das interferencias do español no galego (Freixeiro, 2014:41-47).

diferenza de medias. Ao nos fixarmos nos asteriscos dos gráficos, podemos observar que no caso do **sexo** son significativas as diferenzas no uso da norma portuguesa ($p = 0,02979$) ou de ningunha norma ($p = 0,03099$), polo que podemos dicir que os homes empregan a norma portuguesa ou ningunha norma nunha proporción significativamente superior á das mulleres.




Gráfico 270: Normativas empregadas segundo o sexo (dereita) e segundo o colectivo (esquerda)

Canto ao **colectivo**, é especialmente baixo o valor p obtido no caso da normativa oficial ($p = < 2,2e-16$), mais tamén son significativos os obtidos nas opcións “ningunha” ($p = 0,00004362$), “non o sei” ($p = 7,946E-09$) ou “non uso o galego” ($p = 0,00003517$). Así as cousas, podemos afirmar que o profesorado usa máis a normativa oficial que o estudantado, mais o estudantado non usa ningunha norma, non sabe que norma usa e non usa o galego máis ca o profesorado. Isto reflicte que o colectivo de menor idade da nosa mostra, máis unha vez, usa menos o galego e, ademais, parece ter unha menor competencia lingüística se atendemos ao resto de opcións (non sabe que norma usa ou declara non usar ningunha). Aínda que é un dato negativo para o futuro do galego, tampouco debemos esquecer que o estudantado aínda está no proceso de adquisición da competencia lingüística.

4.6.4.1.2. Perfil lingüístico

4.6.4.1.2.1. Lingua inicial e lingua habitual

Nos dous gráficos representados en 271 amosamos os datos referidos ás normativas empregadas polas persoas informantes na rede segundo a súa lingua inicial (esquerda) e segundo a súa lingua habitual (dereita). Coma en casos anteriores, ímonos centrar na comparación dos grupos “galego” e “español”, pois o grupo “outras” é demasiado reducido nos dous casos como para tirarmos conclusións fiábeis.




Gráfico 271: Normativas empregadas segundo a lingua inicial (esquerda) e segundo a lingua habitual (dereita)

Podemos observar que no caso da **lingua inicial** ningún valor p é inferior a 0,05, aínda que na opción de resposta “non o sei” non obtivemos resultado ningún. É probábel que isto se deba a que unha das opcións (“outras”) presenta unha media de 0. Con todo, as diferenzas entre as persoas con lingua inicial galego e español non poden ser significativas, xa que os valores medios son idénticos para os dous grupos (0,14).

No caso da **lingua habitual**, só obtemos unha diferenza significativa no uso da norma AGAL ($p = 0,02946$), isto é, as persoas que empregan habitualmente o galego usan máis a norma AGAL ca as que son falantes de español. Con todo, até en 4 casos a proba anova unifactorial non nos devolve resultado ningún. En todos estes casos hai algún grupo que ten de valor medio 0, o que pode estar a provocar que non poidamos aplicar a proba anova correctamente (*vid.* nota 78). Para sabermos se existían diferenzas

significativas entre as persoas falantes habituais de galego e de español nestes casos, aplicamos a proba HSD de Tukey, que nos deu como resultado que as diferenzas entre os dous grupos son significativas en todos os casos. Así, as persoas falantes habituais de galego empregan máis a norma portuguesa ou indican outras situacións, mentres declaran en menor medida non saber que normativa empregan ou non usar o galego na rede.

4.6.4.1.2.2. Competencia lingüística

Entender	***	***	***	***	***				**	*	
0.79	Ler	***	***	***	***				***		
0.59	0.62	Falar	***	***	***	*			**	**	
0.58	0.63	0.73	Escribir	***	***	*	*		**		
0.66	0.71	0.85	0.83	Xeral	***	*			***	*	
0.25	0.25	0.20	0.18	0.24	Oficial				***	***	***
0.06	0.05	0.12	0.10	0.13	-0.04	AGAL	***				
0.01	-0.02	0.06	0.11	0.08	-0.08	0.37	Portuguesa				*
-0.06	-0.03	-0.02	-0.08	-0.05	-0.44	-0.00	-0.05	Ningunha			
-0.14	-0.18	-0.15	-0.14	-0.20	-0.51	-0.07	-0.06	-0.08	Non sabe		
-0.12	-0.08	-0.16	-0.04	-0.11	-0.35	-0.03	-0.02	-0.05	0.02	Non galego	
0.06	0.06	0.06	0.01	0.04	-0.01	0.09	0.10	-0.06	-0.06	-0.05	Outras

Gráfico 272: Relación entre a competencia lingüística e o uso de diferentes normativas na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

O primeiro que observamos no gráfico 272 é que canto maior é a competencia lingüística declarada, xeral e nas catro destrezas, maior é o uso da normativa oficial, pois todos os valores p son inferiores a 0,05; ao tempo que canto maior é a competencia lingüística declarada, menor é o descoñecemento da normativa que se emprega (“non o sei”). Por outra banda, canto maior é a competencia declarada nas destrezas activas (falar e escribir), así como de xeito xeral, maior é o uso da norma AGAL; mentres que canto maior é a competencia declarada na escrita, maior é o uso da norma portuguesa. Finalmente, canto maior é a competencia declarada nas capacidades para entender e para falar e de xeito xeral, menor é a proporción de persoas que din non empregar o galego na rede. Máis unha vez, observamos unha relación entre a competencia e o uso.

4.6.4.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC

No gráfico 273 podemos observar que son poucas as correlacións cun valor p inferior a 0,05. No caso do nivel de persoa usuaria, só podemos afirmar que canto maior é a

competencia no uso de dispositivos móbiles, maior é o uso da normativa AGAL na rede. No que se refire á frecuencia de uso, canto maior é a frecuencia de uso de dispositivos e de Internet, maior é o uso da normativa oficial e menor é a proporción de persoas que declaran non saber que normativa empregan.

Computador	***	***	*																	
0.38	Disp. mób.	***	**	***		**														
0.42	0.36	Internet	***	***																
0.11	0.15	0.17	Frec. disp.	***	***								**							
0.09	0.18	0.22	0.71	Frec. int.	**								**							
0.08	-0.03	0.05	0.17	0.14	Oficial					***	***	***								
0.09	0.14	0.08	0.06	0.07	-0.04	AGAL	***													
0.08	0.07	0.04	0.00	-0.02	-0.08	0.37	Portuguesa												*	
-0.07	0.02	-0.03	0.02	0.03	-0.44	-0.00	-0.05	Ningunha												
-0.01	0.06	-0.01	-0.16	-0.15	-0.51	-0.07	-0.06	-0.08	Non sabe											
-0.01	-0.00	0.00	-0.07	-0.04	-0.35	-0.03	-0.02	-0.05	0.02	Non galego										
0.02	0.06	0.06	0.05	0.01	-0.01	0.09	0.10	-0.06	-0.06	-0.05	Outras									

Gráfico 273: Relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e as normativas empregadas na rede (coeficiente de correlación de Pearson)

4.6.4.2. Características do centro

4.6.4.2.1. Localización do centro

Habitantes										*
0.05	Oficial				***	***	***			
-0.09	-0.04	AGAL	***							
-0.06	-0.08	0.37	Portuguesa							*
-0.03	-0.44	-0.00	-0.05	Ningunha						
-0.02	-0.51	-0.07	-0.06	-0.08	Non sabe					
0.09	-0.35	-0.03	-0.02	-0.05	0.02	Non galego				
-0.10	-0.01	0.09	0.10	-0.06	-0.06	-0.05	Outras			

Gráfico 274: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e o uso das diferentes normativas (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 274 observamos que só unha das relacións é significativa: canto menor é o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro en que estudan ou traballan as

persoas informante, maior é o número de persoas que responden á opción de resposta aberta.

4.6.4.2.2. Tipo de centro




Gráfico 275: Normativas empregadas segundo o tipo de centro

No gráfico anterior reflíctense os valores medios obtidos por cada unha das opcións de resposta segundo o tipo de centro en que estuden ou traballen as persoas informantes. Podemos observar que nos centros públicos se emprega máis a normativa oficial, a norma AGAL e a norma portuguesa, e é tamén onde máis persoas responden á opción de aberta “outras”. Pola contra, nos centros privados é onde máis se afirma non empregar ningunha normativa, non saber que normativa se emprega ou non usar o galego. Aínda que estes datos reflicten, máis unha vez, un contexto máis favorábel para o galego nos centros públicos, neste caso ningunha das diferenzas entre os dous grupos resultou ser significativa ao realizarmos a proba t de Student.

4.6.4.3. Recapitulación

Coma en casos anteriores, amosamos na tabela 66 a media dos valores p obtido para cada unha das opcións de resposta en cada unha das variábeis sociolóxicas empregadas. Podemos observar que, neste caso, ningunha das medias é inferior a 0,05, aínda que vimos que en opcións de resposta concretas si rexistramos diferenzas significativas. Vemos tamén que a variábel que máis influíu nas respostas a esta pregunta do cuestionario foi o colectivo, seguida da competencia lingüística, do sexo, da lingua habitual, da localización do centro, da lingua inicial, da frecuencia de uso das TIC, do tipo de centro e, finalmente, do nivel de persoa usuaria das TIC.

	Variábel	Media de valores <i>p</i>
1	Colectivo	0,1017464663
2	Competencia lingüística	0,1630153165
3	Sexo	0,20333
4	Lingua habitual	0,25093
5	Localización do centro	0,27643
6	Lingua inicial	0,32492
7	Frecuencia de uso das TIC	0,3513766143
8	Tipo de centro	0,3589142857
9	Nivel TIC	0,4302128571

Tabela 66: Influencia das variábeis sociolóxicas nas normativas empregadas

4.6.5. Impacto do uso do galego na rede na competencia lingüística

Cara ao final do cuestionario, realizámoslles ás persoas informantes varias preguntas sobre a relación entre o uso do galego e a mellora da competencia lingüística. Nesta epígrafe imos analizar as respostas ás preguntas “De considerares que a túa competencia lingüística en galego pode mellorar, cres que se mellorase usarías máis o galego na rede?” e “Se empregas o galego na rede, consideras que a túa competencia lingüística mellorou grazas a este uso?”. Para abreviarmos, falaremos de uso hipotético no primeiro caso e de uso real no segundo. Deterémonos ao final desta epígrafe nas respostas á pregunta aberta “Poderías describir a túa experiencia con relación á mellora da túa competencia lingüística en galego grazas a usárelo en Internet?”.

Nos dous gráficos incluídos en 267 podemos observar as respostas das persoas informantes sobre a súa valoración da relación entre o uso hipotético (esquerda) ou real (dereita) do galego na rede e a mellora da competencia lingüística. Os datos do primeiro gráfico corresponden, por tanto, ás respostas á pregunta “De considerares que a túa competencia lingüística en galego pode mellorar, cres que se mellorase usarías máis o galego na rede?”. Como se pode observar, máis do 42% das persoas informantes considera que xa ten unha boa competencia lingüística, case un 34% pensa que de usar máis o galego na rede melloraría a súa competencia lingüística e pouco máis dun 24% pensa que non melloraría. No segundo gráfico represéntanse as respostas á pregunta “Se

empregas o galego na rede, consideras que a túa competencia lingüística mellorou grazas a este uso?”.




Gráfico 276: Valoración do uso do galego na rede na competencia lingüística hipotético (esquerda) e real (dereita)

Podemos observar que case un 9% das persoas afirman non usar o galego na rede, mentres que un 20% din non saber se a súa competencia lingüística mellorou ou non. A porcentaxe de persoas que cren que o uso do galego na rede tivo un impacto positivo na súa competencia lingüística e a das que cren que non foi así son moi semellantes: 37% no primeiro caso e 34% no segundo. Imos ver a continuación que acontece se detallamos estes datos segundo outras variábeis.

4.6.5.1. Perfil das persoas informantes

4.6.5.1.1. Perfil xeral:

4.6.5.1.1.1. Sexo




Gráfico 277: Valoración do uso do galego na rede na competencia lingüística hipotético (esquerda) e real (dereita) segundo o sexo

Nos gráficos recollidos en 277 detallamos as respostas ás dúas preguntas que estamos analizando segundo o sexo. Os valores que se observan son a media de persoas que elixiu cada unha das respostas en cada un dos grupos, unha transformación dos datos que nos permitirá realizar a proba t de Student para sabermos se as diferenzas entre as medias dos dous grupos son ou non significativas. Observamos que os homes afirman en maior medida que xa teñen unha boa competencia lingüística e as mulleres que non aumentaría máis a súa competencia lingüística de empregaren máis o galego na rede. Canto ao uso real, os homes consideran que a súa competencia lingüística mellorou grazas ao uso do galego na rede en maior medida ca as mulleres, mais no resto de respostas os dous grupos están moi igualados. Con todo, ningún dos valores p é inferior a 0,05, polo que podemos concluír que as diferenzas entre os dous sexos non son significativas nestas dúas cuestións.

4.6.5.1.1.2. Colectivo

Nos dous gráficos recollidos en 278 podemos observar os datos detallados segundo o colectivo. O profesorado considera en maior medida ca o estudiantado que xa ten unha boa competencia lingüística, mentres que o estudiantado pensa en maior medida que a súa competencia si melloraría se empregase o galego na rede, mais tamén que non melloraría (aínda que neste caso a diferenza é menor ca no anterior). Se nos fixamos no uso real, observamos que o profesorado acada valores máis altos ca o estudiantado nas opcións de resposta “non mellorou” e “si mellorou”, mentres que o estudiantado supera o profesorado nas opcións de resposta “non uso o galego” e “non sei”.




Gráfico 278: Valoración do uso do galego na rede na competencia lingüística hipotético (esquerda) e real (dereita) segundo o colectivo

Observamos que os valores p son significativos en varias opcións de resposta. En primeiro lugar, o profesorado considera que xa ten unha boa competencia lingüística nunha proporción significativamente maior ca o estudiantado ($p = 0,000003939$). O estudiantado, pola súa banda, considera que a súa competencia lingüística en galego melloraría se empregase máis o galego na rede nunha proporción significativamente superior á do profesorado ($p = 0,0004627$), mais ao mesmo tempo afirma nunha proporción significativamente maior cá do profesorado non usar o galego na rede ($p = 0,01011$). Parece, por tanto, que o estudiantado é consciente de que o uso pode mellorar a competencia, mais tamén de que non está a exercitar ese uso. Tamén é significativa a diferenza entre estudiantado e profesorado nas opcións de resposta “non mellorou” ($p = 0,000001849$) e “non sei se mellorou” ($p = 0,00008215$): no primeiro caso é o profesorado o que acada valores máis altos, mentres que no segundo é o estudiantado. Este último dato amosa que o estudiantado é un colectivo que parece non ter unha consciencia sólida da súa competencia lingüística en galego.

4.6.5.1.2. Perfil lingüístico

4.6.5.1.2.1. Lingua inicial




Gráfico 279: Valoración do impacto uso do galego na rede na competencia lingüística hipotético (esquerda) e real (dereita) segundo o a lingua inicial

Nos gráficos anteriores podemos observar que as diferenzas son significativas no caso da opción de resposta “xa teño unha boa competencia lingüística” ($p = 2,557E-07$) e “non melloraría” ($p = 0,0008316$). Nos dous casos, ao realizarmos a proba HSD de Tukey para sabermos entre que parellas as diferenzas son significativas obtemos que as diferenzas son significativas entre as persoas con lingua inicial galego e as persoas con

lingua inicial español. Así, as persoas con lingua inicial galego consideran que xa teñen unha boa competencia lingüística en maior medida que as que teñen o español como lingua inicial, mentres que estas últimas consideran en maior medida que o uso do galego na rede non melloraría a súa competencia lingüística. Por outra banda, observamos que no caso da opción de resposta “non uso o galego na rede” a proba anova unifactorial non nos devolveu resultado ningún. Coma en casos anteriores, isto pode deberse a que nun dos grupos o valor é 0 (*vid.* nota 78), mais se realizamos a proba HSD de Tukey, observamos novamente que existe unha diferenza significativa entre as persoas que teñen o español e as que teñen o galego como lingua inicial: estas últimas empregan máis o galego na rede ca as primeiras.

4.6.5.1.2.2. Lingua habitual




Gráfico 280: Valoración do uso do galego na rede na competencia lingüística hipotético (esquerda) e real (dereita) segundo o a lingua habitual

Observamos que no caso do uso hipotético todas as diferenzas son significativas. Se realizamos a proba HSD de Tukey obtemos que as diferenzas son significativas entre as persoas que falan habitualmente galego e as que falan habitualmente español, isto é, as persoas que teñen o galego como lingua habitual consideran que a súa competencia en galego é maior ($p = 0,00005031$), mentres que as opcións de resposta “non melloraría” ($p = 0,001453$) e “si melloraría” ($p = 0,01804$) son escollidas en maior medida polas persoas que falan habitualmente español, isto é, dentro das persoas falantes de español parecen existir dous subgrupos: as que consideran que o uso repercutiría positivamente na competencia e as que non. No caso do uso real non rexistramos ningunha diferenza significativa, mai si un caso en que a proba anova unifactorial non nos devolveu

resultado ningún. Máis unha vez, ao realizarmos a proba HSD de Tukey detectamos que a diferenza é significativa entre as persoas que falan habitualmente galego e as que falan habitualmente español, isto é, como era de esperar, as persoas que falan habitualmente español son as que afirman en maior medida non empregar o galego na rede.

4.6.5.1.2.3. Competencia lingüística




Gráfico 281: Relación entre a competencia lingüística e o impacto hipotético e real do uso do galego na rede na propia competencia lingüística (coeficiente de correlación de Pearson)

No gráfico 281 observamos que no caso do **impacto hipotético** todas as relacións son significativas, non só na competencia xeral declarada, senón tamén nas catro destrezas. Canto maior é a competencia lingüística declarada, maior é o número de persoas que consideran que xa teñen unha boa competencia lingüística (como é lóxico), e menor é o número de persoas que a súa competencia lingüística non melloraría e si melloraría co uso do galego na rede. No caso do **impacto real**, aínda que detectamos algunhas relacións significativas, os datos non son tan sistematicamente claros. No caso da opción de resposta “si mellorou” non obtivemos relación significativa ningunha. No caso da opción “non uso o galego na rede” é onde as asociacións son máis fortes: agás no referente á capacidade para ler en galego, no resto de destrezas e na competencia xeral observamos que canto maior é a competencia lingüística menor é o número de persoas que afirman non empregar o galego na rede. A seguinte asociación máis forte rexistrámola na opción de resposta “non mellorou”, pois canto maior é a competencia escrita e a competencia xeral declaradas, maior é o número de persoas que consideran que a súa competencia lingüística non mellorou por empregar o galego en Internet. Finalmente, no caso da opción de resposta “non o sei” só detectamos unha relación

significativa na valoración da competencia lingüística xeral: canto maior é a competencia lingüística xeral, maior é o número de persoas que declaran non saber se o uso do galego na rede axudou a mellorar a súa competencia lingüística. En calquera caso, máis unha vez, constatamos que a competencia e o uso están intimamente ligados.

4.6.5.1.3. Perfil de persoa usuaria das TIC




Gráfico 282: Relación entre o perfil de persoa usuaria das TIC e o impacto hipotético e real do uso do galego na rede na competencia lingüística (coeficiente de correlación de Pearson)

Na gráfico 282 represéntanse as relacións entre o nivel de persoa usuaria do computador, dos dispositivos móbiles e de Internet, por unha banda, e o impacto hipotético e real do uso do galego na rede na competencia lingüística, por outra. En xeral, observamos que a maioría das asociacións non son fortes. No caso do nivel de persoa usuaria, observamos que canto maior é o nivel de persoa usuaria do computador e dos dispositivos móbiles, maior é o número de persoas que consideran que a súa competencia lingüística mellorou grazas ao uso do galego na rede. Por outra banda, canto maior é a competencia no uso do computador, menor é o número de persoas que afirman non usar o galego na rede; mentres que canto maior é a competencia no uso dos dispositivos móbiles, menor é o número de persoas que consideran que a súa competencia non mellorou por usar o galego na rede. Canto á frecuencia de uso, canto maior é a frecuencia de uso de dispositivos, maior é o número de persoas que consideran que xa teñen unha boa competencia lingüística, e menor o número de persoas que consideran que a súa competencia melloraría de usaren máis o galego na rede. Finalmente, canto maior é a frecuencia de uso de Internet, maior é o número de

persoas que consideran que a súa competencia lingüística mellorou grazas ao uso do galego na rede.

4.6.5.2. Características do centro

4.6.5.2.1. Localización do centro




Gráfico 283: Relación entre o número de habitantes do concello en que se sitúa o centro e o impacto hipotético e real do uso do galego na rede na competencia lingüística (coeficiente de correlación de Pearson)

Como se pode observar no gráfico 283, só en dous casos os valores p son inferiores a 0,05, isto é, só detectamos dúas asociacións significativas: canto maior é o número de habitantes do concello, maior é o número de persoas que escollen a opción de resposta “non uso o galego na rede”, mentres que canto menor é o número de habitantes do concello, maior é o número de persoas que consideran que a súa competencia lingüística mellorou grazas ao uso do galego na rede.

4.6.5.2.2. Tipo de centro

Nos dous gráficos recollidos en 284 representamos as opcións de resposta ás dúas preguntas que vimos analizando detalladas segundo o tipo de centro. Só no caso da opción de resposta “si mellorou” obtemos un valor p inferior a 0,05, isto é, as persoas que estudan ou traballan en centros públicos consideran que a súa competencia lingüística mellorou grazas ao uso do galego na rede en maior medida ca as que estudan ou traballan en centros privados.




Gráfico 284: Valoración do impacto uso do galego na rede na competencia lingüística hipotético (esquerda) e real (dereita) segundo o tipo de centro

4.6.5.3. Descrición de experiencias

Para alén das dúas preguntas anteriores, incluímos unha terceira pregunta opcional sobre o impacto do uso do galego na rede na competencia lingüística. Trátase dunha pregunta aberta que enunciámos do seguinte xeito: “Poderías describir a túa experiencia con relación á mellora da túa competencia lingüística en galego grazas a usárelo en Internet?”. A esta pregunta podían responder só aquelas persoas que indicaron que o uso do galego na rede lles servira para mellorar a súa competencia lingüística (158 persoas, 36,92% da mostra). Responderon esta pregunta 109 persoas, o 25,47% da mostra. Trátase de 109 respostas diferentes que revisamos unha a unha e das que imos ofrecer unha breve análise. Con todo, aínda que se trata dun grupo amplo, non imos realizar neste caso unha análise detallada segundo as variábeis sociolóxicas pois, como veremos nas seguintes liñas, resultarán en moitos casos subgrupos demasiado pequenos, que non nos permitirían tirar conclusións fiábeis, polo que só imos achegar unha descrición xeral dos datos obtidos con esta pregunta. Ao irmos lendo as respostas que as persoas informantes foron achegando a esta pregunta, decatámonos de que existían unha serie de temáticas recorrentes. Isto permitiunos establecer até oito grupos temáticos diferentes non excluíntes (isto é, unha mesma resposta pode pertencer a máis dun grupo). Aínda que intentamos elaborar esta clasificación coa máxima exhaustividade posíbel, non podemos obviar que a clasificación temática de enunciados tan diferentes ten unha parte de subxectividade. Pódese comprobar a clasificación de todas as respostas na base de datos de respostas á enquisa que se inclúe como anexo neste

arquivo. Amosamos a continuación as temáticas detectadas seguidas de exemplos (indicamos entre parénteses o número de rexistro a que corresponde cada exemplo):

- **Frecuencia de uso:** respostas que relacionan directamente a frecuencia de uso do galego na rede coa mellora da competencia lingüística. Exemplo: “No meu caso, ao usar diariamente o galego na Internet, considero que fun depurando pouco a pouco a lingua.” (415).
- **Frecuencia de uso hipotética:** respostas en que se indica que se se usase máis o galego na rede aumentaría a competencia lingüística. Exemplo: “Ao utilizar o galego en Internet a miña forma de escribilo e utilizalo melloraría e daríasele máis uso ao idioma.” (117).
- **Uso infrecuente:** respostas que só fan referencia a que a persoa informante non usa ou usa moi pouco o galego. Exemplo: “sintoo pero non o uso con nada de frecuencia, así que non vai mellorar nunca, falo o mínimo e prefiero falar o castelán, pero non discrimino aos que falan galego.” (187).
- **Esfuerzo:** respostas que relacionan a mellora da competencia lingüística co esforzo realizado pola persoa para acadar ese obxectivo. Exemplo: “Tanto en galego como en castelán trato de escribir o mellor posible, polo que consulto dicionarios, manuais, leo libros e fíxome no que fan os demais para corrixir posibles fallos” (405).
- **Recursos:** respostas que relacionan a mellora da competencia lingüística coa existencia de recursos que axudan a resolver dúbidas. Exemplo: “Considero que teño unha maior competencia xa que cando teño algunha dúbida á hora de escribir algo en galego sempre o busco na RAG polo que xa case non cometo erros nin moito menos faltas ortográficas.” (263).
- **Axuda (sen xustificación):** respostas que indican que o uso do galego na rede axuda a mellorar a competencia lingüística, mais que non achegan ningunha argumentación para apoiar a afirmación. Exemplo: “Claramente fai que o esteas a empregar e dun xeito correcto.” (97).
- **Non axuda:** respostas en que se indica que o uso do galego na rede non axuda a mellorar a competencia lingüística. Exemplo: “Uso sempre galego e, por tanto

tamén en Internet, nin mellora nin empeora por iso, pero é claro que utilizándoo manteño a competencia correcta.” (55).

- **Valoracións xerais:** respostas que achegan valoracións de tipo xeral sobre o uso do galego na rede, sen responder necesariamente á pregunta formulada. Exemplo: “Ao falar Internet nas rede sociais estaremos rompendo o dito de que o galego so o fala as persoas maiores” (213).
- **Outras:** respostas de diverso tipo que non responden á cuestión formulada. Exemplos: “non sei explicala” (184) ou “Moi ben” (242).

Amosamos no seguinte gráfico a distribución destas temáticas:




Gráfico 285: Temáticas detectadas na descrición de experiencias de uso do galego na rede e a súa relación coa mellora da competencia lingüística

Desas 109 respostas, case o 45% indican que unha maior frecuencia de uso do galego incide positivamente na competencia lingüística, mentres que un 31% fan referencia ao esforzo individual na mellora da competencia. Un 7,34% fai referencia algún tipo de recurso dispoñíbel na rede como elemento de axuda para a mellora da competencia, mentres que un 6,42% indica que se usase máis o galego na rede a súa competencia lingüística melloraría. Só un 1,83% indica que o uso do galego na rede repercute positivamente na competencia lingüística sen argumentar a súa resposta. Até un 8,26% achegan respostas que non teñen que ver coa pregunta formulada, un 4,59% fai valoracións xerais sobre o galego na rede, un 3,67% indica que (case) non usa o galego e un 2,75% considera que o uso do galego na rede non axuda a mellorar a competencia lingüística.

Cómpre termos en conta que unha boa parte das respostas non se cinguen ao que se pedía na pregunta (“Poderías describir a túa experiencia con relación á mellora da túa competencia lingüística en galego grazas a usárelo en Internet?”). En senso estrito, só

podemos considerar que responden a pregunta formulada as que inclúen referencias á frecuencia de uso, ao esforzo e ao uso de recursos.

Ademais de detectarmos diferentes temáticas nas respostas recibidas, tamén nos decatamos de que eran frecuentes as referencias ao uso do galego en diferentes tipos de medios, nativos ou non da rede:




Gráfico 286: Medios de comunicación citados na descrición de experiencias de uso do galego na rede e a súa relación coa mellora da competencia lingüística

Até en 33 das 109 respostas (o 30,28% das respostas) as persoas informantes facían referencia a algún medio de comunicación que relacionaba coa mellora da súa competencia lingüística. Podemos observar que as redes sociais e os blogues os medios máis citados á hora de describir experiencia de uso do galego na rede relacionadas coa mellora da competencia lingüística, seguidos de lonxe da aula virtual, do correo electrónico e das páxinas web e, en último lugar, dos foros e dos xornais dixitais.

En resumo, as persoas informantes que responderon esta cuestión relacionan claramente a frecuencia de uso coa mellora da competencia lingüística, mais tamén o esforzo persoal e o uso de recursos lingüísticos; ao tempo que consideran o uso de blogues e redes sociais dous espazos importantes neste sentido.

4.6.5.4. Recapitulación

Coma en casos anteriores, imos amosar a media dos valores p obtidos para cada unha das opcións de resposta en cada unha das variábeis sociolóxicas empregadas. Neste caso, non podemos ter en conta os datos achegados no último punto, referido ás experiencias persoais, xa que a análise realizada foi máis breve. Con todo, presentamos dúas tabelas: a primeira referida á valoración do impacto hipotético do uso do galego na

rede na competencia lingüística e a segunda á valoración do impacto real do uso do galego na competencia lingüística:

	Variábel	Media de valores p
1	Competencia lingüística	8,1669386426888E-06
2	Lingua habitual	0,0065144367
3	Lingua inicial	0,0561439519
4	Colectivo	0,070222213
5	Frecuencia de uso das TIC	0,1852758333
6	Localización do centro	0,424
7	Sexo	0,5641
8	Nivel TIC	0,5821666667
9	Tipo de centro	0,6406666667

Tabela 67: Influencia das variábeis sociolóxicas na valoración do impacto hipotético do uso do galego na rede na competencia lingüística

Como podemos observar, no caso do impacto hipotético rexistramos valores medios inferiores a 0,05 no caso da competencia lingüística e da lingua habitual. Se lembramos, canto maior era a competencia lingüística, menor é o número de persoas que consideran que a súa competencia non melloraría ou si melloraría, e maior é o número de persoas que consideran que xa teñen unha boa competencia lingüística. Canto á lingua habitual, as persoas que falan normalmente en galego son as que consideran en maior medida que xa teñen unha boa competencia lingüística, mentres que son as que falan habitualmente en español as que escollen maioritariamente as opcións “non melloraría” e “si melloraría”. Observamos na tabela que a lingua inicial e o colectivo tamén se manteñen nos primeiros postos, como é habitual, aínda que a media de valores p non sexa inferior a 0,05.

Na seguinte tabela amosamos a media de valores p correspondentes á valoración do impacto do uso real do galego na competencia lingüística:

	Variábel	Media de valores p
1	Lingua habitual	0,15765
2	Competencia lingüística	0,1592041
3	Colectivo	0,20236405
4	Nivel TIC	0,2982188333
5	Tipo de centro	0,3309005
6	Localización do centro	0,3360225

	Variábel	Media de valores <i>p</i>
1	Lingua habitual	0,15765
7	Frecuencia de uso das TIC	0,4974975
8	Lingua inicial	0,6283
9	Sexo	0,6399333333

Tabela 68: Influencia das variábeis sociolóxicas na valoración do impacto real do uso do galego na rede na competencia lingüística

Podemos observar que ningún dos valores medios é inferior a 0,05, mais a lingua habitual, a competencia lingüística e o colectivo mantéñense nos primeiros postos, aínda que neste caso a lingua inicial descende ao penúltimo posto.

4.7. Comentarios

A última pregunta do cuestionario permitía que as persoas informantes inclúsen os comentarios que consideraren oportunos (“Para rematar, se tes algunha observación, suxestión, comentario ou reflexión, pódela facer aquí ;”). Só 131 das 428 persoas informantes responderon esta cuestión (30,6%). Como no caso doutras cuestións abertas, decatámonos de que era posíbel realizar unha clasificación temática non excluín-te das respostas recibidas (unha resposta pode conter máis dun tema). Como acontecía ao analizarmos as experiencias descritas polas persoas informantes con respecto á repercusión do uso do galego na rede na competencia lingüística, a clasificación temática é complexa e pode diverxer en función de quen a realice. Máis unha vez, pódese examinar a clasificación na base de datos que se inclúe como anexo a este arquivo. Velaquí os temas detectados:

- **Galego e TIC:** respostas que reflexionan sobre a situación do galego nas TIC de xeito xeral. Exemplo: “A presenza da nosa lingua na Internet enriquece e fai máis resistente aínda a arañeira” (67).
- **Descrición da situación negativa do galego:** respostas en que se fai referencia á situación negativa do galego, de xeito xeral ou no eido concreto das TIC. Exemplo: “O galego está a piques de desaparecer, dende as institucións nons e potencia o seu uso, é máis estase a solapar coa introdución doutras linguas e a imposición do castelán-” (1).
- **Necesidade de promover o galego:** respostas en que se fai referencia á necesidade de potenciar o galego. Exemplo: “Bótase de menos unha maior

valorización do idioma. O goberno autonómico ten obriga de potenciar a nosa lingua, en tódolos contextos sociais” (28).

- **Descrición do comportamento lingüístico:** respostas en que as persoas informantes describen o seu propio comportamento lingüístico. Exemplo: “Pois gústame falar bastante galego na clase, non é a lingua que sempre uso pero a verdade, gustaríame poder falar un pouco máis xa que síntome moi orgullosa de ser galega, pero xúntome con xente que apenas sabe falar en galego, pero cos meus abos e coa miña familia sempre a fago, e a verdade que aprendo moito.” (272).
- **Expresión de prexuízos:** respostas en que se expresan prexuízos sobre o galego. Exemplo “Internet e algo global, a non ser que sexa nunha páxina nacional como periodicos ou diarios deportivos, nen sequera é significativo o uso do castelán en Internet.O INGLÉS E A LINGUA DA REDE” (336).
- **Comentarios sobre a enquisa:** respostas que fan referencia á enquisa e aos seus obxectivos. Exemplo: “Paréceme interesante o estudio que estás a facer.” (7).
- **Interese polos resultados:** respostas en que se pide que se comuniquen os resultados do estudo unha vez rematado. Exemplo: “Que cando teñas cuantificadas as respostas comuniquen os resultados, polo menos aos que colaboramos contigo. Saúde e república xa!” (113).
- **Mensaxes de ánimo e agradecemento:** respostas en que se agradece a temática tratada na enquisa e/ou nas que se anima para o desenvolvemento do traballo. Exemplos: “Grazas pela tua preocupação do uso da nossa língua” (366) ou “Sorte na túa tese!” (215).
- **Outros:** repostas de diverso tipo que non encaixan nas temáticas anteriores. Exemplos: “Non” (127) ou “; ;)” (183).




Gráfico 287: Temas tratados polas persoas informantes na cuestión aberta final da enquisa

Como podemos observar, unha cuarta parte das 131 persoas que responderon esta cuestión fixeron referencia á necesidade de promover o galego, mentres que un 18,80% describiron a situación do galego como negativa. Un 18,05% reflexionaron sobre a situación do galego nas TIC, un 12,03% realizaron comentarios sobre o cuestionario e un 12,03% empregaron esta cuestión para enviar mensaxes de agradecemento e ánimo na realización do presente traballo. Describiron o seu comportamento lingüístico un 8,27% das persoas, a mesma porcentaxe de informantes que expresaron prexuízos lingüísticos, mentres que un 3,76% amosou o seu interese por recibir os resultados da investigación. Finalmente, un 15,79% das respostas non se pode incluír en ningunha das temáticas anteriores.

O obxectivo desta epígrafe é realizar só un breve achegamento ás observacións realizadas polas persoas informantes, mais pódense consultar todas as mensaxes na base de datos de respostas ao cuestionario que se inclúe como arquivo anexo dentro deste propio documento .pdf.

4.8. Recapitulación

No gráfico 288 podemos observar un resumo dos datos que viñemos analizando até o momento. Nel representáanse os valores p medios que indicamos en cada unha das recapitulacións para cada unha das variábeis sociolóxicas: o punto central representa un valor p 1 e os puntos máis exteriores os valores p 0. Cada unha das liñas intermedias divide o espazo entre os dous valores en fragmentos de 0,05. Por outra banda, representábase cada unha das áreas estudadas na orde en que se realizou a análise orde antihoraria desde a percepción cuantitativa. Así, canto máis exterior sexa o punto que representa unha determinada variábel sociolóxica (isto é, canto máis próximo a 0) para

unha determinada área de estudo, maior é a influencia que esa variábel sociolóxica ten nas respostas achegadas nesa área. Por exemplo, o tipo de centro é importante á hora de explicar as respostas relacionadas coa necesidade de promover o galego, as relacionadas co uso cuantitativo e, en menor medida, as relacionadas co uso cualitativo; mentres que o sexo é unha variábel moi pouco explicativa en todos os casos, pois os puntos están, en xeral, afastados de 0.




Gráfico 288: Resumo dos datos obtidos a través da enquisa

Aínda que este gráfico permite que teñamos unha perspectiva xeral, non nos permite observar nunha primeira ollada cales son as variábeis que máis explicativas e as que menos. Para resolvermos isto obtivemos a media de medias dos valores p para cada variábel sociolóxica tendo en conta as doce áreas estudadas. Unha vez feito isto obtivemos os seguintes valores:

	Variábel	Media de valores p
1	Competencia lingüística	0,0922718412
2	Lingua habitual	0,0989330856
3	Colectivo	0,1057185153
4	Lingua inicial	0,2310448009
5	Tipo de centro	0,2855538837
6	Frecuencia de uso das TIC	0,3066404231

	Variábel	Media de valores <i>p</i>
1	Competencia lingüística	0,0922718412
7	Localización do centro	0,3258154997
8	Nivel TIC	0,4093071216
9	Sexo	0,4542653763

Tabela 69: Influencia das variábeis sociolóxicas (media de medias)

Como se pode observar, a variábel máis explicativa é a competencia lingüística, seguida da lingua habitual, do colectivo, da lingua inicial e do tipo de centro. Entre as menos explicativas sitúanse o sexo, o nivel de persoa usuaria das TIC e a frecuencia de uso das TIC. Cómpre lembrarmos que estamos a simplificar moito os datos, e que isto non quere dicir que, como vimos, variábeis que se sitúan nos últimos postos da tabela, poidan ser explicativas en situacións máis concretas. En calquera caso, si detectamos de xeito sistemático que as respostas máis favorábeis para o galego son as que achegan as persoas que declaran ter unha maior competencia lingüística, as que teñen o galego como lingua habitual, as que pertencen ao profesorado, as que teñen o galego como lingua inicial e, en menor medida, as que proceden de centros públicos. Como xa vimos ao describirmos a mostra (*vid.* §4.3) existe unha asociación importante entre as persoas que teñen o galego como lingua inicial e as que o teñen como lingua habitual mais, para alén disto, detectamos tamén que existe unha asociación entre a competencia lingüística, o uso do galego como lingua habitual e a idade, como se pode observar na seguinte tabela:

	Idade		Lingua habitual		Entender		Ler		Falar		Escribir		C. xeral	
	Corr.	<i>p</i>	Corr.	<i>p</i>	Corr.	<i>p</i>	Corr.	<i>p</i>	Corr.	<i>p</i>	Corr.	<i>p</i>	Corr.	<i>p</i>
Idade			0.3441 318	2.576e- 13	0.25309 96	1.111e -07	0.2675 276	1.896e- 08	0.1521 699	0.0015 92	0.0985 8186	0.0415	0.1542 099	0.0013 74
LH	0.3441 318	2.576e- 13			0.26486 98	2.748e -08	0.3080 555	7.724e- 11	0.5037 515	< 2.2e- 16	0.4493 923	< 2.2e- 16	0.4763 818	< 2.2e- 16
Ent.	0.2530 996	1.111e- 07	0.2648 698	2.748e- 08			0.7919 599	< 2.2e- 16	0.5857 783	< 2.2e- 16	0.5806 211	< 2.2e- 16	0.6581 607	< 2.2e- 16
Ler	0.2675 276	1.896e- 08	0.3080 555	7.724e- 11	0.79195 99	< 2.2e- 16			0.6246 91	< 2.2e- 16	0.6306 357	< 2.2e- 16	0.7076 963	< 2.2e- 16
Falar	0.1521 699	0.0015 92	0.5037 515	< 2.2e- 16	0.58577 83	< 2.2e- 16	0.6246 91	< 2.2e- 16			0.7304 844	< 2.2e- 16	0.8453 752	< 2.2e- 16
Escr.	0.0985 8186	0.0415	0.4493 923	< 2.2e- 16	0.58062 11	< 2.2e- 16	0.6306 357	< 2.2e- 16	0.7304 844	< 2.2e- 16			0.8281 053	< 2.2e- 16
Xeral	0.1542 099	0.0013 74	0.4763 818	< 2.2e- 16	0.65816 07	< 2.2e- 16	0.7076 963	< 2.2e- 16	0.8453 752	< 2.2e- 16	0.8281 053	< 2.2e- 16		

Tabela 70: Relacións entre a idade, a lingua habitual e a competencia lingüística declarada (coeficientes de correlación de Pearson)

Tendo en conta todos estes datos, podemos afirmar que as catro variábeis máis explicativas están fortemente relacionadas entre elas de xeito positivo. O feito de que unha maior presenza do galego como lingua inicial implique tamén unha maior presenza do galego como lingua habitual e unha maior competencia lingüística parece un dato lóxico. Con todo, tamén cómpre chamarmos a atención sobre o feito de que canto máis alta é a idade das persoas informantes, maior é a súa declaración do galego como lingua habitual, un dato que non fai máis ca confirmar o que estudos máis amplos levan décadas sinalando: as persoas máis novas (neste caso as pertencentes ao estudantado) están deixando de empregar o galego. Máis preocupante é aínda que canto maior é a idade maior é a competencia lingüística declarada é viceversa. Se ben é certo que as persoas pertencentes ao estudantado poden atoparse aínda en proceso de adquirir unha boa competencia lingüística (especialmente no referente á escrita), non parece lóxico que as xeracións máis novas, que recibiron durante toda a súa vida aulas de lingua e literatura galegas, declaren ter unha menor competencia lingüística ca as máis vellas (que non sempre recibiron a formación suficiente para garantir unha boa competencia). Consideramos que debemos interpretar isto coma un indicio de que o sistema educativo galego non está a garantir, como é a súa obriga legal, que as persoas acaden unha competencia lingüística suficiente na lingua propia. Isto coincide co sinalado xa por outros estudos, en que se detectou que non se garantía a adquisición dunha boa competencia lingüística no ensino (*vid.* §1.3), e, desde o noso punto de vista, é un dato sumamente alarmante. Se as persoas de menos idade consideran que a súa competencia lingüística en galego non é boa, mesmo aínda que teñan unhas boas actitudes cara á lingua, a inseguridade lingüística fará que as probabilidades de que convertan o galego na súa lingua habitual sexan moi baixas. Este déficit do sistema educativo que, insistimos, implica o incumprimento das regulacións vixentes, non fai máis ca reforzar o proceso de substitución lingüística. Por esta razón, consideramos que unha das mensaxes máis importantes que nos transmite a análise dos datos desta enquisa é que a Xunta de Galicia ten a obriga de tomar medidas urxentes que garantan que o estudantado acabe o ensino obrigatorio cunha competencia lingüística adecuada. O goberno galego ten as competencias suficientes como para atallar esta importante deficiencia do sistema educativo, e ten a obriga de levar a cabo todas as medidas necesarias para que ningunha persoa que remate os estudos obrigatorios se sinta

insegura con respecto á súa competencia lingüística en galego. Consideramos que, á vista dos datos, é de gran urxencia unha actuación deste tipo que, deseñada e planificada adecuadamente, podería poñer o freo ao proceso de substitución lingüística. Neste sentido, o goberno galego tamén ten a obriga de actuar para que os centros privados cumpran coa legalidade en materia lingüística. Aínda que na clasificación xeral se atopa no medio da tabela, comprobamos que, naqueles casos en que esta variábel era explicativa, os centros públicos son contextos máis favorábeis ao galego ca os privados (como tamén vimos na análise dos blogues no capítulo anterior, *vid.* §3.6.1). Neste sentido, consideramos que a Xunta de Galicia debe intervir para que os centros privados (moitos deles concertados e, por tanto, financiados con diñeiro público) sexan un contexto tan favorábel para o galego coma os públicos.

Capítulo 5. Conclusiones

Índice detallado do capítulo

Capítulo 5. Conclusións.....	595
5.1.O galego nas TIC no ámbito educativo: conclusións xerais.....	599
5.1.1. Os puntos fracos.....	600
5.1.2. A necesidade dun mellor coñecemento da realidade sociolingüística dos centros.....	606
5.1.3. Traballar só en normalización lingüística?.....	611
5.2.Liñas de traballo abertas.....	615

5.1. O galego nas TIC no ámbito educativo: conclusións xerais

O presente traballo permitiunos realizar un primeiro achegamento á relación entre as linguas dominadas e as TIC, centrado no ámbito galego e, dentro del, no eido educativo. As principais conclusións que, de xeito esquemático, podemos tirar do noso traballo son as seguintes:

1. A estrutura distribuída de Internet (*vid.* §2.2.1.1.1.1) está ameazada por parte dunha estrutura de poder descentralizada que se resiste a cambiar (*vid.* §2.3.4), pois a rede estase a reducir a un número limitado de núcleos que controlan todo o que facemos a través dela (Google, Facebook, Twitter etc) e a súa neutralidade non está garantida (*vid.* §2.3.3.1.2). Da (non) conservación da estrutura distribuída de Internet derivan múltiples consecuencias en todos os ámbitos da nosa vida, tamén no lingüístico. Neste sentido, unha rede distribuída supón unha oportunidade para as persoas falantes de linguas dominadas, mentres que unha rede descentralizada fai que sexa máis complicado derrubar a dicotomía dominada vs. dominante (*vid.* Capítulo 2).
2. Os blogs empregados como ferramenta didáctica no ensino secundario galego empregan maioritariamente o galego, mais detectamos algunhas variábeis non lingüísticas que condicionan os usos lingüísticos e que reflicten a non normalidade do galego no ámbito educativo. Así, o uso do galego está asociado a centros públicos, a blogs elaborados con CMS libres, á identificación coa etiqueta *blogue*, a determinadas temáticas e a centros situados en concellos con poucos habitantes (*vid.* Capítulo 3).
3. As persoas que teñen o galego como lingua inicial e/ou habitual, as que declaran unha competencia lingüística máis alta, as que estudan ou traballan en centros públicos, as que proceden de centros situados nos concellos de menos habitantes e as que pertencen ao colectivo do profesorado son as máis favorábeis ao galego na rede, por usáreno e por consideraren que son necesarias medidas para o protexer (*vid.* Capítulo 4).

A seguir, imos debullar os puntos febles do galego nas TIC no ámbito educativo a que se refiren os puntos 2 e 3 (*vid.* §5.1.1), para propoñermos despois dúas liñas de traballo que nos axuden a os atallar: coñecermos mellor a realidade sociolingüística dos centros (*vid.* §5.1.2) para, a partir dese coñecemento, deseñar estratexias que non só teñan en conta a normalización lingüística, senón tamén outras causas xustas (*vid.* §5.1.3).

5.1.1. Os puntos fracos

Como xa indicamos noutras ocasións, consideramos que os datos incluídos na nosa base de datos de blogues e na enquisa realizada á comunidade educativa son consistentes, pois naqueles casos en que son comparábeis con estudos de maior envergadura, coma o MSG ou os datos achegados polo IGE, reflicten as mesmas tendencias: relación inversa entre o número de habitantes e o a presenza do galego como lingua inicial e habitual, menor presenza do galego nos falantes de menor idade e altas competencias lingüísticas (autopercibidas). Se nos detemos no referente á mostra de blogues, podemos comprobar que o uso xeral do galego é alto, pois é a lingua máis usada nos blogues didácticos do ensino secundario galego. Con todo, observamos a existencia dalgúns relacións importantes entre os usos lingüísticos e as variábeis non lingüísticas: o uso do galego está asociado aos centros públicos, aos CMS libres, a determinadas temáticas, á identificación dos blogues coa forma *blogue* -fronte a outras alternativas coma *blog* ou (*caderno de*) *bitácora*-, a unha baixa visibilidade dos blogues (*vid.* §3.6.5) e, como xa indicamos, aos hábitats menos poboados. No caso da enquisa realizada á comunidade educativa, podemos comprobar que o uso e as actitudes cara ao galego están condicionadas, principalmente, por variábeis coma a competencia lingüística, a lingua habitual, o colectivo (alumnado ou profesorado) a lingua inicial, o tipo de centro, a frecuencia de uso das TIC e a localización do centro.

Da análise dos nosos datos obtivemos importante información sobre os puntos fracos canto ao uso e actitudes cara ao galego, información que debería ser tida en conta á hora de elaborar políticas de normalización lingüística. En primeiro lugar, os datos extraídos da **base de datos de blogues** e da **enquisa** apuntan na mesma dirección canto aos **tipos de centro**: a presenza do galego nos centros públicos é maior ca nos privados, ao tempo que tamén existe unha maior sensibilidade nos centros públicos cara á necesidade de promover o galego na rede. Así as cousas, consideramos que, aínda que é posíbel que

esta variábel tamén estea interferida en parte polo hábitat (a maioría dos centros privados atópanse nos lugares máis habitados, onde a presenza do galego é menor), cómpre que a administración tome medidas urxentes para que se garanta a normalización lingüística do galego tamén nos centros privados e concertados. Non debemos esquecer que unha parte dos centros non públicos son concertados, isto é, reciben diñeiro público, un feito que fai aínda máis grave o baixo uso do galego e as actitudes máis negativas que detectamos nos centros que non son de titularidade pública. Estamos, por tanto, perante empresas privadas, sostidas en boa parte con fondos públicos, en que parece moi probábel que non se estea a cumprir a lexislación existente en materia de normalización lingüística.

En segundo lugar, nas dúas análises realizadas corrobóramos o xa apuntado por numerosos traballos anteriores no referente ao **hábitat**: o uso do galego é máis alto nos concellos menos habitados, mais non só iso, senón que canto menor é o número de habitantes maior é o número de persoas que consideran que son necesarias medidas de promoción do galego na rede, e viceversa.

Nas variábeis non coincidentes puidemos comprobar, no referente aos **blogues**, a importancia do tipo de CMS empregado, pois o galego emprégase máis cando o CMS é libre. Consideramos que este dato é unha proba máis de que o **software libre** (vid. §2.3.3.3) é socialmente máis xusto ca o privativo, tamén no referente ás linguas. Neste sentido consideramos que é indispensable que a administración promova o uso real do software libre, dentro e fóra dela, pois, para alén de ser socialmente máis xusto, o seu uso supón un importante aforro económico. Desde o noso punto de vista, os pequenos esforzos realizados até agora pola administración neste sentido son insuficientes e parecen só destinados a dar a falsa impresión de que se promove o software libre, pois o software privativo é aínda a norma nas administracións públicas, cando debería cingirse a casos moi concretos e moi xustificados. Naqueles casos en que exista software privativo que desempeñe as tarefas que necesita a administración e non exista software libre que o poida substituír, consideramos que, sempre que sexa posíbel, é preferíbel que se invista diñeiro en desenvolver software (libre) propio e non en mercar licenzas. Como exemplo da baixa implantación do software libre, no caso concreto da administración autonómica galega, podemos citar que Xunta de Galicia aínda segue a esixir a compatibilidade co sistema operativo privativo Microsoft Windows nos

concursos que convoca para comprar computadores (Lombao, 2016/05/08), un feito que consideramos inadmisíbel, non só polo negativo que é o modelo do software privativo desde o punto de vista da normalización lingüística (*vid.* §2.3.3.3.1), senón porque tamén se está a privilexiar unha empresa privada concreta nun concurso público e, ademais, implica realizar un gran desembolso en licenzas que se podería evitar, algo especialmente grave en tempos de duros recortes sociais. A todo iso cómpre sumarlle o perigo de que as administracións públicas funcionen con software privativo, cuxo código non coñecen, polo que non poden saber con seguridade o que as empresas propietarias do software fan cos datos que se manexan a través del (Pardo, 2013/12/15). Consideramos, por tanto, que é necesario e urxente que as administracións públicas adopten o software libre coma a opción por defecto, por ser a que máis beneficios achega a todos os niveis, e que, como xa indicamos, o uso de software privativo (especialmente se implica o pagamento dunha licenza) debe estar moi xustificado.

No referente ás **temáticas**, consideramos que os datos que achega a nosa base de datos de blogues reflicten certa influencia do *Decreto 79/2010*. Se lembramos, este decreto prohibe explicitamente o uso do galego como lingua vehicular nas materias de matemáticas, física e química e tecnoloxías na ESO, mentres que prescribe o uso do galego en ciencias sociais, ciencias da natureza e bioloxía e xeoloxía, tamén na ESO. Aínda que a nosa mostra mestura blogues da ESO e blogues de bacharelato (en moitas ocasións é imposíbel realizar esta división) constatamos que física e química e tecnoloxía e informática son temáticas en que predomina o uso do español nos blogues, aínda que tamén é certo que nos blogues de matemáticas aínda é o galego a lingua maioritaria. Constatamos que o galego é a lingua maioritaria dos blogues de ciencias sociais, xeografía e historia e ciencias naturais, cumprindo así co indicado no *Decreto 79/2010* para a ESO. Podemos sinalar, por tanto, que aínda que os efectos do decreto son moi negativos, podería existir certa resistencia á súa implantación, unha resistencia que consideramos máis que xustificada se atendemos ao disposto noutros textos legais vixentes (*Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística* ou *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*). En calquera caso, consideramos que é inadmisíbel, nunha situación tan negativa coma a do galego, a prohibición de impartir materias en galego no ensino secundario, especialmente ao se tratar de materias de tipo científico, un ámbito do que o galego estivo tradicionalmente apartado. Este decreto

debe ser mudado canto antes por outro que garanta o cumprimento da *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística*, da *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias* e do PXNLG.

No referente á **terminoloxía** empregada para a designación dos blogues, observamos que a forma *blogue* está claramente asociada ao uso do galego. Como xa indicamos, tendo en conta isto e a especial incidencia da forma *blogue* en Galiza de xeito xeral, cumpriría que a *Real Academia Galega* revisase a introdución deste concepto unicamente baixo as formas *blog* e *bitácora* no seu dicionario, pois consideramos que, por se tratar dunha adaptación fonética dun estranxeirismo ao sistema fonolóxico galego e pola súa alta incidencia en Galiza, a forma *blogue* tamén debería estar recollida no dicionario.

No referente á **visibilidade** dos blogues, trátase dun dato ambivalente xa que, aínda que as asociacións son importantes, tamén son contraditorias: mentres que os blogues co título e co contido automático en galego son menos visíbeis, os blogues coas publicacións en galego son máis visíbeis ca os que teñen publicacións noutras linguas. Tendo en conta esta contradición, consideramos que é arriscado tirar conclusións claras sobre estes datos.

Centrándonos xa nos datos que nos achegou a **enquisa** realizada á comunidade educativa galega, cómpre destacar a forte asociación entre a presenza do galego como **lingua inicial** e como **lingua habitual**, así como a asociación do galego como lingua habitual a unha alta autovaloración da **competencia lingüística**. Os datos destas tres variábeis van na mesma dirección: canto máis alta é a competencia lingüística declarada, maior é o número de persoas que declaran que é necesario promover o galego na rede e que consideran en maior medida que os axentes propostos deberían promover o galego na rede, ao tempo que é maior o uso cuantitativo e a calidade de lingua declaradas. As persoas que indican ter unha competencia lingüística máis alta son as que aducen como razón para non usar o galego a máis xustificada, a comunicación (isto é, que a persoa interlocutora non as entenda), ao tempo que son as que declaran en maior medida usaren sempre o galego. Cando se lles pregunta polo impacto hipotético do uso do galego na rede na súa competencia lingüística, declaran que xa teñen unha boa competencia lingüística. Esta variábel, a competencia lingüística, é a máis explicativa en relación aos datos da nosa enquisa, seguida en segundo lugar pola lingua habitual. As

persoas que teñen o galego como **lingua habitual** consideran que se debe promover máis o galego na rede e que os axentes propostos deberían realizar un esforzo maior de promoción (agás no caso das persoas usuarias), ao tempo que declaran unha maior frecuencia de uso e consideran que a súa calidade de lingua é maior, así como que xa teñen unha boa competencia lingüística cando se lles pregunta polo impacto hipotético do uso do galego na rede na competencia. A **lingua inicial** é a cuarta variábel máis explicativa, despois do colectivo, que trataremos a seguir. As persoas que teñen o galego como lingua inicial declaran en maior medida que se debe promover o galego na rede que as que teñen outras linguas iniciais, que usan máis o galego e que a súa calidade lingüística é máis alta. Así as cousas, constatamos non só unha importante relación entre lingua inicial, lingua habitual e competencia lingüística, senón que as persoas co galego como lingua inicial e habitual e que consideran ter unha alta competencia lingüística en galego teñen actitudes máis positivas cara á lingua. Desde o noso punto de vista estes datos sinalan que é necesario traballar para que o alumnado saia do ensino obrigatorio cunha competencia lingüística en galego, cando menos, equiparábel á que acadada en español, algo que consideramos que non está a suceder e que supón incumprir a lexislación vixente (até o propio *Decreto 79/2010* recolle que o alumnado debe acadar unha boa competencia lingüística en galego). Aínda que é certo que os datos que obtivemos sobre a competencia lingüística non son especialmente negativos, como tampouco o son os revelados por outros estudos coma o MSG ou os datos do IGE, que reflicten unha evolución positiva, especialmente na capacidade para ler e escribir, non debemos esquecer que se trata da competencia lingüística declarada. En ningún caso, nin no noso traballo nin no MSG ou no IGE, existe unha avaliación obxectiva da competencia lingüística por parte de profesionais cualificados. Isto supón unha importante eiva canto á fiabilidade dos datos, xa que a valoración subxectiva da competencia lingüística por parte das persoas falantes pode distar moito da realidade. Na actualidade o modelo de prestixio do galego é un modelo hibridizado, designado por algúns autores coma *neogalego urbano* (Monteagudo, 2005: 424) e caracterizado por unha sintaxe e unha fonética converxente co español (incorrecta colocación de pronomes átonos, non distinción das vogais medias etc.) (Freixeiro, 2014, cf. Vázquez, 2015). Este modelo pode facer que as persoas que se identifiquen con el, que claramente teñen unha baixa competencia lingüística, consideren que a súa competencia é alta,

mentres que outras persoas que se senten afastadas del, como poden ser as falantes tradicionais, consideren que a súa competencia é moi baixa, cando é habitual que estas falantes presenten unha moi boa calidade de lingua nos planos sintáctico e fónico, aínda que non tanto no léxico, debido á penetración de numerosos castelanismos. Consideramos que a valoración da competencia lingüística é algo complexo, mesmo cando a realizan persoas profesionais, polo que os datos achegados polas propias persoas falantes deben ser tomados con moita cautela. Neste sentido, cremos que son necesarios estudos sobre a competencia lingüística que empreguen metodoloxías diferentes á da autovaloración e que se baseen na avaliación por parte de profesionais da lingua. En calquera caso, unha boa competencia lingüística é indispensábel para o uso da lingua, polo que consideramos que, dada a negativa situación actual, é moi urxente que o ensino garanta unha alta competencia lingüística en galego, coa finalidade de que a cidadanía teña realmente a liberdade para elixir cal quere que sexa a súa lingua habitual.

No referente ao **colectivo**, observamos datos moi preocupantes, pois o estudantado, isto é, o colectivo de menor idade, considera que a necesidade de promover o galego na rede é menor do que sinala o profesorado, ao tempo que indica que os axentes propostos deberían promover o uso do galego na rede en menor medida ca o profesorado. Tamén é o estudantado o que declara un menor uso do galego na rede e unha menor calidade da lingua que emprega na rede. Consideramos que este último dato, aínda sendo negativo, debe interpretarse tamén tendo en conta que o estudantado aínda está en fase de adquisición dunha boa competencia lingüística. En calquera caso, estes datos son un indicador moi negativo para o futuro do galego: non só reflicten que as persoas máis novas usan menos o galego ca as de máis idade, senón que tamén indican que teñen unha actitude máis negativa cara á súa protección.

Finalmente, no referente á **frecuencia de uso das TIC**, detectamos que unha maior frecuencia de uso está relacionada cunha maior valoración da calidade da lingua empregada.

Amosamos nas tabelas 71 e 72 un resumo esquemático das principais variábeis asociadas ao uso do galego nos blogues e das principais variábeis asociadas ás respostas achegadas polas persoas informantes participantes na enquisa, respectivamente:

Tipo de centro	Tipo de CMS	Temáticas	Terminoloxía	Visibilidade	Habitantes
Públicos	Libre	Novas Lingua e Literatura Galegas Normalización lingüística Actividades extraescolares (xenérico) Miscelánea Ciencias Naturais Ciencias Sociais (xenérico) Lectura e bibliotecas Filosofía e Ética ANPA Blogue do centro Xeografía e Historia Proxectos Matemáticas Linguas e culturas clásicas	blogue	- (título e contido automático) + (publicacións)	-

Tabela 71: Principais variábeis asociadas ao uso do galego nos blogues da mostra

		Comp.	Lingua habitual	Colectivo	Lingua inicial	Tipo de centro	Frecuencia de uso das TIC	Habitantes
Promoción	necesidade	+	+ galego	- estudiantado	+ galego	+ públicos		-
	deberían promover	+	+ galego (agás persoas usuarias)	- estudiantado				
Uso	cuantitativo	+	+ galego	- estudiantado	+ galego	+ públicos		-
	cualitativo	+	+ galego	- estudiantado	+ galego		+ frecuencia	
	Linguas							
	Razóns non uso	+ comunicación e galego sempre						
	Impacto [H]	+ xa teño	+ xa teño					

Tabela 72: Principais variábeis asociadas ás respostas achegadas polas persoas informantes participantes na enquisa

5.1.2. A necesidade dun mellor coñecemento da realidade sociolingüística dos centros

Os datos analizados revelan algúns puntos fracos en que as políticas de normalización lingüística deberían incidir de xeito urxente: os centros de ensino secundario privados, as cidades e as vilas de maior tamaño, a discriminación temática no uso do galego no ensino, a competencia lingüística da cidadanía e os colectivos de menor idade, para alén de que debería promover o uso de software libre. Consideramos que algúns destes datos

son sobradamente coñecidos desde hai décadas e que as políticas de normalización lingüística non souberon atallar estes puntos fracos, así como que tampouco existiu vontade de mudar as estratexias cando se comprobou que non estaban a funcionar. Desde o noso punto de vista é urxente unha mudanza nas políticas de normalización lingüística: cómpre mellorarmos o coñecemento da realidade a que nos enfrentamos (como indicamos no referente á competencia lingüística) para poder actuar sobre ela e mudar as estratexias cando non funcionan, pois seguir a facer o mesmo cando non funciona é sinal dunha nula vontade normalizadora (cf. Lombao, 2016/07/15).

Perante esta situación, consideramos que, no ámbito concreto que nos ocupa, o ensino secundario, cómpre mellorar o coñecemento sobre a situación da lingua, xa que é probábel que existan máis variábeis ca as comentadas que estean a influír nela e, a partir dun mellor coñecemento da situación de cada centro concreto, aplicar propostas concretas. Para termos un mellor coñecemento da situación do galego en cada centro podemos botar man dos datos existentes e empregar (e, de ser o caso, adaptar) as súas metodoloxías (por exemplo, as do MSG ou as do IGE) para obter datos máis fiábeis e actualizados. Con todo, tamén é posíbel ampliar este coñecemento da realidade sociolingüística mediante outro tipo de análises menos tradicionais, como pode ser a análise da **paisaxe lingüística** das localidades en que se atopan os centros e dos propios centros. Este tipo de traballos analizan os usos lingüísticos que se dan no espazo público, distinguindo xeralmente entre paisaxe lingüística pública (institucións públicas) e privada (cidadanía e empresas). No ámbito galego son moi recentes os traballos destas características, mais xa podemos atopar algúns cuxas conclusións van sempre na mesma dirección: a paisaxe lingüística galega reflicte a situación de diglosia entre galego e español (cf. Dunlevy, 2013; Kakihara, 2013; López, 2011; Mosquera & Wellings, 2014; Rigueira & López & Docampo & Wellings, 2013; Rodríguez & Ramallo, 2015; Wellings, 2013). Consideramos que este tipo de aproximacións, que obteñen datos sobre o uso real da lingua, e non sobre o declarado, son de grande importancia para coñecermos a situación sociolingüística real⁹⁸. Para alén disto, é moi importante a

98 Neste sentido podería ser de interese empregar recursos xa dispoñíbeis para reducir a carga de traballo que supón a recolla de datos. Estamos a pensar, por exemplo, no uso das fotografías de *Google Street View* para obter os textos cos que analizar a paisaxe lingüística da rúa. Para alén disto, *Street View* ten a vantaxe de nos permitir realizar comparacións entre diferentes momentos, xa que Google actualiza periodicamente as fotografías e permite elixir que momento temporal, dos

intervención na paisaxe lingüística, xa que canto maior é a presenza dunha lingua na paisaxe lingüística, maior é o seu uso (Mosquera & Wellings, 2014).

Por outra banda, o contexto educativo é un contexto ideal para a avaliación da **competencia lingüística** do alumnado. É certo que isto é algo que se debería tratar xa na materia de lingua e literatura galegas, mais tamén é certo que o alumnado non sae do ensino obrigatorio cunha competencia lingüística en galego equiparábel á que acadada en español, polo que o ensino está a perpetuar a situación diglósica, como sinala o propio PXNLG (2005: 80). Consideramos que podería ser de utilidade empregar unhas probas estandarizadas, e elaboradas colaborativamente entre persoas profesionais da lingua, para medir de xeito fiable a competencia lingüística do alumnado nas catro destrezas básicas, unhas probas que seguramente revelarían diferenzas importantes entre o estudantado do hábitat rural e do hábitat urbano e, por tanto, diferentes puntos fracos en que incidir en cada un deles (cf. Chamorro, 2013). Cumpriría tamén medir a evolución da competencia lingüística ao longo das diferentes etapas do ensino. Neste sentido poderían ser de axuda, para o ámbito concreto da capacidade para escribir, ferramentas coma o software Avalingua, que está a desenvolver a empresa Cilenis. Con todo, estas probas deben ter en conta todos os niveis da lingua nas catro destrezas básicas (entender, ler, falar e escribir). Consideramos que a avaliación e a intervención contextualizada para a mellora da competencia lingüística son fundamentais para a supervivencia do galego xa que, por unha banda, canto máis alta é a competencia maior é o uso do galego como lingua habitual, como amosaron os nosos datos; e, por outra, o galego está nunha situación de subordinación lingüística en que están a emerxer modelos de lingua de baixa calidade que van na dirección da hibridación coa lingua dominante, algo que non é máis ca o paso previo á substitución lingüística. Neste sentido, concordamos co concepto de lingua de calidade defendido por autores coma Freixeiro Mato (2014), Sanmartín Rei (2014), Sánchez Rei (2014) ou Moreira Barbeito (2012). Cómpre puntualizarmos que o concepto de lingua de calidade non debe

dispoñíbeis, queremos ver (Street View). Con todo, cómpre termos en conta que a licenza *Google Street View* non é libre, senón que se trata dunha información que se publica cunha licenza privativa. No momento de escribir estas liñas anunciouse o lanzamento de *OpenStreetView*, un proxecto semellante a *Google Street View*, mais libre e colaborativo e asociado a *OpenStreetMaps* (mvexel, 2016/08/15).

identificarse co de purismo (depuración de estranxeirismos) nas linguas dominadas, senón coa depuración das interferencias da lingua dominante e coa procura da autenticidade lingüística. Neste sentido é necesario ter en conta que se debe enfocar o problema de xeito diferente segundo o tipo de falante. No caso das persoas falantes tradicionais cumprirá incidir, fundamentalmente, na depuración dos castelanismos léxicos para que a súa lingua poida servir de modelo ás persoas neofalantes, que presentan unha oralidade e unha morfosintaxe, en xeral, moi deficientes. A existencia de persoas neofalantes é un indicador positivo sobre a vitalidade da lingua. Con todo, no caso galego é un grupo que presenta unha competencia lingüística deficiente, algo que é normal durante o proceso de aprendizaxe dunha nova lingua, mais que cobra especial importancia por se estar a converter ese modelo de lingua, empregado por numerosos persoeiros públicos, no modelo de prestixio (Freixeiro, 2014). Por todo isto consideramos que é fundamental avaliar de xeito fiable a competencia lingüística, para intervir sobre os diferentes puntos fracos que pode presentar o alumnado e garantir que remate o ensino secundario cunha competencia lingüística equiparábel á que adquire en español.

En terceiro lugar, consideramos que é necesario avaliar que **software** se emprega nos centros, en que linguas se emprega ese software e se as necesidades dos centros xustifican a presenza de software privativo.

Finalmente, cremos que cómpre analizar que materias se imparten en galego e cales non en cada centro, tendo en conta non só o declarado na documentación dos centros, senón tamén se a práctica real difire ou non do acordado neste sentido. Deste xeito poderase avaliar se existen algunhas **temáticas** das que o galego está ausente e, de ser así, se coinciden con temáticas e que o galego estivo tradicionalmente pouco presente.

Este tipo de datos deberían reflectirse no *Proxecto lingüístico do centro* (“Proxecto lingüístico do centro”) para, en función dos resultados obtidos, deseñar as propostas de actuación. É certo que nalgúns casos recoller todos estes datos require dunha dedicación importante, polo que seguramente sería necesario que a administración achegase máis medios para a elaboración destas avaliacións, mais tamén cómpre ter en conta que o traballo de recollida de datos pode realizarse de xeito colaborativo, implicando así a toda a comunidade educativa na elaboración do *Proxecto lingüístico do centro*.

Proposta de análise da situación sociolingüística	Principais puntos fracos ⁹⁹
1) Estudo da paisaxe lingüística das localidades e dos centros	1 e 2
2) Análise da competencia lingüística real do alumnado	1, 5 e 6
3) Análise do software empregado nos centros	3
4) Análise da lingua de docencia das diferentes materias dentro dos centros	4

Tabela 73: Propostas de análise da situación da lingua galega nos centros de ensino secundario obrigatorio e bacharelato centrada nos puntos fracos detectados no presente traballo (resumo)

Consideramos que, partindo dos datos que acheguen as análises anteriores, deberán desenvolverse diferentes estratexias de intervención. Con todo, cremos que, de xeito xeral, son necesarias políticas globais encamiñadas a garantir que todos centros (públicos, privados ou concertados) acaden un compromiso mínimo coa normalización lingüística. Tamén sería positiva a formación do profesorado (non só de lingua e literatura galegas) para que dispuxese de ferramentas e estratexias de actuación adecuadas para o contexto en que desenvolve a súa actividade. Cómpre, por outra banda, que a administración non só fomente o uso de software libre nos centros, senón que o converta na opción por defecto e que obrigue a xustificar aqueles casos en que se deba usar outro tipo de software. Neste eido a administración tamén ten a obriga de garantir que, sempre que sexa posíbel, os software presente a interface en galego. Por outra banda, quizais cómpre repensar o currículo da materia de lingua e literatura galegas, pois a realidade é que están a saír do sistema educativo persoas que non teñen unha competencia lingüística aceptábel en galego, algo que consideramos inadmisíbel. Finalmente, é necesario deseñar estratexias normalizadoras efectivas dirixidas ao alumnado e, para isto, é imprescindible escoitar cales son os seus intereses (e as súas opinións sobre a lingua) para, a partir de aí, traballar para que o galego estea dispoñíbel nos ámbitos do seu interese. Todas estas liñas de actuación poden activarse desde a propia administración autonómica, que debe mudar urxentemente o xeito de traballar en normalización lingüística. Consideramos que a política lingüística que se desenvolve actualmente só está destinada a xustificar “que se fai algo”, mais non está planificada e parece ignorar o coñecemento que posuímos da realidade sociolingüística galega. Unha

99 1 = tipo de centro, 2 = hábitat, 3 = software, 4 = temáticas, 5 = competencia lingüística, lingua inicial e lingua habitual e 6 = idade.

boa proba disto é o *Decreto 79/2010*, un texto legal que carece de sentido se se persegue a normalización lingüística do galego.

5.1.3. Traballar só en normalización lingüística?

Os datos do noso traballo sinalan a necesidade de que as actuacións en materia de normalización lingüística vaian da man doutro tipo de actuacións encamiñadas a construír unha sociedade máis xusta. Así, consideramos que os datos sobre a relación entre software libre e lingua deben facer que a normalización lingüística vaia da man do fomento non só do software libre, senón tamén do acceso libre ao coñecemento e da promoción dos procesos colaborativos. Neste sentido, cremos que é necesaria unha intervención para garantir a alfabetización dixital do profesorado e do alumnado, que non se pode cinguir á capacidade de manexar minimamente un número limitado de programas, senón que debe garantir un coñecemento básico do funcionamento das tecnoloxías e da súa historia. Consideramos que o exposto no capítulo 2 debería formar parte dese coñecemento mínimo, mais tamén se deberían garantir uns coñecementos técnicos que permitan que o alumnado e o profesorado non sexan só usuarios das tecnoloxías, senón que sexan quen de intervir activamente no seu desenvolvemento, isto é, debemos deixar de crear simples consumidores/as de tecnoloxías. En relación con isto, é moi importante deixar atrás a dicotomía ciencias fronte a letras: definírmonos como “de letras” non debe ser escusa para non adquirirmos unha alfabetización dixital mínima, fundamental na sociedade actual (ao tempo que sermos “de ciencias” non pode servir de pretexto para ignorar completamente os coñecementos humanísticos). Isto é especialmente importante nun momento en que estamos a vivir a transformación dunha rede distribuída, con grandes potencialidades, nunha rede descentralizada. Cómpre ser conscientes do que implica este proceso e da importancia que ten, en todos os niveis da vida, loitarmos para o reverter. Para non crear simples consumidores/as debemos fomentar o pensamento crítico. Nunha sociedade fortemente condicionada pola esterilidade ideolóxica (*vid.* §2.3.3.1.2.1.1.1), pola manipulación a través da publicidade e polo exceso de información, é fundamental que o alumnado adquira a capacidade de identificar informacións nesgadas e falacias argumentativas, así como de discriminar a información importante da secundaria.

